

O ESPAZO EN PRIMEIRO LUGAR. A TEORÍA DO COLAPSO TERRITORIAL EN GALIZA.

Asinado:
Xosé Constenla Vega

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA
PROGRAMA DE DOUTORAMENTO HISTORIA, XEOGRAFÍA E
HISTORIA DA ARTE
FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

SANTIAGO DE COMPOSTELA
2017



AUTORIZACIÓN DO DIRECTOR DA TESE

D. Rubén Camilo Lois González, Profesor do Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela, como Director da Tese de Doutoramento titulada *O espazo en primeiro lugar. A teoría do Colapso Territorial en Galiza*, presentada por D. Xosé Constenla Vega, alumno do Programa de Doutoramento “Historia, Xeografía e Historia da Arte”,

AUTORIZA a presentación da tese indicada, considerando que reúne os requisitos esixidos no artigo 34 do regulamento de Estudos de Doutoramento, e que como Director da mesma non incurre nas causas de abstención establecidas na lei 40/2015.

Asdo. Rubén Camilo Lois González.



ÍNDICE

Introdución	9
1.- O espazo en primeiro lugar: a decantación de ideas e experiencias	15
1.1.- A decantación das ideas.....	15
1.2.- A decantación das experiencias.....	22
1.3.-A síntese dos procesos de decantación.....	24
2.- A xeografía galega en construción somos nós!	31
2.1.- Unha (re)visión da imaxinación xeográfica no contexto da comunidade científica internacional 1950-2005.....	32
2.2.- A posta en valor do espazo desde a periferia.....	56
2.2.1.- A xeografía galega nos 1980: a reacción chegou desde fóra da universidade.....	58
2.2.2.- A xeografía galega en construción: a tentativa interxeracional de “abalar” as estruturas.....	59
2.3.- Síntese do capítulo.....	74
3.- A produción social do espazo: unha interpretación dende a dialéctica economía-cultura	75
3.1.- Unha aproximación natureza do espazo e do tempo: metamorfoses e permanencias.....	77
3.2.- Unha (re)visión periférica e atlántica do desenvolvemento xeográfico desigual.....	84
3.3.- Unha “pequena” economía espacial do capitalismo: monopolio e competencia.....	92
3.4.- A aniquilación do espazo mediante o capital: imperialismo e acumulación por desposesión.....	95
3.5.- A lóxica territorial do sistema-mundo: o enfonque de Giovanni Arrighi.....	108
3.6.- Outras solucións: Edward Soja e a solución socio-espacial.....	112
3.7.- A influencia do xiro cultural na produción social do espazo.....	120
3.8.- Richard Peet: entre a aceptación parcial do posestruturalismo e a crítica ao posmodernismo.....	127
4.- A necesidade dun discurso espacial para as ciencias sociais	131
4.1.- Os esquecementos espaciais da modernidade: unha achega dende o pensamento filosófico.....	132
4.2.- As orixes do esquecemento da espacialidade no marxismo occidental.....	137
4.3.- O xiro cultural e a reinvenção do imaxinario espacial.....	145
4.4.- A visión do materialismo histórico-xeográfico como alternativa.....	150
4.5.- O espazo en primeiro lugar: a emerxencia do Terceiro Espazo.....	156

4.5.1.- O espazo fronte a hexemonía dual na teoría social crítica.....	157
4.5.2.- Xiro espacial e Terceiro Espazo.....	160
4.5.3.- Os perigos do xiro espacial.....	163
5.- O espazo en primeiro lugar. A construción social e histórica do colapso territorial en Galiza.....	169
5.1.- O contexto económico, social e ambiental do Colapso.....	169
5.2.- As orixes sociohistóricas do colapso territorial en Galiza.....	177
5.3.- O conflito territorial en Galiza.....	188
5.4.- A relevancia do proceso histórico da morfoxénese na organización espacial de Galiza: o camiño cara o colapso.....	199
5.4.1.- A xénese: a conformación do réxime de agras.....	205
5.4.2.- A involución: a economía política do rexime de agras (séculos XIV a XX).....	207
5.4.3.- A inestabilidade próxima ao equilibrio: o ciclo involutivo do réxime de agras durante o Antigo Réxime.....	209
5.4.4.- A economía monetarizada fronte ao espazo descapitalizado: crise do Antigo Rexime e transición ao liberalismo.....	212
5.4.5.- O réxime de agras sen a súa economía política (1880-1959).....	215
5.5.- Síntese interpretativa e hipótese inicial do colapso territorial.....	221
5.5.1.- Desconcerto e deriva: evolución recente do modelo territorial e proceso de urbanización do medio rural (1959-2002).....	223
5.5.2.- A urbanización inducida no medio rural galego.....	227
5.5.3.- A natureza do modelo territorial tendencial e as formas do crecemento urbano no medio rural.....	231
5.6.- Complexidade e sustentabilidade: o novo capital espacial.....	236
6.- A teoría do colapso territorial en Galiza.....	251
6.1.- Os síntomas do colapso: X. M. Beiras e os “problemas cardinais” de Galiza.....	251
6.2.- O concepto de colapso e os seus escenarios na Teoría Social Crítica.....	260
6.3.- Os fundamentos da teoría do colapso territorial en Galiza.....	273
6.4.- O colapso territorial e a cuestión urbana en Galiza.....	297
7.- Proxecto urbano e cambio social. Do colapso á recuperación da cidade.....	311
7.1.- Corpos urbanos enfermos: acumulación de capital, patoloxías urbanas e emancipación social.....	311
7.2.- O proxecto urbano de Compostela: o equilibrio dun oficio poliédrico.....	324
7.2.1.- As distintas escalas da xestión política dunha diversidade de identidades.....	326
7.2.2.- A evolución sociohistórica da consolidación urbanística de Compostela (1980-2016).....	347
7.2.3.- O músculo do proxecto urbano en Compostela: a cidade histórica.....	364

7.3.- A necesidade de (re)imaxinar e de (re)facer un proxecto para a cidade.....	387
8.- A emerxencia do espacial ven dende abaixo.....	393
8.1.- A xente, a cidade e os programas políticos: na procura de entendemento.....	393
8.2.- A modo de resumo: espazo, capital e país.....	403
9.- Conclusións.....	413
10.- Bibliografía.....	423





INTRODUCCIÓN

“Tradicionalmente, o coñecemento xeográfico estivera extremadamente fragmentado, orientado a enfatizar en grande medida o que se denominaba «excepcionalidade». Dacordo coa doutrina establecida, o coñecemento adquirido mediante a investigación xeográfica é diferente a calquera outro tipo de coñecemento. Non resulta posíbel establecer xeralizacións ou sistematizalo. Non existen leis xeográficas; non existen principios xerais aos que se poda apelar; o único que se pode facer é saír aí fóra e estudar, poñamos por caso, a zona seca de Sri Lanka, e pasarse toda a vida tratando de comprendela. Quería facer frente a esta concepción da xeografía insistindo na necesidade de comprender o coñecemento xeográfico dun modo algo máis sistemático”. *Reinventar la Geografía. Entrevista con David Harvey* (New Left Review, 2000)

A xeografía, como disciplina académica, a pesar do seu singular decorrer histórico, non sempre foi considerada como unha rama importante no seo das humanidades e das ciencias sociais. Outras, como a historia e a economía, “erixidas como coñecementos socialmente útiles”, foron as que hexemonizaron o universo disciplinar neste contexto. Se cadra a versión máis corolóxica e descritiva da xeografía, aquela que se limitaba a estudar a distribución dos procesos naturais e humanos sobre o espazo, tivo unha importante responsabilidade na construción do “gueto” no que permaneceu esta disciplina durante decenios. Pero se cadra, do mesmo xeito, a incapacidade do resto ciencias por recoñecer o valor científico do espazo como categoría de análise da realidade social, supuxo a súa postergación definitiva a mero soporte material e físico.

Porén o acontecido coa xeografía, non aconteceu -nin acontece- co coñecemento xeográfico. Neste sentido, a información espacial, o saber sobre o territorio, estivo historicamente moi relacionado co poder e co predominio dos distintos tipos de civilización. Na actualidade, a nosa vida cotiá precisa da información xeográfica para se desenvolver, se cadra dun modo diferente que no pasado recente. Pero dalgún xeito, é como se a xeografía non estivese presente nesa necesidade. Case calquera de nós emprega xa con certa soltura o seu “smartphone” para intercambiar a “ubicación” do último restaurante de moda na cidade ou desa praia paradisíaca para perderse. Mesmo consultamos o itinerario máis barato e rápido para chegar. Pero detrás dese emprego probabelmente identificamos antes á informática, ao turismo ou á economía que á xeografía. Este paradoxo, do que inevitabelmente se apropiaron aquelas disciplinas e técnicas máis dinámicas da sociedade, resulta crucial para comprender parte das motivacións da presente Tese de Doutoramento.

Neste sentido, Galiza -e o seu territorio- non ficou allea as transformacións da sociedade contemporánea, senón que se cadra, dada a súa posición periférica, padece aínda con maior virulencia as consecuencias de, polo menos, catro elementos combinados: as do capitalismo tardío, no económico; as do neoliberalismo, no político; as do pensamento único, no social; e as da posmodernidade, no cultural. Se a isto sumamos un corpo administrativo considerado por algúns autores “autoanémico” e toda unha longa lista de prácticas políticas clientelares e endogámicas (xa case endémicas), herdadas do franquismo, pódese obter unha paisaxe chea de patoloxías de difícil pronóstico. Por iso, a preocupación pola incidencia de diversos e múltiples procesos sociais descoñecidos até hai pouco tempo e a súa natureza espacial en Galiza, converteuse noutra das motivacións que xustifican este estudo.

No último día do ano 2016, Xerardo Estévez, arquitecto e antigo Alcalde de Compostela, sinalaba en prensa¹ que “as mellores políticas públicas de paisaxe hoxe en día son aquelas que deixan tranquilo o territorio por uns anos, evitan o decorativo e dedican os esforzos a corrixir as malas paisaxes e a practicar o mantemento”. Dalgún xeito, está a conferir así un dereito inalienábel ao territorio, como se fose un suxeito xurídico. En certo modo, pódese considerar así se se ollá dende o punto de vista da produción social do espazo e, por tanto, en relación dialéctica cos procesos de humanización que acolle. Noutras palabras, o espazo ten dereitos porque as persoas que o constrúen tamén os teñen; e un dos indispensábeis é precisamente o “dereito ao territorio”. Este breve xogo do imaxinario espacial serve para nos decatar de que, nas reflexións de Estévez, o suxeito que semella estar en primeiro lugar é o propio espazo, aínda que rapidamente detectamos as conexións coas persoas² que lle dan contido e significado. En calquera caso, este xeito de pensar non é, en absoluto, nada frecuente nin no seo das ciencias sociais nin tampouco na práctica urbanística, tan centradas ambas, nas lóxicas do crecemento e do desenvolvemento. Por iso, se cadra, pode que “poñer o espazo en primeiro lugar” sexa outra das principais motivacións do presente traballo de investigación.

Nesta problemática, a emerxencia dende abaixo dalgúns prácticas cidadás, nomeadamente no universo urbano, pero non só, están, precisamente, a situar a importancia da espacialidade na primeira liña das axendas políticas locais. Non se trata só de reclamar mellores servizos urbanos, senón que se loita polo dereito a decidir, a empregar e a xestionar o espazo en función do tipo de persoas que se quere ser. Sen ocultar a existencia de conflito, pero construindo lugares máis inclusivos. O reto vai ser saber, tal e como continúa Xerardo

¹ “Portugal e Galicia, o tempo como desexo”, en La Voz de Galicia do 31 de decembro de 2016.

² Pensemos por un momento nun espazo non edificado e pensemos que ao seu propietario se lle recoñece un dereito de edificación. Tal dereito, que devén do sentido da propiedade e que fica regulado por unha serie de normativas sobre o solo, pode que choque cun hipotético “dereito do territorio” a non ser edificado e pode que tal dereito sexa apoiado pola veciñanza do lugar, en base a diversas motivacións (ambientais, culturais, paisaxísticas, antropolóxicas, entre outras). En consecuencia, unha cuestión tan abstracta como considerar ao territorio como un suxeito xurídico con “dereitos”, acaba por se materializar no dereito da veciñanza ao territorio, facendo chocar así o dereito da propiedade privada co dereito do ben común.

Estévez no seu artigo, “se somos quen de asumir unha especie de *devolution* á cidadanía da responsabilidade paisaxística, onde o individuo desenvolva un papel preponderante e comprometido co colectivo”. E velaquí a cuarta motivación desta Tese; profundar naquelas teorías e prácticas que están a abrir fendas polas que imaxinar e facer cidades e territorios que favorezan o tipo de sociedade que queremos ser e que non accedan gratuitamente a someterse ao ritmo da acumulación de capital e riqueza.

Para dar resposta a estas motivacións manexáronse unha serie de hipóteses de partida entre as que figuran as seguintes:

- Ao postergar ao espazo a mero soporte físico das relacións sociais e non o empregar como categoría de análise da realidade, as ciencias sociais non desenvolveron por completo todo un relato alternativo que aínda está pendente.
- A sociedade actual, inmersa en frenéticas mudanzas tanto políticas como culturais, pode que posúa na análise da súa espacialidade unha ferramenta útil non só para comprender a súa natureza senón tamén para dotarse dun proxecto de transformación radical.
- En Galiza, co seu marcado xeito multiseccular de ocupar o territorio e co seu singular proceso de desenvolvemento económico, estanse a desencadear unha serie de síntomas que cómpre analizar dende un punto de vista espacial para estruturalos nun relato de análise sistemático.
- Se cadra para tal fin, convén empregar ferramentas que tendan a espacializar as lóxicas do sistema económico e social, co obxectivo analizar a intensidade dos procesos que están acontecer dende puntos de vista alternativos e complementarios.
- O resultado obtido pode ofrecer unha lectura de Galiza e do seu sistema territorial – urbano e rural- non elaborada até o momento e que sirva para paliar, na medida do posíbel, as disfuncións e debilidades detectadas.

Para concluír esta introdución recóllense a continuación os principais contidos e obxectivos dos distintos apartados que configuran este documento:

- No primeiro capítulo, expóranse, de modo inicial, as principais reflexións teóricas que comporán o esqueleto do traballo. Partindo do enfoque de Edward Soja sobre a importancia do espazo, e continuando polas achegas indispensábeis de David Harvey, en conxunción coas principais correntes da Teoría Social Crítica. Por outra banda,

introduciranse as fontes e os autores máis importantes para análise da realidade social de Galiza (Beiras e Bohuier, entre outros) co obxectivo de buscar, na Teoría Xeral de Sistemas (nomeadamente a través da ecoloxía e do concepto de colapso), un nexos entre ambos corpos teóricos.

- No capítulo dous, farase unha revisión do decorrer histórico da xeografía como disciplina académica. Tratarase de realizar un “xogo de escalas” espazo-temporais, partindo do contexto anglonorteamericano despois da segunda guerra mundial, para rematar na situación da xeografía galega contemporánea. Ademais, como experiencia de notábel importancia para o conxunto deste traballo, presentárase o *Proxecto Abalar* como grande iniciativa de organización interxeracional entre 2002 e 2007.
- No terceiro apartado, traballárase o concepto de espazo e profundárase na súa condición e natureza recuperando as achegas de Henri Lefebvre e Michel Foucault. En calquera caso, partírase da base da súa produción social atendendo ás súas mudanzas provocadas pola dialéctica economía-cultura. Neste contexto, a teoría marxista desenvolvida por Harvey en clave espacial, vai ser fundamental para comprender o enfoque epistemolóxico conferido. Finalmente, farase especial fincapé nas mudanzas ocasionadas na esfera espacial polas novas tendencias culturais que emerxeron coa denominada posmodernidade.
- No seguinte capítulo -o cuarto-, presentárase a necesidade por construír un discurso espacial para as ciencias sociais, nomeadamente dende o punto de vista da academia. Tal preocupación xurde como reacción á hexemonía economicista e historicista que no seo da teoría social crítica existe dende a modernidade. Presentárase as debilidades daquelas análises sociais que omiten a esfera espacial e concluírase introducindo a “sedutora” proposta de Soja sobre o xiro espacial, ademais de advertir sobre os seus riscos.
- Xa no capítulo cinco, entrárase de cheo nunha visión máis práctica do documento, abordando a cuestión do colapso dende unha perspectiva histórica, social e económica. Partindo dunha serie de síntomas existentes e empregando o enfoque morfoxenético, tratarase de amosar a evolución do territorio galego, baixo a regulamentación dos usos agrarios do “régime de agras” até a súa posterior transformación, tras a implementación da lóxica da economía de mercado. O resultado dará lugar á análise das formas de ocupación do espazo, así como da detección de novos procesos e fenómenos de adaptación á realidade socioeconómica. Finalmente, presentárase a complexidade como concepto fundamental para comprender a construción da teoría do colapso territorial.

- No sexto apartado, entrarase de cheo na explicación pormenorizada do que demos en chamar a teoría do colapso territorial. Para iso, farase un repaso profundo do concepto de colapso a partir dos enfoques de Carlos Taibo, por unha banda, e da corrente da Teoría Xeral de Sistemas, na que enmarcamos a autores como Jared Diamond, Ramón Margalef, Salvador Rueda ou José M. Naredo. Posteriormente, incorporando o concepto de “capital espacial fixo” dende a perspectiva harveyana, presentarase o corpo e os fundamentos da teoría. Finalmente, rematarase o apartado empregando toda unha serie de indicadores e de estudos de autores como Rubén C. Lois, Rafael Crecente, Xosé M. Santos, Xavier Vence ou Daniel Pino, para comprobar o encaixe e funcionamento da teoría na Galiza.
- No capítulo sete, continuarase coa intención de comprobar de xeito máis práctico a teoría do colapso territorial. Desta vez, vaise recorrer ao laboratorio máis fértil das relacións humanas; o universo urbano. Para iso, comezarase expoñendo algunhas das patoloxías que padecen as cidades como “corpos enfermos”, para, posteriormente, exemplificar a cuestión na realidade urbana de Santiago de Compostela e no conxunto das súas escalas (xeográficas, políticas e imaxinarias). O obxectivo será analizar a evolución urbanística e social de cada unha das partes que compoñen esta área de estudo, para posteriormente tirar unha serie de aprendizaxes de utilidade de cara a (re)imaxinar e (re)facer o proxecto de cidade.
- O capítulo oitavo estará dedicado a responder á cuarta das motivacións expostas nesta introdución; isto é, analizar certas iniciativas cidadás que a través do desenvolvemento da súa espacialidade están a marcar a axenda, xa non só dos gobernos locais, senón dos grandes programas políticos. Neste sentido, porase como exemplo a práctica política do nacionalismo galego contemporáneo en relación á importancia conferida ao espazo en si mesmo. Ademais, buscaranse algunhas explicacións para comprender por que a maioría dos programas políticos postergaron a cuestión territorial e como se chegou, en certo sentido, a un entendemento con bastantes puntos en común entre as diversas opción do espectro ideolóxico.
- O último apartado –o noveno-, reunirá as conclusións máis importantes desta Tese de Doutoramento. Ademais, presentarase unha singular imaxe da “constelación” teórica e epistemolóxica da Teoría do Colapso Territorial e tratarase de responder á seguinte cuestión: pódese afirmar que o sistema territorial galego se atopa nunha situación de colapso?

Coa bibliografía darase por rematada esta Tese de Doutoramento. Un traballo que, como se verá, xurde dun proceso pouco frecuente de decantación de ideas e de experiencias. Un proceso que, se cadra, alongouse demasiado no tempo, mais é de supoñer que, en ocasións, na vida, as cousas non chegan cando un desexa, senón cando se pon todo o empeño en facelas chegar. En calquera caso, pido desculpas, a quen corresponda, pola longa espera.

Compostela, 10 de xaneiro de 2017



1. INTRODUCCIÓN

O ESPAZO EN PRIMEIRO LUGAR: A DECANTACIÓN DE IDEAS E EXPERIENCIAS

1.1.- A decantación das ideas

A presente Tese de Doutoramento constitúe o resultado dun proceso de decantación académica e profesional ao longo da última década. Dende que no ano 2004 presentara a Memoria de Licenciatura, tiven a posibilidade de experimentar un proceso de adestramento intelectual na compañía de profesionais, investigadores e docentes de diversas procedencias disciplinarias que enriqueceron a bagaxe deste estudo. A base fundamental do traballo, o seu fío condutor esencial, pode resumirse na idea forza rescatada da interpretación posmoderna radical que Edward Soja realiza sobre a Teoría Social Crítica: “poñer o espazo en primeiro lugar”. Efectivamente, a necesidade por espacializar os principais axiomas das Ciencias Sociais e por extraer un discurso complementario e xenuíno dende a perspectiva espacial, constitúe a arquitectura matriz do presente estudo.

Pódese admitir que a idea de poñer o espazo en primeiro lugar chega até a Xeografía, ciencia do espazo por excelencia, -paradoxalmente- dende fora da disciplina. Son os que Soja chama os “xeógrafos posmodernos”, os principais artífices da xénese do denominado “xiro espacial”. Fundamentalmente, cando case ningún autor no eido da Teoría Social Crítica incorporaba a faciana espacial ao seu discurso, aparecen Henry Lefebvre e Michel Foucault, cunha carga explicativa que emendaba parcialmente o debate da interpretación materialista hexemónico –esencialmente historicista e economicista- da realidade social. Como exemplo, levando o asunto ao extremo, a crítica máis importante e cruel que se lle fai ao Harvey daquela altura (xeógrafo abandeirado da corrente radical a finais de 1970 e principios de 1980) é que “esquecera o espazo nas súas análises”. Porén, o máis curioso deste proceso é que tanto Lefebvre como Foucault, non teñen de inicio unha vocación espacial³ cando constrúen as súas teorías sobre a produción do espazo ou sobre a percepción dos “espazos carcelarios”⁴. Polo menos non a teñen dende o punto de vista do campo de traballo estrito da Xeografía. Isto

³ Isto fica de manifesto explícitamente na entrevista realizada a Foucault e publicada no ano 1976 na revista *Herodote*, cando preguntado insistentemente polas conexións epistemolóxicas da *Arqueoloxía do saber* e a ciencia xeográfica, o autor contesta con desdén e nada máis que con argumentacións de feito, xa que el mesmo asume que non existían conexións científicas a priori (*Questions á Michel Foucault sur la Géographie*. Rev. *Herodote*, n.º 1, primer trimestre, 1976. Págs. 71-85).

⁴ Neste senso, é recorrente o concepto de “panóptico” empregado por Foucault na súa obra *Vigilar y castigar* (1975), facendo referencia ao dispositivo que debía xerar “un sentimento de omniencia invisíbel” e que podería ser empregado para controlar calquera tipo de grupo social; ben presos, enfermos, obreiros, estudantes entre moitos outros.

significa que o valor interpretativo da perspectiva espacial constitúe o resultado dunha análise que *a posteriori* realizan os xeógrafos do seu traballo, aproveitando dous elementos que propician unha oportunidade nada desprezábel: por unha banda, o desleixo que as Ciencias Sociais exerceron durante a Modernidade sobre a concepción espacial da realidade (postergándoa a un reduto determinista de mero soporte físico e, mesmo, acientífico) e, sobre todo, por outro lado, o campo de cultivo tormentoso e líquido que a posmodernidade fixo aflorar dende o punto de vista ontolóxico e epistemolóxico e que elevou ao espazo a categoría de análise indispensábel.

Dende este punto de partida, é dende o cal Soja lanza a súa “agresiva” emenda á totalidade sobre a “espacialidade” da ciencia xeográfica de finais do século XX e principios do XXI. Amosa deste xeito, unha crítica constante contra aqueles tratados que pretenderon analizar a realidade social dende a xeografía esquecendo que a espacialidade debería ser a base dos mesmos. Eses tratados, no canto de introducir o espazo como categoría de análise inicial, partían doutras diversas como a renda do monopolio, a loita de clases, os procesos de especulación ou calquera outra idea que xurdira esencialmente da crítica política e económica de corte marxista e, posteriormente, durante o desenvolvemento do discurso, introducían o espazo como un elemento complementario e de resultado, ou esquecido a modo de “solución espacial”.

A Soja non lle falta razón –polo menos parcialmente-, pero ao mesmo tempo hai que ter en conta dous aspectos de notábel importancia nesta ecuación: dun lado, que efectivamente na tradición marxista non existía un desenvolvemento da lectura espacial da súa teoría, probabelmente pola eiva da non existencia formal do terceiro tomo de *O Capital* (aínda que existen conexións constantes nomeadamente nos *Grundrisse* pero tamén en *O Manifesto Comunista* ou nos dous primeiros tomos de *O Capital*, como ten sinalado o propio Harvey –pero non só- ao longo da súa obra); e doutro, que a importancia da cuestión espacial para a Teoría Social Crítica non procede das “mellores compañías”. Noutras palabras, aproveitar a situación fragmentaria e líquida que introduce a posmodernidade no corpo teórico das Ciencias Sociais para que o espazo –como categoría análise- tome relevancia, non semella que sexa un punto de inicio estábel para construír un metarrelato conciso; canto máis a posmodernidade supuxo precisamente o contrario: un intento de derrubo das meta-teorías xerais sobre a realidade social enunciadas dende a Revolución Francesa (Domènech, 2004 e Llovet, 2011). Queda saber se Soja perseguía coa súa ollada a elaboración dunha nova narrativa da sociedade ou soamente se contentaba como dar explicación a procesos de índole máis ou menos locais e próximos.

No que, se cadra Soja semella trabucarse, é na relevancia da obra de Harvey. Xa non só como xeógrafo, senón que o seu intento intelectual por relacionar a crítica marxista do

sistema capitalista, dando lugar ao enunciado do “desenvolvemento xeográfico desigual”, cos elementos centrais do traballo científico no campo xeográfico que posúe, serviu á vez para colocar a disciplina como unha máis no espectro multidisciplinar das Ciencias Sociais (paliando en boa medida a hexemonía historicista e economicista comentada) e para dar pé a diversas reflexións complementarias elaboradas por moi diversos autores (sociólogos, filósofos, politólogos, antropólogos, economistas ou historiadores). Harvey é considerado un dos cartógrafos do capitalismo⁵ e coa súa obra ven cubrir, polo menos parcialmente, o baleiro que quedou inacabado en *O Capital*. É certo, que para moitos lectores de ensaio pode pasar por economista ou sociólogo, pero a súa intención foi sempre introducir a variábel espacial na argumentación da Teoría Social Crítica (Keucheyan, 2013). Coincide, neste punto, con Soja no tratamento de inferioridade exercido polas supostas “irmás maiores” e, por conseguinte, a Soja hai que enténdelo dende Harvey e viceversa (como se defende neste traballo) e non como visións ontolóxicas antagónicas. Que Soja faga máis explícita a textualidade do “xiro espacial” (até case convertela nun *slogan*) non quere dicir que sexa un maior defensor do pensamento xeográfico; aínda máis, xusto aí pode residir unha das súas fraquezas porque evidencia unha eiva de xustificación posmoderna. Resulta extremadamente complexo comprender, visualizar e practicar a espacialidade como método nas Ciencias Sociais, porque os conceptos que se manexan non teñen límites epistemolóxicos (pre)establecidos. Por iso, semella doado seguir o camiño marcado pola sucesiva aparición de ideas que posúen relevancia espacial sen se decatarse de que, no fondo, pode que non esteamos realizando unha contribución “non moi distinta” da que faría a ciencia económica ou a historia. Porén, o importante non radica na textualidade (Barthes, 2002) senón no esforzo constante por crear un mundo de ideas, conceptos e razoamentos que introduzan o espazo como unha variábel máis da análise científica; é dicir, o espazo non é o único nin o máis importante dos elementos necesarios para analizar a realidade social, mais debido ao tratamento de inferioridade ao que foi sometido durante decenios no contexto da modernidade, cómpre desempoalo e sacalo relucir como unha categoría útil *per sé*, como calquera outra.

Con todo, a idea de Soja de “poñer o espazo en primeiro lugar” supón unha invitación sedutora de máis aos ollos do xeógrafo –tanto dende o punto de vista científico como político, como veremos- como para deixala pasar de longo, porque significa un xiro ontolóxico de dimensións case revolucionarias na disciplina. Se conseguimos que a súa proposta perda a connotación negativa (dende o punto de vista dalgunhas interpretacións) da súa procedencia posmoderna (Albet e Benach, 2010) e, ao mesmo tempo, complementamos o seu valor

⁵ Probabelmente, a entrevista que David Harvey realiza a Giovanni Arrighi e que foi publicada pola *New Left Review* constitúe un valioso documento para retratar con mesura a profundidade das reflexións de ambos autores. Entrevistador e entrevistado intercambian conceptos e reflexións dunha riqueza e rigor extraordinarios (*New Left Review*, nº56, 2009, edición en castelán).

Neste sentido, cómpre tamén revisar o obituario escrito por Tom Reifer na mesma publicación titulado “El cartógrafo del capital. Giovanni Arrighi: 1937-2009” e onde as liñas de flotación vasculan e buscan equilibrios con frecuencia na nutricia obra de Harvey (*New Left Review*, nº60, 2010, edición en castelán).

explicativo coa riqueza da tradición da xeografía radical crítica, podemos obter realmente unha visión nova, cunha credibilidade suficiente dentro da Teoría Social. Nesta Memoria de Doutoramento presentamos un ensaio (en termos de experimento) destes obxectivos.

Para desenvolver esta complexa hipótese, neste estudo establécense unha serie de paralelismos e comparacións co obxectivo de “baixar o discurso teórico ao campo”. Trátase dun xogo de escalas no imaxinario da teoría pero tamén da praxe. Propoñemos incorporar á análise do local toda a potencia explicativa dos grandes tratados xerais de interpretación da realidade como un repto abordábel dende a imaxinación xeográfica. Por iso, cumpriu realizar un primeiro paralelismo entre o que sucedeu coa compoñente espacial (na interpretación de Soja) no ámbito da Teoría Social no ambiente angloamericano dende finais dos anos 1970, fundamentalmente, e o que aconteceu coa espacialidade e coa ciencia xeográfica contemporánea en Galiza e en relación co resto de Europa, e que supón a fin de contas, o noso ámbito próximo de ensaio.

Neste sentido, podemos dicir, que a construción dun discurso espacial –tal e como aquí o estamos empregando- nas Ciencias Sociais na Galiza, chegou, en paralelo co que temos sinalado até agora, dende fora da Xeografía. Se ben semella que na actualidade é a disciplina xeográfica (que sufríu unha profunda transformación no último decenio) quen exerce o traballo (Piñeira e Santos, 2011; Lois, González e Escudero, 2012; Lois e Miramontes, 2014; Lois e Pino, 2015) de visibilizar a “espacialidade da xeografía” (sirva a redundancia para explicar o queremos dicir), o certo é que no momento no que Lefebvre e Foucault se convertían nos “xeógrafos da posmodernidade”, eran outros dous autores os que –dende fora- poñían en relevancia a cuestión espacial na análise da realidade socioeconómica de Galiza, mesmo sen sabelo.

Na década dos 1970 aparecen dous tratados que van marcar o sentido da investigación social (nomeadamente historiadores, economistas, antropólogos sociais, sociólogos e xeógrafos, en menor medida) con base na Galiza durante os decenios posteriores, a saber: *O atraso económico de Galicia* (1972) do profesor X. M. Beiras Torrado e *La Galice: essai géographique s'analyse e d'interpretation d'un vieux complexe agraire* (1979) do xeógrafo francés Abel Bohuier⁶. O espazo chega así á Xeografía na Galiza dende fora, ben dende a ciencia económica (externalidade disciplinaria), ben dende a xeografía francesa (externalidade xeográfica en sentido estricto). Ámbolos dous⁷ estableceron relacións espaciais que até o

⁶ Existe unha tradución ao galego realizada por Benxamín Casal: *Galicia: Ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*, 2 vols. Santiago de Compostela. Xunta de Galicia. Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria-Caixa Nova, 2001).

⁷ Probabelmente, a este dúo debéramos engadir o importante traballo do xeógrafo Jesús García Fernández coa súa obra de 1975, *Organización del espacio y economía rural en la España Atlántica*, no que analiza sistematicamente o modo do

momento non foran significadas dende un punto de vista científico nas análises do país, entre as que podemos citar inicialmente a configuración e transformación da paisaxe agraria, a dualidade campo-cidade, as tensións centro-periferia ou a ruralidade (realidade campesiña) como núcleo da matriz espacial. En esencia, estas ideas constitúen, en boa medida, a base sobre a que se constrúe a situación de colapso territorial que hoxe padece o territorio na Galiza e que imos tratar de expoñer neste traballo.

Os conceptos básicos da Teoría Xeral de Sistemas (TXS) aplicados no mundo da economía por José Luis Sampedro e José Manuel Naredo ou no eido da ecoloxía por Margalef e, máis concretamente, no contexto da ecoloxía urbana, por Salvador Rueda, serviron a este estudo como o nexo necesario entre o corpo teórico harveyano e a análise do territorio galego. O profesor José Luis Sampedro empregou en diversas ocasións a imaxe da substitución de sistemas⁸ para explicar o que acontece cando un sistema rudimentario (un sistema pechado onde non existe intercambio de enerxía co exterior e a entropía é baixa) é fagotizado ou transformado por outro máis sofisticado (un sistema aberto onde a enerxía entra e sae do mesmo provocando un aumento da entropía). En síntese, o emprego da TXS neste traballo pode explicarse do seguinte xeito: o sistema económico precapitalista que dominou as relacións de produción e de poder en Galiza durante séculos, deu lugar a unha organización do espazo (réxime de agras) que en termos de Harvey poderíamos considerar o “capital espacial fixo” necesario para a pervivencia do sistema no seu conxunto e que é recoñecíbel a nivel económico, no tocante ao sistema productivo agrario; a nivel social, en cuestións como a propiedade da terra (foro) e; a nivel territorial, no modelo de ocupación e uso do solo (aldea) e, en última instancia, na súa parcelación (minifundio). Este podería ser o esquema do que chamaremos o sistema orixinario, de carácter máis rudimentario e liñal. Cando o sistema económico se transforma e pasa dunha regulación precapitalista (con preeminencia do campesiñado como clase social) a unha des-regulación postindustrial propia do capitalismo tardío (coa terciarización da economía e a desaparición paulatina da clase media), sen ter pasado pola fase da capitalización industrial e tendo en conta algúns rasgos endémicos do caso galego (e aquí entra Beiras co coñecido concepto de “colonia interior” adquirido por simbiose de Robert Lafont, Maurice Dobb ou Franz Fanon entre outros), non se produce unha substitución do anterior capital espacial fixo por outro novo que garanta a pervivencia do sistema que é, segundo Harvey, condición indispensábel. Acontecen entón dous procesos

ocupación do espazo do País Basco, a Montaña Cantábrica e Galiza, “tres rexións que forman parte dunha mesma unidade ecolóxica”.

⁸ Sampedro empregaba a visualización do proceso de transformación dun verme en bolboreta a través da configuración do “capullo de seda” que logo abandoa, para explicar o fenómeno de substitución de sistemas. Denominaba “sistema verme” ao mundo no que vivimos. O “sistema bolboreta” sería o mundo que está por vir. Agora ben, o “sistema bolboreta” debe construírse con ferramentas novas, non empregando as ferramentas do sistema anterior. Se non se fai así, córrese o risco de que o proceso de substitución dun sistema antigo por outro novo, acabe nunha situación de involución ou, no peor dos casos, que xurdan vicios que acaben por dar lugar a una situación de colapso (Véxase o documental *Generación perdida* dirixido por David Martín de los Santos en 2011 <http://www.rtv.es/alacarta/videos/documentos-tv/documentos-tv-generacion-perdida/1219065/>).

que tratan de superar esta eiva: por unha banda, un proceso de construción dun capital espacial fixo superficial (na epiderme e por tanto a modo de solución estética) que dá aspecto de evolución e crecemento pero que non deixa de ser un “parche para as fochancas” (infraestruturas de comunicación, desenvolvementos urbanos, paseos marítimos, equipamentos culturais, sendas fluviais); e por outra, unha adaptación dos modos de vida posmodernos á realidade territorial herdada, moi visíbel no proceso de diseminación residencial nos ámbitos periurbanos e nos fluxos de mobilidade obrigada de base diaria que dan lugar a unha paisaxe desequilibrada no seu conxunto. En consecuencia e en resumo, o que entra en colapso é o sistema territorial. Non o sistema económico porque a súa pervivencia está garantida pola acción dese capital espacial superficial, nin o sistema social porque o acceso de bens de consumo e as relacións de reprodución non están en risco (a pesar da elevadísima taxa de desemprego) e a orde establecida (seguridade cidadá) fica salvagardada polo Estado de Dereito (polo menos a simple vista). Porén, o sistema territorial colapsa, é dicir, non é quen (como corpo ecosistémico fráxil) de soportar as presións de tal conxunción de variabeis nas que hai que introducir o efecto da aplicación de diversas medidas de xestión política dende hai decenios, que acabaron por dar lugar a unha situación de espolio dos recursos e ecocidio (Beiras, 2013). En termos de Harvey, unha verdadeira *spatial fix*.

Como resultado, temos todos os coñecidos procesos espaciais que diferentes autores teñen analizado en numerosas e valiosas contribucións: o exterminio do rural galego, a atrofia litoral-interior, o desangre demográfico, o “feísmo”, as cidades-aldeas, a proliferación das “leiras-solares”, noutras palabras; a desaparición da identidade territorial xenuína e multiseccular de Galiza e o que é peor a multiplicación de “non-lugares” ou espazos lixo. Todo este conxunto de procesos espaciais están amplificadas por diversas doenzas de tipo social e económico que deberían ser abordadas dende unha antropoloxía social crítica e que poderían dar algunhas claves das contradicións existentes no país entre a “querencia ao terroño” e a perda do sentido da colectividade na súa preservación como patrimonio compartido. Pero tamén existe unha situación de inadecuación das distintas medidas de control social e político á realidade do país; comezando pola propia organización político-administrativa (municipios e provincias) e rematando pola multiplicidade de mapas de servizos públicos que se adaptan e readaptan á situación de colapso (mapa sanitario-asistencial, mapa tributario, mapa educativo, entre outros).

Entón, como superar esta situación colapso e avanzar na construción dunha nova identidade territorial -de lugares- na Galiza? Probabelmente, debemos tomar como punto de partida que o imaxinario territorial aínda existente na maior parte das lembranzas da xente (e identificado en imaxes e conceptos como verde, mar, montañas, labradío, entre outros

elementos significativos), non perdurou⁹ (agás en localizacións moi concretas) e é practicamente irrecuperábel. Noutras palabras, o anterior capital espacial fixo do réxime de agras (no que cada elemento tiña unha función) foi desintegrado, ou mellor dito adaptado, paseniño, por procesos de construción superficial até o punto de chegar a un nivel de evolución que fai practicamente impensábel o feito de retroceder ao tempo dos “rumorosos nas costas verdescentes”. Por outra banda, é importante disociar o territorio como elemento fundamental da pervivencia do sistema económico capitalista, defendendo algo así como o “dereito do territorio a non ser desenvolvido”, e cando o sexa que responda a intereses colectivos. En consecuencia, cómpre construír un novo sistema territorial pero, como lembraba José Luis Sampedro (2009), non é posíbel empregar as ferramentas do sistema anterior. E aquí, como veremos no capítulo que pecha este traballo, volvemos ao punto de partida: debemos poñer o espazo en primeiro lugar, de xeito mesmo político.

Xunto ao xa comentado, foi necesario actualizar e establecer indicadores xeosociais que enmarcasen (baixasen ao campo) a hipótese de partida. Para iso, as aportacións máis importantes que se tiveron en conta, son aquelas que máis recentemente teñen analizado os diferentes rasgos socioeconómicos e territoriais que definen a eses procesos espaciais, aos que fixemos referencia. É dicir, precisamos incorporar os síntomas da materialización do colapso territorial. Neste sentido, ollamos cara tres elementos chave. Por unha banda, precisamos profundizar na recente historia económica e social de Galiza, ou o que é o mesmo, tomando como punto de partida *O atraso*, cumpriu renovar as ideas centrais da ciencia económica para observar cales eran as características do capitalismo en Galiza e cales eran as súas consecuencias (Villares, 1982; Carmona e Nadal, 2005; X. Fernández Leiceaga e E. López Iglesias, 2000; ou X. Vence Deza, 2005, entre outros). A continuación, quixemos abordar a cuestión da organización do espazo dende unha perspectiva morfoxenética, é dicir, ver como o proceso de evolución do tecido edificado dende a lóxica da ocupación do territorio (non tanto dende os vectores de interese económico ou social, aínda que evidentemente fican ferreamente conectados). Partindo da base dos ensaios clásicos de García Fernández (1975), Bohuier (1979) e Fariño Tojo (1980), recurrimos a documentos que chegan dende a planificación urbanística e os estudos do modelo asentacional elaborados por arquitectos e sociólogos –ambos os dous co alcume de “urbanistas” (De Llano, 1996; Dalda, Docampo e Harguindey, 2005; González-Cebrián, 2009; Lois e Pino, 2015; ou Portela e Pino, 2000).

⁹ Como exercicio poderíamos tomar calquera cuadrícula da fotografía aérea de 1956 e comparala coa imaxe máis actual posíbel. Case con seguridade poderíamos identificar tres fenómenos como indicadores: a proliferación de casas ailladas ocupando o que antes eran eidos produtivos (dando lugar á desintegración da aldea como unidade residencial básica) e a aparición de equipamentos industriais e/ou empresariais, a multiplicación de capilares viarios de proximidade en conxunción con grandes colectores de comunicación e, finalmente, a desaparición paulatina do labradío e os campos de forraxe fronte ao aumento significativo da manchas forestais.

Finalmente, foi imprescindíbel coñecer que estaba dicindo a ciencia xeográfica na Galiza ao respecto desta cuestión. Atopamos unha prolífica e ricaz bibliografía que abordaba temas dispares como a demografía e a xeografía social, a ordenación do territorio, os movementos migratorios, as paisaxes agrarias e culturais, os desenvolvementos urbanos e metropolitanos, a planificación turística, o estudos dos fluxos de mobilidade, a organización industrial, as plataformas loxísticas e as infraestruturas de comunicación (portos, aeroportos, autoestradas e ferrocarril), entre outras diversas cuestións (R.C. Lois González e D. Pino, 2015; M. J. Piñeira Mantiñán e X. M. Santos Solla, 2011; ou J. A. Aldrey Vázquez, 2006).

Complementariamente, establecimos un paralelismo final que xustifica os dous últimos capítulos deste traballo. Se Fredric Jameson, Edward Soja ou Mike Davis atoparon no universo urbano de Los Angeles o laboratorio axeitado para establecer un imaxinario xeográfico para as súas teorías; e David Harvey fixo o propio coa realidade de Baltimore primeiro, París logo e New York despois; ou outros autores teñen escollido outras urbes como Barcelona, Singapur, Tokio, Río de Janeiro, Londres, Amsterdam ou Berlín, no caso que nos ocupa, a solución urbana do colapso territorial en Galiza fica “dignamente” edificada no de Santiago de Compostela como realidade urbana e histórica, alén do espazo urbano configurado no denominado Eixo Atlántico.

1.2.- A decantación das experiencias

Toda esta “escorrentía torrentosa” de contidos e conceptos que fai parte da presente Tese de Doutoramento chega ata este autor grazas a un itinerario académico e profesional que cómpre lembrar nesta introdución porque constitúe finalmente o resultado dun proceso de decantación no que teñen intervido diferentes persoas e institucións.

Dende comezos de 2003 até finais de 2008, tiven a ocasión de colaborar como bolseiro de investigación, primeiro, e como persoal investigador, despois, no Instituto de Estudos para o Desenvolvemento Económico de Galicia-IDEGA da Universidade de Santiago de Compostela; facendo parte do grupo de investigación Análise Territorial (ANTE) dirixido polo profesor Rubén C. Lois González e tamén, entre 2005 e 2009 polo profesor Xosé M. Santos Solla. Durante esta etapa puideron aprender de investigadores diversos entre os que me gustaría destacar ao profesor José A. Aldrey Vázquez co que tiven a ocasión de desenvolver unha serie de traballos no campo da Xeografía Urbana e Social, relacionados coa figura de Área de Rehabilitación Integral (ARI). Baixo a tutela do profesor Rubén C. Lois, puideron nese tempo culminar os meus cursos de doutoramento e publicar os meus primeiros traballos en congresos e publicacións entre os que cabe destacar a contribución ao número 34 do *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles* (Constenla, 2002) e a edición posterior do Traballo de Investigación Tutelado (TIT) anos máis tarde en Edicións Laiovento (Constenla, 2010).

Ademais, neste tempo son salientabeis algunhas viaxes de investigación internacionais a México D.F., Hong Kong-Tokio e París.

Este interludio temporal estivo salpicado de tres experiencias complementarias das que quixera deixar constancia. En primeiro lugar, un breve pero intenso paso polo Departamento de Humanidades da Universidade de A Coruña para ocuparme da docencia na área de Análise Xeográfica Rexional no Campus de Ferrol. Comprobei en vivo algúns síntomas do proceso de descomposición social e económica –hoxe en avanzado proceso de derrubo- dunha comarca senlleira do país como é Ferrol Terra. En segundo lugar, durante a totalidade do ano 2007 compaxinei a actividade investigadora a tempo parcial no IDEGA, cunha actividade profesional “freelance”. Esta experiencia servíume para iniciarme no mundo da profesión, colexieime no Colexio de Xeógrafos e adquirín algunhas destrezas, que non se aprenden no mundo da academia, vinculadas sobre todo ao campo dos Sistemas de Información Xeográfica. Finalmente, dende finais de 2007, iniciéi unha colaboración intensa cos profesores Xabier Vence e Óscar Rodil do Departamento de Economía Aplicada da USC cos que traballei en diversos encargos entre os que destaca un estudo de necesidades de solo empresarial en Galiza¹⁰. No transcurso desta colaboración, comprobei a notábel carga de coñecementos que a Xeografía e os Sistemas de Información Xeográfica (GIS), poden chegar aportar ao resto das Ciencias Sociais, ademais de experimentar de primeira man o que significa a conformación e organización de grupos de traballo interdisciplinares.

A finais do ano 2008, entrei a formar parte da Área de Urbanismo e Ordenación do Territorio (integrada no departamento de Estudos e Consultoría) de Enxeñeiros e Arquitectos Consultores IDOM S.A.. Daquela dirixía o equipo o arquitecto urbanista Daniel González Franco e, en colaboración co resto de persoas da área, sacamos adiante unha metodoloxía de análise novidosa para a planificación territorial (dentro do mundo profesional non académico) que fica recollida –en parte- neste estudo. En esencia, quixemos incorporar a tres encargos principais¹¹, o corpo teórico da morfoxénese territorial aplicada con anterioridade nalgúns estudos de xeografía humana¹², para comprender as lóxicas do territorio a través do que se denomina a matriz de construción do sistema territorial, formado polo sistema produtivo (xénese motriz), o sistema de asentamentos (solidario do anterior) e o sistema viario (soporte funcional).

¹⁰ Véxase a obra: *As necesidades empresariais de solo produtivo en Galicia 2006-2015 e programas de actuacións estratéxicas en solos produtivos* (2007), Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Instituto Galego de Vivenda e Solo.

¹¹ Estudo do Territorio Histórico vinculado ao Camiño de Santiago Portugués, Documento de Inicio do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Cerceda e Documento de Inicio do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Cambre.

¹² Neste sentido, destaca a obra de 1979 *Para comprender la ciudad: claves sobre los procesos de producción del espacio* de Javier García Bellido e Luis González Tamarit.

Durante a estancia en IDOM, puíden desenvolver tamén a experiencia docente universitaria. Por unha banda, como profesor asociado ao Departamento de Humanidades: xeografía, historia e arte da Universidade Carlos III de Madrid, no que coincidín e colaborei co profesor Guillermo Morales Matos. Con el traballei con rigor algúns aspectos da implantación universitaria da UC3M na rexión metropolitana madrileña e compartín a docencia dalgunha materia do Grao de Turismo. Ademais, no mesmo curso 2011-2012 entrei a formar parte, tamén como profesor asociado, do departamento de Didácticas Especiais da Universidade de Vigo para facerme cargo da docencia dalgunhas materias nos Campus de Ourense e Pontevedra, da Área de coñecemento de Didáctica das Ciencias Sociais. Neste caso, alén do apoio dos membros do departamento, debo citar aquí a figura do profesor Vicente Romo (Director do Departamento primeiro e Decano da Facultade de Ciencias de Educación despois) que sempre estimulou a miña carreira docente na UVigo.

Simultaneamente a estas experiencias, cómpre destacar, finalmente, a colaboración docente que puíden desenvolver coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP), nomeadamente no Curso Superior de Técnico Urbanista e tamén con outros cursos nos que puxen en práctica coñecementos de análise territorial e Sistemas de Información Xeográfica. Ademais, ao longo de todo este proceso formativo e profesional, tiveron a oportunidade de participar e colaborar con diversas organizacións relacionadas coa comunidade xeográfica entre as que quixera lembrar con especial agarimo que tiveron lugar entre os anos 2000 e 2006; o proceso de fundación e posta en funcionamento de Xeogal-Asociación de Mozos Xeógrafos de Galiza e a súa incorporación á Federación de Asociaciones de Jóvenes Geógrafos (Fajg, hoxe convertida en foro), o xurdimento de Abalar-a xeografía galega en construción, que foi unha importante de colaboración interxeracional que tratou de traballar a prol de mudar as estruturas académicas e institucionais da disciplina (“o modo de actuar e de pensar”); e, finalmente, a constitución formal da Delegación Galega do Colexio de Xeógrafos.

Esta lista de méritos biográficos, máis propia dunha escolma curricular que dunha introdución a un estudo académico, pretende servir para expresar a diversidade de experiencias que nutren o presente traballo de investigación e que compoñen un itinerario orixinal e nada convencional que axudou a rematar de pulir as conceptualizacións adquiridas por “decantación de ideas e experiencias”.

1.3.-A síntese dos procesos de decantación

Tendo en conta todo o anterior, a presente Tese de Doutoramento pódese dividir en oito ensaios (incluíndo este) e unha conclusión. Preséntanse cunha proposta de ordenamento que segue unha lóxica argumentativa que procederemos a explicar nas seguintes páxinas. Así e todo, pódese sinalar aquí que a súa lectura pode ser abordada non seguindo a orde proposta e,

por tanto, comezando e rematando cada un dos ensaios de xeito alternativo, xa que aínda que todo o traballo emerxe dunha óptica común e se rexe por unha dinámica condutora global homoxénea (a de poñer o espazo en primeiro lugar), a estrutura de cada un deles posúe un fío discursivo propio coherente. Agora ben, suxírese unha única condición: que a conclusión se reserve para o final, sexa cal sexa a orde escollida.

Sendo así, e seguindo a orde proposta, en primeiro lugar aparece un capítulo (número 2) co título “A xeografía galega en construción somos nós!”. A xénese deste apartado devén da conxunción e confluencia, por unha parte, do sonado artigo co que o profesor Beiras concluíu o seu *Por unha Galiza Liberada* (1984), no que fai unha necesaria (e apaixonada) defensa do espectro político-ideolóxico do socialismo galego no que entroncaba a tradición que el mesmo se propuxera fornecer baixo o título “Os socialistas galegos somos nós!”¹³; e pola outra, do subtítulo co se apelidaba a intensa experiencia da *Revista Abalar* que dicía: “a xeografía galega en construción”¹⁴. Este imaxinario discursivo serve para xustificar o contido deste capítulo inaugural. O obxectivo fundamental foi analizar o papel desenvolvido polo núcleo da xeografía galega nas últimas décadas para comprender a súa repercusión e incidencia e sintetizar algunhas claves do proceso ao que foi sometido polo conxunto da comunidade científica e que, se cadra, tiña causas internas de radical importancia e significación. Para tal fin, primeiramente, era necesario deixar constancia dalgúns episodios chave da evolución da ciencia xeográfica polo menos dende 1950. Deste modo, poñendo de relevo o panorama internacional, resultou máis doado ter anclaxes referenciais sobre o que aconteceu coa xeografía na Galiza nas últimas décadas. Finalmente, faise unha revisión sosegada (que non pretende ser única) da experiencia de Abalar (coa revista como elemento máis visíbel pero non único) polo menos, no período de maior traballo (anos 2000 a 2007).


En consecuencia, neste capítulo propónse a realización dun itinerario a través de diferentes postulados e reflexións que afectan a diversas subdisciplinas da xeografía, pero tamén ao conxunto desta ciencia social. Trátase dun percorrido espazo-temporal, xa que dun lado vaise realizar seguindo o fío conductor da evolución histórica do pensamento e da

¹³ Este capítulo, escrito por Beiras anos antes, ven ser una defensa do traballo de confluencia política que tivo lugar baixo o gardachuvas do xenuíno Partido Socialista Galego (PSG) nado no ano 1963 en pleno tardofranquismo. No último tramo da década dos 1970 e nos primeiros anos dos 1980, moitos dos militantes daquela formación tomaron a decisión de pasarse á sucursal do PSOE en Galicia, coas siglas PSdG-PSOE e pretendendo abranguer o espazo do socialismo en Galiza. Pola súa banda, boa parte do que quedaba do PSG intégrase no 1982 no Bloque Nacionalista Galego (BNG) na súa asemblea fundacional en Riazor a A Coruña (Beramendi, 2007). O que Beiras denuncia é que a deriva dos antigos compañeiros afastáboas das coordenadas político-ideolóxicas que se defendían nos principios do PSG, que, pola contra, seguían viventes no pensar e na práctica de moitos outros.

¹⁴ Na contraportada do número 0 co que se iniciaba a publicación da *Revista Abalar*, aparece unha definición do concepto do seguinte xeito: “v.t. 1. Sacudir unha árbore para que lle caia a froita. 2. Axitar as augas do mar na pesca para producir o balo ou embalo. 3. Mover algunha cousa sen desprazala do seu sitio. 4. Tremular os pendóns ou bandeiras // v.i. 5. Tremer de frío ou de medo. 6. Estremecerse falando de cousas que se bambolean por falta de firmeza” (Abalar, nº 0, primavera 2003). Precisamente con esa idea sinalábase que Abalar non era un fin en si mesmo, senón a materialización dun proceso de metamorfose orgánica que a nosa disciplina debía experimentar para converterse en ciencia socialmente útil para o país.

práctica xeográfica (comezando no proceso de “institucionalización académica a mediados do século XIX); e doutro, posúe unha lóxica de espacial determinada polo proceso de expansión das ideas científicas que polo común adquire un carácter centrífugo dende o centro cara as periferias.

Imaxe 1.1.- A confusión conceptual da posmodernidade



Fonte: Elaboración propia, 2014.

“A produción social do espazo: unha interpretación dende a dialéctica economía-cultura” supón o título do capítulo 3 do traballo. O propósito fundamental é determinar as relacións dialécticas que emerxeron nos últimos decenios entre os tres grandes conceptos que compoñen o título. No momento que nos tocou vivir -de mudanza, de transformación (mesmo involutiva), de metamorfose- que foi xa introducida por Guy Debord no seu *La sociedad del espectáculo* (1967) e comprobada por Marshall Berman en *Todo lo sólido se esbance en el aire* (1982), entre outros de moi diversas procedencias, semella que –nun intento de explicación sintética introdutoria- existiu un afloramento do espacial en combinación cunha ampliación da esfera do cultural que desembocou no actual estado líquido da organización social (Jameson, 1984; Harvey, 1989 e Bauman, 2003). Noutras palabras, no transcurso da *mordenidade fordista* cara a *posmodernidade posfordista* (por empregar etiquetas coñecidas), que deu lugar tantas denominacións como autores a trataron de analizar, emerxeron innumerabeis procesos sociais perversos (outros, como veremos, máis positivos) que son visíbeis en distintos síntomas sociopolíticos e económicos: libre circulación do capital, desaparición da clase media, aniquilización dos dereitos dos traballadores e nova división internacional do traballo, perda de soberanía do Estado-Nación, difuminación *de facto* da división de poderes, desequilibrios na distribución da riqueza, deterioro medioambiental, entre outros. Isto xerou unha “profunda sensación de desacougo” que Fredric Jameson deu en chamar o “imperio do borroso”. Neste campo de cultivo, xustaposto, fractal, multidimensional e variábel, moitos autores identifican unha compoñente espacial ata o momento descoñecida ou, se se quere, non feita explícita nos metarrelatos anteriores. Deste xeito, o que se pretende

aquí é facer un repaso do excepcional valor teórico e científico de moitas aportacións realizadas dende plataformas tan diversas como a crítica cultural, a ciencia económica, a socioloxía, os estudos de xénero, a lingüística, a antropoloxía social e, tamén a xeografía radical por citar as máis representativas das manexadas neste estudo.

Pero ademais, este apartado cobra unha especial relevancia xa que, ao presentar a nosa hipótese de partida –o colapso do territorio- díxose que unha das causas principais de tal situación foi o proceso de adaptación das novas formas ou tendencias de vida ao capital espacial fixo anterior. É dicir, eses novidosos procesos sociais e culturais tan só chegaron a provocar, na maioría dos casos, unha modificación superficial do territorio ou, nen sequera. Pazos de congresos, eventos socioculturais, megainfraestruturas sen contido, estadios deportivos, cidades da cultura, das artes e das ciencias, circuítos de competición, praias artificiais son circunstancias do “urbanismo máxico” –emulando a Mike Davis-, que nacen para desaparecer ao capricho do sistema económico imperante. Velaí a importancia de facer repaso a conciencia destas realidades. A súa posterior traslación á realidade territorial galega, dará unha guía xeral de síntomas que poderemos aplicar para dar explicación a distintos episodios que saen nos xornais a diario.

No capítulo 4 abordamos unha cuestión complementaria dos dous anteriores. Se efectivamente os estudos xeográficos están a ter unha relevancia notábel no contexto das Ciencias Sociais e, ademais, pódese comprobar unha emerxencia do “espacial” nos últimos decenios vencellada a cambios na esfera do cultural e do sociopolítico, por que non se ten afortalado un discurso xenuíno de base espacial entre os distintos autores, escolas e tradicións da Teoría Social Crítica? Esta pregunta intenta atopar alguna resposta baixo o epígrafe “A necesidade dun discurso espacial para as Ciencias Sociais”. Faise mostra do debate enfrontado que existe no seo da ciencia xeográfica protagonizado por Edward Soja (xunto con algúns xeógrafos posmodernos e poscoloniais como Claudio Minca), por un lado, e David Harvey (apoiado por Doreen Massey, Neil Smith ou Don Mitchell); uns acusan a outros de non ter en conta a base espacial nas súas análises e os outros respostan que o espazo “sempre estivo aí” (dalgún xeito), pero que cómpre alonxalo da súa fetichización como mercancía, marca ou simple panfleto. Tentarase chegar a puntos en común, sobre todo, porque dende fora da xeografía, si se observa a necesidade dunha discurso espacial polo menos dende que Henri Lefebvre impulsara as súas ideas sobre o dereito á cidade e a produción social do espazo (Lefebvre, 1970 e 1974).

As *Geografías Postmodernas* (1989) de Soja fan análise das aportacións de Lefebvre para ser recollidas nun discurso xeográfico que fose unha interpretación social alternativa da realidade comezando dende a xénese do pensamento. Unha década antes, Harvey, xa manexara todo ese corpo teórico no seu *Urbanismo y Desigualdad Social* (1973), mais, se

cadra, non dende un punto de vista tan transformador dende o punto de vista epistémico e ontolóxico. É dicir, non buscaba un “xiro” da cosmovisión analítica, senón que tratou de enriquecer a dialéctica interpretativa do materialismo histórico, engadindo a compoñente espacial (procurando os vectores xenuínos da produción do espazo). Noutras palabras, un intento por facer evolucionar o método científico marxista cara un denominado materialismo histórico-xeográfico. Probabelmente, sexa a partir da teoría do valor a ferramenta máis certa para comezar a profundizar nesta idea. En concreto, dos procesos especulativos que xurden das expectativas xeradas polas fluctuacións experimentadas polo valor de cambio do solo (Harvey, 1973 e 1985).

Os tres seguintes capítulos antes da conclusión, o 5, o 6 e o 7, pretenden presentarse como comprobacións plausíbeis do proceso de colapso territorial que se dá na Galiza. Constitúen pois, exemplos de adaptación ou cambio superficial sobre o capital espacial fixo herdado. Adaptación de modos de vida urbana a un imaxinario non desenvolvido nin planificado a ditos efectos e cambio superficial de infraestruturas e realidades que non chegan a converterse en verdadeiramente estruturantes das lóxicas socioeconómicas. Dos moitos exemplos relevantes que se poderían traballar preséntase dous dos máis particulares: por un lado, o proceso de diseminación residencial que se manifesta dende a década de 1990 nas áreas metropolitanas das cidades galegas como expresión do proceso de adaptación e, por outro, a planificación e xestión da cidade histórica de Santiago de Compostela como exemplo do paroxismo do cambio superficial. En suma, ambos os dous elementos do sumatorio resultante do colapso.

No primeiro dos casos (capítulo 5) afróntase o proceso dinámico de substitución da unidade residencial básico que estrutura o territorio fora das cidades. Esa unidade residencial en orixe era, na Galiza, a aldea -ou o caserío ou o casal- que convivía nunha situación de equilibrio simbiótico con outros compoñentes de organización: o eido produtivo (labradíos e forraxes), o monte (alto e baixo) e, finalmente o viario. Orixinouse unha ocupación humana do territorio baseada na existencia de pequenos núcleos de carácter compacto, dando lugar a unha sensación de poboamento disperso, nun hábitat concentrado (xa que se chegaron a contabilizar máis de 33.000 núcleos de poboación habitados en pouco máis de 29.000 quilómetros cadrados). A aldea foi paulatinamente substituída por outra unidade residencial “promovida” por un aumento da presión residencial sobre solo que deu lugar ao xurdimento da vivenda como novo elemento estruturante do sistema de ocupación. Loxicamente, como veremos, este cambio foi motivado pola propia transformación do sistema económico e produtivo, dando lugar a un proceso, nunca visto até datas moi recentes, de diseminación do tecido residencial. No momento no que se produce a capitalización das rendas agrarias e da chegada de aforros procedentes da emigración, favorecido por unha serie de normas de regulación do solo caracterizadas pola laxitude, déixanse de cultivar o espazo campesiño e

aparecen, comezando polas mellores agras, casas ailladas que se van proliferando ata ocupar case por completo o antigo eido produtivo.

Este proceso, que nin ten ver co modelo tradicional de ocupación do territorio na Galiza nin tampouco coa denominada “cidade difusa”, alumada por Francesco Indovina (2007) e que constitúe unha estratexia planificada a diferenza do caso que nos ocupa que é fundamentalmente un fenómeno herdado, na nosa opinión, pode considerarse un proceso de adaptación do capital espacial fixo xerado polo capitalismo no país e resulta certamente visíbel cando se analiza detidamente o funcionamento de aspectos como a mobilidade laboral de base diaria ou a xestión de diversos sistemas e redes urbanas.

O capítulo 6, pola súa banda, estará centrado na presentación do concepto de “colapso”, aproveitando a recente achega realizada polo politólogo Carlos Taibo (2016). Neste sentido, partírase de traballos previos realizados por Jared Diamond (2005) ou Joshep A. Tainter (2006) para poder ofrecer unha construción do concepto dende as múltiples visións existentes no seo das ciencias sociais e naturais. A intención, en calquera caso, será a de optar por unha conceptualización próxima ao pensamento da ecoloxía e, por tanto, moi en relación cos distintos estados nos que se pode presentar un sistema ou comunidade. Tras un traballo de síntese e valéndonos do termo de complexidade, poderase establecer unha definición para o colapso e, deste xeito, presentar o corpo da Teoría do Colapso Territorial en Galiza. Finalmente, realizarase, a través de diversos indicadores, unha comprobación da mesma baseada en dous grandes principios: a redución da humanización e a perda de biodiversidade. Ambos dramáticos procesos amosarannse irreversíbeis e case imposíbeis de xestionar dende as prácticas políticas máis habituais das coñecidas dende a segunda guerra mundial.

O penúltimo dos ensaios que se presentan (capítulo 7), vai procurar as lóxicas do colapso territorial no universo urbano de Galiza, centrándose no seguinte dos casos cmoentados; é dicir, nos procesos de contrución social do espazo experimentados na cidade de Santiago de Compostela dende finais da década de 1980. Se o escenario urbano foi un recurso nutricional da obra de diversos autores considerados referenciais neste traballo, cumpríu indagar no seu seo, inmersos na lóxica periférica e atlántica, para consolidar a teoría proposta a través de fenómenos e episodios destacados no eido demográfico, urbanístico (en sentido estrito), xeosocial, económico, político e cultural. Deste xeito, a transformación das estruturas urbanas de Compostela trouxo consigo, cando menos, dúas cuestións relevantes debuxadas a escalas distintas; se ben, deu lugar a un novo imaxinario a no nivel da cartografía urbana internacional como “espazo de excelencia”; a nivel local, o proceso non estivo exento de problemas vinculados con síntomas como a xentrificación, a expulsión de contixentes demográficos cara a periferia, a especulación urbanística asociada, en determinados casos, á

corrupción política, a “hipertensión” de tráfico rodado ou o abandono dun discurso xenuíno do modelo de cidade substituído por unha textualidade de “cidade santuario”.

Antes de presentar o capítulo de conclusións (o 9), aínda queremos ocuparnos –no apartado 8- dunha cuestión, se cadra, máis política. É que, mentres que a espacialidade foi interpretada por diversos contixentes de persoas conscientes e, dalgún xeito, recuperada para o ben común, a realidade das axendas e dos programas políticos do contexto da Europa Occidental, seguían a deixala nun plano secundario. Neste sentido, o caso da corpo ideolóxico do nacionalismo galego contemporáneo non ficou á marxe desta patoloxía. Así, neste apartado analizarase que tipo de tratamento recibiu a cuestión espacial e cal foi o resultado: unha especie de “amplo consenso” nas liñas estratéxicas xerais entre as diversas interpretacións do espectro ideolóxico, polo menos na Galiza. Finalmente, lanzaranse algunhas reflexións de actuación futura; unha sorte de cadro utópico que necesariamente pasará por emprender un proxecto radicalmente distinto ao imaxinado hai pouco decenios, con ferramentas necesariamente distintas ás empregadas para chegar até aquí e con conceptos de interpretación da realidade social que introduzan variábeis alternativas ás empregadas polas narrativas hexemónicas da teoría social crítica.

En síntese, esta Tese de Doutoramento constitúe un ensaio de construír un discurso científico de base espacial –poñendo o espazo en primeiro lugar- para explicar que os cambios socioeconómicos inducidos polo mundo capitalista provocaron una situación de colapso no sistema territorial de Galiza. Dito doutro xeito, este estudo pretende analizar o colapso territorial como a solución espacial que o capitalismo dictou para Galiza e para outros territorios espoliados. Para tal obxectivo, partimos da base da Teoría Xeral de Sistemas e incorporamos o corpo teórico herdado da lóxica espacial da acumulación de capital explicada entre outros por David Harvey. Finalmente, hilvanamos toda esa bagaxe teórica en dous imaxinarios xeográficos coñecidos ou dúas paisaxes en constante transformación: a rexión metropolitana do Golfo Ártabro e o acusado proceso de descomposición diseminada e a cidade histórica de Santiago de Compostela e os fenómenos de (de)construción do lugar.

2. A XEOGRAFÍA GALEGA EN CONSTRUCCIÓN SOMOS NÓS!

Logo dunha longa espera, podemos consensuar que a xeografía, no contexto das ciencias sociais na Galiza, áchase nun período de auxe ininterrompido desde hai –máis ou menos- unha ducia de anos. Porén, aqueles que conformamos a comunidade científica da xeografía, non debemos estar satisfeitos nin dar demasiadas mostras da “euforia do gañador”. Fundamentalmente, porque esta afirmación, apesar de certa, é aínda feble e recente. Polo tanto, non estamos diante dunha situación de hexemonía cientista –nin sería desexábel para a nosa disciplina- nin tampouco, nós conformamos unha comunidade ampla e organizada, senón que máis ben, debemos falar de que esa situación de auxe á que faciamos referencia ao comezo, constitúe o resultado do facer e do pensar dunha colectividade diversa e dispersa que, polo xeral, recibiu menores axudas institucionais que outras do seu ambiente (nomeadamente a Filoloxía, a Historia e a Historia da Arte).

Unha cuestión distinta do entusiasmo histórico e da desbordante fachenda, é o orgullo. Orgullo como síntoma de dignidade. Orgullo de sermos xeógrafos/as nun país sobre-necesitado de estudos de base espacial e territorial, pero que viviu na ignorancia máis profunda neste sentido; de costas á xeografía. Entón, autoestima; claro, pero moi matizada pola prudencia e a humildade. Seguimos a ser a irmá pobre das ciencias sociais, pese a quen lle pese.

Propoñemos nesta pesquisa indagar nos razonamentos lóxicos que nos levaron a deducir a afirmación que encabeza o texto. Seguiremos, para isto, unha dialéctica particular, onde o contexto histórico vaimos axudar a comprender certas patoloxías endémicas sufridas, e onde o espazo e o territorio, como campo de estudo da xeografía, configurará as eivas fundamentais da nosa situación científica, académica e profesional na Galiza.

Ademais, empregaremos unha achega imprescindible nos estudos de base territorial: a introducción da mudanza de escalas e o seu cruzamento comparado. Pretendemos así, responder a unha serie de cuestións de partida; cal é a situación da xeografía no contexto cientista internacional? e ibérico? cal foi a súa evolución? como é percibida a situación da xeografía galega nestes ámbitos? cal é a importancia do labor académico e profesional da comunidade xeográfica galega alén do noso entorno máis próximo?

Após estas cuestións, entraremos de cheo na análise interna da situación da nosa disciplina. Será tema certamente incómodo pero necesario. É preciso abordar sen hipotecas o que está a suceder no noso país coa xeografía. Así de entrada, apuntaremos a seguinte consideración: a responsabilidade da situación dos estudos xeográficos na Galiza recae principalmente e a priori sobre as institucións –e as persoas que as conforman, en última instancia- onde a xeografía tivo un papel preponderante e case exclusivo; nomeadamente a universidade e, nos últimos tempos a administración pública.

2.1.- Unha (re)visión da imaxinación xeográfica no contexto da comunidade científica internacional 1950-2005.

Con frecuencia abórdase en diferentes memorias académicas e proxectos docentes a cuestión da evolución conceptual e metodolóxica da xeografía no contexto da historia do pensamento científico e, en concreto, no seo das Ciencias Sociais. Este exercicio faise necesario por diversos motivos. Cómpre definir o obxecto de estudo, o método de traballo e recoñecer a linguaxe coa que se expresa a xeografía para, xenericamente, establecer a posición do seu corpo teórico e metodolóxico en consonancia co conxunto da ciencia. Para acadar este obxectivo, é preciso posuír un coñecemento notábel da evolución do pensamento e da práctica da mesma. Estes fundamentos teóricos e metodolóxicos constitúen o froito dun devir evolutivo, no que se teñen producido cambios que afectan á súa propia definición, modificándose os intereses dos investigadores, cristalizando distintas tendencias e enfoques, en función da multiplicidade de factores e de influencias, tanto internas como externas.

Como punto de partida xeral, pódese dicir que as ciencias non son algo independente das influencias da sociedade, senón que forman un todo coa mesma. As realidades sociais non son estáticas senón que están sometidas a un constante proceso de reflexión. A evolución das sociedades, coas súas crises e cambios, leva implícita unha transformación das ideas, que unhas veces precede a mutacións sociais e outras supón a súa consecuencia (Sampedro, 2008). As ciencias reflexan en boa medida os cambios que se producen nas relacións sociais, os cambios no xeito de comprender o mundo e se atopan nun proceso de continua reformulación dos seus plantexamentos e cuestións, axeitándose á evolución das propias contradicións sociais e á introdución de novas correntes de pensamento.

A xeografía non é distinta nisto ás demais ciencias, atopándose inmersa no devir xeral do pensamento humano. Aínda así, os ritmos que a afectan son cualitativamente distintos, podendo afirmar que a súa evolución non tivo un desenvolvemento liñal, con clara e perfecta contunidade no seu proceso e formulación teórica. Os diferentes períodos de solapamento de ideas, de momentos de arraigo e difusión estábel e mesmo de posturas dialecticamente

enfrentadas, xunto coa constante influencia do devir social¹⁵, deron lugar a un característico rasgo de acentuado pluralismo e diversidade nas construcións conceptuais e metodolóxicas (Unwin, 1992). Esta heteroxénea paisaxe de tradicións, tendencias, enfoques, correntes ou escolas, que pode crear no comezo, unha certa sensación de confusión, constitúen, por enriba dos desencontros e polémicas cos que esta diversidade se ten manifestado en ocasións, unha fonte moi valiosa de aportes conceptuais e metodolóxicos, de novas reflexións teóricas e apistemolóxicas, que continúan contribuindo a enriquecer e afortalar o desenvolvemento teórico e práctico da disciplina.

Para este itinerario, resulta de especial relevancia, analizar a evolución da conceptualización xeográfica partindo do apoxeo da chamada *Nova Xeografía* (revolución cuantitativa). Se ben a existencia de auténticas rupturas¹⁶ na evolución do pensamento xeográfico resulta un aspecto posto en relevancia en diversos estudos e tratados, supón unha cuestión amplamente aceptada que despois da Segunda Guerra Mundial prodúcese unha profunda renovación da xeografía, inseparábel da que ten lugar en todo o conxunto das ciencias sociais (Ortega Valcácel, 2000).

Como se sinalou na introdución, cómpre establecer o marco teórico e metodolóxico que deu lugar ao “tormentoso” caldo de cultivo que propiciou o precipitado de ideas que inundou á xeografía nos decenios máis recentes. Pero ademais, resulta necesario para encadrar o contexto dese proceso na Galiza, que supón o obxectivo básico deste exercicio: recoñecer as lóxicas teóricas e as dinámicas metodolóxicas que rexeron a evolución do corpo da ciencia xeográfica dende a segunda metade do século XX para interpretar os tempos de incorporación da xeografía galega no seu seo.

A xeografía ao longo da segunda metade do século XX –tanto se nos queremos referir estrictamente á xeografía humana como ao conxunto da disciplina- non se cingue unicamente ás dúas coñecidas e clásicas perspectivas, positivista lóxica e radical crítica, senón que, dende

¹⁵ A longa etapa de exploración, coñecemento e colonización do territorio; as demenadas sociais e políticas de distintas épocas; a aparición e difusión de determinados fenómenos que resultaron claves na evolución do noso sistema de vida, como o proceso de industrialización, urbanización, desenvolvemento tecnolóxico; a demanda de respostas fronte o xurdimento de novos conflitos, como consecuencia da sociedade, do propio desenvolvemento económico ou derivadas das propias contradicións sociais (nomeadamente no tocante á desigualdade e pobreza e aos efectos ambientais e climatolóxicos); os avances científicos, a formulación e difusión de novas teorías, de novos xeitos de entendemento e construción social; constitúen todos aspectos que teñen condicionado o desenvolvemento da xeografía.


¹⁶ Existe unha certa coincidencia entre os historiadores da ciencia xeográfica en recoñecer que a segunda metade do século XIX constitúe un umbral decisivo na configuración e consolidación das bases epistemolóxicas e metodolóxicas do pensamento xeográfico. O denominado período da institucionalización da xeografía deu lugar a un proceso de crecemento da disciplina no ámbito universitario, combinado con algúns elementos de recoñecemento social como a aparición das Sociedades Xeográficas (Unwin, 1992).

Dende finais do século XIX até os primeiros decenios do século XX desenvólvese unha etapa na xeografía que moitos autores coinciden en denominar como “clásica”. Trátase dun período histórico extraordinariamente ricaz en propostas científico-filosóficas, particularmente dinámico en acontecementos políticos, económicos e sociais, e especialmente trascendente no que se refire á delimitación e definición das distintas ramas do saber. Na xeografía dominará o debate mantido entre as dúas grandes correntes de pensamento da época: o determismo e o posibilismo (Capel, 1981).

1960 e apartir de 1970, a xeografía adopta diversos e numerosos puntos de vista e é matizada por multitude de novas variabeis e aspectos como a percepción, a cuestión de xénero ou o cambio cultural. Esta idea de pluralidade de enfoques en xeografía, constitúe unha característica tardía do desenvolvemento desta ciencia no Estado español con respecto ao contexto internacional. Richard Peet, na súa obra *Modern Geographical Thought* de 1998, expón con claridade esta noción.

Aínda que o posibilismo francés estende a súa influencia até a década dos 1960 e memos dos 1970, o certo é que o novo contexto histórico que se debuxa apartir dos 1940 pon cada vez máis en evidencia as limitacións e insuficiencias da xeografía clásica e de paso a unha das súas maiores rupturas dentro da evolución do pensamento xeográfico, a que se coñece como Nova Xeografía, que rematará por abrir unha “nova época” de definición e platexamentos teóricos e epistemolóxicos (Ortega Valcárcel, 2000). Aínda que este termo se asocia comunmente cos postulados teóricos ou cuantitativos, semella correcto falar de novas xeografías posto que tamén resultan novidosas outras alternativas que se conforman sucesivamente como a xeografía da percepción a xeografía radical ou a xeografía humanística.

Imaxe 2.1: Escolas de pensamento moderno e posmoderno en xeografía humana¹⁷.



Fonte: Elaboración propia a partir de *Modern Geographical Thought*, (Richard Peet, 1998).

¹⁷ Neste cadro observamos como todos os novos enfoques que se lle confiren á xeografía, aparecen máis ou menos a partir de 1970 cando a xeografía analítica inicia unha perda de peso e de credibilidade dentro da comunidade científica. Obviamente, algunhas tendencias inician un tímido desenvolvemento xa dende a década dos 60, pero é posteriormente cando toman o impulso definitivo.

Pódese dicir que durante a primeira parte do século XX, a xeografía estivo dominada por tres correntes de pensamento fundamentais. Por un lado, o contexto anglófono e a xeografía histórica británica que desembocou a partir de 1930 na xeografía culturalista norteamericana; polo outro, a tradición francesa e a escola rexional (que tamén tiña importancia nos ámbitos da xeografía física, sobre todo na bioxeografía e na ecoxeografía); e finalmente, a escola alemana da paisaxe.

Na segunda metade do século XX, a Xeografía, consolidada como disciplina académica no último tercio do século XIX, que experimentara unha primeira fase de esplendor durante o período chamado “clásico” (1900-1960) no contexto filosófico e científico do historicismo ou idealismo, ten que adaptarse ás transformacións xeradas pola sociedade contemporánea e polas outras ciencias sociais (economía, socioloxía, antropoloxía e historia). Debe demostrar que constitúe unha ciencia como as demais, e aportar algo específico ao conxunto de saberes que versan sobre as sociedades humanas e os seus problemas. Esta aportación incidirá sobre a importancia fundamental do espazo para comprender os procesos sociais, as desigualdades entre os distintos territorios ou a percepción do medio no que se desenvolve a vida dos individuos. Aparecen distintos conceptos de espazo, diversos tipos de xeografías¹⁸ e diversifícanse moi frecuentemente os temas das investigacións dos xeógrafos e os métodos empregados. A xeografía, como outras ciencias, quere ser “socialmente relevante”, axudar a comprender e, na medida das súas posibilidades, mellorar, un mundo en constante transformación.

Nas décadas dos 1960 e 1970, a causa desta situación, a dialéctica e o materialismo histórico atópanse no centro do debate intelectual moi vinculado a acción política e social. Existe unha forte sensibilidade polos conflitos sociais enmarcados en múltiples desigualdades. A cidade constitúese nunha das temáticas centrais dos estudos deste tempo. A socioloxía urbana e a economía do desenvolvemento convértese en disciplinas moi recurridas pola súa capacidade de integración e resolución de conflitos. Atopámonos diante do nacemento do pensamento radical moderno que gardará moita relación co compromiso ético das persoas.

Obviamente, a Xeografía e os seus representantes non fican nin alleos nin impasibeis a esta transformación. Destacan autores como W. Bunge, R. Peet ou D. Harvey no ámbito anglonorteamericano e P. George, Y. Lacoste ou J. Tricart en Francia. De todos os xeitos, como recorda Ortega Valcarcel (2000), é no ámbito norteamericano onde o enfoque neomarxista se integrou con máis forza constituíndo un novo marco teórico como alternativa

¹⁸ Teórico-cuantitativa, radical, humanista ou posmoderna.

crítica aos postulados anteriores en xeografía. O papel controvertido que comezaron a desempeñar os EE.UU ao comezo da Guerra Fría, xa non só na xeopolítica mundial, senón como principal escenario da aparición de desigualdades sociais derivadas dos procesos de rápida urbanización asociados a movementos migratorios a grande escala, que provocan segregación, discriminación e explotación, ademáis da creación de guetos, fixo posíbel a aparición de tendencias moi vinculadas á xeografía radical sobre todo de concepción marxista. Enmárcanse nesta peculiar palestra, as conversións aos postulados radicais-críticos de Bunge e Harvey, que ate aquel momento eran significados xeógrafos analíticos.

Para contextualizar¹⁹ o proceso no que se quere desembocar, aprésentase as ideas básicas das grandes correntes que dominaron o pensamento xeográfico durante a segunda parte do século XX:

- A. A **xeografía anglonorteamericana** constitúe un dos pilares básicos sobre os que se asentan as teorías e os métodos da ciencia xeográfica dende os anos 1950. A xeografía británica e norteamericana, unidas, en grande medida, pola comunidade idiomática, son protagonistas das tendencias máis recentes e importantes da nosa ciencia. Partindo de análises intuitivas baseadas na recompilación de datos do pasado, os xeógrafos británicos destacaron no cultivo da xeografía histórica que pretendía analizar a través do tempo os cambios de tipo xeográfico-espacial na paisaxe (García Ramón, 1985).

A tendencia cultural ou culturalista norteamericana, moi ligada á figura de Carl Sauer e a escola de Berkeley, convertiuse no enfoque máis orixinal até a década dos 1940 ao outro lado do Atlántico. Entronca coa xeografía histórica británica na súa preocupación constante por analizar a paisaxe histórica ao longo do tempo. Para a realización de investigacións empregan informacións de escaso rigor, por mor da feble calidade dos datos históricos, apesar da riqueza excepcional dos arquivos británicos. Fronte a este impedimento, deben basearse noutras metodoloxías. Por iso, confíreselle especial importancia ao traballo de campo, que en moitas ocasións resultaba complexo, xa que a realidade territorial que expresaban as referencias históricas consultadas non se vían reflectidas na configuración do espazo actual, consecuencia da modificación paisaxística acontecida co paso do tempo. Este tema erixiuse como un dos principais conflitos na xeografía histórica; o problema da reconstrucción das estruturas espaciais das sociedades doutras épocas apartir das fontes documentais.

¹⁹ No intervalo temporal que nos ocupa, podemos desbotar a tradición xermana que en grande medida foi fagocitada pola ciencia rexional grazas ao proceso de sistematización. A xeografía alemana, en especial Alfred Hettner, aportou a sistematización e a ordenación do territorio, baixo novos presupostos, conferíronlle un fundamento filosófico, en orde a xustificar o xiro epistemolóxico. Ao mesmo tempo proporcionaban unha estrutura á disciplina, baseada na nova concepción, establecíanse, de forma razoada, as relacións entre xeografía xeral e rexional (Claval, 1973).

Para os xeógrafos norteamericanos daquela época e, en menor medida tamén, para os británicos, a asimilación da cultura das diferentes poboacións e civilizacións constituíu un proceso moderadamente sinxelo debido ao carácter colonizador de ambos estados. Por iso, non dubidaron en distinguir dúas partes do concepto de cultura, unha constituída por todos os obxectos materiais e outra formada por elementos inmateriais como a lingua, a relixión e outros directamente adscritos a un territorio. Esta distinción separa ao amplo concepto anglonorteamericano da paisaxe do máis clásico “*landschaft*” da escola alemá que continuaba sumerxida en connotacións físicas ou, pola contra, artísticas e literarias.

O debate neopositivista instálase en Gran Bretaña durante a década dos 1960, a partir das novas liñas metodolóxicas aparecidas en Norteamérica como alternativa tenta rachar definitivamente coas tendencias historicistas e culturalistas predominantes no paradigma anterior. Trátase, pois, de reclamar a xeografía como unha auténtica ciencia partindo dos postulados filosóficos do neopositivismo, construindo unha disciplina abstracta co fin de crear un teoría xeral cun corpo de leis de coñecemento; polo tanto, unha xeografía teórica e cuantitativa²⁰. Esta xeografía estaba preocupada polo manexo de novas técnicas matemáticas e estatísticas para a interpretación dos datos con atributos espaciais. En definitiva, unha nova disciplina que se afastaba da singularidade, através do discernimento deductivo e entendendo o espazo como un concepto euclidiano, onde poder utilizar os modelos teóricos das ciencias puras. A *Nova Xeografía*, coñecida tamén como xeografía analítica, ten os seus antecedentes en todas as teorías de localización formuladas dende Von Thünen, Weber, Christaller ou Lösch. O debate sobre a oportunidade do novo paradigma científico toma importancia e relevancia co traballo publicado en 1953 por F. K. Scheafer²¹. Este xeógrafo alemán residente nos Estados Unidos plantexa a disciplina como un coñecemento sistemático que trata de estudar regularidades a través de leis de carácter xeral, compartindo a metodoloxía das ciencias físicas e aplicando novos instrumentos matemáticos á análise das distribucións espaciais.

Agora ben, a introducción dos novos modelos explicativos, como o gravitatorio, e a aplicación de teorías, como a dos lugares centrais ou a da localización,

²⁰ A opción cuantitativista da xeografía insérase na concepción universalista e unificada da ciencia, no seu carácter neutral de racionalismo experimentalista, que resume o substancial do pensamento filosófico-científico do *Círculo de Viena* e do *Grupo de Berlín*. O pensamento filosófico desta corrente sitúa a experiencia sempre como punto de partida. Tamén a Sociedade de Filosofía Empírica de Berlín e outros autores como Bertrand Russell, realizaron traballos encadrados na perspectiva filosófica analítica, rexeitando os termos do discurso kantiano e hegeliano e revalorizando o pensamento de David Hume (Ortega Valcárcel, 2000).

²¹ “Exceptionalism in Geography. A methodological Examination”, *Annals of the Association of American Geographers*, 1953.

é discutíbel que se poida interpretar como un cambio de paradigma, senón como un episodio máis de “ciencia normal” en xeografía. A xuízo de Thomas F. Glick, a aparición destes modelos moi valorados nos anos 1960, e a súa interpretación como cambio paradigmático, “omite recoñecer que nunca houbo unha teoría xeral da xeografía ou da acción espacial ... (por iso) ...non se pode esperar que tratemos a disciplina como unha secuencia de sucesos simple e lineal ou como unha sucesión de ideas. Máis ben, debería ser tratada como unha mistura de escolas coexistentes e en competencia unhas coas outras” (Glick, 1994). Malia todo isto, a revolución cuantitativa acadou un enorme prestixio e difundíuse a todo o mundo, resultando “familiar ao mundo progresista do norte, ao mundo latino retrógrado, ao mundo do Leste á marxe das grandes correntes de pensamento e ao de unha Franza, metade norteña e metade mediterránea, que demostra unha bipolaridade característica. Os autores indíxenas de fora da órbita angloalemana, ou ben son comprensivos, ou ben nalgúns casos, sítense intimados por ela” (Glick, 1994)

Para Paul Claval, que con autores como Chorley, Haggett, Jonhston ou Harvey difundiron a través das súas obras as novas teorías, leis e modelos en Xeografía, houbo un factor que resultou determinante para a maduración da *Nova Xeografía*, que foi a aparición das novas formas de comunicación internacional que supuxeron unha multiplicación dos contactos profesionais. Claval argumenta que o interés por crear unha teoría e as facilidades das comunicacións minimizaron as diferencias na Xeografía Humana entre os distintos Estado-nacións, ademais, sinalou que a orientación deste campo pasou a non depender dos niveis de desenvolvemento de cada país. En todo caso, convén lembrar que o acceso á ensinanza das matemáticas e aos modelos informáticos non supuxo un fenómeno homoxéneo, senón que presentou verdadeiros problemas en moitos países e foi unha restricción claramente infraestructural e orzamental.

Nesta época, os contactos entre a xeografía británica e a norteamericana intensificáronse e foron numerosos os xeógrafos que se trasladaron dende Gran Bretaña cara aos EE.UU. Tamén hai que dicir, que se multiplicaban as publicacións editoriais conxuntas en ambos países, dando lugar a unha seria plataforma de colaboración a raíz da xeografía analítica-cuantitativa. Por iso, os máis importantes xeógrafos que até ese momento defendían os postulados da *Nova Xeografía* ou estaban afincados nos Estados Unidos ou irían residir alí en estancias de maior ou menor duración (Harvey ou Berry foron xeógrafos que se asentaron definitivamente), a principios da década dos 1970. Por un lado, R.J. Chorley e P. Haggett, coordinadores da obra *Models in Geography* (1967), e, por outro, D. Harvey que elaborou un dos estudos en xeografía analítica máis recoñecidos e difundidos, *Explanation in*

Geography (1969), constitúen os impulsores máis destacados da *Nova Xeografía* no contexto anglonorteamericano, sen esquecer a moitos outros, entre os que destacan S. Gregory ou B. Berry. Polo tanto, neste ámbito comeza unha reestructuración, provocada polas novas concepcións metodolóxicas, nos departamentos de xeografía, a pesar de que os máis claros defensores de xeografía cultural e histórica non se plantexaban a posibilidade de renunciar á unha liña de traballo, baseada nos arquivos e nos datos históricos.

Para cumprir o obxectivo de establecer *leis xerais*, a xeografía teórico-cuantitativa aplica o método deductivo, fundamentado nos postulados das ciencia física e especialmente no pensamento de K. Popper. Critícase abertamente o método inductivo e sinalase que unha hipótese só pode contrastarse empiricamente despois de ter sido formulada, é dicir, mediante a aplicación do método deductivo. A grande importancia que se lle concede ao razonamento teórico supón unha das bases que caracterizan ao método científico. No *Theoretical Geography* (1962), William Bunge chega a afirmar que “a teoría é o corazón da ciencia, porque a teoría científica é a clave do quebracabezas da realidade” (Bunge, 1962). Neste sentido, o valor último do método cientificamente recoñecido sería a capacidade de formular teorías que permitan a predición, como proba coa que unha teoría pode ser demostrada, alén de ser o resultado mesmo resultado da teoría. É por iso que Bunge prefire designar á *Nova Xeografía* como xeografía teórica, xa que na súa base estaría a construción de teorías mediante un pensamento razoado cargado de abstracción, coa axuda dunha linguaxe formalizada.

A elaboración de modelos, como representacións idealizadas e simplificadas da realidade que tentan aclarar determinadas características, implicou a axuda de métodos cuantitativos e o emprego da informática para tratar os datos (Unwin, 1992). Asociado a eles, aparece outro rasgo que define o enfoque cuantitativo, a adopción dunha linguaxe matemática, que se converte en camiño de transferencia de teorías e conceptos entre distintos campos da ciencia. O que se pretende, en definitiva, é conseguir unha base matemática común a toda a ciencia e o rigor na formulación das teorías e de todo o proceso de investigación.

O neopositivismo, en último termo, supuxo aportacións notabeis á xeografía, aínda que nunca alcanzou un nivel de preponderancia tan elevado como o conseguido pola xeografía rexional, polo menos nos países non anglonorteamericanos, e ademais foi obxecto dunha estreita marcame e dun acoso crítico dende diferentes frentes. Tal vez por esta razón e a pesar da súa tendencia normativizadora, o neopositivismo comportouse en moitos ámbitos como unha corrente moi pouco dogmática que acabou

introducindo na xeografía algúns aspectos que hoxe forman parte do seu acervo epistemolóxico.

Quedando coa parte positiva, o certo é que a xeografía gañou moita transparencia no debate científico e rigor nas formulacións e principios metodolóxicos; do mesmo xeito, a xeografía cuantitativa, máis alá das simplificacións, reforzou dende o punto de vista instrumental e das técnicas de análise a investigación dos xeógrafos. En definitiva, contribuiu a tratar mellor os problemas máis complexos e conquistar unha maior fortaleza explicativa nos traballos de investigación xeográfica.

Porén, para algúns autores, esta teorización da espacialidade carece de valor explicativo. Van ser os xeógrafos e os sociólogos máis integrados na tradición radical-crítica os que constitúan un intento de explicar a realidade, os que leven a cabo un proceso de reespecialización da teoría. Este proceso vai supor un compromiso maior coas ciencias espaciais que coas disciplinas do coñecemento espacial abstracto, polo que van estar máis preocupados polas estruturas espaciais que polas relacións sociais. Dende este punto de vista, será, E.W. Soja, moi crítico co ríxido historicismo do marxismo británico, influído polo neomarxismo norteamericano e polas tradicións máis eclécticas do marxismo francés, tanto nas liñas máis existencialistas como as marcadas polo estruturalismo, quen desenvolva e protagonice a re-especialización. Neste senso, admite que a Xeografía posmoderna constitúe unha velada instrumentalización do poder, é dicir, o control dos individuos supón o control do espazo. Ademais, este autor vai elaborar modelos espaciais novedosos achegándose às teorías de desenvolvemento xeográfico desigual que, aínda que descoidando o modelo económico, é dicir, non entrando a analizar as forzas de produción, as relacións de productivas ou o modo de produción que causa os desequilibrios espaciais, desemboca nunha nova conceptualización onde as palabras clave van ser: nodalidade e periferialidade. Na súa explicación, Soja, vólcase na idea de que o historicismo do pensamento occidental estableceu barreiras para chegar a unha adecuada conceptualización da espacialidade na teoría social, e conclúe afirmando que o historicismo é reaccionario porque sobreimpuxo un idealismo evolucionista sobre os procesos de reestructuración que por natureza son espaciais e sincrónicos (Soja, 1989).

En definitiva, a escola anglosaxona de xeografía constitúe unha das máis importantes da ciencia xeográfica contemporánea. Os seus estudos son moi numerosos e versan sobre diferentes temáticas asumindo distintas teorías, correntes de pensamento filosófico e metodolóxico. Esta riqueza producida ao longo de moitos decenios de inmersión nas preocupacións espaciais das actividades humanas en relación directa co seu medio físico, supuxo que as investigacións desenvolvidas por esta escola fosen

fundamentais para o desenvolvemento da nosa disciplina en moitos outros países con menor tradición.

- B. A partir dunha actitude crítica común á xeografía cuantitativa, comezan a se desenvolver distintas propostas que, dende plantexamentos diferentes, van acabar conformando unha pluralidade de enfoques entre os que destaca, pola súa maior incidencia no conxunto da disciplina a **xeografía radical**. Este tipo de propostas revalorizan o papel do colectivo e do social fronte á mecánica neopositivista que, centrada na modelización e a linguaxe matemática, amosaba un mundo aséptico, neutral, deshumanizado e estático, indiferente e cada vez máis alonzado da dinámica social e dos problemas complexos da realidade.

Prodúcese así un cambio sustancial nas bases científico-filosóficas vixentes e xurden novos plantexamentos metodolóxicos así como unha diversificación temática, que supón unha ampliación de horizontes e un enriquecemento considerábel da disciplina. Aínda que a miúdo, se fala dunha xeografía radical, froito máis dunha abusiva simplificación conceptual ou dunha contraposición de paradigmas, son múltiples en realidade as perspectivas radicais en xeografía, xa que son diversos os ámbitos de nacemento e desenvolvemento, variados son os seus pronunciamentos e direccións, e complexa a súa evolución, o que impide leituras unidireccionais e interpretacións pechadas (Gómez Mendoza, Muñoz Jiménez e Ortega Cantero, 1982). Así e todo, estes plantexamentos téñense asociado xeralmente cunha xeografía de “esquerdas”, crítica e socialmente comprometida que, como puxo de manifesto García Ramón, supuxo unha evolución da xeografía como ciencia (no senso clásico do termo) a unha concepción de xeografía como ideoloxía (García Ramón, 1977).

Os factores que explican o xurdimento e desenvolvemento da xeografía radical son múltiples e diversos, aínda que son tamén claramente sociais e se relacionan cunha serie de cambios acontecidos na década de 1960, que afectaron ao sistema de relacións internacionais e ao conxunto da sociedade occidental (Capel, 1981). No trancurso da década de 1960, comeza a deseñarse, por unha banda, un novo escenario no panorama global das relacións internacionais debido esencialmente a tres acontecementos: a culminación do proceso de descolonización e o xurdimento do *Movemento dos Países non Aliñados*; a crecente preocupación polo conflito do subdesenvolvemento, plantexado agora dende unha nova óptica ao entenderse como unha consecuencia directa da desigualdade nos intercambios e dos mecanismos de dominación capitalista; e finalmente, o reforzamento das alternativas revolucionarias, que toman corpo en diferentes países como Cuba, China, Arxelia ou Vietnam.

Por outra banda, nas sociedades occidentais exténdese un clima de inconformismo e crecente contestación cara o modelo de desenvolvemento económico imperante, que foi incapaz de corrixir as desigualdades sociais e territoriais, e ademais está a ocasionar un grave deterioro ambiental e unha degradación das condicións de vida urbana. Comézase a sentir un desfase entre, dunha parte, a enorme capacidade produtiva e desenvolvemento tecnolóxico e, doutra, as condicións nas que se realiza a produción e o desigual reparto das riquezas (Capel, 1981). Neste contexto, explícase o clima de protesta que vivía a sociedade, particularmente no mundo universitario, tanto en Norteamérica como en Europa occidental, diante duns problemas aos que nin políticos nin científicos aportaban respostas satisfactorias²².

O afianzamento de novas posturas filosóficas vai estreitamente interrelacionado con este ambiente social, favorecido, sen dúbida, polos últimos “coletazos” da Guerra Fría, que permitiu un rexurdir do debate social dende unha perspectiva marxista no bloque occidental e unha diversificación das plantexamentos á marxe da ortodoxia sociética²³. Os plantexamentos científicos que sustentan o modelo económico e social dominante participan plenamente da mesma dinámica de cambio de finais da década de 1960, debido á súa incapacidade para dar respostas satisfactorias sobre o seu papel en relación cos valores fundamentais da cidadanía e da sociedade.

Resulta paradóxico que sexa precisamente nos Estados Unidos onde a corrente intelectual da dialéctica marxiana atope o marco acaído para o seu desenvolvemento, aínda que sexa de xeito individual e desorganizado. O exemplo máis rotundo da política económica do libre mercado acollía nas súas entrañas ao método de coñecemento materialista histórico. Pódese dicir, que o pensamento intelectual marxista occidental difería moito da inconsistencia teórica e práctica da fundamentación soviética da xeografía que se reducía a unha “fraseoloxía ideolóxica imposta” (Ortega Valcárcel, 2000) dende a dirección política. Existen xeógrafos como Baranskii ou Amelin que constitúen os abandeirados da xeografía soviética. Estes autores dirixían os seus esforzos cara a tendencias rexionalistas, desenvolvendo nelas unha defensa do modo de produción socialista até as últimas consecuencias. O marxismo occidental, pola contra, preséntase como unha crítica ao sistema capitalista e, mesmo no ámbito europeo, no que destacan intelectuais como Luckács, Benjamin,

²² Non é de extrañar, por tanto, que xurdiran os coñecidos movementos a favor dos dereitos civís, ou a oposición á guerra do Vietnam en Estados Unidos, ou o movemento estudantil de maio do 68 en París e outros lugares, que constitúen exemplos paradigmáticos deste clima social.

²³ A xeografía radical recibe fortes influencias da *Escola Frankfurt* (Marcuse, Fromm, Adorno, entre outros), que nos anos 1920 se opuxera aos postulados reduccionistas do *Círculo de Viena* e o *Grupo de Berlín*, defendendo unhas teses integradoras para todo o conxunto das Ciencias Sociais, baseadas nos postualdos marxistas e en estreita ligazón entre teoría e praxe, que supón un dos fundamentos da *Teoría Crítica* desta corrente de pensamento (Ortega Valcárcel, 2000).

Adorno, Sartre, Gramsci ou Lefebvre, constituía un “conxunto de investigacións teóricas sobre a cultura do capitalismo desenvolvido” (Anderson, 1998).

Na Franza, o emprego da metodoloxía científica marxista reducíase a un grupo de investigadores que se agrupaba en torno ao Partido Comunista Francés (PCF). En xeografía, a principal figura era Pierre George. A importancia desta tendencia de pensamento era notábel xa que gozaba dun certo dominio nos ámbitos universitarios e, incluso, mantiña influencia na decisión e atribución de postos docentes. Estes xeógrafos practicaban un tipo de xeografía apoiada na férrea crenza na base terrestre sobre a que se erixen as sociedades humanas e as súas transformacións, a diferenza da escola norteamericana que fundamentaba a súa xeografía nas disfuncións do sistema urbano. “Os xeógrafos marxistas franceses ignoraron a reflexión teórica sobre a disciplina dende os postulados da dialéctica materialista-histórica” (Ortega Valcárcel, 2000).

O mundo académico británico garda moita relación co norteamericano. Xa non só na tradición marxista, senón que, -como se viu- por exemplo, tamén atopamos algúns puntos de unión entre a xeografía histórica británica e a culturalista norteamericana. Esta ligazón, máis que metodolóxica, constitúe o resultado da obvia coincidencia idiomática que permitía a propagación da literatura científica-intelectual a través de publicacións xeográficas periódicas. Por iso non resulta extraño que os procesos que xurdían nos Estados Unidos apareceran, de modo similar, mais con matices, no Reino Unido. A partir de 1970, proliferaron a ambos lados do Atlántico pequenos grupos de profesores e alumnos que emprendían de xeito colectivo a lectura de Marx. Con isto, pretendíase buscar alternativas ao desenvolvemento das prácticas xeográficas que xurdiron con forza nos dous decenios anteriores e que descoidaban con demasiada frecuencia a realidade social da dinámica espacial. Se cadra estes grupos de lectura tiveron moita máis importancia no seu tempo, xa que foron os encargados de estudar e recensionar numerosas obras de corte marxista, dando lugar a unha aportación definitiva para a difusión do materialismo histórico.

Así e todo existen, como é natural algunhas diferencias, entre a tendencia de pensamento marxista norteamericano e a británica en xeografía. Na obra *Teoría y Método en la Geografía Humana anglosajona* (1985), García Ramón, sinala que no Reino Unido apareceu unha nova corrente que denomina “xeografía crítica”. Neste sentido, a obra do xeógrafo inglés D. Gregory, *Ideology, Science and Human Geography* (1978) recolle os esforzos desta corrente moi dirixidos a renovar “as ciencias sociais despois das crises postpositivista e postbehaviorista” (García Ramón, 1985).

A xeografía radical de corte marxista no ámbito norteamericano, estableceuse con relativa importancia, recollida en pequenos grupos de intelectuais aillados, como unha alternativa directa á organización espacial que estaba a tomar, especialmente no contexto urbano, o país a finais do século XX. Esta dinámica territorial respondía a procesos de índole social e económica e semellaba que só a través dunha crítica á conxuntura existente podían xurdir propostas alternativas para equilibrar o espazo. As novas preocupacións supoñían un profundo cambio conceptual; o espazo xa non era considerado euclideano e abstracto, senón que era un produto social e, polo tanto, podía adquirir numerosas formas en función dos diversos comportamentos e das actividades humanas. Porén, as técnicas que comezaran a aplicarse nas tendencias de corte neopositivista; estatística e cartografía dixital (só por citar algunhas), seguían tendo plena vixencia para o desenvolvemento das investigacións científicas en xeografía, a pesar de que agora, esta nova instrumentación da que se dotaba o xeógrafo, era empregada, baixo máximas de compromiso, para atopar propostas alternativas que reducisen as desigualdades e os desequilibrios. Estas propostas de transformación, necesarias para paliar as crecentes desigualdades, sostíñanse unicamente na modificación do comportamento e do pensamento social. O capital, tal e como sinala Marx, constitúe unha produción social e, independentemente dos factores de produción, as condicións suficientes para que exista acumulación de capital, atópanse na propia dialéctica do pensamento e do comportamento humano.

Nesta tendencia de pensamento radical na xeografía anglonorteamericana destacan numerosos autores e importantes obras que tratan os grandes conflitos das sociedades capitalistas avanzadas. Entre eles destacan as conclusións aportadas por Richard Peet na súa obra *Radical Geography: Alternative Viewpoints on Contemporary Social Issues* (1977) e dentro delas as ideas básicas dun dos artigos que compoñen esta obra, suscritas polo xeógrafo norteamericano William Bunge²⁴, co título “The first years of the Detroit Geographical Expedition”²⁵.

A xeografía radical foi un dos enfoques máis difundidos e máis eficaces, dende a súa desafiante certeza doutrinal, para desacreditar a insuficiencia que outros

²⁴ A historia deste xeógrafo é controvertida. No ámbito académico caracterizouse polo seu claro compromiso coa disidencia científica como mecanismo para combater á orde imperante. Este comportamento insurxente e convulsivo foi detonante para o inicio do seu veto por parte das autoridades federais e académicas que o levaron a se converter en taxista. Ao longo dos seus traxectos diarios polos suburbios, primeiro en Detroit, no barrio “negro” chamado Fitzgerald, e máis tarde en Toronto, que el consideraba expedicións xeográficas, puido sumerxirse no cerne dos conflitos sociais sacando conclusións a partir dun riguroso traballo de campo e sempre dende unha visión crítica e radical.

²⁵ Podemos atopar parte deste artigo traducido ao castelán baixo o título; “Notas de campo. El comienzo de la Expedición Geográfica de Detroit. Un informe personal” na obra dirixida por Bosque Maurel, J. e Ortega Alba, F. co título *Comentario de textos geográficos*, 1995, Oikos-Tau, Barcelona.

paradigmas presentaban para explicar os feitos xeográficos e dar respostas ao desencanto social desatado a finais da década de 1960. O significado do espazo, como unha constante evolución do pensamento xeográfico, constitúe e analízase dende unha visión alternativa nos postulados deste novo corpo teórico. O espazo, entendido como un produto social que se foi formando coas características da sociedade, convertírase no grande obxecto de estudo. O espazo é considerado como unha dimensión das sociedades nun momento histórico concreto, daí que a cada etapa histórica lle corresponda un espazo diferente. En consecuencia, toma un grande interese a análise dos procesos sociais previamente aos espaciais, ao contrario da xeografía analítica.

Dende a perspectiva marxista, as aportacións teñen sido incuestionables, sobre todo no que se refire á análise espacial. Unha análise que xa non se basa na explicación estática, causal e mecanicista, senón na dialéctica materialista, que acepta a existencia dunhas relacións mutuas entre os procesos sociais e as configuracións espaciais; e nesta relación adquire preeminencia a dimensión social, de tal xeito que o espazo aparece como un produto social. A aceptación por parte dos xeógrafos desta noción, implica necesariamente partir da estrutura social para coñecer a organización do espazo (Capel, 1981). Neste sentido, compréndese a posición central que ocupan na explicación espacial, ás súas diferentes escalas, o concepto de modo de produción e a descrición dos mecanismos do sistema capitalista.

- C. A proposta da **xeografía rexional** francesa, con antecedentes no posibilismo de Vidal de la Blache, supón unha aportación esencial, froito dun esforzo dilatado no tempo. Constitúe un corpo doutrinal que permite articular os dous planos -rexional e xeral- nun esquema relacionado no que se invirten as categorías positivistas, sen, aparentemente, renunciar ás bases científicas, e que foi o fundamento da organización da xeografía universitaria, durante decenios, no sistema docente de boa parte de Europa. A xeografía rexional coroa unha estrutura metodolóxica que arrinca da análise sistemática, para chegar ao coñecemento sintético.

Como é sabido, a corografía ou coroloxía constitúe o estudo da diferenciación por áreas da Terra. Remontándonos no tempo, xa Ptolomeo distinguía entre xeografía ou estudo da Terra no seu conxunto e corografía ou descrición de rexións determinadas. Esta diferenza atopou un paralelo na distinción establecida por Varenius no século XVII entre a xeografía xeral e a espacial, e máis recentemente entre a xeografía sistemática e a rexional como propuxo A. Hettner. A concepción rexionalista en Francia aséntase fundamentalmente sobre postulados filosóficos de base idealista neokantiana e fai da xeografía unha disciplina da diferenciación espacial. Converte á rexión, como segmento do espazo terrestre, no núcleo da investigación

xeográfica. Deu forma orgánica á xeografía como disciplina articulando os coñecementos sectoriais, de carácter analítico, segundo a nomenclatura rexionalista, coa síntese rexional, núcleo metodolóxico da xeografía. Desde esta perspectiva aparece como a formulación dominante e hexemónica, que foi compartida pola xeralidade da comunidade xeográfica até ben entrado o século XX. Como disciplina corolóxica da superficie terrestre, a xeografía, considera o conxunto dos fenómenos que compoñen dita superficie, inorgánicos e orgánicos.

A xeografía perfílase como a ciencia desta organización espacial. Se a xeografía é a ciencia corolóxica da superficie terrestre, ten relación tanto con todos os obxectos posíbeis da natureza orgánica como da inorgánica, así como cos da vida humana, pero non por eles mesmos, senón só en canto que sexan partes constitutivas dos diferentes lugares da terra (Claval, 1978). A xeografía, entón, defínese como a ciencia da superficie terrestre segundo as súas diferencias rexionais, é dicir, entendéndoa como un complexo de continentes, rexións, paisaxes e localidades.

Así, en Francia, o emprego da metodoloxía científica marxista reducíase a un grupo de investigadores que se agrupaba en torno ao Partido Comunista Francés (PCF). En xeografía, a principal figura era Pierre George. A importancia desta tendencia de pensamento era notábel xa que gozaba dun certo control nos ámbitos universitarios e, incluso, mantiña influencia na decisión e atribución de postos docentes. Estes xeógrafos practicaban un tipo de xeografía apoiada na férrea creencia na base terrestre sobre a que se erixen as sociedades humanas e as súas transformación, a diferenza da escola norteamericana que fundamentaba a súa xeografía nas disfuncións do sistema urbano. “Os xeógrafos marxistas franceses ignoraron a reflexión teórica sobre a disciplina dende os postulados da dialéctica materialista-histórica” (Ortega Valcárcel, 2000).

Porén, nesta situación convulsa a xeografía rexional vaise manter “activa”. Xunto a George, Yves Lacoste constitúe un dos principais expoñentes da xeografía radical en Europa; así é recoñecido por numerosos autores (Santos, 1990; Ortega Valcárcel, 2000) . A aparición en 1965 da súa obra *Geografía del Subdesarrollo*, sentou as bases para unha reformulación crítica no campo espacial e para unha nova proposición de alternativas de corte radical. A aparición da revista *Herodote*²⁶, como plataforma aberta para as xeografías e os xeógrafos críticos, consolida a nova

²⁶ A revista de xeografía *Herodote* forma parte dun conxunto de publicacións periódicas de corte radical, alternativo e crítico que estaban a xurdir por aquel entón (finais dos 60 e principios dos 70) entre a comunidade científica xeográfica. Ademais desta revista, destacan; en Estados Unidos, *Antipode. A Radical Journal of Geography* (1969) e no Reino Unido, *Area* (1968).

xeografía radical europea, impulsada polo propio Y. Lacoste e a publicación, por este xeógrafo, de *La géographie, ça sert, d'abord, à faire la guerre*²⁷, en 1976, identifica as novas orientacións deste grupo marxista francés, cun forte sesgo político, rexional ou xeopolítico.

- D. De todas as escolas que Peet distingue, son as dúas últimas, a **xeografía feminista**²⁸ e a **posmoderna/humanística**, que a pesar de non constituir a mesma tendencia xeográfica, manteñen puntos en común, as que teñen maior difusión no Reino Unido. Esta importancia tamén é recollida por autores como M.D. García Ramón (1985) cando sinala que a xeografía humanística e a posmoderna aparecen como novas tendencias que constrúe a súa base en torno aos valores dos individuos, as súas percepcións, vivencias e sentimentos, como alternativa ao ríxido positivismo lóxico anterior. Trátase de traspasar as barreiras do espazo abstracto, a través dunha experiencia orixinal do mundo entendido como un “espazo vivido”. Esta visión provoca que se fale dun espazo heteroxéneo que non está supeditado a leis de carácter xeral, senón que se constrúe tendo en conta a intencionalidade das persoas. Nas palabras de David M. Smith (Jonhston et al. 2000) a xeografía humanística británica desenvolveu os seus primeiros pasos xunto á xeografía do comportamento²⁹. Para o humanismo en xeografía as ciencias espaciais deben incluír, de xeito innegábel, un forte aspecto subxectivo, tanto do investigador como do obxecto investigado, por iso, unha das súas principais críticas ao establecido pola corrente neopositivista foi a súa extrema defensa da obxectividade. Polo tanto, estamos diante dunha tendencia que ten como centro fundamental ao home, os seus sentimentos, a súa percepción e as súas vivencias, que está moi preocupada pola construción social do lugar e do espazo.

No caso da xeografía fenomenolóxica humanística, que xurde a finais da década de 1970 como reacción ao neopositivismo, presenta un rexeitamento dos métodos cuantitativos como camiño para chegar ao coñecemento do mundo da humanidade e a súa relación co medio. O seu punto de partida atópase na incorporación á xeografía das teorías da percepción e o subxectivismo, na súa vertente antipositivista. Adopta unha profunda vocación antropocéntrica, fundido as súas raíces, non só instaladas co behaviorismo, na fenomenoloxía e o existencialismo, asumindo como principal obxectivo o de reconciliar a ciencia social coa humanidade (Ortega Valcárcel, 2000). Pártese da observación a través dun método decididamente

²⁷ Traducción castelán: *La geografía sirve, en primer lugar, para hacer la guerra.*

²⁸ A xeografía feminista escolle como centro de estudio básico a estrutura de xénero. Esta temática ofrece novas perspectivas ao estudio das desigualdades espaciais e das estruturas da organización da sociedade. Destacan autoras como S. R. Bowly, J. Foord e S. Mackenzie.

²⁹ Segundo David Ley (Jonhston et al. 2000), constitúe un “xiro da xeografía humana cara a sicoloxía, que se centra na función das variabeis cognitivas e da toma de decisións como mediadoras na relación entre o entorno e o comportamento espacial”.

inductivo, procurando non introducir ideas previas para que sexan os feitos os se expresen por si mesmos, para realizar finalmente unha “inferencia inductiva”. Ademais, sulíñase o carácter holístico da ciencia, en oposición á visión analítica que separa artificialmente os conceptos, e para iso procúrase unha teoría global non abstracta, senón contextual, a través da que se poida lograr un coñecemento integral da humanidade e dos seus actos; permitindo así a interpretación de relación recíprocas e activas entre o medio e a colectividade humana.

A xeografía humanística, a pesar de posuír distintos presupostos comúns, non ofrece unha absoluta homoxeneidade. Deste modo, pódense distinguir varias concepcións amplamente aceptadas e extendidas nos últimos decenios. Dende un punto de vista da base filosófica, poden agrupar se en dous tipos principais: as que proceden da alternativa fenomenolóxica existencial e as que seguen a alternativa idealista (Ortega Valcárcel, 2000). A segunda constitúe unha liña de pensamento moi minoritaria³⁰, en relación coa xeografía da percepción e o comportamento que descende da primeira. Neste caso, será o “espazo vivido” o concepto ao que se lle outorga unha importancia capital³¹, fuxindo de calquera recoñecemento científico, xa que o significado que as accións teñen para o suxeito (individuo-actor), constitúen a clave da interpretación do espazo.

Pola súa banda, a **xeografía feminista** (ou de xénero) vai estudar a relación entre “xénero” e xeografía que foi tomada en consideración no ambiente angloamericano dende a década dos 1970 –inspirada nos movementos de liberación da muller da década anterior- e que tomou una especial relevancia a finais do século XX, acubillada nas novas perspectivas que a disciplina experimentou (poscolonialismo ou behaviourismo). En esencia, esta liña de traballo vaise encargar do estudo das diferentes formas nas que xeografía e xéneros se constitúen mutuamente. Haraway (1991) ofrece un minucioso estudo da historia e significado do termo xénero dentro da teoría feminista. Tal termo ten unha historia moi parecida dentro da xeografía, afastada das teorías das funcións de xénero e das relacións de xénero, e

³⁰ Os xeógrafos idealistas empregan o método denominado de Verstehen que trata de repensar os pensamentos daquelas persoas cuxas accións espaciais se queren explicar. En consecuencia, baséanse na comprensión de pensamentos que son racionais, e non na explicación causal. Rexeitan a existencia de leis de carácter xeral xa que cada espazo supón o resultado dun pensamento racional, apoiado con anterioridade nunha teoría, nun sistema de valores e ideas preexistente.

³¹ Outra das grandes aportacións da xeografía humanística é, sen dúbida, o concepto de “lugar”, entendido de xeito distinto ao de “espazo”. Para Yi Fu Tan, o lugar constitúe a categoría que realmente posúe entidade para a humanidade xa que que está cargado de vivencias directas, persoais e, por tanto, posúe un valor simbólico e un conxunto de significados que conforman unha experiencia vivida (Ortega Valcárcel, 2000). Con seguridade, as reflexións sobre os conceptos de espazo e lugar constitúe o legado máis importante que aporta este pensamento ao conxunto da ciencia xeográfica.

máis próxima á observación máis completa de cómo se constrúen esas relacións en todas as esferas da vida³².

Polo xeral, os xeógrafos feministas teñen amosado un certo escepticismo en canto ao uso do concepto xénero dentro da disciplina. Semella correcto afirmar que este concepto rompeu a conexión entre muller e natureza, en tanto que as mulleres normalmente son a representación natural do sexo xenerificado. A este respecto algúns autores critican a teoría sobre a dependencia feminina á hora de explorar a xenerificación do espazo e a linguaxe, xa que isto podería levar “a perpetuar o proceso familiar mediante o que os termos que fan referencia ao masculino fican libres de calquera marca de diferenza sexual” (Haraway, 1991).

Para Geraldine Pratt, autora da “voz” xeografía feminista recollida no *Diccionario Akal de Geografía Humana* (Jonhston, Gregory e Smith, 2000), aínda que existen ramas diferentes, pódense marcar intereses comúns a todas as xeografía feministas:

- a) En primeiro lugar foron desenvolvidas como discursos críticos, non só pola opresión sufrida polas mulleres na sociedade, senón polas distintas formas en que esta opresión foi reproducida na teoría xeográfica.
- b) Segundo, o sexismo dentro das institucións xeográficas (no ensino da xeografía, os postos de traballo de persoal docente nos departamentos académicos e as publicacións), foi unha preocupación constante.
- c) En terceiro termo, a maior parte dos xeógrafos feministas coinciden en que o sentido das interpretacións é parcial e limitado no contexto, máis que único e universal. Neste sentido existiu un debate permanente sobre os métodos de investigación na xeografía feminista e as súas limitacións.
- d) Finalmente, as xeografía feministas trazan as interconexións entre todos os aspectos da vida diaria, a través das fronteiras de subdisciplinas como a xeografía económica e social e, máis recentemente, a xeografía cultural.

³² Normalmente, contrástase “xénero” con “sexo”, nun intento de liberar ás mulleres da “natureza” e substituílas por suxeitos sociais autosuficientes e plenos, dentro da “cultura”. En xeografía é menos habitual o tratamento do xénero neste sentido, xa que non ten estado en “corentena das infeccións producidas polo sexo biolóxico (Haraway, 1991), até o punto no que o estiveron noutras disciplinas.

Na opinión de Pratt, a pesar dos temas en común existentes, pódese establecer unha diferenciación entre os xeógrafos feministas establecendo, cando menos dous cortes na historia práctica da xeografía feminista. Por unha banda, un situado a finais da década de 1970, no que a principal tarefa foi facer visíbeis ás mulleres, desenvolvendo unha xeografía “propriadamente delas”. Para iso estableceron dous puntos de partida; as experiencias e percepcións das mulleres a miúdo difiren das dos homes; e as mulleres teñen un acceso restrinxido a unha serie de oportunidades, dende o emprego remunerado até os servizos. Este enfoque da xeografía das mulleres foi criticado porque a desigualdade de sexos fica explicada normalmente en termos das funcións que encarna cada xénero, ao tempo que se establecen algunhas nocións sobre as limitacións espaciais.

Táboa 2.1: Os diversos enfoques e fases da Xeografía Feminista.

1ª FASE: A XEOGRAFÍA DAS MULLERES (mediados-finais década de 1970)		
TEMA CENTRAL	INFLUENCIAS TEÓRICAS	INTERESE XEOGRÁFICO
Descrición dos efectos da desigualdade de xéneros	Xeografía do benestar, feminismo liberal	Limitacións da distancia e a separación espacial
2ª FASE: XEOGRAFÍA FEMINISTA-SOCIALISTA (principios-finais anos 1980)		
TEMA CENTRAL	INFLUENCIAS TEÓRICAS	INTERESE XEOGRÁFICO
Explicación da desigualdade de xéneros e relación entre capitalismo e patriarcado	Marxismo, feminismo socialista	Separación espacial, lugar, localidade
3ª FASE: XEOGRAFÍAS FEMINISTAS-POSCOLONIAIS (finais anos 1980-actualidade)		
TEMA CENTRAL	INFLUENCIAS TEÓRICAS	INTERESE XEOGRÁFICO
Construción de identidades de xénero, diferenzas entre mulleres, xénero e natureza, xénero e nacionalismo	Teorías cultural, posestrutural, poscolonial, psicanalítica, bibliografía de mulleres negras, comunidade LGTB e mulleres de países pobres	Microxeografía do corpo, distancia, separación, lugar, espazos imaxinarios e simbólicos, colonialismo, medio ambiente

Fonte: *Diccionario Akal de Geografía Humana*, 2000.

Pola outra, Pratt identifica un outro corte a finais dos anos 1980, relacionado coa influencia do socialismo na práctica da xeografía feminista. Neste caso, reelaboráronse

as categorías e teorías marxistas para explicar a interdependencia da xeografía, das relacións de xénero e do desenvolvemento económico capitalista. Un dos debates teóricos clave deste corte xirou en torno á cuestión de cómo artellar máis eficientemente as análises de xénero e de clase, levando, de xeito aínda máis abstracto, o asunto, a orientarse en temas de patriarcado e capitalismo e da relativa autonomía entre ambos sistemas. Os xeógrafos feministas socialistas traballaron maioritariamente no ámbito urbano e rexional, tratando de comprender a separación espacial e social dos barrios afastados dos postos mellor remunerados. Isto contribuíu a explicar como esta cuestión era crucial para o día a día e para a reprodución xeracional dos traballadores, así como para o desenvolvemento e continuación das relacións tradicionais de xénero dentro das sociedades capitalistas. Do mesmo xeito, prestaron atención aos xeitos nos que as relacións de xénero se manifestan de modo desigual dun lugar a outro, non só reflexando os cambios económicos a escala máis local, senón, mesmo chegando a determinalos máis ou menos parcialmente.

Pratt sinala que a partir de finais dos anos 1980, a xeografía feminista superou o seu obxectivo exclusivo centrado nos sistemas de clase e xénero e os típicos debates modernos influenciados pola tradición marxista. Na súa opinión esta nova fase pódese identificar como unha xeografía feminista poscolonial que posúe tres características principais:

- A categoría de xénero preséntase e esténdese máis alá da dualidade home/muller, prestando cada vez máis atención ás diferenzas na construción das relacións de xénero a través de razas, etnias, relixións, crenzas, tendencias sexuais e nacionalidades.
- Identifícanse cun amplo rexistro de teorías sociais e sobre todo culturais, entre as que se inclúe a psicanálise e o posestruturalismo, co fin de desenvolver un maior coñecemento da forma na que se modelan e asumen as relacións e identidades entre sexos, facendo, deste xeito, máis evidentes as diferenzas teóricas no seo da xeografía feminista.
- Existiu un movemento máis explícito dende as epistemoloxías obxectivistas a través da adhesión a esixencias do coñecemento establecido, centrando así a discusión na distinción entre relativismo e coñecemento establecido (Haraway, 1991), e nas formas mediante as que se reconcilian as perspectivas parciais cos compromisos de acción política e cambio social.

Nos últimos tempos e no seo do xiro posmoderno xurdiron novas áreas de práctica e teoría xeográfica, xerando conceptualizacións diferentes do espazo. Estase desenvolvendo toda unha serie de escritos sobre xénero e representación cultural, que estenden o interese cara novos imaxinarios simbólicos.

Tras a convulsión que, en termos ontolóxicos e epistémicos, a posmodernidade trouxo ás Ciencias Sociais, coa súa práctica total desestabilización dos marcos de traballo tradicionais e a apertura de novos campos de investigación interdisciplinares, non resulta doado determinar o terreo dende o que pensar con máis claridade algunhas das cuestións centrais da nosa época, como as que ocupan este estudo. Aínda que as posturas e as implicacións do debate se foron aclarando ao longo dos últimos anos, todavía segue resultando difícil calibrar o alcance verdadeiro que tiveron algunhas das sospeitas e cuestionamentos posmodernos. A forza coa que os imaxinarios «nómadas» e as categorías «líquidas» penetraron nos vocabularios das Ciencias Sociais e formaron novas metáforas-clave na interpretación do mundo contemporáneo, colaborou ao establecemento, en definitiva, de «novas ortodoxias da teorización da vida social», como as denominou K. Simonsen³³ (Simonsen, 2004).

Tamén os principais relatos dos que dispoñemos para explicar as transformacións socio-espaciais contemporáneas tomaron forma no seo mesmo do debate sobre o posmodernismo e a denominada «condición posmoderna», e, sobre todo, en estreita relación coas intervencións neo ou posmarxistas no mesmo. A forma en que estas definiron as realidades socio-culturais contemporáneas como a expresión “epocal” das forzas do capitalismo posfordista, viuse, paradoxicamente, reforzada e á vez cuestionada pola variedade dos xeitos de explorar os vínculos entre o social, o cultural e o espacial que conlevou o protagonismo que o espazo tivo nas perspectivas posmodernas e na recente teoría social.

As posturas expresadas neste novo tipo de traballos espaciais³⁴, e a súa entrada por diversas vías na Xeografía, colaboraron no establecemento de certos parámetros dentro dos que se desenvolveron a interpretación de determinados cambios espazo-temporais, en tanto en canto foron fixados como principais claves de comprensión da posmodernidade e os seus tempos-espazos.

³³ Neste sentido, cómpre lembrar os estudos de Paloma Puente Lozano (2009 e 2011) nos que tratou con grande profundidade algúns deses problemas, poñendo de relevo os proxectos ontolóxicos e políticos en que ditas categorías foron empregadas, e discutindo as consecuencias do predomínio de novas metáforas espaciais e do movemento nos discursos críticos contemporáneos, tanto con respecto ao significado e usos das mesmas en Xeografía, como en canto ao sesgo que introducen na interpretación de certos fenómenos, supostamente globais, ao perder de vista as súas particularidades sociais, históricas e materiais.

³⁴ Supón o caso dalgunhas obras de crítica cultural y estética consideradas “posmodernistas” e non realizadas estritamente por xeógrafos, como, por exemplo, os traballos pioneiros de Frederic Jameson (Jameson, 2005), ou a obra de certos pensadores e teóricos sociais aos que, *a posteriori*, E. Soja (Soja, 1989) chamaría “xeógrafos posmodernos” (H. Lefebvre, A. Giddens, E. Mandel ou M. Foucault). Para unha aproximación xeral á cuestión véxanse os seguintes traballos: Crang e Thrift (2000), Paquot e Younès (2008) ou Soja (1989, 1996).

A oscilación e a confusión entre aqueles enfoques que suliñan as tendencias neoconservadoras encarnadas nas paisaxes urbanas do capitalismo tardío, e as reapropiacións progresistas que, por exemplo dende a Xeografía anglosaxona e partindo de posicións explicitamente neomarxistas, se configuraron a partir dos principios posmodernos, xeraron unha grande ambigüidade en canto a que é, en definitiva, o posmoderno nesas novas realidades socioculturais.

Así, son algúns destes máis importantes análises críticos, como no caso da obra de Jameson, os que máis amplamente teñen contribuído a construír moitas destas realidades e espazos contemporáneos como «artefactos posmodernos» (Fieldhouse e Ocran, 1998), á vez que a xeralizar unha particular interpretación deses contextos a partir das súas “viaxes” a finais dos 1980 por certas cidades norteamericanas³⁵. A este respecto, a obra do crítico norteamericano F. Jameson, *El postmodernismo o la lógica cultural del capitalismo avanzado* (1984/1991), resultou importante como por unha consagración temperá do foco de atención sobre a cidade de Los Ángeles (EEUU) no estudo destas cuestións. Neste sentido, Mike Davis foi igualmente un dos primeiros en sinalar Los Ángeles como “centro da tormenta” dos cambios contemporáneos do capitalismo e forxar o imaxinario apocalíptico que dende entón lle acompaña.

Por todo isto, á hora de abordar o que se consideran son os problemas centrais para a comprensión desas novas realidades xeográficas contemporáneas, se nos presenta un panorama complexo, tanto teórica como materialmente, pois non só o espazo e as paisaxes “xa non son o que eran”, senón que as propias formas ás que nos tiñamos acostumado a que a Xeografía nos explicase, sufriron tamén unha importante transformación. A “paisaxe”, o “espazo” ou o “lugar” foron paralela e sucesivamente o centro da atención teórica da Xeografía humana (e especialmente a cultural) nas últimas décadas: o profundo e explícito tratamento conceptual que estas distintas nocións recibiron tenlles outorgado unha orientación particular e as ten vinculado solidamente a distintos proxectos epistémicos e políticos.

Por outra parte, a relación entre estes cambios recentes nas “imaxinacións xeográficas» (Gregory, 1994) e o posmodernismo resulta complexa, tanto como as propias relacións entre as posturas neomarxistas e as posmodernas (Jameson, 1984). Os enconados enfrontamentos e as extrañas maridaxes que se deron na Xeografía anglosaxona entre estes dous enfoques teñen que entenderse no contexto institucional da loita pola lexitimidade das

³⁵ De feito, segundo lembra Puente Lozano (2009), existe un paralelismo curioso, pero non casual, entre as descripcións destes autores, posmodernos ou non, sobre as cidades de finais do século XX, e as descripcións sobre as metrópoles de finais do século XIX dadas por autores como W. Benjamin, S. Krakauer ou G. Simmel, na que ambos grupos de autores comparten unha actitude que oscila entre a fascinación e o rexeitamento. Véxanse a este respecto Kirby (1996), quen compara a “ansiedade” de Jameson coa dos exploradores modernos ante o descoñecido, ou Simonsen (2004).

prácticas e discursos académicos, e das tensións que marcaron os esforzos de certos xeógrafos por reconstruír o proxecto crítico radical da Xeografía contemporánea³⁶.

Neste sentido, para moitos xeógrafos (especialmente no mundo anglosaxón, onde estas ideas tiveron maior repercusión), o posmodernismo foi visto, e explicitamente defendido e adoptado, como unha oportunidade privilexiada para anclar epistemolóxicamente e politicamente a disciplina nas Ciencias Sociais, e vinculala solidamente —através sobre todo da inserción do pensamento xeográfico no seo da teoría social— cos debates filosóficos hexemónicos (Dear, 1988, 2001).

En concreto, e a pesar desa variedade dos xeitos nos que as ideas posmodernas teñen afectado á Xeografía e os seus conceptos, o interés crecente que algúns xeógrafos culturais anglosaxóns mostraron durante as últimas décadas pola Teoría literaria e polos enfoques culturais, especialmente pola relevancia que estes acordaron ás cuestións do coñecemento, o poder e a crítica á idea de representación, desencadenou unha suerte de “textualización” da paisaxe. A través destas novas formas de interpretar as realidades xeográficas tratouse de cuestionar o aparente carácter estábel dos significados atribuídos ás paisaxes e a tamén aparente inocencia e neutralidade das súas representacións, para poñer en evidencia non só a súa codificación cultural, senón sobre todo as ideoloxías e relacións de poder inscritas en ditas representacións. Así, esta exploración das “cualidades textuais” das paisaxes permitiu poñer en valor a construción da autoridade e as formas de análise hexemónicas que esas mesmas representacións conteñen, precisamente porque as ideoloxías nelas encarnadas quedan ocultas (naturalizadas), tras o seu carácter familiar, cercano e tanxíbel (Cosgrove, 2002).

Aínda que estas aproximacións textualistas insisten na natureza construída das paisaxes (poñendo de relevo importantes elementos políticos implicados no proceso), adoitan equivocarse, porén, á hora de examinar con maior detalle a diversidade de mecanismos implicados nesa codificación e transmisión ideolóxica, polo que a miúdo as paisaxes fican reducidas a meras “canles de poder” (Kneale, 1998). Como ten sinalado afirmado este autor, “todavía temos que producir unha teoría do significado da paisaxe que escape ás burdas determinacións da naturalización” (Kneale, 1998), sexa esta na súa versión da “falsa conciencia” e as diversas formas de alleación, ou noutras novas reformulacións sobre os

³⁶ Os defensores da “posmodernización” da xeografía (Minca, 2001) teñen insistido na influencia do posmodernismo como desencadenante da completa reformulación (“una sorte de época de ouro de eflorescencia teórica/filosófica”, como Michael Dear a denominou; 2001) da Xeografía humana, pero probablemente esaxeraran ese rol, como parte da súa estratexia de construción de ditos enfoques, como vemos claramente en Soja (1989). O mesmo pode aducirse con respecto ao intento dos xeógrafos radicais de lexitimar a súa noción de espazo, ignorando ou criticando outras vías e formas de reformulación das nocións xeográficas apoiadas en marcos epistemolóxicos distintos (Rose, 1996).

efectos discursivos destas formas de encriptación retórica (como as posturas que con frecuencia atopamos na literatura sobre os efectos dos medios de comunicación).

As teses do construtivismo social tiveron un forte impacto en moitos enfoques xeográficos e non só nas posicións máis semióticas ou máis interesadas nos procesos discursivos, como as anteriormente apuntadas, senón que se adoptaron en proxectos de moi distinto signo, con frecuencia tamén vencelladas con preocupacións profundamente ancoradas en visións materialistas (Lagopoulos, 1993). Por exemplo, Edward Soja (2006) propuxo, fronte a estes tratamentos textualistas da paisaxe, unha volta á comprensión das paisaxes urbanas como espazo (na súa lectura posmoderna das teses de Lefebvre). Trátase de recuperar, así, esa dimensión material que na súa opinión se ten perdido coa multiplicación da utilización do sufixo *-scape* (entendido nesa acepción máis discursiva) en numerosos campos de estudo, baixo o suposto obxectivo de especializar ditos enfoques.

En concreto, Soja propón substituír a noción de *cityscapes*, que foi tan empregada nos Estudos Culturais e xeográficos posmodernos das cidades cun enfoque marcadamente semiótico, pola de *cityspaces*, que permite ancorar o seu estudo nun enfoque crítico materialista, sen á vez perder a totalidade da apertura que ofrecen as ideas posmodernas, integradas xa nesta nova idea de espazo como «*Thirdspace*» (Soja, 1996). Esta reivindicación do espazo —á que voltaremos ao longo deste estudo— ten que entenderse de novo no contexto discursivo e institucional xa sinalado. Así, partindo dunha noción do espazo como unha construción social, e apoiándose máis o menos lonxanamente na tese lefebvreana da “producción do espazo”, os enfoques neomarxistas (autores como Neil Smith, David Harvey ou Cindy Katz) e os que máis explicitamente optaron por un compromiso co posmodernismo (como no caso de Michael Dear, Edward Soja ou Steven Flusty), teñen rivalizado na teorización das principais categorías xeográficas. Na medida en que esas categorías foron sucesiva ou simultaneamente empregadas para fixar a atención en distintos tipos de procesos aos que se lles supón o peso central, tanto material como analítico, da construción das xeografía humanas (isto é, as “formacións socio-espaciais”), esta supón unha disputa por fixar o nivel fundamental (ou fundacional) (Harvey, 1996) no cal deben explorarse ditas realidades xeográficas e os procesos das que derivan (sexan estas os discursos, as relacións de produción, os procesos de construción do significado, entre outras).

A pesar das diferenzas entre ambos enfoques, as paisaxes urbanas (*cityscapes*) foron tomadas por moitos destes autores como porta de entrada privilexiada para o estudo dos cambios que a globalización conlevou nos reximes temporais e espaciais, e así examinar a súa relación con ese outro tipo de procesos ou forzas máis profundas, e en concreto, a exploración do vínculo entre economía e cultura. E neste sentido, as paisaxes urbanas foron para os teóricos críticos, un dos lugares privilexiados da politización das perspectivas espaciais, ou de

exploración da espacialidade do político en termos de como a ideoloxía é mediada por e no espazo urbano (Goonewardena, 2004).

A obra de Fredric Jameson constitúe unha das que máis claramente deixou establecida a forma de explorar este vínculo. O que aquí importa do seu traballo é, partindo das complexas relacións entre as análises críticas, as ideas posmodernas e a Xeografía anglosaxona contemporánea, como a reflexión sobre as paisaxes urbanas contemporáneas se viu marcada por eses parámetros de interpretación do contemporáneo como posmoderno, paradoxalmente expostos na obra de Jameson, e reapropiados por outros xeógrafos en clave máis explicitamente posmoderna, como Dear ou Soja; ou materialista-dialéctica, como Harvey ou Smith.

2.2.- A posta en valor do espazo dende a periferia.

No Estado español a xeografía como ciencia social estivo sempre moi ligada á tradición francesa da ciencia rexional. Esta influencia deixouse notar de modo moi forte nos departamentos universitarios até ben entrada a década dos 1980. Imos comprobar cómo o déficit e a ausencia de textos traducidos do inglés, así como a escasa pegada metodolóxica vai provocar unha excesiva produción xeográfica moi ligada á descripción corolóxica.

En todo non é até o denominado tardofranquismo que xeografía despunta como disciplina científica e universitaria. Apartir da década de 1950 coa creación das primeiras cátedras van xurdir persoeiros como Manuel de Terán, J. M. Casas Torres ou Bosque Maurel que serán os encargados de impulsar o desenvolvemento temperá da xeografía. Este desenvolvemento, segundo os casos, non foi todo o beneficioso que se pode pensar. A grande influencia dos estudos rexionais –debido en primeira instancia á proximidade xeográfica (ademais da formación practicamente francófona da época) e a tardía institucionalización da xeografía na academia, vai desencadear un proceso de hipotecación da disciplina.

Así durante aquel tempo, a grande maioría dos estudos xeográficos centrábanse na análise dos diferentes factores espaciais que inflúen no asentamento e crecemento das comunidades humanas, abordados dun modo moi simplista, descriptivo e, en ocasións, pouco científico. Ocupáronse tamén da estrutura e da organización territorial do estado dun punto moi ligado a posicionamentos político-administrativos.

Foron moitas as aportacións que desde a xeografía se presentaron como análises da situación dos estudos e da profesión (Pérez Alberti, 1979; Souto González, 1983; 1988; Mesejo, 1990; Santos Solla 1999 ou Torres Luna e Lois González, 1999). De todas ficamos co seguinte análise. No 1999 o Xosé Santos achegaba a seguinte análise, dentro das

colaboracións presentadas no homenaxe a Vilà Valentí, sobre a situación da xeografía na Galiza. O seu artigo titúlase “Xeografía e nacionalismo en Galicia”:

“O dominio exercido por unha cátedra conservadora e españolista no ideolóxico aparecía ben reflectido nas investigacións. As publicacións en galego son inexistentes, a referencia a Galicia como unha rexión española é continua, a deturpación dos topónimos converteuse en norma, e o encadre de cada traballo no marco xeorreferencial español, case que nunha obsesión” (Santos Solla, 1999).

Estas afirmacións de Santos lévannos a compartir a súa opinión de que o descoñecemento existente por parte do seo da xeografía galega doutras aportacións científicas non xeográficas “non foi unha decisión tomada á mantenta” (Santos Solla, 1999). Neste sentido, é constatábel a prohibición de ler algúns autores e algunhas obras sinaladas, mesmo se nos fixamos nas importantes ausencias que tivo a biblioteca da facultade durante anos.

Pero Xosé Santos avanza un pouco máis e clarifica algunhas outras dúbidas. Semella que fronte ás necesidades obxectivas que demandaban para a nosa disciplina un aumento do profesorado, a selección de persoal foi unha cuestión estratéxica que non se deixou, como era de esperar, a unha simple opción de méritos curriculares. Segundo Santos Solla, “non se obviou a capacidade intelectual, mais a submisión a unhas liñas mestras de comportamento eran necesarias para acadar con éxito un posto na universidade”. Pero non só isto, “toda aquela persoa cun discurso disonante era marxinada da única institución que naquel entón podía dedicarse á investigación”, e continua, “un pensamento nacionalista non tiña cabida neste ambiente, de maneira que a xeografía permaneceu estática sen adquirir un compromiso coa súa terra que non fose alén do amor romántico por un recuncho de España” (Santos Solla, 1999).

Esta foi a lacónica situación que reinaba na xeografía da Galiza durante boa parte da segunda metade do século XX. Porén, debemos dicir que, se ben na actualidade continuamos a padecer as mesmas patoloxías endémicas ás que levamos facendo referencia en toda esta achega, existiron momentos de disidencia e criticismo dentro da xeografía. O primeiro destes intentos de transformación das estruturas chegou coa creación a principios dos 1980 da Sociedade Galega de Xeografía; o segundo, aínda en secuencia, é Abalar. No medio, como intercaladas, tres agrupacións estudantís que funcionaron de maneira cíclica: XEGA, Asociación de Xóvenes Xeógrafos e XEOGAL.

2.2.1.- A xeografía galega nos 1980: a reacción chegou desde fóra da universidade.

En 1978 xurde XEGA, xeógrafos galegos. Era o xérmolo do que anos máis tarde significaría a creación da SGX. Dita asociación de estudantes estaba formada por parte do alumnado “maldito” (Santos Solla, 1999) que fora vilipendiado e purgado, precisamente polo seu amplo sentido crítico e, tamén, por un nacionalismo aberto plural e ben entendido, entre os que se atopaban: Augusto P. Alberti, X. M Souto e C. Mesejo. Porén, eles mesmos entendían que o proceso que levaría a unha mutación definitiva do estado da nosa disciplina no país chegaría da man dunha cosmovisión que superase as estruturas establecidas no marco institucional universitario. Por iso, a creación da Sociedade Galega de Xeografía, como organización que agrupase non só ao colectivo universitario –docente e discente- senón tamén a toda unha serie de persoas que desde a xeografía encadraban a súa actividade cara o ensino medio, a administración ou un escaso mais incipiente mundo profesional, supoñía unha experiencia de apertura real.

Segundo Santos Solla (1999), dita Sociedade xurde con dúas ou tres características ben definidas que son interpretábeis através dos textos que aparecen na década dos 1980 na revista Terra:

- Unha preocupación pola xeografía como ciencia con utilidade social, interesada en resolver os problemas de desigualdade social no uso do espazo. Cómpre un proceso de remozamento da disciplina tanto en contidos coma en métodos. Santos recorre a unha cita de Pérez Alberti (1979) para explicar a situación. A xeografía ten que fuxir dos tópicos e do folclorismo, e non debe ser “a ciencia da enumeración, como din algúns, nin menos a ciencia da anécdota” (Pérez Alberti, 1979).
- Existe un xurdir ontolóxico de tendencias orientadas á didáctica da xeografía na Galiza. Cómo se ensina e qué se ensina. É mester anovar o xeito de explicar xeografía; sacala das catacumbas e das enciclopedias e convertela nunha disciplina de coñecemento; onde a reconversión pedagóxica, a introducción das novas tecnoloxías, e sobre todo, o contacto co medio, co entorno xeográfico (através das saídas de traballo de campo) ocupen un lugar central. Afastarse das aulas maxistras para que emerxa o alumnado como principal protagonista nunha interlocución de ensino recíproco.
- Por fin, a derradeira característica que sinala Santos é o seu nacionalismo. Na súa opinión, “trataron de aplicar esa utilidade da xeografía ao ámbito galego, evitando o

afastamento da realidade na que se insire o alumnado” (Santos Solla, 1999). Este recoñecemento dos rasgos propios do país non fica só ligado ao estrictamente territorial. O grupo da SGX expresa a súa preocupación –e a fai explícita nos seus texto (Terra ou Cadernos de Edicións do Castro)- polas cuestións lingüísticas, culturais, antropolóxicas e históricas de Galiza. Mesmo invisten certos esforzos na tradución e na presentación de bibliografía en galego. En definitiva, “transmitir a idea de que a xeografía é unha ciencia que pode e ten o deber de contribuír á organización do país e á desaparición das desigualdades sociais derivadas dunhas formulacións territoriais incorrectas” (Santos Solla, 1999).

XEGA cumpre unha función fundamental na construción dun paradigma alternativo. O seu testemuño é recollido anos máis tarde por outra xeración de xeógrafos/as que iniciará unha ampla reestructuración do Departamento. Aproveitando a entrada de certos membros da SGX na USC e inmersos na evolución ideolóxica dos tardo-oitentas son R. C. Lois González, X. M. Santos Solla e Carlos Ferrás Sexto as persoas destacas deste proceso. Por primeira vez, ábrese expedientes disciplinarios a docentes, introdúcense nas aulas debates contextualizados na realidade do país e as aportacións científicas –nas súas tesinas e teses- recollen as tradicións máis anovadoras da xeografía anglonorteamericana e os conceptos esquecidos do percorrer francófono e xermano. Por suposto, tamén presentan unha primeira lectura xeográfica a todas esas obras “prohibidas” da produción cientista na Galiza.

Anos máis tarde, xa nos 1990, con parte desta xeración a piques de entrar no departamento –mesmo algúns xa como profesores axudantes-, a situación vai mudar dun xeito bastante importante. Estas persoas, como profesores, e os seus primeiros “discípulos” (poñémolo entre aspas agardando a desaparición absoluta deste termo) son os encargados de elaborar unha ciencia moito máis dinámica e relacionada co estado mesmo da cuestión territorial da Galiza. Ademais, prodúcese o xurdimento dun novo ciclo nas asociacións estudiantís coa creación da “Asociación de Xóvenes Xeógrafos”. J. Somoza, J. González, J.A Aldrey, F. J. González, L. Escudero, M. J. Piñeira ou A. López e tamén, M. Pazos son os principais resortes dun movemento xeracional que recolle as preocupacións expresadas pola SGX. Hoxe a lectura de numerosas Teses de Doutoramento no departamento na súa grande parte influenciadas polas liñas directrices do amplo proceso de transformación iniciado nos 1980 semella obter resultados nestas investigacións.

2.2.2.- A xeografía galega en construción: a tentativa interxeracional de “abalar” as estruturas.

En outubro de 2000, fúndase XEOGAL –Asociación de Mozos Xeógrafos da Galiza-. O seu xurdir é practicamente igual que o de XEGA. A visita esporádica dos estudantes da

USC a un dos encontros de mozos xeógrafos que se organizaban no estado español (neste caso a Valladolid, no caso de XEGA a Barcelona) supón un forte impulso para o inicio do fenómeno asociativo. No caso de XEOGAL, a situación da xeografía é ben diferente. Porén, aínda fican bolsas de osíxeno que supoñen verdadeiros salvoconductos para o modo de facer e entender a xeografía anterior. Apesar dos esforzos comentados, continúan a existir clases e materias que non cumpren ningún valor social e mesmo contribúen ao deterioro da nosa disciplina, é dicir, pervive unha profunda hipoteca. Ademais, a febleza pola que está a pasar a SGX, así como a propia reconversión do ensino universitario liderada pola dereita aznarista española que supón un recorte claro das ciencias sociais e das humanidades, da man da ex-ministra P. del Castillo que promulga a LOU, contribúen a que a nebulosa sexa, polo menos igual de preocupante que nos 1980.

Naquela xuntanza fundacional, na que se xuntan máis de 50 estudantes, edifícase unha organización asemblearia; cun marcado carácter nacionalista; onde a ecoloxía e o respecto polo ambiente constitúen un punto central; onde, por primeira vez nunha organización xeográfica, fábase da necesidade de conseguirmos igualdade real entre home e muller e onde se fai explícito o carácter democrático en eidos como a cultura, a raza, a relixión ou a condición de clase. Pero ademais, aparece un obxectivo primordial que logo será moi importante para as organizacións futuras. De modo precursor, sinálase a urxencia obxectiva por encetar un proceso de dignificación e dinamización dos estudos xeográficos. Esta é a principal innovación e diferenza co movemento anterior; non só se pretende facer unha xeografía útil e comprometida senón que ademais debe ser unha ciencia respectada e tida en conta pola sociedade; é dicir, sacar á xeografía da academia e situala alí onde se rexistre un proceso de transformación social real.

Sendo xustos, deberíamos citar neste proceso a: E. Cuíñas e L. Ulloa (aínda que non pertenceron a XEOGAL propiamente dita), D. Juanatey, J. Ferrín, D. Carreira, G. Quintáns, A. González, V. Aguiar, B. Estévez, D. López, A. López e X. Constenla. Todos eles e algún máis, colaboraron de forma activa e desinteresada nalgunha ocasión, e contribuíron dalgún modo a continuar co proceso de transformación aberto.

Con este precedente, tres anos máis tarde, logo de moitas conversas aparece ABALAR, co lema: “a xeografía galega en construción”. Trátase dun grupo de axitación dentro da nosa disciplina. Ademais, como o seu nome indica (ollade para o contracapa da revista), esta organización pretende poñer en tela de xuízo toda a evolución dos estudos espaciais co obxectivo de contonear, dislocar e abanear as súas estruturas. Para iso, confórmase como un grupo interxeracional (no que por certo, están representados todas as correntes de transformación existentes desde finais da década dos 1980 en xeografía) e como característica innovadora edifícase non só por estudantes ou profesores senón que entran

ademais, profesionais, traballadores da administración e, por primeira vez, tamén xente no paro.

Recóllese a idea anterior que radica na dignificación da xeografía na sociedade. Este merecido recoñecemento debe estar fundamentado na utilidade social do que escribimos e do que dicimos. Tamén, consta a preocupación polos problemas que teñen a ver directamente co país. Abalar foi a única organización xeográfica que se posicionou en público sobre a catástrofe do Prestige; fíxoo nun primeiro momento cun comunicado publicado no diario El País (26-11-2002) e despois cun amplo artigo publicado no número 0 de Abalar. Porén, ao mesmo tempo expresa unha preocupación incesante por conflitos globais (conflicto bélico en Iraq, celebración do FSM, movemento brasileiro do MST entre outros).

Mais Abalar non é unicamente unha revista. O seu constante labor na organización de palestras, debates, cinemaforums, grupos de lectura ou conferencias e saídas de campo, levouna a ser considerada como un dos principais grupos de xeografía crítica do Estado español, tal e como foi recoñecido por M. D. García Ramón na recén 4ª Conferencia Internacional de Xeografía Crítica celebrada en México D. F. en xaneiro de 2005 (García Ramón, 2006).

A construción dunha xeografía galega desde unha visión crítica-radical foi un proceso complicado. Por unha banda, era necesario presentar autores pouco coñecidos no panorama da xeografía galega através de traballos, recensións e artigos. Así se fixo con xente como David Harvey, Doreen Masey, Neil Smith, Don Mitchell e outros. E ademais, era mester ligar os problemas do país coas novas tendencias de análise espacial: a análise da paisaxe (E. Cuñas), a preocupación polas cuestións de xénero e os espazos de exclusión (X. Santos), a evolución climática e os riscos asociados (A. Martí e M. Cabalar), as novas interpretacións do universo urbano con temáticas como a gentrification ou a segregación (M. J. Piñeira, R. Sanz e B. Estévez), a mobilidade como grande repto do século XXI (M. Pazos), a cuestión de xeografía social asociadas a procesos demográficos (J. A. Aldrey), a configuración territorial, o concepto de fronteira e a problemática da territorialidade humana (R. C. Lois e X. Santos), a transformación cultural das sociedades, o seu contexto espacial e o xurdir dunha nova epistemoloxía científica na postmodernidade (X. Constenla), o conflito do sector industrial da Galiza (A. Miramontes e L. Ulloa) e tamén a problemática do sector pesqueiro (focado por moitos autores).

Outro aspecto a destacar nestes últimos tempos é a chegada do Colexio de Xeógrafos a Galiza coa celebración da súa Asamblea Fundacional en decembro de 2004. No propósito de conseguir que a profesión xeográfica se convirta nunha necesidade real para o desenvolvemento do país, así como para dunha vez por todas sacar a nosa disciplina da

institución universitaria para formar profesionais e non só “licenciados/as”, o Colexio pode ser peza chave no edificar desa nova ciencia que todos desexamos.

Aínda así, identificamos unha serie de problemas: unha inadecuación entre as materias impartidas na licenciatura, agora no Grao, e o coñecemento necesario para a profesión, unha clara eiva de calidade comparativa entre o ensino no primeiro e no segundo ciclo e o ensino de postgrao e de terceiro ciclo, un conflito de chegada de estudantes á licenciatura propiciada pola inexistencia de xeografía nos últimos cursos do ensino pre-universitario, un déficit de coñecemento aplicado e un retraso histórico no emprego das novas tecnoloxías ou a existencia dun repto importante na adecuación da nosa disciplina ao proceso europeo de calidade na ensinanza, entre outros. Ademais, no tocante ás saídas profesionais é urxente modificar, por exemplo, os parámetros de selección dos profesores de ensino medio; cómpre a separación definitiva en dúas oposicións distintas entre o mestrado de historia e o de xeografía, e para iso é necesaria a creación de temarios e prazas independentes. Tamén, supón imprescindíbel que a administracións teña por fin en conta o noso perfil profesional á hora de convocar prazas. O Colexio de Xeógrafos é explícito e claro cando sinala os campos profesionais onde temos competencia. Cando a administración pertinente non acepte á licenciados en xeografía débense tomar as medidas que sexan necesarias para blindar as nosas oportunidades de incorporación ao mercado de traballo.

En definitiva, estamos diante dun marco especialmente atractivo para mudar a situación pola que pasan os estudos e a profesión de xeografía. Ademais, o tempo xoga ao noso favor. Polo tanto, temos as gañas, a mocidade, a templanza e a serenidade, sabemos e coñecemos o que é a xeografía e ademais pretendemos –custe o que custe- edificala na Galiza. Abalar, o Colexio de Xeógrafos e a SGX, contando co fervor anovador dun estudantado cada vez máis preparado, nunha tarefa conxunta acabarán por transformar unha situación inxusta soportada durante anos.

No mes de setembro do ano 2002, un grupo de mozos xeógrafos do Estado español, aprobou en assemblea, na aula 5 da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela un decálogo de principios para a xeografía do compromiso³⁷. Naquel

³⁷ **I.** El/la geógrafo@ del compromiso debe hacer Geografía de la persona. El espacio es un producto social cuyas perversiones se instalan en la dialéctica del propio pensamiento de las personas como "seres sociales". Éste constituye un compromiso personal.

II. El/la geógrafo@ del compromiso debe embadurnarse en su fango y sudor con el objeto de introducirse en la complejidad de la realidad social y espacial. Éste constituye su compromiso profesional.

III. El/la geógrafo@ del compromiso debe dar voz a las minorías, mediando en aquellos conflictos que generan desequilibrios e injusticias sociales. El respeto por las minorías, sean del tipo que sean, debe ser un valor fundamental para la búsqueda de mayor equidad en una sociedad madura gobernada por una verdadera democracia. Éste constituye su compromiso social.

IV. El/la geógrafo@ del compromiso considera que la ciencia geográfica no es ni un "business" ni una fórmula infalible de hacer dinero. La ética personal debe establecerse como el elemento motriz que busque la honestidad y la dignidad profesional.

documento recollíanse as ideas fundamentais para unha transformación da praxe xeográfica no conxunto da sociedade. Partíase da base de que a Xeografía como ciencia social, ficara por decenios afastada dos conflitos que preocupaban á cidadanía³⁸. Era, polo tanto, necesario impulsar un cambio que desaloxara os coñecementos xeográficos dos estantes das librerías e dos predios universitarios e restaurase o valor da disciplina ao servizo do ben común como unha ciencia útil.

Meses máis tarde – a comezos de novembro- un buque petroleiro pirata, o *Prestige*, naufragaba fronte ao litoral galego espallando 77 mil toneladas de chapapote contaminante e desencadeando na cidadanía a maior onda de dignidade que se lembra na historia recente do noso país. Con tal motivo –e porque se trataba en esencia dun conflito de base territorial-, un grupo de 18 xeógrafos e xeógrafas publicaba o día 26 daquel mes unha carta no diario *El País*, titulada “La geografía del desastre del Prestige”, onde expresaban de xeito conxunto unha opinión crítica sobre a xestión das primeiras horas e días do desastre.

Deste xeito, é como a finais de 2002, nace o Proxecto Abalar do que a revista constitúe a parte “máis visíbel”. No editorial-manifesto publicado no número 0 na primavera de 2003 sinalase que a “revista Abalar constitúe a parte máis visíbel dun proxecto moito máis amplo que pretende sentar as bases do que agardamos sexa unha nova construción da Xeografía galega”. O proxecto nacia cunha serie de consideracións e principios de conduta que o facían distinto a calquera outro grupo de reflexión anterior. En primeiro lugar, tratábase dun grupo interxeracional e formada por xentes de diversa procedencia e ocupación. No grupo había docentes e discentes universitarios, xente do ensino secundario, traballadores da administración pública, recién titulados e mesmo, persoas en situación de desemprego; “unha amalgama heteroxénea cun obxectivo común: a preocupación pola Xeografía galega, por facer dela unha ferramenta útil para a nosa sociedade”.

V. El/la geógrafo@ del compromiso no debe asentar su preparación unicamente en la enseñanza académica universitaria.

VI. El/la geógrafo@ del compromiso debe interesarse por el combate frente a las injusticias sociales, económicas, políticas y ambientales. La equidad en el reparto de los recursos con objeto de lograr una mayor calidad de vida, así como la posibilidad de ofrecer el mismo número y tipo de oportunidades a todos los habitantes del planeta ha de constituir un objetivo fundamental.

VII. El/la geógrafo@ del compromiso debe globalizar su postura en foros, encuentros y reuniones que persigan soluciones alternativas, teniendo en cuenta que la formulación de un nuevo "utopismo" espacio-temporal y de un hipotético proceso de transformación local será un paso necesario para un gran cambio a escala global.

VIII. El/la geógrafo@ del compromiso debe ser consciente de la nueva realidad, dónde la estética ha triunfado sobre la ética. En este sentido, su preocupación fundamental debe articularse en fondos y contenidos, subordinando las formas y "logos".

IX. El/la geógrafo@ del compromiso debe oponerse a los procesos sociales perversos. Oposición y antagonismo crítico. Dicha crítica se manifestaría en la convicción de que otro mundo es posible. Crítica y alternativa, sólo de este modo la formulación es válida.

X. El/la geógrafo@ del compromiso debe evitar autocomplacense en los axiomas teóricos y prácticos de su disciplina. En consecuencia, analizará, utilizará, y se beneficiará de los conceptos y métodos de todos aquellos campos de conocimiento que posibiliten enriquecer el trabajo o el estudio a desempeñar.

³⁸ Algo similar pasou con Harvey cando en 1967 ao entregar ao prelo o seu primeiro libro, centrado nas teorías e modelos da Xeografía Teorética-cuantitativa, decatouse de que, a pesar do profundo valor explicativo, aqueles axiomas pouco podían aportar para ter algunha incidencia nunha sociedade cada vez máis cambiante e asediada por decenas de conflitos sociais e políticos en todas as latitudes.

En segundo lugar, outro dos aspectos peculiares do proxecto é que este non xurde ao calor de institución de ningún tipo. Por tanto, non se trata dunha organización universitaria, nin tampouco un colexio de profesionais. Neste sentido, o editorial-manifesto sinala que “formamos un colexio aberto e plural con formulacións críticas á nosa disciplina e ao mundo actual”. É certo que aínda que algúns membros facían parte das institucións educativas do país e participaban das súas iniciativas oficiais, Abalar ofrecía unha plataforma non excluín-te, que trataba de fomentar unha colaboración interxeracional, que eliminase as xerarquías.

Imaxe 2.2.- Portada do primeiro número da Revista Abalar.




Fonte: Revista Abalar, nº 0, ano 2003.

Outro principio de acción fundamental era a liberdade de actuación, tanto á hora de abordar temáticas non sempre conformtábeis para a academia, como na renuncia expresa ás subvencións económicas. O proxecto entendía que o único xeito de garantir que se cumprisen os principios cos que nacera, era respectar en todo momento o intercambio de ideas, dende posicións vitais, laborais e ideolóxicas ben diferentes. Pero ademais, a autoxestión e o autofinanzamento eran vectres indispensabeis do proxecto, xa que era unha actitude e unha

posición formal de compromiso coa disciplina e co país. Neste sentido, cómpre lembrar que se adopta o nome de Abalar “para que reflecta a nosa actitude de compromiso coa sociedade da que facemos parte, co territorio que habitamos e coa cultura que herdamos”.

Imaxe 2.3.- Exemplo (I) de banda deseñada na Revista Abalar.



XEOGRAFÍA GALEGA
EN CONSTRUCCIÓN

ultravioleta-05

Fonte: Revista Abalar, nº 3, ano 2005.

En cuarto lugar, Abalar entendía a ciencia xeográfica como unha ferramenta fundamental para coñecer a realidade que nos rodea e poder dar solución aos problemas da sociedade dende unha óptica espacial. Noutras palabras, fronte ao proceso de “domesticación, dunha servidume ao poder moito máis importante do que se poda pensar”, consecuencia do éxito da institucionalización (e aquí toma máis sentido se cadra o segundo principio presentado), o proxecto comprende a xeografía como unha ciencia socialmente útil, en consecuencia necesaria para o desenvolvemento da sociedade. O editorial-manifesto deixa esta idea meridianamente clara: “Neste País onde a Xeografía se encontra nun marco de desvalorización, marxinação e descoñecemento o noso obxectivo primordial é principiar un proceso de dignificación e dinamización a todos os niveis para darlle a importancia que cremos que merece”.

Finalmente, o proxecto vincula o seu pensamento e a súa acción ao compromiso co país, dun xeito transformador e emancipador, cando sinala que “Galiza precisa ser sacudida con enerxía, nas súas estruturas, na súa consciencia, para acordarmos dun sono que nos leva

polo soño da opulencia do capitalismo mais que por veces parece mudar nun auténtico pesadelo³⁹. É por iso, que Abalar lanza unha reclamación por pensar en clave de país e porén non se esquece o xogo das escalas. A transformación do país estará combinada cunha serie de mutación a escala global. En definitiva, compromiso co país, co territorio, coa cultura, coa sociedade que se visualiza no xeito que o proxecto ten de actuar e de pensar e, en consecuencia (e non se trata dun detalle menor), escolle libremente a lingua galega para vehiculizar e facer visíbel o traballo do proxecto: “a nosa lingua serve para algo máis que para o folclore e o protocolo da política institucional. Queremos demostrar que tamén é útil na comunicación diaria, no debate e na investigación”.

Imaxe 2.4.- Exemplo (II) de banda deseñada na Revista Abalar.



Fonte: Revista Abalar, nº 1, ano 2003.

Con todo este ideario moi presente o Proxecto Abalar desenvolve, dende finais de 2002, un labor que abranxe actividades variadas, como foros de debate, xornadas de campo, obradoiros metodolóxicos, palestras, intercambios, edición de panfletos, entre outras. Porén, outro traballo fundamental ficaba no eido da mobilización e da concienciación da comunidade xeográfica, “tratando ao mesmo tempo de ampliar o escenario para todas aquelas persoas que pretendan expresarse e nos queiran escoitar”.

³⁹ A diagnose do Proxecto Abalar enumeraba as seguintes doenzas: o rural desmantelado, o mar ennegrecido, as vials e as cidades desleixadas, o territorio maltratado e as galegas e galegos emigrando e morrendo.

Imaxe 2.5.- Cartaz do II aniversario do Proxecto Abalar.



abalar a xeografía galega en construción

II ANIVERSARIO

Cultura, Urbanismo e Ordenación do Territorio. Unha visión crítica.

Xoves 21 de Abril

12.00 h. Conferencia: 'Ordenación do territorio no marco do urbanismo balear'. Sala 5 da Facultade de Xeografía e Historia.
Intervirá: **ONOFRE RULLÁN SALAMANCA** (profesor Xeografía, Universitat de les Illes Balears).
Apresenta: **XOSÉ SANTOS SOLLA** (profesor Xeografía, USC).
Organiza: **IDEGA** (Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia) - Apoio: **abalar**

Presentación do número 3 de **abalar**.

20.00 h. Mesa Redonda: 'Política Territorial vs Urbanismo Cultural'. Sala 5 da Facultade de Xeografía e Historia.
Intervirán: **ONOFRE RULLÁN SALAMANCA** (profesor de Xeografía, Universitat de les Illes Balears).
RUBÉN C. LOIS GONZÁLEZ (profesor de Xeografía, USC)
ÁNGEL PANERO PARDO (arquitecto da Oficina de Conservación e Rehabilitación do Consorcio).
Modera: **CRISTINA GUZMÁN LÓPEZ** (estudante de Doutoramento Xeografía, USC).
Organiza: **abalar**

22.00 h. Cea.
Restaurante **Meia Pataca** (prezo: 20 Euros).
Para anotarse: chamar ao 618 123 883 (Pepo Constenla) antes do día 21.

01.00 h. Festa de Aniversario de **abalar**.
Pub **Albaroque** (pincha dj deví).

Venres 22 de Abril

10.00 h. Visita ás obras da Cidade da Cultura (saída do bus desde a Pz. Galiza).

Fonte: arquivo persoal.

En resumo, o proxecto Abalar publicou entre primavera de 2003 e outono de 2007, seis números que abordan temáticas moi diversas. A estrutura da revista, que nalgún número varía pero que se mantén con certa constancia no esencial, segue os seguintes apartados (aínda que non necesariamente por esta orde):

- **Editorial:** o consello de redacción era o encargado de redactar unha proposta para este apartado que logo se abría á participación do conxunto do colectivo. Pretendía amosar perspectivas alternativas sobre cuestións de actualidade que tivesen que ver coa xeografía de Galiza e os seus representantes. O editorial do número 0, converteuse, dalgún xeito, nunha especie de manifesto fundacional no que, ademais de presentar os contidos do volume, explícanse algunhas ideas chave para o proxecto; a saber, “Galiza precisa ser sacudida con enerxía, nas súas estruturas, na súa consciencia, para acordarmos dun sono que no leva polo sono da opulencia do capitalismo que por veces parece mudar nun auténtico pesadelo. O rural desmantelado, o mar ennegrecido, as cidades desleixadas, o territorio maltratado, a cultura aculturizada e as galegas e galegos emigrando e morrendo. Non nos resignamos a ficar paradas/os, queremos

abalar sobre esta grande rocha atlántica e cantas máis persoas sexamos mellor” (Abalar, nº 0).

- **Tema:** cada número estaba dedicado á reflexión dun tema central para o que se contaba con algunhas achegas específicas encargadas a autores. O conxunto do colectivo escollía a temática de cada número, relacionados con tres fíos condutores; a xeopolítica (FSM, eleccións, conflitos rexionais), a propia xeografía (reflexións sobre a situación do ensino da disciplina) e o medioambiente (cun número especial).

Táboa 2.2.- Os números publicados da Revista Abalar.

Nº	PERÍODO	TEMA	Nº PAXS
0	Primavera 2003	Somos o que estudamos?	134
1	Outono-inverno 2003	Eleccións municipais 2003	98
2	Verán 2004	Foro Social Mundial	110
3	Primavera 2005	Perspectivas territoriais	146
4	Inverno 2006	Xeopolítica	126
5	Primavera 2007	Especial medio ambiente	110


Fonte: elaboración propia, 2016.

- **Artigos:** este apartado reservábase á publicación das achegas que a revista recibía seguindo as normas para a publicación de traballos. Entre os recibidos, co compromiso de publicalos todos, o consello de redacción (nomeadamente Xosé Santos), seleccionaba tres que serían os que integrasen o número. O resto, de existir, quedaban en cola de publicación. Entre as temáticas máis recorrentes destacan por esta orde: a cuestión medioambiental (hai que lembrar que existe un número especial ao respecto), as análises xeopolíticas (dende a catástrofe do “Prestige” até o movemento dos “Sen Terra” no Brasil), as problemáticas sociais e, finalmente, outros temas como a xeografía urbana, as viaxes científicas, a gobernanza e a paisaxe.
- **Pérolas cultivadas:** esta sección aparece por primeira vez no número 1 e recóllese nos seguintes volumes agás no derradeiro. Trátase dun apartado que pretendía, de xeito provocador e con certa ironía, botar á vista atrás para rememorar episodios da xeografía que resultaban “rocambolescos” ou “desfasados”.
- **A Xeografía en...:** o seu obxectivo era o de presentar e analizar o funcionamento da xeografía noutros lugares para poder aprender algunhas prácticas que mellorasen a situación da mesma en Galiza. Neste apartado achegáronse os seguintes exemplos:

Euskadi EHU/UPV (nº 0)⁴⁰, Galiza-USC (nº 1), Francia (nº 3) e Bulgaria (nº 4). Non está presente nos volumes 2 e 5.

- **Notas:** este apartado, que aparece a partir do número 1, estaba pensado para dar acollida a achegas máis curtas que os artigos e que desen puntos de vista alternativos sobre distintas cuestións. Ademais, dábase noticia de viaxes científicas e crónicas da asistencia a seminarios ou congresos.

Imaxe 2.6.- Exemplo (III) de banda deseñada na Revista Abalar.




Fonte: Revista Abalar, nº 2, ano 2004.

- **Banda deseñada:** foi unha incorporación que apareceu con entidade propia nos números 4 e 5, aínda que con anterioridade, os volumes xa contiñan debuxos e ilustracións relacionadas con algún artigo ou nota. En realidade, estas achegas debémollas a “Ultravioleta”, alcume co que asinaba o xeógrafo Román Sanz as súas creacións.
- **Cada día máis linda:** dalgún xeito esta sección, ao igual a de “Pérolas cultivadas”, pretendía recoller con “retranca” (rindo de nós mesmos), algunha imaxe que incitase á reflexión sobre o maltrato ao territorio. Está presente en todos os exemplares agás no inaugural.

⁴⁰ Neste número 0 preséntase ademais o caso irlandés dentro da temática principal.

- **Xeogal informa:** sección reservada para a asociación de mozas e mozos xeógrafos, na que, ademais de recoller a opinión do colectivo sobre distintas situacións do acontecer institucional da disciplina xeográfica na Galiza, dábase conta de evento (congresos, obradoiros, xornadas) e instábase ao estudantado a colaborar co proxecto. Como xa temos visto, o papel de Xeogal, inmerso a nivel estatal na creación da FAJG, foi moi notábel na configuración do colectivo Abalar.

Imaxe 2.7.- Exemplo (IV) de banda deseñada na Revista Abalar.



Fonte: Revista Abalar, nº 4, ano 2006.

- **Lendo libros:** en cada revista dedicábase unha sección a presentar un libro (que podía ser unha novidade ou un clásico, indistintamente), cando menos, de xeografía ou ciencias sociais. A equipa de redacción encargaba tal cometido a unha autora ou autor, ou ben, tamén existiron propostas que procedían de membros do colectivo. As obras presentadas foron:

Nº 0:

- Lacoste, I. (1977): *La geografía: un arma para la guerra*. Anagrama. Barcelona
- Hardt, M. e Negri, T. (2002): *Imperio*. Paidós. Madrid

Nº 1:

- Hall, P. (1996): *Ciudades del mañana. Historia del urbanismo del siglo XX*. Ediciones del Serbal. Barcelona.

Nº 2:

- Smith, N. e Katz, C. (2000): *Globalización: transformaciones urbanas, precarización social y discriminación de género*. Universidad de La Laguna. La Laguna.
- García Álvarez, J. (2002): *Territorio y nacionalismo. La construcción geográfica de la identidad gallega (1860-1936)*. Colección Difusión Cultural, Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.

Imaxe 2.8.- Pçerolas Cultivadas na Revista Abalar.



Fonte: Revista Abalar.

Nº 3:

- Rodríguez, R. (2004): *Xeografía, entre cultura e profesión territorial*. Edicións Ir Indo. Vigo.
- Lynch, K. (1960): *La imagen de la ciudad*. Ediciones G. Gili, Barcelona.
- Monnet, N. (2002): *La formación del espacio público. Una mirada etnológica al Casc Antic de Barcelona*. La Catarata. Madrid.

- Rodríguez Giadás, M. I. (2001): *Mujeres rurales: mano de obra cautiva. El trabajo de las mujeres rurales en la industria de la confección en el sur de la comarca de Santiago*. Fundación Luis Tilve. Santiago de Compostela.

Nº 4:

- Burton, R. F. (1995): *Las montañas de la luna. En busca de las fuentes del Nilo*. Valdemar. Madrid.
- Ribeiro, M., Silva, M. C., Bessa, F. e Sacramento O. (2005): *Prostituição abrigada em clubes (zonas fronteiriças do Minho e Tras-Os-Montes): práticas, riscos e saúde*. Comissão para a Igualdade e para os Direitos das Mulheres. Lisboa

Nº 5:

- Capel, H. (2005): *El modelo de Barcelona: un exámen crítico*. Ediciones del Serbal. Barcelona.
- **Ollando revistas:** outro tanto que cos libros, dedicábase a presentar publicacións periódicas de interese para o colectivo. En cada volume cando menos aparecían dúas revistas. Dende revistas científicas de sona como até outras menos coñecidas pero de grande impacto. Estas foron as que se lle dedicou espazo nos 6 números de Abalar:
 - Geocrítica (Universitat de Barcelona)
 - Área (Universidade do Minho)
 - Documents d'Análisi Geogràfica (Universitat Autònoma de Barcelona)
 - Nous Territoris (Universitat Autònoma de Barcelona)
 - Inforgeo (Asociación Portuguesa de Xeógrafos)
 - Critical Geography (International Critical Geography Group)
 - Antipode: a radical journal of Geography (Blackwell Publishers)
 - Apogeo (Asociación Portuguesa de Profesores de Xeografía)
 - Journal of transport Geography (Royal Geographical Society-Institute of British Geographers)
 - Gender, Place and Culture. A journal of feminist Geography (Carfax Publishing Company)
 - Kuukan, Shakai, Chirishisu (Universidade da Cidade de Osaka)
 - Anarco-Territoris. Revista de Pensament Territorial (Bages i al Berguedà)

Se analizamos a “xeografía” das publicacións escollidas, destacan tres procedencias: a anglonorteamericana, a catalana e a portuguesa.

- **Fozando na rede:** de igual modo, revisáronse algunhas páxinas web que seguían profundizando nas liñas de interese do conxunto do colectivo. O fin principal era o de dar a coñecer e difundir recursos alternativos para a práctica académica e profesional da comunidade xeográfica en Galiza. Velaquí o listado de sitios presentados⁴¹ e cada un dos números e a súa temática principal:

Táboa 2.3.- Webs traballadas na Revista Abalar.

Nº	WEB	TEMA
0	www.portoalegre2003.org www.reclaimthestreets.net	<i>Xeopolítica</i> <i>Xeografía Urbana</i>
1	www.nodo50.org www.adegagaliza.org	<i>Pensamento crítico</i> <i>Medioambiente</i>
2	www.va-ca.org www.urbanred.aq.upm.es	<i>Pensamento crítico</i> <i>Xeografía Urbana</i>
3	www.europarc-es.org www.kritische-geographie.at	<i>Medioambiente/Gobernanza</i> <i>Xeografía Crítica</i>
4	www.sgea.org www.jv.gilead.il	<i>Educación ambiental</i> <i>Jules Verne</i>
5	www.elmundoalreves.org www.autonomousgeographies.org	<i>Pensamento crítico</i> <i>Xeografía Crítica</i>

Fonte: elaboración propia, 2016.

- **Novas:** neste apartado aproveitábase para dar difusión a congresos e reunións científicas vindeiras. Tamén se daba noticia de eventos pasados con interese para o colectivo ou novas que influíran nos profesionais ou na disciplina (como a creación da Delegación Galega do Colexio de Xeógrafos) e mesmo se incluíron con cariño notas de pasamentos Rafael Mas e Roser Majoral). Por último publicábanse algunhas convocatorias, aínda que neste caso dominaba o ser cautos porque nunca se sabía con exactitude en que data ía ser publicado o volume finalmente. Así en todo en total foron publicadas 43 repartidas do seguinte xeito: 6 no nº 0, 6 no nº 1, 7 no nº 2, 11 no nº 3, 9 no nº 4 e 4 no nº 5.
- **Entrevistas:** como tal, só se chegou a publicar unha entrevista no número 2 do verán de 2004. Foi realizada ao profesor Michael Meschik en relación ás súas achegas sobre mobilidade e planeamento territorial. Así e todo, no mesmo número e co gallo do tema principal (FSM), incluíronse conversas cos profesor Xosé M. Beiras, Carlos Taibo e


⁴¹ Téñase en conta que moitos destes sitios web pode que hoxe xa non estean operativos. Co paso dos anos, pasaron 9 dende o derradeiro número, a evolución de Internet e do mundo dixital foi frenético e aquilo que naquela altura era un novidade pouco a pouco foi quedando atrás.

Pedro Cunil, ofrecendo cando un deles olladas complementarias sobre o fenómeno da globalización e os seus impactos.

2.3.- Síntese do capítulo

Un dos grandes obxectivos deste capítulo foi demostrar a imperiosa e imprescindible necesidade de reflexión teórica en Xeografía e contribuir a unha mellor comprensión dalgúns dos seus debates recentes dende o enfoque do percorrido recente da comunidade xeográfica en Galiza. Neste sentido, hai que valorar de xeito moi positivo a oportunidade que, no marco dunha tese de doutoramento, supón presentar un traballo adicado non só a un ámbito tan árido e denostado como o pensamento xeográfico senón a unha temática que, como se pode pensar, xenera todo tipo de reaccións e/ou reaccionarios.

O certo é que para construír un discurso ou teoría orixinal que tente promover un cambio, un xiro, unha mudanza, no xeito de comprender a ciencia xeográfica e o papel do espazo como categoría de análise no seo das ciencias sociais na Galiza, foi necesario e de xustiza, facer primeiro un repaso sobre o contexto no que xermola e medra esta tentativa. Como se sinalou, ese epítome de ideas e autores, realizouse a través de diversas escalas temporais e espaciais, como buscando puntos de anclaxe teóricos e prácticos que expliquen a necesidade de aportar visións complementarias ás existentes.



3. A PRODUCCIÓN SOCIAL DO ESPAZO: UNHA INTERPRETACIÓN DENDE A DIALÉCTICA ECONOMÍA-CULTURA

No presente capítulo imos tratar de expoñer as ideas básicas que conforman os conceptos previos de carácter espazo-temporal que sustentan e alimentan a teoría do colapso territorial. Esas ideas gardan relación directa co proceso de produción do espazo e, en consecuencia, posúen unha bidireccionalidade manifesta. Se ben o espazo, como categoría de análise científica, adopta formas e organízase en función de lóxicas económicas, sociais e culturais; de igual modo, é quen de modelar, transformar e diferenciar esas lóxicas. Pensemos que se o actual sistema económico capitalista configura o territorio no que se espalla (por exemplo, segregando o espazo das cidades en función do prezo da vivenda), ese mesmo sistema non ten as mesmas características en todos os lugares do mundo, senón que non é igual o comportamento e o modelo de produción capitalista en Taiwan que en Irlanda (polas diferenzas obvias de tipo xeográfico). Por tanto, a localización dos territorios dentro do sistema, así como as súas peculiaridades estruturais (insularidade, déficit de recursos naturais, accidentes morfolóxicos, entre moitos outros), limitan e modelan as lóxicas económicas, políticas, sociais e culturais. Ao mesmo tempo, como dicimos, existen toda unha serie de comportamentos antropolóxicos, de herdanzas culturais e de prácticas de xestión (dalgún xeito son inherentes ao territorio), que determinan algunhas pautas de actuación económica.

Para abordar esta cuestión imos partir da análise do espazo como categoría *per se*. Noutras palabras, en primeiro lugar, profundizaremos no debate sobre a natureza mesma do espazo en función de dúas perspectivas; aquela que defende que o espazo existe previamente ás actuacións da humanidade e que en si mesmo posúe a capacidade de incitar aquelas a través do xurdimento espontáneo dun *sinecismo*; e aquela outra, que sen negar completamente o anterior, suxire que o espazo é en esencia unha produción social que se constrúe a partir das actividades humanas para as que, en todo caso, son necesarios –polo menos nun inicio– os recursos naturais existentes. Para comprender esta cuestión moitos dos autores que a abordan recorren a dúas fases históricas. Por unha banda, aos inicios da actividade agrícola e ao debate sobre se foi o territorio (por tanto, o espazo) quen determinou á súa aparición, ou se o motivo devén dun proceso anterior no que as primeiras comunidades humanas (nómades, recolectoras e cazadoras) decátanse de que poden “evolucionar” cara un modelo de subsistencia máis eficiente ubicándose nun lugar concreto no que teñen acceso a bens de primeira necesidade e, por tanto, danse as condicións para desenvolver a súa vida. Nunha interpretación ou noutra o espazo ten un papel relevante. O que sucede é que mentres a segunda atribúelle o papel

protagonista á acción humana (sendo o espazo necesario pero non suficiente), a primeira defende que o rol principal recae no territorio que dalgún xeito “esperta” os procesos sociais.

Algo semellante ocorre cos inicios do feito urbano. Na versión que Jane Jacobs, e moitos outros autores, realiza desta cuestión, asúmese que o nacemento das cidades responde a causas de carácter económico vencelladas a creación dun mercado. O mellor xeito de facer eficiente un espazo económico é concentrar a actividade e, nesta lóxica, agrupar nun mesmo lugar, que cumpra cunha serie de condicionantes físicos (accesibilidade, proximidade ou amplitude), os distintos puntos de intercambio de mercancías, facilitando así a acumulación pero tamén o fluxo de capital primitivo. A maiores, este mecanismo facilita a protección e a seguridade do mercado, mesmo a través do control militar e administrativo, se for necesario. Porén, existe outra versión que fai recaer a importancia da aparición das cidades ao propio elemento territorial. Se cadra, esta é unha perspectiva menos material e que para comprendela precisa dunha serie de resortes case metafísicos. A cuestión central desta lectura é que o espazo, ou determinados espazos, “incitan á vida en comunidade”. Por exemplo, un deserto ou unha pequena illa non posúen os atributos para facelo, pero o val do Tigris, a península Itálica ou as depresións mesoamericanas, poñamos por caso, si. É dicir, quen activa e regula as accións humanas xeradoras da agricultura ou da vida urbana, é unha especie de forza inmanente que está implícita no espazo e que para autores como Edward Soja se manifesta a través do que denominan *sinecismo* (termo grego *synoikismos*). Para el o exercicio debe ser “poñer o espazo en primeiro lugar”. De aceptar esta segunda visión, a importancia do espazo no discurso das ciencias sociais adoptaría unha extraordinaria relevancia, porque dalgún xeito, sobre el recaería a responsabilidade –case por completo– dos procesos sociais en perspectiva histórica.

Sexa como for, o que semella conveniente é atopar un punto de equilibrio entre ambas as dúas visións. Por unha banda, porque, do mesmo xeito, o proceso socioeconómico en exclusiva constitúe un condición necesaria pero non suficiente porque precisa dos recursos que ofrece o territorio para se desenvolver e tamén do territorio en si mesmo nas súas fases expansivas. Pola outra, porque por moito que incite e motive, o espazo precisa, sen lugar a dúbidas, do enxeño e da imaxinación humana para adoptar unha ou outra organización. Certo é que, en función das particularidades de cada territorio, as adaptacións mecánicas e técnicas son distintas (materiais de construción, actividades económicas, organización agraria ou modelo asentacional) pero este feito non pode determinar, de xeito categórico, como se demostrou co paso dos séculos, as distintas formas de vida.

O que si parece adecuado resaltar (e esta cuestión ampliarase no capítulo 3 con maior amplitude) é que o espazo, estivo de sempre presente na construción das sociedades e, en efecto, estivo presente en dous sentidos; determinando de inicio as actividades humanas,

abastecendo de recursos e de condicionantes, e sendo un recurso válido para a súa transformación en termos de rendibilidade e con ela para a pervivencia do propio sistema. Esta cuestión que non sempre foi aceptada nin asumida no eido das ciencias sociais, significa un resorte indispensable para comprender a teoría do colapso territorial que imos tratar de defender.

En consecuencia, se asumimos esta posición de equilibrio, entón poderemos partir da base que o espazo condiciona os procesos sociais pero que, de igual xeito, os procesos sociais producen o espazo. Agora ben, cales son eses procesos sociais que na actualidade precisan do espazo ao tempo que o producen? Responder a esta pregunta de xeito dialéctico será o obxectivo da segunda parte do presente capítulo. A era do capitalismo tardío trouxo cambios do contexto sociopolítico e económico que influíron de xeito diferenciado na produción do espazo. Ademais, a diferenza doutras fases do capitalismo, a actual deu lugar á aparición dunha nova lóxica cultural que intervéñ no proceso económico. Como veremos isto é debido á que na época contemporánea, a distinción clásica empregada para clasificar dentro do sistema económico a *base* (medios e forzas de produción) da *superestrutura* (cultura, pensamento, ocio), xa non é útil porque hoxe ambas as dúas están entremisturadas. Neste sentido e respondendo a preguntas anteriores, as forzas e os procesos sociais que cumpre analizar porque determinan a actual produción do espazo, son en esencia económicos (fase do capitalismo tardío) e culturais (tensión modernidade-posmodernidade), que en todo caso, forman parte dunha construción sociopolítica conxunta. Pero ademais, a análise do papel da acumulación de capital en confluencia coas formas culturais que emerxen, non se pode realizar dun xeito individual porque en último caso coexisten en relación dialéctica, é dicir, conforman unha única matriz de coñecemento e de achegamento da realidade. Para esta tarefa, van ser de moita axuda os estudos de Fredric Jameson (1991), que á súa vez foron referencia indispensable dos que David Harvey elaborou (1989).

En definitiva, o obxectivo central deste capítulo será tratar de abordar a cuestión da natureza e produción do espazo, así como o seu papel activo e protagonista da construción da realidade. Para iso, atenderemos ás lóxicas económicas e culturais contemporáneas, que constitúen, dalgún xeito, os axentes que influen de xeito definitivo na configuración de novos usos e formas espaciais e que, cando se dan as circunstancias precisas, poden levar –como tentaremos comprobar- ao colapso do territorio.

3.1.- Unha aproximación natureza do espazo e do tempo: metamorfoses e permanencias

O espazo e o tempo constitúen categorías básicas da existencia humana. Porén, raramente discutimos os seus significados. Pola contra, tendemos a dalos por sentados e a outorgarlles condicións de sentido común ou de auto-evidencia. Rexistramos a “paisaxe do tempo” en

segundos, minutos, horas, días, semanas, meses, anos, décadas, séculos e eras, como se todo tivese a súa escala do tempo obxectivo. Aínda cando o tempo, na física, constitúe un concepto difícil e suxeito a discusión constante, polo xeral, non permitimos que interfira co seu sentido común ao redor do cal organizamos a nosa rutina diaria. Por suposto, recoñecemos que os nosos procesos e percepcións mentais poden levarnos a interpretacións alternativas, xa que poden converter os segundos en anos, ou facer que as horas agradabeis pasen tan rapidamente que non nos dea tempo a percibilas. Podemos tamén comprobar como as diferentes sociedades (ou ate diferentes subgrupos) cultivan distintos sentidos do tempo, dende o calendario chinés, o musulmán ou calquera outro cultivado polas civilizacións antigas.

O espazo, nesta lóxica, tamén é tratado como un feito da natureza; “naturalizado” a través da atribución de significados cotiás do sentido común e da experiencia mesma. En certo modo máis complexo que o tempo (xa que posúe características propias que lle confiren unha noción tanxíbel e mesurábel como dirección, área, forma, deseño, así como volume, perspectiva ou distancia), tratámolo, polo xeral, como un atributo obxectivo das cousas que pode medirse e, en consecuencia, acoutarse. Neste sentido, recoñecemos que a nosa capacidade subxectiva pode levarnos aos ámbitos da percepción, da imaxinación, da fantasía e da ficción, que producen espazos e mapas mentais como outros espellismos da cuestión presuntamente “real”. Para Harvey, que ten reflexionado profundamente sobre as orixes do cambio cultural e das implicacións espazo-temporais que conleva, este conflito, sen dúbida, recae sobre a natureza do espazo que debe ser empregada para regular a vida social e dar significado a conceptos tan formais como os dereitos territoriais⁴² (Harvey, 1989).

Por tanto, para xeógrafos do ámbito anglonorteamericano como Harvey, Soja ou Massey, resulta importante poñer en discusión a idea dun sentido único e obxectivo do espazo e do tempo, a partir do cal se poidan definir as distintas concepcións e percepcións humanas. Así e todo, convén sinalar que ningún deles tivo a intención de sustentar unha total disolución da distinción entre o obxectivo e o subxectivo, senón que, máis ben, ao longo dos seus traballos insistiron (cada un ao seu xeito e se cadra Soja con menos intensidade) na necesidade de recoñecer as múltiples cualidades obxectivas que o tempo e o espazo poden expresar e o rol das prácticas humanas na súa construción.

Así, por exemplo, Harvey recorre á Física para defender a súa postura e dispoñer dun punto de apoio inicial. Os físicos –sinala- sosteñen que nin o tempo nin o espazo existiron e aínda menos significaron nada antes da materia: as cualidades obxectivas do tempo e do

⁴² O rexistro histórico e antropolóxico está plagado de exemplos sobre a grande variación que pode existir entre distintos conceptos do espazo. As investigacións dos mundos espaciais dos nenos, dos enfermos mentais (particularmente dos esquizofrénicos), das minorías oprimidas, das mulleres e dos homes de diferentes clases sociais, dos poboadores urbanos ou rurais, entre outras distincións, ilustran unha diversidade notábel dentro de poboacións aparentemente homoxéneas. Porén, para Harvey, “existe un sentido global e obxectivo que, en última instancia, cómpre recoñecer” (Harvey, 1989).

espazo físicos non poden comprenderse pois, independentemente das cualidades obxectivas dos procesos materiais nin sociais. Esta noción contradí en boa medida a idea de *sinecismo* empregada por Soja para outorgar unha condición propia e orixinal ao espazo cando lle confire un papel esencial no desenvolvemento das cidades. Este termo de orixe grego⁴³, que se pode definir como a dinámica, o estímulo da aglomeración urbana, unha forza inherente ao crecemento das cidades supón en palabras de Soja, "unha parte vital do ADN do urbanismo" (Soja, 2001). É dicir, á diferenza de Harvey, que contempla unha visión "materialista" da natureza do espazo e do tempo, no sentido de que se trata de construcións sociais que adoptamos e adaptamos en boa medida para a reprodución do poder e do capital; Soja entende que o espazo forma parte mesmo da fonte nutricia da construción social e, en consecuencia, que ten unha existencia *per se*, independente dalgunha outra dinámica material que lle outorgue sentido e natureza.

En realidade, esta cuestión trascende en ocasións o interese da comunidade xeográfica, xa que o centro deste debate está situado en posicións máis filosóficas que espaciais en estricto senso. Porén, o propio Harvey admite que non se trata de subordinar todas as concepcións obxectivas do tempo e o espazo a unha conceptualización física particular, xa que ela tamén constitúe unha construción que se fundamenta nunha particular perspectiva sobre a constitución da materia e a orixe do universo. Así, cómpre ter presente que a historia dos conceptos de tempo, espazo e espazo-tempo na física estivo determinada por fortes momentos de ruptura e reconstrucións epistemolóxicas e, en conclusión, semella correcto dicir que "non se lle poden asignar significados obxectivos nin ao tempo nin ao espazo con independencia dos procesos materiais, e que só a través da investigación destes últimos podemos fundar axeitadamente os nosos conceptos dos primeiros"⁴⁴ (Harvey, 1989). Deste modo, Harvey alonxa a discusión do universo filosófico para situala no mundo da materia, do social e do "real", facéndoa máis atractiva, diversa e plural para as ciencias sociais en xeral e a xeografía en particular. Dende este punto de vista materialista, podemos, pois, soste que as condicións obxectivas do tempo e do espazo creáronse necesariamente a través das prácticas e procesos materiais que serven, en último estadio, para a reprodución da vida social. O campesiñado galego, por exemplo, na transición do século XIX ao XX obxectou cualidades do seu universo espazo-temporal que estaban tan separadas entre elas como o estaban das inherentes ao modo de produción capitalista ou precapitalista. Por tanto, a obxectividade do tempo e do espazo está determinada, en cada caso, polas prácticas materiais da reprodución social e, se temos en conta que estas últimas varían xeográfica e historicamente, poderase

⁴³ En realidade, Soja, toma o concepto de *sinecismo* da propia Jane Jacobs que o emprega para referirse á existencia de certa tensión urbana, entendéndoa como a *fáisca* que xera a innovación e favorece a creatividade social e económica debido ao feito de vivir xunto a outras persoas. Unha sinerxia forxada pola proximidade espacial e as posibilidades que esta brinda.

⁴⁴ Por suposto, esta non é unha conclusión novidosa nin sequera para a altura temporal na que publicou o traballo de Harvey a finais dos 1980. En todo caso, ven confirmar a observación xeral de varios pensadores anteriores (transición do século XIX ao XX), dos que Dilthey e Durkheim supoñen os máis destacados.

coñecer que o tempo social e o espazo social están construídos de xeito diferencial. En suma, “cada modo de produción ou formación social particular encarnará un conxunto de prácticas e conceptos do tempo e do espazo” (Harvey, 1989).

Así como o capitalismo foi e continua a ser un modo de produción “revolucionario” no cal as prácticas materiais e os procesos de reprodución social están sempre en transformación, tamén sofren mutacións as cualidades obxectivas e os significados do tempo e do espazo. Por outra banda, se o avance do coñecemento (científico, técnico, administrativo, burocrático e racional) constitúe un elemento vital para o progreso da produción e o consumo capitalistas, entón os cambios do noso aparello conceptual (así como das representacións de espazo e tempo), poden ter consecuencias materiais para o ordenamento da vida diaria⁴⁵. Isto non significa que prácticas humanas se atopen determinadas pola forma construída (por moito que se empeñen algún autores e proxectistas dende unha visión se cadra escorada cara o determinismo ambiental como sinala Richard Peet), xa que os usos sociais do espazo teñen o incómodo costume de escapar das ataduras de calquera esquema fixo de representación simbólica.

Neste sentido, nos últimos decenios asistimos ao xurdimento, á aparición de novos comportamentos na humanización e na ocupación do espazo que deron lugar a procesos de metamorfose e permanencia espacial. Esta nova identidade territorial, toma en cada latitude do planeta unha diferenciación particular que só con dificultades pode sistematizarse ou xeneralizarse. Por exemplo, no caso da franxa atlántica europea, por unha banda, coa entrada dos Estados portugués e español na Unión Europea a finais da década de 1980 e, pola outra, co xurdimento de modelos acumulativos máis flexíbeis dentro do capitalismo tardío, tamén tanxíbeis a un determinado nivel de intensidade nas comunidades periféricas; atendemos e identificamos novos fenómenos de índole social e económica que teñen a súa correspondente translación diacrónica sobre o territorio.

A transformación dos modos de vida da cidadanía, o aumento da capacidade adquisitiva e do consumo, a nova división do traballo ou o xurdimento de fenómenos sociais sobre o espazo descoñecidos até o momento, son elementos que convén explicar inmersos no corpo teórico do denominado xiro cultural, entendido como o paso da modernidade fordista á posmodernidade flexíbel (Jameson, 1991). De entendermos a cultura na visión ou na interpretación de Raymond Williams, podemos admitir que é moi complexo que sexamos capaces de recoñecer os novos estilos de vida da humanidade sen analizarmos previamente o contexto político, social e económico que condiciona ditos modos de vida. Para este autor, as

45 Por exemplo, cando un arquitecto-proxectista como Le Corbusier, un administrador como Haussmann ou un deseñador urbano como Walter Gropius, xeran un medio construído no cal predomina a “tiranía” da liña recta, por forza debemos adecuar as nosas prácticas cotiás.

civilizacións establécense através de tres esferas diferenciadas, que interactúan sobre un mesmo contexto espazo-temporal (existe, polo tanto, un marco histórico e xeográfico determinado). Estes elementos son a esfera económica, a social e a cultural. Constitúe un exercicio de extrema dificultade o feito de pretender comprender as transformacións sobre unha soa das esferas individualizada sen interpretar que o sistema entre elas establecido é aberto. Noutras palabras, as mutacións ou metamorfoses identificadas sobre a economía ou a sociedade, deben ser trasladadas ao marco cultural. Deste xeito, dentro do proceso da crise da hiperacumulación de capital, creáronse novas necesidades sociais que deron lugar á aparición de diversas ofertas culturais. A posmodernidade, como cultura propia da nova fase do capitalismo, mostra un significado amplo do concepto de cultura. Así, semella correcto admitir que a maior novidade que introduxo o movemento posmoderno é o tratamento da cultura na súa concepción máis fractal e especulativa⁴⁶, é dicir, como un produto ou unha mercancía máis do sistema económico, polo tanto, susceptíbel de estar regulada baixo as normas do mercado. Se a cultura, tendo en conta esta transformación, constitúe unha mercancía coa que acumular beneficios a través de plantexamentos de mercado, entón, as súas relacións espaciais atópanse en maior contacto co campo da industria ou, se se prefire, da economía máis que co puramente sociocultural.

Así na crise da sobreacumulación de capital ficticio detectada na década de 1970, tal e como fica recollida- no terceiro corte de carácter espacial- dentro das reflexións da xeografía radical marxista, o conflito da acumulación de riqueza e de propiedade tendente ao monopolismo, ou á concentración monopólica, amosa un crecemento xeográfico desigual crónico. Se observamos as condicións de vida da maioría dos habitantes do Planeta, identificaremos procesos sociais descoñecidos até o momento, resultado da perversión propia da máis recente evolución do modo de produción capitalista.

Deste xeito, hai que partir do principio de que as sociedades actuais occidentais, fan parte do xiro cultural. Este marco vital semella estar profundamente inmerso na posmodernidade; dito corpo teórico caracterízase polo triunfo da estética sobre a ética, no cultural; pola individualización reflexiva fronte ás prácticas colectivas da modernidade, no social; pola desaparición das fronteiras e a perda de hexemonía do Estado-Nación no político, e polo consumismo devastador, como ideoloxía no económico. Contextualizado isto dentro dun novo proceso de compresión espazo-temporal: en canto o tempo tende a desaparecer mediante a xustaposición, o espazo transfórmase mutando a súa condición e natureza. Por exemplo, non se pode non emarcar os comportamentos socioculturais identificábeis na área de

⁴⁶ Existe unha explicación máis teórica para identificar esta mutación que sofre a esfera cultural. Este debate semella o resultado dunha transformación fundamental na superestrutura das sociedades capitalistas. Detéctase así unha modificación importante no modo de produción e os seus efectos que poñía en cuestión a distinción marxista entre economía e cultura en tanto base e superestrutura. Estamos fronte ao proceso da mercantilización da cultura, que toma visións tan orixinais como a industria cultural en Adorno e Horkheimer ou a fetichización da mercancía en Debord.

contacto galego-portuguesa nesta óptica, a pesar de existir exemplos de comunidades rurais, marxinais que, con certeza, non fan parte destas novas tendencias posmodernas. O certo é que son recoñecíbeis novas configuracións territoriais partindo da circulación espontánea de importantes fluxos de capital financeiro e humano, ou da enorme transcendencia que toma o fenómeno urbano plasmados nunha nova cartografía cognoscitiva integrada e protagonizada polo Eixo Atlántico.

Reiteramos que dentro do proceso da crise da hiperacumulación de capital, creáronse novas necesidades sociais que deron lugar á aparición de diversas ofertas culturais. Na obra suscrita por Theodor W. Adorno e Max Horkheimer, *Dialéctica de la ilustración* (1994), os autores adican un capítulo á discusión da mercantilización da cultura. A instauración da industria cultural significa un intento fallido por dotar á sociedade de mecanismos e modelos de vida culta e moderno. Trátase da búsqueda dunha falsa ilustración para as masas. Constitúe unha presentación do suposto caos cultural como un empeño por alcanzar un sistema harmónico e hexemónico. En palabras dos autores: "é o triunfo da publicidade na cultura, a asimilación forzada dos consumidores ás mercancías culturais, desenmascaradas xa no seu significado" (Adorno e Horkheimer, 1994). Dito de outro modo, este debate cultural semella o resultado dunha transformación fundamental na superestructura das sociedades capitalistas. Referímonos ao capitalismo tardío, tamén denominado monopólico, no que se detecta unha modificación importante no modo de produción e os seus efectos que poñía en cuestión a distinción marxista entre economía e cultura en tanto base e superestructura. Así, no proceso de transformación do sistema económico tras a crise de sobreacumulación de 1973 que se traduciu no desvanecemento da modernidade fordista (traballo en cadea) e no ascenso da posmodernidade flexible, obsérvanse indubidabes transformacións nos rasgos culturais das diferentes comunidades, entendida a cultura en calquera dos seus significados. Trasladando esta cuestión á nosa problemática, observamos ademais que nos últimos anos téñense detectado unha serie de transformacións sociais asociadas. A sociedade informacional, posindustrial ou comunicacional, levou a distintos ámbitos territoriais, a escenarios de imaxes semellantes, por exemplo, dende o ámbito comercial (mercado único e homoxeneidade de textual). Diluíronse as diferenzas no tocante aos gustos e aos estilos de vida, así como ás unidades familiares. A poboación caracterízase na actualidade polo seu alto nivel de formación (salienta o número de persoas con educación universitaria) e o seu importante acceso á información.

Así, seguindo este fío, na opinión de Joan Nogué e Joan Romero (2006) as transformacións acontecidas no ámbito socioeconómico e cultural nos últimos decenios deron lugar a unha sorte de "novas xeografías" que non supoñen exclusivamente parte do "novo e incerto mapa xeopolítico do mundo" nin daquelas expresións xeográficas da globalización, pouco estudadas habitualmente pola súa intrínseca dificultade e accesibilidade. Refírense a un

“sen fin” de xeografías (algunhas novas e outras non tanto) que non recibiron ate hoxe a atención que merecen nos textos propios da ciencia xeográfica (nomeadamente da xeografía humana tradicional), nin tampouco no eido doutras moitas ciencias sociais. Para os autores de *Las otras geografías* existen tres rasgos definitorios que moitas destas xeografías (ou usos sociais do espazo) novas comparten, a saber: a invisibilidade, a intanxibilidade e a efimeralidade.

Tendo en conta que, tradicionalmente, o corpo teórico e epistemolóxico da ciencia xeográfica está centrado no visíbel, no tanxíbel e no tempo de media ou longa duración, estas tres categorías ou dimensións poden ser consideradas marxinais. A descrición xeográfica clásica posúe serias dificultades para integrar na súa análise os tempos curtos e fugaces, xa que, historicamente foi considerada –en esencia– unha descrición visual, de base empírica e cartesiana, apoiada sobre tanxíbeis⁴⁷. Neste sentido, a pesar das “rixideces” que, en ocasións, ofrece a disciplina, semella correcto cuestionarse se, na actualidade, é posíbel comprender e interpretar as dinámicas xeográficas das sociedades contemporáneas sen ter en conta estas tres dimensións e “se non sería oportuno integralas nas nosas metodoloxías, dado que existen indicios suficientes que nos indican que a invisibilidade, a intanxibilidade e a efimeralidade están cada vez máis presentes no mundo que nos tocou vivir” (Nogué e Romero, 2006). Tal e como nos recorda o filósofo Daniel Innerarity na súa obra *La sociedad invisible* (2004), a globalización caracterízase, sobre todo pola súa invisibilidade e, paradoxicamente, ningunha xeración estivo tan obsesionada polo visual e o estético como a actual. Rendémonos ante o visíbel e case que non podemos librarnos das imaxes, asignamos á visibilidade un valor central ao que se asocian outros como a sinceridade, a autenticidade ou a transparencia. A invisibilidade constitúe o resultado dun proceso complexo no que interveñen e conflúen a mobilidade, a volatilidade, as fusións, a multiplicación de realidades inéditas, a desaparición de bloques explicativos (metarrelatos ou metanarrativas), as alianzas insólitas e a confluencia de intereses de difícil comprensión. Por iso, Nogué e Romero sinalan que a distribución do poder é hoxe moi volátil; a determinación das causas e das responsabilidades, máis complexa; os interlocutores son inestábeis; as presenzas virtuais e os inimigos difusos. En definitiva, “non nos queda máis remedio que contribuír, dende a reflexión e a práctica, a configurar un escenario no que (...) a diferenza entre o que se ve e o que realmente sucede non sexa tan grande. As estratexias de simplificación do mundo son as que conducen a ese fatal dualismo: superficie estúpida e profundidade sinistra. Pensar as cousas na súa incómoda complexidade é o primeiro paso para que non se decidan noutra sé” (Innerarity, 2004).

⁴⁷ Nogué e Romero lembran que aínda que teñen existido “individuos brillantes” que, dalgún xeito, exploraron inicialmente estas tres dimensións e mesmo que “algunhas tradicións xeográficas se mostraron sensíbeis ás mesmas, o certo é que o *mainstream*, o corazón central da disciplina, obviounas e as segue a obviar” (Nogué e Romero, 2006).

No caso da efimeralidade, Nogué e Romero recorren, entre outros, ás ideas de Zygmunt Bauman (modernidade líquida) e Ilya Prigogine. A xeografía non puido escapar do proceso “líquido” alcumado por Bauman para referirse ao fenómeno de licuefacción ao que están sometidos todos os ámbitos da vida social contemporánea. Neste sentido, o concepto de espazo, como elemento máis sólido do corpo teórico da xeografía, volveuse tamén máis “líquido”, a pesar de que até hai pouco tempo ficaba aferrado á realidade do mundo físico fronte á volatilidade máis tradicional do tempo. Harvey (1989) profundizou na perda do significado tradicional do espazo e do tempo para lembrar que novos procesos están a impactar no territorio e estes procesos están marcados pola mobilidade, a aceleración, a fluidez, a falta de estabilidade, o imperio do efémero, sobre todo entre as súas representacións estéticas e lúdicas. Precisamente Harvey sinala que a teoría estética pode servir para aprender como as diferentes formas de espacialización (novas xeografías) inhiben ou facilitan os procesos de transformación social. Reciprocamente, poderíase dicir que habería moito que aprender da teoría social en canto ao fluxo e a transformación coas que se debe enfrontar a teoría estética. Así, os xuízos estéticos téñense incorporado como poderosos criterios de acción política, e polo tanto, social e económica. Conclúe Harvey, “se o xuízo estético dá prioridade ao espazo por enriba do tempo, as prácticas e conceptos espaciais poden resultar cruciais para a acción social en determinadas circunstancias” (Harvey, 1989).

Vexamos pois cales son esas circunstancias.

3.2.- Unha (re)visión periférica e atlántica do desenvolvemento xeográfico desigual.

A hipótese inicial do presente apartado descansa sobre a idea de que na actualidade a acumulación de capital baixo as leis e os mecanismos do sistema capitalista de produción, está a cobrar unha importancia definitiva para comprender determinadas transformacións das condicións xeosociais obxectivas. É sabido que o interese pola obtención de ganancia preside no modo produción capitalista. A diferenza doutros sistemas baseados na explotación do traballo para a obtención de plusvalías (exclavismo ou feudalismo), dita obtención -no capitalismo- debe realizarse nunha progresión cada vez maior. Reside aquí a noción permanente de perpetuidade, xa que nesa progresión sen límites a produción capitalista exténdese continuamente, reinvestindo o beneficio e convertindo o diñeiro obtido en capital (Luxemburg, 1912).

O esforzo de moitos investigadores por comprender o funcionamento deste proceso dende Marx (e antes Adam Smith ou David Ricardo) pasando por Rosa Luxemburg até a longa lista coñecida no século XX e principios do XXI, aínda non foi suficiente para aclarar polo menos dúas cuestións principais. Por unha banda, como podemos explicar a longa pervivencia do modo produción capitalista e polo outro, por que a acumulación de capital

funciona baixo unhas condicións sociais determinadas. O coñecemento da evolución histórica do capitalismo amosa que o principal problema co que se atoparon todos os autores que se entrometeron nos posicionamentos críticos ao paso do capitalismo, foi o de establecer unha xénese, un fetiche iniciático ou un fito non material de partida. Todo o contrario, as súas dúbidas aparecen mesmo no cerne das pesquisas (que ademais transcenden a eles mesmos e son transmitidas fugazmente aos lectores), xa que ao non establecer unha certeza de comezo, presentan os rudimentos do modo de produción capitalista como un círculo vicioso, que mesmo chega a converter certos discursos en obviedades. Non hai xeito de ver onde reside o punto de arranque. Rosa Luxemburg foi moito máis ilustrativa e mesmo afirmou que “non facemos máis que dar voltas á noria e o problema váísenos das mans” (Luxemburg, 1912).

A pesar das dúbidas e das incertezas, o certo é que o camiño seguido até a actualidade amosa máis luces que sombras do proceso. A teoría xeral de Marx sobre a acumulación de capital parte de certas hipóteses cruciais, que pouco máis ou menos equivalen ás de unha economía política clásica: mercados competitivos que funcionan libremente con dispositivos institucionais de propiedade privada, individualismo político e liberdade contractual, e as correspondentes estruturas xurídicas e gubernamentais garantidas por un Estado “facilitador” (que tamén asegura a estabilidade do diñeiro como depósito de valor e medio de circulación). O papel do capitalista, como suxeito que produce e intercambia, está agora ben asentado e a forza de traballo converteuse nunha mercadoría que funciona baixo a regulación de prezos do mercado. A acumulación de capital ten lugar (non a primitiva nin a orixinal) como reprodución ampliada, en condicións de “paz, propiedade privada e igualdade”. Deste modo, permítenos comprender que a liberalización do mercado non producirá unha sociedade harmoniosa na que todos prosperen, senón, pola contra, niveis cada vez maiores de desigualdade social, ou como predixo Marx, serias e crecentes inestabilidades que conducirán a crises crónicas de sobreacumulación. En todo caso, estas hipóteses teñen o inconveniente de que relegan a acumulación baseada na depredación, a fraude e a violencia a unha fase orixinal xa superada ou como algo exterior ao capitalismo como sistema pechado.

Na opinión de Rosa Luxemburg deben existir unha serie de condicións sociais obxectivas que garantan a acumulación de capital. Fundamentalmente podemos falar de dúas. Para que existan garantías dunha progresión continua da acumulación de capital debe existir, en primeiro termo, forza de traballo en proporción suficiente. Neste senso, o modo de produción asegura esta condición grazas a dous mecanismos interrelacionados: ou ben, a través da percepción dun salario e a creación dun marco regulatorio de dereitos e obrigas que xunto a procreación natural exerza como silenciador das protestas obreiras e saciador das necesidades primeiras da unidade familiar; ou ben, empregando o fenómeno ao que Marx se refería como “creación dunha reserva de obreiros”, mediante a proletarización da clase media. En segundo termo, Luxemburg, introduce o concepto de “estabilidade na demanda do

mercado” ao determinar que cómpre que existan posibilidades obxectivas de venda da mercadoría. Así, pódese reproducir o círculo vicioso ao faciamos referencia, empregando a plusvalía do traballo obreiro en forma de cartos para reinvestilo convertido en capital. Como o capitalista medra, o investimento debe medrar tamén nunha en relación directamente proporcional á demanda obxectiva, logo, cómpre de novo, atopar saída ás mercadorías en número cada vez maior, que será reflexo de beneficios superiores e reinvestimentos tamén a alza, retroalimentando o circuíto até o infinito.

Entresácase desta postura de Luxemburg unha idea complexa. O ascenso constante da produción capitalista, áchase vinculada ao incremento e desenvolvemento non menos constantes das necesidades sociais. Logo, existe unha pretendida subordinación do capital ás condicións xeosociais. Obviamente, a propia ideoloxía do capitalismo, fundamentada no consumo e no fetichismo da mercadoría, encárgase efectivamente de que o incremento das necesidades xeosociais reproduza os termos da proporción cada vez maior que precisa o capitalista produtor. Dun xeito tal vez primitivo para a análise actual, cómpre lembrar aqueles dous cometidos que teoricamente debería atender a produción e que explican de modo ilustrativo a subordinación da acumulación de capital ás necesidades xeosociais obxectivas. En primeiro lugar, debe producir medios de vida, no senso máis amplo, para todas as capas da poboación (alimento, vestido e obxectos materiais que sacien as necesidades físicas e culturais); despois, ter en conta a idea de que toda forma de produción ten que coidarse de ir reproducindo constantemente os medios de produción consumidos (materias primas, ferramentas e instrumentos de traballo ou fábricas e obradoiros). Dito de xeito taxante, sen a satisfacción destas dúas necesidades primarias e elementais de toda sociedade humana, non se poderían concebir nin o desenvolvemento da cultura nin o progreso en si mesmo (Luxemburg, 1912).

Porén, aínda existe unha terceira cobertura social que a acumulación de capital debe asegurar para o seu desenvolvemento progresivo. Até o de agora, nada máis temos explorado unha pequena evolución do que podería ser unha sociedade esclavista avanzada ou un feudalismo medieval ao día, xa que polo momento, a explotación do proletariado non tivo máis finalidade que asegurar aos seus explotadores unha vida de opulencia. A terceira atención do capitalismo debe ser a ganancia en forma de diñeiro, a acumulación de capital-diñeiro como razón de ser vital e misión específica. Polo tanto, o verdadeiro sentido histórico da produción actual comeza alá onde a explotación rebasa a liña onde a plusvalía, ademais de chegar para atender as necesidades da vida “digna” da clase capitalista, ten que ser o suficientemente ampla para que poda destinarse unha parte da mesma á acumulación. Na opinión de Luxemburg, esta finalidade é tan decisiva, “que os obreiros só atopan traballo, e polo tanto posibilidades para procurarse medios de subsistencia, na medida en que xeren este

beneficio destinado á acumulación e as perspectivas sexan propicias a que poda acumularse real e verdadeiramente, en forma de diñeiro “(Luxemburg, 1912).

En todo caso, ademais das dúas condicións orixinais de todo sistema económico fundamentado na explotación, existe a produción dunha verdadeira xeografía da acumulación do capital. A este respecto, David Harvey ven propoñendo unha serie de argumentacións de resposta, por primeira vez no ano 1982, sobre o debate que vimos de expoñer, da longa supervivencia do capitalismo. Trátase máis dun misterio que dunha discusión, como se só os posicionamentos idealistas fosen quen de outorgar unha data de caducidade a este sistema económico. A pesar das súas múltiples crises e reorganizacións e das obscuras predicións de inminente catástrofe –que serviron antes que máis para prender a chama das coñecidas “revisións insípidas” (tanto dende a esquerda como dende a dereita)-, o certo é que obxectivamente habitamos un momento espazo-temporal de profunda trascendencia na historia do capitalismo. O seu rotundo apoxeo ideolóxico-político dende a década de 1990 trouxo unha serie de transformacións xeosociais e culturais descoñecidas até o de agora. Harvey leva traballando durante decenios na idea de que modo de produción capitalista mostra un desenvolvemento xeográfico desigual que vai ser peza imprescindible para explicar esa longa permanencia do sistema capitalista. Dito modo de produción baséase na acumulación de capital nun lugar determinado. Con este fenómeno asistimos a procesos de amoreamento de man de obra provocados pola alta densidade xerada entorno do crecemento e da localización industrial, a un aumento da capacidade na oferta dos bens de consumo e, polo tanto, de excedentes da produción e a un desenvolvemento xeral, en ocasións descontrolado, do fenómeno urbano. Coa expansión e o apoxeo do sistema capitalista, identifícase unha transformación do espazo materializado na cidade. Esta mutación defínese polo crecemento da súa poboación e do seu tamaño. Os barrios proletarios organízanse en aneis situados no extrarradio urbano dando lugar a verdadeiros almacéns estancos de familias que sobreviven cun baixo salario. Estamos fronte ao nacemento dos suburbios obreiros que foron desencadeantes dos procesos de transformación social nas cidades de mediados e finais do século XIX en Europa.

Porén, este proceso de concentración do proletariado daba lugar a inusitadas alianzas a nivel local entre a clase obreira. Prodúcese entón un fenómeno de toma de conciencia de clase por parte do proletariado (antes alienado) que percibe na súa propia unión a solución traumática para acabar cos desequilibrios sociais e as inxustizas xeradas pola organización espacial do modo de produción. A resposta e a saída para os conflitos que asoballan á clase traballadora descansa sobre a transformación do modo de produción e non na regulación da

distribución da riqueza. A aparición de alianzas libertadoras (emancipadoras) a escala local⁴⁸, supón o paso previo, o xérmolo, dunha identificación da loita da clase traballadora a nivel nacional (Harvey 1985; 2000), en función do contexto histórico-xeográfico de cada caso, que ao mesmo tempo sentará as bases do internacionalismo obreiro invocado por Marx e Engels no propio Manifesto Comunista de 1848. Pódese dicir entón, que o modo de produción baseado na acumulación de capital nun lugar determinado é o que impulsa a loita clásica revolucionaria da clase traballadora. Probabelmente, ésta é a razón de que sexa, tamén, o propio sistema capitalista quen se encargue de poñer en marcha a "apisonadora" de consciencias cun proceso antagónico que se fundamenta na expansión e na dispersión.

Como é sabido, volvendo á cuestión da longa permanencia, o capitalismo sobrevive, entre outros aspectos, grazas ao rendimento (beneficio) que é quen de extraer dos recursos determinados nun contexto histórico definido. É esta unha cuestión moi xeográfica. Cando estes recursos comezan a agotarse, momento no que a clase proletaria toma consciencia, o sistema económico inicia un proceso de expansión e de búsqueda de novos espazos nos que se poder instalar (Harvey 1985; 2000). Nesta dialéctica, arrastra a gran cantidade de man de obra desconxestionando aqueles suburbios e aquela periferia obreira que tomaba consciencia anteriormente. Esta dinámica concentración-dispersión suscita varias dúbidas ou alomenos unha fundamental: que pasa cando o modo de produción fica sen un dos seus recursos fundamentais, a Terra, e deixa de producir espazo?

Historicamente, desde que isto ocorre nos países ricos, volve ser o sistema capitalista quen resposta de xeito contundente. Cando os recursos dos que dispón o modo de produción se agotan dando lugar a un estado finito de excedentes acumulados o sistema entra en crise⁴⁹. Esta crise, moi ao contrario de outras que xurdiron pola febleza dos mecanismos capitalistas (crack do 29), constitúe unha crise de sobreacumulación, onde a acumulación capitalista fica concentrada na propiedade dunhas poucas mans. É entón cando xurden novos procesos especulativos e fraudulentos que permiten a apertura de mercados mantidos por unha demanda forte, unha oferta moi especializada e un investimento de capital na súa maior parte público para a obtención dun beneficio na súa maior parte privado. Estamos fronte a unha nova fase do modo de produción capitalista; o capitalismo tardío, baseado na acumulación de capital ficticio a través de procesos fractais, bursátiles e especulativos.

Toda esta lóxica fica recollida na obra de Harvey, *The Limits to Capital* (1985), onde observa que o modo de produción capitalista non se desenvolve sobre un espazo uniforme

⁴⁸ Estas alianzas detéctanse a unha escala aínda maior, isto é, a propia auto-organización do proletariado nas fábricas que concluíron coa aparición de estruturas orgánicas modernas; sindicatos e partidos.

⁴⁹ Marx recolle as crises polas que pode pasar a acumulación de capital non só no seu texto fundamental, *O Capital*, senón tamén en numerosos artigos soltos entre os que destaca "A acumulación do capital e as crises".

nen isotrópico, senón que produce o que en chamar, un desenvolvemento xeográfico pouco uniforme (desigual) que experimenta procesos de concentración e dispersión espacial dando lugar á manifestacións da loita de clases dentro de rexións diferenciadas. Esta categoría histórico-xeográfica que lle atribúe ao capitalismo senta as bases para a comprensión do terceiro corte na teoría da crise⁵⁰ exposta nesta obra. O desenvolvemento xeográfico pouco uniforme constitúe o resultado de tendencias contradictorias. Por un lado, o capitalismo debe derribar as barreiras espaciais e os límites rexionais que a organización político-administrativa lle impón. Sen embargo, o emprego de certos medios para levar a cabo este proceso, medios como a mobilidade espacial entre fronteiras do capital financeiro ou a globalización dos mercados, contribúen a formar novas barreiras que hai que voltar a superar. “A organización xeográfica do capitalismo absorbe as contradicións dentro da forma do valor” (Harvey, 1985).

En certo modo, o sistema capitalista debe iniciar para desenvolverse un proceso de concentración espacial. Deste xeito, mostra forzas que impulsan á aglomeración das actividades económicas e, con elas, investimentos de transporte e de industrias de bens de consumo, así como de man de obra que facilitará o crecemento urbán. Sen embargo, tal concentración pode dar lugar a fenómenos perversos e á aparición de procesos como o amoreamento da poboación, a acumulación de miseria, as faenas agobiantes, a degradación mental, o analfabetismo ou os guetos de comunidades desfavorecidas, é dicir, a acumulación capitalista e a miseria van da man concentradas no espazo. Por iso, ante os límites físicos e sociais cos que se atopa a aglomeración espacial capitalista, comeza a facerse atractiva a dispersión. Este movemento de descentralización das actividades humanas incluso pode beneficiar ao propio capitalismo xa que a anterior concentración significaba un terreo fértil, como dixemos, para a conciencia de clase e a inquietude social. Deste xeito, pódense combater certos procesos de insurxencia e convulsión entre a clase obreira e traballadora. Estamos, polo tanto, ante dúas tendencias espaciais contradictorias pero, ao mesmo tempo necesarias para a supervivencia da natureza do capitalismo. A acumulación de beneficios debe iniciar procesos de expansión do capital (dispersión) pero tamén debe crear excedentes en lugares moi determinados (concentración). Neste sentido, conclúese que non existe un equilibrio estábel entre ambos procesos sen embargo, atopa unha lóxica teórica espacial como resultado do funcionamento da circulación do capital: “Os antagonismos entre a cidade e o campo, entre o centro e a periferia, entre o desenvolvemento e o subdesenvolvemento, non son accidentais nen opostos nen impostos dende fora. Son o produto coherente de diversas

⁵⁰ Se o terceiro corte da crise do capitalismo son os aspectos xeográficos, debemos dicir que o primeiro corte trata sobre as principais contradicións internas do capitalismo e o segundo examinou as dinámicas temporais a medida que lles van dando forma e as van mediando os arranxos financeiros e monetarios. Deste xeito, a teoría da crise do capitalismo en Harvey inclúe tres cortes: un de base material, un de base temporal e outro de base espacial. Éste último constitúe a aportación máis novidosa do autor neste sentido.

forzas que intersectan e que operan dentro da unidade global do proceso de circulación do capital” (Harvey, 1985).

Existe unha base material dentro do proceso de circulación do propio capital para as manifestacións interrexionais da loita de clases. Tal base material descansa sobre a idea de que se unha pequena concesión local entre o capital e a forza de traballo é útil para a acumulación local ou rexional, entón a burguesía pode chegar a apoiar o desenvolvemento dese territorio. Así, pode darse a posibilidade da aparición de procesos de competencia entre as distintas rexións, xa que cada alianza entre capital e forza de traballo tende a captar e a reter con máis impetu os beneficios que circulan a través de territorios limítrofes ou próximos.

En conclusión, o terceiro corte sobre a teoría da crise do modo de produción capitalista, pódese formular e comprender admitindo que o exceso de acumulación (hiperacumulación) provén das contradicións entre as forzas productivas e as relacións sociais dentro do proceso de circulación do capital. Estas contradicións suceden dentro dunha estrutura de desenvolvemento xeográfico desigual, “producido polas mobilidades diferenciais de diversas clases de capital e de forza de traballo, todas enlazadas dentro das restricións temporais impostas” (Harvey, 1985) polo mercado.

Nos últimos 175 anos de instalación do sistema capitalista –poñamos a data de publicación do primeiro tomo de *O Capital* de Marx en 1867- tras innumerabeis idas e voltas, despois de infitas interpretacións sobre as crises dos procesos de acumulación capital, alén dos incontabeis procesos de revolta popular e dos importantísimos fitos históricos que aconteceron (guerra de Vietnam, caída do Muro de Berlín ou xurdiemento dos grandes bloques supraestatais), a primeira das certezas que amosa a realidade é que a hexemonía do capital é hoxe máis estábel e feroz que nunca e que mesmo conseguiu, nunha espiral criminalizante, suprimir determinadas oposicións contestarias até as aillar da legalidade internacional vixente, o mal chamado tempo das democracias europeas descentes da “tradicción” democrática norteamericana e baseadas na separación de poderes e na alternancia política. A ruptura das institucións sociopolíticas xurdidas dos procesos revolucionarios liberais de finais do século XVIII e principios do XIX (incluídas as organizacións obreiras e sindicais e a configuración clásica dos partidos políticos, pero tamén –en certa medida- os aparatos de Estado), deu lugar en última instancia, á hexemonía da estética como ideoloxía nunha época que presume de ter “asasinado” a todas elas, e ao dominio xeoestratéxico do capital como omnipresente configurador social.

Tanto Lenin como Luxemburg, aínda por distintas razóns e empregando argumentacións diferentes, consideraron que o imperialismo –ou certo xeito de produción e utilización do espazo global- era a resposta ao enigma da longa supremacía do capitalismo,

aínda que en ambos casos semella que esa solución era finita e, polo tanto, cargada das súas propias contradicións terminais. Lefebvre, noutro exemplo, pensou que atopara a clave na súa sonada observación de que o capitalismo sobrevive grazas a produción de espazo, porén, a pesar da idoneidade desta idea nunca conseguíu explicar como nin por que isto sucedía así.

En *The Limits of Capital*, Harvey propón a teoría dunha solución espacial (con maior precisión, unha solución espazo temporal) ás contradicións internas da acumulación de capital e as crises que xeneran. O núcleo desa argumentación, derivada teoricamente dunha reformulación da teoría marxiana da caída da taxa de beneficio, refírese a unha tendencia crónica do capitalismo ás crises de sobreacumulación. Estas crises maniféstanse tipicamente como excesos de capital (mercadorías, diñeiro ou capacidade productiva) e de forza traballo, sen que semelle que exista ningún medio de os amoldar rendibelmente para levar a cabo tarefas socialmente útiles⁵¹. A análise de Harvey inclúe a seguinte argumenación. Dado que o núcleo da dificultade para asimilar o exceso de capital reside na ausencia de oportunidades rendabeis de investimento, o problema económico clave (a diferenza do social e político) ten que ver co capital propiamente dito. Polo tanto, que xeitos atopamos para evitar a devaluación establecendo formas rendabeis de absorción do exceso de capital? A expansión xeográfica e a reorganización espacial ofrece esa posibilidade, que non se pode separar porén de dilacións temporais nas que o exceso de capital se inviste en proxectos a longo prazo que tardan moitos anos en devolver o seu valor á circulación mediante a actividade productiva que promoven. A expansión xeográfica supón con frecuencia investimentos en infraestruturas materiais e sociais de longa duración (en redes de transporte e comunicacións ou no ensino e na investigación), e, alén disto, a produción e a reconfiguración das relacións espaciais proporcionan unha potente palanca para mitigar, se non resolver, a tendecia ao xurdimento de crises no capitalismo⁵². “A lóxica capitalista do imperialismo (a diferenza da territorial) debe entenderse no contexto da procura de solucións espazo temporais ao conflito do exceso de capital” (Harvey, 2003). É por iso, que no exceso de capital máis que no de forza de traballo onde debe concentrarse a atención analítica. Entón a pregunta clave será: cómo circula o capital no espazo e no tempo chegando a xerar a súa propia xeografía histórica?

Máis adiante retomaremos a cuestión do imperialismo e da “solución espacial” de Harvey.

⁵¹ Harvey emprega un exemplo ilustrativo. Para el, o caso máis obvio que dá pé a esta explicación sucedeu durante a depresión a escala mundial da década dos trinta do século XX, cando o emprego da capacidade existente caeu a un mínimo histórico, as mercadorías existentes non se podían vender e o desemprego alcanzou cotas nunca igualadas. Aquilo conduxo á devaluación e nalgúns casos até a destrución do exceso de capital, ao tempo que os traballadores sobranceiros ficaban reducidos a unha situación miserábel (Harvey, 1982 e 2003).

⁵² Deste modo, durante a década dos trinta o goberno estadounidense tratou de respostar ao problema da sobreacumulación emprendendo obras públicas orientadas cara o futuro en lugares até entón subdesenvolvidos, con clara intención de reducir o exceso de capital e forza de traballo entón existente (Harvey, 1982 e 2003).

3.3.- Unha “pequena” economía espacial do capitalismo: monopolio e competencia

O intercambio de bens e servizos (incluída a forza de traballo) supón case sempre cambios de ubicación. Dende un principio, pode definirse unha rede de movementos espaciais que xeran unha xeografía propia de interacción humana. Estes movementos espaciais vense freados pola fricción da distancia e, polo tanto, a pegada que deixan sobre a terra rexistra inexorablemente os efectos desa fricción, o que adoita provocar que as actividades económicas se aglomeren no espazo con fin de a minimizar. As divisións territoriais e espaciais do traballo (por exemplo, a distinción urbano-rural) xurden dos procesos de intercambio no espazo. A actividade capitalista produce así un desenvolvemento xeográfico desigual, aínda en ausencia de diferenciación xeográfica na dotación de recursos e posibilidades materiais, que adicionan o seu peso ás lóxicas das diferenciacións e especializacións rexionais e espaciais. Este proceso que xa foi definido pola teoría clásica da localización (J. H. Von Thünen, A. Weber ou A. Lösch e máis tarde a síntese expresada por W. Isard) baséase na idea de que os capitalistas individuais, empurrados pola competencia, procuran vantaxas competitivas no seo desa estrutura espacial e tende, no mellor dos casos, a desplazarse aos lugares onde os custos son máis baixos ou a taxa de beneficio máis alta. O capital excedente nun lugar pode empregarse nalgún outro no que non se agotaran as oportunidades de negocio rendíbel. As vantaxes de ubicación desempeñan para os capitalistas individuais un papel moi similar ás tecnoloxías, e en certas ocasións, poden substituírse entre si.

Polo tanto, que aportación interesante ofrece a solución espazo-temporal que non desenvólvese xa a teoría clásica da localización? O propio David Harvey expón que a diferenza principal é que as obras sobre a ubicación xeográfica tratan de identificar un equilibrio espacial no panorama xeográfico da actividade capitalista, mentras que no caso do postulado histórico-xeográfico, o proceso de acumulación de capital aparece como algo perpetuamente expansionista e, polo tanto, permanente fuxidizo de calquera tipo de equilibrio (Harvey, 2003). Ademais, como é sabido, a teoría clásica da localización supón unha racionalidade económica pouco acorde co comportamento capitalista real⁵³. Noutras palabras, do mesmo xeito que a competencia xenera fortes impulsos de dinamismo tecnolóxico disgregador nas economías capitalistas, tamén crea un perpetuo movemento e inestabilidade na distribución espacial das actividades económicas a medida que os capitalistas buscan ubicacións máis rendíbeis (ou de menor custo). O escenario xeográfico da produción, o

⁵³ As mercadorías non acuden por si mesmas ao mercado, senón que son os comerciantes os que as levan. Os mercaderes medievais, por exemplo, diante da limitación dos mercados locais, convertéronse en verdadeiros vendedores ambulantes que recorrían enormes rexións para unha efectiva distribución das mercadorías. A actividade dos comerciantes capitalistas supuxo de sempre un constante desprazamento e un derrubio das barreiras espaciais (Harvey, 1982).

intercambio, a distribución e o consumo capitalista nunca están en equilibrio (Harvey, 1982, 1989, 2003).

Autores como E. Chamberlain, Hotelling ou o propio A. Lösch, considerados teóricos neoclásicos de orde espacial, teñen recoñecido que a competencia nun sistema espacial ten unha natureza de tipo monopolista. Existen unha serie de exclusións económicas derivadas da unicidade da localización que suxiren a existencia deste tipo de competencia. Dito de outro modo, a ubicación espacial sempre confire certa vantaxe monopolista (Chamberlain, 1933 e Lösch, 1954). En efecto, a propiedade privada da terra constitúe, en primeiro lugar, e fundamentalmente, algunha connotación monopolista: ninguén pode situar a súa fábrica alá onde xa está ou vai estar outra. Polo tanto, se esa ubicación posúe unhas características que se transforman en vantaxes competitivas, esas oportunidades tan só van beneficiar a un do produtores. Quere dicir isto, que na economía espacial existe unha preferencia capitalista polo control monopolista fronte á competencia aberta. Diga o que diga a teoría abstracta do capitalismo –que invoca continuamente aos ideais da competencia-, na opinión de Harvey, “os capitalistas procuran afianzar vantaxes monopolistas porque confiren valores e beneficios como seguridade, calculabilidade e unha existencia en xeral máis pacífica” (Harvey, 2003). Esta idea insertada na teoría da solución espazo-temporal, permítelle concluir a Harvey que o resultado final da competencia é o monopolio ou o oligopolio, e canto máis feroz sexa a competencia, con maior celeridade tende o sistema a tal situación, como demostra o increíble ascenso dos estados de oligopolio e monopolio en moitos sectores da economía⁵⁴ (desde a enerxía e as telecomunicacións até os medios de comunicación e o ocio ou moitos outros, pensemos no que está a acontecer cos estaleiros ou o sector agro-gandeiro-industrial aquí mesmo na Galiza) durante os últimos trinta anos de hexemonía neoliberal e/ou socialdemócrata na política económica dos principais Estados capitalistas. Entón, segundo a lóxica do beneficio capitalista pódense empregar –como de facto se veñen empregando, estratexias espaciais para protexer e xerar poderes monopolistas. O control sobre as localizacións estratéxicas ou os complexos de recursos supón unha peza chave dentro deste proceso e nalgúns casos, o poder monopolista faise o bastante forte como para inhibir o dinamismo da economía espacial do capitalismo, fomentando fortes tendencias cara a inercia e o estancamento teritorial. Harvey observa que a tendencia ao dinamismo espacial impulsada pola búsqueda competitiva de beneficio vese contrarrestada polo establecemento de poderes monopolistas no espazo que son –exactamente- os lugares dende os que emanan frecuentemente as prácticas imperialistas e a pretensión dunha presenza constante no mundo.

⁵⁴ Harvey fala dun exemplo que sufríu unha transformación espectacular e que pola súa complexidade non quixemos incluír. Trátase das liñas aéreas que se ben é certo que hai menos de cinco anos este sector se atopaba atrancado nunha profunda situación de oligopolio, hoxe coa aparición das liñas de baixo custe que rompen a competencia grazas ao abaratamento dos prezos e á redución de man de obra e servizos, o mercado neste sector diversificouse en parámetros elevadíssimos.

Concorda pois, coas interpretacións de Hilferding ou Lenin, pois, insiste Harvey, na importante conexión interna entre monopolio e imperialismo (Harvey, 1982 e 2003).

Porén, o panorama do sistema económico mundial na actualidade amosa unha difícil conexión entre o pretendido imperialismo neoliberal postulado polos críticos sociais de tradición marxista e as diagnoses máis pragmáticas elaboradas a partir da experiencia inductiva. Nunha economía de mercado globalizada, onde o sector servizos chegou a un nivel de sostificación elevadísimo, o certo é que a antiga paisaxe doméstica do consumo de produtos locais (porque a elevada fricción da distancia impedía calquera outra opción), ficou nos anais da memoria. Hoxe case en calquera lugar do mundo podemos gozar do consumo de produtos (mesmo frescos) procedentes de calquera lugar ou rexión do mundo. A distancia pasou de estar considerada en tempo (meses ou semanas) hai un par de séculos, en quilómetros hai un par de décadas, de novo en tempo (horas e minutos) na década dos 1990 e, finalmente en diñeiro na actualidade. Por iso, a diminución dos custos de transporte e a desaparición das barreiras políticas supuxo unha situación de crise para os monopolios. Mesmo o caso exemplar de oligopolio dos fabricantes de automóviles de Detroit definido por P. A. Baran e P. M. Sweezy na década dos 1960 como “capital monopolista”, está hoxe ameazado polos fabricantes do Xapón. Para subsanar este e outros problemas, e conseguir así presevar os monopolios, a lóxica do capitalismo ofreceu unha iniciativa fundamental: a centralización masiva de capital, que pretende o dominio mediante o poder financeiro, as economías de escala, o control de mercado e a protección das vantaxas tecnolóxicas (como substituto as vantaxas de localización) mediante dereitos de patente, licencias e dereitos sobre a propiedade intelectual.

Entón o importante ven a ser a posibilidade de mover dun lugar a outro mercadorías, capacidade productiva, xente e diñeiro, para o que son decisivas as condicións que prevalecen nas industrias do transporte e das comunicacións. É sabido que durante toda a historia do capitalismo, as innovacións tecnolóxicas nese campo alteraron espectacularmente as condicións de espacialidade (a fricción da distancia da que fala Harvey), xenerando todo tipo de inestabilidades na economía espacial do capitalismo. O que Marx denominou “a aniquilación do espazo mediante o tempo” (acorde co rexistro histórico-xeográfico do capitalismo), que podería ser hoxe substituído pola “aniquilación do espazo mediante o capital” moi en relación coa relectura feita tempo despois por Marshall Bergman, materialízase no impulso cara a redución ou eliminación das barreiras espaciais, xunto cos impulsos igualmente incesantes cara a aceleración da rotación do capital. A redución nos custes (agás no transporte de persoas) e duración do movemento demostrouse como unha necesidade imperiosa do modo de produción capitalista. Entón, como sinala o propio Harvey, a tendencia á mundialización é intrínseca a este modo de produción, e a evolución do

panorama xeográfico da actividade capitalista (non só económica) está a ser impulsada sen descanso por unha case continua compresión espazo temporal.

De todo isto podemos concluir que a paisaxe xeográfica (ou a economía espacial) da actividade capitalista está a ser atravesada por contradicións e tensións e que é perpetuamente inestábel debido ás presións técnicas e económicas que actúan sobre a mesma. As tensións entre competencia e monopolo, entre concentración e dispersión, entre centralización e descentralización, entre inmovilidade e movemento, entre dinamismo e inercia, entre diversas escalas de actividade derivan todas elas do que Harvey denomina “procesos moleculares” de acumulación de capital no espazo e no tempo, e todos eles insértanse na lóxica expansionista xeral dun sistema capitalista no que domina a acumulación incesante de capital e a búsqueda interminábel de beneficio, que dá lugar, á pretensión de xerar un entorno xeográfico que propicie as actividades capitalistas nun lugar e momento determinado, só para ter que o destruír e ter que edificar un entorno totalmente diferente nun momento posterior sen poder saciar nunca a súa perpetua sede de acumulación. Deste xeito, váise escribindo a historia da destrución creativa no entorno da xeografía histórica real da acumulación de capital.

3.4.- A aniquilación do espazo mediante o capital: imperialismo e acumulación por desposesión

Como temos sinalado, o espazo e o tempo constitúen categorías básicas da existencia humana das que tendemos a dar por sentado o seu significado e a outorgarles determinacións de senso común. Aínda así, a análise do espazo e do tempo da vida social incorpora unhas serie de “coordenadas” e nexos fundamentais para comprender as transformacións que tiveron lugar nos últimos tempos nos procesos económicos, políticos e culturais. Por iso moitos autores sentiron unha curiosidade importante e adicaron boa parte das súas pesquisas a esta cuestión.

Deste proceso de impulso perpetuo cara a transformación da escala xeográfica que define a actividade capitalista sobresaen dúas consecuencias adicionais. O auxe e apoxeo das novas tecnoloxías de comunicacións dixitais, por unha banda. Sen a máis recente das innovacións neste campo (desde o transporte en reactores e o almacenamento en contedores até Internet), a escala cambiante do poder hexemónico sería materialmente imposíbel e teoricamente incomprensíbel. Reterritorializacións políticas como a UE fixéronse non só viáveis senón unha verdadeira necesidade económica. A pesar do que sinalamos, na opinión de Harvey, isto non quere dicir que os desprazamentos políticos sexan simples consecuencias desas transformacións materiais nas relacións espaciais; isto sería unha cuestión moito máis complexa. Porén, o que si podemos afirmar é que a transformación das relacións espaciais

inflúe de xeito definitivo sobre a configuración das reorganizacións políticas, verificándose unha intersección crucial entre as lóxicas territorial e capitalista do poder.

En todo caso, a situación particular da industria do transporte e das comunicacións ilustra a segunda consecuencia adicional, se cadra de carácter máis xeral. A fluidez do movemento “sobre” o espazo depende de que se fixen certas infraestructuras materiais “no” espazo. Camiños de ferro, estradas, autoestradas, aeroportos, instalacións portuarias, redes de fío, sistemas de fibra óptica, redes eléctricas, sistemas de conducción de auga e sumidoiros, ou oleoductos, fan parte do que se coñece en teoría marxista como “capital fixo inserto en terra” (a diferenza doutras formas de capital fixo, como os avións ou a maquinaria, que se poden mover dun sitio a outro).

Unha das consecuencias máis salientábeis no plano sociopolítico da libre circulación do capital financeiro ao longo do Planeta é a configuración dunha organización mundial que veu aumentar as desigualdades entre as persoas pero tamén entre os territorios baixo o dominio dun novo imperialismo. Para moitos autores, a teoría do imperialismo máis aguda e precisa da que se dispón pode ser a desenvolvida por David Harvey no seu libro *The New Imperialism*. Neste sentido, a intención de Harvey foi reconstruír a teoría do espazo de Marx que está, precisamente, estreitamente vinculada coa problemática do imperialismo. Nos *Grundrisse* sinalase no seguinte parágrafo:

“O capital debe tender a derrubar toda barreira local ao tráfico, é dicir, ao intercambio, para conquistar o mundo enteiro e convertelo nun mercado; por outra banda, debe tender a destruír o espazo grazas ao tempo, é dicir, reducir ao mínimo o tempo que custa o movemento dun lugar a outro. Canto máis desenvolvido está o capital, tanto máis vasto é pois o mercado no que circula; agora ben, canto máis grande sexa a traxectoria espacial da súa circulación, tanto máis tenderá o capital a estender espacialmente o mercado e, polo tanto, a destruír o espazo grazas ao tempo”.

Nesta pasaxe, hai cando menos dúas ideas principais. Marx sostén, por un lado, que o capitalismo é, de entrada, mundial. A tendencia a conquistar e transformar en mercado o planeta na súa totalidade é unha característica inherente, non é continxente nin recente, contradicindo aos postulados que se viñeron escribindo nos últimos tempos sobre a “globalización”⁵⁵. A expansión mundial do capitalismo ten, de todos os xeitos, un prezo. Canto maior sexa a distancia entre o lugar de produción e o lugar de venda (ou de consumo) da mercadoría, tanto máis aumentará o seu custo, pois o transporte non é gratuito. Nótese que detrás desta explicación aparecen case todas as teorías clásicas da xeografía económica sobre

⁵⁵ O propio Marx sinala en *O Capital* que “o mercado mundial está contido na noción mesma de capital”.

a localización dos lugares de produción con respecto aos mercados dende Von Thunen ata Lösch ou Christaller.

Así, esta idea implica que o capitalismo está en permanentemente obrigado a acelerar a “velocidade de rotación” das mercadorías coa finalidade de minimizar o custo do seu traslado e de maximizar o beneficio que se obtén. Neste lóxica, a plusvalía embolsada é proporcional ao aumento desa velocidade, xa que nun réxime capitalista, abolir o espazo acelerando a circulación de mercadoría (e persoas) –é dicir, o tempo- supón unha necesidade vital. Provoca o que Harvey repite dende a década dos 1980, unha “compresión” do espazo, cuxos efectos se deixan notar na representación mesma do espazo que teñen os individuos (relacionando agora esta cuestión coa xeografía da percepción e do comportamento). En definitiva, este é o fenómeno ao que Marx se refire cando fala da “destrución do espazo grazas ao tempo”.

A tendencia do capitalismo a penetrar e explotar os novos espazos ten a súa orixe, paradoxalmente, nas crises que atravesa periodicamente. A falta de coordinación entre os propietarios dos centros de produción provoca que o sistema xere máis capitais, incluídas as mercadorías pero non só, dos que pode absorber, dando lugar a unha desvalorización intermitente. Este fenómeno coñécese na teoría crítica marxista co nome de “crises de sobreacumulación”, que frecuentemente aparecen ligadas a burbullas financeiras de distinto tipo (petróleo, construción, banca, entre outros sectores) que, por un tempo dan a ilusión de poder substituír a rendibilidade real. Con todo, o sistema capitalista posúe os mecanismos para poder resolver, provisionalmente, estas crises. En efecto, a crise mesma, pola destrución de capitais que provoca (postos de traballo, fábricas, descenso da produción e do consumo), constitúe un medio que permite que taxa de utilidades volva subir.

Pola súa banda, Harvey ten sinalado outro xeito de resolución das crises de sobreacumulación do sistema capitalista que denomina “spatial fix”. Este concepto, que ten sido traducido como “dispositivo espacial” pero que foi máis coñecido como “solución espacial”, ten, a súa vez dous significados; un literal e outro metafórico (Harvey, 2004 e 2007). O primeiro remite á idea de que o capital constitúe unha entidade espacial ou “territorializada” que, ao recibir un investimento, acaba por se fixar e transformar o seu entorno, materializándose en máquinas, transportes e medios de comunicación. Retomando aquí unha expresión de Henri Lefebvre, pódese dicir que o capital “produce” espazo, é dicir, non se trata dunha entidade abstracta que se acomoda aos espazos preexistentes. O segundo dos significados da “solución espacial” –o metafórico-, conduce á idea de “resolución” (“to fix” tamén pode ser traducido como “axustar” ou “arranxar”) do conflito da sobreacumulación do capital. Harvey suxire deste xeito que un dos xeitos que posúe o capital de solucionar as crises pasa polo espazo. Noutras palabras, en concreto, “por instalar remesas de capital en

espazos até entón inexplorados ou virxes (economicamente falando) en relación cos propietarios” (Harvey, 2004).

Entre as influencias que Harvey recibe para concibir esta orixinal conceptualización espacial da resolución das crises de hiperacumulación capitalista, destacan a de dúas autoras do século XX. Por unha banda, recolle de Hannah Arendt o significado do termo “imperialismo” fundamentalmente exposto na obra da década de 1960 *Los orígenes del totalitarismo* (publicado na versión que manexamos en castelán no ano 2006). Porén, a maior influencia que Harvey reconece é a de Rosa Luxemburgo, que publicou en 1912 unha obra, escrita orixinalmente en alemán, e que leva por título en castelán *La acumulación del capital. Estudio sobre la interpretación económica del imperialismo*, na que desenvolve unha teoría amplamente reconecida do imperialismo. Luxemburgo sinala que o que explica o imperialismo é o subconsumo que xera a explotación dos traballadores nos países do centro da economía mundial. Esta explotación suscita unha demanda demasiado feble, incapaz de absorber a produción, dando lugar a un aumento das exportacións comerciais (os países en cuestión deben colocar as mercadorías resultantes do exceso de produción noutras rexións do mundo periféricas do sistema). Para esta autora, desta necesidade xurde o imperialismo, impondo, se fose preciso –por suposto– os termos dos do intercambio pola forza (pensemos nas políticas colonialistas que exerceron as grandes potencias europeas no século XIX). Así, para resolver as súas crises (neste caso provocadas polos baixos índices de consumo no centro do sistema), o capitalismo tivo de sempre unha necesidade “exterior” non capitalista. En efecto, as rexións nas que se distribúen os excedentes non deben posuír medios propios de produción, para non sufrir á súa vez crises de sobreprodución e poder estar así en condicións de “amortecer” esas mercadorías. Por todo isto, o sistema global precisa manter estes territorios nun estado non capitalista, impedindo o seu crecemento e non podendo desenvolver, así, as súas forzas produtivas (que implicarían a conformación dun novo actor autónomo para o mercado e a libre competencia). Dende a ollada do proceso de acumulación do capital a escala planetaria, o subdesenvolvemento de amplas rexións supón unha característica funcional para o sistema.

Porén Harvey recusa a idea de que o subconsumo sexa o que orixina as crises do capitalismo. Para el, como para a maior parte dos economistas marxistas contemporáneos, o principal factor explicativo das crises céntrase no papel da sobreacumulación de capital e na perda de rendibilidade que iso procrea. De igual xeito, Harvey asume con naturalidade un aspecto da teoría de Rosa Luxemburgo cando admite que “é acertado soste que o capitalismo precisa un axente exterior para superar as crises que atravesa” (Harvey, 2004). Ese elemento “exterior” serve non só e principalmente para colocar o sobranse das mercadorías producidas en exceso, senón tamén para absorber capitais que non están a dar suficiente rendibilidade. Agora ben ese novo contexto da acumulación constitúe precisamente unha “solución

espacial”, ou sexa, un xeito de resolver a crise de hiperacumulación e, á vez, un lugar concreto suxeito a unha nova “producción do espazo” mediante as máquinas, o transporte, as fábricas, as telecomunicacións e todo aquilo que suxira a configuración dun entorno industrial dinámico.

Pódese considerar que nos últimos tempos, China é a “solución espacial” por excelencia do sistema. A súa transición cara un tipo de economía de mercado dende finais da década de 1970 supuxo o xurdimento dunha forza de natureza centrípeta con capacidade para absorber cantidades colosais de capital foráneo. En paralelo e como consecuencia, a nivel interno o país experimentou un proceso de éxodo rural que deu lugar a unha renovación continua da forza laboral dispoñíbel a un custo que non admitía competencia. Harvey sinala que esta transformación sistema económico chinés suscitou tamén un crecemento do mercado interno, rexistrando nas cidades un incremento dos ingresos medios dun 10% anual acumulado. O desenvolvemento de China posúe implicacións espaciais evidentes como por exemplo a multiplicación das megaurbes, pero tamén o espallamento da devastación ecolóxica. Só a construción de inmensas presas para o abastecemento de auga necesaria para a produción industrial, amosan que o capitalismo é literalmente un produtor de espazo.

A tendencia á sobreacumulación de capital implica, sempre seguindo a Harvey, que despois de ter absorbido o capital suficiente, a “solución espacial” comezará a producir, a súa vez, capital. O autor recorre con certa frecuencia ao exemplo do acontecido tras o remate da Segunda Guerra Mundial. Naquel entón, a causa das necesidades da reconstrución, Alemaña (a parte occidental) e Xapón foron o obxectivo predilecto de considerábeis investimentos estranxeiros, auspiciados polos tratados posteriores ao conflito bélico. Porén, a partir dos anos 1970, os dous países xa se atopaban en condicións de competir cos Estados Unidos e o resto de potencias económicas no mercado mundial. Do mesmo modo, China poderá constituír aínda durante algúns lustros un receptáculo para o capital global. Mais o certo, é que a súa taxa de crecemento anual non poderá manterse eternamente. No momento no que esa taxa sexa insustentábel polo sistema mundo, o capitalismo estará obrigado a buscar novos espazos de rendibilidade.

Historicamente, cando unha “solución espacial” deixa de ser dinámica, o capital opta por desertar (Harvey, 2007). Isto aconteceu nos tradicionais centros europeos de acumulación de capital. As paisaxes postindustriais constituídas por fábricas abandonadas como consecuencia de diversos fenómenos de deslocalización e o xurdimento dunha bolsa de parados masiva á espera dos efectos positivos de reconversións, son expresións deste proceso. Podemos recurrir ao propio Harvey cando sinala en *El Nuevo Imperialismo*:

“Se o capital fuxe, deixa tras de si un rastro de devastación e de desvalorización. A desindustrialización sufrida en determinados núcleos do capitalismo (como Pittsburgh, Sheffield ou o Ruhr), así como en moitos outros lugares (como Mumbai), durante as décadas dos 1970 e 1980 son exemplos moi sinalados” (Harvey, 2003).

Acabamos de sinalar que para Rosa Luxemburgo, o capital sempre ten necesidade dun “exterior” para superar as súas crises de sobreacumulación. Isto explicaría que o capitalismo e o imperialismo estean inextricabelmente entrelazados, xa que o segundo constitúe unha condición necesaria para a supervivencia do segundo. Dalgún xeito o imperialismo suporía unha fase de espallamento ou expansión do capitalismo. O problema, afirma Harvey, é que na era do denominado “capitalismo tardío” son moi poucas as rexións do mundo que aínda non puideron substraerse á lóxica capitalista e faise difícil (case imposible) atopar lugares ausentes de relacións capitalistas onde poda investirse o capital sobrante.

Xurde así un segundo concepto elaborado por Harvey que ven completar a “solución espacial”. Diante da imposibilidade do capital de atopar rexións virxes de relacións capitalistas (tendo en conta a natureza líquida do sistema postindustrial), a única posibilidade que quedaría sería a de “inventar” novos lugares para o investimento armándoos peza por peza, coa mellora que supón que novo espazo configurado é *ad hoc* e, polo tanto, sen ningún tipo de problema que poda establecer barreiras ao capital. Este proceso de “reinvención de lugares” é o que Harvey denomina a “acumulación por desposesión”. Este concepto designa os casos nos que se transforma, máis ou menos brutalmente, un sector non capitalista da sociedade nun novo sector capitalista (pensemos no caso galego no campesiñado que pasou de ter unhas estrutura precapitalistas a estar dominado por cotas de mercado e a regulación dos prezos e mesmo que buscou novos usos no sector turístico). Así, este proceso implica “desposuír” (como en efecto sucedeu co campesiñado) ás poboacións orixinarias, xa que a lóxica privada do mercado expulsa ao modo de organización anterior, que era con frecuencia máis “colectivo” (pensemos agora nos centros das cidades históricas de medio tamaño e como, dalgún xeito, os residentes tradicionais foron expulsado pola reinvención urbana que supuxo a xentrificación).

Harvey recorre a distintos exemplos para identificar as consecuencia da “acumulación por desposesión”. A privatización dos servizos públicos é, se cadra, un dos máis característicos e sensíbeis a nivel social. Neste caso, ademais, unha esfera, até entón protexida da libre competencia polo papel exercido polo Estado –a educación, a sanidade, a enerxía– queda aberta ao capital, despoxando deste xeito á veciñanza a favor do operadores privados. Outro tipo de acumulación por desposesión son os conflitos bélicos. As destrucións xeradas polas guerras –co caso paradigmático do Iraque– aniquilan o capital xa investido (infraestruturas ou tecido económico) e permiten volver a construír, investindo exactamente

no mesmo. Finalmente, Harvey suliña un terceiro exemplo relacionado coas migracións, sexan internas ou externas. A expulsión do campesiñado e a privatización das súas terras en países como México, Brasil ou India e a formación de subproletariados urbanos nos barrios precarios das megalópoles mudiais ilustran este xeito de despoxo. Outro xeógrafo, Mike Davis, amplifica este fenómeno chegando a falar da configuración dun auténtico “planeta de cidades miseria” (Davis, 2014).

Se unimos a guerra coas migracións probabelmente poderemos identificar na crise dos refuxiados sirios outro exemplo salvaxe de acumulación por desposesión, con consecuencias de solución espacial tanto nos países de orixe como nos de (suposta) recepción. Pero tamén, e falando agora exclusivamente de migracións, a “fuga de cerebros” experimentada, por exemplo na Galiza, dá lugar a un proceso no que ademais está implicado un capital científico. Esta acumulación por desposesión inspírase no Marx denomina en O Capital “acumulación primitiva” que designa a captura (violenta) dun ben común (pensemos na auga e nos seus procesos de privatización) por parte dunha fracción da poboación en detrimento da maioría. Por exemplo, recorre para explicar o concepto ao clásico fenómeno de cercado de terras que con anterioridade todo o mundo podía explotar e traballar na Europa dos séculos XVIII e XIX. Isto pon de relevo que este tipo de acumulación por desposesión precisa que os efectos da acumulación primitiva se reiteren con certa periodicidade coa finalidade de “reimpulsar” o sistema capitalista; noutros palabras, facer que as taxas de rendemento volvan a aumentar a un nivel aceptábel (Harvey, 2003).

Porén e contrariamente ao que Marx pensaba, a acumulación primitiva non se limita ás orixes do capitalismo, senón que se ten dado de xeito máis ou menos regular en diferentes rexións do mundo, motivada pola necesidade que un sistema ten de atopar vías de saída para o capital acumulado en exceso. Daí que o concepto empregado por Harvey, posúe unha interesante particularidade, xa que permite ampliar a noción tradicional de imperialismo e, ademais, axuda a comprender a relación entre imperialismo “interior” e imperialismo “exterior”. A desposesión afecta non só a territorios periféricos alleos á lóxica do capitalismo (aínda que son o seu obxectivo preferido), senón tamén a actores onde xa existen relacións capitalistas de distinta índole, pero onde, non obstante, foron destruídas (mediante privatizacións, guerras, migracións) para poder así reactivalas⁵⁶ (Harvey, 2003).

En todo caso, cómpre advertir un aspecto da acumulación por desposesión que abre un debate ao redor del, en tanto en canto, “non toda desposesión é negativa e, mesmo, en

⁵⁶ En todo caso, o propio Harvey sinala, que as vítimas da acumulación por desposesión, por suposto, amosan resistencia organizada. Así, propón o exemplo das loitas a favor da defensa dos servizos públicos levadas a cabo en Francia dende os anos 1980 ou o movemento dos “camponeses sen terra” no Brasil; ambos procesos son mostras de que se libran batallas pola posesión e polo modo de administrar os bens comúns. Por suposto, hoxe no Estado español e en Galiza os procesos de loita deste tipo son incontábeis.

ocasións, até pode ter aspectos progresistas” (Harvey, 2003). Vexamos como ilustra o propio autor esta dimensión que o achega de novo a Marx:

“para que os movementos políticos podan ter un efecto significativo a longo prazo, deben deixar a un lado a nostalgia polo que se ten perdido e estar dispostos a recoñecer o aspecto positivo das transferencias de bens (*assets*) que se poden conseguir mediante formas limitadas de desposesión (por exemplo, a reforma agraria ou os novos xeitos para a toma de decisións, como a xestión conxunta das reservas forestais)” (Harvey, 2003).

Marx estimaba que o capitalismo, en comparación co feudalismo, supoñía un progreso e sostiña que era unha “etapa dolorosa” pero necesaria no camiño cara o socialismo. Para Harvey, esta posición é demasiado unilateral xa que a cotío o capitalismo destrúe relacións sociais igualitarias sen inducir a cambio o menor progreso. Ao mesmo tempo, Harvey recoñece, xunto con Marx, que certas “formas limitadas de desposesión” permiten, ás veces, abolir rasgosfeudais e mellorar a existencia da poboación.

O debate establécese por tanto nos seguintes termos e en torno a natureza da propiedade das forzas produtivas. Se ben a desposesión xera efectos negativos para o ben común cando é levado a cabo pola acción do capital privado (propenso a concentrar e acumular riqueza), cando o actor principal é un actor público e que, polo menos en teoría, a súa preocupación e o reparto e a distribución da riqueza, entón a desposesión ofrece a posibilidade de mellorar as condicións de vida da xente porque van ter a opción a acceder a forza produtivas que antes lle eran negadas. Neste sentido, é interesante nomear aquí os chamados procesos de “remunicipalización”, que se veñen dando nalgunhas cidades, de bens e servizos públicos (como o abastecemento de auga, a xestión dos RSU, o acceso á enerxía, entre outros), que se ben sufriron un proceso de acumulación por desposesión -nomeadamente na década de 1990 e primeiros anos do século XXI- en dirección á súa externalización e privatización, agora o proceso é precisamente de dirección contraria, coa finalidade de desposuír a ese capital empresarial privado para devolverlle a xestión deses bens e servizos ao conxunto da poboación.

Á súa conceptualización sobre o imperialismo David Harvey agrega unha, para moitos, interesante teoría das clases sociais. Na opinión de Razming Keucheyan, o autor de *The Limits to Capital*, “é un dos máis extraordinarios e un dos (autores) que máis se ten achegado á ambición totalizante dos marxistas clásicos⁵⁷” (Keucheyan, 2013). Unha idea que está presente en numerosas teorías das clases sociais é que estas destrúen comunidades. Con frecuencia, son consideradas como o modo de existencia colectivo característico das

⁵⁷ Na súa obra *Hemisferio Izquierda: un mapa de los nuevos pensamientos críticos* (2013), Keucheyan chega a afirmar que “non habería que excluir a posibilidade de que a posteridade algún día considere a David Harvey un dos maiores representantes dos pensamentos críticos de fins do século XX e comezos do XXI” (Keucheyan, 2013).

sociedades modernas, mentres que as comunidades corresponderían á sociedades tradicionais. Esta idea reaparece dun ou doutro xeito, en moito autores clásicos da economía e da socioloxía dos que Harvey destaca, por exemplo, a Ferdinand Tönnies e a súa distinción entre “comunidade” (*Gemeinschaft*) e “sociedade” (*Gesellschaft*). Do mesmo xeito, para os marxistas, o capitalismo orixina o chamado éxodo rural e unha de entre as súas consecuencias é a proletarización, é dicir, a transformación do campesiñado en proletariado, dando lugar así, a unha situación de desarraigo das comunidades tradicionais (eminentemente agrarias e non industriais). Isto provoca a destrución do modo de produción familiar e conduce a que nos grandes centros urbanos se conforme un novo colectivo: as clases sociais.

Considérase habitualmente que este grupo distínguese das comunidades premodernas en tres aspectos: fómase no lugar de traballo (nomeadamente as fábricas), dende entón fisicamente separado do fogar; baséanse na explotación —é dicir, na extracción de plusvalía- e non nunha forma de dominación “inmediata” (como as relacións familiares); e desposúen aos individuos das súas condicións sociais anteriores. Supón unha idea moi ilustrativa sinalar que “os proletarios non teñen nada que perder agás as cadeas” (Harvey, 2008); é dicir, que o feito de seren proletarios foinos desposuíndo de todo o resto, até dos vencellos sociais que mantiñan coas comunidades rurais.

Neste sentido, David Harvey propón repensar a relación entre as clases sociais e as comunidades. Un dos efectos das análises das clases sociais clásicos elaborados até hoxe é a súa tendencia a concibilas dun xeito demasiado abstracto e “desterritorializado”. A modernidade capitalista constitúe, por certo, un axente destrutor de comunidades, como é posíbel comprobar, por exemplo, na China contemporánea onde se destrúen constantemente as estruturas sociais tradicionais, envorcando continxentes demográficos ás masificadas área metropolitanas. Porén, as cidades modernas tamén son produtoras de comunidades, o que significa, que, no seu seo, as dimensións comunitarias e de clases están imbricadas, dando lugar a unha complexidade e diversidade extraordinaria.

Para reflexionar sobre a interdependencia desas dúas maneiras de convivencia colectivas, Harvey emprega a expresión “comunidade da clase e clase da comunidade” (*the community of class and the class of community*) (Harvey, 2008). Con ela pretende dicir que pertencer a unha clase social consiste en moito máis que ser o obxecto dunha mesma forma de opresión, se ben, en primeiro lugar consiste niso mesmo. Ser membro dunha mesma clase xera comunidade, é dicir, unha cultura ou identidade colectiva que conducen aos individuos a compartir unha mesma relación co mundo. Por outra parte, a “comunidade da clase” pode desbordar as fronteiras da clase concibida en senso estrito, e estender a súa influencia a outras clases. Por exemplo, o que se coñece como “obreirismo” designa así, o xeito en que os

representantes de outras clases –poñamos por caso, os estudantes durante os anos 1970- apoian (o que pensan que é) a cultura da clase obreira.

Pola contra, existe unha “clase da comunidade”, o que significa que as comunidades non están constituídas de xeito aleatorio. Levan consigo unha dimensión de clase, en particular cando se atopan nas cidades. As comunidades non se forman po azar e, se ben a evolución dunha cultura ou dunha identidade de clase, inclúe unha parte de continxencia, esta atópase cargada de factores socioeconómicos “obxectivos”. Estes dous aspectos da existencia colectiva debde ter sido en conta de xeito conxunto (Harvey, 2008).

Na súa calidade de xeógrafo atento aos fenómenos espaciais, David Harvey define a comunidade sobre unha base territorial, o que, non obstante, non exclúe outras dimensións. Trátase dunha entidade espacial que designa aos grupo formado polos individuos presentes nun mesmo territorio. A comunidade sempre está constituída por vencellos familiares, de amizade, profesionais (cando o lugar de traballo correspóndese co lugar de vida) ou de veciñanza, posto que eses lazos atópanse entre os que levan ás persoas a reagruparse xeograficamente. O termo acaído para traducir a palabra inglesa *community* empregado polo xeógrafo pode ser o de “localidade”; a espacialidade xerada por unha comunidade. O espazo da comunidade non posúe unicamente unha natureza real, senón que tamén orixina un “imaxinario”, o que equivale a dicir que constitúe o obxecto de representacións sociais que inflúen nel a través dos comportamentos que inducen (Harvey, 2008). En moitos dos seus traballos, Harvey pon así de manifesto o imaxinario da cidade contemporánea, examinando a través da historia da literatura, da arquitectura das artes plásticas ou do cinema, todos os ámbitos nos que ese imaxinario se deixa capturar de xeito privilexiado. É sen dúbida en *La condición de la postmodernidad* (1998), onde estes exercicios están mellor recollidos, dende a poesía de T.S. Elliot, a arquitectura do hotel Bonaventure en Los Ángeles e Baltimore ou as escenas cinematográficas de Ridley Scott en *Blade Runner*.

En *París, capital de la modernidad* (2008), Harvey vai analizar a *Comuna* para sinalar que as representacións sociais asociadas á cidade inclúen unha dimensión política. Nesta obra, o autor reconstitúe a historia urbana do século XIX da capital francesa e particularmente entre a revolución de 1848 e a Comuna de 1871. O acontecemento máis notábel dese período pode ser, con seguridade, a profunda transformación da cidade realizada por Haussmann durante o Segundo Imperio. Segundo Henri Lefebvre, a Comuna supuxo un intento do pobo de París de reapropiarse do espazo urbano contra esta mudanza e contra a clase social –a burguesía- que a apoiaba (Lefebvre, 1972). Con Haussmann, sinala Harvey, a burguesía toma o control do espazo urbano, tanto no plano económico e político como no militar. Destruíuse así a constitución socioespacial “orgánica” da cidade, trazando grandes arterias que facilitaban a mobilidade das tropas, desenvolvemento o seu sistema de transportes (mediante a construción,

sobre todo, das estacións de ferrocarril) e creando os novos distritos de 1860. Ao desposuíla da súa experiencia urbana, provocou na poboación parisiense unha volta á reivindicación do “dereito á cidade”, empregando a expresión que Harvey (2013) toma prestada do propio Lefebvre (1972).

O certo é que durante o Segundo Imperio a segregación espacial acentuouse particularmente como consecuencia da especialización xeográfica da produción de bens e servizos e polas transformacións provocadas polo mercado inmobiliario (Harvey, 2008). Aínda que Haussmann non creou a segregación, que supón unha tendencia inherente ao capitalismo dende hai varios séculos, durante esta época é posíbel recoñecer que a composición dos barrios de París pasou a operar de xeito crecente sobre o papel da clase. A función desta segregación debiera ser a de facer converxer ás clases sociais coas comunidades (espaciais) e viceversa e non a de marcar unha “separación” das clases, se ben, existen algúns barrios –como o Barrio Latino- que continúan a ser socialmente mixtos; é dicir, as clases espacialízanse. A labor de Haussmann deu lugar á destrución das comunidades tradicionais da cidade, suscitando ao mesmo tempo a aparición de novas comunidades. En esencia, Harvey denomina a este proceso xa dende hai lustros, a “destrución creativa” (Harvey, 1998).

A dominación da burguesía no espazo urbano forzou aos traballadores a se organizar e a se adaptar á nova configuración da cidade. A orixinalidade desta concepción das clases sociais estriba en que amosa que o espazo capitalista sempre supón un obstáculo que as mobilizacións obreiras deben superar e, á súa vez, un recurso do que poden aproveitarse. As transformacións urbanas do París do Segundo Imperio fixeron da Comuna un acontecemento diferente da revolución de 1848, na medida en esas mudanzas respondían (en parte) a esta última, dando lugar a unha correspondencia mutua entre os movementos revolucionarios e a produción do espazo. Esta influencia exprésase, por exemplo, nun novo tipo de organización obreira xurdida naquela época e que aflora coa creación da Federación de Cámaras Sindicais Obreiras (antepasada da CXT) impulsada por Eugène Varlin en 1860. Esta era o resultado da coaligación de máis de 40 sindicatos –que foran legalizados por aquel entón- á escala de toda a cidade e estaba apoiada na potencia e na antiga tradición do “mutualismo local”. Pero, á súa vez, xurde da conciencia que posúen os seus impulsores da necesidade de se organizar nun nivel máis amplo. Segundo David Harvey, esta Federación e outras organizacións do mesmo estilo xurdidas no París de mediados do século XIX, constitúen “a terra fértil de onde emerxerá a Comuna”. A súa estruturación permitirá facer da cidade mesma o “teatro das operacións sindicais e políticas”, sen perder as adhesións locais de cada unha das organizacións que conforman o movemento; noutras palabras, esta configuración non impide que se garanta a ancoraxe espacial das reivindicacións na cotianeidade obreira.

Outros elementos son testemuño da nova dialéctica entre clases e comunidades no período da Comuna. Neste sentido, pódese comprobar que as “liberdades municipais” constitúen unha reivindicación central dos grupos insurxentes. Deste feito, algúns historiadores teñen deducido que a Comuna foi un acontecemento de vocación “descentralizadora”, é dicir, que o antagonismo non opuña principalmente a clase obreira e clase dominante, senón aos defensores do acrecentamento dos poderes locais fronte a un novo Estado opresor. Na opinión de Harvey, probada que estea esta hipótese, a reivindicación das “liberdades municipais” constitúe, no contexto da Comuna, unha reclamación de clase. Para el, se o que estaba en xogo fora unicamente a “descentralización”, non se explica por que a burguesía e os monárquicos –que en parte eran favorábeis- fuxiron tan rapidamente da cidade. Se isto foi así, sinala Harvey, se tiveron que abandonar París, foi porque no espírito dos comuneiros, esas liberdades eran indisociábeis dunha aspiración igualitaria, por tanto, se unha parte da historiografía ten insistido o principio reitor das “liberdades municipais” no seo da Comuna, amosa, que a concepción da democracia que estaba en vigor durante a Comuna era unha concepción territorial (Harvey, 2008). A importancia política e militar que tiveron durante a insurrección os barrios obreiros como Belleville ou La Villette de Montmartre, supón outra expresión da espacialización cada vez maior das clases a partir da segunda metade do século XIX. Así e todo, dita espacialización obtivo uns resultados estratéxicos nefastos, xa que durante os combates, lembra Harvey, numerosos obreiros preferiron defender o seu barrio antes que os muros da cidade, o que facilitou as cousa para Versalles.

Harvey suxire a idea de que a “globalización” da cidade (pódese dicir “a ampliación da súa esfera” ou do seu imaxinario) durante a prefectura de Haussmann, contribuíu á internacionalización do fenómeno obreiro. A revolución de 1848 dera lugar á expresión de sentimentos xenófobos respecto aos traballadores extranxeiros, unidos, iso si, a manifestacións de solidariedade cos pobos oprimidos, nomeadamente cos polacos (Harvey, 2008). Nas décadas seguintes xurde a necesidade de expor a cuestión da emancipación a un nivel máis xeral, o que garda unha relación moi intensa coas transformacións infraestruturais - de tipo particularmente arquitectónico e de deseño urbano- que emprenden as sociedades da época:

“O espazo sobre o que se define unha comunidade evoluciona a medida que a escala da urbanización cambia e que as barreiras espaciais se reducen. Pero evoluciona igualmente en función das novas configuracións e das loitas de clase, cuxos protagonistas aprenden que o control do espazo e das redes espaciais son unha fonte de poder social” (Harvey, 2008).

Canta maior amplitude adquire e máis se sistematiza a urbanización, como no caso do París haussmaniano, tanta maior importancia cobra o control do espazo como elemento en

xogo na loita de clases. Ese control posúe unha dimensión táctica que aparece nos períodos de insurrección pero tamén unha dimensión sindical que apunta a contrarrestar os efectos da división espacial do traballo. O que amosa a teoría das clases sociais de David Harvey é que o barrio sempre foi dalgún xeito unha “nova fábrica”, ou dito doutro modo, supón un erro considerar que o lugar de traballo constitúe o único lugar de mobilización da clase obreira. Dende ese punto de vista, a comunidade –no sentido territorial- é igualmente importante, xa que poñer de relevo os espazos populares como espazos de resistencia posúe implicacións importantes. Centrar a análise na fábrica (tendo en conta ademais a redución de postos de traballo por diversos motivos), equivale a considerar aos proletarios ante todo produtores. Pola contra, agregar unha dimensión “comunitaria” á análise significa facer dos obreiros actores plurais, implicados na produción pero irredutíbeis a esta única dimensión. Harvey lembra, sobre esta cuestión precisa, a importancia dos cafés como lugares de sociabilidade política nos anos que precederon á Comuna (Harvey, 2008). Os cafés de entón –por analoxía ao que vimos explicando- non só eran un lugar de encontro entre diferentes sectores das clases traballadoras e a “bohemia” (xornalista, artistas ou estudantes), senón tamén lugares que permitían ao obreiro experimentar os modos de existencia máis diversos⁵⁸.

Para rematar con este apartado, que abre as ideas centrais dos seguintes, hai que aclarar que se ben Harvey, ao longo de case todas súas reflexións, apoia o seu discurso en acontecementos históricos que tiveron lugar no cerne xeográfico do sistema capitalista, a súa teoría das clases sociais tamén pode servir para interpretar o presente, extrapolando a súa visión a outras latitudes periféricas. Por exemplo, recorre ao exemplo das insurreccións acontecidas na Arxentina a finais de 2001; se cadra unha das máis potentes mobilizacións sociais que se lembran durante os primeiros anos do século en curso (xunto coas protestas de oposición ao Foro Mundial de Davos, en Suíza, e o grande movemento global contra a guerra do Iraq). Despois dunha crise sen precedentes que levou ao afundimento das estruturas políticas e económicas, o grande país do cono sur americano, atopouse nunha situación case revolucionaria. Nese claro de cultivo contestatario xurdiron novos actores sociais colectivos, dos que o máis soado foron os *piqueteros*; os representantes dos movementos dos parados e dos traballadores precarizados que foron o produto dos plans de despedimentos masivos da década neoliberal dos anos 1990. Este grupo, que se atopa entre os máis innovadores dos últimos decenios, aínda que xurdíu da grande tradición sindical arxentina, non contaba coa fábrica como lugar de militancia, posto que o seu núcleo máis importante estaba conformado por traballadores en paro. Deste xeito, na busca de “novas fábricas” que servisen para espazo de encontro, de asemblea e de concilio, emerxeu o barrio como rampa de lanzamento da resistencia ao liberalismo, tendo en conta que os espazos tradicionais de loita e militancia eran agora inaccesíbeis.

⁵⁸ Lembra Harvey que a “noite dos proletarios”, emulando a Rancière, debe ser incluída na análise tanto como o “día”.

Dalgún xeito, esta mudanza non implica unicamente un cambio de infraestrutura, senón que significa tamén o sacar ao espazo público, que é un elemento común, os conflitos que antes podían ser invisíbeis. E iso non acontece só coa loita de clases, senón que é un proceso ampliábel a outras cuestións nocivas xeradas polo sistema capitalista e que en ocasións non tiveron aínda o proceso de saír do seu espazo orixinario; pensemos na violencia de xénero, o acoso escolar, a discriminación sexual, os abusos laborais, o maltrato penitenciario, os desafiuzamentos, son todos feitos sociais que gozan dunha falta de visualización social porque acontecen no seo de lugares de privacidade. Ben é certo que as organizacións que dan resposta a esas e outras agresións, están hoxe, por sorte organizadas e dando contestación “na rúa”.

3.5.- A lóxica territorial do sistema-mundo: o enfoque de Giovanni Arrighi

Xunto con David Harvey, a figura de Giovanni Arrighi arroxa luz para comprender a lóxica do capital e da acumulación capitalista dende unha perspectiva espacial (aínda que non só). Non en balde este autor supón un dos máis coñecidos teóricos dos “sistemas-mundo”, se cadra despois de Immanuel Wallerstein, e o principal creador desta teoría coa súa obra *La geometría del imperialismo* (1979), inspirada en Marx e no marxismo, e elaborada en relación con outras variantes do “terceiromundismo”, en particular, a “teoría da dependencia”. Ademais, toma da historia económica e social de Fernand Braudel, a perspectiva da “longa duración” e o concepto da “economía mundo”. Finalmente, hai que ter en conta que os teóricos do “sistema-mundo” recollen tamén a distinción que Braudel establece entre mercado e capitalismo. Dende esta perspectiva, o primeiro existía antes da aparición do segundo e, por tanto, a economía de mercado e o capitalismo deben comprenderse como dúas situacións diferentes. Neste sentido, até Wallerstein sinala que o capitalismo en esencia é contrario ao mercado, xa que a formación do beneficio precisa da existencia de monopolios que son incompatíbeis coa competencia.

Un “sistema-mundo”, sinala Arrighi, defínese como unha entidade xeográfica ampla, unha parte do planeta composta por un ou varios continentes, que comprende multitude de subsistemas culturais pero conta cunha soa división do traballo (Arrighi, 1979 e Wallerstein, 2012). Trátase, noutras palabras, dun conxunto de países –que precisamente Wallerstein denomina subsistemas culturais- economicamente integrados, que pode estar politicamente unificado e adquirir así a forma dun imperio (como o caso da antiga Roma ou do Imperio Otomano), ou, tamén, carecer dun centro político ou ser policéntrico (como o caso de Europa no transcorrer da época moderna). En todo caso, o que lle confire a coherencia do conxunto non é a forma política adoptada, senón a natureza única da división do traballo, que é quen de atravesar todos os países incluídos no sistema, sen atopar barreiras fronteirizas entre eles.

Da primacía –tipicamente marxista, como temos sinalado no conxunto deste traballo– atribuída á economía, derivan dous atributos dos sistemas-mundo. Por unha banda, caracterízanse pola súa lóxica centro-periferia (a que se lle ten agregado a “semiperiferia” e mesmo a “ultraperiferia”), xa que a explotación das periferias por parte do centro constitúe o resorte principal da dinámica da acumulación capitalista no interior do sistema. Pola outra, defínense polo seu “internacionalismo metodolóxico”, é dicir, polo feito de que se concentra o foco da análise inmediatamente no nivel internacional sen dar importancia ao Estado-nación. Para Giovanni Arrighi, o capitalismo constitúe o froito do encontro de dúas lóxicas: unha “territorial” e outra “molecular”. Esta distinción, que se inspira tamén en Hannah Arendt, aparece primeiro en colaboración con David Harvey en *El Largo siglo XX. Dinero y poder en los orígenes de nuestra época* (1999) e, posteriormente, ambos pola súa conta profundan; Arrighi en *Adam Smith en Pekín. Orígenes y fundamentos del siglo XXI* (2009) e Harvey no seu *El nuevo imperialismo* (2003). Para o italiano, supón un erro concibir o sistema capitalista como puramente económico. Pola contra, leva consigo unha dimensión política irredutíbel, o que significa que os mecanismos de extracción do valor sempre están sustentados por estruturas administrativas. Así, Arrighi denomina “lóxica territorial” ao xeito no que o poder se proxecta no espazo e exerce o seu control nas poboacións e os recursos naturais que se atopan nel. O espazo político constituído deste xeito, caracterízase por ser discontinuo, composto por fronteiras e soberanías máis ou menos ben delimitadas (agás como veremos para o caso dos fluxos de capital e a división do traballo). Esta idea vai ser moi importante para completar os procesos de colapso territorial, xa que os modelos de xestión (gobernanza) dese poder, van dar lugar, en combinación co pulso económico e a herdanza antropolóxica (intimamente ligada á tensión política), a unha configuración do territorio ou outra.

A “lóxica molecular”, pola súa banda, designa todo aquilo que corresponde ao campo da economía dentro do sistema, é dicir, a produción, o comercio, os fluxos financeiros e até as migracións de traballadores (gardando este último exemplo conexións evidentes coa lóxica territorial). Denomínase molecular porque favorece progresos aos poucos, sen discontinuidades, e porque tende a subverter “dende abaixo” as fronteiras e as soberanías. No último capítulo deste traballo, retomaremos esta idea para poñela en relación con procesos urbanos de escala intraurbana que emerxen á marxe da axenda política local e que, por tanto, acometen a mesma función que as discontinuidades moleculares de Arrighi; incidir no modelo de xestión dun sistema emerxendo dende a base para tratar de modificalo radicalmente.

As relacións entre estas dúas lóxicas do capitalismo son sempre problemáticas, o que fai que o sistema sexa inestábel por natureza. Segundo os períodos, unha pode impoñerse á outra sendo realmente complexo establecer un equilibrio entrópico. Nalgúns casos, domina a

lóxica territorial, como cando Estados Unidos aplicou a política de “contención” en relación coa Unión Soviética durante a Guerra Fría (Harvey, 1985). Pódese comprender que, aquela política posuía ademais o obxectivo de manter abertos a maior cantidade de espazos posíbeis, a fin de que o capital estadounidense puidese prosperar, dando preeminencia ao enfoque xeopolítico. Pola contra, no imperialismo “clásico” da segunda metade do século XIX prevaleceu a lóxica económica e a cotío os Estados reaccionaban cun leve retardo sobre o ritmo que impoñía as compañías mercantís. En todo caso, o imperialismo (lembramos a necesidade “exterior” sinalada por Rosa Luxemburgo) é por natureza ao mesmo tempo unha cuestión xeopolítica, por tanto, a tensión entre ambas as dúas lóxicas estriba en que a molecular tende a subtraerse ao control do Estado pois a súa progresión no espazo é ilimitada. Os Estados, pola súa banda, procuran seguir esta evolución estendendo gradualmente o seu radio de actuación política e, mesmo, militar. O conflito xurde cando, despois de seguir cegamente á lóxica puramente económica, o sistema cae, dirixida por unha xestión política que non atende a outras consideracións, no risco do que Paul Kennedy denomina a “sobreextensión imperial”, expresión que Arrighi emprega con frecuencia e que recolle da obra *Auge y caída de las grandes potencias* (1995). Este concepto ven designar os casos de extensión excesiva da distancia que separa o centro do sistema-mundo da súa periferia máis afastada. Cando esta distancia se acrecenta, o custo do control territorial aumenta na mesma proporción até alcanzar niveis irrazonábeis. A sobreextensión recarga os orzamentos militares e a burocracia “imperial” e malgasta os beneficios dos sectores máis dinámicos da economía. Deste modo, constitúe para Arrighi unha das causas da decadencia dos sistemas-mundo.

Na versión de Arrighi, o capitalismo, dende as súas orixes, ten experimentado catro “ciclos sistémicos de acumulación”. Cada un deles está composto, a súa vez, por dúas fases; a “material” e “financeira”. A primeira constitúe unha fase de desenvolvemento da economía real. Durante este período, un conxunto de actores económicos privados, en colaboración coas estruturas do Estado, logran poñer en movemento unha dinámica produtiva e comercial virtuosa, sobre a base dunha división do traballo coherente que xera crecentes beneficios. Porén, co paso do tempo, esta dinámica tende irremediabelmente, cara a hiperacumulación. Cada fracción de capital investido xera unha ganancia mentres se intensifica a competencia entre os actores económicos, que anteriormente a división do traballo refreaba. Este momento constitúe o punto no que o ciclo sistémico de acumulación entra na súa fase “financeira” que é a que lle corresponde iniciar a tendencia do capital a refuxiarse na esfera das finanzas (capital ficticio) e da especulación como consecuencia da diminución da taxa de beneficios. Segundo Arrighi, a finanzarización supón sempre un signo da decadencia dun ciclo sistémico de acumulación que el denomina o “outono da acumulación”, e o anuncio de que será substituído por un novo ciclo.

A idea era que as organizacións capitalistas máis importantes dunha época particular tamén serían líderes da expansión financeira, que sempre se produce cando a expansión material das forzas produtivas alcanza os seus límites. A lóxica deste proceso –aínda que de novo Braudel non a presenta– é que cando a competencia se intensifica, o investimento na economía material faise cada vez máis arriscada e, en consecuencia, a preferencia pola liquidez acentuase, o que xenera as condicións de oferta da expansión financeira. A cuestión que se plantexa a continuación é, entón, como se crean as condicións de demanda para que se produzan as expansións financeiras. A este respecto, Arrighi recorre á idea de Weber de que a competencia interestatal polo capital en busca de investimentos constitúe a especificidade histórico-mundial da era moderna. Esta competencia xera, para Arrighi, as condicións de demanda para a expansión financeira. A idea de Braudel do “outono” como fase conclusiva do proceso de liderado na acumulación, que pasa da material á financeira, e que conduce finalmente ao desprazamento por outro liderado, resulta crucial. Pero tamén o é a idea de Marx de que o outono dun Estado particular, que experimenta unha expansión financeira, supón tamén a “primavera” doutra ubicación: os excedentes que se acumulan en Venecia van a Holanda; os que se acumulan aquí van despois a Inglaterra; e os que se acumulan nesta última van a Estados Unidos. Marx permítenos, pois, complementar o que atopamos en Braudel: o outono convírtese en primavera noutra parte, producindo unha serie de desenvolvementos interconectados e non uniformes.

Así, cada ciclo sistémico tivo o seu centro hexemónico. Os centros que corresponden aos catro ciclos identificados por Arrighi (aos que está engadido un quinto representado polo papel que entre outros Harvey lle atribúe a China a modo de incógnita para o futuro) son: Génova (dende o século XV até comezos do século XVII), os Países Baixos (dende finais do XVI a finais do XVIII), Gran Bretaña (de mediados do XVIII a mediados do século pasado) e Estados Unidos (que inicia a súa hexemonía a finais do século XIX, chegando até os nosos días).

Táboa 3.1.- Ciclos sistémicos e centros hexemónicos

CENTRO HEXEMÓNICO	PERÍODO
Xénova	S. XV – comezos S. XVII
Países Baixos	finais S. XVI – finais S. XVIII
Gran Bretaña	mediados S. XVIII – mediados S. XX
Estados Unidos	finais S. XIX – actualidade
China	actualidade - ?

Fonte: elaboración propia dende Arrighi, 1995.

Cada unha destas entidades políticas –que polo demais, destaca Arrighi, en ningún dos catro casos era unha “nación” no sentido clásico do termo- reinou durante unha fase de

desenvolvemento capitalista, combinando de xeito orixinal as lóxicas territorial e molecular. Así, a hexemonía xenovesa, por exemplo, foi nomeadamente molecular (baseada nas relacións puramente económicas), quedando á marxe voluntariamente de toda conquista territorial. Nesa época, a potencia imperial dominante era España (aínda que cunha escaseza moi notábel de finanzas motivada polas continuas campañas bélicas iniciadas dende a época do Emperador Carlos I), mentres que Xénova constituía un centro politicamente inestábel e militarmente feble. A hexemonía xenovesa exercida naquela época procede, por tanto, das redes comerciais e financeiras internacionais que controla. Gran Bretaña, pola súa banda, supón o primeiro *hegemon* que chega a poñer en marcha, plena e simultaneamente, as dúas lóxicas, como demostra a extensión do seu imperio colonial (Arrighi, 2009), tendo en conta ademais que o rol dos Países Baixos foi similar ao de Xénova, exercendo un papel no eido do puramente económico. Un elemento que acentúa Arrighi é que cada centro hexemónico supón un feito máis voluminoso que o precedente. Na medida en que o diámetro dos sistemas-mundo se amplía ao longo da súa historia, o seu centro de gravidade debe tamén crecer, a fin de poder sustentar ou equilibrar o conxunto. O factor dominante da dilatación dos sucesivos *hegemons* é, antes que máis, demográfico. Canto máis longo é o diámetro do sistema-mundo, tanto máis importa contar coa poboación necesaria para garantir nel o dinamismo e a produtividade. O centro político constitúe tamén o centro da acumulación, o que fai que sexa preciso que exista unha forza de traballo dispoñíbel sempre crecente.

3.6.- Outras solucións: Edward Soja e a solución socio-espacial

Edward Soja na obra *Postmodern Geographies* (1989), adica un capítulo para explicar as ideas centrais do que denominou a dialéctica (solución) socio-espacial. Con este traballo, Soja trata de poñer en todo momento o espazo en primeiro lugar (“pensar espacialmente”) na lóxica do pensamento marxista occidental. A súa formulación xurde da presentación da solución espazo-temporal elaborada anos antes por David Harvey no epílogo de *Social Justice and the City* (1973); onde o xeógrafo británico realiza un breve repaso e unha crítica das ideas de Henri Lefebvre sobre a realidade urbana, a organización do espazo e a análise marxista contemporánea. O punto de partida de Soja é que a interpretación de Harvey constitúe non só unha presentación positiva de Lefebvre para a xeografía marxista, senón un resumo do modelo de resposta á súa teoría do espazo que xa aparecera en francés no importante traballo de Manuel Castells *La question urbanie* (1972). Soja amósase categórico: “a pesar de que ensalza a Lefebvre, Harvey non está dacordo coa súa insistencia no papel decisivo e preeminente das forzas de estruturación espacial na sociedade capitalista moderna” (Soja, 1989). Na opinión de Soja, tanto Harvey como Castells recoñecen a excepcional contribución de Lefebvre ao considerar a organización do espazo como un produto material (a relación entre as estruturas espaciais e sociais no urbanismo), así como o contido ideolóxico do espazo xerado socialmente. Ambos insinúan, continua Soja, que Lefebvre colocara a

problemática espacial urbana nunha posición aparentemente autónoma e “intolerabelmente” central. Como se quixera poñer unha acentuación esaxerada na estruturas de relacións espaciais mentres que os papeis máis fundamentais da produción das relacións sociais de produción e do capital industrial quedaran diluídas nunha interpretación excesiva. En consecuencia, Soja conclúe que na conceptualización lefebvriana do urbano existía un proceso de substitución do conflito de clases por outro de base espacial, como base xeradora das grandes transformacións sociais.

Segundo Soja, até ese momento, a cuestión fundamental da teoría da solución espazo-temporal de Harvey residía na cuestión de se a organización do espazo (no contexto do urbano) era “unha estrutura separada coas súas propias leis de construción e transformación interna” ou ben era “a expresión dun conxunto de relacións que formaban parte dalgunha estrutura máis ampla (como as relacións sociais de produción)” (Harvey, 1973). Na análise elaborada en *Postmodern Geographies*, Harvey aparece como se entedense que Lefebvre era máis ben un “separatista espacial” que sucumbira deste xeito ao que poderíamos chamar unha sorte de fetichismo do espazo. Neste sentido, na opinión de Soja, pioneiros da xeografía marxista (como Harvey e Castells), na pretensión de seren serios e rigorosos na súa aplicación do marxismo (marxificación do espazo), comezaron a establecer as barreiras que unha análise espacial radical nunca debería traspasar.

Soja culpabiliza, entón, a este modelo de resposta do feble impacto que supostamente tivo a análise espacial marxista dos anos 1970, xa que ao antepoñer a cuestión social á espacial, logrouse mitigar sensibelmente o seu impacto, debilitando así os seus logros. Aínda máis acusa a Harvey de non comprender as ideas de Lefebvre condenando á lóxica espacial a unha extrema rixidez. Dando un paso máis, Soja argumenta que “a primeira xeración que desenvolveu unha forma explícita de análise marxista (en xeografía), construíuse sobre todo nunha conceptualización innecesariamente limitada das relacións espaciais” (Soja, 1989); de modo que as que deberían ter sido unhas implicacións de grandísimo alcance da análise espacial marxista foron innecesariamente recortadas por esforzos ben intencionados, aínda que de curtas miras, dos científicos radicais para evitar os supostos perigos do fetichismo espacial (Soja, 1989).

A primeira fonte de disociación semella xurdir, segundo Soja, na propia incapacidade da análise marxista para apreciar o carácter esencialmente dialéctico das relacións espaciais e sociais así como as de outras esferas estruturalmente relacionadas coa produción e o consumo⁵⁹. Como resultado, en lugar de explorar con sensibilidade a mestizaxe de oposición,

⁵⁹ Para Soja este feito resulta irónico, na medida en que un método de coñecemento da realidade que se di dialéctico (como o materialismo histórico marxista) non é quen de apreciar a condición esencialmente dialéctica do espazo como categoría de análise desa mesma realidade.

unidade e contradición que define a dialéctica socio-espacial, dirixiuse a atención con demasiada frecuencia, a incidir na cuestión da primacía causal. Neste sentido, para Soja, dentro da rixidez desta lóxica categórica, era difícil observar que a dialéctica socio-espacial non encaixaba en ningunha das dúas alternativas que Harvey cuestionaba a Lefebvre, é dicir, a estrutura do espazo organizado non é unha estrutura separada coas súas propias leis autónomas de construción e transformación, nin tampouco é simplemente a expresión da estrutura de clases que emerxe das relacións sociais (e, por tanto, aespaciais?) de produción; “é, en cambio, unha compoñente dialecticamente definida das relacións xerais de produción, relacións que son simultaneamente sociais e espaciais” (Soja, 1989).

Para establecer esta simultaneidade Soja segue un itinerario conceptual diverso que comeza pola demostración clara de que existe unha homoloxía espacial coas relacións de clase definidas tradicionalmente e, polo tanto, coas continxencias do conflito de clase e de transformación estrutural. Esta homoloxía clase-espazo podería atoparse na división rexionalizada do espazo organizado en centros dominantes e periferias subordinadas, perfectamente captada polo concepto de desenvolvemento xeográfico desigual. Para Soja, esta conceptualización dos vínculos entre a diferenciación social e a espacial non implica que as relacións espaciais de produción ou a estrutura centro-periferia estean separadas e sexan independentes das relacións sociais de produción ou das relación de clase. Pola contra, “os dous conxuntos de relacións estruturadas (o social e o espacial) non só son homólogos, en tanto xurden das mesmas orixes no modo de produción, senón que son dialecticamente inseparabeis” (Soja, 1989).

A existencia desta asociación dialéctica entre o que Soja denomina as dimensións horizontal e vertical do modo de produción xa estaba suxerida nos escritos de Marx e Engels: nas discusións sobre a antítese entre cidade e campo, sobre a división territorial do traballo, sobre a segmentación do espazo residencial baixo o capitalismo, sobre a desigualdade xeográfica da acumulación do capital, sobre o papel da renta e da propiedade privada do solo, sobre a transferencia sectorial da plusvalía ou sobre a dialéctica da natureza. En todo caso, na opinión de Soja todo o desenvolvemento do marxismo até hoxe non serviu apenas para desenvolver a súa lóxica espacial.

A atrofia da imaxinación xeográfica no transcurso das décadas de 1970 e 1980 axuda a explicar os motivos polos que o renacemento da análise espacial marxista ten sido tan difícil e tan cargada dun infundado medo ao fetichismo espacial. Este longo baleiro explica tamén por que existiu tanta controversia sobre terminoloxía, énfase e referencias; así como por que teñen persistido as divisións entre a economía política internacional, rexional e urbana en lugar de conducir á creación dunha economía política espacial máis unificada. Para Soja tamén axuda a comprender por que salvo Lefebvre, existiu falta de audacia, dito doutro modo, por que no

medio de reivindicacións de que o rexurdimento dunha economía política radical, espacialmente explícita, representaba unha nova socioloxía urbana, unha nova xeografía económica, unha nova política urbana ou unha nova teoría da planificación, ninguén máis semellaba estar preparado para comprender a implicación realmente radical de que o que estaba emerxendo era un materialismo dialéctico que era simultaneamente histórico e xeográfico.

Soja distingue entre dúas concepcións diferentes de espazo como categoría de análise da realidade: espazo *per se* ou espazo como contexto dado; e espacialidade de base social ou espazo xerado pola organización social e a produción. Para definir o primeiro, o autor lembra que dende unha perspectiva materialista (sexa mecanicista ou dialéctica), o tempo e o espazo en sentido xeral ou abstracto representan a forma obxectiva da materia. En consecuencia, o tempo, o espazo e a materia, están inextricabelmente conectados, sendo a natureza desa relación un tema central na historia e na filosofía da ciencia. Constitúe unha visión estritamente física do espazo que ten influído notabelmente en todas as formas de análise espacial aplicada. Do mesmo xeito, ten contribuído a imbuir todo o espacial dun persistente sentido esencialista e físico; ou noutras palabras, cunha áurea de obxectividade, inevitabilidade e reificación.

Nesta forma física abstracta e xeralizada, o espazo ten sido conceptualmente incorporado á análise materialista da historia e da sociedade de xeito que interfere coa interpretación da organización espacial humana como produto social, que, segundo Soja, constitúe o paso fundamental para entender a dialéctica socio-espacial. Sen negar o amplo interese filosófico e fenomenolóxico suscitado pola concepción física do espazo; ten sido unha base epistemolóxica enganosa para analizar o significado subxectivo e concreto da espacialidade humana. Neste sentido, o espazo en si mesmo pode estar basicamente dado (como un contedor ambiental de xeometría obxectibábel), mais a organización e o significado do espazo é un produto da experiencia, da transformación e da dinámica social (Soja, 1989). Dito doutro xeito, o espazo producido socialmente (o que Soja denomina espacialidade) supón unha estrutura creada comparábel a outras construcións sociais resultantes da transformación das condicións inherentes a estar vivo, de modo similar a como a historia humana representa unha transformación social do tempo⁶⁰ (Soja, 1989).

Unha vez que se ten aceptado que a organización do espazo (espacialidade) constitúe un produto social (que xurde dunha práctica social intencionada), entón xa non queda nada da

⁶⁰ De xeito similar, Lefebvre distingue entre a Natureza como un contexto dado e o que pode denominarse “segunda Natureza”; a espacialidade transformada e socialmente concretada xurdida da aplicación de traballo humano intencionado. É esta segunda Natureza a que devén suxeito xeográfico e obxecto da análise materialista dialéctico ou dunha interpretación materialista da espacialidade.

súa existencia como unha estrutura separada con regras de construción e de transformación que sexan independentes dun marco social máis amplo. Dende unha perspectiva materialista, o que pasa a ter unha importancia relevante é a relación entre o espazo organizado e outras estruturas dentro dun modo de produción dado. Para Soja, esta resulta ser unha das cuestións básicas que ten dividido a análise espacial marxista nos anos 1970 en, polo menos, tres aproximacións distintas.

En primeiro lugar, estaban aqueles que defendían interpretacións do espazo organizado desafiantes contra os enfoques marxista imperantes, especialmente en relación ás definicións de base económica e de superestrutura. Soja recorre de novo a Lefebvre (tirando de Harvey) para ofrecer un exemplo de argumento neste sentido. Segundo esta visión a realidade urbana⁶¹, en canto produto social espacialmente organizado, non pode definirse como algo superestructural que emerxe da base económica (xa sexa capitalista ou socialista). Para el, o universo urbano modifica as relacións de produción sen chegar a transformalas; convertíndose pois, nunha forza de produción. Deste xeito, o espazo e a espacialidade expresan as relacións sociais ao tempo que inflúen sobre as mesmas.

Segundo Soja, ábrese entón a posibilidade dunha dialéctica socio-espacial complexa que opera dentro da estrutura da base económica, en contraste coas formulacións materialistas imperantes (na década dos 1970) que contemplaban a organización das relacións espaciais só como unha expresión cultural confinada á esfera do superestructural (Soja, 1989). Cando Lefebvre asegura que o espazo e a espacialidade tamén inflúen de xeito determinante nas relacións sociais, está a establecer a noción clave ou a premisa fundamental da dialéctica socio-espacial: que as relacións espaciais e sociais son dialecticamente interactivas e interdependentes; ou dito doutro xeito, que as relacións sociais de produción á vez que conforman o espazo, son condicionadas polo mesmo (sempre e cando teñamos en conta, de entrada, unha visión do espazo organizado como socialmente construído).

Dentro dun marco rexional en vez de urbano, Ernest Mandel desenvolveu ideas moi semellantes. Nas súas reflexións sobre as desigualdades rexionais baixo o capitalismo, afirmou que “o desenvolvemento desigual entre rexións e nacións é a mesma esencia do capitalismo, ao mesmo nivel que a explotación do traballo polo capital” (Mandel, 1972). Con isto pretendía non subordinar a estrutura espacial do desenvolvemento rexional ás clases sociais, poñéndoa ao mesmo nivel. Deste xeito, para Soja, Mandel identificou unha problemática espacial a outra escala (a rexional e non a urbana) que era moi semellante á

⁶¹ Neste punto da argumentación lefebvreiana sa produción do espazo, o autor aférrase á realidade urbana como conceptualización que sumariza a espacialidade capitalista, é dicir, emprega unha metáfora urbana para referirse ao conxunto da organización social do espazo (sexa urbana ou rural). Porén, o uso tan explícito do urbano supuxo un problema para reparar no énfase espacial moito máis xeral que residía nesa argumentación.

interpretación de Lefebvre da espacialidade urbana, até o punto de “suxerir o xurdimento dunha poderosa forza revolucionaria emerxendo das desigualdades espaciais que claramente vía como necesarias para a acumulación capitalista” (Soja, 1989). A idea principal que centraba o discurso de Mandel era que o desenvolvemento xeográfico desigual tiña unha importancia histórica crucial no proceso de acumulación e, por extensión, para a reprodución e supervivencia do capitalismo mesmo.

Porén, nin Lefebvre nin Mandel lograron alcanzar, na opinión de Soja, unha síntese multiescalar da dialéctica espacial e as súas formulacións ficaron incompletas. Pola contra, ao atribuir un potencial transformador significativo á estrutura das relacións espaciais comparábel ao que normalmente se ten asociado ao conflito social directo entre traballo e capital (loita de clases), ofreceron un punto de vista que espertou fortes resistencias por parte doutros marxistas que viron xurdir novamente o espectro do determinismo espacial (Soja, 1989).

Un segundo grupo de autores radicais, incluídos un crecente número de críticos que procuraban manter algunha forma de ortodoxia marxista por medio dun rastrexo persistente da nova economía urbana e rexional, agrúpase en torno a un movemento de resistencia ás teses abandeiradas por Lefebvre, principalmente. Para eles o obxectivo era contradicir a idea de que o espazo organizado representa algo máis que o reflexo das relacións sociais de produción e por extensión, de que pode suscitar contradicións de enorme importancia a través do seu potencial transformador en relación ao modo de produción. Consideraban que, de ningún xeito, o espazo podía ser considerado coma homólogo da estrutura e das relacións de clase. Característica deste grupo é a crenza de que a análise neomarxista engadía pouco que fora inherentemente novidoso para as aproximacións marxistas máis convencionais. Para eles a centralidade da análise de clase tradicional era inviolábel e, por tanto, que as análises urbanas e rexionais neomarxistas, aínda que interesantes, eran con frecuencia demasiado revisionistas e analiticamente confusas. En conclusión, a súa conceptualización do espazo alonxábase pouco do historicismo clásico do marxismo despois de Marx.

Un terceiro enfoque localízase nalgún lugar entre estes dous extremos. Os membros⁶² semellaban adoptar en grande maneira, polo menos implicitamente, a mesma formulación descrita por Lefebvre e Mandel, dotando á organización do espazo dun significado determinante na reprodución social do modo de produción. Para Soja, circulaban entre os dous grupos anteriores xa que cando se vían forzados a unha posición máis explícita, sempre mantiñan a preeminencia das definicións espaciais de clase social, e di: “todos eles, (...), foxen dun recoñecemento aberto da importancia formativa da espacialidade para caer en

⁶² Soja agrupa aquí a Manuel Castells, David Harvey, Emmanuel Wallerstein, André Gunder Frank ou Samir Amin entre outros.

posicionamentos vulnerabeis e analiticamente febles sobre o papel da estrutura espacial no desenvolvemento e supervivencia do capitalismo” (Soja, 1989). É dicir, mentres que o primeiro grupo dos mencionados esaxeraba ocasionalmente a importancia da dialéctica socio-espacial e o segundo trataba de a baleirar de significado, este grupo intermedio renunciaba en boa medida, na opinión de Soja, a capturar efectivamente o seu significado e as súas implicacións, xerando unha ambivalencia difícil de comprender.

Para defender esta opinión Soja recorre a un exemplo destacado sobre a conceptualización do espazo de Manuel Castells que foi publicado (en versión castelán) en *La cuestión urbana* (1974). Neste sentido, Castells considera a cidade como unha proxección da cidade sobre o espazo. Por unha banda, cómpre superar o empirismo da mera descripción xeográfica, sen caer no erro, pola outra, de considerar o espazo como unha “páxina en branco” sobre a que se inscribe a acción dos grupos e das institucións sociais. Neste sentido, ao contrario, toda a problemática social ten a súa orixe na unión indisolúbel entre a natureza (espazo) e a cultura (sociedade), a través do proceso dialéctico mediante o que unha especie biolóxica particular (a humanidade estratificada en clases) se transforma e transforma con iso o seu medio ambiente na súa loita pola vida e pola apropiación diferencial do produto do seu traballo (Castells, 1974).

Considerando que o espazo é un produto material en relación dialéctica con outros elementos materiais que contraen determinadas relacións sociais ao tempo que confiren ao espazo unha función e unha forma (significación ou organización social), Castells aume as teses de Lefebvre, reivindicando a influencia da organización espacial nas relacións sociais, polo menos na mesma intensidade en que a organización social inflúe sobre as relacións espaciais. Neste sentido, considera que o espazo non é “unha mera ocasión de despreague da estrutura social, senón a expresión concreta de cada conxunto histórico na que unha sociedade se desenvolve “ (Castells, 1974).

Agora ben, e aquí é onde Soja reafirma a súa crítica, Castells, aínda admitindo e facendo parte da definición epistemolóxica do espazo elaborada por Lefebvre, resístese a introducir na base mesma da dialéctica materialista o pé espacial (que sería o terceiro, xunto co tempo e a materia), ao sinalar que do que se trata nesta discusión sobre a presenza da organización espacial na construción social da realidade, é de establecer, “ao igual que para calquera outro obxecto real”, as leis estruturais e conxunturais que rexen a súa existencia e a súa transformación, así como o seu específico artellamento con outros elementos dunha realidade histórica. E remata Castells: “do que se deduce que non existe teoría do espazo á marxe dunha teoría social xeral, sexa ésta explícita ou implícita” (Castells, 1974).

Cando a análise de Castells abandona o plano teórico e se introduce no ámbito do real, entón o espazo deixa de ser unha categoría homóloga ao tempo ou a materia para converterse nun “obxecto real”, polo tanto, material, ou nun “elemento dunha realidade histórica”. É dicir, a crítica de Soja céntrase en que o espazo é tratado primeiramente como unha das forzas motrices dunha suposta dialéctica socio-espacial, polo tanto integrada como un terceiro pé na base do edificio de coñecemento materialista, para pasar a ser tratada posteriormente como un elemento superestructural como calquera outro elemento do sistema (ideoloxía, política, economía, etc.) e, en consecuencia, á mercede do que dicten un número concreto de leis estruturais e conxunturais que rexen a súa existencia e a súa transformación e que emerxen propiamente dos dous principios rectores hexemónicos da realidade: o histórico (o tempo) e o social (a materia).

Pódese dicir, neste sentido, que a afirmación de que o espazo é un produto social pode levar a equívoco. Ben pensado, semella que asumindo esta cuestión, o que se está a dicir, senón se amplía a explicación, é que o espacial é unha consecuencia do social (e, en consecuencia, do histórico se empregamos a dialéctica do materialismo marxista tradicional). Efectivamente, para comprender nesa frase a potencia do discurso de Lefebvre que nos quere facer ver Soja, debemos afianzala dicindo que o espazo é un produto social na medida en que a sociedade é un produto espacial. Deste xeito, espazo, tempo e materia interactúan dialecticamente sen que ningunha delas se rixa polas leis estipuladas pola(s) a(s) outra(s).

É dicir, segundo Soja, Castells presenta claramente o espazo como un produto material que emerge dialecticamente da interacción entre cultura e natureza. O espazo, neste sentido, non é un simple reflexo da estrutura social, senón a expresión concreta dunha combinación de instancias que termina por constituir un conxunto histórico de elementos materiais e influencias en interacción. Entón, o camiño que suxire Castells para entender e interpretar o espazo xerado está marcado por unha determinadas leis estruturais. Segundo Soja, isto supón unha nidia mostra do “estructuralismo althusseriano” que daquela imperaba na aproximación de Castells sobre a cuestión urbana (Soja, 1989).

En conclusión, o que semellaba separar a Castells de Lefebvre naquela altura era que, para o primeiro estaba claro que as relacións sociais concretas dan forma, función e significado á estrutura espacial e a todos os outros elementos da combinación. Deste xeito, confería un papel determinante ás, supostamente, espaciais relacións sociais de produción (incluídas algunhas propiamente espaciais ou territoriais como a propiedade do solo). Porén, é precisamente esta relación de determinación a que Lefebvre comezou a matizar e a enmendar asociando a formación de clase coas relacións de produción, tanto sociais como espaciais, e incorporando a problemática social nunha división do traballo simultaneamente social e espacial, é dicir, unha dimensión vertical (clase social) e horizontal (espazo).

3.7.- A influencia do xiro cultural na produción social do espazo

O debate sobre a cuestión das formas que adopta a “cultura popular” na época contemporánea garda una intensa relación coas reflexións acerca da natureza o espazo e do tempo. Como categorías de análise da realidade, constitúen lentes a través dos que tratar de comprender as tendencias literarias, musicais, arquitectónicas, cinematográficas, fotográficas ou de calquera outra manifestación cultural ou estilo de vida. Todas elas danse en función dun proceso ou movemento (compoñente temporal) pero determinan, usan ou producen lugares (compoñente espacial). Por iso, para a xeografía e o conxunto das ciencias sociais o debate cultural obtivo especial relevancia nos últimos anos sobre todo en conxunción cos estudos que conforman a Teoría Social Crítica. Estes, procedentes de tan diversas correntes como autores existen (Keucheyan, 2013), abarcaron todas estas cuestión ao redor do concepto de “posmodernismo” ou “posmodernidade”, como a nova época histórica subseguente á modernidade ilustrada. Neste sentido, un dos autores que con maior influencia incidiu nesta problemática foi Fredric Jameson que se ven no inicio das súas investigacións atribuíu ao tempo a importancia fundamental da súa teoría, máis adiante, acabou por afirmar que na época posmoderna, o “espazo domina o tempo”. É precisamente esta última idea a que vai facer que algúns xeógrafos preocupados polas novas formas do espazo se interesen polo debate cultural e, en todo caso, supón a razón de que o debate sobre a posmodernidade ocupe un lugar relevante no presente traballo. Efectivamente, o traballo de Jameson, de Lyotard e de Habermas vai ser moi importante nas producións que dende a xeografía teñen elaborado David Harvey, Edward Soja, Mike Davis, Doreen Massey ou Neil Smith entre moitos outros. Mais, sen menosprezar a profundidade das conclusións obtidas, a figura máis influínte será Fredric Jameson.

Nos seus comezos Jameson foi un teórico da literatura que dedicou varias obras á elaboración dunha estética de inspiración marxista. Perry Anderson considéao o punto culminante da tradición do marxismo occidental, fundamentalmente pola súa capacidade, característica de dita tradición, de facer interactuar as categorías marxistas con outras correntes (Anderson, 1998). Convén reparar, neste sentido, que o punto culminante desta tradición sexa a obra dun estadounidense. O marxismo de Jameson resulta ecléctico, xa que posúe a condición de integrar conceptos procedentes da psicanálise, do postestruturalismo, da semiótica de Greimas, das teoría dos sistema de Niklas Luhmann, da economía de Ernest Mandel ou da fenomenoloxía. Como moitos outros autores –e se cadra ao igual que Slavok Zizek, pero cun estilo máis serio-, Jameson presta particular atención á cultura popular. Faino polo interese de tomar en consideración o conxunto dos diversos sectores que conforman o período histórico contemporáneo; unha época que “tende en efecto, a desdebuxar a separación

entre a cultura esixente (das elites) e a cultura popular e obriga ao analista a facer fronte á multiplicidade desordeada da produción cultural” (Jameson, 1991).

Jameson, na súa obra *El posmodernismo o la lógica cultural del capitalismo tardío* (1991), aborda dende este punto de vista orixinal e novo, un problema moi debatido ao longo das últimas década; o de saber se temos entrado efectivamente ou non na posmodernidade e se, en consecuencia, a era moderna ten chegado ao seu fin. Así, elabora o seu concepto de postmodernismo en oposición a outras dúas acepcións deste termo. A primeira recolle a de Jean-Fraçois Lyotard enunciada en *La condición postmoderna* (1984), onde sinala que a característica principal da posmodernidade é a fin dos “grandes relatos” (metarrelatos). Durante a era moderna, os individuos adhírense a valores como o “progreso” ou a “razón” (ou as grandes ideoloxías occidentais dominantes ou os tres grandes principios da Revolución Francesa), que confiren un espesor histórico e unha dirección ás sociedades. A posmodernidade converte eses valores en caducos e aínda que non todo relato ten desaparecido necesariamente, os que resisten constitúen narrativas locais e de pouco alcance; é dicir, perderon a categoría de universais e non responden á totalidade da complexidade social e cultural. A segunda idea á que se opón Jameson é a expresada por Jürgen Habermas, para quen chamar posmoderna á nosa época constitúe unha falacia pois a modernidade supón un “proxecto incompleto” por definición. A reflexión de Habermas inscríbese na estela das obras dos representantes da Escola de Frankfurt e particularmente do balance que aqueles fixeron das catástrofes do século XX. A hipótese posmoderna fundaméntase en parte na comprobación dos efectos desas catástrofes que chegaron a invalidar radicalmente os principios do proxecto da Ilustración. Pero Habermas defende que, por fráxiles que sexan eses ideais, resulta inconcibíbel pensar que a humanidade poda renunciar a eles. Nese sentido, sinala que o proxecto da modernidade debe ser obxecto de constantes reformulacións – principalmente a través do concepto de racionalidade “comunicacional” (Habermas, 1989)- pero debe conservarse de todos os xeitos.

Jameson despraza considerabelmente os termos deste debate. Para el, a posmodernidade constitúe, non unha “condición”, senón un período histórico que, consecuentemente, posúe implicacións en todos os terreos, tanto na economía e na cultura como no dereito e a política. En oposición a outras conceptualizacións, que presentan a posmodernidade como un fenómeno estritamente cultural, a versión de Habermas, por exemplo, mantén que o remate de modernidade non deixa intacta ningunha esfera. A semellanza de Nancy Fraser e de Axel Honneth, pero baseado en supostos e obxectivos teóricos diferentes, Habermas reactiva o concepto de “totalidade” (Jameson, 1991), que, á súa vez, constitúe un dos conceptos principais das achegas de Lyotard. Os grandes relatos remiten sempre a unha totalidade, xa sexa a unha sociedade particular, xa sexa ao conxunto da humanidade. Por tanto, a decadencia desas narrativas implica, en si mesma, renunciar a esa

suposta universalidade. Neste sentido, rehabilitar a totalidade supón, á inversa, manter a posibilidade dos grandes relatos. En definitiva, este concepto de relato (*narrative*) convértese en esencial para Jameson, quen o xulga como non só a condición de toda reflexión histórica, senón ademais como aquilo que permite proxectarse no futuro. Defende, deste xeito, que, en particular o que permite render conta da nosa situación presente é xustamente un “grande relato”, que non é outro, na súa opinión, que o marxismo. En todo caso, e por remarcar un asunto relevante para o conxunto desta reflexión, pódese dicir que a visión de Jameson sobre as narrativas totalizadoras da sociedade, xurde dunha constante tensión temporal, xa que permite tanto ler a historia como prever o futuro, sendo o espazo tan só un compoñente que se dá implícito na súa interpretación.

Dende o punto de vista de Jameson, o posmodernismo corresponde a un período do desenvolvemento do capitalismo que denomina “capitalismo tardío”. Este concepto está presente na tradición marxista dende a segunda metade do século XX e foi elaborado principalmente por Ernest Mandel na súa obra *El capitalismo tardío* (1972). Mandel afirma que tras un primeiro capitalismo de mercado (1700-1850) e seguido do capitalismo monopolista (até 1960), aterrou unha “terceira idade” do capitalismo: o capitalismo tardío. Este caracterízase, entre outras cousas, polo ascenso do poderío das empresas multinacionais, unha nova división internacional do traballo, a explosión dos mercados financeiros, a aparición de novos medios de comunicación e o enfraquecemento do movemento obreiro tradicional. Se cadra poderíamos engadir a perda da soberanía Estado-nación como suxeito regulador das transaccións internacionais e a desaparición, nalgúns casos, das fronteiras, xunto coa militarización expresa das mesmas, noutros. Así, o capitalismo tardío non desemboca nunha inmersión nunha era “postindustrial” como sinalan algúns autores, senón que para Mandel, as mudanzas radicais que provoca no proceso de produción son suficientemente considerábeis para xustificar a hipótese do paso a un novo e distinto período de acumulación.

Recollendo precisamente esta última idea, o posmodernismo constitúe para Jameson ese novo período histórico e concretamente supón a lóxica cultural do capitalismo tardío (que como acabamos de sinalar non é, en sentido estrito, polo menos na visión de Mandel, unha etapa máis do capitalismo tradicional que se coñece dende o século XVIII). Jameson xustifica a súa interpretación recusando o modelo marxista estándar, segundo o cal a “base” determina a “superestrutura”. Na súa opinión, as lóxicas económica e cultural téñense entremesturado até tal punto que, manter que unha é “reflexo” da outra, xa non ten sentido ningún. Dende este punto de vista, o posmodernismo representa, non unha consecuencia do capitalismo tardío – que será a súa causa- (porque aínda facendo parte da esfera do cultural, constitúe un elemento tamén do puramente produtivo, en tanto en canto, base e superestutura atópanse misturadas),

senón unha tradución (*translation*) deste último na orde cultural. Noutras palabras, co posmodernismo, a base e a superestrutura alcanzan o seu punto máximo de indistinción:

“Dicir que os meus dous termos, o *cultural* e o *económico* se imbrican un sobre o outro é dicir o mesmo, ou sexa, que o eclipse da distinción entre base e superestutura que a cotío ten sido considerada como significativo do posmodernismo, equivale a suxerir que a base, no terceiro estadio do capitalismo, xera a súa propia superestrutura por intermedio dunha nova dinámica” (Jameson, 1991).

Como síntoma deste fenómeno, Jameson destaca, por exemplo, a tendencia crecente das esferas artística e económica a mesturarse. Numerosos artistas considéranse hoxe abertamente persoas de negocios, mentres que a linguaxe da “creación” penetrou amplamente no campo económico e empresarial. Entre os pensadores que teñen influído no xeito que ten Jameson de concibir a relación entre o “cultural” e o “económico”, pódese mencionar a Lucien Goldmann, que procurou identificar as “homoloxías” existentes entre os estadios do desenvolvemento capitalista e as formas literarias que aparecen neles; por exemplo, entre o capitalismo “organizado” e a “nova novela” das décadas 1950 e 1960).

Así, Jameson comeza a esmiuzar as principais características da cultura posmoderna. Para el un aspecto determinante desta cultura é o que denomina a “nova superficialidade ou a falta de profundidade (*new depthlessness*), para se referir á ausencia de profundidade ou de substancia e tamén ao que se atopa na superficie, sen que iso implique forzosamente un matiz pexorativo. Para ilustrar este punto, Jameson fai unha comparativa entre as obras pictóricas *Un par de zapatos* de Van Gogh (1887) e os *Zapatos do polvo de diamante* de Andy Warhol (1980). O primeiro cadro representa un par de zapatos vellos de campesiño que, se ben ocupan todo o lenzo, remiten indirectamente a todo o mundo do campesiñado que o espectador está convidado a reconstruír coa imaxinación (Jameson, 1991).

Os zapatos de Warhol, en cambio, son superficiais, no sentido de que carecen de substancia, xa que na súa obra non aparece ningunha perspectiva nin ningún marcador espazo-temporal que remita a universo algún. Trátase de amosar a estética do obxecto por constituír éste un obxecto en si mesmo. A idea de Warhol non é, como na arte moderna, divulgar os procedementos estéticos que serviron para construír a representación dos obxectos que se tratan. Supón algo así como se os obxectos mesmos foran desposuídos da capacidade mesma de seren representados. Jameson evoca, seguindo esta liña de pensamento, a “morte do mundo da aparencia” e introduce o concepto de “simulacro”, inspirado en Baudrillard para explicar o réxime estético no que nos atopamos na actualidade e que en esencia entroncará con termos como “brandificación” ou “banalización”.

Imaxe 3.1.- Un par de zapatos e os Zapatos do polvo de diamante.



Fonte: Van Gogh (1887) e Andy Warhol (1980).

Á superficialidade posmoderna corresponde unha nova estrutura afectiva dos individuos. Un elemento certamente apaixonante da obra de Jameson é que, de acordo co historicismo integral que preconiza, elabora unha historia social das emocións, en estreita interacción coa periodización temporal evocada con anterioridade. O capitalismo tardío xera non só unha cultura, senón tamén unha nova gama de emocións que condiciona o tipo de suxeito producido na actualidade. Segundo Jameson (1991), asistimos actualmente a unha “diminución dos afectos” (*waning of affects*). Isto significa que os grandes afectos e querenzas da modernidade, como son primordialmente a angustia, a soidade ou a alleación tenden a desaparecer, substituídos por novos estados de ánimo hipertensos, ciclóticos e xustapostos, entre os que o coñecido *burnout* ou a “euforia posmoderna” resulta un caso paradigmático. Para que unha emoción tan profunda como a angustia sexa experimentada, fai falta un suxeito que a sinta e, ademais, cómpre que o suxeito en cuestión estea dotado dunha interioridade concreta. Agora ben, para Jameson, o suxeito na actualidade está fragmentado e posúe “tendencia á esquizofrenia”, o que supón, en última instancia, a liberación de todo sentimento “posto que xa non hai un si mesmo presente para experimentar emocións” (Jameson, 1991). Con isto, non pretende dicir que a historia das emocións chegase ao seu fin, pero, dalgún xeito, hoxe impera unha sorte de “intensidades” impersoais que se apoderan de xeito fugaz na superficie dos individuos.

Este asunto garda intensa relación coa organización social contemporánea. Se Harvey falaba das contradicións internas entre a clase e a comunidade, outros autores como Zigmunt Bauman ou Ulrich Beck, falan dun tipo de sociedade configurada en torno á individualización reflexiva, en detrimento do que sería a vida en común, a colectividade ou a reciprocidade. Se atendemos, para ilustrar este feito, aos espazos vitais de cada período

histórico, semella correcto reparar en que se ben, na modernidade o “fogar” era o espazo de intimidade, a “aldea” (cos elementos abertos como a agra, a praza ou o campo da festa) era o espazo de convivencia e a “feira” era o espazo dos intercambios, hoxe foron substituídos polo corpo, a vivenda e as tele-compras.

Na época posmoderna, o espazo domina o tempo. Como ten amosado Eric Hobsbawm, a era moderna supón unha era revolucionaria, tanto na esfera política (dende a Revolución francesa) como na económica (coa Revolución Industrial) (Hobsbawm, 1998 e 2003). Neste sentido, unha das consecuencias do xurdimento da posmodernidade, sinala Jameson, é o enfraquecemento da historicidade, como consecuencia da perda da memoria colectiva, pero tamén por unha incapacidade de concibir o futuro. O enfraquecemento da historicidade provoca, en consecuencia, un predominio do espazo. A cultura posmoderna, xa sexa a través da televisión e o cinema, xa sexa a través da arquitectura e o deseño urbano, constitúe unha cultura visual. E a vista supón o sentido espacial por excelencia que tende a “achatar” o conxunto dos elementos que percibe. En realidade, a historia e o tempo non teñen desaparecido como categoría de análise social, senón que para Jameson, a historicidade atópase “reprimida” (no sentido psicanalítico) pola cultura contemporánea. Así, mantén que a tarefa do pensamento crítico e “utópico” (unha delas), é facer xurdir un novo sentimento de temporalidade, que non pode significar un retorno puro e simple á temporalidade moderna xa que para iso conviría ter en conta, á súa vez, a estrutura actual do capitalismo e a súa lóxica cultural. En todo caso, para Jameson, se non se adquire un novo sentido da temporalidade, non poderá ser concibido ningún cambio social.

Harvey vai recoller esta idea pero para sinalar que toda nova temporalidade que pretenda iniciar un cambio social na era contemporánea, incluíndo precisamente a estrutura do capitalismo tardío e a súa lóxica cultural, debe contar irremediabelmente co espazo. Fala así, emendando a Jameson, dunha nova espazo-temporalidade, xa que ao analizar os proxectos utópicos da modernidade que pretendieron ser revolucionarios tendo en conta exclusivamente o carácter temporal e económico dos procesos sociais, acabaron nas catástrofes que analizaron os representantes da Escola de Frankfurt. Por tanto, ese predominio do espazo sobre o tempo, consecuencia da cultura visual posmoderna e da perda do sentido da historia que padece a humanidade, debe ser tida en conta de xeito nutricional para construír relatos alternativos sobre a base do espacial; idea que non debe instar aos partidarios do espacial a menosprezar a tensión temporal da sociedade.

Para Fredrich Jameson a posmodernidade constitúe o que “fica cando o proceso de modernización concluíu e a natureza marchou para sempre”, é dicir, cando a cultura converteuse nunha “segunda natureza” (Jameson, 2001). A esfera das mercadorías dilátase extraordinariamente e o real –a historia (pero tamén a xeografía)-, acaba sendo culturalizada,

ou o que é o mesmo, asimilada como parte do acervo cultural apreendido. Entón, todo se transforma en mercadorías e o entusiasmo diríxese cara a “representacións” das cousas, entrando no universo do percibido e perdendo interese a cousa mesma (a materialidade). A este proceso Jameson denomíno “estetización”. Partindo desta base, interpreta a posmodernidade como “o consumo da pura mercantilización como proceso”. A función que ostentou –ou tal vez habería que dicir detentou- a cultura na modernidade, na actualidade xa non a exerce, a súa dimensión crítica foise diluíndo paulatinamente até converterse nun produto dentro da mercantilización mesma; indicativo disto son os novos campos de acción que se abren no seo da teoría da posmodernidade: prediccións económicas, estudos de márketing, críticas culturais, novas terapias, reseñas de exposicións de arte, festivais de cine ou “revivals” e “performances”, entre outros moitos novos produtos da industria cultural.

Jameson interpreta esta teoría, que engloba multitude de tendencias, baixo unha “sordeira histórica” dende a cal o mesmo posmodernismo trata de recuperar a historia. Supón un intento de medir a temperatura da época sen instrumentos, e nunha situación na que nin sequera existe a seguridade de que aínda exista algo tan coherente como unha época (*zeitgeist*). Sobre esta incertidumbre vive a teoría da posmodernidade e traballa dialecticamente para adentrarse no problema. É a primeira vítima desta situación é a visión moderna da historia que agora desaparece. A lóxica moderna, por exemplo, entendía o arte sobre a idea de progreso (*telos*). Así, unha obra xurde de xeito inesperado pero baixo unha lóxica, unha temperatura e un territorio. Porén, a posmodernidade semella ter collido por sorpresa ao ser humano; “saímos unha mañá e o termómetro desaparecera” (Jameson, 2001). Para Jameson, de aquí derivan dúas conclusións. Por unha banda, que a teoría é imperfecta ou impura. Atopámonos, pois, coa famosa contradición relativizada: “todo o que é significativo respecto á desaparición dos metarrelatos debe a súa vez expresarse de modo narrativo” (Jameson, 2001). Isto anula a posibilidade dunha teoría da posmodernidade enteiramente coherente, xa que intentalo supón cair nunha empresa especulativa; é dicir, contradíse nos seus termos: “un antifundamentalismo con fundamento, un antiesencialismo con esencia” (Jameson, 2001).

A imposibilidade de trascender o estilo de pensar moderno sen cair nunha contradición performativa expón as bases para o que Jameson denomina a impureza constitutiva da teoría posmoderna. Este xeito de comprender a posmodernidade contrapona, Jameson, á condición posmoderna como a fin dos metarrelatos. Frente ao pensamento apocalíptico de Lyotard que imprime “morte” aos proxectos teolóxicos que encarnan metarrelatos, opón esa natureza constitutiva que fai que Jameson apele a unha periodización onde a postmodernidade non é a cultura dunha orde social completamente nova como defenden os teóricos da sociedade postindustrial. Non se trata, entón, dalgo totalmente novo, hai que pensalo dialecticamente. Isto é, deixa de ser moderna para continuar sendo moderna,

en palabras de Jameson, a posmodernidade é o reflexo e a parte concomitante dunha modificación sistémica máis do propio capitalismo.

Un segunda conclusión derivaría directamente do retorno da narrativa como fin dos metarrelatos: “calquera observación sobre o presente pódese por ao servizo da propia búsqueda do presente e empregarse como síntoma e índice da lóxica máis profunda do posmoderno, que de xeito imperceptíbel se convirte na súa propia teoría e na teoría de si mesmo” (Jameson, 2001). Neste sentido, a actitude actual supón un posicionamento patolóxico e autosuficiente. Unha actitude de búsqueda incansábel dos síntomas do presente que permiten ver a singularidade e a diferenza do momento actual; dun presente que se amosa esquizofrénico. Para saber se se trata dunha ruptura ou dunha continuidade non nos podemos valer do argumento empírico nin filosófico. Non ten sentido en tanto que a decisión constitúe o acto narrativo inaugural que fundamenta a percepción e a interpretación dos acontecementos que van narrarse. En conclusión, o concepto de posmodernidade de Jameson preséntase como un cúmulo de xenealoxías que se entrecruzan e nese mesmo acto de confusión, pérdense os seus fíos. Unha situación que, acostumados á orde da modernidade, nos desconcerta no xeito de comprender o habitual e os ritmos da vida cotiá.

3.8.- Richard Peet: entre a aceptación parcial do posestruturalismo e a crítica ao posmodernismo

Se cadra, outro dos xeógrafos que con maior constancia ten sinalado o seu disgusto diante de certas posicións antimodernas foi Richard Peet. Este autor posicionouse contrario a opinións que cuestionan os principios de racionalidade e a posibilidade de aplicar o coñecemento á mellora da sociedade humana. Na opinión de Benach (2012), aínda que Peet ten sido máis receptivo con determinadas ideas posestruturalistas (en especial, as relacionadas coa teoría do discurso de Foucault e a súa relación co poder), os seus posicionamentos contrarios ao posmodernismo “mostráronse con toda rotundidade (mesmo brutalidade) a propósito de cuestións como a textualidade ou a crítica ao desenvolvemento” (Benach, 2012). Por exemplo, en *Modern Geographical Thought* (1998), Peet sinala que aínda que as crenzas modernas ao paso do potencial liberador da ciencia, do seu optimismo e da súa fe nun progreso infinito, foron cuestionadas en multitude de ocasións ao longo do tempo, poucas o fixeron coa virulencia que empregaron as posicións relacionadas co xiro posmoderno. Deste xeito sinala que “a reacción contra o estruturalismo e o marxismo, herdanza directa do estado contemplativo que o post-maio do 68 sumiu a unha grande parte da intelectualidade do momento, manifestouse como un rexeitamento sen concesións á razón moderna, alimentada pola recuperación das filosofías antimodernas e en especial de Nietzsche” (Peet, 1998).

Peet realiza unha distinción que o empurra a aceptar determinados posicionamentos posestruturalistas como o que conleva a negación da existencia dunha verdade obxectiva independente das relacións de poder. Tal distinción consiste en que mentres a filosofía posestruturalista critica certezas incuestionábeis do mundo moderno, a posmoderna propugna unha sorte de resistencia nihilista contra as forzas da modernidade. Representantes destacados da primeira son autores como George Bataille e o propio Friedrich Nietzsche e, sobre todo, Michel Foucault, ao que Peet considera o filósofo posestruturalista de maior envergadura e do que vai rescatar principalmente as súas ideas sobre as prácticas discursivas. Para Peet, en cambio, a filosofía posmoderna supón unha forma extrema de escepticismo e, a pesar de recoñecer a súa diversidade, tende a adoptar posturas políticas máis antimodernas do que anticapitalistas e nihilistas máis que radicais, que para el resultan “inadmisíbeis”.

A este respecto, e insistimos aquí na crítica ao posmodernismo realizada por Peet porque vai ser de utilidade no seguinte capítulo, este autor tense amosado moi crítico coa tendencia de moitos xeógrafos posmodernos a recrearse na interpretación das verbas doutros, a caer nunha cadea interminábel de citas de traballos que á súa vez baséanse noutros, e que ao final en “pouco contribúen a un mellor entendemento de nada” (Benach, 2012). Para Peet, na súa opinión máis benévola, a xeografía posmoderna ilumina algunha perspectiva fragmentaria dalgún aspecto do mundo posmoderno e, na menos benévola, “a xeografía posmoderna constitúe un tipo de autogratificación privilexiada e egoísta, amosada en ensaios que serpentean entre a idiosincrasia persoal e perezosos pedazos de investigación, principalmente consistentes no traballo de lectura doutros traballos (Peet, 1998).

Peet móstrase nada condescendente con este tipo de xeografía posmoderna, aínda que ten moito tino de non xeralizar e de valorar o traballo realizado por algúns xeógrafos británicos como Chris Philo, particularmente na súa concepción de “xeografías morais” e a súa interpretación de Foucault (Benach, 2012). Precisamente, o pensamento de Foucault e, en particular a súa noción da espacialidade do poder, supuxera unha entrada fulminante en xeografía humana da man da mesma análise de Philo e, un pouco antes, de Soja na xa mencionada *Postmodern Geographies*. Cómpre sinalar que Peet, foi moi receptivo a algunhas desas ideas, como por exemplo, a utilidade de incorporar a noción de discurso de Foucault (recollida tamén no conxunto da presente investigación), á análise materialista.

En todo caso, para Peet a maior das críticas que se pode realizar a este tipo de posicionamentos filosóficos que alimentan un xeito de facer xeografía, reside no papel xogado pola intertextualidade e na lectura desideoloxizada da paisaxe. Efectivamente, a famosa expresión de Peet, “a intertextualidade é o opio da intelligentsia!”, contrasta coa potencia da análise do discurso derivada de Foucault, xa que a pesar dese feito, o xiro lingüístico tivo unha escasa relevancia na práctica xeográfica do momento. As linguaxes enrevesadas,

complexadas, preocupadas en recrearse na adxectivación excesiva, conlevaba un irritante, para Peet, elitismo intelectual. Hai que lembrar que Peet sempre se considerou parte da clase da traballadora e, por tanto, preocupouse de que a súa obra fose comprensíbel para ela (Benach, 2012).

En paralelo, a proposta de James Duncan e Trevor Barnes de teorizar a “paisaxe como texto”, suscitou unha grande controversia. Neste sentido Peet, rexeitou sen paliativos tanto a idea de “ler” a paisaxe do modo como se le un texto, como a de defender que os “textos” constitúen de feito a realidade. Estas posicións eran pouco admisíbeis dende o punto de vista dun autor que centrara a súa obra na defensa da materialidade da vida social e, en consecuencia, na posibilidade de teorizala. Polo contrario, para Duncan (1990) as paisaxes non son un mero reflexo da cultura (como podía sustraerse da xeografía cultural tradicional), senón que constitúen “construcións lingüísticas; narrativas da organización social” (Duncan, 1990). A reacción de Peet fronte a esta proposta, centrouse en lembrar que a paisaxe podía desempeñar un papel ideolóxico de primeira orde, naturalizando a organización social. O problema residía no papel do investigador, se este non se preocupa por desnaturalizar eses aspectos ideolóxicos, entón o proceso pode pasar inadvertido.

Para Peet a saída desta discusión, atopábase na vía interpretativa que foi quen de relacionar a paisaxe coas relacións de poder e que ten no materialismo cultural de Raymond Williams ou no marxismo existencial de John Berger exemplos destacados. Ambos fíos condutores son empregados por Peet, xunto coas ideas do propio Foucault, en combinación coa semiótica espacial de Cornelius Castoriadis (autor que retomaremos no capítulo 5), concedendo así unha notábel utilidade ao permitir conectar cuestións de clase, xénero ou idade coas concepcións do espazo, a diferenza da noción da “paisaxe como texto”.

En definitiva, a carga ideolóxica do imaxinario posmoderno non pasa desapercibida á ollada de Richard Peet. Para o presente traballo vai ser importante poñer en tela de xuízo os principais axiomas desta corrente porque en si mesma significou un caldo de cultivo moi seductor para aparición dunha nova idea de espacialidade e para a consideración do espazo no seo das ciencias sociais. A tarefa será pois analizar se dito caldo de cultivo pode ser aceptado como unha base sólida para a construción dun novo discurso de análise da sociedade que empregue, antes que máis, o lente espacial.



4. A NECESIDADE DUN DISCURSO ESPACIAL PARA AS CIENCIAS SOCIAIS

Na actualidade, nunha época de profundos e acelerados cambios, amplificadas, se cadra, polas consecuencias dunha crise sistémica que afecta ao mundo da economía pero tamén da política, da cultura e, en fin, do comportamento humano en amplo sentido, témonos acostumado a desenvolver a espacialidade dun xeito moi distinto a como se facía hai uns poucos decenios. Evidentemente, os procesos de mecanización e os avances tecnolóxicos foron deixando atrás o debate sobre os efectos do determinismo ambiental sobre as actividades humanas. Noutras palabras, non hai moito tempo que cumpría ser coñecedor das características do clima, da natureza topográfica e hidrográfica ou das condicións do solo para poder planificar unha colleita, levar a cabo reformas na casa ou tratar de construír un pozo na eira. Estas cuestións, aínda que seguen a posuír certa importancia, perderon, en parte, a súa relevancia, xa que o enxeño humano foi quen de reducir a súa utilidade. Hoxe o coñecemento xeográfico maniféstase doutro xeito. Se cadra a transformación do mercado laboral e do sistema económico, que en xeral tennos convertido en consumidores no canto de produtores, tivo grande responsabilidade nesta cuestión. Agora semella que o espazo forma parte máis do circuíto do consumo de bens e servizos (transporte, turismo, ocio ou vivenda), que do da produción de mercadorías, porque precisamos a información espacial para ubicar os centros de consumo (e nós dentro deles), pero non tanto, xa, como un factor importante do proceso de produción. Isto semella ser así, polo menos no ámbito cotiá das persoas. O asunto é distinto se falamos do mundo daquela empresa que segue na procura de extraer o maior beneficio dos recursos que ofrece o territorio.

Se cadra, este xeito distinto de desenvolver a espacialidade posúe unha condición interesante que convén repasar. Semella que ao mesmo tempo que o coñecemento xeográfico pasou de ter utilidade no ámbito da produción para telo no do consumo, tamén modificou, dun modo extraordinario, a escala do imaxinario que a cidadanía posúe del. Se o territorio era algo do que se tiña coñecemento dende o “próximo cara o afastado”, agora semella que esa dialéctica mudou para ter un certo coñecemento do afastado, grazas en boa medida ás tecnoloxías de información e das canles de distribución televisiva, pero case ningún do próximo. Ou sexa, temos acceso a un importante fluxo de información sobre o global (e até semella interesarnos), pero a propia evolución dos estilos de vida contemporáneos (partindo da base das propias infraestruturas de comunicación), converteunos en descoñecedores do local (e até semella non interesarnos). De tal xeito, que a biografía espacial das nosas vidas (xeneralizando) pode conter media ducia de grandes cidades mundiais, outra media de

“resorts” turísticos e emblemáticos conxuntos patrimoniais e outra de interesantes paraxes naturais, pero con estraña sutileza, non atopará as coordenadas para situar no imaxinario as vilas que percorre o tren de Santiago a Ourense, nin moito menos coñecer en que provincia se ubica Alcázar de San Juan, Tarazona ou Zafra. Dalgún modo, para iso está o “smartphone”.

Por tanto, se a natureza da utilidade do espazo nas nosas vidas mudou, ao tempo que o facía a escala do imaxinario do seu coñecemento, semella que cómpre buscar novos relatos que traten de explicar estes cambios, xa que, dalgún modo, a experiencia humana a cada paso constitúe un feito máis territorializado e tende a exemplificarse a través de innumerabeis realidades distintas ao nivel planetario: conflitos fronteirizos, miseria periurbana, dramas migratorios, nova piratería, desastres ambientais, loitas pola auga, despoboamento, desertización, perda de biodiversidade marítima-costeira, especulación inmobiliaria, turistificación, banalización, entre outras. Así, semella que, nalgún momento da historia recente, aconteceu un cambio inducido nas preocupacións da humanidade e que, ademais, non chegou dunha viraxe dialéctica-dicursiva, senón que foi unha derivada, principalmente, dos usos sociais e dunhas prácticas culturais descoñecidas até o momento.

Por iso, fronte ao feito de que moitas das consecuencias da crise sistémica do primeiro terzo do século XXI posúen un significado espacial e son padecidas de xeito vertical –de abaixo cara arriba-, as ciencias sociais precisan desenvolver un discurso que enlace co cerne desa realidade mesma. Pola contra, semella que aqueles traballos que, se ben analizan con rigor algunhas características do proceso, centran as súas preocupacións dun xeito máis ou menos abstracto nos resortes financeiros, no funcionamento do mercado ou na aceleración dos intercambios de crédito, non dan abarcado a profundidade que aquí estamos a poñer de manifesto. É así que a introdución explícita do espazo como categoría de análise da realidade pode dar lugar (ou non, velaquí unha hipótese) a esa nova teorización. Pero a súa inclusión non pode quedar reducida a ser mero “taboleiro de xogo”, senón que se debe realizar un esforzo de imaxinación intelectual para outorgarlle un papel co-protagonista no inicio e no resultado dos procesos sociais. Neste apartado, verase cal foi o tratamento do espazo, partindo de concepcións filosóficas, no eido da teoría social crítica (nomeadamente de corte marxista) e recolleremos algunhas alternativas suxerentes para a emerxencia dun novo discurso espacial para as ciencias sociais.

4.1.- Os esquecementos espaciais da modernidade: unha achega dende o pensamento filosófico.

O filósofo Luis Castro Nogueira ten elaborado una análise profunda sobre a modernidade e a súa crise contemporánea centrada na experiencia colectiva e individual do espazo/tempo. *La risa del espacio. El imaginario espacio-temporal en la cultura*

contemporánea: una reflexión sociológica (1997), culmina o traballo iniciado en colaboración con M. H. de Ossorno en *Ensayo general para un ballet anarquista* (1986) e continuado con *Tiempos modernos* (1991). As primeiras reflexións sobre esta materia apuntaban cara ao nacemento dunha “episteme” posmoderna concebida como o crecente protagonismo do espazo a todos os niveis: ontolóxico, epistemolóxico, psicolóxico, estético e político. Pretendíase dar conta, dende un punto de vista histórico e crítico, dos esquecementos (intencionados?) espaciais en todos aqueles discursos modernos presuntamente liberadores: dende Hegel e Marx até Nietzsche. Estudáronse así, investigacións sobre estes espazos esquecidos como as novas estratexias do pensamento estruturalista: Foucault, Deleuze, ou Rubert de Ventós. Ao mesmo tempo, moitas das discusións iniciais sobre esta materia adicábanse ao estudo dos espazos arquitectónicos e urbanísticos característicos do pensamento ilustrado. Neste sentido, cobraba relativa importancia o traballo de M. Duchamp que trataba de inaugurar un novo pensamento topolóxico⁶³ (a través dunha sorte de inversión kantiano-borgiana): o espazo como condición formal de todo pensamento futuro.

Con posterioridade, os estudos relativos ao papel crítico do espazo na construción dos metarrelatos da modernidade complexízanse introducindo novas categorías de análise, nomeadamente coa diferenciación entre o “espazo interior e o exterior”. Neste sentido, tratábase de analizar a devaluación e o rexeitamento do espacial como *leitmotiv* que subxace á constitución da subxectividade moderna. Tentábase, ademais, investigar criticamente as diversas formas históricas da interioridade humana e as súas relacións co espazo e o tempo. Os debates pasaron a centrarse, por exemplo, no estudo sobre a “paisaxe interior” da humanidade durante a Idade Clásica e a Modernidade, recompoñendo “unha xenealoxía da incompatibilidade ontoepistemolóxica entre alma e espazo” (Castro Nogueira, 1997).

Distinguindo pois, dúas primeiras fases na introdución do espazo na teoría social crítica; unha, basicamente, polémica e filosófica, que incorporaba unha sorte de manifesto a favor dunha nova razón topolóxica; e outra, de carácter decididamente arqueolóxico-crítica (no sentido foucaultiano), pódese admitir que unha terceira etapa introduce a análise no plano analítico e sincrónico da socioloxía da cultura mediática contemporánea. No proceso de investigación do espazo/tempo e as súas relacións coas distintas configuracións históricas da subxectividade, estas tres etapas supoñen unha unidade indisociábel, cuxa virtual sinerxia contribúe a comprender algo mellor a nosa situación presente.

Efectivamente, como resultado desta complexa evolución ontolóxica e epistemolóxica, para comprender o significado das transformacións topolóxicas que definen a experiencia interna/externa –global e local- do imaxinario espazo/temporal contemporáneo, podemos

⁶³ Precisamente, esta topoloxía presentábase como una superación do “iluminismo” tanto nun sentido crítico-epistemolóxico como irónico festivo (Castro Nogueira, 1997).

recorrer a un modelo certamente complexo inspirado –de novo- nas obras de Henri Lefebvre e David Harvey, co que Castro Nogueira (1997) analiza os principais factores que determinan a nosa experiencia colectiva e individual en relación co vello imaxinario da modernidade. Segundo este autor existen unha serie de “curvaturas” do espazo/tempo, que denomina “plectopoi⁶⁴”, que se manifestan nos distintos discursos da teoría social crítica a través de factores exteriores e interiores.

Os primeiros, están centrados no estudo do proceso de produción e reprodución do espazo social. Trátanse de investigacións centradas na emerxencia de novos relatos sobre o tempo e o espazo sociais que se materializan a través do xurdimento dunha visualidade estética alternativa. Esta esfera exterior investiga elementos tan diversos como o significado das metafísicas espaciais de pensadores como Deleuze, Guattari e Debord, o indiscutíbel protagonismo ontoepistemolóxico das categorías espaciais nos dominios da economía postfordista (Harvey), a lóxica cultural (Jameson e Virilio), a arquitectura e o urbanismo deconstructivista (Eisenman e Libeskind) e a filosofía da natureza (Serres). Tamén incorpora o estudo histórico-crítico do significado –dende o punto de vista do imaxinario colectivo- do chamado “modo de información” (Poster), dende os seus inicios en McLuhan e Eco até as últimas formulacións no postestruturalismo de Derrida e o pensamento feble (Vattimo). Ademais, intenta trazar a xenaloxía da visualidade postmoderna que caracteriza a sociedade do espectáculo e describir a súa influencia na construción das nosas experiencias perceptivas contemporáneas. Do mesmo xeito, engádense estampas filosóficas en Barthes, Benjamin, Ponty, Foucault e Heidegger, que pretenden amosar o intento de pensar novos reximes “scópicos”⁶⁵ alén da modernidade.

Pola súa banda, os factores internos abordan a problemática do que, seguindo a Lynch e Jameson, se denomina cartografía cognitiva; ou sexa a virtual (in)capacidade do suxeito de situarse no espazo/tempo social. Explican as diversas metamorfoses que a sociedade da información ten propiciado –como causa e efecto- en certas dimensións fundamentais da existencia humana: o desexo, a imaxinación, a memoria e a razón. Estes factores están estreitamente relacionados coas actuais modalidades e manifestacións do poder e as súas influencias na configuración de novos modos de subxectividade. Neste campo de

⁶⁴ Para unha comprensión máis extensa do concepto de plectopoi ou pliegue, pódese recurrir á lecturas do artigo de Gallego Dueñas, “Cartografías y geografías del secreto: el secreto como espacio-tiempo social” (Revista Intersticios, volume 9, 2015), no que se explican con detalle os parámetros que configuran os plectopoi. Neste sentido, cómpre lembrar que “nas teorías do Espazo-Tempo Social, a sociedade é un territorio que non é indiferente nin neutro. As novas xeografías posmodernas procuran aproveitar aqueles avances en física e en topoloxía matemática para aplicar os modelos e as metáforas ao seu campo” (Gallego Dueñas, 2015).

⁶⁵ O concepto de rexime scópico pode ser concibido como a forma de representar unha sociedade e unha época determinada ao longo da historia. Para adentrarse no tema, pode tomarse como punto de referencia ao historiador Martin Jay (2003), quen toma o concepto de Christian Metz para conceptualizar determinacións culturais, modos de ollar e “gramáticas da mirada”, establecendo que algo tan natural como é a ollada non constitúe un proceso inocente, senón que leva consigo patróns culturais predeterminados.

coñecemento interno, discútese sobre o lugar do individuo na topoloxía espazo/temporal contemporánea (en confrontación co modelo tardomarxista do propio Jameson e os “cartógrafos anglosaxóns”). Tamén se investiga –alén da “aburrída letanía” postestruturalista da morte do suxeito- o destino das vellas facultades do ser humano como causa e efecto das súas virtuais inmediacións mediáticas. Por citar algúns exemplos, poden servir os tres “excursus” analizados por Castro Nogueira (1997): o primeiro, sobre a razón e a “gramatoloxía” (en diálogo crítico coa obra de Wiesengrund), o segundo, sobre Edipo e a curvatura do espazo/tempo, e o terceiro, sobre Lacan e o imaxinario social. Porén, o caso máis emblemático dos factores interiores para o campo da investigación xeográfica, pode ser, se cadra, a análise realizada a partir de Foucault sobre as asimetrías que enxendran as novas modalidades de poder inscritas no laberíntico espazo infográfico da sociedade dos media.

Seguindo este fío, o xeógrafo brasileiro Rogério Haesbaert, ten sinalado que as ciencias sociais redescobriron o territorio para falar fundamentalmente da súa desaparición. A maior parte dos autores que defenden un mundo en proceso de desterritorialización, como sería previsíbel, provén doutras áreas distintas da xeografía. Semella como se a dimensión xeográfica ou espacial da sociedade tivese sido subitamente “redescoberta” polas demais ciencias sociais pero, de xeito paradóxico, máis para afirmar a súa febleza –e en relación co territorio mesmo a súa desaparición- que para demostrar a súa relevancia (salvo excepcións). Deste xeito, segundo Haesbaert, percíbese que durante longo tempo os filósofos e os científicos sociais descoidaron o espazo nas súas análises, e só a recente crise posmoderna contemporánea, comezando mesmamente por Foucault ou Lefebvre, puxo novamente sobre aviso da importancia da dimensión espacial da sociedade⁶⁶.

Diversos economistas, sociólogos e antropólogos culturais, que hai décadas ignoraban ou mesmo criticaban as lecturas xeográficas ou sobre a territorialidade humana⁶⁷, redescobren a importancia da dimensión espacial da sociedade –agora, porén, en especial para diagnosticar a polémica desterritorialización “moderna” ou “posmoderna” do mundo (Haesbaert, 2004)-. Como se nese discurso non coexistisen conxuntamente a destrución (creativa) e a produción de novos territorios, tanto os máis abertos e flexibeis como os máis pechados e segregadores. Esta dimensión máis concreta na que se desenvolven os procesos sociais podería mesmo

⁶⁶ Existe un texto de Foucault que se ten transformado en referencia obrigada en relación coa defensa da “forza do espazo”, principalmente cando afirma, dende o comezo: “A grande obsesión do século XIX foi, como sabemos, a historia (...). A época actual se cadra sexa sobre todo a época do espazo. Estamos na época do simultáneo, estamos na época da xustaposición, na época do próximo e do lonxano, do dun ao carón doutro, do disperso. Estamos nun momento no que o mundo se experimenta, coído, menos como unha grande vía que se desenvolve a través do tempo que como unha rede que une puntos e se entretece. Tal vez poda dicir que algún dos conflitos ideolóxicos que animan as polémicas actuais se desenvolven entre os piadosos descendentes do tempo e os habitantes encarnizados do espazo” (Foucault, 1986).

⁶⁷ Véxase por exemplo, a forza case puramente simbólica (ou identitaria) da rexión de Bordieu e a súa crítica algo simplista das interpretacións dalgúns xeógrafos que amosan descoñecemento das producións da época sobre esa temática (Bordieu, 1989).

proporcionar, en períodos de crise como o actual, unha mellor percepción da intensidade real dos cambios acontecidos.

Temos visto como algúns autores, como Foucault (1984), no ámbito do poder, e Jameson (1996), no da cultura, constitúen exemplos emblemáticos por teren percibido, a través do espazo, novas leituras do movemento da sociedade. Outros, como Deleuze e Guattari, que fixeron da desterritorialización un dos termos centrais e mesmo definidores da súa filosofía, acabaron por ampliar tanto a noción de territorio que, en ocasións, faise difícil transitar pola súa “xeofilosofía”. A maior parte dos autores recorren á lectura espacial ou xeográfica co fin de visualizar mellor, non o xurdimento do novo, senón a desaparición do antigo. Deste modo, por exemplo, o politólogo francés Bertrand Badie (1995), atrévese a falar da “fin dos territorios”, título dun libro adicado en especial á discusión de debilitamento do Estado territorial e o xurdimento de espazos dominados polas organizacións en rede.

Virilio (1988), se cadra dun modo moito máis ousado, ten defendido que a cuestión fundamental de finais do século XX sería a desterritorialización, xa que a xeopolítica estaría a ser superada pola “cronopolítica” e, en consecuencia, estratexicamente tería moita máis importancia o control do tempo que do espazo. Ou dito doutro modo, o mundo das divisións territoriais dos estados-nación, baixo a forma de colcha feita de retazos, estaría condeado fronte ao mundo das redes, a “sociedade en rede”, como a denominou Castells, e da que, en certo sentido, tamén fan parte as propostas defendidas por Hardt e Negri no seu *Imperio* (1999). Baixo o impacto dos procesos de globalización que “comprimiron” o espazo e o tempo, erradicando as distancias pola comunicación instantánea e promovendo a influencia dos lugares máis distantes uns sobre os outros, o debilitamento de todo tipo de fronteira e a crise da territorialidade dominante, a do Estado-nación, en que as nosas accións se atopan dominadas máis polas imaxes e representacións que construímos que pola realidade material que nos rodea, en que a nosa vida está inmersa nunha constante mobilidade concreta e simbólica –pregúntanos Haesbaert- que queda dos nosos “territorios”, da nosa xeografía?

Se reparamos nas nosas propias experiencias persoais, polo menos aqueles que partillan máis amplamente da globalización en curso, con frecuencia o mundo semella certamente terse “encollido” de xeito sustancial. Deste xeito, emerxe un mundo “sen fronteiras”, no cal se decretou o “fin das distancias”, tanto pola velocidade que os transportes lle permiten ao noso desprazamento físico, como pola instantaneidade que proporcionan as comunicacións (especialmente Internet). Todo isto semella sinalar, na opinión de Haesbaert, unha certa tendencia á desaparición do espazo ou a aparición dun fondo proceso de desterritorialización. Como xeógrafos, estamos preocupados por elucidar as cuestións relacionadas coa dimensión espacial e a territorialidade, en canto compoñentes indisociabeis da condición humana. Por iso para Haesbaert, “decretar unha desterritorialización absoluta ou

o fin dos territorios sería paradóxico, comezando polo simple feito de que o propio concepto de sociedade implica, de calquera modo, a súa espacialización ou, nun sentido máis limitado, a súa territorialización” (Haesbaert, 2004). En última esencia, supón unha tarefa moi complexa o tratar de definir ao individuo, ao grupo, á comunidade ou á sociedade sen inserilos ao mesmo tempo, nun determinado contexto xeográfico.

Noutro lugar xa se ten sinalado que, “nos últimos tempos os estudos espaciais semellan discorrer ao longo de dous vectores de sentido oposto. Asistimos a unha territorialización deficiente das políticas públicas nos países desenvolvidos e á ausencia da espacialidade explícita nas decisións gubernamentais que inciden directamente sobre o territorio. E, ao mesmo tempo, xurde entre a intelectualidade (incluso algúns non vinculados á ciencia xeográfica), a necesidade de contextualizar o discurso e o debate da desorde provocada pola mundialización, nun ámbito diacrónico, espacial e territorial. Deste modo, fronte a unha hipotética crise das concepcións espacialistas nas políticas públicas, reconécese unha reafirmación dos conceptos clave da xeografía (lugar, rexión, nación, identidade ou paisaxe)” (Constenla, 2010).

4.2.- As orixes do esquecemento da espacialidade no marxismo occidental

Moitas posicións de Marx en *O Capital* ou en *O Manifesto Comunista*, revelan claramente a súa preocupación pola cuestión espacial no capitalismo, tanto dende a óptica do campesiñado expropiado, transformado en “traballador libre” e o seu éxodo cara a cidade, como dende a visión do burgués que leva unha vida en constante movemento e transformación ou en que “todo o sólido esbaécese no ar”, segundo a coñecida expresión popularizada por Marshall Berman (1982). Por exemplo (de centos), esta cuestión queda reflexada no seguinte fragmento:

“A burguesía non pode existir senón a condición de revolucionar incesantemente os instrumentos de produción, e con iso todas as relacións sociais (...). Unha revolución continua na produción, unha incesante conmoción de todas as condicións sociais, unha inquietude e un movemento constantes distiguen a época burguesa de todas as anteriores. Todas as relacións estancadas e enmohecidas, co seu cortello de crenzas e de ideas veneradas durante séculos, fican rotas; as novas fanse vetustas antes de ter podido osificarse. Todo o sólido esbaécese no ar, todo o sagrado é profanado, e os homes ao fin ven forzados a considerar sereamente as súas condicións de existencia e as súas relacións recíprocas” (Marx e Engels, 1848)

Esta preocupación sobre o espazo, sobre o territorio ou sobre a espacialidade como organización da sociedade, chega cun inusitado retraso ao universo das ciencias sociais e da

historia da ciencia. De feito, podemos dicir que a pesar da relevancia que a condición espacial dos efectos perversos do sistema capitalista está a tomar no devir vital da humanidade, as disciplinas encargadas da súa análise seguen a conferir maior importancia a outras categorías de análise que ao espazo.

A ausencia da sensibilidade espacial nos estudos da teoría social crítica teñen a súa orixe, probabelmente, no século XIX e foi unha característica central do seu desenvolvemento durante o século XX. Foucault e Lefebvre teñen insitado na epistemoloxía esencialmente histórica da teoría social durante a modernidade⁶⁸. Ese historicismo hexemónico foi tan tremendamente inamovíbel que tendeu a obstruír unha igual sensibilidade crítica da espacialidade da vida social. Fronte a esta idea, existe unha consciencia práctico-teórica que ollou o mundo vital do ser como algo creativamente localizado, non só como unha construción da historia, senón tamén como unha xeografía humana, é dicir, como o ser social activamente posicionado no espazo e no tempo, nunha contextualización explicitamente histórica e xeográfica.

Porén, na década dos 1970, era unha práctica común entre xeógrafos marxistas e sociólogos urbanos argumentar que nos traballos clásicos de Marx, Engels e Lenin, existían poderosas intuicións xeográficas e espaciais pero que tiveran sido feblemente desenvolvidas en xeracións sucesivas⁶⁹. Moitos aproximáronse así á análise espacial marxista en termos de desenvolver e elaborar aquelas observacións clásicas no contexto do capitalismo contemporáneo⁷⁰. Porén, adicouse relativa pouca atención a explicar os motivos polos que a análise espacial permanecera tan feblemente desenvolvida por tanto tempo. Na opinión de Soja, até mediados da década de 1980 o marxismo occidental era equiparábel á ciencia social burguesa ao contemplar a organización do espazo coma un contedor ou reflexo externo da dinámica e da conciencia social. (Soja, 1989). A espacialidade da vida social ficaba externalizada e neutralizada en termos de impacto nos procesos históricos e sociais e era contemplada como pouco máis que un decorado de fondo ou un escenario. En *Postmodern Geographies*, Soja ofrece tres hipóteses sobre esta suposta desaparición da análise espacial no marxismo durante boa parte do século XX:

⁶⁸ Durante a modernidade, a teoría social comprende o mundo, primordialmente, a través da dinámica do posicionamento do ser e do devir sociais nos contextos interpretativos do tempo. Esta concepción derivou fundamentalmente do que Kant chamaba a secuencia e que Marx definiu como a construción da historia. Esa epistemoloxía xenuína reservou un lugar privilexiado para a imaxinación histórica na definición da propia natureza da interpretación crítica.

⁶⁹ Cómpre destacar as obras de Friedrich Engels *La situación de la clase obrera en Inglaterra* de 1845 e *Contribución al problema de la vivienda* de 1873.

⁷⁰ Neste sentido, destacan a análise de David Harvey da xeografía da acumulación capitalista (1975) e (1982) ou o traballo de Jim Blaut sobre imperialismo e nacionalismo (1975). Tamén é salientábel o traballo da publicación periódica *Antipode* (R. Peet) ou as reflexións elaboradas polos membros da Unión de Xeógrafos Socialistas.

1. A tardía aparición dos *Grundrisse*. Os *Grundrisse* de Marx, cuxa tradución non se difundiu con amplitude até bastante despois da II Guerra Mundial⁷¹, conteñen probabelmente máis análise xeográfica explícita que ningún outro dos seus escritos (Soja, 1989). É sabido que Marx nunca completou os seus plans para os volumes subseguintes de *O Capital* que debían tratar do comercio mundial e da expansión xeográfica do capitalismo, cuxo posíbel contido tan só ficou bosquejado nos *Grundrisse*. Sendo así este feito, o énfase púxose na teorización de sistema pechado de carácter fundamentalmente aespacial, dos volumes I e II de *O Capital*. Porén, estas dúas primeiras “entregas”, a pesar de estar poboadas por numerosas ilustracións de carácter histórico-xeográfico que afortalaban o conxunto das argumentacións, semellan permanecer concentradas nos supostos simplificados dunha economía nacional pechada sistematicamente estruturada, como se existira nunha pequena chaira isolada e isotrópica. Pola contra, os volumes posteriores (III e adicionais) tiñan que aportar concrecións á teoría de Marx, presentando proxeccións cara fóra da análise xeográfica e histórica dos mercados mundiais, do colonialismo, do comercio internacional ou do papel do estado entre outras cuestións.

A principios do século XX, a teoría do imperialismo e as conceptualizacións asociadas aos procesos de desenvolvemento desigual, convertéronse no principal contexto da análise xeográfica dentro do marxismo occidental, grazas, fundamentalmente ás contribucións de Bukharin, Lenin, Luxemburg e Trotsky entre outros. Existía unha problemática espacial implícita nesas teorizacións sobre o imperialismo, pero estaba practicamente apoiada, primordialmente, no simple recoñecemento dunha limitación física en relación á expansión xeográfica do capitalismo. Para a maioría dos grandes teóricos, eses límites xeográficos do capital tiñan pouca probabilidade de converterse nunha cuestión aceptada, porque a revolución social interviría moito antes de que o Planeta no seu conxunto se transformase nunha realidade uniformemente capitalista. Porén, os procesos de desenvolvemento xeograficamente desigual foron recoñecidos e tomados en valor na axenda teórica e política por unha nova xeración de figuras como Wallerstein, Amin, Enmanuel, Palloix, Hymer e, nomeadamente, Ernest Mandel.

2. As tradicións *antiespaciais* no marxismo occidental. A incapacidade de desenvolver a importancia espacial inherente á obra de Marx e a outros traballos posteriores sobre a expansión xeográfica do capitalismo, como as interpretacións igualmente espaciais da antítese campo-cidade, que aparecen de xeito tan suxerente en *La ideología alemana* e en outros textos de Marx, tamén pode ser relacionada a unha profunda tradición de anti e aespacial (Soja, 1989). Paradoxalmente, esta tendencia a rexeitar as explicacións

⁷¹ Os seus dous volumes foron publicados inicialmente en ruso en 1939 e 1941. A primeira edición alemana apareceu en 1953, e a primeira inglesa en 1973. No ano 1970 é publicada unha versión en castelán.

xeográficas da historia e da realidade social, xurde, tal vez, no propio Marx, como resposta á dialéctica hegeliana.

Dende diversos aspectos, Hegel e o seu pensamento promulgaron unha poderosa ontoloxía e fenomenoloxía do “espacial”, que veu a reificar e a converter nun “fetiche” o espazo baixo a forma do Estado territorial, locus e medio da razón mellorada. Como sinala Lefebvre en *La producción del espacio* (1974), o tempo histórico, para Hegel, cristalizouse dentro da racionallidade inminente do espazo como “idea de Estado”. Deste xeito, o tempo foi subordinado –como tentativa- ao espazo, pasando a propia historia a ser dirixida por unha sorte de “espírito territorial”; o Estado. O anti-hegelianismo de Marx non se restrinxiu a unha crítica do idealismo, foi tamén unha tentativa de reestablecer a historicidade –a temporalidade revolucionaria- en supremacía sobre a espacialidade. Dese proxecto xurdiu unha sensibilidade e unha resistencia vigorosa á afirmación do espazo, dando lugar a posicións de determinación histórica e social que aparece en case a totalidade do textos de Marx (Soja, 1989).

A posibilidade dunha “negación da negación”, dunha recombinação non priorizada da historia coa xeografía, do tempo co espazo, foi enterrada baixo as codificacións subseguintes á teoría marxista do fetichismo. Foi amplamente estendida e aceptada a idea dunha dialéctica do seo do materialismo histórico que contextualizaba á humanidade a través da súa propia construción histórica. Porén, cando se trataba de aplicar unha dialéctica espacial –mesmo de corte materialista-, traducida na mesma humanidade dando lugar ás súas xeografías condicionadas polo modo de produción, entón, supoñía un corpo teórico inaceptábel. Esa forma do antiespacial, atopa, se cadra, o seu discurso máis ríxido en Lukács, onde a consciencia espacial é presentada como “a epítome da reificación, como falsa consciencia, manipulada polo Estado, polo capital para desviar a atención da loita de clases” (que, por certo, dábase nalgún lugar concreto).

Esta tradición antiespacial serviu perfectamente para resistir aos numerosos ataques ao marxismo e á clase traballadora fundamentados na reificación espacial; ataques propostos por Le Corbusier no seu “Aquitectura ou Revolución” ou, con outro sentido, polo pensamento fascista na Europa de primeiro terzo do século XX. O que os marxistas fixeron foi vincular eses ataques, que defendían dalgún xeito as análises espaciais e a explicación xeográfica, co fetichismo e coa falsa consciencia. Para Soja esta tradición ten condicionado e interferido no desenvolvemento dunha análise espacial marxista, como tamén foi parcialmente responsábel da confusión característica que limitou a formulación dunha teoría marxista do Estado, do nacionalismo e da política local (Soja, 1989).

Finalmente, cómpre facer mención ao carácter antiespacial do dogmatismo marxista; tal e como emerxeu da II Internacional e se consolidou no estalinismo. As cuestións espaciais, entre moitos outros aspectos da teoría da práctica marxista, foron abordadas a través do prisma dun reduccionismo económico estéril. O marxismo foi transformado nun científicismo positivista baixo a orientación de Stalin, enfatizando a crenza no pensamento tecnocrático e na causalidade estritamente económica das relacións entre a base e a superestrutura. A cultura, a política, a ideoloxía, a consciencia e, xunto con elas, a produción de espazo foron cuestións que ficaron reducidas a simples reflexos ou soportes da base económica. Segundo Soja, “a espacialidade foi absorvida no economicismo, á medida que se rompeu a súa relación dialéctica con outros elementos da existencia material” (Soja, 1989).

3. As transformacións nas condicións da *explotación capitalista*. A negligencia inicial e o posterior rexurdimento do interese pola problemática espacial no pensamento marxista poden constituir, despois de todo, un reflexo das transformacións das condicións materiais. Lefebvre argumentou en *El pensamiento marxista y la ciudad* (1972), que, durante o século XIX e o comezo do XX, a problemática espacial foi simplemente menos importante que no tramo das décadas finais do século XX en relación á explotación da man de obra e á reprodución dos medios de produción esenciais. Nas condicións dun capitalismo industrial competitivo, as máquinas, as mercadorías e a forza de traballo, eran reproducidas dacordo cunha regulación social específica (contratos de traballo, lexislación civil, acordos tecnolóxicos) e cun aparello estatal de control (policía, exército, poder xudicial). A produción do espazo era entón directamente moldeada á imaxe do poder do(s) mercado(s) e do Estado. A estrutura espacial da cidade capitalista industrial, por exemplo, repetíase interminabelmente na súa forma concéntrica, na procura dunha maior funcionalidade e asegurando unha estrita segregación das clases sociais.

A explotación e a reprodución social estaban primordialmente inseridas nunha matriz temporal que era fácil de manipular. Neste sentido, pódese lembrar que o índice de explotación constitúe, na proporción establecida por Marx entre a plusvalía e o capital variábel, unha expresión derivada da teoría do valor e da súa medición en termos do tempo de traballo socialmente útil. É dicir, isto supón, ao igual que a taxa de beneficio, unha visión sistémica pechada das relacións de produción capitalista, desprovista de diferenciacións e desigualdades espaciais significativas. Alén diso, tendo en conta que densidade dos procesos de urbanización que conleva o capitalismo industrial, a reprodución de man de obra (forza de traballo), emerxeu como unha cuestión menos crucial que o propio proceso de explotación directa a través das políticas salariais que

estaban dirixidas cara a simple subsistencia e cara a dominación do capital sobre o traballo. Na extracción da plusvalía absoluta, a organización social do tempo consolidouse como un aspecto máis importante que a organización social do espazo (Soja, 1989).

Pola súa banda, no capitalismo contemporáneo (postindustrial ou tardío), modificáronse as condicións subxacentes á pervivencia do capitalismo. A explotación do tempo de traballo continua a ser a fonte primordial da plusvalía absoluta, estando agora matizada (a distintos niveis de intensidade segundo o sector económico) pola redución da xornada laboral, do establecemento dun salario mínimo interprofesional, dos acordos sindicais e outras conquistas laborais e sociais. Sendo así, o capitalismo veuse “forzado” a deslocalizar cada vez máis as súas actividades e puntos de produción para a consecución da plusvalía relativa, a través de transformacións tecnolóxicas, de mudanzas na composición orgánica do capital, do papel cada vez máis marcante do Estado ou das transferencias do excedente, asociadas á inclusión do capital en esferas e áreas non estritamente capitalistas⁷². Este feito esixiu a construción de sistemas globais, coa finalidade de garantir e regular a cadea de reprodución das relacións sociais da produción (Soja, 1989). En consecuencia, nos últimos decenios do século XX, a cuestión espacial foise revelando a cada paso máis importante e así o sinalou Lefebvre, lembrando a mudanza entre a temporalidade e a espacialidade do capitalismo; “a industrialización, antes produtora do urbanismo, é agora producida por el”.

David Harvey publica no 1981 (8 anos despois de *Social Justice and the City*) un artigo na revista *Antipode* titulado “La solución espacial: Hegel, Von Thunen y Marx”⁷³. Neste traballo, Harvey trata de explicar as respostas que Von Thunen e Marx dan a unha cuestión que Hegel –supostamente– deixou sen fechar: por que a expansión xeográfica e o dominio territorial do colonialismo e do imperialismo, resultan tan útiles para a estabilización do capitalismo. Cada un dende o seu contexto tratan de abordar as contradicións internas que Hegel descubriera entre o capital e o traballo na súa obra *Principios de la filosofía del derecho*. Para Hegel o proceso de acumulación de capital en poucas mans resulta un proceso antagónico con respecto ao incremento da pobreza e do desemprego que xurde froito da mecanización da produción. Estas contradicións son detectadas e admitidas polos tres autores que asumen que “a man invisíbel” do mercado non é quen por si mesma de establecer un ambiente estábel de modo interno nin de harmonizar os intereses opostos e o egoísmo individual. Como sinala Harvey, estes tres autores parten de premisas comúns: consideran o

⁷² Soja sinala que este proceso posúe dúas lóxicas: unha de carácter interno, intensificando e acelerando a produción, e outra, externo, que ten ver coa expansión xeográfica cara rexións menos industrializadas do Planeta (Soja, 1989).

⁷³ Publicado en 2007 na súa versión en castelán na obra *Espacios del capital: hacia una geografía crítica*.

traballo humano fundamental e ollan a alienación entre o traballo e o seu produto como fonte dos males que deben superar, céntranse nos antagonismos de clase e introducen a idea das transformacións internas e externas como medio para restaurar a estabilidade social e de eludir as crises capitalistas.

Tanto Von Thunen como Marx optan por unha resposta de base espacial para retrucar a cuestión non fechada por Hegel. Von Thunen centra a súa solución no salario fronteira mentres que Marx vai recurrir ao colonialismo. Para Harvey, Von Thunen cambia da consideración explícita da organización espacial nos seus primeiros traballos a posteriores formulacións profundamente aespaciais. Aínda que sostén que o Estado “verdadeiramente ético” non debería poñer obstáculos á mobilidade xeográfica do capital e do traballo, enfróntase ás realidades do intervencionismo estatal e o mercantilismo de Prusia expresados nun contexto de incipiente nacionalismo alemán (Harvey, 2007). Como Hegel antes que el, vese en consecuencia obrigado a buscar unha transformación interna que mitigue o conflito de clases e a polarización social dentro dos confíns dunha sociedade civil determinada e dese xeito a fronteira vaise converter nunha fronteira analítica de prezos dos factores, calibrada en relación coa produtividade marxinal dos diferentes factores de produción dentro dunha economía pechada. A verdadeira lección que sacaron disto os economistas neoclásicos posteriores (nomeadamente Marshall) é que a ciencia económica podía buscar e detallar os principios da harmonía social sen apelar á economía política da solución espacial. A ciencia económica, como máis tarde denunciaría Walter Isard, abandonou a partir de entón toda consideración seria do espazo e aceptou a sentenza de Marshall de que “a influencia do tempo é máis fundamental que a do espazo” (Isard, 1956). Pero o deixar de considerar a solución espacial tamén foi crucial para dismantelar a economía política tradicional. As relacións espaciais convertíronse en reserva exclusiva da teoría política, que separou toda relación directa coas realidades diarias da circulación do capital e as súas contradicións, e introduxo unha teoría “organicista” do Estado (Harvey, 2007).

Pola súa banda, Marx, a pesar de ser absolutamente consciente da unidade subxacente dos asuntos políticos e económicos, así como da dinámica planetaria do capitalismo, excluíu a consideración específica da solución espacial baseándose en que integrar na teoría as cuestións do comercio exterior, da expansión xeográfica e do desenvolvemento desigual, “tan só complicaba as cousas sen engadir necesariamente nada novo” (Harvey, 2007); sendo así a súa preocupación suprema a de revelar a natureza da dialéctica interna do capitalismo. En todo caso, o avance da teoría e práctica marxista obrigou a diversos autores –algúns xa nomeados-, nun contexto de expansión imperialista e de guerra, a abordar nunha análise sistemática e explícita a cuestión espacial. Bujarin, Lenin ou Luxemburgo, avanzando en sentido exactamente oposto á corrente predominante dos teóricos burgueses, traballaron por sacar a súa teoría do molde aespacial de Marx e dese xeito tentaron preservar a análise

político-económica axeitada á súa realidade. Ao facelo, crearon un novo imaxinario dentro da tradición marxista, un imaxinario que unifica drasticamente os temas da explotación capitalista e a solución espacial. Este discurso conseguiu edificar un corpo teórico poderoso e para Harvey mesmo ameaza con substituír a interpretación da dinámica interna do capitalismo.

A porta que Hegel abriu continúa aberta. Atravesala supón aceptar que a tensión entre as transformacións internas e externas constitúe o centro do interese teórico. Para Harvey un profundo estudo de dita tensión vai cubrir o baleiro entre a teoría marxiana da acumulación (exposta, na súa maior parte, en termos temporais) e a visión que Lenin presentou da xeografía histórica do imperialismo capitalista. Unha reconstrución dos textos de Marx sobre a solución espacial, sinala non obstante, que apreciaba as potencialidades e as limitacións de dita solución con moita maior profundidade do que moitos autores lle confiren. Pola mesma razón, tras unha lectura atenta de Lenin, suxire Harvey, pódese concluir que a súa teoría do imperialismo está moito máis profundamente enraizada na teoría marxista da acumulación do que parece a simple vista.

Efectivamente, a plena derivación da teoría de Lenin a partir de Marx, require cando menos dous pasos fundamentais. Por unha banda, débese proporcionar unha base material ás forzas que, diante da mobilidade xeográfica do capital e da forza de traballo, producen e sustentan as alianzas de clase dentro dunha sociedade civil territorialmente delimitada. O segundo paso será demostrar en que medida ditas alianzas de clase, aínda que fundamentalmente inestábeis, poden critalizar en torno ás configuracións relativamente ríxidas do poder político e militar exercido mediante o aparello estatal.

Por tanto, a cuestión do espazo na tradición marxista, semella ter o seu maior esplendor nas aportacións dalgúns autores (destacadamente Lenin) que enxertan en Marx apreciacións complementarias sobre as contradicións externas do capitalismo desencadeadas pola realidade de guerra interimperialista. Neste sentido, para Harvey, non se trata simplemente de aceptar que as contradicións do capitalismo non poden, a longo prazo, apaciguarse recurrido ao imperialismo, senón que existen nas análises nexos nos que se admite que as transformacións internas e externas do sistema presentan conclusións alarmantes (Harvey, 2007).

A este respecto Harvey sentencia:

“O que Marx non prevé en ningún lado, pero Lenin resalta, é a conversión deste proceso (crise de sobreacumulación-devaluación) en loitas económicas, políticas e militares entre Estados-nación. En momentos de devaluación salvaxe, a búsqueda de solución espacial

convírtese en rivalidades interimperisitas sobre quen debe soportar o impacto da devaluación. A exportación do desemprego, da inflación, da capacidade productiva ociosa, convirte as opcións nun xogo sucio. As guerras comerciais, a competencia desleal, os aranceis, os cupos, as restriccións ao fluxo de capitais e ao comercio exterior, as guerras de tipos de interese, as políticas de inmigración, a conquista colonial, o sometemento e a dominación de economías tributarias, a reorganización forzosa da división do traballo dentro dos imperios económicos e, por último, a destrución física e a devaluación forzosa do capital da nación rival mediante a guerra, son algunhas das opcións dispoñibles” (Harvey 2007).

Acaso non constitúe toda esta lista de “solucións espaciais” unha achega para comprender a realidade social desde un punto de vista crítico dende a ollada espacial? Será este precisamente o discurso que a Teoría Social Crítica precisa poñer en valor para construír un imaxinario dende as relacións externas do sistema que acolla en pé de igualdade a produción do espazo? Veremos a continuación como para algúns autores, segue a ser insuficiente.

4.3.- O xiro cultural e a reinvenção do imaxinario espacial

Levamos insistido ao longo deste estudo que, na opinión de Soja (1989), a citada transformación proposta por Foucault dunha era centrada no tempo por outra que privilexia o espazo, ubicada no paso do século XIX ao XX, en verdade debería ser trasladada cara finais do século XX, xa que “a medida que nos aproximamos ao fin de século (...), as observacións premonitorias de Foucault sobre o xurdimento dunha era do espazo asumen unha forma máis razoábel(...). A xeografía tal vez non teña desaloxado á historia do núcleo principal da teoría e da crítica contemporáneas, pero existe unha nova e estimulante poémica na axenda teórica e política, una polémica que anuncia formas significativamente diferentes de ver o tempo e o espazo xuntos, a interacción da historia coa xeografía, as dimensións verticais e horizontais do ser-no-mundo, libres da imposición do privilexio categórico intrínseco” (Soja, 1989).

Aínda que algúns autores se teñan aliado con Foucault para insistir nun reequilibrio da priorización do tempo con relación ao espazo, non ten acontecido ningunha mudanza hexemónica que permita ao ollar crítico pronunciarse espacialmente coa mesma aguda profundidade de visión que provén do foco do tempo. No ano 1989, Edward Soja aseguraba que “ a hermenéutica crítica aínda está envolta nunha narrativa mestra temporal, nunha imaxinación histórica, porén, aínda non equiparábelmente xeográfica” (Soja, 1989). Neste sentido, as apreciacións de Foucault, cando sinalaba que o espazo foi tratado como o morto, o fixo, o non dialéctico e o inmóbel; mentres que o tempo, pola contra, era a riqueza, a

fecundidade, a vida e a dialéctica (Foucault, 1980), seguen a ter unha relativa vixencia e constituíu unha reveladora retrospectiva para os últimos douscentos anos.


Pola altura do fin do século XX, estas observacións premonitorias de Foucault sobre a emerxencia dunha era do espazo, asumen un papel máis razoábel. En *Postmodern geographies*, Soja sinala que neste período, os contextos material e intelectual da moderna teoría social comezaran a se modificar drasticamente. Nos anos 1980 (precisamente, como se verá despois) as irreductíbeis tradicións do historicismo que trataban á xeografía como a irmá pobre das ciencias sociais, comezan a seren cuestionadas polas demandas converxentes dunha ampla espacialización da imaxinación crítica. En palabras de Soja, “unha xeografía humana nidiamente posmoderna e crítica ven tomando forma, reafirmando impetuosamente a importancia interpretativa do espazo nos coníns historicamente privilexiados do pensamento crítico contemporáneo” (Soja, 1989). Como oráculo, Soja defendía que existían, naqueles 1980, evidencias da existencia dunha “nova e animadora polémica” na axenda teórica e política. Unha política que anunciaba xeitos significativamente diferentes de ver o tempo e o espazo xuntos: interacción da historia coa xeografía ou o que Soja denomina as dimensións “verticais” (tempo e “horizontais” (espazo) do ser-no-mundo, liberadas das imposicións do privilexio categórico intrínseco favorábel ao sincrónico.

Falaremos máis adiante do xurdir das xeografías posmodernas e do pretendido papel crítico que lle confire Soja, mais agora cómpre que profundicemos un pouco mais de vagar no proceso de silenciamento ao que a espacialidade foi sometido polo historicismo. Neste sentido, o certo é que hoxe aínda non estamos suficientemente seguros de que o proceso de espacialización na teoría social crítica sexa unha realidade asumida e, en consecuencia, resulta moi complexo expoñer unha sólida epistemoloxía ao respecto.

Para proceder a unha lectura crítica da conceptualización moderna do espazo que se emprega nas ciencias sociais dende un punto de vista máis teórico-epistemolóxico que metodolóxico-técnico, convén reparar no concepto de arqueoloxía nos sentido foucaultinao do termo que implica considerar dita temática dende unha posición máis ampla do sistema de poder-saber. En efecto, para algúns autores Michel Foucault é considerado como un “arqueólogo da modernidade” xa que ao longo da súa obra amosa como, dentro dunha situación histórica concreta, a emerxencia dun novo sistema de saber (orde burgués, ilustrado ou da modernidade), implica unha determinada tecnoloxía política que se resolve nunha estratexia específica de produción (Foucault, 1978). Agora ben, ese xigantesco mecanismo de produción da realidade social mobiliza recursos de moi diferente estilo, dende a emerxencia das ciencias humanas até a creación de espazos sociais determinados.

Concretamente, Foucault, amparado no principio de que as técnicas de poder téñense inventado para respostar ás esixencias da produción, examinou a relación entre poder e construción do espazo a través da utopía arquitectónica do *Panóptico*⁷⁴ do arquitecto utiliritarista J. Bentham, describindo de qué modo un modelo de organización espacial modela ao individuo. Noutro punto, revisa cómo a orde burguesa construiu aqueles individuos que precisaba (obreiros-soldados-escolares-presos-funcionarios) a través dunha ordenación das súas vidas privadas operadas a través da construción do espazo doméstico, e así enuncia os principios fundamentais nos que se podería basear unha xeografía das *orixes da casa moderna*, na que ésta aparece como o recurso dunha nova tecnoloxía do poder e que, co seu énfase na intimidade compartimentada, é inseparábel do novo concepto da humanidade que desenvolve a modernidade (Foucault, 1986).

Imaxe 4.1.- Deseño do panopti3n de Bentham



Fonte: Foucault, 1986

Deste plantexamento, xurden varias consecuencias relativas ao espazo de grande relevancia das que podemos detallar tres:

- A. En primeiro lugar, a través de Foucault, faise evidente non só a íntima relación entre espazo, pensamento e sociedade, senón que, alén do recoñecemento desa circunstancia, se percibe que a construción do espazo aparece como unha parte

⁷⁴ Trátase dun centro penitenciario imainario deseñado polo arquitecto Jeremy Bentham en 1791. O concepto deste deseño permite a un vixiante observar (-*opti3n*) a todos (*pan-*) os prisioneiros sen que éstos podan saber se están sendo observados ou non. Foucault considerou este deseño como un exemplo dunha nova tecnoloxía de observación que trascendería ao Exército, á educación e ás fábricas.

esencial do proceso social de construción da realidade realizada por un determinado sistema de saber e que resulta, do mesmo xeito, compatíbel coa organización socioeconómica e coa definición de individuo vixente nese contexto. Isto significa, en conclusión, que o espazo é ante todo un sistema histórico e político

- B. En segundo lugar, pódese admitir que esta relación, que Foucault estuda dentro das sociedades europeas posteriores ao século XVII, reaparecerá en calquera cultura que consideremos. Isto supón recoñecer que o espazo, en vez de ser unha entidade física “xa dada”, estática e mera ecoloxía, constitúe tamén unha construción social, imxinaria, en movemento continuo e enraizada coa cultura.
- C. En terceiro lugar, ao recoñecer que o concepto de espazo que emprega a nosa cultura supón unha categoría dotada dun valor determinado polo noso sistema de poder-saber, impónse a evidencia de que, neste sentido, non pode ser empregado sen máis para esbozar reflexións sobre o espazo en culturas distintas da nosa. Cando menos, habería que ter presente esta posibilidade como hipótese de partida e tratar de descubrir de que modo este concepto contextual do espazo podería interferir no estudo doutros espazos.

Resulta necesario pois, seguindo o plantexamento foucaultiano, por unha banda, examinar a situación do concepto de espazo dentro do sistema do saber, observando as súas relacións e correspondencias con outros argumentos do pensamento e, por outra, relacionar ese concepto de espazo cunha particular dinámica socioeconómica, ou retomando a terminoloxía de maior resolución empregada por Foucault, considerar a utilidade do espazo dentro do sistema de poder da orde burguesa, atendendo ás íntimas relacións que se dan entre esa categoría e o concepto de produción.

A pesar da relativa importancia que tivo o tema do espazo, dentro do pensamento occidental subsistiu unha certa miseria en relación ás reflexións sobre a espacialidade, que amosan que tanto onte coma hoxe tense evitado considerar ao espazo como un problema histórico-político (Foucault, 1980). Pola contra, o espazo foi normalmente entendido ou ben coma un problema natural (xeográfico en sentido tradicional), ou ben coma un mero lugar de residencia ou expenación dun pobo ou Estado. Deste xeito, o espazo ficou abocado á súa comprensión baixo categorías deterministas e ecolóxicas, ou ao seu emprego como territorio de dominio e explotación; “en suma, analizábase ou ben como *solo* ou ben como *aire*, o que importaba era o *sustrato* ou as *fronteiras*” (Foucault, 1986). Agora ben, esa noción de espazo non resulta nin inocente nin accidental, senón que, definida como está por unha base e o seu límite, configura en realidade a idea do espazo capitalista e moderno e se concreta como condición infraestrutural necesaria, ou polo menos conveniente, para o desenvolvemento da revolución industrial e do capitalismo (Harvey, 1989).

Pola súa banda, Baudrillard ilustra como a creación dun concepto de *natureza* que non existía con anterioridade, no século XIX constitúe o revés da entrada da natureza na era da súa dominación técnica e constitúese, acompañada da escaseza, no anverso do concepto fundamental da orden burguesa e da súa economía política: a produción (Baudrillard, 1983). A partir deste momento, imponse un modelo de natureza como territorio para o exercizo da produción e do sistema capitalista. Deste modo, o concepto se desdobra nunha “natureza boa”, dominada, medíbel e racionalizada (aquela que serve de referencia ideal á cultura) e una “mala”, hostil, ameazane, descoñecida, inconquistábel (daquela), catastrófica ou contaminada.

Esta mesma xenealoxía de pensamento e contexto socio-económico subxacen ao proceso que Foucault define como instauración do “bio-poder”⁷⁵, e no que a sexualidade xoga un papel protagonista ao xerar unha nova “anatomía política do corpo” que, reforzando o proceso de individualización desenvolvida polas sociedades disciplinarias, se converte nun elemento indispensable no desenvolvemento do capitalismo, xa que dito sistema só se pode afirmar ao prezo da inserción controlada dos corpos no aparello de produción, xunto cun axuste dos fenómenos poboacionais a ritmo dos procesos económicos (Foucault, 1980). Neste sentido, como reflexión sobre o contorno, a concepción do espazo e o concepto de espazo xeográfico están en harmonía cun sistema que precisa crer que a natureza supón unha inimiga da cultura, como paso previo para “declararlle a guerra” e explotala para producir máis. Esta consideración de espazo como natureza-para-explotar redúce o á condición de territorio, é dicir, ao conxunto de materiais de traballo (a cidade, o campo, a comarca, a parcela, entre outros elementos). Quani (1979) critica con dureza esta posición que ao seu criterio, implica un concepción de espazo como medio “dominado ou xerado polo home”. A relación da humanidade coa natureza vai sendo cada vez máis de dominación e control, por moito que o deploren os “amantes da vida natural”. Outro xeógrafo, Chorley, chegou a sinalar que se trata dunha relación “entre un dono e señor, que constantemente se vai facendo máis numeroso, poderoso e progresivo, e un enorme servo, cada vez máis vulnerábel e conservador” (Chorley, 1975).

Este tipo de mención do espazo que da ben exemplificada nas palabras do xeógrafo Olivier Dollfus, quen lembra que o espazo xeográfico como obxecto localizábel, concreto ou “trivial”, supón o soporte dun sistema de relacións organizadas que proceden ben do medio físico, ben das sociedades humanas (Dollfus, 1976). Trátase dunha visión simplista, denominada por algúns autores como funcionalista, no sentido en que os feitos económicos e sociais orixinan unha orde xeométrica, espacial, a través da que se traducen inequivocamente.

⁷⁵ O “bio-poder” como nova tecnoloxía de poder quere dicir que a “vida entra na historia”, que “os fenómenos propios da vida e da especie humana entran na orde de saber e de poder”. A partir dese momento a vida aparecerá no campo do saber baixo a dobre e contradictoria dimensión do “entorno biolóxico da historia) e do “interior da historicidade humana”. Isto levará a que numerosas disciplinas que tratan dende a saúde, a hixiene ou a alimentación, ate as condicións de vida ou o entorno podan presentarse como outras tantas tecnoloxías políticas. (Foucault, 1980)

Sobre esta presunción, que foi posta en discusión por certas ramas da Nova Xeografía⁷⁶, apóianse a maior parte das aplicacións clásicas da arqueoloxía espacial⁷⁷ (Criado, 1999).

4.4.- A visión do materialismo histórico-xeográfico como alternativa

Tal e como temos sinalado, foi unha práctica habitual da tradición científica nas Ciencias Sociais durante os séculos XIX e XX privilexar o tempo e a historia por enriba do espazo e a xeografía. Autores Marx, Weber e Durkheim foron boa mostra influídos, se cadra, pola época na que lles tocou vivir. Porén, en determinado xeito o “espazo xurdíu primeiro” en forma de obstáculo á creación do grande mercado mundial. O propio Marx lembra no *Grundrisse* que a abolición do espazo mediante o tempo significa “reducir ao mínimo o tempo que require o movemento dun lugar a outro” (Marx, 1970 versión español). Neste sentido, David Harvey sinala que Marx non andaba desencamiñado ao subordinar o espazo ao tempo, pois iso –exactamente- é o que “se ten producido”: o espazo foi superado polo tempo, e o dato primario desta mudanza é a aceleración dos intercambios, “o veloz frenesí da maquinaria mercantil de exportación e importación (Harvey, 1985).

A aportación de Harvey a este debate pode e debe calibrarse, na opinión de Frédéric Neyrat, dende o instante no que é unha evidencia que para *destruír* o espazo, o capitalismo precisa *producir* espazo. Efectivamente, Marx non se equivocaba, pero el non o podía saber; “de telo sabido percataríase, como bo dialéctico, de que a verdade da súa teoría estálle a ocultar a teoría da súa verdade” (Neyrat, 2012). Neste sentido, unha “xeografía histórica do capitalismo”, asociada a un “materialismo histórico-xeográfico” atento a esta dialéctica das contradicións –tal como ilustra o caso de Marx- debe render conta de tal organización espacial; noutras verbas: “a organización espacial faise necesaria para a superación do espazo” (Harvey, 1989). En *The Condition of Posmodernity*, Harvey pon patas a arriba a fórmula de Schumpeter sobre a “destrución creadora”, considerando que é o proceso de produción do espazo o que posibilita a súa abolición. Así, en certo modo, Harvey toma de xeito literal o que Debord –que, como “situacionista”, non era indiferente á cuestión espacial- escribe sobre o capitalismo en *La sociedad del espectáculo*: “pode e debe reconstruír neste momento a totalidade do espazo como decorado propio” (Debord, 1967).

Resulta amplamente extendida a idea de que este enfoque en termos de contradicións espaciais (producir espazo para destruír espazo e viceversa) constitúe un punto de partida

⁷⁶ Por exemplo, Paul Claval (1981), denuncia como algún xeógrafos de finais dos anos 1970, aínda pretendían defender este problema aumentando os datos documentais, perfeccionando os modelos e métodos matemáticos e destacando a imperfección do home e a irracionalidade dos seus actos como xeito de xustificar a imposibilidade de concebir explicacións normativistas.

⁷⁷ Segundo Felipe Criado (1999), esta noción é rexeitada por todos aqueles arqueólogos máis preocupados por definir un “espazo social” que por recoñecer un “espazo formal”. Neste sentido, lembra que a territorialidade dunha sociedade non é o seu reflexo, xa que se trata da súa base e do seu efecto.

indispensábel para comprender a lóxica da acumulación capitalista, a pesar do pouco interese que suscitou na ortodoxia das Ciencias Sociais (Neyrat, 2012). Así e todo, cómpre lembrar que para moitos autores, esta contradición pode esconder outra máis profunda, convertíndoa nun mero efecto de superficie. Noutras palabras poñen en dúbida a potencia argumental da contradición espacial para explicar a magnitude dos procesos da configuración do capitalismo.

Para acelerar o tempo, é dicir, os intercambios, e así abolir o espazo, cómpre dispor da infraestrutura requirida por esta aceleración: medios de transporte, liñas ferroviarias ou tecnoloxías axeitadas, entre outras. Ditas tecnoloxías deben ser implantadas e lembremos que mesmo Internet (a rede de redes, coa súa connotación etérea) esixe unha materialización (nalgún lugar deben estar os servidores e demáis “hardware” de apoio á “nube”). Esa implantación desenvólvese case sempre nun núcleo propicio para os ámbitos económico e social, nunha cidade, nunha rede de cidades, nunha área metropolitana ou nunha rexión, por exemplo. Harvey sinala, neste sentido, que a “continuidade de fluxos esixe configuracións espaciais fixas” establecendo unha contradición fundamental. En efecto, aínda que o capitalismo precise implantarse nun espazo para configurar o mercado e os fluxos asociados, a “coherencia estrutural” que demanda –e que ordena e planifica a produción e o consumo, a oferta das mercancías e a demanda de traballo, as formas da loita de clases, a cultura e así todos e cada un dos eslabóns da organización social- non é quen de se manter demasiado tempo. A produción capitalista tende á sobreacumulación, á procura de novos mercados, a desembocar en novos territorios, á superación de fronteiras e, neste sentido, á destrución de toda estabilidade rexional ou de toda “coherencia estrutural”.

A cuestión máis importante pasa a ser entón: como pode manterse algún tipo de coherencia rexional? Resposta: mediante algunha reprodución dun “capital espacial fixo”, unha verdadeira “chapuza”, na opinión de Nicolas Vieillescazes; unha “solución improvisada”, un “truco” que, en definitiva, non resolve nada, pero que durante un tempo, favorece o desenvolvemento do capitalismo –antes de que as tensións e as contradicións afloren de novo á superficie-.

Neyrat observa nesta tese xeral da contradición espacial para a configuración do capitalismo algúns puntos fracos, xa que, na súa opinión, cando Harvey insiste na necesidade de prestar atención aos obxectos e á xeografía para comprender que a capacidade para zafarse do espazo depende da produción do espazo, percibindo así o paradoxo fundamental, está formulando unha interpretación unívoca do concepto mesmo de espazo. Explica Neyrat: “por unha parte, teríamos as infraestruturas sociais e físicas fixas, sólidas e en grande medida inmoibeis; por outra, os fluxos. E estes acabarán por erradicar todo o inmóbil e estábel, exportándoo ou destruíndoo” (Neyrat, 2012), mesmo mediante a guerra, se for preciso. Neyrat

plantexa que se levamos ao extremo a esta dualidade (espazo fixo “inmóbil” – fluxo “móbil”), seguramente non resulta válida, xa que, ao seu ver, o modo de produción dun espazo “abocado á desaparición” conforma ese espazo como algo *xa* destruído, *xa* consumido e *xa* fluidificado (Neyrat, 2012). Velaquí unha clara “curvatura” do espazo, retomando ás visións filosóficas.

Neste sentido, Harvey semella non equivocarse ao afirmar que o capitalismo produce espazo. A cuestión pola que se interroga Neyrat é sobre o tipo de espazo que produce o capital. O que, na súa opinión, Harvey semella esquecer é que se trata dun espazo desechábel, un “junkspace”, que lembra ás concepcións urbanas contemporáneas ilustradas polo arquitecto Rem Koolhaas entre outros. É dicir, o capitalismo produce espazo “sen producir lugares”, ou tamén, o capitalismo produce non-lugares ao producir espazos programados para a produción (Muñoz, 2010). En efecto, un lugar pode ser definido como asimilación simbólica do espazo, inscrito nunha dimensión lingüística (e non só sinalética), histórica (e non só utilitaria) e pública (e non só publicitaria). Mentres que o espazo é métrico, o lugar defínese por unha cualidade non métrica –como sinala o xeógrafo francés Jacques Lévy: un lugar é un “espazo definido pola non-pertinencia da distancia no seu seo”-.

Para Neyrat, non semella que se dea no capitalismo unha verdadeira contradición: “habería contradición se a arquitectura non fora destronada polo urbanismo e polos seus módulos repetitivos, se o espazo producido polo capitalismo revelara algunha vocación de perdurabilidade” (Neyrat, 2012). O capital ten como simple obxectivo fixar un tempo nun espazo que xa non conta para nada (e todo está xa preparado para o seu desartellamento). Noutras verbas máis ilustrativas: “o espazo do capitalismo non tivo lugar” (Neyrat, 2012). Para Neyrat as análises de Mike Davis adicadas a Dubai (Davis, 2007) corroboran esta afirmación, producindo un encontro entre Albert Speer e Walt Disney en Arabia.

Outra das contradicións que Harvey observa dentro da lóxica de acumulación do capitalismo tardío está relacionada co proceso de mercantilización cultural. Harvey tratou en profundidade esta cuestión en *La condición de la posmodernidad*, pero foi se cadra nos primeiros capítulos de *Espacios del capital*, onde se detén a explicar como a dobre coacción que pende sobre o espazo cultural pode expresarse asumindo que só se poden extraer beneficios dos obxectos culturais comercializabeis. É dicir, convertíndoos en materiais transformabeis en mercancía, mudándoos en algo similar a calquera outra mercancía. Porén, semella correcto pensar que, no caso da cultura, o valor do obxecto cultural aparece ligado a súa cualidade incomparábel, a súa singularidade. Un obxecto reproducíbel (infinitamente nunha cadea de traballo) perde a súa singularidade e, en consecuencia, reducírase o seu valor de cambio. Este constitúe o problema fundamental da “renta do monopolio” que se xera cando os axentes sociais se atopan en posición de incrementar as súas ganancias durante un longo

período de tempo ao dispor do control exclusivo dun artigo directa ou indirectamente explotábel, e que, en certo modo, debe ser único e non reproducíbel” (Harvey, 2003). Canto máis se “disneyfica” Europa, máis se perde o que posúe de único e especial. Nisto mesmamente, consiste o perigo da globalización, da creación dun grande mercado mundial onde todo pode intercambiarse de inmediato sen que o custo de desprazamento deba tomarse en consideración (situación que corre o risco de cambiar coa carestía das materias primas e o aumento da fiscalidade asociada na que estamos inmersos).

Para evitar á tendencia á homoxeneización do intercambio xeralizado, o capitalismo debe crear forzosamente diferencias, separacións (entre quen posúen e quen son despouídos), coa finalidade de manter a renda: de aí, por exemplo, as patentes e os dereitos de propiedade. Harvey enuncia a súa tese para este feito partindo da base de que “o desenvolvemento dos transportes e das comunicacións teñen acarreado o declive xeralizado do resto de poderes monopolísticos, facendo que a loita polo capital simbólico colexivo gañase en importancia como base das rendas do monopolio” (Harvey, 2003). Dende ese momento faise imposíbel diminuír o investimento inmobiliario a causa da actividade turística (principal vector que mide a competencia espacial polo capital simbólico). O turismo, neste caso, non constitúe unha actividade en si mesma, senón que se trata dun efecto (ou consecuencia) dos cambios estruturais do capitalismo, que debe a súa supervivencia ao investimento naquelo que aínda pode soportar a degradación xeralizada polo intercambio que el mesmo, como sistema, promove. Segundo Harvey, esta é a razón pola que as grandes entidades financeiras e gobernos rexionais invisten, por exemplo, en museos como o Guggenheim de Bilbao deseñado polo arquitecto Frank Gehry ou a Cidade da Cultura en Compostela, obra do tamén arquitecto Peter Heissman.

En consecuencia, trátase de afirmar que o capital debe impulsar formas de diferenciación e permitir desenvolvementos culturais diverxentes, ao contrario que calquera enfoque verdadeiramente reduccionista e unilateral que só advertiría un proceso de homoxeneización (do mesmo xeito que un enfoque unilateral só percibiría a destrución do espazo polo tempo, en referencia á cuestión anterior). Porén, Neyrat insiste en ofrecer dúbidas acerca das diferencias reais que produce o capitalismo. Na súa opinión, a contradición evapórase cando se constata até que punto o capitalismo só promove as pequenas diferenzas, non as grandes distancias: “a estética da especificidade cultural que se aplica a determinadas paisaxes, cidades, monumentos, viños ou entornos non é en absoluto contradictoria coa universalidade plana que se entende como propia do capitalismo⁷⁸” (Neyrat, 2012).

⁷⁸ Neyrat aínda sinala que “non convén confundir especificidade con variedade infinita que é o que o capitalismo produce”. A variedade infinita convirte a especificidade en estereotipo, pero un estereotipo non supón máis que unha falsificación da especificidade. Trátase dunha autenticidade simulada, de segundo grao (Neyrat, 2012) [lémbrense, por exemplo, o caso dos monumentos reformados para que sexan como se pensa que eran na época da súa construción].

Harvey convida a contemplar o espazo concreto e os obxectos como producións, resultando –en todo caso- esencial “construir unha teoría do concreto e do particular no marco das determinacións universais e abstractas da teoría marxista da acumulación capitalista” (Harvey, 2003) como se o único e o comparábel se convertisen nas dúas caras da mesma moeda (nomeadamente de dólar ou de euro).

O problema entón, reside en saber como artellar a produción do espazo e a actividade depredadora do capitalismo. A idea de cultura está inevitabelmente vencellada ao intento de reafirmación dos poderes monopolísticos, precisamente porque as pretensións de singularidade e autenticidade atopan a súa mellor expresión nesa intención da cultura por representar o ámbito do singular (Harvey, 2003). Esta cultura espacializada, seleccionada, envasada, ten o seu fundamento esencial na actividade depredadora das prácticas capitalistas que a preceden, como por exemplo a imposición de patentes⁷⁹ sobre plantas cultivadas tradicionalmente por algúns pobos ou “biopiratería”. Neste punto, plantéxase unha cuestión estético-política que cómpre abordar a través da lente marxista que enlaza a problemática global dos efectos do capitalismo coas consecuencias domésticas ou locais. Un museo, un centro de arte, un pazo de convencións son exemplos da configuración espacial do sistema de competición cultural. Agora ben, no momento no que pretendamos coñecer a procedencia das pedras necesarias para a súa construción ou a materia prima para a elaboración dun produto de consumo farmacéutico (ou sendo máis dramáticos, cuestionarnos sobre a cantidade de sangue que foi precisa para obter a madeira do escenario dun contentor cultural), entón, nese intre, a calificación cultural comeza coa expropiación do territorio do outro, dos seus coñecementos e dos seus espazos (do seu dominio práctico). Aínda que o problema reside en “arrincar os espazos locais de mans do capitalismo para os reapropiar”, non todo debe ser forzosamente reapropiado; algunhas cousa ponde ou débense abandoar ou destruír se a súa elaboración ten ocasionado un elevadísimo custo nas poboacións expoliadas.

Algunhas das catástrofes primarias que hoxe palpitan na sociedade (fame, pobreza, expolio, supresión de liberdades, ausencia de valores, falsa democracia, etc), informan, dun xeito moi concreto, sobre o espazo producido polo capitalismo, que semella incapaz de participar na configuración de lugares. En consecuencia, se cadra, xurde a cuestión acerca das contradicións económico-espaciais do sistema ecotécnico, incluso chegando a pensar que o capitalismo teríase desplomado sobre si mesmo. Porén, existen unha serie de mecanismos de control ou solucións que os capitalistas teñen disposto para subsanar algúns conflitos internos. A principal é a construción dun patrimonio espacial móbil en constante mutación cara a súa

⁷⁹ Para a industria farmacéutica, ou a de cosméticos, a importancia non radica na autenticidade máis ou menos imaxinaria do lugar (variante secundaria), senón na eficacia real da planta (produto da cooperación primeira entre seres humanos e ambiente).

destrución, xa que ningún “capital espacial fixo poderá impedir o dano ao mundo vivo que provoca o capitalismo, a destrución dos entornos ou da ecosfera” (Harvey, 2003). Unha destrución que se atopa intimamente vencellada á incapacidade do capitalismo para construír lugares (simbólicos) e para operar transaccións entre uns e outros.

En síntese, esta relación de incapacidade podería resumirse nunha sorte de xeocrítica ampliada que explica a natureza do inconsciente topolóxico do capitalismo (Neyrat, 2012) en dous pasos concretos: 1) o capitalismo nega a existencia da única contradición que o podería arrastrar á perdición; unha catástrofe ecolóxica a escla planetaria; 2) a produción espacial do capitalismo parte dun plan escalonado, unívoco, que só coñece contradicións superficiais incapaces de o afectar en profundidade. En consecuencia, a produción deste espazo sin lugares ñe o que fai posíbel a indiferencia colectiva cara o entorno.

Outra contribución importante para o desenvolvemento da análise espacial marxista e, se cadra, non todo o (re)coñecida que debería, atópase na obra de Antonio Gramsci. En parte, o traballo deste autor garda relación coa situación contemporánea xa que contén algunhas análises interesantes sobre a problemática urbana e rexional de Europa durante a década de 1920 e nas fases anteriores á Gran Depresión. Pódense lembrar aquí os seus estudos sobre o atraso rexional do Mezzogiorno, sobre o desenvolvemento urbano de Turín e os conflitos relativos á cuestión da vivenda ou sobre as alianzas cambiantes entre o proletariado urbano e rural. Porén, o máis relevante do pensamento de Gramsci para a análise espacial marxista, pode que sexa a tentativa de teorizar sobre as dimensións políticas, culturais e ideolóxicas do capitalismo (en contraposición co economicismo que prevalecía na época) e, en especial, de profundar na construción do Estado capitalista moderno e na súa división territorial que influía nas condicións de traballo asalariado (Soja, 1989).

Neste sentido, Gramsci concede unha grande importancia ao “conxunto de relacións” que compoñen unha determinada formación social, feito que o leva a concretizar o modo de produción no tempo e no espazo, na historia e na xeografía, nunha estrutura conxuntural específica que se converteu nun contexto necesario da “estratexia revolucionaria”. Hai que dicir que, como tal, non se desenvolve explicitamente unha problemática espacial (como tampouco no caso de precursores na materia como Lenin ou Luxemburgo), mais as súas bases de traballos evidencian, de modo máis ou menos claro, unhas relacións espaciais inseridas na formación social e nas particularidades de conceptos como “lugar” ou “comunidade territorial”.

En Gramsci, pódense observar vínculos permanentes entre a súa “estratexia revolucionaria” e a espacialidade da vida social do capitalismo. Por unha banda, as súas análises das estruturas políticas e ideolóxicas da formación social italiana, gardan relación

directa con diversas teorizacións do Estado capitalista e a relación coas súas estruturas territoriais, reflectindo así unha comprensión implícita da dialéctica socio-espacial. En segundo termo, a súa preocupación polo papel da explotación da clase traballadora no seu lugar de residencia, non só profundan na cuestión da vivenda, senón que tamén vai contribuír a unha nova economía política urbana e rexional, centrada nas loitas locais, organizadas nos movementos sociais urbanos, rurais e rexionais. Finalmente, nos seu *Cuadernos desde la cárcel*, Gramsci identificou a crecente complexidade da sociedade capitalista moderna e a necesidade de elevar as loitas políticas, culturais e ideolóxicas a un novo nivel, a medida que o Estado semellaba confiar cada vez máis nos seus aparellos de control e represión.

Dende Gramsci e dende a súa idea de que a consciencia revolucionaria estaba profundamente enraizada na “fenomenoloxía da vida cotiá”, pódense establecer vínculos directos coas reflexións de Henri Lefebvre, sempre dentro do desenvolvemento da análise espacial dentro corrente do materialismo histórico. Como Gramsci, Lefebvre loitou sistematicamente contra as interpretacións dogmáticas e reducionistas do marxista que o levou precisamente a traballar coa intención de espacializar esa “fenomenoloxía da vida cotiá”. En calquera caso, a integración da problemática espacial no centro da consciencias e da loita de clases atopa en Antonio Gramsci (como tamén asumen Richard Peet), un antecedente explícito que cómpre lembra no presente apartado.

4.5.- O espazo en primeiro lugar: a emerxencia do Terceiro Espazo

Neste capítulo, levamos centrado a maioría das reflexións ao redor das aportacións de Edward W. Soja, porén o acceso á obra xeográfica de Edward W. Soja no contexto ibérico foi limitado até datas recentes. Se ben, se trata dun autor “bastante coñecido e citado no mundo hispanofalante” (Zusman, 2011), só a tradución ao portugués de *Postmodern Geographies. The Reassertion of Space in Critical Social Theory* (1989) -xunto con algunhas achegas illadas de menor relevancia- e a aparición en castelán de *Postmetrópolis* en 2008, serviron para introducir o seu pensamento epistemolóxico nas investigacións do campo das ciencias sociais. A publicación en 2010, de *Edward W. Soja. La perspectiva postmoderna de un geógrafo radical*, supuxo un avance importante para comprender a sofisticada e provocativa carga teórica que Soja propón para a imaxinación xeográfica.

A diferenza doutros autores de referencia como David Harvey, Doreen Massey, Neil Smith, Mike Davis ou Milton Santos que teñen reflexionado amplamente sobre o papel do espazo e da espacialidade no eido das ciencias sociais, a proposta de Soja pretende avanzar para pensar outro novo tipo de xeografía dende unha posición que fuxe conscientemente da hexemonía dual -historicista e economicista- e que foi acusada, en ocasións, como propia do fetichismo espacial. Do xiro espacial que defende Soja e desa tensión por poñer o espazo en

primeiro lugar, xurde o que el denomina o Terceiro Espazo; valéndose, no contexto contemporáneo da posmodernidade, da conceptualización que xa empregara décadas atrás Henri Lefebvre. O obxectivo de Soja foi permanentemente iniciar un novo xeito de pensar espacialmente a ciencia e a sociedade. Trata de facelo introducindo o espazo como un elemento máis do método dialéctico que tanto materialistas como idealistas reservaron para o temporal e o social, pasando a falar así de trialéctica.

Este discurso atopa acobillo e enerxía na lóxica cultural do capitalismo serodio da man da autores como Lyotard e Jameson, cando os preconceitos e metarrelatos da modernidade son vistos como recetarios inmobeis e desfasados e a esfera diacrónica do social conquista espazos de poder e de opinión ocupando o lugar da sincronía anterior. Pero, de que concepto de espazo nos fala Soja cando fala de Terceiro e en que se diferencia do Primeiro ou do Segundo? E sobre todo, en que materializan as investigacións xeográficas cando empregamos e aplicamos esa lente “sojiana” de análise científica?

4.5.1.- O espazo fronte a hexemonía dual na teoría social crítica

Eduard W. Soja leva décadas aplicándose á análise das relacións diacrónicas entre o pensamento crítico e o espazo. Na súa obra de 1989 *Postmodern Geographies*, xa sitúa o seu peculiar descubrimento da espacialidade máis alá das meras discusións xeográficas, económicas ou culturais. Aínda que nun primeiro termo as súas preocupacións baséanse no desenvolvemento da xeografía como disciplina académica –especialmente na súa versión marxista- reproblemática a temática da especialidade levándoa a terreos da ontoloxía. Na opinión de Castro Nogueira, o seu proxecto nesta primeira fase supón, “tanto unha continuación das ideas de Harvey e Jameson como unha superación das mesmas, englobándoas nunha reivindicación de grande estilo que apunta cara a análise das relacións entre o espazo e o pensamento” (Castro Nogueira, 1997).

Velaquí preséntanse dúas cuestións previas nas que cómpre reparar antes de adentrarnos noutras profundidades sojianas. En primeiro lugar, recollendo a idea que Abel Albet subliñou (hai case 10 anos!) como moderador dunha mesa redonda sobre a natureza e a condición da “nova” xeografía cultural posmoderna, para comprender o significado das discusións sobre o espacial, convén que cada un de nós nos desembaracemos do imaxinario social construído sobre o espazo tanto na esfera individual como na colectiva. As leituras sobre a teoría do espazo e sobre a historia do pensamento xeográfico adoitan –dicía máis ou menos Albet- provocar reaccións de repulsa por seren textos practicamente incomprensíbeis

para o lector⁸⁰. Suxerimos, pois, liberarnos deses prexízos a través do san exercicio de desbotar as nosas aproximacións apriorísticas do espacial e das escalas. O espazo non ten unha escala concreta ao tempo que si a ten. Os lugares non teñen unha dimensión determinada pero poden materializarse a través de diversas posicións e dimensións. Preséntase, pois, un dinámico e fuxidizo xogo de escalas (case paranoide) que é fundamental para achegármonos á comprensión da natureza do espazo e a súa metamorfose. Nun mesmo parágrafo, o espazo pode estar referido a un obxecto (unha cadeira, por exemplo), pode converterse nunha “unidade de produción” (unha fábrica), pode indentificarse nunha parte dunha cidade (un barrio) e, sen esa lóxica de progresividade, pode, finalmente, materializarse nos límites do corpo dun mesmo. Polo tanto, como primeira cuestión previa, é importante que cando leamos o vocablo “espazo” neste tipo de obras, non o concibamos como unha representación formal predeterminada do mesmo.

En segundo lugar, a maioría das veces que se afronta a explicación e/ou estudo da obra de Soja, faise como oposición a Harvey e, por extensión a Marx. Sobran motivos para xustificar esta cuestión. Segundo Benach e Albet, *Postmodern Geographies*, “foi recibida como unha perdigonada que non deixou indiferente a ninguén”. Neste sentido, aínda que moitos recoñeceron a súa importancia, “outros manifestáronse máis que desconcertados pola vehemencia das proposicións e polo que máis de un cualificaría de alambicada escritura” (Benach e Albet, 2010). Castro Nogueira (1997) tamén sinala como ese afán de superación que Soja pretendía para o seu traballo fronte aos universos “jamesonianos” e “harveyanos”; o primeiro –Jameson- recólleo como unha nota irónica e o segundo –Harvey- apenas cunha pequena nota a pé de páxina. Soja pola súa banda, alimenta a discusión cando sinala “cando me comparo con David Harvey (...), a diferenza radica en que eu sitúo o espazo en primeiro lugar, e despois a política...e el faino ao revés” (Benach e Albet, 2010). As discusións entre uns e outros sobre quen é máis espacial que quen, derivan en acusacións que van dende o fetichismo espacial até a ortodoxia social. En todo caso, á marxe do espectáculo ofrecido por ambas partes, semella correcto afirmar que unha postura intelixente para sacarlle partido a todo este complexo proceso é non entendelo como un choque dialéctico entre tese e antítese senón como dúas leituras complementarias que se achegan moito máis do que os seus autores xamais recoñecerían (ou iso semella) en público. Quen se adentre nas profundidades da obra xeográfica de E. W. Soja, voltará continuamente sobre este debate xa que, á marxe de

⁸⁰ A necesidade de reforzar o pensamento xeográfico a través da elaboración de traballos científicos que aborden a cuestión teórica da nosa disciplina foi tamén materia de traballo de Rubén C. Lois no contexto do III Coloquio do Grupo de Xeografía Urbana da AGE nunha comunicación titulada “El geógrafo urbano frente a la crisis actual” na que, entre outras cousas sinalaba “Nos hemos preocupado mucho por conocer las ciudades de nuestro entorno y por aplicar grandes modelos explicativos del sistema urbano a análisis concretos; sin embargo, han sido muy escasos los debates teóricos sobre los objetivos y utilidades finales de la investigación y, aunque en ciertos momentos éstos han tenido lugar coincidiendo con la llegada desde el exterior de nuevas formas de concebir la geografía, las reflexiones no han pasado de ser la expresión de conflictos generacionales, ideológicos o entre diferentes «escuelas», sin que realmente se haya creado una cultura de intercambio crítico de opiniones y de gestación de propuestas de estudio al margen de las importadas desde otros países” (Lois, 1999a).

proselitismos pouco entendíbeis no contexto dunha ciencia en constante perigo de indeterminación como a xeografía, é imposíbel comprender a Soja sen Harvey e viceversa.

Pode dicirse que o propósito da obra de Soja, non é pensar a problemática espacial dende o marxismo ou dende a teoría social crítica, senón máis ben, espacializar o pensamento da teoría crítica da sociedade. Neste sentido, para Soja as obras tanto de Harvey como de Jameson serían dúas lúcidas tentativas do marxismo por apropiarse do espacial, porén non terían chegado a percibir o último significado e as consecuencias das súas propias investigacións destinadas, por unha lóxica interior, a unha “superación espacial do proxecto moderno de racionalidade” (Castro Nogueira, 1997).

Esta idea é fundamental para comprender o desenvolvemento posterior das propostas de Soja. Non podemos esquecer que o seu punto de partida sitúase contra a dobre hexemonía que o historicismo e o economicismo exerceron na construción dunha teoría social crítica e que se manifesta con absoluta rotundidade a través do materilismo dialéctico de corte marxista (Soja, 1989). Noutras palabras, Soja en *Postmodern Geographies*, plantexado como un manifesto teórico-práctico dun posmodernismo espacial, trata de respostar á seguinte cuestión; por que un historicismo desespacializado ten devaluado e despolitizado o espazo como obxecto dun discurso crítico da sociedade?

Efeitivamente, na opinión de moitos autores (incluído David Harvey), toma relevancia aquela famosa frase de Foucault que sinalaba que nas grandes meta-teorías de durante boa parte do século XIX e principios do XX o espazo era tratado como “o morto, o fixo, o non dialéctico, o inmóbil”, mentres que o tempo, pola contra significaba “riqueza, fecundidade, vida e dialéctica” (Soja, 1989). Esta idea serviu a Soja para concluir que todo pensamento crítico moderno estivo obsesionado coa temporalidade. En consecuencia, Soja parte da base de que na construción da teoría social crítica moderna –nomeadamente a elaborada para economía política por Marx- o espazo era tratado como suxeito pasivo; unha especie de soporte que non influía agás como cuestión material no desenvolvemento político, económico ou cultural da sociedades.

Velaquí emerxe outra cuestión fundamental. A posmodernidade e o posmodernismo son vistos por Soja como oportunidades para construír un programa radical crítico que sitúe ao espazo en primeiro lugar; cousa que as teorías modernas non foron quen de visualizar nin de comprender, “obsesionadas” polo corsé temporal. Como veremos máis adiante, a perspectiva posmoderna de Soja vai chocar frontalmente co seu carácter nidamente radical, precisamente polas connotacións acrícticas que rodean á posmodernidade como lóica cultural do capitalismo salvaxe actual. O que Soja entende como unha oportunidade para o

desenvolvemento dun outro imaxinario espacial é, as máis das veces, minusvalorado polo seu frilteo nada enmascarado co devir actual da sociedade especulativa e risco.

4.5.2.- Xiro espacial e Terceiro Espazo

En 1996 Soja publica *Thirdspace. Journeys to Los Angeles and other real-and-imagined places*. Trátase da segunda obra da súa triloxía sobre a cuestión do espazo na produción do discurso da teoría social crítica. En concreto, profundiza en certas argumentacións xa recollidas nos seus traballos anteriores, para aclarar determinados puntos e para encher algúns baleiros, tomando como base a Lefebvre e Foucault. Segundo Soja, ambos autores iniciaron unha ruptura radical co dualismo hexemónico temporal e social dominante a finais dos 1960 en Francia. Inauguraron unha nova fase de pensar a realidade dende o espazo que era, segundo a súa opinión, tremendamente estimulante, xa que significaba, alén de cuestións ontolóxicas, a apertura dun camiño distinto para as investigacións xeográficas. Soja atribúe aos traballos de Lefebvre e Foucault as orixes do Terceiro Espazo, como un xeito radicalmente diferente de ver, interpretar e actuar para cambiar a espacialidade que abarca todo a vida humana (Benach e Albet, 2010).

Efectivamente, a imaxinación xeográfica, especialmente tal e como foi desenvolvida nas disciplinas sociais, estivo, na opinión de Soja, limitada por un dualismo omnipresente que tanto Lefebvre coma Foucault lograron romper. Esta lóxica binaria tendeu a polarizar o pensamento espacial ao redor de oposicións fundamentais como obxectividade fronte subxectividade, material fronte a mental, real fronte a imaxinado ou cousas no espazo fronte a pensamentos sobre o espazo. Con *Thirdspace*, Soja pretende expandir o alcance da imaxinación xeográfica cara a amplitude e profundidade que teñen alcanzado a historicidade e a socialidade e, por tanto, reequilibrar a súa capacidade crítica⁸¹.

Noutras palabras, para Soja existiu unha limitación extraordinariamente ríxida nas investigacións xeográficas contemporáneas (mesmo nas críticas ou radicais). Esta (auto)limitación descende da hexemonía ontolóxica dominante no xeito de pensar a sociedade durante o pasado século e medio e que foi á vez histórica e social. Agora ben, nos últimos decenios, ao calor do influxo posmoderno (ou grazas a el), os estudos críticos contemporáneos nas humanidades e nas ciencias sociais experimentaron un “xiro espacial” sen precedentes. Neste sentido, algúns autores, sempre tratando de expoñer aquí a opinión de Soja, teñen comezado a interpretar o espazo e a espacialidade da vida humana coa mesma perspectiva crítica e o poder interpretativo que tradicionalmente se lle ten conferido, por un lado, ao tempo e á historia, e, por outro, ás relacións sociais e á sociedade.

⁸¹ Segundo Soja, este intento esixe una deconstrucción creativa e un repensar esa bifurcación dual de dous modos de análise e pensamento espacial.

En termos prácticos, se damos por válida a idea de que o pensamento social crítico contemporáneo tivo a súa forza matriz na dialéctica hegeliana, que Marx invertiu para defacerse do idealismo e conferirlle un rol emancipador, e que precisamente esa dialéctica era fundamentalmente histórica (xa que as transformacións do sistema só podían ter lugar a través de procesos revolucionarios que necesariamente debían discorrer a través dunha formulación temporal) ou sociais (no sentido de que o poder transformador residía na humanidade e na loita de clases), o que Soja pretende dicirnos é que chegou o momento de perfeccionar esa dialéctica como mecanismo para pensar a sociedade, introducindo o vector espacial convertíndoa así nun xogo a tres bandas que denomina como “dialéctica do ser” (Soja, 1996).

Velaquí o cerne do Terceiro Espazo. A dialéctica moderna anterior deu lugar a un tipo específico de investigacións xeográficas, que non incluían ao espazo no motor do pensamento social. Ao introducir o espazo, como novo xeito de pensar a realidade (non coma produto nin como soporte), necesariamente o imaxinario e os traballos xeográficos deben ser distintos. Pero entón, cal é ese Terceiro Espazo e en qué se diferencia doutros?

A primeira grande diferenza acabamos de trazala. O Terceiro Espazo xurde dun pensar social ontoloxicamente distinto ao dominante na modernidade xa que pretende incluír ao espazo no xogo dialéctico. Para expoñer algunha outra diferenza, cómpre recorrer a Lefebvre. El entendía que a imaxinación xeográfica tiña tres dimensións epistemolóxicas. Por unha banda, existía o “espazo percibido” que facía referencia ás prácticas espaciais e que Soja vai comprender como un Primeiro Espazo. En segundo lugar, definía as representacións do espazo como o “espazo concebido” (Segundo Espazo) e, finalmente, presentaba o “espazo vivido” como un modo alternativo de investigación espacial. Soja emprega precisamente este esquema lefevbreriano para artellar a súa teoría sobre o Terceiro Espazo, vencellándoo ao espazo vivido como unha imaxinación xeográfica máis alá do dualismo restrictivo que ofrecían as dúas primeiras concepcións.

Alén de coincidencias terminolóxicas (xa que o espazo percibido aquí – por exemplo non garda relacións analóxicas coa xeografía da percepción ou do suxeito), cómpre realizar algunhas definicións entresacadas das obras de Soja para comprender as diferencias:

- Primeiro Espazo: refírese ao mundo experimentado directamente dos fenómenos cartografiabeis e empiricamente mesurabeis. Trátase dunha espacialidade

materializada que presenta ás xeografías humanas basicamente como resultados. Na opinión de Soja, este foi o universo dominante da análise xeográfica⁸².

- Segundo Espazo: constitúe un proceso máis subxectivo e imaxinado e máis preocupado polas imaxes e as representacións da espacialidade ou polos procesos pensados que se supón que modelan tanto as xeografías humanas materiais como o desenvolvemento dunha imaxinación xeográfica. Neste caso explóranse os mundos máis cognitivos, conceptuais e simbólicos⁸³.

Se ben Soja reconece que a maioría de xeógrafos humanos non traballan nos extremos destes dous enfoques senón nalgún lugar intermedio, si que observa unha tendencia persistente a ollar no conxunto deste dualismo a totalidade da imaxinación xeográfica, como abarcando en misturas variabeis todos os xeitos posibeis de conceptualizar e estudar a espacialidade da vida humana. Esta cuestión, na opinión de Soja, ten sido “o principal responsable da dificultade que moitos xeógrafos e outros pensadores espaciais teñen para entender e aceptar o significado máis profundo da reestruturación ontolóxica” (Soja, 1996).

Deixemos agora que sexa Soja quen defina coas súas palabras o Terceiro Espazo:

“o Terceiro Espazo (espazo vivido) é simultaneamente: 1) un xeito particular de ollar, interpretar e actuar para cambiar a espacialidade da vida humana(ou se se quere, da xeografía humana actual); 2) unha parte integral, aínda cando a miúdo descoidada, da dialéctica da espacialidade, intrinsecamente nin mellor nin peor que as aproximacións de Primeiro Espazo ou Segundo Espazo ao coñecemento xeográfico; 3) a máis englobadora das perspectivas espaciais, comparable en alcance ás formas máis ricas de imaxinación histórica e sociolóxica; 4) un lugar de encontro estratéxico para fomentar a acción política colectiva contra as formas humanas de opresión; 5) un punto de partida para exploracións novas e diferentes que podan ir alén do “terceiro termo” na procura constante de novos espazos. E outras moitas cousas” (Soja, 1996).

Na opinión de Soja, continuando co proxecto iniciado por Lefebvre e desenvolvéndoos en novas direccións que repercutan con maior relevancia contemporánea, os novos xeógrafos

⁸² Existen segundo Soja dous mecanismos para explicar o Primeiro Espazo. Un enfoque endógeno que o interpretan a través de descripcións precisas de patróns e distribucións ou a busca de regularidades empíricas recorrentes. O punto clave aquí é que tanto a análise empírica como a construción de teorías e a explicación permanecen como algo interno á xeografía, é dicir, a xeografía emprégase para explicar outras xeografías. Pola súa banda, os enfoques exógenos explican as xeografías materiais centrándose nos procesos físicos ou sociais subxacentes que as producen (velaquí o encadre teórico da xeografía marxista na proposta sojiana?). As xeografías humanas nesta interpretación son contempladas como o produto ou o resultado de forzas que non son en si nin xeográficas nin espaciais senón que derivan da socialidade ou da historicidade (Benach e Albet, 2010).

⁸³ Se o Primeiro Espazo proporciona o texto empírico básico do xeógrafo, o Segundo representa os principais discursos ideolóxicos e xeradores de ideas da xeografía. Así, no Segundo Espazo, o discurso epistemolóxico recibe unha maior atención xa que na longa historia do pensamento xeográfico, as aproximacións do tipo do Segundo Espazo, xurdiron cando os enfoques dominantes do Primeiro se volveron demasiado rixidamente materialistas e “científicos”.

humanos que emerxen dos estudos culturais críticos están explicitamente espacializando a subxectividade radical e a práctica política que se estende alén do que xa ten existido no pasado. Así, “están abrindo un campo novo e relativamente inexplorado de acción política radical centrado e situado na produción social do espazo vivido, unha elección estratéxica que se dirixe á constitución dunha comunidade de resistencia que pode ser tan empoderadora e potencialmente emancipadora como aquelas formadas ao redor da formación da historia e a constitución das sociedades humanas” (Soja, 1996). Velaquí a cuestión clave do Terceiro Espazo sojiano, que se ben se trata dun relato apaixonante, non elude algúns problemas prácticos xa que por un lado, constitúe unha “elección estratéxica” polo tanto algo similar a unha toma de partido no sentido de enarbolar unha etiqueta. Pero ademais, acaso iso da produción social do espazo vivido non é unha cuestión que xa temos estudado de autores que centraron os seus esforzos no que Soja denominaría o Primeiro e o Segundo espazo?

4.5.3.- Os perigos do xiro espacial

Do (des)coñecemento da obra xeográfica de E. W. Soja xermola unha primeira cuestión que é importante suliñar. Dende un punto de vista estritamente epistemolóxico e ontolóxico, o seu corpo teórico constitúe un edificio fascinante e intensamente sedutor. Para calquera xeógrafo, o discurso do xiro espacial resulta unha idea cautivadora que convida a facer parte da mesma e asumila como propia. Ese intento voluntarista por tratar de poñer o noso campo de estudo en primeiro lugar, como forza emancipadora capaz de facer tambalear o universo ilustrado (que é á vez temporal e social), rachando a hexemonía cientista dominante nas ciencias sociais durante algo máis de dous séculos, supón unha forza nutricia de novas cosmovisións sobre a nosa disciplina que cómpre aproveitar. Noutras palabras, o primeiro paso da postura sojiana –a inauguración dun novo xeito de pensar o espazo a través da dialéctica- supón unha suxerencia de calado que non se debe deixar pasar á lixeira.

Porén, admitindo esta primeira cuestión, existe unha outra moito máis desacougadora e desconfiante. Aínda que a idea da dialéctica resulta atinada dende o punto de vista das interpretacións foucaultianas e lefevbreianas sobre a teoría social crítica, a exposición de Soja pusúe certas feblezas operativas (seguramente froito do escaso desenvolvemento e do complexo de alén da teoría fundar tamén unha praxe espacial que desemboque en investigacións xeográficas de cuño propio e inédito que vaian máis alá dunha pose interesada) que se traducen en alertas⁸⁴ que nos obrigan á prudencia.

⁸⁴ Estas alertas pretenden ser cuestión abertas para o debate, expostas máis como dúbidas que como posición inamovibles. A problematización como exercicio interrogativo debe ser un proceso estimulante para despertar o interese sobre a cuestión da teoría da xeografía.

- A. Un punto de partida errado: temos visto que dende *Postmodern Geography*, Soja recorre á famosa declaración de Foucault mediante a cal o espazo estivo ausente da teoría social crítica en detrimento do tempo. Isto deu lugar a unha hexemonía sincrónica no proceso de construción dos grandes discursos científicos da modernidade. Este feito, segundo Soja é ben recoñecíbel na obra do marxismo occidental. Tanto é así, que xeógrafos distintos teñen lembrado esta situación de desvantaxe académica. O propio David Harvey na súa *Geographie de la domination*, afirma que “Marx, Marshall, Weber e Durkheim teñen en común que dan prioridade ao tempo e á historia sobre o espazo e a xeografía” ou tamén, aínda que de forma algo máis matizada “en numerosos puntos dos seus escritos, Marx recoñece efectivamente a importancia do espazo e do lugar (...), dito isto, ningún dos aspectos está verdadeiramente integrado nas súas formulación teóricas, sólidas no que ten que ver co tempo, pero febles no tocante ao espazo; Marx rexeita as variacións xeográficas como complicacións superfluas”⁸⁵. Pola contra, recentemente, Frank Fischbach ten publicado un traballo (2009 en francés e 2012 en castelán) titulado “De cómo el capital captura el tiempo” (capítulo 4 da obra coordinada por el mesmo, *Marx, releer el capital*) no que defende que Marx non só non esqueceu as relacións espaciais na súa crítica do capital na teoría da economía política, senón que as sitúa no cerne mesmo da cuestión. A este respecto, convén lembrar, sinala Fischbach, que a dinámica do capital aparece primeiro como unha dinámica esencialmente espacial, no sentido de que dita dinámica é en primeiro lugar xeográfica. Ademais, tanto Marx coma Engels insitiron nesa dinámica espacial dende o *Manifiesto Comunista*, defendendo a difusión do capitalismo foi primeiramente espacial e desempeñou un papel esencial de unificación de todas as rexións do globo e, por tanto, de eliminación tendencial de todos os límites e barreiras espaciais e xeográficas (Fischbach, 2012).
- B. Indefinición: a teoría sobre a dialéctica da espacialidade que Soja enuncia recorrendo á Lefebvre posúe dúas feblezas importantes de indefinición. Unha delas ten que ver co que de debatíbel ten a división do espazo como categoría de análise da sociedade en tres grandes conxuntos (percibido, concebido e vivido) e a escasa conexión existente co corpo teórico da historia do pensamento xeográfico. Tanto a nivel terminolóxico como no tocante ao significado dos conceptos a visión lefevbreriana do espazo merece, cando menos, un debate máis intenso entre a comunidade

⁸⁵ Para facer estas afirmacións e defender esta postura, tanto Soja como Harvey e todo o universo de xeógrafos que podemos enmarcar dentro da xeografía crítica ou radical, pódese apelar á famosa idea formulada por Marx nos *Grundrisse* de “unha aniquilación do espazo por medio do tempo”. Porén, na opinión de Fischbach esa formulación en modo algún expresa unha postura filosófica do propio Marx, senón que se contenta con describir os efectos do desenvolvemento económico sen precedentes dos medios de transporte e comunicación co capitalismo, é dicir, cómpre lembrar que Marx fala nesa fase da diminución do tempo de circulación do capital, en canto esa diminución permite unha repetición máis rápida do proceso de produción e distribución espacial das mercadorías (Fischbach, 2012).

científica que consiga harmonizala co percorrer histórico da ciencia xeográfica. Outra indefinición notábel, moi palpábel en Postmetropolis, é que, a pesar da convición expresada de Soja ao trasladar que ao longo da década pasada, as exploracións máis creativas do Terceiro Espazo e por tanto os desenvolvementos máis logrados no ámbito da imaxinación xeográfica, procederon do amplo campo dos estudos culturais críticos⁸⁶, aínda non son perceptíbeis as diferenzas e os resultados daquelas investigacións xeográficas que supostamente xurden do novo pensar espacial dialéctico. É dicir, o lector ao enfrontarse á análise urbana que Soja realiza sobre Los Ángeles ou Amsterdam pode que non atope moitas diferenzas cos traballos de Harvey sobre Baltimore ou París. Polo tanto, en que consiste a nivel práctico, máis alá da estimulante definición que se propón sobre o Terceiro Espazo, o interiorizar e facer propia a idea de que cómpre pensar o espazo dun xeito diferente? Semella correcto pensar que neste campo índa fica moito traballo por realizar.

- C. Posmodernidade: que o caldo de cultivo do edificio sojiano sexa precisamente o morte dos grandes metarrelatos e a experiencia posmoderna do espazo fronte ao tempo, non suscita demasiado acobrillos para as distintas xeracións de xeógrafos que se formaron como profesionais ao fío da idea de que o espazo era unha produción social que debía ser xulgada dende a base da historia (Harvey, 2007). Sen pretender ser reduccionistas nin asumir unha posura antiposmoderna, o papel deste ciclo histórico no que ao desenvolvemento da ciencia social se refire aínda está por destapar. Pola contra, os efectos negativos que trouxo consigo a transformación das estruturas sociais, económicas e culturais dende a década de 1980 xa foron analizadas por numerosos autores (Jameson, 1996; Hardt e Negri, 2000; Zizek, 2003; Callinicos, 1989; Sousa Santos, 2008, entre outros). Polo tanto, semella acertado asumir un papel de certa continencia (que non rexeitamento explícito) antes de embarcarse en aventuras de fácil entrada e complexa saída.
- D. Linguaxe agresiva: como sucede con outros pensadores (estamos pensado nomeadamente en Slavok Zizek), a linguaxe empregada por Soja non sempre é a máis das diplomática das posíbeis. Só con ler polo miúdo a entrevista que Núria Benach e Abel Albet lle fixeron para o seu espléndido *Edward W. Soja. La perspectiva postmoderna de un geógrafo radical* (2010), sobra para decatarse que os seus escritos posúen unha febleza formal que inflúe no proceso de difusión das súas ideas. Aínda que se trata dunha cuestión se cadra menor e tremendamente posmoderna –xa que foron os lingüístas os primeiros en advertir certos xiros novidosos que podían ter unha influencia notábel nos procesos de reprodución da

⁸⁶ Soja destaca aquí, especialmente, aos traballos críticos postcoloniais e feministas que se aproximan ás novas políticas culturais de clase-raza-xénero dende unha perspectiva radical postmoderna.

vida social-, cómpre advertir sobre mesma e recomendar unha lectura máis repousada do que a propia dinámica dos textos de Soja suxiren, xa que se corre o risco de abandonar despois da primeira ou segunda pulla.

- E. Enfrontamento⁸⁷: a pesar de que no ámbito anglosaxón e norteamericano, e se cadra con máis implantación no campos das ciencias positivas, existe o hábito de manter intensos debates académicos e científicos a través da publicación de traballos que montan e desmontan teorías coa facilidade do aguante do papel mecanografado, o protocolo europeo da institución universitaria de tradición xermánica ou francesa (caso do modelo español), non está tan acostumado a esta tensión. No ámbito ibérico estase máis pola praxe da cita compulsiva a efectos de obter un maior índice de impacto que por establecer un debate aberto e coparticipado co obxectivo de facer medrar o pensamento dun xeito proactivo-reactivo. Esta alerta cumpre unha dobre función: por unha banda, axuda a tratar de filtrar a obra de Soja coas lecturas que o contrarestan e, pola outra, xoga un papel positivo, xa que aquilo que tende a desmitificar a ciencia goza de certo carácter renovador e, en consecuencia, supón, cando menos, unha fonte nutricia de novas ideas.

Neste sentido, é dificilmente rebatíbel que na actualidade está a xurdir unha nova experiencia colectiva do espazo. A diferenza doutras etapas, trátase da construción dunha espacialidade humana que por primeira vez emerxe á marxe dos estamentos científico-académicos e das institucións políticas e sociais da modernidade. Polo tanto, non segue os cauces habituais do xurdimento da teoría social, senón que está a nacer dende a base, é dicir, dende a práctica cidadá. En suma, constitúe unha reclamación básica das axendas propias de certos tecidos sociais que supera, por unha banda, o ambientalismo e o ecoloxismo como práctica política instalada dende os anos 1990 e, pola outra, as interpretacións posmodernas e dos estilos de vida máis ou menos globais que apareceron no primeiro decenio do século XXI froito da lóxica cultural do capitalismo tardío como lobbies máis ou menos instalados.

A diferenza de concepcións epistemolóxicas e ontolóxicas que dende Jameson e Harvey consideraron o espazo como un intanxible cognoscitivo, esta nova práctica espacial posúe unha natureza interescalar; máis urbana que rural e propiamente emancipadora. O espazo, agora, aparece como un elemento máis dun suposto programa de actuación político e social que está na base nutricia das comunidades cidadáns e que fica excluída do planeamento urbanístico e territorial convencional.

⁸⁷ Para una revisión máis polo miúdo desta alerta de enfrontamento cómpre revisar o capítulo 5 da obra de Benach e Albet citada (2010).

Precisamente, é neste universo onde a obra de Soja adquire todo o seu peso específico. Se durante case dous séculos, a teoría social crítica non foi quen de construír un relato que supuxera un proxecto de longo percorrido que tivese en conta a dinámica espacial, pode que sexa o momento de intentar novas praxes que –dende o comezo– integren a espacialidade entendida precisamente como esa pretendida produción social do espazo vivido (en termos lefevbrerianos).

Non se trata pois de avaliar a obra de Soja dende unha hipotética disputa tri(di)aléctica de confrontación senón de ter en conta o estimulante da súa proposta e o que pode significar para o desenvolvemento das investigacións e da profesión xeográfica. Poñer o espazo en primeiro lugar, con todas as alertas que queiramos e con todas as suspicacias que levante o flirteo posmoderno, é unha aventura o suficientemente novidosa como para arriscarnos a experimentalala. O traballo de Soja non pode ser comprendido como unha tentativa de derrubar a orde científica establecida en Xeografía (aínda que el se empeña coa súa linguaxe agresiva). Para os observadores externos, semella máis recomendábel comprendela como unha peza chave complementaria de toda a grande riqueza que se desenvolveu en paralelo e que foi, sen dúbida, fonte nutricia do propia Soja.





5. O ESPAZO EN PRIMEIRO LUGAR. A CONSTRUCCIÓN SOCIAL E HISTÓRICA DO COLAPSO TERRITORIAL EN GALIZA

5.1.- O contexto económico, social e ambiental do Colapso

Até o momento temos analizado –dende unha pretendida lente espacial- a natureza volátil, fuxidiza e mutábel do sistema capitalista. Se ben, retomando a Marx, é posíbel afirmar que o capitalismo posúe dúas grandes características fundamentais que o reconcilian cun “escenario fixo”; a saber, a explotación dos asalariados (que se dá nun lugar concreto en última instancia) e a acumulación competitiva do capital, xunto coas consecuencias do seu desenvolvemento desigual en movemento perpetuo, que foron evoluíndo até encarnar distintas faces de inxustiza social e desigualdade. Estas dúas características corresponden, a súa vez, con dúas das relacións constitutivas do sistema, que son, pola súa banda, a relación entre capital e man de obra e a relación entre os propios capitais. Alex Callinicos (2003) observa nestes procesos algúns conflitos importantes; por unha banda, que a relación vertical entre capital e man de obra xurde do antagonismo que necesariamente se segue entre explotador e explotado, e, pola outra, que a relación horizontal entre capitais que consiste na loita competitiva entre os explotadores pola distribución dos beneficios expremen conxuntamente á clase traballadora.

No inicio do desenvolvemento do sistema capitalista, case que todas as preocupacións estaban centradas en cuestións económicas e políticas máis que sociais ou culturais. Durante a segunda metade do século XIX e a primeira do XX, os debates sobre ese proceso de crecemento e expansión capitalista versaban sobre cuestións como as condicións e dereitos laborais da clase traballadora, a tecnificación e mellora dos medios de produción, a redución dos costes identificados nos tempos de transporte das mercadoría, as relacións de comercialización e transacción monetaria en combinación co papel regulador e arancelario dos poderes político-administrativos, en definitiva, sobre a evolución do proceso de acumulación do capital situada na fase de produción (intercambio mercadoría-mercadoría) e comercialización (intercambio mercadoría-diñeiro).

Dende mediados do século XX, nomeadamente tras o remate da Segunda Guerra Mundial e a polarización do sistema mundo en dous bloques, xunto coa aparición da Guerra Fría, a xeopolítica vai ocupar un papel predominante, trasladando as discusións ao plano do poder político. Nesta época, o papel do Estado-nación emerxe para controlar e regular a libre

circulación de mercadorías, divisas e persoas polo Planeta. Xunto con esta lóxica, aparece tamén o consumo masivo de bens de diversa índole e natureza vinculada á estabilización da clase media provocada pola ampliación da capacidade de aforro das unidades familiares. A imaxe e a publicidade comezan a fortalecer unhas relacións económicas máis baseadas na esfera do simulacro e da satisfacción de necesidades supérfluas que nas relacións propias da economía produtiva. A especulación e o capital financeiro comezan nesta fase un despertar que desembocará, entre outras cousas, na crise dos nosos días (Harvey, 1989).

Cando a principios da década de 1970, a crise de hiperacumulación de capital provoca unha transformación notábel do sistema fundamentada na difuminación da fronteira entre a base e a estrutura no modo de produción (incluíndo na primeira aspectos que formaban parte até o momento exclusivamente do campo da segunda), as preocupacións trasládanse cara a cuestións culturais e estéticas. Este feito é ben visíbel na evolución dos debates da Teoría Social Crítica protagonizados polo marxismo occidental.

A partir de entón, a mesma lóxica da acumulación competitiva aplícase, ademais, a outros ámbitos. Para Alex Callinicos, “con moito”, o máis importante é o que se refire ao medio natural do que depende toda a vida do planeta. Na historia ambiental do século XX elaborada por John McNeill na obra *Something New Under the Sun* (2000), distingue entre dúas estratexias evolutivas: a adaptabilidade a un medio cambiante (que supón, por exemplo, a estratexia adoptada por algunhas especies de ratas) e a “suprema adaptación ao medio existente” (representada polas quenllas), e que depende dun suministro abundante de recursos. Segundo McNeill, as sociedades optaron pola segunda das estratexias no medio dunha ecoloxía global cada vez máis inestábel. Só unha cuarta parte da poboación mundial sobrevive entre o que se poderían denominar “circunstancias duradeiras e normais” cando en realidade se as contemplamos na escala espazo-temporal axeitada resultan evanescentes: clima estábel, enerxía, auga barata, acceso a combustíbeis ou crecemento poboacional e económico rápido e continuado. Porén, estas premisas son temporais: o clima está a cambiar na actualidade moi aceleradamente, a enerxía barata constitúe unha característica da época dos combustíbeis fósiles (gas, carbón ou petróleo), o acceso a auga potábel segue a ser limitado a unha parte do Planeta e remóntase ao século XIX con algunhas excepcións, e o crecemento poboacional e económico son fenómenos relativamente recentes. En conclusión, “considerar estas circunstancias duradeiras e normais e depender de que se manteñan é un interesante xogo de azar” (McNeill, 2000).

É evidente, pois, que as principais formas de destrución ambiental xurden na actualidade da lóxica de acumulación de capital (tanto fixo como móbil). Por unha banda, segue a existir un grupo conformado polas xigantescas corporacións consumidoras de combustíbeis fósiles (compañías que dominan a industria mundial do petróleo, o gas, o

carbón, os automóviles, a construción de infraestruturas e a xeración de produtos plásticos) que representan unha constelación de intereses económicos enormemente poderosos. Pola outra, algunhas corporacións multinacionais lideradas polos “Xigantes do Xen”⁸⁸, levan anos empregando as últimas tecnoloxías para facer realidade a introdución a grande escala de organismos modificados xeneticamente. Alén das impredecibles consecuencias que este proceso poda xerar (expansión de alerxias alimentarias, evolución de virus ou aumento de especies resistentes a antibióticos), para Callinicos, trátase dunha “obscena aspiración” das corporacións biotecnolóxicas que pretenden controlar a cadea alimentaria, condeando, así, ao sector agrícoloa mundial a unha dependencia destas sementes.

Neste sentido, ver no capitalismo unha fonte das actuais ameazas para o ambiente natural e territorial non equivale unicamente a tratar a natureza como un simple construto social resultado da manipulación humana. A intervención humana no mundo físico é inherentemente susceptíbel á dialéctica das consecuencias indesexadas descrita por distintos autores que imaxinaban que, coa axuda das ciencias naturais, a comunidade humana podería ser quen de poñer remedio a todo tipo de consecuencias cando resultasen nocivas. Porén, este proceso viuse inhibido en grande parte polo actual dominio das relacións de produción capitalistas, que fomentan “o emprego do coñecemento científico para facer do mundo físico (incluíndo nel propiedades tan abstratas como os xenes) algo completamente funxíbel e empregábel” (Callinicos, 2003). Deste modo, a lóxica de acumulación competitiva non causa só profundas crises económicas ou culturais, senón que se manifesta tamén como a principal forza que subxace ao cada vez máis ameazante proceso de destrución ambiental.

Pola súa banda, o filósofo Cornelius Castoriadis –fundador na década de 1940 do grupo político “Socialismo o barbarie” e da revista que leva o mesmo nome-, suxería a comezos dos anos 1990 unha idea subversiva do concepto de ecoloxía. Na súa opinión, recollida nunha obra (2006) de escolma de conversas e reflexión baixo o título *Una sociedad a la deriva. Entrevistas y debates (1974-1997)*, cuestionaba o imaxinario capitalista que domina o planeta e que lle confire ao termo un carácter contestatario. Ao recusar o motivo central do capitalismo –a acumulación de capital sen límite e aumentar sen cesar a produción e o consumo-, a ecoloxía ven determinar o impacto catastrófico da súa lóxica no medio ambiente natural e na vida dos seres humanos. Esta lóxica, para Castoriadis, é absurda en si mesma e conduce a unha imposibilidade física a escala planetaria pois desemboca na destrución das súas propias (pre)suposicións. Neste sentido, non se trata só da dilapidación irreversible do medio e dos recursos non reempresábeis, senón que supón, ao tempo, a “destrución antropolóxica dos seres humanos transformados en bestias produtoras e consumidoras” (Castoriadis, 2006). Ou sexa, trátase da destrución dos seus medios de vida e,

⁸⁸ Callinicos (2003) cita a “AstraZeneca, DuPont, Monsanto, Novartis e Avenis”

polo tanto, fuxindo dunha defensa “bucólica” da natureza, cómpre salvagardar ao ser humano e ao seu hábitat; loita que resulta incompatíbel co mantemento do sistema dominante e que depende, en última instancia, dunha reconstrución política a sociedade.

Do mesmo xeito que Callinicos, Castoriadis asocia esta idea da ecoloxía, como forza revolucionaria e antisistémica, co dominio da “tecnociencia”. Pregúntase se a ciencia avanzada ao servizo do capital e do capitalismo, debe ter algún tipo de límite que impida a evolución do sistema económico ao tempo que implique impedir, limitar ou controlar a expansión do saber. Neste sentido, alertando do risco que suporía desembocar nunha “ditadura sobre as mentes”, propón dous principios elementais: dun lado, a produción, nun sistema onde a economía sexa un medio e non a fin principal da vida humana, non pode nin debe posuír unha expansión ilimitada nin irreflexiva; doutro, non é posíbel pretender ignorar que a expansión libre do saber contén en si mesma perigos que non poden ser definidos de antemán (Castoriadis, 2006). A comprensión da ecoloxía constitúe, pois, un elemento fundamental para a elaboración de alternativas ao modo de produción capitalista. Non pode haber vida social que non outorgue unha importancia central ao medio ambiente no que se desenvolve. Curiosamente, esta comprensión do medio natural coma un sistema aberto, semella ter existido no pasado (sociedades tradicionais) moito máis do que hoxe. Se se pensa na organización do espazo e da vida social en Galiza durante o primeiro terzo do século XX, cando o sistema agrario tradicional dominaba case a totalidade das relacións ecosociais, é posíbel comprender que sen un “saber científico” propiamente dito, o campesiñado posuía unha conciencia “inxenua” pero xusta da súa dependencia vital en relación co medio ambiente e, en definitiva, un coñecemento moito máis intenso do entorno territorial. Nos últimos decenios, este feito ten cambiado radicalmente co desenvolvemento do capitalismo e a tecnociencia máis avanzada, baseados nun crecemento continuo e rápido da produción e do consumo, que implican efectos catastróficos na ecosfera terrestre. Dito doutro xeito, a ampliación do saber no eido social provocou, paradoxalmente, un descoñecemento do medio natural que supón unha cuestión inherente á vida humana en sociedade.

Para afrontar ambos os dous principios, a expansión ilimitada do saber e os perigos que suscita, Castoriadis traslada o debate a un posicionamento político. Na súa opinión, cómpre poñer en práctica aquilo que Aristóteles denominaba *phrónesis*, a prudencia (ao que se podería engadir “autocontención”), xa que a tecnoburocracia actual –tanto económica como científica– tan manifestado a súa propia incapacidade de posuír prudencia e só existe e é impulsada “polo delirio da expansión ilimitada”. Finalmente, Castoriadis expresa a necesidade dunha verdadeira democracia (“unha demarcia en realidade e non en verbas”) que instale procesos o máis amplos posíbeis de reflexión e de deliberación participativa. Se a sociedade contemporánea constitúe un corpo fundamentalmente imprudente (polo menos no que respecta as potencias económicas dos países desenvolvidos), cómpre que a cidadanía

dispoña dunha verdadeira formación e información e de ocasións para exercer o seu xuízo na práctica: “unha sociedade democrática é unha sociedade autónoma, pero autónoma significa tamén e sobre todo autolimitada” (Castoriadis, 2006).

Seguindo este fío condutor, na obra *Decrecemento, crise, capitalismo* (2010), o politólogo Carlos Taibo ilustra como o capitalismo de hoxe non é só responsábel de inxustizas e explotacións que teñen como vítimas seres humanos, senón que, máis aínda, é responsábel tamén de importantes agresións contra o medio natural, traducidas nun perigoso crecemento da pegada ecolóxica que reduce sensibelmente os dereitos e posibilidades das xeracións vindeiras. Neste traballo, o autor, defende a necesidade de abrir unha nova fronte de loita contra o capitalismo da man da reivindicación de reducións significativas nos niveis de produción e de consumo no Norte desenvolvido, acompañadas da defensa paralela da primacía da vida social, da distribución do traballo, da recuperación do local e da autoxestión xeralizada.

Durante os últimos dous séculos, a visión dominante nas sociedades opulentas suxeriu que o crecemento económico era a panacea que resolvía todos os males. Ao seu amparo a cohesión social asentábase, os servizos públicos mantíñanse e o desemprego e a desigualdade non gañaban terreo. Na opinión de Taibo, na actualidade, sobran as razóns para rexeitar de todo o anterior. O crecemento económico non xera –ou non xera necesariamente– cohesión social, senón que “provoca agresións ambientais en moitos casos irreversíbeis, propicia o esgotamento de recursos escasos que non estarán á disposición das xeracións vindeiras e, en fin, alimenta un modo de vida escravo que invita a pensar que seremos máis felices cantas máis horas traballemos, máis cartos gañemos e, sobre todo, máis bens acertemos a consumir” (Taibo, 2010). Semella entón que, fronte a isto, imponse a certeza de que, deixado atrás un nivel elemental de consumo, o acrecentamento irracional deste último é antes un indicador de infelicidade que unha mostra do contrario.

Neste sistema económico imposto ao que nos sometemos voluntariamente, os indicadores económicos que nos vemos obrigados a utilizar –como o produto interior bruto (PIB) e afíns– afortalan, en palabras de J.K. Galbraith, “unha das formas de mentira social máis espalladas”. Taibo emprega o seguinte exemplo ben ilustrativo, “se un país retribúe ao 10% dos seus habitantes por destruír bens, facer buracos nas estradas, estragar os vehículos..., e a outro 10% por reparar esas estradas e vehículos, terá o mesmo PIB ca un país no que o 20% dos empregos se consagre a mellorar a esperanza de vida, a saúde, a educación e o ocio” (Taibo, 2010). Neste sentido, a maioría deses indicadores contabiliza como crecemento –cómpre supor tamén que como benestar– todo o que constitúe produción e gasto, incluídas as agresións espaciais e ambientais; a saber, accidentes de tráfico, consumo de tabaco, de fármacos e de drogas, ou o gasto militar. Eses mesmos indicadores nada din, en troques, do

traballo doméstico, da preservación do medio ambiente –sinala Taibo, que “unha fraga convertida en papel acrecenta o PIB, en tanto esa mesma fraga indemne, decisiva para garantir a vida, non computa como riqueza”–, da calidade dos sistemas educativo e sanitario, ou do incremento do tempo libre. De resultas, seguindo o fío condutor de grande parte deste traballo, pode afirmarse que o sistema económico dominante só presta atención á mercadoría –o que se ten ou non se ten–, e non aos bens que fan que alguén sexa “algo” (Taibo, 2010).

Tense visto que son moitas as razóns para contestar o aparente progreso que protagonizaron as nosas sociedades durante os últimos decenios. Na opinión de Taibo, habería que preguntarse, por exemplo, se non é certo que na maioría das sociedades occidentais se vivía mellor no decenio de 1960 que agora: o número de desempregados era moito menor, a criminalidade máis baixa, as hospitalizacións por doenzas mentais estaban lonxe das actuais, os suicidios eran infrecuentes e o consumo de drogas escaso (aínda que en progresión). Nos EE.UU., onde a renda per cápita se ten triplicado dende a Segunda Guerra Mundial, ten baixado, porén, a porcentaxe de cidadáns que declaran sentirse satisfeitos. En 2005 un 49% dos norteamericanos estimaba que a felicidade se atopaba en retroceso, fronte a un 26% que consideraba o contrario. Son moitos os expertos que conclúen, en suma, que o crecemento na esperanza de vida verificado nos últimos decenios ben pode rematar nun escenario lastrado pola extensión da obesidade, o estrés, a aparición de novas doenzas e a contaminación.


Neste sentido, unha das propostas máis novidasas que xurdiron nos últimos tempos ten que ver con concepto de decrecemento. Para Taibo, nos países ricos cómpre reducir a produción e o consumo porque “vivimos por riba das nosas posibilidades”, porque é urxente cortar emisións que danan perigosamente o medio e porque empezan a faltar materias primas vitais⁸⁹. Ademais, por detrás deses imperativos agroma un problema central: o dos límites medioambientais e de recursos do planeta. Por exemplo, se é evidente que, en caso de que un individuo colla do seu capital, e non dos seus ingresos, a maioría dos recursos que emprega, isto conducirá á quebra, pola contra, semella sorprendente que non se utilice o mesmo razoamento para sopesar o que as sociedades occidentais están a facer cos recursos naturais. Para avaliar a fondura do problema, o mellor indicador é a pegada ecolóxica⁹⁰, que mide a superficie, tanto terrestre como marítima, que precisamos para manter as actividades

⁸⁹ "O único programa que necesitamos resúmese nunha palabra: menos. Menos traballo, menos enerxía, menos materias primas" (Taibo, 2010).

⁹⁰ A pegada ecolóxica constitúe un indicador do impacto ambiental xerado pola demanda humana que se fai dos recursos existentes nos ecosistemas do planeta relacionándoa coa capacidade ecolóxica da Terra de rexenerar os seus recursos. Representa a área de terra ou auga ecoloxicamente produtivos (cultivos, pastos, bosques ou ecosistemas acuáticos en un modelo ideal tamén o volumen de ar), necesarios para xerar os recursos necesarios e ademais para asimilar os residuos producidos por cada poboación determinada dacordo ao seu modo de vida, de forma indefinida. A medida pode realizarse a moi diferentes escalas: individuo (a pegada ecolóxica dunha persoa), poboacións (a dunha cidade, rexión, ou país, por exemplo), comunidades (a das sociedades agrícolas, das sociedades industrializadas, entre outras). O obxectivo fundamental de calcular as pegadas ecolóxicas consiste en avaliar o impacto sobre o Planeta dun determinado modo ou forma de vida e, comparalo coa biocapacidade do mesmo. Consecuentemente supón un indicador clave para a sustentabilidade.

económicas. Se en 2004 esa pegada era de 1,25 Terras, segundo moitos prognósticos alcanzará dúas Terras en 2050. A pegada ecolóxica igualou a biocapacidade do planeta arredor de 1980, e tense triplicado entre 1960 e 2003.

Imaxe 5.1: A pegada ecolóxica a nivel mundial



Fonte: Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento, 2012.

En todo caso, non abonda exclusivamente con reducir soamente os niveis de produción e de consumo. Cómpre reorganizar en paralelo as nosas sociedades sobre a base doutros valores que reclamen o triunfo da vida social, do altruísmo e da redistribución fronte á propiedade e o consumo ilimitado. Nas propostas de Taibo, inclúese a reivindicación, en paralelo, do ocio e a recreación fronte ao traballo obsesivo⁹¹. Ademais, debe apostarse tamén polo repartimento e a distribución do traballo, unha práctica sindical que foi caendo no esquecemento co paso do tempo. Outras esixencias ineludíbeis falan da necesidade de reducir as dimensións de moitas das infraestruturas produtivas, das organizacións administrativas e dos sistemas de transporte. O local, por demais, debe adquirir clara primacía fronte ao global nun escenario marcado pola sobriedade e a simplicidade voluntaria. O economista francés Serge Latouche –partidario do decrecemento- ten resumido o sentido destes valores da man de oito "re": reavaliar (revisar os valores), reconceptualizar, reestruturar (adaptar producións e relacións sociais á mudanza de valores), relocalizar, redistribuír (repartir a riqueza e o acceso ao patrimonio natural), reducir (rebaixar o impacto da produción e o consumo), reutilizar (en vez de desprenderse dunha chea de dispositivos) e reciclar.

En *Raíces económicas del deterioro ecológico y social. Más allá de los dogmas*, José M. Naredo (2010, edición actualizada), trata de reinterpretar os conflitos ambientais e sociais da actualidade dende perspectivas máis amplas das habituais. Alén de desvelar as irracionalidades propias da ideoloxía económica dominante (causante deses conflitos), ensaia,

⁹¹ Ou, en palabras do político francés Yves Cochet, fronte ao "máis á présa, máis lonxe, máis a miúdo e menos caro" cómpre contrapor o "máis devagar, menos lonxe, menos a miúdo e máis caro".

propón e aplica enfoques alternativos; estudando e explorando, por unha banda, a natureza e o posíbel tratamento económico da raigame económico-financeira normalmente “esquecidas do problema ambiental” e reflexionando, en segundo lugar, sobre a persistencia dos dogmas do pensamento económico hexemónico e os mitos e crenzas que o manteñen; profundizando, finalmente, na revisión dos dous mitos máis importantes, ao ollar de Naredo, do tempo-espazo actual: o mito do traballo e a crenza do desenvolvemento económico. Para Naredo, o que hoxe se pode denominar desenvolvemento ten máis a ver co posicionamento optimizado dos países na adquisición da riqueza planetaria que coa produción da mesma. Este fenómeno fica apousado, no relato deste autor, na crecente polarización social e territorial e, evidencia, a imposíbel xeneralización das claves de enriquecemento de calquera economía.

Existe neste contexto un elemento complementario ao que Naredo (entre outros) confire grande importancia. Refírese ao papel das empresas transnacionais no proceso de cambio que ven sufrindo a lóxica da economía de mercado. Neste sentido, como é sabido, o capitalismo constitúe un sistema histórico e xeográfico que emerxeu sobre una “acumulación primitiva” de capital derivada da expropiación e mercantilización do patrimonio suxeito a formas de propiedade ou tenencia precapitalista. Cobrou despois forza a acumulación propiamente capitalista, analizada por Marx e outros autores, baseada nas “plusvalías” extraídas da produción e venda de mercadorías. Porén, na actualidade tense asistido a unha terceira onda de acumulación de capital realizada por un reducido grupo de enormes empresas transnacionais a base de crear diñeiro, no sentido amplo mencionado, para comerciar co patrimonio vinculado ao capitalismo tradicional e ao desmantelamento do sector público (Naredo, 2010). A idea de que o xogo económico apunta sempre á “produción” de riquezas serve para ocultar a vertente predominantemente “adquisitiva” do mesmo, unida á “acumulación por desposesión” (Harvey, 2003) que lonxe de ser só algo “primitivo” ou “orixinario” na historia do capitalismo, segue a estar á orde do día, como ben testemuña a crecente importancia das compravendas de empresas e, en xeral, dos mercados de activos patrimoniais. Ademais, sinala Naredo, dos mecanismos de adquisición e desposesión, “existen outros que facilitan a crecente apropiación do valor das empresas dominantes mediante o emprego de marcas (creadas ou adquiridas) para acaparar mercados e poñer a cadea de valor xerado ao seu servizo” (Naredo, 2010).

En definitiva, mentres a expansión do capitalismo apoiouse basicamente, até ben entrado o século XX, nas actividades extractivas e transformadoras dos propios territorios metropolitanos, máis ou menos reforzada co comercio colonial, o actual depende en moita maior medida da deslocalización destas actividades e do emprego de aquelas outras, comerciais e financeiras, que as controlan. Ou tamén, mentres que o primeiro dependía da función exportadora da industria e do saldo favorábel da balanza comercial dos países, o segundo depende da capacidade mediática das empresas transnacionais con domicilio neles

(e, por ende, da fortaleza das moedas nas que cotizan) para atraer o aforro mundial mediante a creación de “diñeiro financeiro” a unha escala sen precedente (Harvey, 2003 e Naredo, 2010).

Dende hai algún tempo José M. Naredo ven argumentando que os patróns actuais de ordenación do territorio –ligados á evolución dos sistemas urbanos e agrarios- son o derivado implícito das regras de xogo económico imperantes. Así ten sinalado que “o seu carácter universal é o reflexo do universalismo capitalista que nos invade” (Naredo, 2010). Ademais, ese universalismo leva consigo unha ideoloxía apoloxética do “statu quo” que pousa as súas consecuencias sociais e ambientais degradantes. Para este autor, entre as iniciativas gubernamentais destaca cada vez máis a idea usual do “económico”, coa convención social do diñeiro que lle dá vida e os seus afáns de crecemento permanente, con evidente incidencia no territorio, incluíndo aos seus recursos e calidades ambientais. Do mesmo xeito, na súa opinión a mitoloxía da produción e o crecemento naceu arroupada por unha visión organicista do mundo que lle outorgaba coherencia: “o crecemento económico estaba en relación co suposto crecemento da Nai Terra e das súas producións razoábeis” (Naredo, 2010). En todo caso, como se estivo a expoñer ao longo deste apartado, na actualidade pode saberse que “os minerais non medran no seo da Terra e que os continentes non dilatan os seus límites”. En consecuencia, e isto permite fechar polo de agora esta liña argumental, para Naredo, “as regras do xogo económico globalmente imperantes, amósanse en franca contradición con aqueles que caracterizan o comportamento da biosfera e dos seus ecosistemas” (Naredo, 2010). Este feito, clave para comprender o contexto socioeconómico e ambiental do colapso que se tratou de expoñer, induce a considerar á especie humana como patoloxía terrestre.

5.2.- As orixes sociohistóricas do colapso territorial en Galiza

Seguindo coa lóxica anterior, para a maioría dos científicos sociais, as estruturas socioeconómicas da Galiza de hoxe evolucionaron, indiscutibelmente, até convertírense en forzas propias dun país maioritariamente desenvolvido e urbano (Lois e Pino, 2015). Pola contra, existen elementos abondo para defender que a “destrucción creativa” que Schumpeter identificara como dinámica xenuína do capitalismo, foi suplantada polo que Arrighi denominou ironicamente a “destrucción destrutiva”, dando lugar aos fenómenos característicos da acción depredadora do actual sistema-mundo, sendo a periferia o elo máis feble e vulnerábel. Noutras palabras, o neoliberalismo está a converter o proceso de modernización da economía e da sociedade galegas nun calvario máis que nun ascenso na escada do benestar. Este feito é ben expresivo no proceso de espoliación e vaciado do contido demográfico do país e máis da súa substancia económica. Se empregamos a conceptualización que David Harvey ten deseñado dende a década dos 1970, este discurso posúe un correlato espacial e deste xeito, a realidade contemporánea de Galiza é a dunha economía periférica que padece, á maneira dunha colonia interior (Beiras, 1984 e 2008), a dinámica do

desenvolvemento desigual do capitalismo no ámbito do Estado español e da Unión Europea, dando lugar a unha serie de fenómenos territoriais que, baixo a propaganda dos avances neoliberais, ocultan o fracaso dun modelo de organización social e política que resultou inútil fronte ás agresións espoliadoras e que devén, no que o xeógrafo británico Jared M. Diamond, denominou o colapso ambiental das sociedades e que agora presentamos na forma de colapso territorial, aumentando a súa esfera e outorgándolle un papel sistémico. Nesta parte do traballo, trataremos de “desmontar” os mitos neoliberais da realidade histórica e xeográfica da Galiza de hoxe e que foron sintetizadas en documentos voluntaristas e unicamente indicativos (non vinculantes) como o caso das Directrices de Ordenación do Territorio de Galiza (DOT). Farase dende un enfoque morfoxénético e, en consecuencia, tendo en conta que os procesos espaciais (en tanto que produto social) son quen de influir nas dinámicas sociais e viceversa como temos visto nos capítulos anteriores.

En termos de ecoloxía, unha situación de colapso prodúcese cando un sistema cunha estrutura e unha organización interna determinadas, comeza a expandirse e a operar a través da estrutura e da organización interna doutro sen que iso supoña a transformación ou a substitución do corpo sistémico, senón que exista unha situación de funcionamento mixto ou que o novo sistema máis sofisticado opere a través das canles máis arcaicas do primeiro. Dende unha perspectiva sistémica e alén de posicionamentos filosóficos, éticos ou románticos sobre a natureza da inevitábel confrontación entre a economía de mercado e as vellas estruturas produtivas tradicionais vinculadas ao autoconsumo, cando dous sistemas con niveis organizativos moi dispares se atopan, a absorción do sistema máis sinxelo polo máis complexo é inevitábel, como parte da constatación do principio físico da explotación das partes disipativas –sinxelas- dun sistema polas partes autoorganizativas -complexas- do mesmo (Margalef, 1991 e 1995).

Así, ao igual que Wolf (1982) ou Wallerstein (1979) teñen caracterizado o modo no que a economía de mercado desartella as relacións sociais de produción das economías menos evolucionadas dos pobos non europeos, en Galiza, a penetración rápida dos novos circuitos de materia (insumos agrícolas, produtos industriais, maquinaria), pero sobre todo de información e de enerxía (combustíbeis fósiles, hidroeléctrica...) vencellados á economía de mercado e o diferencial en complexidade organizativa cos mesmos fluxos –materia, enerxía e información- sobre os que se estruturaba o sistema produtivo tradicional, provocaron non só o seu desartellamento, ao seren os seus requerimentos funcionais incompatíbeis cos procesos de modernización derivados da chegada do sistema de mercado, senón tamén o seu colapso, ao producírense todos estes cambios a unha velocidade que fixo imposíbeis fórmulas de adaptación ou transición.

Neste sentido, resulta un feito histórico suficientemente estudado (Villares, 1982), o carácter anacrónico do sistema produtivo galego ate mediados do século XX. Apoiado nunha estrutura política e social arcaica, froito da vixencia de relacións sociais baseadas en institucións culturais de orixe medieval (caciquismo, foros ou señoríos), e fortemente condicionado pola posición ultraperiférica de Galiza nun entorno español de subdesenvolvemento económico que estivo desorganizado –polo menos- até o fin do período autárquico da posguerra. O cambio estrutural que supuxo o despegue económico español durante a segunda metade do século pasado iniciou o proceso –definitivo- de penetración das relacións económicas de mercado no ámbito rural galego. Un proceso que, ao producirse de forma tan serodia, faino de xeito extraordinariamente rápido, se o comparamos coa forma gradual na que as relacións de mercado foron substituindo as relacións sociais de produción das economías europeas precapitalistas, e derivou nun auténtico colapso do réximen de agras e do seu modelo territorial asociado (Constenla e González, 2010).

O resultado, anticipando de xeito preliminar o punto de chegada, é que, de feito, Galiza entra no século XXI cun modelo territorial marcado por unha recorrente singularidade dalgunhas das súas variabeis máis relevantes: se en termos económicos Galiza segue amosando indicadores de renda e PIB claramente inferiores á media europea e estatal⁹² (López Facal, 2010), dende a perspectiva espacial, o seu nivel de dispersión territorial é extremo no contexto ibérico e moi destacado en termos comparados co resto dos países europeos. Porén, se analizamos o modelo territorial como unha suma de decisións individuais, podemos reparar no igualmente recorrente e profundo nivel de conflito entre os actores implicados na xestión do territorio⁹³. En Galiza, todo parece entrar en conflito coa natureza do sistema de asentamentos e coa *tradicional* identificación da propiedade do solo co dereito a edificar, no marco da non menos singular estrutura catastral e parcelaria.

Neste contexto de conflictividade xeralizada, as bases xurídicas e normativas sobre as que a administración asenta as súas competencias na ordenación territorial e urbanística, máis que ofrecer un cauce de xestión coordinada dos diferentes intereses e iniciativas sobre o territorio, parece posicionarse sobre un auténtico labirinto administrativo que confire unha sorprendente capacidade para enfrontarse con todos os actores sociais con intereses e iniciativas sobre o territorio, moitas veces previamente enfrontados entre si. Noutras palabras, na actualidade o urbanismo e a ordenación do territorio en Galiza, semellan máis un *todos contra todos* que un minimamente razoábel exercizo de xestión e gobernanza (Nogué e Romero, 2006) territorial. Semella, pois, correcto afirmar que o incremento da conflictividade

⁹² Galiza mantén un índice 86,49 (UE-27=100) de PIB expresado en termos de paridade de poder adquisitivo nas rexións europeas.

⁹³ En efecto, poden servir de exemplo procesos como: a localización dos polígonos industriais, a implantación das infraestruturas de comunicación, o crecemento urbano, a distribución da vivenda protexida, a explotación dos recursos naturais, os obxectivos de protección natural e patrimonial ou a concentración parcelaria e forestal.

territorial obedece, no conxunto dos países desenvolvidos, a razóns de carácter estrutural que teñen que ver co *renacemento do lugar* (Nel.lo, 2003) ou co *poder da identidade* (Castells, 1998). Porén, aínda que unha visión interesadamente superficial podería concluir que, en Galiza, a esas razóns debe engadirse a febleza do marco normativo da ordenación do territorio e do urbanismo -coa súa conxénita inseguridade xurídica como causas fundamentais dos problemas-, pode manterse a idea de que iso debe interpretarse máis como unha consecuencia da conflictividade territorial que como unha causa da mesma.

De feito, a sucesión de cinco leis urbanísticas -ningunha delas desenvolvida regulamentarmente-; a contradictoria evolución do anterior marco legal, -modificado até 5 veces nos seus 8 anos de vigor nun senso moitas veces contrario ao *espírito* concebido na norma orixinal-, e finalmente, a aprobación dunhas Directrices de Ordenación do Territorio cunha década de retraso -polo menos- en termos xerais respecto do contexto estatal, non son máis que mostras da inestabilidade e a improvisación coas que se ten edificado e se constrúe na actualidade o noso modelo territorial.

En calquera caso, a aprobación das DOT habilita por primeira vez en Galiza á ordenación do territorio de carácter integral, máis alá dos documentos sectoriais aprobados con anterioridade. Un punto de partida marcado, coherentemente co noso conflictivo contexto territorial, por unha forte polémica das dúas primeiras iniciativas ao respecto: o Plan de Ordenación do Litoral (POL) e a primeira tentativa (fracasada) de institucionalización do feito metropolitano, neste caso na contorna periurbana de Vigo. A este respecto, existe un acordo amplo -cando menos no mundo técnico e académico- baseado na idea de que a Ordenación do Territorio debe xogar un papel central para superar ese estado de inestabilidade e conflictividade, mais cómpre unha conceptualización e obxectivación da mesma en termos estratéxicos que, tendo en conta o recentemente acontecido, non semella terse acometido aínda. En virtude do anterior, podemos ofrecer unha interpretación da orixe e da natureza do noso actual modelo territorial, explicitando as relacións existentes entre as súas compoñentes espaciais e económicas co obxectivo de aportar algunhas bases para esa reflexión estratéxica en torno ao papel que debe xogar hoxe a Ordenación do Territorio en Galiza.

Para iso pódese partir dunha síntese descriptiva do modelo territorial tradicional galego influenciado polo xiro antropolóxico operado pola historiografía rural moderna dende a irrupción dos traballos de Georges Duby na década dos 1970 e a súa introducción no contexto español por José A. García de Cortázar. O seu instrumental teórico e conceptual permite, ao acometer a análise da súa orixe e evolución histórica, fuxir do determinismo institucional que presidiu durante anos as interpretacións historiográficas sobre os espazos rurais e plantexar unha parte importante do aporte teórico deste traballo: desentrañar as relacións de causalidade entre os aspectos socioeconómicos e os espaciais do modelo

territorial galego dende a súa xénese altomedieval até a incerta deriva (colapso) na que semella ubicarse na actualidade.

Un plantexamento que, implicitamente, asume os postulados do que se ten denominado o *xiro espacial*, é dicir, o recoñecemento multidisciplinar do papel que o espazo xoga na configuración das relacións sociais ou económicas, o que supón rexeitar a consideración do espazo –do territorio- como un mero soporte físico dos procesos económicos e sociais, fuxindo dos determinismos, xa sexan económicos ou antropolóxicos, que tanto reduccionismo inútil proporcionaron. Un xiro espacial que no caso específico da xeografía radical recupera –como temos visto-, durante a década dos 1990, as ideas que Henri Lefebvre e, en menor medida Michel Foucault, lanzaran no contexto do maio do 68 francés ao respecto da centralidade do espazo e a espacialidade na conformación dos procesos sociais (Benach e Albet, 2010). Nese fío, e cunha lóxica postmoderna, Edward Soja (1989, 1996 e 2001) teoriza sobre *capacidade explicativa da causalidade espacial* plantexando a preeminencia do espazo na construción do devir histórico e levando así ao extremo as posicións que unha parte da literatura vinculada ao desenvolvemento económico –dende Marshall até Becattini ou Storper⁹⁴- manifesta sobre a capacidade do espazo para incidir nos procesos de crecemento económico.

Sen chegar necesariamente a este extremo (non pretendemos alimentar un novo determinismo espacial), esta reflexión pon de manifesto a continua interdependencia histórica entre a evolución da economía política dos sistemas de goberno establecidos e a conformación do modelo territorial en Galiza, destacando nesa viaxe dous elementos fundamentais. En primeiro lugar, o impacto que sobre a conformación do modelo territorial galego tivo o desprazamento no tempo do proceso de monetarización da agricultura galega por mor da elongación da economía política do Antigo Réxime até ben entrado o século XX e das consecuencias que ese feito tivo sobre a construción do espazo. Se se analizase o proceso de desenvolvemento económico do medio rural en Galiza durante a segunda metade do século pasado poderíase recoñecer o papel que xogou nel a natureza do espazo sobre o que se desenvolveu. En segundo, a incidencia que dito modelo territorial tivo sobre o feble despegue económico de Galiza a partir da década de 1960, que se reflexa no feito de que a desagrarización da economía non foi seguida por unha desruralización da poboación senón

⁹⁴ Alfred Marshall, economista neoclásico de finais do XIX, foi o primeiro en codificar as economías de aglomeración distinguindo entre as economías de localización, como aquelas xurden da proximidade e da eficiencia xerada en termos de tempo, enerxía e custe derivadas de estar próximos no espazo, xerando así un incremento de produtividade –eficiencias “hard”- e as economías de urbanización, moito menos visíbeis e máis difíciles de medir, derivadas do entorno institucional –eficiencias “soft”-. Giacomo Becattini foi un dos precursores modernos da recuperación académica dos postulados de Marshall, empregándoos con éxito para conceptualizar o “distrito industrial” como explicación plausíbel ao feito de que a economía do Véneto italiano progresara de forma extraordinaria, no contorno xeralizado de profunda crise económica dos anos 1970. Michael Storper supón, para Soja, o cumio do pensamento espacial sobre a economía moderna ao defender que as rexións son tan importantes como as familias, os estados ou os propios mercados en tanto que forzas motrices da economía (Benach e Albet, 2010).

pola urbanización do medio rural⁹⁵. Un feito que se atopa na base das dificultades para a creación de capital espacial⁹⁶ e que, pódese soste, está lastrando os procesos de transformación metropolitana das periferias residenciais do sistema urbano galego, aqueles que pasan pola localización de actividades e funcións urbanas unha vez superada a deslocalización demográfica que as ollou xurdir.

Unha vez que se quebra o equilibrio entre modelo territorial e economía política, é a interdependencia entre ambas, durante o seu período de desintegración, o que ten o mesmo resultado económico que os procesos anteriores: a involución do sistema e o retraso da capitalización agraria. Cando chega prodúcese unha fase inicial do colapso territorial polo violento choque entre dúas estruturas moi descompensadas na súa capacidade organizativa. A partir de aí, a nova economía política ven mediatizada por políticas estancas e instrumentalizadas (mesmo clientelares). A influencia do espazo –do modelo territorial herdado- no proceso de desagrarización da economía é sumamente importante, xa que constitúe parte fundamental da explicación do feito da urbanización do medio rural antes que a desruralización da poboación.

Neste sentido, o interesante e desgarrador traballo do antropólogo e economista Marcos Lorenzo “Galicia en liquidación: feridas no mapa antropolóxico”⁹⁷ (2007) resulta esclarecedor. Na súa opinión, en tan só 40 anos Galiza executou unha dobre “pirueta mortal”: por unha banda mudou radicalmente a súa base económica e cultural, abandoándose desmaiada nos brazos da modernidade; pola outra, incorporouse á aceleración tecnolóxica global e aos profundos cambios sociais da era do consumo. A combinación de ambos tremores provocou severas disfuncións de toda orde, sexa na esfera psicosocial (neurose e desvertebración) ou sexa na escala das políticas públicas (mimetismos improvisados e depredacións de curto prazo). Para Lorenzo inaugúrase un período histórico de “liquidación”, na acepción máis ampla da palabra (o que nos leva de novo á sociedade líquida de Bauman). Efeitivamente, o que este autor pretende analizar son as profundas fendas síquicas e sociais provocadas polo vertixinoso cambio cultural que padeceu Galiza nos últimos catro decenios. A pesar de que expresa –explicitamente- fuxir de leituras xeográficas desta cuestión, xa temos visto que o traballo de Harvey impide realizar tal exercizo, xa que o único xeito de

⁹⁵ Noutras verbas, trátase de explicar que a realidade da urbanización rural como fenómeno ligado ao proceso do feble despegue económico da segunda metade do século XX hai que buscalo non só na case inexistente industrialización senón na natureza do modelo territorial. A urbanización foi así un fenómeno inducido pola colusión dunhas políticas públicas estancas e instrumentalizadas cun modelo territorial determinado, que constitúe a razón última da improvisación da construción recente do territorio.

⁹⁶ É dicir, as interdependencias fortuítas que se producen na colusión espacial, as potencialidades sociais e institucionais e os aspectos políticos, e que se adoitan denominar externalidades positivas, sinerxias ou máis comunmente, economías de aglomeración.

⁹⁷ Trátase dunha charla impartida no seminario “As feridas do territorio. Xornada de Filosofía e Paisaxe”, organizado polo Ateneo de Pontevedra, en colaboración co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. Día 27 de xaneiro de 2007, Centro Social CAIXANOVA.

comprender os atributos obxectivos da esfera espazo-temporal é atender ás particularidades materiais que o determinan e que son fundamentalmente sociais. Como noutros casos, Marcos Lorenzo comeza o seu relato –co obxecto de “dar fe dun proceso vivido”- na escala do persoal, do corpo humano propio no sentido foucaultiano. Resulta interesante comprobar a elección e o uso dos termos (proceso vivido), xa que nos retrotrae continuamente a pasaxes que indistintamente atravesan os universos lefevbrerianos e jamesonianos, nunha articulación conflictiva entre as cosmovisións da cultura tradicional e as da era postmoderna.

Expón a través de oito elementos de análise -que permiten abrir hipóteses explicativas- as transformacións sociais acontecidas e percibidas ao longo do seu periplo vital. Traslada o imaxinario do seu relato ao universo urbano galego que no comezo –finais da década de 1960- era observado como “unha fonte de ameazas potenciais, un espazo que non se dominaba e fronte ao cal se debían despreparar toda clase de reservas defensivas” no que sobrevivir significaba estar “sometido a unha especie de estado de excepción, coma un intruso agochado nas marxes dun territorio extraño”. Precisamente, ese clima psicoide de inseguridade manifesta, derivou nun cadro que se manifestaba na sobreprotección e na repetición continua de actividades monótonas e domésticas co obxectivo de “evitar fugas que malograsen o noso ascenso social”. Porén, naquela altura a situación emocional se transformaba cando, nas fins de semana e nos períodos vacacionais, se trasladaba á aldea (fenómeno moi extendido nos procesos vitais da poboación galega que protagonizara anos atrás o chamado éxodo rural cara ás urbes). As sensacións cambiaban axiña. Simplemente con saír da cidade sentías o alivio de fuxir da opresión e da súa presenza asfixiante. Logo comezaba a inqueda, a exaltación e os nervos até atravesar a fronteira simbólica que conducía ao hábitat propio. Tras dúas horas de camiño para percorrer apenas 40 quilómetros, “a sensación era de outredade, de corte abismal entre senllos universos culturais” e de liberación⁹⁸. Ao contrario da cidade, a aldea conservaba boa parte dos riscos humanos, das formas de organización social e dos aproveitamentos do solo propios das sociedades agrarias de autosubsistencia, ou se se quere, do feudalismo tardío. Por tanto, a viaxe desde a urbe non era só un desprazamento xeográfico, senón tamén cronolóxico, unha auténtica “viaxe no tempo”.

Porén, a principios da década de 1980, a aceleración do tempo trouxo consigo na aldea unha serie de innovacións que permitiron a introdución brusca da modernidade⁹⁹, do uso do

⁹⁸ A este respecto, Marcos Lorenzo lembra que as percepcións da infancia non son de todo realistas coa situación xeosocial da aldea. Neste sentido, compre destacar a profunda estratificación económica do medio rural, en aberta disonancia co preconcepto urbanita dunha sociedade arcaica de labregos iguais, por non falar dos dispositivos de control comunitario e de estigmatización do diferente.

⁹⁹ Esta brusca introducción ten o seu correlato nas prácticas culturais da mocidade e das persoas maiores da época: “Por aquela altura centos de romarías estivais perden concorrência e a mocidade local comeza a visitar as discotecas das principais vilas: a música das bandas e das orquestras é paulatinamente substituída polos vinilos de Modern Talking ou Tino Casal. En paralelo, nacen novas fórmulas lúdico-gastronómicas orientadas á xente maior e deseñadas en chave populista polo partido gobernante. Ambos fenómenos posúen un denominador común: a centralización política ou mercantil do ocio. As condicións “naturais” do mercado dictaban sentenza contra da extrema diseminación dos asentamentos locais” (Lorenzo, 2007).

capital-diñeiro-moeda e a especialización produtiva. Entre eses adiantos son significativos: a luz eléctrica, o abastecemento de auga potábel, a mecanización do campo (primeiro en mancomún), a chegada de novas tecnoloxías da comunicación (televisión), a transformación da mobilidade de base diaria coa introdución dos automóbiles particulares, os sulfatos e os fertilizantes, as granxas con “ordeñadoras” e as pagas sociais das persoas maiores. Ademais, ese proceso de conversión cara lóxicas mercantís coincide cunha maior taxa de escolarización e co incremento das expectativas da mocidade local, quen emigra masivamente. Aumenta a presión inmobiliaria sobre o solo grazas ao retorno de diñeiro procedente da emigración europea, o “boom” do sector da construción e a laxitude das normas urbanísticas, de xeito que distintas “xeracións empregaran os seus maiores esforzos en converter aquel solo (un pedregal pouco agradecido) inclemente nun algo fecundo”. Finalmente, as directrices agrarias da – entón- Comunidade Económica Europea, e a súa asimilación acrítica por parte dos “tecnócratas nativos”, recomendaban desfacer todo o entramado minifundista para incorporar raios maiores de hectáreas por explotación. Deste xeito, inaugúrase o que Lorenzo chama “a febre da concentración parcelaria” como unha das consecuencias máis importantes que se detectan sobre o territorio físico. A este respecto, as primeiras transformacións acontecidas teñen que ver coas infraestructuras e son narradas por Lorenzo do seguinte xeito: “asfaltan a pista de terra que viña de Agolada, instalan puntos de luz, tiran a ponte de pedra do século XII e fan outra de formigón cun terraplén que impide ás vacas baixar a beber, cimentan o chan da aldea, éncheno todo de cableado eléctrico”. Logo procédese a unha concentración do terreo agrario que supón en primeiro lugar o exterminio físico da rede de camiños tradicionais, e ao tempo unha simplificación dos usos do solo en tres ou catro grandes categorías que reducen a rica complexidade do herdado, e isto, coincidindo coa práctica desaparición de brazos novos capaces de traballar unha terra en proceso de mecanización. O custo estimado dunha concentración parcelaria nunha aldea tipo a finais dos anos 1980 ascendía a uns 500 millóns de pesetas o que significaba un enorme dispendio sen estudo de viabilidade minimamente serio, tendo en conta que o valor da mesma aldea nun cálculo a tanto alzado, e a prezos de mercado da época, incluíndo bens inmobles e propiedades rústicas, case con toda probabilidade non acadaría ese valor de venta. A baixa rendibilidade das explotacións xeradas e a inexistencia de man de obra que as traballase fixo agromar outro tipo de negocios “viabeis” economicamente pero moito máis custosos ambiental, paisaxística e socialmente, xunto coa substitución da horta pola forraxe (canteiras de pedra, instalacións de naves industriais, grandes infraestructuras na franxa litoral, arrendamentos para almacenaxe de mercadorías nocivas ou servizos de telecomunicacións ou – no mellor dos casos- explotacións de gando fortemente subvencionadas). O resultado foi tan profundo a nivel estético que semella non quedar nada do herdado. “Por non quedar, non queda nin sequera o encanto dun contorno natural mimoso e abundante en significados. O que si hai son pistas rectilíneas e borrallentas, pistas coas cunetas repletas de escombros da obra, pistas agretadas e inservibeis por unha deficiente canalización das augas. En definitiva, o etnocidio consumouse

transformando unha aldea nun polígono agroindustrial desolado. Algún monocultivo forestal é todo o que resta, e para iso de forma residual, como esperanza dun complemento económico familiar. Hoxendía, Ferreiroa é para min pouco máis que un monumento *kitsch* á barbarie modernizadora “ (Lorenzo, 2007).

A grande transformación entre o agro tradicional e as industrias do campo aconteceu sen que mediasen políticas endóxeas de transición, políticas que combinasen a posta en valor das prácticas máis válidas da cultura tradicional con innovacións procedentes do acervo da modernidade. Esas políticas, de facerse, terían precisado de análises profundas e integrais da evolución do agro, desde as cales se puidese inferir algo así como un proxecto de país. Pola contra, existíu unha puxanza do sector público que repartía investimentos e pensións con carácter discrecional, non dende criterios obxectivos senón como concesión de favores establecendo unha tupida rede clientelar que asentaba as súas raíces en toda unha cultura política de índole transcendental. Noutras palabras, en opinión de Lorenzo existía unha “forma de reciprocidade enganosa” porque había un *quid pro quo* (eu dou, ti das), enganoso xa que o intercambio era asimétrico, tendo en conta que o responsábel político non era propietario dos fondos públicos, e que, ademais, naturalizaba un *status quo* piramidal, de redes políticas verticais, en detrimento das relacións horizontais entre cidadáns do mesmo rango: “a consolidación deste modelo taponou calquera intento de implantación dunha cultura democrática no ámbito local” (Lorenzo, 2007). No medio desa situación de limbo político local en contraposición cun poder “autoanémico” (adicado exclusivamente á xestión e á propaganda) incapaz de promover iniciativas reais de transformación e progreso, non podían xurdir propostas de reforma ben planificadas e sustentadas no interese xeral. Na opinión de Lorenzo, ese deserto foi pola contra un verxel de corruptelas, autoritarismos e depredacións de curto prazo (con consecuencias moi profundas), fillas dunha visión patrimonial das institucións ou, no mellor dos casos, terreo abonado para “mimetismos absurdos”: como non existía un proxecto sempre se podían copiar extravagancias soltas e descontextualizadas.

Se isto acontecía no medio rural, na cidade a situación non era moito mellor. O proceso de urbanización en Galiza supón un fenómeno recente, o que implica un certo nivel de inmadurez na cohesión social dos últimos en chegar, é dicir, o enraizamento de moitos dos que emigraron do campo á cidade é aínda feble e, en consecuencia, o contraste entre a comunidade agraria e as sociedades mercantís urbanas ten resultado relativamente traumático. Este feito foi mitigado polo feito de que os barrios de nova creación nas cidades e vilas do país acollían familias de extracción sociocultural semellante, realidade que axudou a amortiguar o cambio. Por outra banda, este elemento contribuíu excepcionalmente a unha configuración laxa e feble do fenómeno urbano da Galiza, que se ben ten unhas condicións estéticas (edificios, infraestruturas, espazos públicos, dotacións, servizos) homoxéneas co resto de crecementos metropolitanos acontecidos no resto do Estado español, posúe unhas

especificacións socioculturais derivadas desta cuestión. Se cadra, antes de aventurar unha conclusión ao respecto, debería ser analizado un aspecto previo, relativo ao tipo de proceso urbanizador que tivo lugar en Galiza e a que tipo de vida urbana xenerou. A isto, poderíamos engadir unha serie de efectos negativos consecuencia do proceso da emigración caras as cidades: elevación brusca da porcentaxe de suicidios (que pasou de ser en Galiza das máis baixas de España nos anos 1960 a multiplicar por 3 ou 4 a media estatal), do consumo de ansiolíticos e do número de alcohólicos (entre a cidadanía hoxe maior de 45 anos), das persoas afectadas de doenzas psíquicas graves (chegando ao 25% no continxente de mulleres de orixe rural), a consecuencia do “derrubamento das súas conviccións íntimas”, en suma, do paso dunha cultura superior a outra moi inferior e vilificante.

Xusto neste intre, cómpre lembrar a emerxencia dun novo fenómeno a ter en conta como consecuencia da mundilización económica: os hábitos de vida modernos que supuxeron unha revolución (acelerada) no seo dos fogares. Cando menos poderíanse citar:

- A. A aparición da familia nuclear fronte á extensa (diminución do tamaño medio da unidade familiar).
- B. A práctica extendida do consumo individualista fronte ao aforro previsor da casa.
- C. A inauguración dunha nova división do traballo baseada nos tempos estacionais e cíclicos ao horario laboral.
- D. O paso dun coñecemento integrado e diversicado ás cualificacións técnicas especializadas
- E. A substitución da propiedade e do uso da terra como principal vector económico pola venda da forza de traballo (xurdimento da clase asalariada)
- F. A desaparición dos ritos de emparellamento en detrimento da liberalización dos costumes
- G. A práctica común do prestixio da retranca cara a distinción das finuras “castelanizantes”
- H. A mudanza das obrigas comunitarias e as relacións interxeracionais polo anonimato e os vínculos esporádicos
- I. O xurdimento dun entorno inmerso nunha atmosfera cargada de debates ideolóxicos.

Como é sabido, a globalización financeira conlevou a perda relativa de poder dos Estados-nación para regular a súa actividade económica e os seus mercados interiores (se cadra este é un aspecto menos relavante no tocante ao sistema laboral onde a soberanía dos estados mantívose plena en case todos os casos). A disolución das fronteiras trouxo emparellados alomenos dous efectos: a deslocalización empresarial e a diminución da importancia do consumo interno, e, por extensión, dos axentes sociais que o representaban (os sindicatos). A pinza entre ambos fenómenos trasládanos a un escenario de desregulación

laboral que está a afectar profundamente ás nosas vidas, fundamentalmente en termos de maior precariedade e maior mobilidade xeográfica, o que dificulta sobremaneira o trazo de plans de vida estábeis. Dito doutro modo, a cada paso somos máis prescindíbeis como traballadores e -non tanto- como consumidores. Os niveis de formación deben ser cada vez maiores, xa que se trata dunha imposición do ecosistema da competencia ao que estamos sometidos. Por suposto, este escenario caprichoso e efémero ten graves repercusións na estrutura social da poboación, non só en termos de maior polarización por rendas (e por tanto de descenso das clases medias) senón tamén en canto ao mantemento dunhas redes sociais permanentes que actúen como colchón de vida e seguridade persoal, sexa a través das relacións de parella, de amizade ou de parentesco. Esta transformación do mercado laboral correu paralela á multiplicación de novas canles de información e publicidade, transmisoras ambas, como elementos estéticos, de ideoloxía. O folclore postmoderno está en mans de industrias culturais que como Hollywood ou a SGAE (cada unha á súa escala e magnitude), que como se veu non son alleas aos grandes intereses económicos. Como fábricas de produción de valores, as industrias culturais e da información difunden unha visión do home e da muller contemporáneos onde se exalta, en consonancia co pos-maio do 68 francés e do situacionismo, a liberdade individual e a acumulación de pracer como horizonte vital. A representación constante de persoas extasiadas, perfectamente orientadas ao gozo inmediato e fútil, é unha poderosa maquinaria de modificación das condutas a través da imposición de obxectivos de vida.

Se o mercado laboral funciona coma un pistón que golpea a liña de flotación da organización social, o aparello da publicidade, propaganda e (des)información sería o estímulo inalcanzábel da plenitude. Entre ambos están a modificar dun xeito uniformemente acelerado os perfís coñecidos da humanidade actual, até conformar un novo mapa de psicoloxías e estratexias do benestar (Lorenzo, 2007). Un novo mapa onde a antiga prevalencia de estruturas e institucións estábeis (a familia, a comunidade, a relixión ou a ideoloxía) é subordinada en favor da emerxencia do individual e do inmediato, do imperio da innovación.

Así, as vellas continuidades vitais cederon paso ante experiencias máis fugaces e fragmentarias, conducindo ao conxunto da cidadanía a certas formas de neurose e desestructuración das persoalidades. Persoalidades elásticas, cun índice de viscosidade moi baixo, persoalidades dúctiles e descentradas. Algúns intentos hai de resocializar a vida, de reterritorializar a súa existencia, sexa a través de internet ou de estratexias políticas como a democracia participativa. Porén, está constitúe a tendencia dominante e na Galiza agrávase xa que se superpón ao tránsito descrito anteriormente entre a cultura tradicional e unha modernidade xa caduca.

5.3.- O conflito territorial en Galiza

Ninguén pode negar hoxe, se observa os datos da estrutura económica e da tipoloxía demográfica, que o espazo galego debe ser xa interpretado e estudado dende unha lóxica urbana (Lois, 1996; Lois e Pino, 2015). Sinala o xeógrafo José A. Aldrey Vázquez na súa brillante obra *A poboación galega 1900-2005* (2006) que “ata ben entrados os anos 1980 a maior parte dos investigadores adicados ás ciencias sociais (...) insistían en cualificar a Galicia como un espazo ruralizado, atrasado economicamente e onde as escasas e relativamente pequenas entidades urbanas existentes (...) eran illas que ou ben funcionaban independentemente do resto do territorio galego ou só servían como centro comercial e de servizos ós amplos territorios agrarios que os circundaban e os parasitaban”. Esta afirmación, que ofrece un imaxinario decadente, descende –en esencia- do ideario axial dos estudos elaborados nas décadas 1960 e 1970 por autores de referencia como X.M. Beiras (1966 e 1972), A. Bohuier (1979) ou J. García Fernández (1975). Segundo Aldrey, nas décadas 1980 e 1990 xurde unha nova ollada da man de diversos autores (Colino Sueiras e Pérez Touriño, 1983; Souto González, 1988; Lois González, 1993 e 1996) que defende que dende “os anos 1960 aconteceron unha serie de transformacións nas estruturas sociais e económicas que deron lugar á aparición de novas formas de ordenación territorial e de asentamento da poboación, así como fortes mutacións espaciais”. Esta transformación constitúe o denominado proceso de urbanización contemporáneo en Galiza e sitúa os espazos urbanos no centro do sistema de coñecemento das ciencias sociais.

A ciencia xeográfica contemporánea de Galiza esforzouse dende mediados dos anos 1990 en presentar un territorio amplamente transformado pola lóxica urbana (Lois González, 2006). A liña discursiva fundamentouse na idea de que a realidade territorial en Galiza, que se interpretou como secular e inmutábel, desapareceu en pouco máis de vinte anos (os decenios de 1960 e 1970) cando o propio cambio social e económico do Estado Español, supuxo o brusco final da sociedade labrega, pechada no rural, que se identificara perfectamente nas lecturas clásicas de Galiza (Lois González, 2006). Na opinión de Lois González (2006) foron dous os recorrentes elementos que trocaron os fundamentos da organización territorial tradicional do país:

- O éxodo rural masivo que despoboou os campos, reduciu drasticamente a man de obra dispoñíbel e, por suposto, determinou unha menor presión e coidado sobre as superficies agrícolas.

- A urbanización caracterizada por dous feitos; o primeiro, o crecemento imparábel das áreas construídas¹⁰⁰, pavimentadas e dotadas de servizos básicos; e o segundo, a crecación dun forte mercado de consumo cidadán de alimentos o que propiciou un rápido abandono das actividades agrarias que formalizaron a paisaxe durante décadas¹⁰¹.

O paso dunha economía precapitalista a outra postindustrial, fundamentada na súa terciarización, constitúe unha narrativa extensamente exposta dende *O atraso económico de Galiza* (Beiras, 1972) até obras moi recentes. O discurso sobre o que se sustenta este proceso fundaméntase en tres pés complementares: as disfuncións campo-cidade (dicotomía urbano-rural), a división social do traballo e o proceso primitivo de acumulación de capital (en termos marxistas). A diferenza doutros espazos europeos, en Galiza a espacialización destes factores conlevan un desaxuste entre o nivel *macro* e o nivel *micro*. Isto quere dicir, que as apreciacións expostas por Aldrey (recollidas como vimos de dúas tradicións diferentes) funcionan ao nivel das grandes transformacións da economía rexional en Galiza, é dicir, pasamos dunha sociedade rural a outra postindustrial nesa escala, e, porén, semellan ter complicacións se tratamos de as adaptar ao nivel local da matriz territorial, ou noutras verbas, ao nivel das estruturas básicas da organización do espazo: sistema parcelario (ou produtivo), sistema de asentamentos e sistema viario.

Efectivamente, se entendemos o proceso de urbanización como a confluencia dun fenómeno de concentración demográfica e de actividades non agrarias nos ámbitos urbanos e dunha difusión xeográfica dos valores, comportamentos e sistemas de produción urbanos por todo o territorio, entón podemos concluir que dito proceso deba influir activamente non só sobre as grandes cifras macroeconómicas (saldo vexetativo, PIB, taxa de ocupación, etc.) senón tamén sobre o sustrato de referencia das relacións sociais sobre o espazo. Dito doutro modo, a pesar de que os datos amosen unha eminente realidade urbana, o certo é que existe outra percepción extendida, nomeadamente no nivel da antropoloxía cultural e da socioloxía, e que sinala a existencia de contradicións internas neste discurso até o límite de resaltar que as actuais relacións sociais e económicas, mesmo no ámbito urbano, aínda non abandonaron por completo o universo rural.

A morfoloxía dun territorio está determinada polo seu sistema parcelario (Busquets e Cortina, 2008). Os espazos agrarios están sustentados por un parcelario cualitativamente distinto que os urbanos. Nomeadamente nos espazos rurais a parcela constitúe o elemento de

¹⁰⁰ Algún dos síntomas deste fenómeno poden ser: “unha actividade edificativa frenética, a mellora continua das infraestruturas de comunicación e a proliferación de novas actividades necesitadas de naves industriais, construción específicas e espazos loxísticos” (Lois González, 2006).

¹⁰¹ Segundo Lois González (2006), a variedade cromática do agro foi bruscamente substituída por amplas superficies monocordes de prados e parcelas forraxeiras, vides ou invernadoiros, entre outras posibilidades.

referencia da organización espacial: a verdadeira unidade celular. Se admitimos que a transformación xenérica sufrida en Galiza nos últimos decenios é comunmente válida (sociedade rural-sociedade postindustrial), entón poderíamos admitir tamén, que a organización do espazo en Galiza mudou as súas unidades básicas de referencia, deixando de ser o parcelario o elemento máis importante. É dicir, a potencia discursiva do xurdimento das lóxicas urbanas non foi quen de penetrar no complexo entramado da organización social e espacial de Galiza, polo menos no marco da súa morfoxénese.

Dalda (2009), á súa vez, sinala que a pervivencia da aparencia do uso do territorio como recurso produtivo non corresponde coa conservación socioeconómica xeralizada das prácticas agropecuarias, nin coa vinculación da maioría da poboación activa ás mesmas. Ambos extremos están, como acabamos de ver, amplamente xustificados nos traballos cuxa síntese supón a obra de Aldrey Vázquez (2006). Polo contrario o mantemento da paisaxe cultural agraria responde á “inercia dos procesos históricos de construción das formas territoriais e a súa capacidade de adaptación ás condicións derivadas das pautas funcionais dominantes no ámbito rexional de influencia da cidade” (Dalda, 2009). Trátase entón dunha adaptación do modelo de vida urbano a unha estrutura agraria de organización do espazo. Dita adaptación, agás en casos excepcionais da infraestrutura de comunicación viaria, non se ten implementado en base a unha planificación ou ordenación dos recursos e dos equipamentos territoriais senón, grazas á presenza dun modelo de crecemento e urbanización explicitamente urbano.

A que se debe esta disfunción?

a. A existencia dunha colonia interior e o papel da xeopolítica

Se cadra resulta confuso insitir outravolta, no contexto da investigación socioespacial, en terminoloxía que semella superada pola nova constelación epistemolóxica xurdida na década dos 1990 da man do proceso de globalización económica e do xiro cultural posmoderno. Porén, a ambigüidade de determinados conceptos (empregados en ocasións con impunidade e sen matices) apartan ás ciencias sociais do seu papel desalienador e, consecuentemente, acaban por supoñer un “atranco crucial para a transformación progresista da sociedade, reflectida no plano da conciencia social” (Beiras Torrado, 1972, reed. 1995).

b. A escasa potencia da transformación da economía galega

As transformacións acontecidas na economía, no territorio e na sociedade galega ás que fan referencia os estudos da xeografía contemporánea forman parte

dunha dinámica ampla que afectou a todo o Estado español dende a década dos 1960 e que chegou a Galiza con retraso. Neste sentido, non foron correlativas cun desenvolvemento axeitado do aparello produtivo do país e tampouco se dispuxeron en función dun “pulo definitivo e poderoso de crecemento na nosa economía” (Beiras, 1972), senón que foron meros reflexos do proceso de crecemento económico español. Este feito é consecuencia directa de que Galiza segue a posuír unha economía, en primeira instancia, aberta e, en segunda, perifericamente inserida na estrutura da base económica do estado español. Ao ser periferia do sistema fica, entón, afastada dos “centros gravitatorios endóxenos” de crecemento económico e tan só recolle trazos tanxenciais e epidérmicos (“satelizados”) da potencia transformadora. Ao ser aberta, carece dunha superestructura ou dunha envolvente político-institucional que propicie defensas e mecanismos de autorregulación interna propios dunha “economía nacional”. Logo semella plausible sinalar que as transformacións económicas que se toman como motor de cambio da espacialidade (no sentido que lle confire Soja) en Galiza, non teñen sido “propias” das forzas productivas do país, e chegaron a través de todos os filtros posibles do sistema centro-periferia (consecuentemente, con escasa potencia) e, mesmo, acabaron por distorsionar as relacións socioeconómicas de índole interno.

Deste xeito, resulta que non existe correspondencia entre o alcance das mutacións estruturais que están esquilamando a realidade socioespacial galega e o ritmo de crecemento da súa economía. “Deteriórase o seu equilibrio interno, esmorece a súa demografía, reconvírtese anarquicamente o seu hábitat, entra en crise a súa agricultura, volatílízase o seu medio rural, proletarízase a súa poboación, sen que todo iso leve aparelado o proceso de crecemento que se cadra permitiría dar por ben empregadas semellantes convulsións estruturais” (Beiras Torrado, 1972, reed. 1995). Existiu crecemento, pero propiamente na economía global, e con matices na economía galega, que segue instalada nun devagar de atraso.

c. A relevancia da matriz territorial e os usos do solo

Galiza conta coa maior concentración de asentamentos de poboación da Península Ibérica, contado con máis de 30.000 núcleos en apenas 29.000 quilómetros cadrados. Esta idea que sitúa a *aldea* como asentamento de poboación dominante xeralizouse xeograficamente durante o primeiro tercio do século XX. García Fernández (1975) sinala que a aldea, como asentamento elemental e primario, constitúe a célula mínima de organización territorio e da diferenciación de usos do solo no seu ámbito de explotación. En Galiza ademais, presenta rasgos específicos

con respecto a outros espazos de dominio ecolóxico e humano da franxa atlántica europea.

Os intentos científicos de xeralizar a construción histórica do sistema de asentamentos posúen feblezas internas debido a ausencia de fontes documentais que describan a situación no medievo e a un baleiro historiográfico evidente¹⁰². En todo caso, case todos os estudos semellan indicar que no conxunto do relevo as aldeas aparecen como centros de rendas de escasa superficie e moi fragmentados.

d. A estrutura social da propiedade da terra

A propiedade da terra é un elemento básico para comprender a organización dun espazo agrario, xa que constitúe a base da organización da produción e da do espazo rural (Pèlasch, Soriano e Tulla, 2008). A propiedade, é dicir, o réxime de tenencia da terra, condiciona a continuidade e o modo de funcionar das explotacións agrarias. As súas formas fundamentais son a propiedade individual, o arrendamento, a aparcería e todas as formas de propiedade colectiva

e. A xestión da terra e a imposición do planeamento urbanístico sobre a ordenación do territorio

A cuestión da xestión do territorio repousa incomprendiblemente, dende hai décadas, sobre a definición do seu réxime xurídico (clasificación do solo) e sobre os seus dereitos de propiedade. Só os intereses económicos son quen de rachar con esta realidade, mentres as ferramentas de Ordenación do Territorio fican reducidas a documentos consultivos de carácter non vinculante. Neste contexto, non pode existir un imaxinario espacial colectivo sobre un modelo territorial propio se non se implementan medidas normativas de carácter vinculante en materia de Ordenación do Territorio (que mesmo pidan responsabilidades civís e penais) e, pola contra, se continúa a hipotecar a xestión de espazo ao estreito corsé regulamentista da planificación urbanística, sometida á presión do valor de cambio da Terra, da sobreacumulación de capital financeiro, da apropiación de plusvalías xeradas pola desposesión da biosfera e, en fin, da mercantilización absoluta do territorio como recurso.

¹⁰² Dalda (2009) conclúe que “este tipo de cuestións non poderá aclararse mentres non se complete a investigación documental co imprescindible empirismo de campo, incluíndo a prospección arqueolóxica medieval, na perspectiva de posibilitar novas síntesis histórico-xeográficas”.

Por outra banda, todo o analizado até aquí, encaixa con outro fenómeno xeográfico que modificou a paisaxe do país dende a década dos 1990: a desconcentración demográfica e o chamado cambio rural en Galiza. En efecto, a “contraurbanización” e a “periurbanización” constitúen procesos de desconcentración demográfica que están ligados aos fenómenos de cambio rural e de urbanización do campo (Ferrás Sexto, 1996 e 1998). Estes procesos xurdiron habitualmente en países con sociedades moi urbanizadas e, no caso de Galiza, foi moi discutida a súa presenza polas órbitas académicas e científicas.

Constitúe unha cuestión amplamente acollida, o feito de que Galiza modificou as súas estruturas económicas e sociais de modo considerábel nos últimos trinta anos, sobre todo pola aparición de novas institucións que garantizan, teoricamente, as liberdades e o pluralismo (Parlamento, Estatuto y Constitución). Porén, este territorio continúa aínda baixo a influencia, en gran medida, dunha profunda rede de intereses “escuros” que debe superar, para conseguir por fin, o verdadeiro despunte tecnolóxico e a entrada no grupo dos espazos desenvolvidos. Debemos recordar que en función do Índice de Competitivade Rexional (ICR)¹⁰³, ocupa un lugar entre as rexións de cola da Unión Europea, só por enriba de Extremadura (no ámbito do Estado español) e dalgunhas provincias do sur de Grecia ou Portugal.

En grande medida, mantén unha sociedade dual con dous segmentos, o rural e o urbano, definidos hai xa moitos anos por Beiras (1966 e 1972). Dous segmentos incomunicados; un, con crecemento urbano capitalista deficiente, dependente do exterior e escasamente modernizado; e outro, rural pre-capitalista, pouco dinámico e agredido dende a acción política. De todos os xeitos, a corenta anos da tese defendida por Beiras, fixéronse perceptíbeis, xa no cambio de século, algúns elementos de contraste suxeridos por Fernández Leiceaga e López Iglesias (2000):

1. Tivo lugar unha desagrarización/terciarización: a partir da década dos 1970, Galiza iniciou un proceso de terciarización da economía que provocou certos desequilibrios ao non pasar o país, previamente, por unha solvente fase de industrialización.
2. Modernización da agricultura e do traballo agrario: as melloras técnicas nos instrumentos de traballo, así como os novos fertilizantes ou a mellora xenética nas especies de gando (a pesar da crise acontecida das “vacas tolas” ou da febre aftosa porcina) supuxeron importantes avances no sector primario que veu

¹⁰³ Pódese lembrar que nun recente estudo da Comisión Europea realizado sobre as 263 rexións recoñecidas na UE, Galiza ocupaba o posto 181, amosando un tecido industrial aínda modesto, pouco innovador e con notábel dependencia dos dous xigantes: Inditex e Citroën. De feito, no tocante ao ICR o valor galego é de 36,6 sobre 100 e a media europea sitúase nos 55 puntos. Porén o dramático é que ese índice diminuíu en case 10 puntos dende o ano 2010.

como a xornada laboral diminuía e os rendimentos medraban, aínda que non tan satisfactoriamente como se puidera pensar.

3. Aparición da urbe virtual Ferrol-Vigo-Oporto: a finais do século XX, configúrose un eixo que asumiu a maior parte das relacións económicas, sociais e demográficas do país, na contorna das cidades atlánticas (Ferrol-A Coruña-Santiago-Pontevedra-Vigo). Ademais co desenvolvemento e a posta en práctica de políticas de colaboración interrexional, este eixo virtual, tamén chegaba até Oporto (Portugal). Nótese que entre Vigo e Oporto rexistrábase no cambio de século unha das maiores densidades de desprazamentos diarios de Europa.
4. Aumentaron as taxas de escolarización: no último terzo do século XX puxéronse en práctica campañas de sensibilización, sobre todo no rural, acerca da importancia da adquisición dunha formación elemental básica. Hoxe en día case a totalidade da poboación infantil recibe escolarización, a pesar de que a asignatura pendente segue sendo o transporte escolar nas áreas rurais e de montaña
5. Crecemento do gasto público con autonomía na xestión dos recursos: por primeira vez Galiza gozou duns orzamentos –mellores ou piores- que investían con, iso si, limitada autonomía. Porén, continuou amosándose insuficiente no tocante á obtención de ingresos públicos a través de mecanismos de tributación propia que permitaran unha auto-financiación pública que redistribuise a gañancia, reforzando as bases dunha desexábel converxencia económica.

Como temos visto, pódese aceptar que asistimos a dous vectores de sentido oposto actuando sobre un mesmo escenario espazo-temporal. Por unha banda, a dinámica rexional (macro) que fala dunha viaxe sen retorno cara a lóxica dos espazos urbanos e periurbanos e, pola outra, a natureza local (micro) que se presenta como un imaxinario no que actúan “forzas estruturantes” urbanas sobre un sustrato esencialmente agrario. Deste xeito, sobre unha base agraria fundamental (o parcelario) comeza a actuar de xeito espontáneo e, as máis das veces sen planificar, un universo de relacións urbanas (baseadas nos procesos de diseminación e a aparición da cidade difusa). Con frecuencia, nese caldo de cultivo, xorden contradicións, conflitos e alteracións bruscas no proceso de urbanización que van desembocar no que demos en denominar *o colapso territorial*.

Un dos factores que axuda a comprender este fenómeno de colapso pode que sexa a denominada diseminación urbana. Como veremos, a diseminación¹⁰⁴ constitúe un fenómeno

¹⁰⁴ A diseminación, en termos ecolóxicos, garda relación coa dispersión de unidades, por exemplo sementes extendidas pola acción do ar ou da auga. Polo tanto, trasladando o concepto ao campo do espazo, non se trata da propagación da lóxica urbana de modo máis ou menos planificado cara a un ámbito rural próximo, senón da aparición non deliberada de

conxénito do proceso de urbanización contemporáneo en Galiza e o exemplo máis plausible da teoría do colapso territorial. Emerxe como resultado da transformación da aldea pola casa como unidade de referencia das relacións sociais sobre o espazo. Para sermos xustos, deberíamos falar de dúas fases: unha de diseminación primitiva ou *protodiseminación* que tería lugar nas décadas de 1960 e 1970 e outra de diseminación propiamente dita que ocuparía dende 1980 até a actualidade.

En esencia, constitúe un fenómeno ligado ao proceso de urbanización cualitativamente distinto ao coñecido como dispersión urbana (*urban sprawl*), resultando moito máis nocivo e tóxico para o territorio. Posúe connotacións relacionadas coa espontaneidade e coa ausencia de planificación. A diseminación pódese definir como a aparición de pezas edificatorias illadas sobre o territorio en parcelas con anterioridade adicadas a cultivos de alto rendemento. Isto explica que a diferenza doutros procesos, coa diseminación aparecen edificacións alonxadas dos núcleos de poboación. Se reparamos na organización do espazo agrario en Galiza e damos por válido o esquema establecido por Otero Pedrayo (1928), Niemeier (1945) e Bohuier (1979), entón podemos admitir que o eido productivo sitúase no centro da matriz de produción do territorio. O sistema de asentamentos e o sistema viario emprázanse de xeito dependente e subsidiario a éste. É dicir, o hábitat dun espazo rural corresponde ás vivendas e edificacións anexas relacionadas coas actividades agrarias ou servizos que emprega a poboación, xunto co sistema de infraestructuras e transporte. Ambos sistemas están subordinados ao sistema productivo que estaría composto polo parcelario e as actividades propias da explotación e transformación da terra (Busquets e Cortina, 2008).

Como sucede noutros casos do ambiente atlántico, Galiza, gracias ao noso propio xeito multiseccular de habitar, constitúe un exemplo peculiar de humanización do territorio. Esta é a razón de que o territorio chegase a ser algo máis que un soporte físico das actividades, para se converter nun compoñente esencial na personalidade da colectividade humana. Así, dende que nos anos da posguerra civil os tecnócratas decidiron limitar as directrices do crecemento territorial, detectouse un conflito principal na Galiza, xa que nunca foi comprendida en clave de País. Este feito desembocou nunha serie de medidas de corte "centralista" dentro do modelo territorial existente. A Galiza, óllese desde o sector que se quer (transportes, infraestructuras viárias, rede eléctrica ou mesmo lingua e cultura), sempre se lle foi negada a súa identidade ou, noutras palabras, nunca foi considerada unha cuestión de Estado, probablemente motivado por unha excesiva dependencia do poder político historicamente concentrado en Madrid. A política de desenvolvemento iniciada nos anos 1960 só se volcaba naqueles lugares estratéxicos (Catalunya, Valencia ou o corredor do Ebro) que ofrecían uns altos ingresos ao tesouro do Estado, mentres que áreas como Galiza, ao non

edificacións en ámbitos que non teñen por que responder a consecuencias urbanas. É nesta acepción onde recolle todo o significado co que queremos empregar o termo.

conceder réditos considerabeis, pasaban a non contar para a administración central. Precisamente nesta cuestión está a razón da existencia de áreas xeográficas marxinais, en claro desequilíbrio, dentro do País. A unión entre as áreas metropolitanas que gobernan o Eixo Atlántico (Vigo, Compostela e A Coruña) e a capital do Estado español, levouse a cabo a través de infraestructuras viarias que se contruíron a través dun "todo continuum"; unha especie de chaira isotrópica, -igual daba a concentración do hábitat da meseta que o espallamento das entidades de poboación na Galiza-. Ademais esta mesma política que se implementou para as obras públicas é extensíbel a outras materias como investimentos ou as case inexistentes políticas sociais. O importante era promocionar un centro e desvirtuar unha periferia. Os territorios, pois, máis afastados do centro convertéronse en auténticos contedores marxinais sen vertebración nen modelos estruturantes de País. En consecuencia, o territorio pasou de ser aquilo do que a poboación tiña consciencia global, a se converter nalgo que se semellaba descoñecer, obxecto de inevitábel e permanente degradación e producíndose tal cousa en compañía do espolio dos recursos.

No noso territorio estamos a sufrir o efecto combinado de máis dun "desastre": unha urbanización anárquica e irracional do litoral e do ecosistema de asentamentos, unha especialización productiva esaxerada e, as máis das veces, pouco meditada (explotacións gandeiras de vacún ou repoboacións forestais xeralizadas de nula diversidade), un duro control dos recursos financeiros por parte dun sistema alleo ás necesidades reais do País, unha miopía política por parte dos responsábeis públicos excesivamente preocupados por contentar a Madrid, esquecéndose de exercer as competencias que lle son exclusivas desde a división autonómica, así como unha cegueira permanente entre diversos profesionais das ciencias sociais incapaces durante décadas de combater os riscos negativos dun sistema enfermo e convalescente. A emigración foi e continúa a ser un fenómeno de abandono forzoso do País cara a áreas máis industrializadas, matizado ao longo do tempo. As ciencias sociais e a xeografía entende que se debe procurar o mantemento da distribución e do asentamento definitivo e equilibrado da poboación no territorio, evitando o crecemento anárquico das áreas territoriais urbanas mercede á planificación e a xestión dun concepto de cidade novo¹⁰⁵.

Ademais, na Galiza existe unha división espacial non vertebrada na realidade do País, e o que é peor, unha estrutura alienante para o individuo e que combate directamente a construción da identidade territorial. É mester que a cidadanía galega entenda que non se pode continuar co desbaldemento do seu máis estimado patrimonio: o territorio do país, -elemento conformador esencial dos nosos sinais de identidade como povo-. Deste xeito, en todo o espazo galego existen eivas e disfuncións consecuencia do propio modelo territorial:

¹⁰⁵ Neste sentido, é necesario recordar que esta preocupación por acadar un concepto de cidade novo para a Galiza non constitúe unha novidade para o pensamento xeográfico galego, xa que éste xa foi reclamado polo inicial ideario nacionalista exemplificado na cidade no xardín (cidade-xardín) ou cidade no territorio.

sistema litoral, rede hidrográfica ou asentamentos rurais entre moitos outros. Constitúen, polo tanto, conflitos territoriais herdados. En consecuencia, cómpre axear o noso territorio, sen traumas (ou con elas), aos proxectos de desenvolvemento socio-económico e modernización real do País, cuestión que é agora mesmo esencial, logo da desfeita do modelo territorial tradicional e dos intentos de destrución dos sistemas produtivos propios da nosa nación, que conlevou a xeneralización no Estado español do modelo urbano-industrial e de concentración. É necesario ademais tender máis pontes con outros países e rexións europeas sen que sexa preciso pasar necesariamente por España. É preciso e conveniente potenciar os lazos dentro do contexto territorial formado por Galiza e o Norte de Portugal, que axuden á consolidación das áreas de desenvolvemento xa hoxe existentes.

Ademais, neste sentido, diante da inacción do actual sistema político-administrativo fundamentado en 4 provincias e 315 municipios (ou 313, segundo se mire), semella correcto afirmar que a Comarca debería ser a unidade territorial básica da Galiza. Nesa súa condición territorial reside a súa importancia como demarcación chave no ordenamento do territorio. Porque ten as dimensións máis acaídas para ser o espazo no que se poden concretar as localizacións que de xeito xenérico poden establecer as Directrices Xerais de Ordenación do Territorio na Galiza. Na comarca é onde deben ter cabido a inmensa maioría das implantacións necesarias para a vida económica, social e cultural das poboacións integradas nela, que polas súas dimensións non se poden repetir en cada ámbito territorial menor.

En definitiva, na actualidade detéctanse movementos de axitación e resistencia incluso en áreas periféricas. Estes deben ser entendidos como intentos de participación colectiva. A cidadanía do común comeza a autoorganizarse en plataformas plurais que teñen iniciado unha instrumentación lóxica e racional das institucións e dos poderes dos que fan parte importante, para que a marxinalidade espacial trasluza renovadora e converxente entre os territorios. Dita instrumentación establécese en tres pés fundamentais:

- A consecución de maiores cotas de autogoberno que estean avaladas por políticas serias de descentralización fronte á constante centralización dos poderes.
- O inicio potente do que se chama a acción proactiva (entendendo toda acción levada a cabo pola administración que sirva como aliciente á cidadanía) e a acción reactiva (toda a lista de iniciativas e reaccións por parte do capital humano do País).
- A necesidade dunha regulación en materia de ordenamento integral do territorio baseada nun marco legal que non sexa agresiva e que polo tanto sexa respectuosa coa cidadanía. Para iso, semella correcto aplicar criterios de discrecionalidade (que non arbitrariedade) para acadar que a propia normativa sexa o máis flexíbel posíbel sen chegar a quebrarse.

Deste modo, Galiza debe reactivar o seu modelo territorial observando detidamente, paseniñamente, a súa propia realidade, natureza e personalidade. Cómpre iniciar motores, procesos de impulso e movementos en positivo co fin de acadar unha nova utopía espazo-temporal no país. Galiza entrou no século XXI cun modelo territorial marcado por unha recorrente singularidade dalgunhas das súas variábeis máis relevantes: se en termos económicos segue amosando indicadores de renta e PIB claramente inferiores á media europea e estatal (López Facal, 2010), dende a perspectiva espacial, o seu nivel de dispersión territorial é extremo no contexto estatal e moi destacado en termos europeos.

Pero se analizamos o modelo territorial como unha suma de decisións individuais, podemos destacar o igualmente recorrente e profundo nivel de conflito entre os actores implicados na xestión do territorio. En efecto, a localización dos polígonos industriais, a implantación das infraestruturas de comunicación, o crecemento urbano, a distribución da vivenda protexida, a explotación dos recursos naturais, os obxectivos de protección natural e patrimonial, etc. Na Galiza, todo parece entrar en conflito coa natureza de noso sistema de asentamentos e coa tradicional identificación da propiedade do solo co dereito a edificar, no marco da nosa non menos singular estrutura catastral.

E, nese contexto de conflictividade xeralizada, as bases xurídicas e normativas sobre as que a administración asenta as súas competencias na ordenación territorial e urbanística, máis que ofrecer un cauce de xestión coordinada dos diferentes intereses e iniciativas sobre o territorio, parece posicionarse sobre un auténtico labirinto administrativo que dota á Administración dunha sorprendente capacidade para enfrontarse con todos os actores sociais con intereses e iniciativas sobre o territorio, moitas veces previamente enfrontados entre si. É dicir, que hoxe, o urbanismo e a ordenación do territorio na Galiza, parécese máis a un todos contra todos que a un minimamente razoábel exercizo de xestión territorial ou de gobernanza pública.

Pode que debamos admitir que o incremento da conflictividade territorial obedece, no conxunto dos países desenvolvidos, a razóns de carácter estrutural que teñen que ver co xa nomeado “renacemento do lugar” ou co poder da identidade. En virtude do anterior, pódese ofrecer unha interpretación da orixe e da natureza do noso actual modelo territorial, poñendo de manifesto as relacións existentes entre os seus compoñentes espaciais e económicos co obxectivo de aportar algunhas bases para esa reflexión estratéxica en torno a dous aspectos: en primeiro lugar, ao papel que debe xogar hoxe a Ordenación do Territorio na Galiza no marco da gobernanza territorial, é dicir, ese buscado espazo de cooperación e coordinación interinstitucional encamiñado a obter un modelo territorial determinado. E en segundo lugar, a que natureza debe ter dito modelo.

Existe un certo consenso historiográfico á hora de identificar o período comprendido entre os séculos IX e XII como aqueles nos que tomou forma o modelo territorial – basicamente rural- propio das sociedades feudais do occidente europeo. No contexto ibérico, tras moitos anos de hexemonía das correntes de carácter institucionalista (García de Cortázar e Martínez Sopena, 2008) nas que predominaba a atención ás condicións xurídicas do campesiñado, imponse o estudo das formas de asentamento no espazo e da influencia sobre elas dos aspectos produtivos. Segundo Daniel González (2010), “só entón comeza a estudarse de forma sistemática a natureza dun hábitat maioritariamente disperso, con núcleos rurais consolidados solidarios co sistema produtivo e apoiados nun viario que confire coherencia e servizo a esa organización” (González Franco, 2010). É por iso que se pode fundamentar o obxecto de estudo desta cuestión –a evolución histórica do modelo territorial da sociedade agraria tradicional- en tres aspectos fundamentais: a comprensión do modelo produtivo, é dicir, das formas de organización agraria; a morfoxénese do sistema de asentamentos sobre o que pivotaba a apropiación e a explotación do territorio e a natureza do sistema viario que artellaba o conxunto.

5.4.- A relevancia do proceso histórico da morfoxénese na organización espacial de Galiza: o camiño cara o colapso

Na Galiza, a conformación do sistema produtivo estivo condicionada, tal e como describiu Otero Pedrayo (1954), pola particular disposición da orografía e a hidrografía do noso territorio -de relevo pouco enérxico e abundancia de auga- o que deriva nun certo isomorfismo estrutural, favorábel para a implantación dun sistema agrario viábel pero fragmentado, orixe e razón dun elevado pero disperso desenvolvemento poboacional. Trátase dun sistema produtivo agrario de carácter tradicional articulado a través dunha explotación integral seguindo o canon descrito por Margalef¹⁰⁶ no que o grado de explotación corre paralelo ao nivel produtivo do territorio: existe explotación intensiva –terrazgo- onde o solo é profundo e a pendente baixa –os fondos dos vales e os pedemontes- mentras que esa explotación devén extensiva donde a escaseza de solo e a pendente son a norma –no monte-. Deste xeito, producíase unha transferencia constante de materia e enerxía dende o monte cara as terras de labor en forma de madeira e doutros produtos forestais ou o mesmo emprego do toxo como piar da economía rural tradicional, cuxo resultado neto non era outro que o incremento gradual da complexidade, a diversidade e a produtividade das terras de labor a

106 Dacordo con Margalef, en Europa, a explotación tradicional da terra baseábase en granxas que organizaban o espazo do seu entorno como un mosaico de campos de cultivo, peches, pastos e fragmentos de bosques, seguindo unha organización do campo máis ou menos relacionado coas concas de recepción. Ten sido comprobado que este mosaico resulta un instrumento de conservación moi eficaz, xa que mantivo e incluso aumentou a diversidade das comunidades vexetaies. O mecanismo básico que ten conducido a unha estrutura deste tipo é o diferente grao de explotación en función do seu potencial: a explotación foi máis intensa onde o sistema xa era máis produtivo e máis suave en rexións agrestes e en solos pobres (Rueda, 1995)

Imaxe 5.2. As formas de organización agraria na Galiza.



Fonte: Bouhier, 1979

As agramas son pezas de labradío delimitadas por un peche común e conformadas por conxuntos de parcelas sometidas a rigurosas regras de rotación coordinadas e forzosas de cultivos, a través das que os usos do solo se asignan solidariamente a conxuntos enteiros de parcelas de distintos propietarios, de xeito que os peches individuais de cada parcela son substituídos por un único peche colectivo. Este sistema conleva unha forte rixidización da súa explotación, ao condicionar as decisións produtivas á anuencia do grupo, o que esixe un elevado nivel organizativo dos propietarios, pero facilita a cambio a realización colectiva dos traballos máis pesados e incrementa as capacidades produtivas do conxunto. Unha produtividade que, como nas demais formas de organización agraria na Galiza, depende do mantemento en diversos grados de explotación extensiva (pasteiros para o gando, estivadas cerealistas extensivas, toxeirais (*ulex europaeus*) para estrume ou leite para o gando, etc) do resto da superficie dispoñíbel, denominada xenericamente como monte (imaxe 5.3). A súa disposición, ocupando os eidos ou terreos cultivados, condiciona por completo a lóxica espacial do modelo territorial –a distribución dos usos do solo- a través da produtividade agrícola como vector de organización espacial –os usos do solo son aqueles que maximizan a produtividade do sistema- derivando así nun rixido sistema de organización agraria tanto no tempo, como no espazo, que J.L. Dalda (1991) denomina como réxime de agramas. Porén, a


emergencia de dito réxime non pode ser entendida sen prestar atención ao marco de organización social no que xurde, pois un e outro condicionan a natureza do modelo de asentamento poboacional.

En efecto, por un lado, a localización e a morfoloxía dos asentamentos rurais establécese, certamente, en función do sistema de organización agraria, pois cada casa dispoñía dun espazo máis ou menos xeneroso no que ubicar hortas, alpendres e distintos espazos de traballo, o que deu como resultado, en interacción cos condicionantes físicos antes descritos de isomorfismo estrutural e fragmentación orográfica, a un sistema de asentamentos disperso sobre o territorio. Pero non é menos certo que as fortes rixideces que condicionaban a organización agrícola impedían, polo xeral, edificar no interior das agras, o que unido á organización colectiva de parte dos traballos de explotación, derivou na articulación do edificado en torno a unha específica unidade residencial: a aldea.

Jesús García Fernández (1975), puntualiza que “la pequeña aldea, que consta tan sólo de unas decenas de casas y habitantes y que constituye poblamiento laxo, no era tan sólo la unidad de poblamiento, sino también la unidad mínima de la organización del espacio”. Dalda (1991) ubica este sistema de poboamento na lóxica territorial de todo o occidente europeo, recoñecida a través da historiografía francesa (Bloch e Duby), pero tamén inglesa e alemana, e mesmamente a española (García de Cortázar) na que se sinala a aparición da aldea como a forma de asentamento vinculada á formación dos señoríos baixomedievais debido á colusión do baleiro de poder deixado pola dominación romana e a apropiación de privilexios fiscais e xudiciais por parte dos emerxentes propietarios que rodean os seus dominios de inmunidade fronte aos funcionarios estatais (García de Cortázar, 1988).

O contexto baixomedieval de crecente produtividade agraria e excedentes permiten a consolidación patrimonial dos señoríos –laicos ou eclesiásticos- que van sometendo progresivamente ás familias -xa sexa por debilidade destas ou por coacción do señor feudal- ao pago duna renda polo dereito a estar instaladas e explotar as unidades de produción. Unidades que, como vimos, comprenden tres elementos fundamentais: o casal propiamente dito, as terras de labradío e uns dereitos de aproveitamento dos espazos comúns da colectividade e das súas instalacións, razón última, xunto coa organización común dos labradíos, da aldea como unidade fundamental de poboamento.

Imaxe 5.3. Agras en produción. Concello de Cerceda, 1956.



Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia, 2016

Pola súa banda, Carlos Nárdiz (1992), ten ofrecido unha síntese integradora en termos históricos das dinámicas territoriais que configuraron o sistema viario do noroeste ibérico segundo a que, a rede viaria baixomedieval tería perdido o carácter de organización territorial a grande escala que adquirira durante a ocupación romana. Deste xeito, a conformación dunha rede viaria organizada só sería unha realidade a partir do proceso de crecemento dos mosteiros e señoríos propio do período comprendido entre os séculos IX e XII e do fenómeno de urbanización desenvolvido en torno aos Camiños de Santiago. Nárdiz diferencia entre esta rede principal, de longa distancia, da cada vez máis tupida rede capilar de servizo sobre a que se apoiaba toda a estrutura produtiva, que se vai densificando ao tempo que se configura e consolida o réxime de agras do que é deudor. Sostén ademais que esta última se mantén

bastante á marxe da rede de longa distancia, ao tender as rutas principais a evitar as zonas baixas para minimizar os pasos sobre a rede hidrográfica e os vados. Pero ademais dese viario principal, toda unha rede secundaria organiza as servidumes de paso para acceso ás parcelas postas en cultivo baixo o sistema colectivo das agras articula o espazo produtivo, ao tempo que comunicaban as aldeas entre si e coas feiras e mercados periódicos.

O modelo territorial así resultante (esquema 5.2) baséase nunha organización agraria – o réxime de agras- que aparece asociado á aldea como unidade residencial e organizado sobre unha rede viaria de proximidade. Un modelo de grande coherencia espacial no que os usos do solo teñen unha relación directa co sistema produtivo a través da potencialidade agrícola como vector de organización agraria. O modelo territorial constitúe o que hoxe consideramos unha paisaxe cultural, é dicir, unha paisaxe froito da acción combinada entre cultura e natureza. Unha paisaxe que non foi exclusivo da fisterra galaica, senón que sería consustancial á organización agraria de boa parte do occidente atlántico medieval europeo, podéndose considerar estruturalmente conformado, en torno aos séculos IX – XII, a través dunha agricultura desensenvolvida no marco das relacións de produción propias do apoxeo feudal (Dalda, 1991).

Porén, ao contrario que no resto da Europa occidental, onde a paisaxe cultural resultado do réxime de agras desapareceu hai varios séculos (ou mesmo no caso do resto de finisterraes europeos -Bretaña, Gales ou Irlanda- cando o fixo algo máis recentemente), o singular no caso da Galiza, é que ese modelo territorial e a súa paisaxe se mantiveron plenamente vixentes até a década de 1960, momento no que comezou unha acelerada desarticulación dun sistema agrario que se caracterizara pola súa estabilidade, en termos estruturais, durante un período cercano aos 800 anos. As interpretacións historiográficas ás que fixemos alusión con anterioridade ubican as bases de tan extraordinaria lonxevidade na incardinación deste modelo territorial nas relacións de propiedade, produción, consumo e reparto da riqueza propias da sociedade feudal; o que é o mesmo que dicir que “existen relacións de causalidade recíproca entre o modelo territorial do réxime de agras e a economía política da sociedade feudal” (González Franco, 2010).

Só dende esta perspectiva podemos comprender entón que o casal familiar é, efectivamente, a cédula básica da explotación da terra, pois cada un deles supón unha cota de parcelas da agra, ou de dereitos sobre o pasto ou o monte no marco estrito da economía agraria vencellada á reprodución social do campesiñado organizada espacialmente en agras e aldeas. Pero que ese mesmo casal é, asemade, a unidade clave de produción e exación de rendas no marco da economía política do sistema social no seu conxunto, orientada cara a reprodución social do estamento noble –laico e relixioso- dominante e organizada espacialmente en señoríos, monacatos e parroquias. Unha dobre condición sobre a que se

asentou a enorme estabilidade que adquiriu a sociedade feudal no contexto europeo e que, no caso particular de Galiza estableceu as bases para a paradóxica supervivencia da súa economía política ás transformacións da economía e da política que levaron ao conxunto do occidente europeo ás súas dúas transicións históricas fundamentais, é dicir, o paso do feudalismo ao estado centralista e deste ao liberalismo da idade contemporánea.

Esquema 5.2.- Modelo territorial do réxime de agras.



Fonte: elaboración propia, 2016.

Un percorrido histórico sobre o que a continuación ofrecemos unha breve releitura dende a perspectiva do modo en que interaccionan o modelo territorial do réxime de agras e a economía política da sociedade feudal máis alá do propio Medioevo dando así lugar ao que se pode denominar como a *economía política do réxime de agras*.

5.4.1.- A xénese: a conformación do réxime de agras

O réxime de agras xurde na Galiza, a partir da colusión dun dobre proceso de estabilización: agraria, como modelo de optimización da produtividade agrícola, xusto no momento no que o cultivo se fai definitivamente sedentario; e política, en torno á consolidación da até entón feble orde monárquica. Nese marco político, as ordes monásticas cobran unha especial relevancia debido á política rexia de contrarrestar o poder e a apropiación de beneficios das nobrezas laica e eclesiástica, para o que se valeron da concesión de sustanciosas contraprestacións económicas en forma de xenerosas dotacións de terras aos

mosteiros, a cambio da súa posta en explotación e do seu control político baixo o recoñecemento da monarquía (Villares, 2004). É nese contexto no que o foro aparece como a fórmula xurídica a través da que se institucionaliza, por un lado, a economía política da orde monárquica en construción, é dicir, a organización política da actividade económica orientada ao mantemento de desa orde, e por outro, o control do espazo, ou sexa, do territorio sobre o que se estende a vasalaxe propia do sistema feudal. Polo tanto, e independentemente da controversia en torno a se o foro está na orixe mesma das formas de organización agraria (García Fernández, 1975) o se *só* funcionou coma factor de rixidización ou *esclerose* das mesmas (Bouhier, 1979), o que nos interesa aquí é o claro papel de bisagra que o foro xogou entre o modelo territorial e a economía política do réxime de agras.

O foro é un contrato mediante o que o posuidor das terras cedía o usufruto das mesmas a quen as traballara –dominio útil– a cambio da asunción de obrigacións de carácter de vasalaxe, canonicamente feudais, e do pago dunha renda –dominio directo– baixo estritas condicións de estabilidade espacial e temporal, baseadas, respectivamente na indivisibilidade das terras aforadas e na conversión do foro nun contrato de longa duración ou mesmo de perpetuidade (García de Cortázar, 1988). Os conceptos polos que o foreiro debía satisfacer as rendas, alcanzaban, en termos espaciais, a todo aquilo que lle era entregado. Así, xeraban rendas a casa, as hortas e cortiñas de traspatio, os labradíos, o gando de labor se se lle entregase e mesmo a parte correspondiente do monte necesaria para a extracción de leña, pastoreo do gando, ou outros complementos agrarios. É dicir, o foro extendíase a unha unidade de produción sustentada na indivisibilidade espacial que propiciaba a viabilidade da explotación así como a natureza dispersa do modelo resultante de ocupación do territorio. Unha tendencia, porén, notabelmente minimizada polas rixideces espaciais do propio réxime de explotación agrario que, como é sabido, obrigaba a unha certa compactación das aldeas en aras á optimización da produtividade das agras.

As melloras técnicas e organizativas introducidas polos mosteiros como grandes impulsores e beneficiarios do sistema, xeraron unha importante expansión agraria até finais do século XIII cuxa riqueza non puido ser orientada, como no caso de Castela, cara a expansión territorial cara ao sur, debido á aparición do reino portugués (Villares, 2004). Esta circunstancia permitiu, unha vez superadas as expedicións normandas e vikingas, desenvolver unha importante actividade comercial cos portos do norte de Europa sobre a que se fundamentou a actual estrutura urbana de Galicia. A consecuencia de todo isto prodúcese unha incipiente monetarización da economía que permite á nobreza e ao clero orientar os excedentes agrarios que o campesiñado lles transferirá en especie a través do foro, ao nacente mercado urbano. Trigo e viño, con ser cultivos claramente inaxeitados para o clima galego, eran os produtos de prezo máis elevado no mercado e, por tanto, aqueles nos que debía ser pagada a renda. Os beneficios obtidos deste xeito co comercio, así como a riqueza drenada a

través das rendas forais, axudaron a consolidar unha economía política relativamente simple ou pouco sofisticada, se se quere, pero extraordinariamente estábel (ver esquema 5.2), cuxos resultados espaciais, en termos de sistema produtivo, modelo de asentamento poboacional e rede viaria foron xa, cando menos, referenciados.

De asumir a tese de que a solidez das relacións entre o modelo territorial e a economía política a el asociada é o que garantizaba a estabilidade do rexime señorial analizado, o seu mantemento nun entorno tan dinámico como o europeo e durante un período temporal tan extenso como o apuntado con anterioridade, só pode ser explicado a través dun proceso involutivo, de acumulación de pequenos cambios internos que nunca comprometeron a pervivencia das dúas partes da ecuación -as relacións de propiedade, produción, distribución e consumo; e o modelo territorial sobre o que se despregaban- nin as relacións entre elas establecidas.

5.4.2.- A involución: a economía política do rexime de agras (séculos XIV a XX)

A finais do século XIII, a capacidade expansiva do sistema señorial tanto en termos económicos como espaciais chegara ao seu cumio. Coa crise baixomedieval, instaurouse un período de forte inestabilidade política, económica e social. A peste, as malas colleitas e a fame detiveron o proceso de crecemento económico e demográfico dos séculos anteriores, asestando un duro golpe á economía de base urbana e comercial, onde os seus efectos foron máis intensos. Nese contexto recesivo, a nobreza laica, que sempre tivera máis problemas de consolidación patrimonial que a relixiosa no marco territorial de Galza, apoiouse os cambios dinásticos derivados do ocaso da casa dos Trastámara, para enfrontarse abertamente co clero e a favor dun reparto das rendas que lle resultara máis favorábel, un conflito que incrementou notabelmente a presión da renda sobre o conxunto do campesiñado e que provocou o estourido das Revoltas Irmandiñas como primeiro intento serio no contexto europeo por desmontar o sistema señorial (Villares, 2004).

En termos xerais, os efectos políticos da victoria da nobreza naquelas revoltas -a consecución do poder- foron borrados pouco tempo despois a máns das reformas emprendidas polos Reis Católicos para a construción dun estado centralista, a través das que devolveron á Igrexa o poder económico que fora perdendo fronte ao auxe da nobreza laica. Porén, a situación de inestabilidade e de crise económica erosionara, tanto a capacidade de boa parte do campesiñado para facer fronte ás débedas contraídas coa nobreza e o clero (Presedo Garazo, 2008), como a eficacia deste último para facer efectivo o pago de ditas débedas por parte dun campesiñado contrario mesmo ao pago da renda foral, consciente de que o seu debilitamento demográfico presionaba á baixa sobre o valor real das rendas (García Fernández, 1988). É nese contexto no que a fidalguía intermediaria -un conxunto de

escudeiros, eclesiásticos e titulares de cargos administrativos, burocráticos ou de goberno, é dicir, o soporte humano da nova administración centralizada instaurada polos Reis Católicos (Villares, 2008) -emerxe como o colectivo co suficiente poder económico, político e social como para resolver a situación, xa fora mercando o dominio útil aos campesiños arruinados ou asumíndoo como cesión directa por parte do clero para garantir o mantemento da orde e o cobro das rendas a cambio dunha parte das mesmas.

A fidalguía encargouse así de manter en pé o sistema señorial, pero a cambio, precisamente, de despoxalo da súa compoñente de vasalaxe, o que lles permitía asumir o dominio útil das terras que o clero lles entregaba en foro, sen por iso deberlle máis obediencia persoal que o pago da renda debida. Para obter esa renda, os fidalgos entregaron en *subforo* o seu propio dominio útil aos mesmos campesiños que as viñan traballando e que agora vían incrementados os gravames que tiñan que satisfacer, pois ademais de pagar a renda do foro, debía de asumir tamén a do fidalgo intermediario.

En consecuencia, e diante das escasas posibilidades de incrementar as terras en cultivo, debido aos condicionantes ecolóxicos (pobreza agrolóxica do solo e necesidade de explotación extensiva do monte) e xurídicos (nomeadamente, indivisibilidade do foro), o campesiño viuse na obriga de intensificar o sistema agrario como único recurso co que solventar a situación. Deste modo, o campesiñado segue retendo unicamente a produción que lle garantiza a súa reprodución social, ao tempo que transfere en concepto de rendas en especie –agora aumentadas- as colleitas que os rendistas orientan ao mercado urbano onde conflúe coa produción artesanal. Un mercado que abastece de recursos alimenticios ao conxunto da poboación urbana –rendista ou non- e rendista –urbana ou non- e sobre o que se ergue o consumo suntuario desta última.

Así, o grado de monetarización da economía galega sofre escasas modificacións dende os tempos feudais, posto que os factores propiamente produtivos dos estamentos privilexiados -é dicir, o que serían os servizos relixiosos no caso do clero e os servizos á coroa e ao propio clero por parte da fidalguía- quedan, ao igual que a terra mesma, fora do circuíto monetario. E a economía agraria permanece igualmente á marxe da economía monetarizada posto que a produción agropecuaria só entra a formar parte dun ciclo económico -o do consumo suntuario das clases rendistas -por completo alleo á economía agraria, que seguiu inscrita baixo formas de produción totalmente descapitalizadas.

En definitiva, o estado centralista instaurado polos Reis Católicos logrou os seus obxectivos de integración política de Galiza a través da conversión da economía política feudal, como cristalización material de toda unha civilización, nunha economía política foral como simple instrumento de control baseado na fidelización política dunha elite local á que se

Ile permite a dominación económica do pobo mediante a transmutación da institución de vasalaxe que era o foro, nun contrato económico. Isto supoñía incrementar de forma notábel a cuantía da renda a extraer da terra -o suficiente como para soste economicamente á fidalguía- sempre e cando o campesiñado fose quen de asumir o incremento da presión sobre a súa curta economía agraria.

A ese respecto, agotadas finalmente as posibilidades de ampliación do labradío, a solución chegou precisamente da intensificación productiva do monte, transformando as zonas menos hostís ao cultivo nun terrazgo temporal de rozas ou estivadas, a cambio dun notábel incremento da forza de traballo necesaria para manter en pé o sistema produtivo. Un incremento poboacional que non tivo efectos perceptíbeis sobre o sistema de asentamentos, ao mantense sen dano a indivisibilidade das unidades produtivas determinadas polo casal familiar, absorbéndose a través da institución da *millora* (Dubert, 2002) e da creación da compañía familiar galega (García Fernández, 1998), os incrementos poboacionais sobre a estrutura habitacional existente. Foi así que no marco da transición do feudalismo á Idade Moderna, cambios meramente epiteliais nas relacións de propiedade e distribución, respondidos por unha intensificación productiva como única transformación do modelo territorial, permitiron a plena vixencia da economía política do réxime de agras máis alá da sociedade e a economía feudais que a viron nacer. O prezo que houbo que pagar por iso foi o mantemento dunha poboación activa non urbanizada e pouco rendíbel en termos fiscais, dada a escaseza da actividade económica de carácter urbano, que é da que se nutría a facenda rexia.

Un prezo baixo se consideramos o carácter periférico que Galiza tivo para a monarquía católica, pero moi elevado en termos do seu futuro desenvolvemento territorial: ao empregar a economía política medieval como elemento de control político e económico, o estado centralista sumiu ao complexo agrario galego nun proceso de carácter involutivo ao permitir que o crecemento dos excedentes se desviase cara a ampliación dunha clase rendista improdutiva en termos económicos, impedindo así a expansión da economía en función do crecemento da produción e fosilizando o espazo construído polas relacións de produción feudais, o que introducirá a Galiza nunha longuíssima calexa sen saída produtiva e institucional.

5.4.3.- A inestabilidade próxima ao equilibrio: o ciclo involutivo do réxime de agras durante o Antigo Réxime

Superada xa a crise baixomedieval, a reactivación económica fundamentada sobre o fluínte ouro americano e o incremento poboacional co que respondeu a economía agraria ao incremento das cargas señoriais, derivadas da implantación social da fidalguía, provocaron un proceso inflacionario sobre o valor da terra que permitiu, á súa vez, aos rendistas transformar

A exitosa adaptación agrícola do millo e da pataca ao longo do século XVIII permite exemplificar o modelo plantexado dun xeito concreto. Despois da xeralización do subforo, que era xa unha realidade plena a principios do século XVII, o incremento poboacional foi paulatinamente presionando o espazo agrario e deteriorando as condicións materiais de vida dun campesiñado que vía como debía manter improdutivo boa parte dos seus escasos espazos de labradío debido á limitación por excelencia que impoñían os ciclos agrícolas baseados nos cereais de inverno: o barbeito. A introdución, primeiro do millo nas zonas costeiras e, posteriormente da pataca no interior, como cultivos de ciclo curto, permitiron a transición do complexo agrario galego cara un policultivo intensivo no que xa non é necesario barbeito e a terra está en produción todo o ano. Unha transición que, lonxe de se apoiar nunha eventual capitalización do agro ou en melloras tecnolóxicas, fundamentouse na incorporación do monte como provedor sistemático de toxo para garantir esterco de xeito masivo e continuo do labradío mediante unha enorme inxeción adicional de traballo, até o punto de absorber a totalidade do forte crecemento demográfico do século XVIII.

Pero ao empregar o traballo como único factor de produción, desviando o capital como simple instrumento de acumulación de rendas mediante a compra de terras e foros, inhibíuse a súa potencial evolución cara a unha economía expansiva apousentada no incremento da produtividade agraria, ao lastrar o crecemento de base industrial atraendo os capitais cara o lucrativo negocio do cobro de rendas forais. Moi ao contrario, o sistema no seu conxunto derivou cara a un crecemento involutivo, isto é, unha economía agraria capaz de proveer un volume de rendas máis alto, producido por un campesinado máis numeroso, pero baixo formas de produción precapitalistas completamente á marxe dos ciclos da economía monetarizada.

As implicacións espaciais destes procesos (máis aló das transformacións operadas no sistema produtivo) sobre a rede viaria e o sistema de asentamentos foron máis notabeis en termos das bases que aportaron para futuras transformacións -como máis adiante se plantexará- que no que supuxeron en si mesmas. De feito, a drenaxe do excedente agrario cara os mercados, potencia feblemente o sistema de asentamentos urbanos, pero, ao manter no límite da supervivencia material á masa campesiña, fosiliza o sistema de asentamentos rurais, tanto en termos morfolóxicos, através da conservación da estrutura e disposición das aldeas vencelladas ao rexime de agras, como en termos construtivos, mantendo as posibilidades edificatorias no mínimo ligado á economía de subsistencia. Do mesmo modo, o crecemento do volumen físico das rendas forais e o progreso tecnolóxico en materia de transportes esixen unha transformación da rede viaria que une o sistema produtivo cos mercados urbanos, pero non da que artella o acceso e servizo do espazo agrario. Así, dende a institucionalización do Estado Moderno, é a Real Audiencia a que xestiona a financiación das pontes e os camiños

desa rede viaria principal (Nárdiz, 1992) quen artella o sistema urbano e a este co medio produtivo e, aínda que o seu desenvolvemento foi realmente moi escaso até finais do século XVIII, puxo as bases administrativas e económicas da súa posterior transformación no século XIX.

Foi precisamente a partir do século XVIII que a política ilustrada de extensión dunha rede viaria capaz de artellar un mercado rexional, comezou a facerse notoria moi timidamente no caso de Galiza. Pero o relevante do proceso é que comeza a abrirse unha profunda fenda organizativa entre o territorio da economía monetarizada, que segue as leis do mercado e que soporta a rede de asentamentos urbanos e camiños, e o territorio vencellado á produción agrícola e que segue unha lóxica espacial estritamente produtiva desligada do mercado. Unha fenda que seguiría agrandándose mentres non se quebrase, polo menos un dos dos piares da economía política do rexime de agras: a rendabilidade económica do sistema foral –co que supón en termos de crecemento económico- ou a capacidade do espazo agrario para alimentar ese crecemento através da súa intensificación produtiva.

Dende esta perspectiva, pódese concluir que o éxito agrícola do policultivo intensivo baseado na adaptación dos cultivos de ciclo curto foi de tal magnitude que non só fixo posíbel a súa supervivencia á transición histórica do Antigo Rexime ao liberalismo através da desamortización, senón que, como máis adiante será explicado, foi quen de apuntalar o piar espacial e produtivo do sistema até tal punto que este só sucumbiu diante das acometidas económicas que lle chegaron dende o exterior.

5.4.4.- A economía monetarizada fronte ao espazo descapitalizado: crise do Antigo Rexime e transición ao liberalismo

No momento no que o Antigo Réxime comeza a desmoronarse politicamente, a monetarización da economía seguía sendo moi similar a dos tempos feudais do réxime de agras (Villares, 1982). A terra continuou a se manter a marxe da mesma, por máis que se investisen grandes sumas de diñeiro en adquirir terras en foro durante a desamortización dos bens eclesiásticos. De feito, o que se venderon foron rendas forais, e non terras en libre disposición, motivo polo cal os compradores, fidalgos e burgueses na súa maioría, se convertiron en novos rendistas, pero nunca en novos propietarios. Neste contexto, era por completo necesario excluír ao monte da pulsión desamortizadora, posto que sen o auténtico sustento do “edificio agrario” (Bohuier, 1979), o foro, como institucionalización da transferencia do excedente do complexo agrario tradicional, tivera sido inviábel. Deste xeito, ao final do proceso desamortizador produxéronse cambios na propiedade, que en nada modificaron as relacións subxacentes, que seguían artelladas en torno ao foro. En paralelo, las relacións de produción, distribución e consumo permanecían intactas. Unha vez máis, a

economía política do réxime de agras, agora por completo en mans da fidalguía tras o seu longo conflito co clero (Villares, 1982), sobrevivía a unha transformación total do sistema político e do modelo económico no conxunto do país.

Cómpre sinalar que, segundo algúns autores, a pervivencia do sistema foral tras as desamortizacións decimonónicas non pode considerarse como algo incoherente co esforzo desamortizador, posto que, dacordo coa teoría económica fisiocrática -que atribuíu á terra a orixe da riqueza- sobre a que se inspiraron as medidas desamortizadoras, o seu principal obxectivo era a consecución dunha propiedade da terra plena e libre como ferramenta para unha mellora dos seus rendementos (Martí Gilabert, 2003). Pero o réxime de agras e a súa involución dende os tempos dos Reis Católicos supuxera tal incremento da produtividade agraria que a súa supresión tivera sido un contrasentido, polo que a desamortización, o que único que fixo, foi acabar coa prohibición de enaxenar os dereitos de renda (Villares, 1982). Algo que tivo os seus efectos, e moi notorios, sobre a economía monetaria das elites pero que pasou totalmente desapercibido para unha economía agraria que se seguía mantendo á marxe, baixo formas de produción precapitalistas e que, en termos espaciais, supuxo un ensanchamento cada vez maior da fenda organizativa aludida con anterioridade.

Porén, o feito de que o réxime de agras e o seu sistema institucional e social asociado saíran airosos do proceso desamortizador, non quere dicir que a economía resultante estivese en consonancia coa realidade do contexto, non xa europeo senón tan sequera do resto do Estado español. Apesar de que o perfeccionamento e a virtuosidade técnica do policultivo intensivo seguía sendo suficiente como para alimentar as rendas dun abultado corpo de rendistas, o estancamento económico no que derivaba a situación no seu conxunto tivo o seu correlato espacial. Este foi mesurábel, tanto na estrutura urbana, vista a leve modificación operada nas porcentaxes de poboación urbana entre 1787 e 1900, como no sistema de asentamentos rurais, que apenas sufriu cambio ningún apesar do forte incremento poboacional do período (Dubert, 2002).

Así, entre 1850 e 1950 o parque de vivendas e, en consecuencia, a estrutura dos núcleos amosou unha estabilidade superior ao da poboación (Bohúier, 1979); é dicir, que non se detectaron decrecementos nin crecementos demasiado ostensíbeis que implicaran unha modificación sustancial do número de casas. Unha razón explicativa para isto radica na existencia, algunhas veces até os anos 1960, de asociacións familiares chamadas compañías, que agrupaban baixo o mesmo teito, ascendentes, descendentes e mesmo achegados dun mesmo linaxe. Ao igual que o fixeran en séculos anteriores, as compañías familiares seguiron xogando o papel dun verdadeiro freo nas transformacións da estrutura dos núcleos do poboamento rural: en momentos de regresión demográfica redistribuíáanse nas casas e cando a poboación se incrementaba, facíao tamén o número de persoas por fogar (Bouhier, 1979).

Pola contra, sobre o sistema viario si operou un cambio conceptual durante a Ilustración que derivou nunha transformación estrutural da rede que, aínda que tímida nos seus inicios a finais do século XVIII, comenzou a ser máis conspícua na segunda metade do século XIX. A necesidade de artellar un mercado rexional levou á monarquía ao establecemento dunha rede de *camiños reais*, camiños aptos para o transporte rodado que debían permitir unhas comunicacións rápidas e favorecer o crecemento económico do país. Estas premisas fixeron inválidos os camiños medievais que, na súa economía de medios, evitaban trazados polo fondo dos vales (agás cando se cruzaba un leito fluvial), recurrido a miúdo a fortes pendentes para alcanzar rapidamente cotas elevadas e minimizar así as interferencias, en número e tamaño coa rede hidrográfica (Nárdiz, 1992) e garantindo ao mesmo xeito o seu control e a súa seguridade. Foi, por tanto, necesario facer descender a rede viaria ás zonas baixas e conducir os seus trazados polas ladeiras coa fin de adaptar as pendentes ás novas necesidades e medios de transporte.

Estes novos trazados introduciron así un primeiro elemento de incoherencia espacial no modelo territorial vixente ao irrumpir de modo esóxeno sobre o espazo agrícola dun xeito que non se fixera dende a implantación da rede de calzadas romanas, o que reflexaba, á súa vez, a incoherencia entre a vontade liberal da política económica dos ilustrados (Beiras, 1972) e a anacrónica realidade agraria. Pero ao mesmo tempo, a fenda organizativa entre os espazos monetarizados e os non monetarizados, convertiuse nun abismo, posto que, a medida que o crecemento económico se acumulaba nos primeiros –aínda que este fora escaso e espasmódico en comparación coas economías centrais- xerábanse medios de produción e transformación espacial cada vez máis poderosos, mentres que o campesiñado, impedido de capitalización, seguía producindo o seu espazo nunha sorte de estancamento temporal.

En definitiva, ao finalizar o proceso desamortizador, o clero case desaparecera como clase rendista e a fidalguía erixírase na única triunfante do decadente sistema foral (Villares, 1982). Pero, ao igual que os efectos económicos do dominio da nobreza tras as guerras irmandiñas foran borrados pola crise política da transición á Idade Moderna, os efectos políticos que, en termos de reparto de poder, se derivaron da vitoria final da fidalguía sobre o clero, foron borrados pola emerxencia dunha crise económica que esta no suoubo ler, acomodada como estaba, no seo dun sistema socialmente pechado e economicamente aillado: nin a solidez institucional do foro, nin a preponderancia política da fidalguía puideron conter a onda expansiva dos mercados derivada da internacionalización da economía a finais do século XIX.

En definitiva, a duradeira *inestabilidade próxima ao equilibrio* entre a espacialidade da organización agraria e a economía das rendas forais que semellaba capaz de levar ao

sistema até o límite da intensificación agrícola, ía quebrar antes polo lado económico, ao perder subitamente as rendas o seu valor.

5.4.5.- O réxime de agras sen a súa economía política (1880-1959)

O que a pervivencia da economía política do réxime de agras lle negara á agricultura galega durante séculos -as melloras tecnolóxicas e a capitalización- comezou a chegar de fora a partir do último tercio do século XIX. A imparábel industrialización británica activara unha forte demanda de carne de vacún para alimentar á crecente masa obreira urbana que supuxo unha vía inicial de capitalización do agro galego. Tal e como documenta Villares, até 1880 víñanse exportando cara a Gran Bretaña, xa fóra directamente ou a través de Portugal, entre trinta e corenta mil cabezas de gando vacún; un proceso que supuxo a inserción da economía agraria no mercado, ao pecharse por primeira vez no seu seo un ciclo económico completo de produción, distribución, consumo e investimento. Porén, ao redor desa data, o mercado europeo vaise ver inundado de produtos agrarios ultramarinos (trigo e sobre todo carne) moito máis baratos que os producidos en Europa, o que desatou unha crise de prezos agrarios que afectou a toda Europa e, por suposto, tamén a Galiza de forma particularmente singular.

En efecto, esta crise provocou unha reacción de carácter proteccionista común a toda Europa para defender os mercados interiores da competencia exterior, o que posibilitou que, na Galiza, a exportación de gando vacún se reorientara cara o mercado do resto do Estado. Pero tamén tivo o efecto de erosionar os ingresos dos rendistas, que viron como as rendas e todo o edificio agrario que as mantiña, deixaran de ser un negocio. Perdida a súa rendibilidade, a economía das rendas forais esbaeceuse con rapidez pero, en cambio, a parte non monetarizada da economía, é dicir, a economía agraria no seu conxunto, aínda estaba suxeita ás inercias institucionais e xurídicas do sistema foral, o que alongou artificialmente o inicio do proceso económico de capitalización agraria a través da redención dos foros, é dicir, o pago dunha indemnización pola extinción dos seus dereitos a cambio da plena posesión da terra para o campesiñado.

Nese contexto, a capitalización do campesiñado pola dobre vía da exportación de gando e a chegada das remesas dos emigrantes, especialmente de Arxentina, así como a súa capacidade organizativa a través da emerxencia do movemento agrarista, aceleraron a redención foral, que comezara a ser unha realidade espontánea xa nas postrimerías do século XIX (Villares, 1982). Dende entón até a década dos anos 1930, cando a maior parte dos foros xa está redimida, o proceso redencionista absorveu a maior parte da incipiente capacidade de capitalización do campesiñado, xusto no momento no que o resto das economías rurais da cornisa cantábrica daban o salto definitivo da súa inserción no mercado a partir da súa

especialización leiteira dinamizada pola industria de transformación (García Fernández, 1975).

O anterior supuxo un punto de inflexión que vai separar definitivamente a economía rural de Galiza das do resto da cornisa cantábrica, porque os procesos especulativos que se desenvolveron no marco da redención foral, aos que alude Beiras no seu *Atraso*, ou o que describe García Fernández (1975), en forma de fragmentación da propiedade agraria e de profunda *minifundización* do agro que hoxe coñecemos, farían aínda máis difícil a transición capitalista do agro galego cando esta fose posíbel. E iso non ía ocorrer -como se podía agardar- cando rematara o proceso redencionista porque, para cando o desmantelamento institucional e xurídico da economía agraria non monetarizada foi un feito, o país no seu conxunto estaba xa sumido na dinámica prebélica da Guerra Civil (1936-1939).

No posterior fracaso do modelo económico autárquico da posguerra, caracterizado pola penuria, a escaseza, o racionamento e o estancamento económico máis absoluto, as prácticas sociais dunha produción orientada á subsistencia e ao autoconsumo encaixaban como unha luva, ao tempo que a capitalización agraria iniciada poucos anos antes quedou bloqueada, detendo calquera posibilidade de desenvolvemento agrario. Este feito obrigou ao campesiñado a estirar as formas produtivas do réxime de agras, pero agora sen a urdime xurídica, institucional e social que o sustentaba, ou sexa, despojado da economía política que lle servira de fundamento dende os tempos altomedievais. O anterior conduciu á agricultura galega a un último e decrepito xiro involutivo e impediu unha vez máis unha integración plena nos mercados. Porén, as aldeas, sobre as que se organizaba a súa produción, en evolución inextricabelmente unida a unha rede viaria xa bastante desenvolvida dende a súa transformación conceptual do século XVIII, comezaron a ver reflexado, na súa progresiva desorganización, o inminente desartellamento ao que se ía ver sometido o que quedaba do modelo territorial do réxime de agras.

En consecuencia, a capitalización do campesiñado, aínda truncada na súa maior parte polos procesos redencionistas, bélico e posbélico, permite a emerxencia dun pouco numeroso campesiñado acomodado que, “preocupado por escapar da tutela da aldea, pero ao mesmo tempo desexoso de non alonxarse demasiado dela para non perder ningunha das ventaxes que podía ofrecer” (Bouhier, 1979), se sitúa nos bordes do labradío. Pero ao mesmo tempo, o retraso na monetarización e o mantemento da economía de subsistencia nun contexto de agobiante presión demográfica e de escaseza de terras, levou a multitude de campesiños con menos recursos a instalarse en terras marxinais ou ao borde das estradas nun intento por evitar, polo menos temporalmente, a emigración (Bouhier, 1979). Desta forma, a través dun dobre proceso de diferenciación social, foise rompendo a hexemonía indiscutíbel que durante oito séculos mantivo a aldea dispersa como unidade funcional de referencia do sistema de

asentamentos a través dunha dinámica de *emulsión* (Bouhier, 1979) ou (proto)diseminación¹⁰⁷ que pode detectarse ao longo de toda a primeira metade do século XX e que se viu extraordinariamente favorecida pola continua expansión da rede viaria.

Foi así como, aínda coa economía das rendas forais desaparecida tras a crise agraria finisecular, o proceso redencionista primeiro e a guerra e a autarquía despois, desprazaron no tempo -até a década de 1960- a espacialidade precapitalista da organización agraria propia do réxime de agras, a mesma que fora apuntalada sobre a construción do policultivo intensivo no século XVIII. Tras o duro e longo fracaso do experimento autárquico, un grupo de novos economistas “percátase da imposibilidade dun modelo permanente de desenvolvemento baseado na introspección” (Estefanía, 2007) e logrou poñer en marcha o fito fundamental da reactivación e reintegración do Estado español na economía mundial: o Plan de Estabilización de 1959. O que quedaba do réxime de agras –un modelo de asentamento poboacional en vías xa de desorganización pero aínda baseado fundamentalmente en aldeas compactas e dispersas artelladas por un viario de proximidade, servizo e acceso ao eido; e un sistema produtivo intensivo, refinado e coherente, pero descapitalizado, anacrónico e pechado sobre si mesmo - non foi quen de inserirse nun novo modelo económico que “abriu as portas a novas formas de produción e de vida, cuxo resultado habería de ser un cambio social acelerado nos aos seguintes” (Estefanía, 2007).

Cando as novas condicións económicas permitiron a reanudación do proceso de capitalización da economía agraria, o abismo organizativo que en termos espaciais separaba ao territorio da economía monetarizada da descapitalizada fíxose insalvável. A escala e o poder de transformación dos recursos mobilizados polos espazos monetarizados convertiuse xa en incomparábel coa produción social e material dos espazos descapitalizados. A fosilización do sistema de asentamentos, perceptíbel entón xa de xeito moi conspicuo no tamaño das rúas, das casas e até das portas e as xanelas, facíao incompatíbel cuns requerimentos habitacionais mínimos. Coa rápida reorientación ao mercado do sistema agrícola, o aillado sistema de relacións espaciais e produtivas da agricultura precapitalista entrou nunha fase de aguda desorganización a grande velocidade: o réxime de agras entrara, definitivamente, en quebra sistémica. Unha quebra que fora provocada, en definitiva, polo bloqueo da emerxencia do mercado como vector de organización económica do agro, debido aos intereses políticos do goberno centralista, primeiro, e aos intereses económicos da elite rendista, despois.

¹⁰⁷ Fariña Tojo, na súa obra *Los asentamientos rurales en Galicia* (1980) introduce a diferenciación léxica entre dispersión como o fenómeno de consolidación de núcleos de hábitat de pequeno ou mediano tamaño resultado da configuración previa dunha organización solidaria co sistema productivo, e diseminación como un proceso de aparición tardía vencellado á transformación do sistema produtivo e á suplantación do papel social predominante da aldea pola casa.

Lembremos aquí, un idea relacionada coa Teoría Xeral de Sistemas que se mencionou con anterioridade. Dende unha perspectiva sistémica e máis alá de posicionamentos filosóficos, éticos ou románticos sobre a natureza da inevitábel confrontación entre a economía de mercado e as vellas estruturas produtivas tradicionais vencelladas ao autoconsumo, cando dous sistemas con niveis organizativos moi dispares se atopan, a absorción do sistema máis sinxelo polo máis complexo é inevitábel, como parte da constatación do principio físico da explotación das partes disipativas –sinxelas- dun sistema polas partes autoorganizativas -complexas- do mesmo (Margalef, 1995). Así, ao igual que Wallerstein (1979) ou Wolf (1982) caracterizaron o modo no que a economía de mercado desartella as relacións sociais de produción das economías menos evolucionadas dos pobos non europeos, na Galiza, a penetración rápida dos novos circuitos de materia (insumos agrícolas, produtos industriais, maquinaria), pero sobre todo de información e de enerxía (combustíbeis fósiles, hidroeléctrica, entre outras) vinculados á economía de mercado, así como o diferencial en complexidade organizativa cos mesmos fluxos –materia, enerxía e información- sobre os que se organizaba o sistema produtivo tradicional, provocaron non só a súa desarticulación, ao ser os seus requerimentos funcionais incompatíbeis cos procesos de modernización derivados da chegada do sistema de libre mercado, senón tamén a súa quebra, ao producirse todos estes cambios a unha velocidade que fixeron imposíbeis fórmulas de adaptación ou transición.

De feito, os procesos que, de non mediar a redención foral e a Guerra Civil, levarían a un desartellamento progresivo do réxime de agras, iniciáranse cando a economía política do sistema señorial e do foro se viñeron abaixo. O primeiro e principal detonante constitúeo a inserción da economía agraria no mercado a través da especialización no gando vacún para a exportación, porque foi un proceso con profundas repercusións tanto económicas como espaciais. Dende o punto de vista económico supuxo, como xa foi comentado con anterioridade, o primeiro fito no proceso de capitalización da economía agraria; pero en termos de modelo territorial tivo un impacto aínda maior, pois a reorientación da economía agraria cara o mercado obrigou a substituír os eidos cerealistas por unha cada vez maior superficie adicada a pastos e cultivos forraxeiros, facendo así innecesarias as formas de organización colectivas sobre as que pivotaba a explotación do labradío e que constituían a razón última que dotaba de coherencia ao réxime de agras no seu conxunto.

Ademais, a difusión da maquinaria agrícola, pero sobre todo dos produtos químicos, liberou ao sistema agrario das prácticas culturais de fertilizado ligadas ao manexo do toxo, o que destruíu a complexa relación que até entón se mantivera entre *ager* e *saltus*. En consecuencia, púidose ampliar a superficie de pastos sobre boa parte do monte, así como a súa

organización espacial do antigo sistema de aldeas compactas pero dispersas- polo aceso ao mercado -como lóxica subxacente á diseminación do parque residencial- convertindo en norma os procesos de (proto)diseminación que até entón non foran senón síntomas de desartellamento do modelo territorial. Á estrutura radial da rede de camiños irradiada dende as aldeas como fórmula de vertebración do seu espazo produtivo viu sobrepoñerse a nova rede de estradas que interconetaban cidades e vilas. Ao seu paso polas aldeas, nos puntos de cruce cos antigos camiños, fóronse concentrando vivendas e servizos que antes só eran susceptibles de ubicarse nas vilas (Lois González, 1996; Rodríguez González, 1999), nun proceso que, por adición, vai compactándose ou alongándose sobre a estrada, dando así orixe ao arraigado fenómeno das vilas estrada (“villas carretera”). As remesas procedentes da emigración, que a principios de século supoñían un monto anual superior ao procedente da comercialización do gando vacún galego nas principais cidades españolas (Villares, 1982) contribuíu a acelerar o proceso no seu conxunto, ao introducir un volumen de recursos financeiros moi superior ao que a todavía titubeante economía local era quen de aportar (esquema 5.4).


Deste xeito, ao deixar de existir unha relación directa entre os usos do solo e o sistema produtivo porque é o mercado (ou a propiedade) quen establece esa relación –a través das regras abstractas propias-, pérdese a coherencia entre sistema produtivo e usos do solo, dado que a súa relación é espacialmente ilexíbel, posto que o mercado non discrimina usos, senón prezos (a través da oferta e da demanda). Así, provócase o efecto paisaxístico da desorde e caos tan característico dos espazos rurais urbanizados de Galiza, actuando como verdadeiro disolvente da paisaxe cultural herdada do réxime de agras.

O resultado destes procesos é un modelo territorial baseado nun sistema produtivo de carácter plenamente contemporáneo, pero cuxo sistema de asentamentos foi herdado do sistema tradicional, sendo esta a contradicción fundamental do mesmo. En tanto en canto o mercado e a accesibilidade (ou mobilidade) deveñen en lóxica de localización dos asentamentos, alá onde haxa mercado, haberá novos asentamentos. E hai mercado, loxicamente onde xa hai asentamentos, o que convirte o fenómeno atlántico da dispersión territorial nun problema estrutural sensibelmente distinto do *urban sprawl* ligado á desconcentración metropolitana propia dos sistemas urbanos ao longo dos últimos 30 anos.

Se, segundo datos do IGE, o sistema de asentamentos rurais de Galiza hoxe en día acolle ao 51% da poboación do país, pero o emprego do sector primario supón unicamente un 9% do total –e o seu PIB menos do 5%-, podemos entender a magnitude do problema e o carácter verdadeiramente contraditorio do actual modelo territorial, cuxa demostración estrutural máis evidente radica no feito de que a desagrarización da economía non foi seguida por unha desruralización da poboación, senón dunha crecente urbanización do medio rural.

Un feito no que a influencia do espazo herdado da desarticulación del modelo territorial tradicional dista moito da de ser un simple soporte físico.

Esquema 5.5. Hipótese do modelo territorial actual na Galiza.



Fonte: elaboración propia, 2016.

5.5.- Síntese interpretativa e hipótese inicial do colapso territorial

A partir do século XIII, a incardinación do modelo territorial do réxime de agras na economía política da sociedade feudal (relacións de propiedade, produción, consumo e reparto da riqueza), orixina unha estrutura económico-espacial á que denominamos economía política do réxime de agras, artellada polo foro como elemento institucional central e de extraordinaria lonxevidade histórica en virtude dun proceso involutivo no que as condicións espaciais reforzan as económicas e viceversa.

O seu ciclo involutivo baséase nunha inestabilidade próxima ao equilibrio entre a espacialidade da organización agraria e a economía das rendas forais. Esta situación foi consecuencia da grande capacidade do sistema produtivo para manter un constante incremento das rendas extraídas do campo, a través das oportunas e escasas transformacións espaciais ligadas a sucesivas innovacións e cambios desenvolvidos polo campesiñado sobre a organización agraria; sempre en base a un incremento da forza de traballo dadas as condicións de descapitalización e estancamento tecnolóxico.

As dúas transicións históricas fundamentais de Occidente -do feudalismo ao Estado centralizado do Antigo Réxime e deste ao Estado liberal moderno- fundaméntanse, en certo sentido, en outros tantos ciclos involutivos, potenciando cada un deles timidamente o espazo urbano pero fosilizando o sistema de asentamentos rurais tanto en termos funcionais como morfolóxicos e edificatorios. Porén, é precisa unha crecente evolución da rede viaria que une o sistema productivo cos mercados urbanos (en función do crecemento físico das rendas), pero non da que vertebra o acceso e o servizo do espazo agrario. Ponse así de manifesto unha crecente fenda organizativa entre o territorio da economía monetarizada, que segue as leis do libre mercado e que soporta o sistema de asentamentos urbanos e camiños, e o territorio vinculado á produción agrícola, que segue unha lóxica espacial estritamente produtiva desligada da oferta e da demanda. Unha fenda que seguiría ensanchándose mentres non quebre, polo menos, un dos dous piares da economía política do réxime de agras: a rendabilidade económica do sistema foral ou a capacidade do espazo agrario para alimentar o seu crecemento económico a través da súa intensificación produtiva. A exitosa adaptación agrícola do millo e a pataca apuntala de tal forma o piar espacial e produtivo do sistema que este último só sucumbiu diante das acometidas económicas da crise dos prezos agrícolas de finais do século XIX.

Tras esa crise, e perdida a súa rendibilidade, a economía das rendas forais esbaécese con rapidez, aínda que a economía agraria, suxeita aínda as inercias institucionais do foro, alonga o inicio do proceso capitalización agraria debido ao fenómeno redencionista, primeiro bélico e posbélico, despois. Iso levou ao agro galego a un último ciclo involutivo, obrigando ao campesiñado a estirar as formas produtivas do réxime de agras, pero xa despoixadas da economía política que lle servira de fundamento dende os tempos altomedievais. Cando o comezo do lento despegue económico da década de 1960 permite a reanudación da capitalización agraria, a fenda organizativa, que en termos espaciais separaba ao territorio da economía monetarizada da descapitalizada, convirtiuse nun abismo insondábel, provocando a quebra sistémica do que quedaba do réxime de agras. Unha quebra que, ao bloquear as posibles fórmulas de transición da economía agraria tradicional á capitalista, sumiu ao territorio nunha forte inestabilidade espacial.

A escala e o poder de transformación dos recursos mobilizados polos espazos monetarizados fíxose xa incomparábel coa produción social e material dos espazos descapitalizados. A reorientación cara o mercado do sistema agrícola desartella a organización colectiva da explotación das agras, o que provoca a individualización da unidade básica de poboamento, perdendo así a aldea o seu sentido funcional. Pola súa banda, a rede viaria permite entón, a substitución do sistema produtivo como vector de organización espacial do antigo sistema de aldeas compactas e dispersas, polo acceso ao mercado como lóxica subxacente á diseminación do novo parque residencial, quedando así configuradas as

bases espaciais sobre as que se levantará o proceso de desenvolvemento económico, social e cultural até a actualidade.

5.5.1.- Desconcerto e deriva: evolución recente do modelo territorial e proceso de urbanización do medio rural (1959-2002)


Tradicionalmente, asóciase os procesos de urbanización aos de industrialización e migración dunha forma causal (Solá Morales, 1997). Na Galiza, en certo modo, isto non foi así. Antes ao contrario, pódese aceptar que existiu, en parte, un proceso de urbanización rural atomizada e o seu correlato espacial: o que poderíamos chamar, núcleos rurais de morfoloxía urbana. Trátase de antigos núcleos rurais con funcións comerciais sobre os que se concentraron certas dinámicas de urbanización nun contexto que continuou sendo, até o día de hoxe, eminentemente rural. A orixe destes procesos hai que rastrealo na colusión de dous fracasos. Dun lado, o fracaso da industrialización de base urbana que Carmona e Nadal (2005) ubican, máis alá das consecuencias inmediatas da Guerra Civil, na dependencia da industria marítima-pesqueira e o seu afogamento ao carecer dun subsector asociado de servizos ás empresas, así como na crise da banca dos anos 1920 (Carmona e Nadal, 2005).

De outro, a quebra sistémica do modelo agrícola tradicional, tan intensivo como era en man de obra, expulsa a un grande continxente de poboación activa, que, diante do fracaso industrial e a reducida capacidade de xeración de emprego existente, debe elixir entre dúas opcións, a emigración ou o acomodo económico na construción incipiente, na feble expansión do sector terciario polas áreas rurais ou en fórmulas mixtas de emprego e/ou subemprego urbano (complementando moi frecuentemente a súas rendas monetarias con certos niveis de produción agropecuaria de autoconsumo). Esta produción, a partir da explotación intensiva e individual das hortas de “traspatio”, non esixe o mantemento do vello e complexo sistema agrario tradicional, o que permite apoiarse na nova rede de estradas e nas vantaxes da accesibilidade rodada para localizar as novas vivendas perto da antiga vivenda familiar e construíla dacordo ás novas necesidades.

Non é agora momento de estudar a lóxica global do proceso urbanizador industrial en Galiza; pero si, dende unha óptica estritamente local, as dinámicas socioeconómicas que se deron -en parte como consecuencia dese contexto xeral do fracaso da industrialización- e sobre os que se apoiaron nos procesos de urbanización rural atomizada e na emerxencia dos núcleos urbanos rurais. Procesos que de ningún xeito constitúen un fenómeno de aparición súbita e inesperada, senón que derivan dos efectos acumulativos que xeran sobre ditas dinámicas as políticas públicas que modelan e regulan o mercado.

Un dos aspectos máis decisivos tanto na conformación do modelo territorial contemporáneo como na orientación da economía moderna no ámbito rural foi a necesidade de construír un espazo acorde coa realidade económica vixente ou, dito doutro xeito, de conter o abismo que se abrira entre o espazo da economía monetarizada e o da economía agraria descapitalizada. A herdanza dun sistema asentamentos incompatible con requirimentos habitacionais fixo concentrar os primeiros froitos da capitalización agraria na substitución masiva dun parque de vivendas obsoleto e superado pola realidade técnica e económica (De Llano, 1996).

Esquema 5.6. A diseminación como proceso estrutural.



Fonte: elaboración propia, 2016.

Apoiado sobre esta dinámica de mercado carácter doméstico de demanda de vivenda rural, a construción emerxe como un auténtico puntal na xeralización da economía de mercado no rural, grazas á súa capacidade de arrastre ou de indución sobre outros subsectores a través de sucesivos encadeamentos produtivos cara atrás (materiais de construción, servizos financeiros...) e cara adiante (fabricación de mobles, cociñas, menaxe do fogar, servizos inmobiliarios ...).

Cando actúan sobre ela dúas políticas públicas confluíntes -a agraria e a do solo- esta demanda de vivenda rural unifamiliar devén en proceso estrutural de diseminación (esquema 5.6), ao trascender o ámbito doméstico valéndose de políticas públicas implantadas masivamente no territorio: mentres a política agraria de concentración parcelaria estende espacialmente, a través da construción de novos viais, o principal factor de localización da vivenda -a accesibilidade-, a política do solo permite a edificación de vivendas e instalacións agrarias por “onde se queira”, interpretando que a desregulación da localización de iniciativas

agrarias (incluída a vivenda) é un necesario incentivo para o desexado desenvolvemento agrario (imaxe 5.4).

Imaxe 5.4. Parroquia de Marrozos (Santiago de Compostela), 1956- 2008.



Fonte: Elaboración propia, 2016 a partir de SITGA, Xunta de Galicia.


En consecuencia, pódese sinalar que a diseminación non constitúe unha morfoloxía tradicional, e que a súa orixe, tal e como a coñecemos hoxe en día, radica nos efectos acumulativos dos dous procesos sinalados. En primeiro lugar, un de carácter endógeno -a *protodiseminación*- como consecuencia espacial tanto da pervivencia tardía do réxime de agras (atraso na monetarización) como do seu incipiente desartellamento (campesiñado con máis recursos) e outro ligado ao proceso de transformación produtiva baixo dinámicas de signo oposto, é dicir, implantadas dende o exterior.

O feito de que ambos procesos, similares na forma, pero radicalmente diferentes na súa xénese, se sucedesen no tempo, contribuíu en boa medida a que o proceso de substitución da dispersión de aldeas (máis ou menos compactas) -como modo tradicional do poboamento de Galiza- pola diseminación de vivendas -como elemento sobrevido- fose considerado como natural e até xurdido da dinámica interior do propio sistema territorial, xerando unha *confusión*, que foi benvida polos principais actores sociais involucrados (Rodríguez González, 1999): propietarios, por un lado, na súa lexítima búsqueda de solucións habitacionais o máis próximas posíbeis á súa herdanza cultural; por outro, unha Administración pouco consolidada e comodamente instalada nunha política clientelar baseada nun singular *laissez faire* que condicionou á lóxica do favor debido.

Pero, sobre todo, contribuíu decisivamente a considerar como tradicionais unhas morfoloxías de crecemento do tecido edificado que non tiñan nada de tradicional (agás, nalgúns casos contados, as tipoloxías edificatorias) -e si de sobrevido- ignorando deste modo, a magnitude dos efectos acumulativos que tivo a secuencia cronolóxica dos feitos analizados, e alimentando así certos discursos esencialistas baseados na “querencia do galego polo modo de vida tradicional” que, con fondo raizame popular na sociedade rural, sirven para xustificar a existencia dun suposto dereito consuetudinario a edificar sobre a propiedade do solo, e calla igualmente na sociedade urbana, que os aceptan como propia da identidade colectiva do país, alterando así de xeito profundo, a percepción sociolóxica da antiga paisaxe cultural herdada. Polo tanto, semella posíbel concluir non unicamente que a diseminación non supón unha morfoloxía tradicional, senón que constitúe o desartellamento e desnaturalización da morfoloxía multiseccular de ocupación e uso do espazo.

A análise morfoxenética dos resultados espaciais destes procesos -nidiamente observabeis na imaxe 5.7- advierte sobre o falaz dese discurso, amosando a verdadeira natureza do que só foron os primeiros pasos da auténtica metamorfose que aínda estaba por chegar a boa parte do sistema de asentamentos rurais de Galiza.

Imaxe 5.7. Concello de Teo (A Coruña) 1956- 2008.



Fonte: Elaboración propia, 2016 a partir de SITGA, Xunta de Galicia.

5.5.2.- A urbanización inducida no medio rural galego

Na interacción desta inicial demanda de vivenda rural coa política do solo, instrumentalizada como ferramenta de capitalización da sociedade rural a través do fomento

do sector da construción, emerxe outro proceso, agora de carácter mercantil e especulativo, determinante no proceso de urbanización do rural: a oferta de vivenda urbana colectiva. En efecto, a por aquel entón recién aprobada Lei do Solo de 1956, garantizaba o valor real das plusvalías creadas pola acción planificadora, concedéndollas ao propietario do solo *ex ante* de calquera operación ou materialización de obra algunha, resolvendo así os problemas de financiación dun sector –o da construción- escasamente desenvolvido e os duns propietarios minimamente capitalizados (García Bellido, 2005).

Deste xeito, durante a época do denominado “desarrollismo” a actividade construtora, baseada nunha iniciativa privada moi atomizada (sen apenas existencia de grandes empresas construtoras ou promotoras), observa reflexada no planeamento urbanístico a garantía das plusvalías derivadas da transformación urbana dos agregados de parcelas máis centrais (na práctica das parcelas ubicadas ao pé das vías de comunicación), sen esixir unha mínima transformación da estrutura parcelaria existente –é dicir, sen xestión urbanística- dada a falla de condicións para a agregación tanto de solo como de capitais, (autopromoción, falla de concentración do capital pola debilidade propia do sector, complexidade da estrutura parcelaria, entre outras).

Foise construíndo así, un urbanismo *improvisado* que, tras a chegada da democracia, e a pesar das reformas legais seguía sendo considerado máis como unha ferramenta de promoción económica e enxeñería social que como un instrumento de ordenación espacial. En consecuencia, boa parte das ferramentas de planeamento das décadas dos 1980 e 1990, redactáronse baixo a premisa política dos gobernos autonómicos de contención do despoboamento do rural, que foi refrendada dende as competencias urbanísticas municipais mediante a xeración de estratexias de atracción da poboación rural das aldeas cara aos núcleos principais, especialmente as cabeceiras municipais e comarcais.

Para iso, a propia administración autonómica embarcou nunha política de extensión de servizos básicos cara esas “novas cabeceiras” (saúde, educación, equipamentos deportivos e sociais, así como redes de abastecemento e saneamento e outras infraestruturas básicas), ao tempo que os municipios tenderon a buscar fórmulas que non só facilitasen todo o posíbel a expansión do parque edificado, senón que revertisen economicamente en beneficio da veciñanza, ou sexa, dos propietarios do solo. Esas fórmulas foron as que se codificaron nos instrumentos de planeamento a través de dúas estratexias, a minimización dos costes de urbanización e a maximización de apropiación privada das plusvalías orixinadas polo propio crecemento inmobiliario. Neste sentido, conseguiuase que a inclusión do maior número posíbel de parcelas en solo urbano fose mediante unha determinación directa ou através de figuras como o solo de núcleo rural, sendo así obxecto obrigado de licenza directa, e a redución ao mínimo dos solos suxeitos a procesos de xestión urbanística, facendo pivotar necesariamente

o crecemento dos núcleos urbanos en torno ás infraestruturas existentes que se convertían en espazos vertebradores do conxunto urbano ao “módico” prezo da construción de beirarrúas e a adecuación de mobiliarios urbano (alumeado público, principalmente).

En definitiva, os instrumentos de planeamento urbanístico unha vez chegada a democracia a finais do século XX estiveron orientados nestas áreas xeográficas ás que nos referimos, en síntese, do seguinte xeito:

- Sociolóxica e demograficamente, cara a fixación da poboación rural ou á súa translación aos espazos urbanos do municipio a través da provisión de servizos básicos
- Economicamente, cara a expansión da construción minimizando a xestión e os custos de urbanización
- Espacialmente, cara a densificación dos núcleos urbanos e a diseminación edificatoria sobre o medio rural

Os resultados espaciais deste planeamento viñeron condicionados polo xeito en que se trasladaron ditas estratexias ao espazo local a través duns códigos de localización de actividades e de ordenación morfolóxica relativamente sinxelos: canalizando a demanda de vivenda rural cara a periferia a través das ordenanzas de *cidade xardín*, e localizando a oferta de vivenda urbana nos lugares centrais ou, máis comunmente, aos lados das estradas mediante as ordenanzas habitualmente denominadas como *residencial denso*.


Así que, cando o redactor de planeamento diseña as súas propostas de ordenación urbana e as súas respectivas ordenanzas pensando nunha *cidade xardín* e nun *residencial denso* ideais, en realidade está codificando unhas volumetrías edificatorias e unha morfoloxía de carácter netamente urbano —e, xeralmente, masivo— nun entorno algunhas veces tan só *rururbano ou contraurbano* e na maioría das ocasións, case estritamente rural. Porén, a diferenza, verdaderamente sideral, entre o modelo plantexado e a realidade executada moitas veces tras varias décadas de vixencia dos instrumentos de planeamento, determina a distancia, igualmente sideral, que separa aos documentos urbanísticos da realidade que pretenden regular (imaxe 5.8).

Así, o planeamento establece —en teoría— uns límites ao tamaño e á concentración edificatoria, límites, por outro lado, moi por enriba de calquera estándar hoxe en día razoábel, pero non establece límites por abaixo¹⁰⁹, no entendido de que a propia expectativa de xeración de plusvalías ocasionará a substitución do tecido previamente existente e a compactación edificatoria de tipo urbano con tan só seguir as leis do mercado. Porén, a economía rural non

¹⁰⁹ Onde se establece un límite, pónase por caso, de B+6 alturas, non se establece a prohibición de edificar unha vivenda unifamiliar, ou un almacén, por exemplo; por tanto non discrimina tipoloxías nin usos.

se diversifica nin se desenvolve o suficiente como para sustentar un mercado inmobiliario de semellantes dimensións. Antes ao contrario, a vida económica asociada ás actividades rurais segue o seu curso de xeito que as dinámicas iniciais de demanda da vivenda como artigo de necesidade tamén atoparon acomodo no sector. Desta forma, a mellora xeral das comunicacións, unida á aparición de servizos nos núcleos urbanos rurais, conduciron á localización de vivendas que respondían a esa lóxica, xunto a edificios de vivendas que respondían á lóxica de mercado que, á súa vez, se aposentaba nas políticas públicas descritas, dada a falta de limitación *por abaixo* das tipoloxías edificatorias.


Imaxe 5.8. Planeamento urbanístico: do modelo á realidade.



Fonte: elaboración propia, 2016 a partir das NNSS do Concello de Cerceda de 1994.

Noutras verbas, tanto as políticas públicas sobre o solo, como a súa codificación en instrumentos de planeamento, foron en realidade políticas de carácter instrumental e especulativo cun obxectivo de fomento económico antes que de ordenación espacial, que teñen inducido procesos de urbanización rural alleos á estrutura territorial (esquema 5.7) e onde conflúen, sobre os mesmos espazos, tanto as dinámicas endóxenas propias do medio rural como as inducidas polas políticas públicas sectoriais sen que o planeamento fose quen de poñer orde sobre a situación, producindo así unha realidade desestruturada e caótica onde colisiona o negocio de construír cidades no campo xunto coa pervivencia do campo (socioculturalmente) na cidade rural.

Esquema 5.7. A urbanización rural como proceso inducido.



Fonte: elaboración propia, 2016.

5.5.3.- A natureza do modelo territorial tendencial e as formas do crecemento urbano no medio rural

Pódese afirmar que, dende a quebra sistémica do *vello complexo agrario* que definira Bouhier, o modelo territorial na Galiza configurouse a través da concorrencia de diversas políticas públicas sectoriais con efectos acumulativos de moi difícil replantexamento, e

tendentes, todos eles, a exacerbar os factores desencadeantes da enfermidade que do territorio está (morfo) xeneticamente máis predisposto a padecer: a dispersión territorial.

Deste xeito, a interrelación espacial de distintas políticas públicas sectoriais causaron unhas dinámicas –que non modelo- de carácter centrífugo: cada actuación sectorial incide cara a unha maior diseminación, incrementando así o distanciamento entre a matriz territorial herdada do réxime de agras –e depositaria da paisaxe cultural que se di querer protexer- e o *non modelo*, posto que esa é, en realidade, a verdadeira natureza do modelo territorial tendencial.

A pregunta que se pode plantexar entón é a seguinte: cara onde leva este *non modelo* territorial? O dito doutro xeito, onde están os límites destas dinámicas disipadoras e urbanizadoras? Os pares de imaxes seguintes axudan a dar respostas, en parte, a estas cuestións. O primeiro deles amosa o desenvolvemento urbano do núcleo de Cerceda (A Coruña) entre 1956 e a actualidade: pode ser un bo exemplo de núcleo urbano rural.

O segundo caso fai o propio con Arcade (Pontevedra), onde é posíbel identificar nidiamente tanto o proceso de diseminación como o da urbanización *uniliñal* ligada ás estradas. Pódese observar como no máis de medio século que media entre as dúas imaxes, practicamente non se abriron novas rúas (ausencia de elementos urbanizadores e sistemas vertebradores do espazo).

E o terceiro, correspondente a Vigo, amosa como a natureza dos procesos é idéntica independentemente da escala ou da tensión urbana do contexto. É dicir, que dispónse dun modelo urbanístico único, no que a natureza dos procesos de urbanización é independente do contexto. Un modelo capaz de intensificarse *ad infinitum* sen modificar os parámetros que o constrúen.

Imaxe 5.9. Cerceda (A Coruña) 1956- 2011.



Fonte: Elaboración propia, 2016 a partir de SITGA, Xunta de Galicia

Imaxe 5.10. Arcade (Pontevedra) 1956- 2011.



Fonte: Elaboración propia, 2014 a partir de SITGA, Xunta de Galicia

Imaxe 5.11. Lavadores (Vigo) 1956- 2011.



Fonte: Elaboración propia, 2016 a partir de SITGA, Xunta de Galicia

O desmoronamento da economía política foral a partir da crise agraria de finais do século XIX, inducira uns primeiros procesos de desorganización espacial do modelo de asentamento poboacional propio do réxime de agras que se poden conceptualizar como

protodiseminación. O seus efectos víronse multiplicados despois da implosión da diseminación residencial ao longo e ancho do territorio froito da quebra sistémica do propio réxime de agras como sistema de organización agraria e da substitución da produtividade agraria pola accesibilidade como vector de organización espacial do sistema territorial no seu conxunto. Diseminación que producida a través da colusión espacial de dous procesos: a demanda de vivenda rural coa que conter o abismo que se abrira entre o espazo da economía monetarizada e o da economía agraria descapitalizada; e a instrumentalización da política do solo como ferramenta de fomento económico, inducendo a aparición dunha oferta de vivenda urbana no campo.

Ambos procesos transformaron o sector da construción como puntal de desenvolvemento económico no espazo rural galego até o punto de inducir un fenómeno de urbanización do medio rural cuxos resultados espaciais foron conducidos por una xeración de instrumentos de planeamento incapaz de ordenar a actividade económica, producindo así unha realidade desestructurada e caótica onde confluíron o negocio de construír cidades no campo xunto coa pervivencia do campo na cidade rural. A interrelación espacial de distintas políticas públicas sectoriais amosan unhas dinámicas –que non modelo- de carácter centrífugo no que cada actuación sectorial incide cara a unha maior diseminación, sen que as reformas legais introducidas dende, polo menos, as máis recentes conseguisen frear o proceso.

5.6.- Complexidade e sustentabilidade: o novo capital espacial

Unha das conclusións máis inmediatas que podemos extraer da análise presentada até o momento neste apartado 5, é a natureza homoxénea e monofuncional dos espazos resultantes da aplicación do modelo urbanístico e territorial consignado en boa parte dos instrumentos de planeamento vixente. Un planeamento que se ten rexido por criterios espaciais que podemos considerar obsoletos dende a actual perspectiva interdisciplinar da cuestión.

En efecto, tal e como temos descrito con anterioridade, a densidade supón o criterio director das implantacións urbanas (ou que pretenden selo), mentres que a insularidade propia do modelo de ocupación do territorio das aldeas tradicionais deixou paso ao criterio de conectividade dos núcleos rurais, baseada nas infraestruturas viarias para a delimitación dos novos solos postos a disposición da demanda de vivenda unifamiliar. Como consecuencia, os espazos protexidos, ausentes por definición do modelo produtivo tradicional, aparecen unicamente como o negativo do resto de usos asignados ao territorio, é dicir, como un elemento meramente residual. O seguinte cadro trata de poñer de relevo eses conceptos territoriais sobre os que se fundamentan as determinacións emanadas do modelo plantexado.

Cadro 5.1. Criterios territoriais de referencia do instrumento de planeamento vixente

	NÚCLEOS URBANOS	NÚCLEOS RURALES	ESPACIOS PROTEXIDOS
SISTEMA TRADICIONAL	Inexistencia	Insularidade	Inexistencia
MODELO VIXENTE	Densidade	Conectividade	Residualidade

Fonte: elaboración propia, 2016

Por outro lado, obsérvase que, historicamente, o espazo inflúe sobre os procesos económicos tanto, coma estes sobre a configuración do modelo territorial (Harvey, 2007). E así como a histórica xestión agrícola do espazo tivo a capacidade de incidir sobre os procesos económicos até o punto de manter unha economía política de orixe feudal até o alborcer do século XX (ao tempo que está modelou á súa vez dito espazo), a actual xestión dese mesmo espazo, confiada como está ao planeamento urbano, semella estar bloqueando a súa capacidade para incidir sobre os principais procesos económicos que rexen na actualidade.


De feito, semella aceptado que a economía global induce á transformación de amplos espazos outrora rurais en coroas metropolitanas (procesos de periurbanización), porén pódese aceptar do mesmo xeito que, nin os espazos producidos pola urbanización rural inducida polo planeamento, nin a condución por este do propio proceso metropolitano semellen ter moita capacidade de incidencia sobre os procesos económicos en termos de localización de actividades e funcións urbanas sobre os espazos producidos. Así, cómpre ter en conta a homoxeneidade e a monofuncionalidade de boa parte do territorio metropolitano recente e da atonía urbana de moitos dos “núcleos rurais urbanos”. Por outra parte, a intensa ocupación do territorio resultante da indución da diseminación residencial hipoteca a marxe de actuación do planificador –e do político- que ve como case calquera proposta de operación urbana ou infraestrutural se encontra cunha paralizante e parcial oposición cidadana –e política-.

A razón desta incapacidade podemos evidenciala na dificultade que atopan eses espazos para condensar o que Edward Soja, entre outros, conceptualizou como capital espacial (Soja, 2005), é dicir, o conxunto de elementos ambientais, culturais, institucionais, informacionais e, por suposto, espaciais, que se condensan nas eficiencias propias das economías de localización e urbanización.

Agora ben, que cuestións e atributos resultan necesarios e indispensábeis para xerar capital espacial? A evolución da teoría do desenvolvemento económico constitúe a historia da resposta a esta pregunta, pero se hai un concepto que permea consensuadamente todas as respostas aportadas, podería ser o de complexidade. Complexidade entendida en termos territoriais como unha grande diversidade de actores sociais cun alto nivel organizativo e un

elevado nivel de interactividade entre eles capaces dun profundo despregue de actividades polo espazo¹¹⁰ (Rueda, 1995).

Imaxe 5.12: Exemplo cartográfico da análise do Grado de Complexidade no Concello de Abegondo¹¹¹



Fonte: Axenda 21 Consorcio de As Mariñas, 2012

A complexidade atende á organización territorial, ao grado de mixticidade de usos e funcións implantadas nun determinado espazo. A complexidade supón o reflexo das interaccións que se establecen no territorio entre os entes organizados, tamén denominados persoas xurídicas: actividades económicas, asociacións, equipamentos e institucións. Neste sentido, a complexidade está ligada a unha certa mestura de orde e desorde, mestura íntima que nos sistemas territoriais pode analizarse, en parte, facendo emprego do concepto de diversidade. Os organismos vivos e, sobretudo, a humanidade e as súas organizacións, son

¹¹⁰ Aínda que a definición de complexidade que propón Salvador Rueda resulta máis complexa –permítase a redundancia– temos seguido os conceptos plantexados na súa obra á hora de propor unha dun xeito, se cadra, máis intuitivo.

¹¹¹ Para a realización da cartografía presentada elaboráronse una serie de capas de información xeográfica co obxecto de introducila e analizalas nun programa GIS. A capa base fundamental é unha cobertura pixelada a modo de cuadrícula do conxunto do territorio. Sobre ela colócanse unha serie de capas realicionadas coa ubicación das máis distintas actividades económicas, sociais, culturais, deportivas ou sanitario-asistenciais. Finalmente, crúzanse ambas capas determinando unha “densidade” de actividades humanas por cuadrícula, podendo, así, establecer un valor de complexidade. Deste xeito, é posible cuantificar varios usos nun mesmo punto (poñamos por caso unha parcela que acolle varias actividades) e levar a cabo unha análise en relación coas tipoloxía edificativas ou coa configuración dos sistemas viarios.

portadoras de información e atesouran, de forma dinámica no espazo e notempo, características que nos indican o grado de acumulación de información e tamén da capacidade para influír significativamente no presente e prognosticar sobre o futuro.

A “complexidade” constitúe unha perspectiva nova e marxinal na ciencia contemporánea e, nomeadamente, no eido das ciencias sociais e da xeografía en particular; o seu carácter de novidade radica en que o seu estudo implica, en boa medida, unha fractura ou discontinuidade na historia da ciencia ou, máis precisamente, na racionalidade científica occidental. A complexidade introduce, no terreo das ciencias sociais, unha racionalidade post-clásica que habilita e incorpora problemas ignorados ou vetados polo pensamento científico moderno. Estes problemas involucran, nun sentido non exhaustivo, cuestións relativas á desorde, ao caos, á non-liñalidade, ao non-equilibrio, á incertidumbre, á contradicción, ao azar, á temporalidade, á emerxencia, ou á auto-organización. A complexidade pode entenderse, polo tanto, como un paradigma científico emerxente que involucra un novo modo de facer e entender a ciencia, estendendo os límites e criterios de científicidade, máis alá das fronteiras da ciencia moderna, ancoradas, por outro lado, sobre os principios reitores do mecanicismo, o reduccionismo e o determinismo (Rodríguez e Leónidas, 2011).

A complexidade como obxecto de reflexión estivo ausente dos grandes debates da filosofía da ciencia do século XX; de Viena a Popper, e destes á filosofía post-empirista (post-kuhniana e post-popperiana), de feito a complexidade no foi unha cuestión pensada e debatida polos grandes referentes da filosofía da ciencia, como si o ten sido, a verdade, a indución, a racionalidade ou os valores. Así, a complexidade, en tanto problema, conxunto de teorías e métodos e, nun sentido máis xeral, como campo de estudos da ciencia contemporánea, ou mellor aínda, como un paradigma científico emerxente, posúe incluso unha natureza máis marxinal nas ciencias sociais e humanísticas que nas naturais ou físicas. A epistemoloxía e metodoloxía das ciencias sociais, dun lado; e as teorías contemporáneas da complexidade, do outro, constitúen dous mundos con escasos puntos de conexión establecidos e con poucas pontes artelladoras até o momento (Rodríguez e Leónidas, 2011).

Porén, e para ser xustos coa historia, cómpre introducir unha afirmación hipotética que matice a afirmación realizada. Se ben a complexidade constitúe unha novidade na historia da ciencia contemporánea, e mesmo pode afirmarse que supón “un novo tipo de ciencia”; os problemas aos que se refire, -e nun sentido máis xeral, as propiedades coas que adoitan caracterizarse aos sistemas complexos (evolución non liñal, auto-organización, emerxencia, transicións orde/caos, continuidade e o cambio de estruturas, entre outros)-, foron cuestións tematizadas baixo outras denominacións por distintas tradicións das ciencias sociais (Hegel e Marx, por exemplo), e estiveron presentes por décadas na historia do pensamento filosófico.

En calquera caso, sería erróneo, e cómpre ser cautos ao respecto, tratar como equivalentes ás teorías da complexidade e as liñas de pensamento referidas. Podería ser, do mesmo xeito, ilexítimo, buscar analogías directas e liñais entre os conceptos e termos dunha e outra perspectiva. En todo caso, esta dicotomía permite precisar unha senda de investigación pouco explorada aínda, relativa á realización dunha xenealoxía da idea de complexidade na historia da filosofía e da ciencia. No tocante ao presente traballo, abórdase o concepto de complexidade como unha cuestión clave da conformación dun sistema territorial. O concepto de complexidade chega até a xeografía, e neste caso á xeografía humana, fortemente vinculada á Teoría Xeral de Sistemas, xa que se vai entender como un atributo fundamental da composición e do funcionamento dos mesmos. Emerxe como un fío condutor útil para resolver o problema manifesto ao que se enfronta calquera ciencia social; coñecer e explicar as diferenzas, discontinuidades, relacións e tendencias dun país ou rexión ou as interrelacións nun grupo de individuos.

Probabelmente, as achegas de Quesada (1978) e López Trigal (1985) foron das primeiras en recoñecer no contexto ibérico, a importancia da medición do grao do complexidade dun sistema para dar explicación á converxencia e aos efectos combinados producidos pola manifestación de múltiples factores sobre un feito espacial concreto. Se cadra, é posíbel aceptar que esta posición científica xurde, ao igual que a(s) xeografía(s) do suxeito ou que a xeografía radical, como alternativa á hexemonía que, dende a década dos 1950 e, con maior intensidade, dos 1960, estaba a exercer a denominada Nova Xeografía de base teórica e cuantitativa. O emprego do “sistema” como ferramenta de análise, ofrecía a posibilidade de incorporar variábeis non cuantificábeis por métodos de computación e que tiñan unha natureza espontánea e excepcional no comportamento social. Dalgún xeito, a Teoría Xeral de Sistemas foi introducida como un intento por facilitar un camiño para a sistematización dos procesos xeográficos, que no eido da xeografía humana atopaba frecuentes obxeccións cando só se aplicaban os fundamentos da Nova Xeografía.

Partindo dunha definición xa clásica do concepto de sistema, pódese admitir que se trata dun “complexo” de elementos interactuantes. Por tanto, enténdese que o funcionamento do mesmo depende da multiplicidade de roles que pode exercer cada elemento pero tamén na capacidade de retoalimentación existente, establecéndose así unha xerarquía. Por exemplo, pensemos dende un punto de vista espacial nun sistema territorial. A base de tal conxunto podería vir determinada polo parcelario que, a súa vez, pode asumir diversos usos e moi distintas funcións (determinadas por diversas regulacións). Cada parcela ao asumir o seu rol, interactúa coas restantes parcelas do sistema, para ben ou para mal. Pénsese nunha parcela que ten un uso como vertedoiro ou noutra que o ten como espazo forestal e imaxinemos despois á influencia que exerce cada unha delas inseridas nun sistema (por exemplo, sobre o prezo de mercado das mesmas). Os roles (usos e actividades) que asume cada parcela, emite,

directa ou indirectamente, unha influencia sobre cada un dos elementos que compoñen un sistema e sobre a globalidade do mesmo. Pero en función do efecto combinado dos roles de todos os elementos, as interrelacións intensificáronse chegando a un nivel de complexidade cada vez máis elevado. Neste sentido, a complexidade dependerá en última instancia da cantidade de roles que pode xogar cada elemento (pensemos nunha parcela con varios usos). Así, “un sistema constitúe un conxunto de elementos operativamente relacionados entre si de xeito que se interinfluencian mutuamente, adoptando as variábeis que lles representan unha interdependencia ligada por procesos en retroalimentación e cuxo comportamento global interesa formalizar e cuantificar” (Quesada, 1978). En consecuencia, o grao de complexidade dun sistema virá determinado pola multiplicidade de relacións funcionais existentes.

Aos efectos prácticos dos que aquí interesa, é dicir, medir a complexidade dun sistema territorial, se cadra, as achegas elaboradas pola Axencia de Ecoloxía Urbana de Barcelona resultan clarificadoras. As súas ferramentas de representación xeográfica (por tanto de base espacial) de indicadores teóricos vinculados á natureza social dun sistema, supoñen unha solución orixinal para a medición do grao de complexidade. A idea de partida é sinxela; por unha banda, identificar unha serie de elementos “fixos” que confiran unha base espacial para a análise (parcelario, tecido edificado, sistema viario) e, por outra, determinar unha clasificación de atributos que respondan aos diversos usos e actividades humanas. De tal xeito que para cada un dos “roles” ou funcións do sistema territorial, existen unha serie de atributos de medición e observación.

Cadro 5.2.- Exemplo de atributos e funcións para a medición da complexidade.

FUNCIÓNS	ATRIBUTOS
Espazo Público	m ² de prazas nº de bancos nº de fontes
Mobilidade	nº de prazas de aparcamento nº de paradas de autobuses nº de pasos de peóns nº de semáforos km carrís bici
Vivenda	nº de edificios nº de vivendas nº de vivendas baleiras
Comercio	nº de tendas nº de caixeiros nº de baixos baeleiros
Turismo	nº de hoteis nº de bares
Sinalética	nº de sinais nº de luminarias
Ambiente	emisión de CO ₂ m ² de espazos verdes nº de puntos limpos
Viario	km de vías km de beirarrúas

Fonte: elaboración propia, 2016.

O exemplo dos atributos do cadro 5.3 determinan a función de cada elemento do sistema. A densidade dos mesmo en relación á súa condición territorial reflectirá unha “intensidade” ou un nivel de ocupación. En ocasións, resulta difícil empregar unha base espacial concreta e por iso recórrese á elaboración teórica dunha trama de celas ou píxeles que se superpón. A complexidade, finalmente, virá determinada polo sumatorio de todas as funcións e intensidades detectadas, dando lugar a unha serie de interrelacións, máis ou menos, múltiples. O paso seguinte será determinar, a través da observación do comportamento do sistema, se esas interrelacións constrúen unha retroalimentación positiva ou, se pola contra, provocan disfuncións no mesmo. Noutras palabras, non sempre unha maior densidade de atributos fai aumentar a complexidade do sistema; pénsese dun espazo cunha intensa ocupación de sinais; ao final acaba por non cumprir coa súa función.

As estratexias territoriais que permiten incrementar o índice de complexidade son aquelas que buscan o equilibrio entre usos e funcións do espazo a partir da definición dos condicionantes urbanísticos e paisaxísticos. Trátase de, entre outros obxectivos, aproximar ás persoas aos servizos e tamén aos lugares de traballo, entendendo que iso reduce o consumo de enerxía, ou noutras palabras, simplifica as interrelacións entre os elementos dun sistema. Indicadores como os de autocontención (poboación ocupada que traballa no mesmo municipio) e autosuficiencia (postos de traballo no municipio ocupados por residentes) permiten coñecer o grado de proximidade entre residencia e traballo (Rueda, 1995). Á súa vez, en cortes temporais sucesivos, os indicadores de complexidade (diversidade) amosan a madurez do tecido urbano e a riqueza do capital económico, do capital social e do capital biolóxico, así como do espacial.

Cómpre pois, por motivos que irán saíndo no decorrer do capítulo seguinte, profundar, neste concepto de complexidade. En si mesmo constitúe un indicador sintético que informa da organización do sistema urbano (graou de complexidade urbana), xa que cada un dos portadores de información (persoas xurídicas) renovan a súa "supervivencia" cada día para garantir a súa permanencia. Pola súa banda, o índice de diversidade revela múltiples variábeis de análise que poen de relevo aspectos asociados coa forma de organización actual do sistema e as estratexias de planificación futura tanto a nivel de edificación como de mobilidade urbana.

Pero non todo o territorio pode –nin debe- ser complexo. Por iso ecómpre cambiar os parámetros conceptuais que até tempos recentes guiaron a redacción do planeamento e substituílos por outros incardinados nun novo paradigma no que a complexidade urbana debe ir da man da sustentabilidade ambiental. Deste xeito, si a complexidade constitúe o principio director ao que deben apuntar as políticas de intervención sobre os espazos urbanos, a

sustentabilidade debe desprazar á densidade, o outrora paradigma do urbano, ao ámbito da xestión dos núcleos rurais por dous motivos: en primeiro lugar, por criterios de estricte sustentabilidade económica e ambiental, pero tamén como paso previo e necesario para a articulación de medidas tendentes á especialización funcional dos núcleos rurais que eviten ou revirtan, na medida do posíbel, os actuais procesos de homoxeneización nestes ámbitos (González, 2010).

Cadro 5.3. Evolución dos criterios de referencia para unha estratexia territorial de carácter metropolitano

	NÚCLEOS URBANOS	NÚCLEOS RURAIS	ESPAZOS PROTEXIDOS
SISTEMA TRADICIONAL	Inexistencia	Insularidade	Inexistencia
MODELO VIXENTE	Densidade	Conectividade	Residualidade
PARADIGMA CONTEMPORÁNEO	Complexidade	Densidade	Conectividade

Fonte: Elaboración propia, 2016.

E por outro lado, a conectividade, que dirixiu –probabelmente de forma subxacente– sobre criterios de delimitación dos solos de núcleo rural, debe desprazarse á súa vez cara o ámbito dos espazos protexidos como reflexo dunha decidida estratexia que poña couto ao risco de incorrer no que se podería denominar a inversión da matriz territorial: pasar dun territorio rural-natural no que existían illas urbanas, a un territorio urbanizado con illas de espazos naturais (González, 2010).

Outra das conclusións que se pode extraer dos exemplos anteriores é que aquilo que está transformando a paisaxe construído galega é o que anteriormente se definiu como o vector de organización espacial de modelo territorial: “a accesibilidade. A asociación primaria entre accesibilidade e localización constitúe a relación que subxace na desnaturalización do sistema de asentamentos galegos e supón, ao mesmo tempo, a relación básica sobre a que se fundamenta o planeamento urbanístico en Galicia” (González, 2010); até tal punto, que a cristalización das dinámicas territoriais a través da execución do planeamento ten levado á práctica disolución da moi singular paisaxe cultural que constitúe unha herdanza de hai tan só cinco décadas.

En consecuencia, a paisaxe cultural do réxime de agras foi o resultado dun ríxido código de relacións espaciais e funcionais entre os sistemas produtivo y de asentamentos arbitradas por un vector de organización espacial diferente –a produtividade agraria– cuxa

substitución polo actual ten ocasionado un agudo proceso de degradación paisaxística. Polo tanto, a súa xestión patrimonial debe concentrarse sobre as propostas de ordenación e protección de ambos sistemas: produtivo (primario), e de asentamentos, regulando con especial atención as relacións entre eles.

Esquema 5.8. Dinámicas territoriais de transformación da paisaxe cultural do réxime de agras.

DINÁMICAS TERRITORIAIS DE TRANSFORMACIÓN DA PAISAXE CULTURAL DO RÉXIME DE AGRAS			
	MODELO TERRITORIAL TRADICIONAL		MODELO TERRITORIAL ACTUAL
ELEMENTOS CONFIGURADORES	Economía de autosubsistencia	Lóxica económica subxacente	Economía autocentrada no proceso de crecemento inmobiliario (O urbanismo como política de fomento económico)
	Producción agropecuaria (Sistema produtivo)	Elemento organizador do modelo territorial	Mercado do solo (Sistema viario) (Sistema viario)
	Producción agrícola	Vector de organización espacial	Accesibilidade
CARACTERIZACIÓN PAISAXÍSTICA DOS RESULTADOS ESPACIAIS	Resultado directo do sistema produtivo Coherencia entre sistema produtivo e sistema de asentamentos	<i>Territorio: usos do solo</i>	SopORTE físico do conxunto. Incoherencia entre un sistema produtivo moderno e urbano e un sistema de asentamentos herdado e rural
	1. Producción agropecuaria organizada en labradíos en réxime de explotación intensiva sustentada polos aportes materiais do monte 2. A aldea como unidade de referencia para a ocupación do territorio pola edificación	<i>Carácter: procesos de construción social do espazo</i>	1. O mercado e a accesibilidade como reguladores do patrón de ocupación do solo 2. A urbanización do medio rural a partir da asociación primaria entre localización edificatoria e accesibilidade, desnaturaliza o sistema de asentamentos a partir de dous procesos: - Diseminación da vivenda unifamiliar rural - Indución da urbanización mediante a colusión das políticas de solo e urbanística 3. Reconfiguración produtiva do monte: reconversión forestal ou abandono
	Relación entre os usos do solo e sistema produtivo ESPECIALMENTE LEXÍBEL a través do vector de organización espacial: a produtividade agrícola. (percepción visual de orde e coherencia)	<i>Percepción: lexibilidade e coherencia</i>	Relación entre os usos do solo e sistema produtivo ESPECIALMENTE ILEXÍBEL a través do mercado vector de organización espacial: (percepción visual de desorde e incoherencia)
	↓		↓
	Paisaxe cultural do réxime de agras		Disolución da paisaxe cultural do réxime de agras

Fonte: elaboración propia, 2016.

A pesar de que a lexislación vixente e pasada en materia de ordenación urbanística e regulación dos usos do solo, ven sendo desnaturalizada en función dos procesos que se veñen sinalando, os modestos resultados obtidos até o momento pódense identificar en dous fenómenos: no limitado alcance real do territorio sometido a instrumentos de planeamento adaptados á lexislación vixente, en primeiro lugar; e na incompreensión, por parte do lexislador, dos procesos que teñen deturpado precisamente o medio que se pretende protexer dende a superficialidade estética e formal. Especialmente grave resulta, a ditos efectos, o feito de non ter sabido –ou de non ter querido- identificar a accesibilidade como elemento clave na desnaturalización do sistema de asentamentos tradicional, facendo moi pouco para conter o principal proceso de destrución -a transformación das aldeas e núcleos rurais en “vilas estrada” ou “vilas dormitorio”- daquilo que se dicía querer conservar, co feito paradoxal de que dito

código lexislativo estivo consagrada cara a protección desa paisaxe cultural dende os anos 1960 (González, 2010).

En efecto, tal e como se ven argumentado, a instrumentalización tanto das políticas públicas de solo, como da súa codificación en instrumentos de planeamento, cara obxectivos de fomento económico antes que de ordenación espacial, ten inducido a aparición de procesos de urbanización do medio rural claramente desproporcionados respecto das economías locais e, o que resulta peor, cun importante potencial destrutor sobre o patrimonio edificado anterior, ao promover -vía codificación de aproveitamentos- agudos procesos de substitución edificatoria e carecer, na súa grande maioría, dun mínimo sentido da protección patrimonial e paisaxística.

Pero, aínda supoñendo que a praxe do planeamento urbanístico que se redacta na actualidade teña superado o modelo descrito, o certo é que os modos social e politicamente adquiridos de construír o territorio, baseados en dito modelo, gozan dunha pouco desexábel -pero certamente robusta- saúde. Dende esa perspectiva, o maior problema ao que se enfrontan a paisaxe cultural do réxime de agras e a súa herdanza construída é, probablemente, o alto nivel de incoherencia que existe entre esa lóxica urbanística imperante e o escasamente articulado -e peor executado- programa mínimo de protección patrimonial en torno á errática Lei de Patrimonio Cultural de Galicia (Pino, 2010). Unha incoherencia que abunda nun conflito, larvado e continuo, entre desenvolvemento e protección; entre os intereses económicos dos propietarios do solo e unha política de protección errática e sen dirección. Conflito que, á súa vez, a propia actuación administrativa contribúe a amplificar ao non ser quen de integrar o patrimonio como factor de ordenación, descansando a fiscalización da súa protección sobre a emisión de informes “a posteriori” que non sempre amosan a desexábel unidade de criterio que deberan, ao carecer a administración competente, dunhas instrucións técnicas capaces de homoxeneizar os criterios que deben rexer a codificación da protección patrimonial nos instrumentos de planeamento ou ordenación territorial.

O anterior é trasladábel ao medio ambiente. Pódese seguir facendo voluminosos e custosos documentos de inicio e de referencia así como extensos e prolixos informes e memorias ambientais, pero sen a integración no seo da planificación de ferramentas tan elementais como o deslinde da Superficie Agraria Útil ou a elaboración dunha cartografía de escala operativa de aptitude agraria e de aptitude forestal para o conxunto de Galiza (Crecente, 2009), por exemplo, seguiremos sen poder integrar espacialmente os procesos ecolóxicos cos económicos na praxe planificadora e as avaliacións ambientais estratéxicas seguirán carecendo do verdadeiro potencial do que dispoñen.

En calquera caso, a mellor forma de protexer unha paisaxe cultural, así como o potencial ambiental e produtivo que atesoura, é a existencia dun proxecto para o territorio. Ou dito doutro xeito: a existencia dun territorio con discurso (Romero, 2006). Un discurso que debe cumprir unha condición: que o modo en que se inserta no mercado sexa compatíbel co vector de organización espacial que orixinou a paisaxe que se pretenda protexer. Neste sentido, as condicións sobre as que se inxire no mercado o modelo territorial da Galiza (de existir un), non resultan compatíbeis coa maximización da produtividade agraria, porque esas condicións foron construídas mediante políticas sectoriais máis ou menos improvisadas e sen contar cos profundos efectos acumulativos que cada unha delas xeraba sobre as anteriores, dando como resultado procesos territoriais baseados nunha progresiva valorización do solo –do territorio- mediante a súa ocupación/urbanización, en detrimento dunha progresiva desvalorización dos potenciais agrícolas sobre os que se tiña construído a paisaxe cultural.

Unha vez en marcha os procesos aludidos, resulta francamente difícil detelos a golpe de limitación do contido da propiedade mediante instrumentos de planeamento (González, 2010). Por iso, a primeira consecuencia do anterior é que, sen un modelo territorial –e económico- viábel para o medio rural que salvagarde o vector de organización espacial que o orixinou, ningún instrumento de ordenación do territorio ou urbanístico poderá aspirar, en termos paisaxísticos, a algo máis que non sexa xestionar a súa transformación, minimizando os seus efectos ou a súa velocidade, no mellor dos casos.

De aí que, en ausencia dese ansiado modelo territorial que viabilice economicamente o medio rural en Galiza, sexa tan necesaria a colusión das políticas públicas con incidencia territorial -especialmente da agroforestal- nun espazo de xestión coordinada que evite os efectos perversos acumulativos xerados na confluencia de políticas sectoriais concibidas de xeito estanco: a falta de modelo, o premio de consolación é unha boa xestión do modelo tendencial xerando espazos de coordinación de políticas públicas de incidencia territorial e espacializando as políticas públicas.

Para rematar este capítulo, aínda convén realizar unha proposta de desenvolvemento do concepto de capital espacial recollido, en cadansúa perspectiva, por Harvey e Soja. Esta reflexión está dirixida a deseñar unha vía posíbel para a minimización do conflito territorial xerada da situación de colapso á que se fai referencia. Neste sentido, e para comezar a modo de representación antropolóxica, houbo quen caracterizou ao galego por unha concepción hiperbólica da propiedade. E en certo resulta admisíbel. Pero aínda o é máis para quen desenvolve a súa actividade profesional no campo da xestión urbanística ou territorial e deben tratar cos propietarios acerca do valor das súas parcelas.

Dicía Georges Duby que “as ligazóns e as discordancias entre a evolución das condicións materiais e a psicoloxía colectiva, incita a prolongar a historia económica na historia das mentalidades” (Duby, 1978). A cita pode axudar a comprender, senón a hipérbole, cando menos si a tenacidade con que a xente percibe o moi propias que lle son as cousas cando o peso histórico da súa negación é tan abrumador como no caso da “plena” propiedade da terra en Galiza. A énfase non é gratuíta, porque é precisamente no valor dese carácter “pleno” que adxectiva o concepto “popular” da propiedade, onde radica o forte rexeitamento social á xestión e a planeamento urbanístico.

Un problema sobre o que a revisión histórica de modelo territorial en Galiza permite extraer algunhas claves interpretativas e que como se verá terá a súa importancia máis adiante. Así, chegárase á conclusión no relato sobre da construción histórica e social do colapso territorial en Galiza, que o derrubo da economía política do foro a partir da crise agraria de finais do século XIX, inducira uns primeiros procesos de desorganización espacial do modelo de asentamento poboacional propio do réxime de agras que se definiu como “protodiseminación”. Os seus efectos víronse multiplicados despois pola implosión da diseminación residencial o longo e ancho do territorio froito da decadencia do propio réxime de agras como sistema de organización agraria e da substitución da produtividade agraria pola accesibilidade como vector de organización espacial do sistema territorial no seu conxunto.

Nese contexto, a clave do proceso radica en que a colusión da demanda sociolóxica de vivenda rural coa instrumentalización que -dende os tempos do “desarrollismo” até a aprobación da máis recente lei do solo- se fixo da política do solo como ferramenta de fomento económico, operou un cambio na percepción social da propiedade -sancionado tanto pola acción administrativa como pola actitude política- que converteu parcelas de cultivo en solares para a construción.

Accións administrativas e actitudes políticas que supuxeron o recoñecemento “de facto” dese dereito consuetudinario a edificar sobre a propiedade do solo, o que, sen dúbida para moitos autores, axudou a transmutar o concepto da “plena” propiedade agraria derivada do proceso redencionista, nun contido da propiedade “plena” ao que era inherente o dereito a edificar. Un dereito obviamente inexistente de “iure”, pero longamente operativo “de facto”, alterando así -interesadamente ou non- a percepción sociolóxica da tradición. Algo tan inédito no contexto peninsular como a natureza dos problemas que diso se teñen derivado: a propia situación de colapso territorial.

Porque, aínda que ninguén pode discutir as extraordinariamente difíciles condicións económicas e materiais nas que houbo que (re)construír o medio rural en Galiza tras a caída do modelo agrario tradicional, así como, o seguramente necesario papel que tivo que xogar a

construción niso, a extensión no tempo (moito máis aló do razoábel) das “cómodas” circunstancias urbanísticas e políticas xeradas por aquela situación, teñen acabado por derivar nunha problemática de dispersión territorial que se ten demostrado insustentábel, tanto en termos económicos como ambientais.

Algo que, entre outros aspectos, motivou o substancial xiro que ao respecto veu a dar a lexislación xa coa aprobación da anterior lei do solo (LOUGA en 2002). En todo caso, foi entón cando a propia Administración, na aplicación do novo marco xurídico, se atopou con que a “historia económica” se prolongara de tal xeito sobre a “historia das mentalidades”, que se facía realmente complicado seguir polo camiño emprendido, motivando así a entrada de marco urbanístico actual no lamentábel estado de inflación lexislativa e indefinición no que se ve inmerso.

Nese sentido, moitos dos problemas que atenazan ao urbanismo galego, como a propia volatilidade de los textos legais, a inexistencia de regulamentos, a escaseza de instrucións técnicas, a xudicialización da praxe urbanística, e o permanente conflito institucional entre as administracións autonómica e local (que ás veces acaba redactando o planeamento máis por inercia que por liderádego), deben ser interpretados entoón máis como consecuencia do magno conflito que a desorganización do modelo territorial tradicional e a súa posterior mala xestión articularon ao redor da propiedade do solo en Galiza, que como causas do estendido rexeitamento social á praxe urbanística.

Sendo esta como semella ser, unha interpretación parcial, que non liquida –nin o pretende– o abanico interpretativo da complexísima problemática do conflito territorial, e que debe ser necesariamente complementado a través de outras moitas circunstancias, pode resultar interesante concluír expoñendo dous elementos de debate. En primeiro lugar, a necesidade de non pechar en falso a problemática debate sobre lo que debería considerarse tradicional ou non tradicional (dende o punto de vista territorial e urbanístico) aos oportunos efectos legais.

E en segundo lugar, a constatación histórica de que o retraso no tempo da adaptación do espazo á natureza produtiva de cada momento, conleva funestas consecuencias. Noutras palabras, o que non se faga hoxe de forma ordenada haberá que facelo mañá dun plumazo, cando as facendas locais xa non sexan capaces de soportar por máis tempo o financiamento dunha estrutura territorial ineficiente a través do sempre crecente gasto na prestación dos servizos básicos de abastecemento, saneamento, recollida de residuos sólidos, entre outros. Ademais, haberá que asumir o custo de oportunidade (que outros territorios non van ter que asumir) de non ter realizado investimento ese esforzo, na transformación dun espazo que teña

unha maior capacidade que a que demostrou posuír na xeración dun recurso que condicionará, con moita probabilidade, o futuro territorial: o capital espacial.

Un capital que resulta posíbel comezar a crear se aprendemos a integrar espacialmente –a espacializar ou a poñer el espazo en primeiro lugar- as políticas públicas como vía para a anticipación aos conflitos territoriais.





6. A TEORÍA DO COLAPSO TERRITORIAL EN GALIZA

6.1.- Os síntomas do colapso: X. M. Beiras e os “problemas cardinais” de Galiza.

“Cómpre engadir que, cinguíndonos só ao período estritamente contemporáneo da nosa historia, todos e cada un deses seis fenómenos levan máis de medio século a se produciren, en constante proceso de agravación, aumento de dimensión, reduplicación e acción combinada. Espolio como andacio endémico, xa que logo. Espolio de recursos, espolio da formación de capital, espolio dos espazos e formas de economía sustentábel preexistentes, espolio do potencial demográfico e da xeración de forza de traballo, espolio da nosa cultura xenuína, espolio do noso sistema ecolóxico e medioambiental. Espolio da Galiza, en suma”. X. M. Beiras (Galicia Hoxe, febreiro de 2012)

No inicio da década do 2010 emerxeron na Galiza unha serie de reclamacións de tipo social e político de amplo calado ambientalista e “territorialista”. A pesar de que estas demandas populares tiveron o seu exemplo xa en décadas anteriores do século XX (por exemplo, nas loitas pola xestión do monte ou nos procesos de enfrontamento contra os encoros), interesa aquí recalcar que ditas reclamacións fanse explícitas neste período case na totalidade das ópticas da Teoría Social Crítica, en boa medida, grazas tamén aos efectos da crise sistémica. Probabelmente, os antecedentes ou xermolos¹¹² desta nova tendencia fican establecidos, para moitos autores, primeiro dentro da corrente xurdida tras o afundimento do Prestige a principios do século XXI e amparado ao resguardo do movemento Nunca Máis e, segundo, baixo o amplo abanico de problemáticas incluídas na axenda do que foi Galiza Non se Vende, xa no decorrer da primeira década do presente século.

Con matices, o que aflora a partir do ano 2010 son unha serie de cuestións de base espacial con dúas orientacións ou perspectivas ben identificadas¹¹³. Por unha banda, toda a lista de procesos de protesta de corte ecoloxista ou ambientalista, incluíndo dalgún xeito a cuestión do patrimonio cultural (piscifactorías no litoral, megamineiría, xestión de incendios forestais ou desmatelamento de xacementos) e, pola outra, as demandas sobre a cuestión urbana (xentrificación, mobilidade, barrios ou turistificación) que incluían, á súa vez


¹¹² Cómpre salientar o enorme traballo que nesta mesma liña teñen desenvolvido dende hai decenios organizacións como ADEGA, a FEG ou a Sociedade Galega de Historia Natural.

¹¹³ Unha identificación máis pormenorizada deste tipo de reclamacións pode atoparse no capítulo final do presente traballo. Neste caso, interesa polo de agora obter una clasificación xenérica de temáticas e perspectivas.

problemáticas de índole social (desafiuzamentos, acceso á enerxía, servizos públicos, entre outros). Dalgún xeito, este segundo apéndice fixo emerxer a antítese da cuestión urbana, isto é, a rural, na que se incluían temáticas como a crise demográfica, a perda da potencialidade económica e social e, en fin, o abandono desa importante peza do biosistema territorial galego.

Todas estas demandas, loitas e reclamacións, que chegan dende “abaixo” e sempre (ou case) dende fora da axenda política institucional, entroncan abertamente coas denominadas solucións espaciais enunciadas por Harvey e xa comentadas en capítulos posteriores. Pero sen dúbida, a cuestión central fica enmarcada baixo o concepto de “acumulación por desposesión” que vai ser fío condutor para comprender o impacto de todas no seu conxunto sobre un territorio de por si deficitario en atencións político-administrativas.

Imaxe 6.1. Mapa crítico de Galiza (2012)




Fonte: rede.blogaliza.org

O resultado, como intento de síntese, pode ficar ben reflectido na publicación, por parte da propia Galiza Non se Vende e a Rede de Dereitos Sociais, do *Mapa Crítico da Galiza* no ano 2012. Pretende ser unha plasmación gráfica das agresións e conflitos que, relacionados co medio, son sinalados e problematizados politicamente por infinidade de colectivos sociais do país que se opoñen a cotío á destrución que o modo de explotación capitalista impón sobre o territorio. Baixo tres eixos necesariamente subxectivos (medio, sociedade, economía) trátase

de recoller nunha cartografía crítica algúns dos elementos centrais na loita pola defensa do que é de toda a cidadanía; esa constelación de recursos que debe ser activamente protexida e xestionada na busca de manter o ben común. Constitúe unha ferramenta para sinalar xeograficamente, situando o espazo en primeiro lugar, os puntos críticos onde se está a dirimir o futuro dos ecosistemas sociais que, porén, precisa para ser efectiva da materialización física e tanxíbel desas loitas con as que se pretende, colectivamente, transformar e conquistar o futuro.

Imaxe 6.2. Detalle das problemáticas xerais segundo o Mapa crítico de Galiza (2012)



Fonte: rede.blogaliza.org

Nesta ferramenta cartográfica preséntanse as problemáticas englobadas baixos tres epígrafes:

- **Medio:** no que atinxe ao que rodea, afecta e condiciona as circunstancias de vida da sociedade humana e dos seres vivos en xeral, na Galiza a sobre-explotación produtiva dos usos humanos ten fundamentais replicas negativas. No medio terrestre a deforestación ou a proliferación continuada de eólicos supón unha clara agresión a vida animal e ao equilibrio dos ecosistemas. A alteración das condicións atmosféricas derivadas da elevada presenza de industrias xeradoras de gases de efecto invernadoiro e, singularmente, de centrais térmicas é un problema do ámbito local (chuvia ácida, alteracións na saúde da poboación próxima, descenso da produción agrícola das terras próximas) con manifestacións globais (mudanza climática). Finalmente no ámbito hídrico, os encoros e minicentrais como expresión da alteración dos recursos en función das necesidades humanas (domésticas, pero sobre todo industriais) e os verquidos como agresións a un mar e uns ríos esenciais para a vida funcionan como síntomas da forte presión dun modelo enerxético froito do sistema capitalista de consumo, especialmente nocivo para a conservación da vida sobre o Planeta.

- **Sociedade:** a sociedade galega está a sufrir intensamente os mecanismos de dominación e laminación social da globalización neoliberal. Na escala micro (fogares, pequenas empresas,..), atopamos un paulatino empobrecemento da poboación (23% en risco de exclusión e pobreza motivado fundamentalmente polos altos e crecentes índices de desemprego, baixos salarios e as sistemáticas dificultades que impón a economía liberal de mercado para manter, na zona rural, modelos de produción baseados en agricultura e gandería non latifundista. Ademais a crise está afondando nunha polarización social que corre paralela a un proceso de desmembración territorial. Mentres o eixo atlántico, sé dos maiores centros financeiros e de poder, aumenta poboación (como se ve no mapa da evolución poboacional dos últimos 30 anos), a faixa leste do país presenta un panorama golpeado por macroinfraestruturas (ferrocarril, autoestradas,..) que dificultan a súa vertebración e reducen a poboación as capitais de provincia e cabeceiras de comarca mellor conectadas. No urbano, o proceso de segregación alumea barrios desfavorecidos e asentamentos precarios e no que atinxe a mobilidade presenta un réxime de cidades difusas dificilmente sostíbel desde o prisma de unhas políticas públicas de carácter garantista e social.
- **Economía:** o modelo produtivo ao que está -aínda- sometido o país, descansa sobre o paradigma dunha forte imbricación coa explotación dos recursos naturais. Por unha banda, atopamos un expolio sistemático dos bens comúns que produce grandes afectacións sobre o territorio, manifestas tanto no borde litoral (aterres, piscifactorías, grandes infraestruturas portuarias,..) como nas zonas non estritamente costeiras (canteiras, transxénicos, monocultivos,..). Por outra parte un marco de explotación terciaria dos recursos naturais directamente ligada a unha economía de servizos (urbanización salvaxe, turistificación, especulación inmobiliaria). Finalmente dentro do estoupido dun proceso de insostenibilidade económica e financeira, a substitución do pequeno comercio nas cidades e da produción agraria de autoconsumo nos territorios rurais por un modelo comercial de consumo baseado nas grandes superficies comerciais golpea intensamente os tecidos profesionais e gremiais propios do país, fortemente ligados a estruturación das comunidades humanas.

Nunha dinámica similar á desta achega, sitúase sen dúbida as teses elaboradas mesmamente neste momento de comezos da década de 2010 por Xose M. Beiras cando se refire aos 6 problemas cardinais¹¹⁴, que na práctica son 8, materializados baixo o que

¹¹⁴ Este listado de cuestión apareceu por primeira vez publicado nunha columna de opinión no desaparecido xornal Galicia Hoxe no mes de marzo de 2012. Posteriormente, Beiras recupera parte deste esquema no seu discurso de investidura no Parlamento Galego en decembro do mesmo ano. Finalmente, en outubro de 2015, amplía este enfoque no seu discurso sobre o Estado da Nación Galega, empregando entón o que denominou os “7 pecados capitais do espolio en Galiza” que na práctica eran 8; a saber: 1. o espolio enerxético. 2. o espolio financeiro. 3. o exterminio do campesiñado e da xente mariñeira. 4. a

denomina o “espolio da Galiza”. Para Beiras, a diagnose elaborada por científicos do seo das Ciencias Sociais poderíase resumir así: “a realidade contemporánea da Galiza é a dunha sociedade periférica que padece, en forma dunha colonia interior, a dinámica do desenvolvemento desigual no ámbito do Estado español e da Unión Europea. A dinámica, en síntese, da espoliación, co baleiramento do seu contido demográfico e da súa substancia económica e cultural” (Beiras, 2013). De aí derívase que, para este autor, os problemas cardinais que sinala a patoloxía económica, social e cultural de Galiza son de índole antes que máis política¹¹⁵.

Para Beiras, o espolio que está a padecer Galiza opera nas diversas dimensións da súa realidade: materias primas, formación de capital, forza de traballo, potencial demográfico, creación científica e técnica, patrimonio cultural e patrimonio natural. Así ten sinalada que “singularmente, as primordiais formas contemporáneas dese espolio son: 1. o espolio enerxético; 2. o espolio financeiro; 3. o exterminio do campesiñado e a xente mariñeira; 4. a expatriación forzosa das xeracións mozas; 5. o etnocidio; 6 o ecocidio.

Os seis problemas cardinais aquí enunciados cadran, segundo Beiras, con outros tantos fenómenos característicos da acción depredadora do actual sistema-mundo na súa periferia “subdesenvolvida”, e constitúen manifestacións específicas da patoloxía xenuína dunha síndrome neocolonial: da caste de acción agresiva que Arrighi denominara “creación destrutiva”, en irónica réplica á “destrución creativa” que Schumpeter identificara como dinámica xenuína do capitalismo (ver capítulo 4). Cada unha desas seis agresións atinxe a un elemento cardinal da dinámica estrutural do país, en canto sociedade ou formación social e en canto pobo con identidade nacional de seu. Tres delas inciden directamente no potencial das forzas produtivas -recursos naturais, capital-diñeiro e forza de traballo- provocando o que Samir Amin denominara “extraversión”¹¹⁶ da nosa base económica e do seu

escravización das clases traballadoras e expatriación forzosa das xeracións mozas. 5. o desmantelamento e privatización-mercantilización dos servizos públicos e sociais. 6. o etnocidio cultural e lingüístico e 7. o ecocidio ou agresión criminal aos ecosistemas e o medioambiente. Xunto a estes puntos incorpora o “feminicidio” (en relación ás cifras de asasinatos de mulleres que se producen na Galiza cada ano por mor da violencia machista). Finalmente, estas reflexións van quedar publicadas definitivamente no seu *Exhortación á desobediencia* (Edicións Laidvento, 2013)

¹¹⁵ Beiras refírese a que as doenzas que padece a nosa realidade económica non resultan problemáticas en si mesmas, porque están correctamente diagnosticadas e pronosticadas –así como acontece coas sociais e as culturais. En consecuencia, a súa problematicidade sitúase no nivel da política e da xestión. Noutras palabras, Beiras sinala que “o problema está na adopción das decisións políticas indispensábeis para pór en práctica as terapias acaídas para a curación desas doenzas” (Beiras, 2013). Ou dito doutro xeito, “o problema estriba en criarmos as condicións políticas necesarias para erradicar os tangaraños que tollen o corpo e o espírito da nosa sociedade nos tres niveis da súa estrutura: base real, instancia ideolóxico-cultural e aparello xurídico-político” (Beiras, 2013).

¹¹⁶ Segundo a teoría de Amin da extroversión, os produtos exportados pola periferia son interesantes na medida en que a remuneración do traballo poda ser inferior á do centro. E pódeo ser na medida en que a sociedade se someta por todos os medios (económicos e extraeconómicos) a esta nova función: proporcionar man de obra barata a sector exportador. Nestas condicións, o mercado interior xerado polo desenvolvemento do sector exportador ficará limitado. Dende o punto de vista social, este modelo conducirá a un fenómeno específico: a “marxinalización” das masas, é dicir, a un conxunto de mecanismos de empobrecemento: proletarización dos pequenos produtores agrícolas e artesanais, semiproletarización rural e empobrecemento sen proletarización do campesiñado organizado en comunidades, urbanización e aumento masivo do paro

desenvolvemento. Así amputa brutalmente o espazo non capitalista da nosa base económica e muda de xeito aberrante a estrutura de clases da nosa formación social, con desastrosos “efectos colaterais”, asemade nos planos antropolóxico, cultural e medioambiental: o exterminio do campesiñado -no que tacitamente inclúe Beiras á Galiza mariñeira- supón non só a extinción dunha clase social senón tamén a destrución dunha forma de “agricultura” sustentábel, o esborrallamento dunha inestimábel cultura ancestral e o grave deterioro dun complexo e sensíbel ecosistema. Precisamente a quinta e sexta das agresións arriba enunciadas -e denunciadas- abranguen no seu impacto a cadansúa desas dúas últimas esferas como conxuntos estruturados: a das expresións culturais identitarias xenuínas -tanto “populares” coma “cultas”- e a súa recreación, e máis a do equilibrio medioambiental dos nosos ecosistemas e a súa reprodución e rexeneración -e por iso emprega Beiras os vocábulos “etnocidio” e “ecocidio”, ben consciente do contido semántico deses dous significantes.

Cada unha desas cuestións derrama o potencial dinámico dunha peza clave na estrutura do país, en canto espazo natural, realidade social e comunidade con identidade propia. Noutras palabras, no contexto do presente traballo, poñendo o espazo en primeiro lugar, deben ser consideradas como “síntomas” máis ou menos certos da situación de colapso territorial á que facemos referencia. En consecuencia, non se trata de fenómenos conxunturais ou pasaxeiros, senón estruturais e de longa duración. O propio Beiras, co seu orixinal estilo, deixa constancia nos traballos de exemplos dos que aquí expresamos un resumo a modo de “esquema sintomático” do colapso:

1. “O espolio e bloqueo da enerxía eólica e demais alternativas, coa submisión aos estafadores conglomerados das eléctricas, a expatriación de FENOSA, a agresión á autoxeneración, o escándalo do falso 'deficit tarifario' e a falsificación dos contadores, amén de SOGAMA e a brutal contaminación polas termo-eléctricas”.
2. “O roubo das Caixas -regaladas por 900 millóns despois de 'sanealas' con 9.000 millóns pagados polos cidadáns para que os novos propietarios fixesen 1.500 de beneficios no primeiro ano- e o secuestro da súa Fundación: e inda lles bican a man agora por unha esmola de 18 millóns”.
3. “O exterminio dos gandeiros, sometidos á extorsión das industrias e as distribuidoras, fomentada pola Xunta sen ter movido un dedo na súa defensa nen en previsión da supresión das cotas do leite anunciada pola UE hai ben tempo. E no mar, o acoso ás flotas de altura e baixura, o escándalo do mixilón de fóra envasado en conserva eiqui como 'produto galego', ou a nova ofensiva das piscifactorías de peixe-lixo”.

urbano e do subemprego, entre outros. O subemprego, por exemplo, terá unha tendencia xeral a crecer en lugar de ser relativamente limitado e estábel, ao compás das fluctuacións conxunturais (Amin, 1988).

4. “A redución das xentes traballadoras á escravitude e inseguridade, case 200.000 parados sen subvención, virtual desaparición dos postos de traballo estábeis, xeneralización dos contratos en precario, ás veces nen 'temporais', só 'episódicos', e pagados por equis horas para traballaren o dobre delas, sen cotizaren os anos á seguridade social, ou sen tempo para adequiren dereitos ao paro nen á xubilación. E, como consecuencia, o éxodo da mocidade neste país envellecido que perde habitantes cada ano. Por riba, aos retornados que traballaron fóra toda a vida, cóbranlles impostos polas xubilacións que xa tributaron nos países que llelas pagan”.
5. “A conversión do ensino e a sanidade en mercadorías para quen poidan pagalas, constante redución de plantillas de persoal médico e sanitario, servizos e incluso hospitais do SERGAS entregados como negocio financiado con fondos públicos a especuladores privados que por riba fan fraude, como no de Vigo; cobro de fármacos a enfermos graves, crónicos ou anciáns, ou atentados ás súas vidas como no caso da hepatite-c: son auténticos crimes contra os dereitos humanos; o mesmo que o desmantelamento dos servizos sociais, a dependentes e diminuídos, o escarnio do RISGA, etcétera”.
6. “O etnocidio, ou sexa, criminal desleixo e mesmo agresión á cultura, o patrimonio e o idioma propios do pobo galego, mais tamén a toda actividade cultural, creación e investigación científica -ou sexa, inoculación da 'barbarie' na sociedade”.
7. “O ecocidio, agresión aos ecosistemas e o medio ambiente e desprotección dos espazos naturais -dende tódolos frentes da 'barbarie utilitarista': eucaliptización, pandemia dos incendios, cultivos enerxéticos e transxénicos, exterminio das sementes autótonas, contaminación das rías, os ríos e a atmosfera, minaría salvaxe. Todo agravado polas súas leis de montes, do solo, de augas, de costas, os seus plans de actividades extractivas, de acuicultura litoral: unha batería preparada para acometer un novo macro-espólio se acaso remata a 'crise' –mais daquela, por fortuna, non estarán vostedes no poder”.

Na mesma liña das anteriores achegas, cómpre salientar o traballo de Xavier Vence, publicado en 2005, *O fracaso neoliberal na Galiza*. Nesta obra de recompilación de artigos, o economista aborda a cuestión do desenvolvemento do sistema capitalista e dos trazos que desprega nomeadamente en tres planos fundamentais: o puramente económico, vinculado ao crecemento e a xestión das ferramentas de (des)regulación; o plano social, derivado do suposto recoñecemento da obtención dunhas mellores cotas de benestar social; e o ambiental, influído pola proximidade temporal da catástrofe do *Prestige* e polas vagas de incendios que asolan ao país dende hai decenios. Para este autor, o neoliberalismo, concepto que asume como unha forma de liberalismo máis extrema e máis antisocial (unha especie de “fundamentalismo

económico”) ten desenvolvido unha serie de políticas que deixan, a pesar da propaganda espalla polo sistema de crecemento económico e cohesión social, unha serie de trazos problemáticos e barreiras estruturais de relevancia no proceso de reconstruír a “sociedade e o país”.

A obra comeza centrándose no papel do neoliberalismo como un motor xerador de desigualdades entre os territorios, entre as rexións e entre os individuos. Posteriormente, introduce unha serie de temáticas relacionadas coa macroeconomía como a política laboral, a regulación dos servizos públicos, o papel empresarial ou o sistema bancario exemplificado na xestión das Caixas de Aforros de Galiza. Porén, para o contexto do capítulo que se está a pechar, os artigos de maior interese son aqueles que aparecen na parte final e que gardan relación coas agresións ao medio natural ou o rol das infraestruturas como ferramenta de desenvolvemento económico e organización territorial.

Para establecer un punto de partida, o autor realiza un ensaio sobre a definición do neoliberalismo como concepto e analiza o seu desenvolvemento histórico e xeográfico dende os comezos do sistema capitalista. Dende o punto de vista do espazo, lente que interesa a este estudo, Vence destaca que o neoliberalismo posúe consecuencias importantes nas relacións internacionais (cuestións que xa abordamos con anterioridade) e recoñece que o capitalismo histórico asentou sempre sobre unha configuración asimétrica do mundo, cunha división xerárquica entre un centro e unha periferia. Para dar cumprida explicación deste procesos imperialista e expansionista do capitalismo, bota man das reflexións de David Harvey e defende que “nos últimos tempos estamos diante dun novo *imperialismo do capital* –para crear espazos de acumulación a escala planetaria- e o *imperialismo dos estados* - para controlar e someter o territorio” (Vence, 2005). O primeiro sería a expresión dunha lóxica do capital que xa non recoñece fronteiras, de xeito que o Estado-nación sería xa un estorbo para a mobilidade do capital e das mercadorías, mentres que o segundo a través de políticas sectoriais que garanten o fluxo interno deses mesmos activos, abre un camiño de “desposesión” dos recursos naturais e da enerxía.

Vence cuestiona o papel das ciencias sociais e da ciencia económica en particular á hora de analizar esta cuestión que combina sistema económico e espallamento territorial, con graves consecuencias sobre os ecosistemas. De tal xeito chega a recoñecer que na sociedade galega contemporánea obsérvanse un bo número de anomalías insuficientemente analizadas ou insatisfactoriamente explicadas. Para o autor, se cadra moitos destes fenómenos son difíciles de comprender dende as construcións teóricas dominantes nas ciencias sociais. Esta anomalías comprenden “a extensión psicopatolóxica que lle afecta a un volume importante de poboación camponesa até o contrabando ou os incendios masivos dos montes pasando pola feble correspondencia entre o sistema institucional e a sociedade real (que non a sociedade

civil) coa conseguente intermediación do sistema caciquil” (Vence, 2005). Neste sentido, para Vence, os instrumentos conceptuais¹¹⁷ da socioloxía e, por suposto, da economía non están adecuadamente desenvolvidos para captar as dinámicas de cambio e conflito, particularmente nas sociedades periféricas onde ese cambio se realiza “esporeado e freado á vez pola acción do modelo socioeconómico e cultural dos países hexemónicos” (Vence, 2005).

En calquera caso, en *O fracaso neoliberal na Galiza*, Vence deixa unha lista esquemática de trazos desencadeados nos últimos decenios en Galiza como consecuencia das políticas implementadas de corte antisocial e liberalismo extremo. Esta lista recorre problemáticas amplas relacionadas co escaso desenvolvemento do Estado do Benestar, a privatización dos servizos públicos e de ensino, a precarización do emprego público, o liberalismo nas condicións laborais, a liberdade de acción do capital financeiro, a desregulación do sector eléctrico e en materia de seguridade alimentaria, a carencia de política industrial activa, a mobilización do orzamento cun nesgo anormal cara a obra pública e a infraestrutura física¹¹⁸, a externalización-privatización dos traballos técnicos que corresponderían á Administración (de oficio) ou á escasa dotación de bolsas de estudo. Porén, de todas as cuestións recollidas cómpre citar de xeito explícito aquelas que gardan un entronque máis intenso coa espacialidade e coas iniciativas anteriores aquí citadas, a saber (Vence, 2005):

- “a desregulación medioambiental, pondo a lóxica da acumulación do capital por enriba de calquera outra consideración: defensa a ultranza dun modelo que dilapida os recursos naturais e produce unha altísima contaminación (desposesión dos ríos por encoros, desposesión dos montes por parques eólicos; libre aproveitamento dos recursos minerais –lousa, granito, areeiras, etc.-; ocupación do espazo sensíbel da costa para a construción ou para a industria; política forestal ao servizo de Ence, que conduce a un monocultivo de eucalipto e a un execso de produción que ten os seus prezos por debaixo do limiar de rendibilidade...”
- “a desregulación do territorio e descontrol do aproveitamento do solo: especulación inmobiliaria e capitalismo do pelotazo, que se constitúe nunha das bases fundamentais

¹¹⁷ Ademais dos instrumentos conceptuais inadecuados, Vence aínda observa que existe a tentación de abordar esta cuestión, recorrendo a explicacións simples como por exemplo o recurso dunha pretendida dialéctica “maniquea” atraso/progreso, endógeno/esógeno, inculpación/exculpación, que tan só resultan útiles cando “o debate rigoroso é substituído pola escenificación de mensaxes publicitarias como ocorre na confrontación política” (Vence, 2005)

¹¹⁸ Neste sentido, Vence sinala nun interesante artigo sobre o papel das infraestruturas no desenvolvemento económico que “cómpre ter moi presente o relevante papel que xoga o deseño de certas infraestruturas (en especial as de rede) como elemento estruturador do territorio, condicionando a longo prazo a localización da poboación e das actividades económicas” (Vence, 2005). Pon exemplo de asimetría territorial creada no caso de Madrid, xa que a súa conversión en polo industrial e de servizos da península, en detrimento doutros territorios, deriva en grande medida do deseño radial de todas as vías de transporte terrestre e aéreas, xunto “cunha permanente discriminación positiva no investimento público noutras moitas infraestruturas ao longo de moitas décadas” (Vence, 2005)

do apoio da dereita (política) nos 1990. Boa parte dos incendios na zona costeira e nas áreas próximas explícanse por esta causa”.

- “política agraria que só resulta beneficiosa para as grandes empresas lácteas e papeleiras. Renuncia a unha política de reconversión ordenada do sector primario, que impulsase a súa modernización progresiva sen destruír o capital social ligado ao mantemento da comunidade rural e sen provocar o abandono desordenado de terras a monte que, entre outros efectos nocivos, están na orixe de boa parte dos recorrentes incendios e da descontrolada invasión do eucalipto”.
- “a desregulación en materia de seguridade marítima (contaminación accidental e non accidental, *Mar Exeo, Prestige*, etc.)”.

A bagaxe destas tres aportacións recentes no ámbito das reflexións das ciencias sociais e da ecoloxía na Galiza, ofrecen un importante marco de discusión que sitúa as cuestións territoriais nunha posición, cando menos, de igualdade no ránking de conflitos que asolan ao país. Con anterioridade ao espertar explícito destas preocupacións no século XXI, a cuestión espacial, cómpre lembralo, ficaba relegada a unha natureza de simple soporte físico das diferentes problemáticas sectoriais pero non era tomada como unha máis no demasiado amplo abanico de patoloxías da sociedade. Na actualidade, polo contrario, semella mesmo alimentar, máis alá de reclamacións da cidadanía, novas teorías explicativas que veñen a complementar a visión polarizada do economiscismo e do historicismo.

6.2.- O concepto de colapso e os seus escenarios na Teoría Social Crítica

A primeira idea que cómpre subliñar ao referirse ao termo “colapso” é que o seu emprego no seo das Ciencias Sociais, non foi demasiado frecuente até datas moi recentes. O seu manexo foi máis usual no mundo das Ciencias Experimentais vinculado, fundamentalmente aos campos da Medicina, da Física e da Química. A maioría das persoas que recorren a el dende un punto coloquial, confírenlle certo significado apocalíptico máis propio do caos. Noutras palabras, o colapso foi entendido como unha representación profética do resultado catastrófico da evolución histórica e xeográfica da humanidade. Porén, neste estudo preténdese empregar o enfoque elaborado dende o dominio da Ecoloxía (ciencia natural e social ao tempo) e, recentemente tamén, dende a ciencia económica vinculada ás preocupacións ambientais e territoriais.

Neste sentido, ambas as disciplinas, traballando en ocasións conxuntamente, teñen situado no centro do súa construción teórica, a outro termo imprescindíbel para comprender o significado que neste estudo se pretende dar ao colapso. Trátase do concepto de “sistema” que vai configurar o corpo formal da Teoría Xeral de Sistemas (TXS). De Margalef até Naredo, de Wallerstein até Georgescu-Roegen, de Arrighi até Herman Daly, o emprego desta teoría en

comunión con conceptos como a entropía (tendencia dun sistema á desorde como magnitude termodinámica), establécese un fío condutor moi nutrido que foi recollido, por exemplo, polas disciplinas dedicadas á planificación urbanística e que cristalizou no manexo de termos como a complexidade e a *serendipia*.

Por tanto, con este enfoque, pódese establecer que a representación do colapso que aquí se emprega, suxire un estado -unha fase- polo que atravesamos ou se atopa un sistema, en canto construción social organizado baixo unhas regras e principios preestablecidos. Trátase dunha visión que se afasta das connotacións apocalípticas e se aproxima a un enfoque sistémico. Como tal fase, pode ser superada, corrixiada e mesmo transformada, pero a diferenza doutros estados nos que se presenta un sistema, o colapso, como veremos, posúe unha elevada capacidade de permanencia en determinadas circunstancias; isto é, pode instalarse durante longos períodos no caso de que se dean as condicións materiais precisas.

Finalmente, a idea de colapso suscita certa noción de cambio. Neste sentido, unha das hipóteses de partida vai ser que á situación de colapso chégase no momento no que emerxe un proceso no que un sistema pasa dun estado inicial (simple) a outro final (complexo). Nesa evolución transformadora, as diversas e múltiples forzas que operan no seu interior poden conducir a unha situación de colapso, na que os elementos deixan de funcionar en función das lóxicas preestablecidas polas regras e principios de organización. O colapso xurde cando o novo sistema resultante comeza a funcionar sen ter substituído por completo as “forzas” que operaban no sistema inicial ou primitivo. O empuxe dos elementos aínda vivos do sistema anterior fan incrementar o nivel de entropía do sistema novo, dando lugar a diversos fenómenos de adaptación, de cambios insustentábeis, de configuracións amorfas ou mesmo de funcionamentos atrofiados. É aquí onde se poden propoñer exemplos de representación do que se trata de explicar. Cando máis adiante se aborde a cuestión urbana, recórrese a patoloxías do corpo humano como a bulimia e a hipertensión para exemplificar doenzas da cidade postindustrial. En suma, se para algúns estudosos só ten sentido falar de colapso en relación con sociedades complexas, para outros o termo remite a una desintegración económica da que o final da sociedade industrial non sería senón a derradeira expresión (Taibo, 2016).

O nexos entre todo este corpo teórico e o campo propio da xeografía, hai que buscalo na obra de David Harvey no seu afán por explicar a espacialidade, en canto lóxica social, do sistema capitalista. Non se emprega o vocábulo sistema á mantenta, senón que ten unha intencionalidade. O capitalismo en canto sistema económico pasa por diversas fases e, como ficou resaltado en capítulos anteriores, case sempre precisa dunha fase “exterior” ou expansionista (imperialista en termos de Lenin ou Luxemburgo) para conquistar a súa

subsistencia. É nesta fase consegue desactivar os efectos das súas crises, recolocando excedentes en novas periferias que sigan facendo que o centro continúe a ser competitivo. Harvey ten sinalado que o capitalismo, no seu momento expansionista, precisa transformar - nos lugares de destino- o “capital espacial fixo” para garantir a súa pervivencia. Isto é, precisa construír infraestruturas de comunicación, establecer puntos de decisión políticos, dotarse dunha serie de ferramentas financeiras, tecer unha rede de telecomunicacións entre outras moitas cousas. Estas transformacións inciden radicalmente da organización territorial e nos procesos de urbanización, dando lugar a unhas condicións óptimas para acoller aos fluxos de mercancías, persoas e capitais, que serán en última esencia que garanta a existencia dun beneficio económico e, en termos da Teoría Xeral de Sistemas, unha situación de equilibrio.

Neste punto, a integración da ollada sistémica a través do lente harveyano en conxunción co nutricional discurso que devén da Ecoloxía, permite construír unha representación do colapso poñendo en primeiro lugar aqueles trazos que posúen unha compoñente espacial. É dicir, numerosos factores e impactos na formación e desenvolvemento dunha situación de colapso con identificábeis, antes que máis, poñendo o “espazo en primeiro lugar” como Soja suxire dun xeito apaixonado. Migracións, guerras, procesos de urbanización, mobilidade, recursos naturais, enerxía, catástrofes ambientais, deforestación, abandono de terras de cultivo, entre outros procesos, todos de base territorial, forman parte ao mesmo tempo do “desenvolvemento xeográfico desigual” nun sistema onde algún resorte non funciona ou deixou de funcionar, fundamentalmente, como veremos pola perda de complexidade, en canto diversidade e capacidade de resiliencia. En esencia, pódese mesmo admitir que os problemas cardinais que sinalaba Beiras, son precisamente síntomas e trazas desa perda de complexidade que, por diversos motivos, o sistema territorial de Galiza padece.

Visto así, o colapso pode ser entendido como a antítese do estado de equilibrio dun sistema, no cal a entropía (a desorde) é elevada provocada polas tensións que exercen unhas “forzas” que non saben operar nas condicións establecidas polo novo “capital espacial fixo” ou porque non existiu propiamente esa transformación do sistema. É dicir; que pasa cando non o paso dun sistema a outro non conleva a aparición desa nova configuración territorial e urbana? Algo dos dous procesos vai ser identificábel no caso da Teoría do Colapso Territorial na Galiza. Forzas do sistema primitivo que non se van acabar de adaptar aos cambios no novo (propiedade da terra, por exemplo) e a pervivencia dun capital espacial fixo que o sistema complexo non vai dar transformado (parcelario, no seu caso).

Se cadra unha das características principais do concepto pode ser a dificultade que existe para establecer una delimitación clara e concisa do mesmo. Este matiz, ampliábel a outros termos empregados nas Ciencias Sociais, fica recollido polo politólogo Carlos Taibo no seu *Colapso. Capitalismo terminal, transición ecosocial, ecofascismo* (2016), onde realiza

unha aproximación ao concepto atribuíndolle unha connotación global ou universal. O caso é que non existe unha bibliografía demasiado ampla (no tocante ás Ciencias Sociais, cómpre lembrar) que aborde este concepto e aquelas definicións das que se dispón suscitan liñas de desenvolvemento aberta e tanxenciais. En todo caso, pódese comezar a facer un repaso dunha serie de definicións que gozan de aceptación parcial.

O sociólogo Shmuel Eisenstadt refírese ao colapso como o “completo final dun sistema político e da trama civilizadora correspondente” (citado en McAnany e Joffe, 2010). Pola súa banda o matemático e militante ecoloxista Yves Cochet, fala dun “proceso á saída do cal as necesidades básicas (auga, alimento, vestido, enerxía, etc.) non poden se satisfeitas (a un custo razoábel) para a maioría da poboación conforme a servizos encadrados pola lei” (citado en Servinge e Stevens, 2015). Hai autores, para continuar, que a miúdo se refiren ao “afundimento da civilización industrial”, saldado na desaparición das grandes institucións que garantían unha determinada orde social, nun retorno á barbarie e nun grande baleiro que moi dificilmente se vai poder reencher. Neste contexto poderíamos encadrar a Castoriadis, a Jose L. Sampedro ou a Ulrich Beck.

Porén, queremos destacar a achega do xeógrafo Jared Diamond (xa citado no capítulo anterior) que no seu *Colapso: por qué unas sociedades perduran y otras desaparecen* (2006), sinala que o colapso constitúe “un retroceso drástico do tamaño da poboación humana e/ou da complexidade política/económica/social, nunha área considerábel e durante un tempo prolongado” (Diamond, 2006). Nesta obra o seu autor procura unha explicación ecolóxica para moitos colapsos, vinculados coa deforestación e a destrución do hábitat, coa erosión e a salinización dos solos, coa mala xestión da auga, coa práctica abusiva da caza, cos efectos da introdución de novas especies ou co crecemento da poboación humana. Relacionados a maioría das veces con cambios no clima e, en xeral, con fenómenos naturais, este tipo de procesos analizados por Diamond afectaron a sociedades complexas que nada tiñan de fráxiles e illadas. Neste sentido, este autor identifica cinco factores de afundimento das sociedades: a degradación medioambiental ou o esgotamento dos recursos, o cambio climático, as guerras, a perda repentina de socios comerciais e a deficiente reacción ante os problemas ambientais. Este listado de cuestións, se se observa detidamente no contexto do que se ven expoñendo neste traballo, garda unha intensa relación coas “solucións espaciais” que Harvey propón como camiños de resposta do sistema capitalista fronte ás súas crises; nomeadamente as guerras e os procesos demográficos.

Noutras ocasións, tense recorrido a un exercicio de analoxía entre o colapso das sociedades e o desenvolvemento da vida humana dende a infancia até a vellez, unha comparativa que ten inspirado, con intensidades distintas, as obras de tres autores citados con frecuencia nos traballos centrados nesta cuestión: Edward Gibbon, Oswald Spengler e Arnold

Toynbee (Taibo, 2016). Todos historiadores, sendo Gibbon un dos máis influentes no contexto na historia moderna británica, dedicaron o seu traballo á análise dos factores que propiciaron a caída de grandes imperios e sistemas sociopolíticos do decorrer da humanidade. Porén, se cadra polo seu aberto enfrontamento con Spengler, o traballo de Toynbee resulta o máis estimulante para a cuestión dinámica e non intermitente do colapso. Segundo Toynbee, as civilizacións, en canto sistemas, supoñen o resultado da resposta dun grupo humano aos desafíos que sofre, xa sexan naturais ou sociais. Dacordo con esta teoría, unha civilización medrae prospera cando a súa resposta a un desafío non só ten éxito, senón que estimula unha nova serie de desafíos; unha civilización decae como resultado da súa impotencia para enfrontarse aos desafíos que se lle presentan. Este autor concedeu grande importancia aos factores relixiosos na formulación das respostas aos desafíos. Froito desta perspectiva, Toynbee opúxose ao determinismo na evolución das civilizacións, negando que estas deberan perecer finalmente (en aberta oposición, como dixemos, a historiadores como Oswald Spengler) e defendendo que se podía agardar que a moderna civilización occidental puidera escapar á norma xeneral de decadencia das civilizacións.

En arqueoloxía, pola súa banda, o concepto de colapso vincúlase con varios factores: a fragmentación das comunidades políticas en unidades máis pequenas; o abandono, total ou parcial, dos centros urbanos e a desaparición das súas funcións centralizadoras; a quebra dos sistemas económicos rexionais e, para rematar, o afundimento das ideoloxías precursoras das diferentes civilizacións (Taibo, 2016). Este enfoque, entronca dun xeito moi claro co manexo do termo que se está a defender no presente estudo, xa que dalgún xeito, territorializa a cuestión e sobre todo, limita o seu impacto a unha esfera “rexional”, fuxindo pois de significados totalizadores ou universais. Na mesma liña, existen perspectivas sobre o colapso relacionadas coas visións críticas dobre a situación do medio natural. Deste xeito, David Jablonski tense referido ás extincións masivas como “perdas substanciais de diversidade” que se teñen producido rapidamente e teñen un impacto que vai do local ao global. Como paleontólogo, ecólogo e bioxeógrafo, Jablonski sinala que, nesta orde de cuestións, no momento actual xa se teñen extinguido o 99,9% das especies que teñen existido nunca (Jablonski, 2005).

O antropólogo e historiador Joseph A. Tainter escribiu en 2006 o sonado libro *The Collapse of Complex Societies*, onde este autor facía unha análise detallada das civilizacións de Harappa, Ur, Minoica, Olmecas, Mayas, Chaco, Imperio Romano Occidental, Imperio Bizantino, entre outras. Coa idea de buscar un "patrón", unha causa-resumo, que puidese servir de explicación válida, senón para todos os casos, si polo menos para a grande maioría dos colapsos (entendido como fin acelerado) das anteriores civilizacións ou imperios. Este autor sinala que se pode entender que unha sociedade ten colapsado “cando amosa unha rápida e significativa perda dun nivel establecido de complexidade sociopolítica e territorial”


(Tainter, 2006). Nestas condicións, o colapso garda unha intensa relación con factores que reflectirían retrocesos na estratificación e diferenciación social, na especialización económica e ocupacional, no despregue do control centralizado, no investimento nos fenómenos da complexidade –elementos que definen a civilización, como é o caso da arquitectura monumental ou as realizacións artísticas e literarias-, nos fluxos de información entre os individuos, entre os grupos políticos e económicos, e entre o centro e a periferia, na redistribución e organización de individuos e grupos, e, en fin, na integración dos territorios nunha unidade política común.

Para comprender a profundidade da teoría defendida por Tainter, cómpre ter unha primeira referencia de aproximación ao emprego que fai de dous termos que, en definitiva, centran o debate deste estudo; a saber: complexidade (concepto que se ten recollido no capítulo anterior) e colapso (obxecto do presente capítulo). Tainter entende que a complexidade nunha sociedade constitúe unha variábel multifactorial, sendo indicadores da mesma, entre outros, o número de membros que a compoñen, as distintas clases sociais nas que se agrupan, a cantidade de roles que pode desempeñar cada individuo nesa sociedade ou o grao de especialización nas tarefas, a cantidade de organismos ou institucións encargadas do funcionamento da sociedade, xunto coas diferenzas no acceso aos recursos dos individuos segundo o papel que desempeñen ou á clase social da que formen parte. Pola súa banda, este autor sinala que o colapso supón un proceso natural en todas as civilizacións que pode resumirse como unha diminución progresiva da complexidade na estrutura social dunha civilización, como consecuencia dun investimento das “forzas” insuficiente para mantela. Deste xeito, un estado de colapso pode aparecer tras diversos motivos, xa sexan económicos, ecolóxicos, catástrofes naturais, por citar algunhas, pero en sociedades complexas que poden controlar con certa eficacia a natureza, os motivos poden ser puramente enerxéticos. Estas nocións, xunto cun estudo detallado dos casos de colapso civilizatorio, permiten a Tainter chegar á conclusión de que son os “rendementos decrecentes” do incremento da “complexidade” das estruturas socio-político-económicas das sociedades as que levan, finalmente, ao colapso das mesmas, entendendo que unha sociedade “colapsa” cando “experimenta unha rápida e significativa redución do seu nivel previo de complexidade socio-política” (Tainter, 2006).

Para Tainter, como xa se dixo, o crecemento da complexidade constitúe unha tendencia buscada pola propia sociedade, como método de “resolver problemas”, destinando maior cantidade de “especialización” para abordar os conflitos que van xurdir no seo da mesma. Problemas que se presentan continuamente, e que son propiciados polo propio desenvolvemento do sistema. Porén, o incremento de complexidade dunha sociedade non é grauíto. Por exemplo, pódese ter en conta que para que se propiciara a división do traballo durante o Neolítico, foi necesario a existencia de excedentes alimentarios, e en xeral de

recursos, para que algúns membros non tivesen que traballar no campo, como campesiños pastores ou recolectores. Algo parecido collería no caso da Revolución Industrial. En calquera caso, o incremento da complexidade require dun crecente fluxo de recursos cara os sucesivos roles que a van integrar. Neste sentido, para o crecemento de complexas organizacións burocráticas de xestión política, cómpre, case sempre, que exista un sustento no aparato produtivo que os permita manter¹¹⁹.

Imaxe 6.3.: Gráfico da Lei dos Rendementos Decrecentes.



Fonte: Tainter, 2006

En consecuencia, o investimento que se realiza sobre as “forzas” que integran a complexidade, constitúe, en última instancia, un proceso económico, que fica suxeito á "Lei dos Rendementos Decrecentes" de David Ricardo. É dicir, que superado un determinado nivel, o incremento dunha unidade de investimento ou "gasto" nese ámbito, obtense un beneficio que menor que o que se tiñan até co nivel de investimento realizado anteriormente. Noutras palabras, diminuíu o rendimento do investimento nese proceso¹²⁰. Tainter

¹¹⁹ A este respecto, pode citarse o caso da xestión pública da cidade de Detroit. Esta urbe que foi culmen da industria automobilística norteamericana (“motor-town”), derrubouse tras a crise de 2008 para converterse segundo LeDuff nun “sarcófago postindustrial” (citado en Taibo, 2016). O que foi vangarda do “modo de vida norteamericano” tense convertido nun montón de fábricas e casas abandonadas poboadas por xentes esquecidas e sen traballo. Para LeDuff, Detroit pode supoñer a primeira representación urbana do colapso, ao que con toda probabilidade “seguirán outros”. Para ampliar esta perspectiva resulta suxerente o documental “De(s)troit” emitido por RTVE no 2014 e realizado por Ángel Barroso.

¹²⁰ Para explicar a Lei dos Rendementos Decrecentes pode empregarse o exemplo do ámbito sanitario: para incrementar a esperanza de vida da poboación dende os 35-40 anos que se tiña a principios do século XX até, pónase por caso, os 70 anos, foron necesarias unha serie de medidas sanitarias máis ben simples e pouco custosas: hixiene e coidados no parto, hixiene persoal en xeral, potabilización axeitada de auga, antibióticos básicos (penicilina e sulfamidas), control sanitario básico dos alimentos, atención sanitaria básica xeneralizada entre outros avances. Pola contra, se o que se pretende é facer crecer a esperanza de vida dende os 70 aos 85 anos, é dicir, 15 anos en vez dos 30-35 anos do proceso anterior, as medidas a adoptar son varias veces máis custosas: carísimos tratamentos de enfermidades dexenerativas, loita contra o cancro, métodos de diagnóstico moi avanzados, procedementos cirúrxicos novos, investigacións a longo prazo en rexeneración de tecidos, custosos tratamentos crónicos, hiperespecialización dos cadros médicos ou cobertura total e gratuíta, nunha lista interminábel.

expresouno empregando unha gráfica do incremento do nivel de complexidade e os "beneficios" obtidos pola mesma.

Na gráfica descríbese como no comezo do proceso o investimento en complexidade orixina un crecemento elevado dos beneficios na mesma (antes do punto C1), pero a partir dun determinado nivel (punto C2-B2), o incremento da complexidade (punto C3-B1) obtén uns beneficios que son equivalentes aos que se terían cun nivel de complexidade moito menor (punto C1-B1), e non obstante, ao ser a complexidade moito maior, o investimento en recursos que se realiza é tamén moito maior, e en vez de resolver un problema, tense creado outro máis grave. En poucas palabras, se o avance industrial e tecnolóxico só se produce a costa de aumentar unha complexidade estrutural de enormes custos enerxéticos e sociais, entendendo que a maior avance da complexidade, maiores recursos para mantelos, o sistema pode derivar cara unha *inexorable* situación de colapso. Neste sentido, as tecnoloxías e os recursos que no inicio serven para avanzar, a partir de certo momento, detraen máis recursos dos que aportan.

En calquera caso, realizando unha importante labor de síntese, é Carlos Taibo quen ofrece algunha trazas caracterizadoras do colapso que se derivan das definicións e análises que se teñen manifestado de maior impacto no seo das Ciencias Sociais: “un golpe moi forte que muda moitas relacións, a irreversibilidade do proceso conseguinte, profundas alteracións no que se refire á satisfacción das necesidades básicas, redución significativa no tamaño da poboación humana, unha perda xeral de complexidade en todos os ámbitos, acompañada dunha crecente fragmentación e dun retroceso dos fluxos centralizadores, a desaparición das institucións previamente existentes e, en fin, a quebra das ideoloxías lexitimadoras, e de moitos dos mecanismos de comunicación, da orde antecesora” (Taibo, 2016). Así e todo, para este autor, o concepto de colapso posúe algunhas “arestas” ou problemas á hora de determinar unha acepción delimitada. Por exemplo, na súa opinión non sempre resulta doado establecer unha distinción entre unha situación de colapso e outra de mera decadencia dunha sociedade, traducida nunha serie de reestruturacións políticas, económicas e sociais. A este respecto, Jared Diamond ten sinalado que “o fenómeno do colapso constitúe unha forma extrema de diversos tipos de decadencia máis suaves”, para a continuación lembrar que resulta “arbitrario decidir cal debe ser o grao de decadencia dunha sociedade para que as trazas correspondentes sexan etiquetadas no seu conxunto como colapso” (Diamond, 2006).

Existe ademais unha cuestión problemática asociada á definición do termo que garda relación coa súa escala espacial e temporal de representación. Taibo sinala que non convén

Esta situación é extensíbel, en xeral aos diferentes campos da economía, e aínda que o mérito da tecnoloxía foi ese, o conseguir salvar os sucesivos obstáculos que presenta a Lei dos Rendementos Decrecentes, fíxoo a base do emprego cada vez máis intensivo da enerxía, co investimento de cada vez maiores cotas de recursos enerxéticos no proceso.

esquecer que “as diferentes instancias sobre o papel implicadas non adoitan colapsar ao mesmo tempo, como non o fan os diferentes espazos xeográficos” (Taibo, 2016). En todo caso, pódese aceptar que o risco dun colapso rápido afecta ante todo ás instancias e escenarios máis interconectados, e aos máis febles. Disto cómpre concluir que existen diversos tipos subxectivos e graos interpretativos sobre a potencia e a magnitude dos procesos asociados ao colapso. Se ben pode existir que empregue o termo para referirse ao afundimento de Wall Street, haberá que defende que non ten os mesmos efectos nin o mesmo relevo, por exemplo, que o despregue das agresións contra a biosfera a nivel mundial.

Porén, máis alá de seguir profundando na definición do concepto e nos problemas que o rodea, se cadra, convén avanzar a través dos escenarios futuros¹²¹ que desata. Deste xeito, interpretando diferentes representación “post-colapso”, conseguirase chegar a puntos de análise máis consistentes que gocen dun consenso científico máis amplo. Neste sentido, pódese comezar por aqueles procesos que unha situación de colapso desencadea segundo as achegas de Tainter (2006):

- Desestratificación social: as diferenzas entre os membros de distintas xerarquías sociais tenden a desaparecer, a civilización tende cara a homoxeneidade e a igualdade entre os individuos que a compoñen coa subseguinte perda de diversidade.
- Xeneralización laboral: os membros dunha sociedade complexa desenvolven actividades altamente específicas, cando esa sociedade colapsa a cidadanía faise xeneralistas realizando moitas clases de traballos distintos para satisfacer as súas necesidades volvéndose autosuficientes.
- Abandono de grandes cidades: a grande cidade supón un sistema complexo cunha alta enerxía potencial, cando ocorre o colapso a única saída será adoptar unha configuración de menor enerxía potencial, de xeito que a poboación que antes vivía en contornas urbanas masificadas e institucionalmente complexas, pasa a ocupar pequenos núcleos illados de poboación cunha organización moi simple.
- Descenso da densidade de poboación: como vimos anteriormente tras o colapso a poboación móvese cara núcleos pequenos repartidos polo territorio, o que implica unha baixada da densidade de poboación; que, ás veces, ten que ver coa defunción dos individuos por causas relacionadas co colapso (imposibilidade de cubrir necesidades básicas, nomeadamente á auga).
- Descoido e abandono das construcións ou as iconas da sociedade: a cidadanía ten agora outras prioridades como procurarse o alimento e satisfacer as súas necesidades básicas, polo que non queda quen se encargue de coidar estes símbolos que incluso

¹²¹ Para una observación naquilo no que pode desembocar una situación de colapso pode resultar suxerinte a visualización do documental “Exceso de población” dunha serie de traballo elaborada por National Geographic no 2010 sobre situacións futuribles no Planeta titulada “Afermath”.

poden ser destruídos para formar parte doutros elementos máis prácticos e menos ostentosos.

Dos escenarios de Tainter, poden extraerse algunhas cuestións interesante. Tras o colapso a sociedade resultante terá menos diferenzas sociais, será máis homoxénea, chegando a diminuír a estratificación pero ao mesmo tempo posuirá unha menor diversidade. O mercado laboral simplificarase e as persoas precisaran volver a unha situación de economía autocentrada onde cada membro estará dedicado a máis dunha actividade non sempre remunerada. Finalmente, asistiremos a unha perda paulatina de poboación que pouco a pouco buscará lugares para asentarse alonxado dos espazos urbanos onde o acceso á recursos primarios é máis difícil (nomeadamente acceso á auga). Ao mesmo tempo, as grandes cidades, aniquiladas e convertidas en reliquias contemporáneas, vanse converter en lugares inseguros, en ausencia das institucións que antes garantían un funcionamento axeitado desde ecosistemas. Con isto, moitos dos lugares emblemáticos que hoxe conforman o imaxinario do éxito e do dominio social, ficarán abandonados ou ocupados por outros usos máis adaptados á nova situación

Porén, na obra que Carlos Taibo dedica ao colapso, atopamos unha guía de escenarios post-colapso moito máis precisa e relevante e que afecta a 11 situacións ou trazos determinados: a natureza, a enerxía, a centralización e a tecnoloxía, o Estado en crise, as violencias, a trama económica xeral, o sistema financeiro, a crise social, as cidades, o mundo rural e a poboación. Hai que ter en conta que o que este autor defende é a futura extinción dunha situación de colapso global, de fin de era ou de cambio radical do funcionamento que veñen dirixindo ás sociedades ao longo do Plantea dende a Revolución Industrial. Neste sentido, moitos dos trazos que suxire poden parecer apocalípticos e propias dun imaxinario utópico. Porén, aquí interesa comprender as lóxicas do seu discurso para espacializalas sobre unha realidade social –a galega- perfectamente identificábel. Por iso, aínda que de entrada algúns dos escenarios que manexa poden parecer esaxerados ou, se cadra, afastados, cómpre analizar e comprender os procesos e as dinámicas das que fala, para, despois, quedar con aqueles aspectos que entroncan coa teoría que aquí se pretende defender.

Na seguinte táboa, aparecen sistematizadas as principais características xerais do escenario post-colapso que Taibo propón para cada unha dos trazos que identifica. Non sorprende que o comezo do seu relato xurda dos efectos do denominado cambio climático e da crise da “sociedade do petróleo”, como imaxe sintética da crise enerxética. O opción por un modelo económico baseado no consumo indiscriminado de combustíbeis fósiles, dá lugar a situacións de pánico social cando se produce a súa escaseza. Este feito acabará influíndo no acceso aos bens básicos de consumo e ao benestar social, dando lugar a unha quebra económica e política-institucional. Ao tempo, a poboación mundial, en clara vertixe

ascendente, reclamará uns servizos que o modelo económico non estará en condicións de satisfacer, debilitando, en consecuencia, os servizos públicos (educación e sanidade) e incrementando os procesos de privatización e de control militar. En consecuencia, non é extraño pensar que van ser o grupos sociais máis febles (nenos, mulleres e persoas maiores), xunto coas minorías étnicas e os grupos de exclusión, os máis perxudicados. Mentres, a aparición de movementos extremistas, populistas e relixiosos, xunto cun auxe das directrices patriarcais, extenderase ao tempo que os medios de comunicación e as súas redes irán perdendo relevancia. Como queira que o se imaxine, cómpre ser conscientes dende a ollada das ciencias sociais que algúns deses trazos, non hai que buscalos nun posíbel escenario post-colapso, porque na operan na actualidade ou o veñen facendo dende hai lustros.

Cadro 6.1.: Principais características xerais do escenario post-colapso.

TRAZOS XERAIS	CONSECUENCIAS
Natureza en convulsión	Aumento xeral das temperaturas Ascenso do nivel do mar Destrución de ecosistemas litorais Crecemento dos “refuxiados” ambientais ¹²² Desertización, escaseza de auga e contaminación
Enerxía	Escaseza e encarecemento dos recursos Cortes de suministros eléctricos e auga Deterioro xeral dos sistemas de transporte Quebra do proceso de importacións Crise da actividade turística
Centralización e tecnoloxía	Problemas de almacenaxe, procesamento e distribución de información Conflitos nas estruturas de poder e dominación social Graves problemas para Internet e restricións de usos Perda de control en eidos como a xenética ou a nanotecnoloxía Risco de perda de coñecementos básicos
Estado en crise	Problemas severos nas institucións políticas Aparición de fórmulas hiperrepresivas de control Xurdimento de tensións entre fluxos centralizadores (hipercontroladores) e descentralizadores (liberalizantes) Proliferación de miniEstados Aguda crise fiscal do Estado e quebra de monopolios ¹²³ Privatización de servizos policiais e de seguridade Quebra dos medios de comunicación e auxe dos movementos relixiosos
Violencias	Aumento da violencia xunto coa decepción, sufrimento, desposesión e xenreira Fortalecemento das regras patriarcais e violencia machista Extensión da delincuencia e das bandas criminais Violencia dos Estados do Norte na procura de materias primas Desaparición de institucións internacionais (FMI, BM, ONU) e da axuda á cooperación

¹²² Segundo Giles Slade, a masiva migración de mexicanos a Estados Unidos a partir de 1982 non foi senón un primeiro estadio de fluxos migratorios que conducen cara o norte na procura de condicións climatolóxicas mellores (citado en Taibo, 2016).

¹²³ Poden sinalarse exemplos como o monopolio da forza, o da elaboración das leis, o dos servizos públicos, o da regulación do diñeiro ou, mesmo, o da recadación de impostos (Taibo, 2016).

Economía xeral	Notábel retroceso do crecemento económico (crise climática e enerxética) Masivo peche de empresas e desemprego xeralizado Desaparición do “Estado de Benestar” Incremento dos prezos dos produtos básicos Bancarrota dos sistemas financeiro e fiscal Aumento das disfuncións do mercado Cambios antropolóxicos radicais
Sistema financeiro	Quebra sistémica Extensión das débedas e perda de confianza Caos bancario e escaseza de diñeiro Proliferación de prácticas como a fraude, a usura e o suborno Quebra das compañías de seguros Graves alteracións dos mercados inmobiliarios e proliferación dos desafuzamentos
Crise social	Quebra do sistema de pensións Descapitalización do sistema educativo acompañada de activas estratexias privatizadoras Hospitais lastrados e saturados Déficit de profesionais sanitarios, de vacinas e de fármacos Servizos de urxencias masificados e mal dotados Redución dos orzamentos dedicados á sanidade Reaparición de enfermidades (cólera, disentería, tifos) e aparición de novas e infecciosas Incremento da mortalidade infantil e desnutrición Proliferación do alcoholismo e do consumo de drogas
Cidades	Crecedo desmesurado morfolóxico e demográfico ¹²⁴ Deterioro das relacións humanas e aumento dos problemas sociais Problemas de gobernabilidade e retroceso do público Quebra das relacións económicas Aumento das redes de seguridade privada e do crime organizado Incremento da desigualdade e aparición de “bolsas de prosperidade” Desaparición de espazos públicos e sociais Abandono dos megaproectos e das megaconstrucións (necrópoles) Éxodo urbano
Medio rural	Deterioro da cuberta vexetal e incremento da erosión das terras Crise da agricultura industrial, tecnoloxizada e mercantilizada Quebra das grandes explotacións exportadoras Desaparición das Política Agraria Común e do modelo de soberanía alimentaria Extensión de incendios e deforestación Envellecemento xeral da poboación e chegada masiva de continxentes demográficos
Poboación	Incremento da mortalidade, incluída a infantil Descenso da natalidade Aumento dramático da poboación e redución posterior e paulatina do número de habitantes

Fonte: elaboración propia dende Taibo, 2016

Do relato de Taibo, poden extraerse, ademais, tres cuestións interesantes e complementarias. En primeiro lugar, a intensificación que os trazos do colapso adquiren no universo urbano e que abre unha reflexión; o paulatino proceso de concentración do poboación en espazos urbanos pode ser o primeiro síntoma dunha posterior situación de colapso territorial, no caso de que dito proceso non conleve un aumento da complexidade do sistema. Esta cuestión será abordada con detimento no último apartado deste capítulo e nos

¹²⁴ A principios do século XX só o 2% da poboación mundial vivía nas cidades. Se no ano 2000, pola contra, a porcentaxe correspondente era dun 50%, algunhas estimacións sinalan que na actualidade xa se rexistran máis persoas vivindo nas cidades (grandes, medias e pequenas) e que, de non modificarse o panorama, no 2050 esa porcentaxe poderíase situarse no 75%.

posteriores, cando a pregunta se centre no modelo urbano e na xestión recente de Santiago de Compostela. En segundo lugar, o escenario post-colapso deixa, para Taibo, a “porta aberta” para o rexurdimento de certos resortes da sociedade. En consecuencia, pode dicirse que o colapso trae asociados procesos positivos de reconciliación económica e social co medio, aínda que de baixa magnitude e dun impacto modesto. Finalmente, en terceiro lugar, Taibo deixa aberta a discusión sobre o comportamento da poboación no escenario post-colapso. Para el a discusión demográfica presenta perfís moi diferentes e a opción de análise persegue unhas pautas de beneficio cara aos “movemento pola transición” ou pola contra, se pretende ser parte do Taibo denomina o ascendente “ecofascismo”. Pódense ampliar aquí de xeito sucinto, os dúas últimas cuestións.

En efecto, unha situación de colapso vaise desenvolver en graos de intensidade distintos e, por tanto, non vai afectar do mesmo xeito ás persoas, sectores económicos, gobernos e institucións, territorios ou culturas. Para Taibo, o “normal” é que os elementos máis rápida e intensamente afectados, serán aqueles que pertencen ao centro do sistema e que veñen plantexando o seu crecemento en vinculación co consumo enerxético desmesurado. Deste xeito, o colapso abre camiños para algúns outros elementos que na actualidade tan só sobreviven de xeito latente e autoxestionado, aos trazos que o sistema está a poñer en funcionamento paulatinamente. Por exemplo, pódese pensar que aquelas rexións que veñen realizando investimentos a prol das enerxías renovábeis e desenvolvendo políticas de xestión orientadas ao baixo consumo, padecerán con menor intensidade os efectos do colapso. Do mesmo xeito, só algunhas manifestación do tren e do transporte fluvial, sairán beneficiadas nun escenario de case monopolio do emprego do vehículo privado. No caso das comunicacións, Taibo insiste en que fronte ao derrubo da “rede de redes” algunhas plataformas como a radiofónica poderá verse fortalecida, xunto cunha posíbel emerxencia de lóxicas de relación humana baseadas na reconciliación, a comprensión e o apoio mutuo. Finalmente, cabe agardar que aqueles espazos menos densamente poboados que continúan a explotar os seus recursos de xeito solidario e que están máis afastados das grandes cidades, sobrevivirán mellor aos efectos do colapso. Mentres, no panoraman urbano, poderán emerxer pequenas iniciativas “dende abaixo”, centradas na autoxestión e no autogoberno. Estas serán máis nutricias en cidades de tamaño medio ou pequenas e máis fértiles naqueles barrios onde o sentimento de comunidade ou de indentidade posúa resortes máis potentes. En calquera caso, a pesar destes camiños abertos ao “rexurdimento”, non semella grande alivio nin se pode agardar que por habitar nunha desas rexión periféricas (máis golpeadas na actualidade no escenario pre-colapso), os efectos globais do proceso non van ter ramificacións incertas e de magnitude descoñecida.

Cuestión aparte é a demográfica que Taibo asocia a un vector ascendente do que denomina “ecofascismo”. Aínda que, xa temos visto, o crecemento da poboación mundial e a

súa concentración nas cidades constitúen procesos imparábeis no escenario actual de pre-colapso, a situación futura volve ser de natureza incerta en función da opción que se escolla. Neste sentido, para o autor, alén da transición que aportan os movementos sociais, existe, cando menos outro tipo de contestación ao colapso de natureza moi diferente. Trátase do que algúns estudosos chaman ecofascismo que se asenta “na intuición de que para encarar de xeito eficiente o problema xeral de escaseza non queda outro horizonte que propiciar un rápido e contundente descenso da número de seres humanos que habitan o planeta” (Taibo, 2016). Así, esta resposta trae consigo a marxinação e, no seu caso, o exterminio (vocábulo tamén empregado por Beiras ao referirse, por exemplo, á desaparición trágica da clase campesiña en Galiza), de boa parte da poboación, ao amparo do despregue de delicados criterios que permiten determinar quen sobra e quen non¹²⁵.

Deste xeito, resulta doado imaxinar que a solución demográfica da opción ecofascista, sitúase nun primeiro plano e ten o seu fundamento na idea de que no planeta sobran moitos dos seus habitantes. Noutras palabras, unha situación de colapso que dá lugar a un escenario de restricións severas de bens de consumo primario (auga, alimentos e enerxía), non poderá soportar unha presión poboacional de alta intensidade. En consecuencia, será necesario reducir drasticamente o continxente demográfico para asegurar, antes que máis, a supervivencia da propia especie, que se ben xa estaría exposta aos criterios de “selección natural” (baixo o suposto de que os individuos máis fortes serán os que teñan máis posibilidades de sobrevivir), neste caso, aínda ficaría ao criterio arbitrario dun poder político-militar e financeiro que decidiría quen “merece sobrevivir”. A este respecto autores como Susan George, Naomi Klein ou Milton Friedman, teñen insistido en que existe unha especie de “resposta biolóxica” do Gran Capital que aproveitaría calquera escenario post-catástrofe natural (furacáns, tsunamis ou terremoto) para erguer obstáculos de oposición a unha solución de reconstrución que non pasase pola contención dos efectivos demográficos.

6.3.- Os fundamentos da teoría do colapso territorial en Galiza

Para comprender a en última esencia a explicación desta reflexión cómpre liberarse, primeiramente, do corsé epistemolóxico de carácter dual -historicista e economicista-dominante no universo das Ciencias Sociais. Ao tempo, convén facer o esforzo de desenvolver a imaxinación xeográfica de cadaquén. Isto pódese facer de múltiples xeitos, se cadra regresando ás paisaxes da infancia ou ben rememorando algunha viaxe que marcara algún episodio da nosa vida¹²⁶. Este exercicio por tratar de analizar as nosas experiencias a

¹²⁵ En ocasións, a opción de marxinação e exterminio xustifícase en virtude de códigos relixiosos, outras invoca un mero poder material e, ás veces, fai valer presuntas esixencias naturais. En calquera caso, sempre opera sobre a base dunha idea fundamental: “a de que a Terra non dá para máis” (Taibo, 2016).

¹²⁶ Se cadra un bo xeito de levar a cabo este exercicio pode ser repasar o ensaio *De camiños, viaxeiros e caminantes* (Editorial Galaxia, 2016), no que Santiago Lamas e Alfonso Mato recuperan a viaxe de Otero Pedrayo, Vicente Risco e Ben-

través do lente espacial, realizado en primeira persoa, pode dar as pautas para mudar a escala da análise conceptual e comprender as lóxicas que determinan o colapso do territorio en Galiza, que por outra parte non son, nin por asomo, estritamente só espaciais.

O que sucede é que a pesar dos esforzos da lóxica posmoderna por desenvolver a imaxinación xeográfica a partir da cultura do visual, certamente, en ocasións, tal capacidade mental fica reducida a un anecdotario compilado nas Redes Sociais: unha foto nunha praia, outra nun parque, máis unha nunha cidade e así centos de milleiros delas. Efectivamente, non existe un transfundo real que analice esas paisaxes senón que carecen de profundidade. O importante non é a praia en si mesma, senón “eu na praia”, amosando un estado de ánimo de pretendida felicidade.

Esta contradición (a foto non tería lugar de non estar nesa praia) pon de manifesto que, aínda que as nosas vidas cada vez son máis “xeográficas” (grazas a unha posibilidade real de mobilidade nunca vista pero tamén grazas ás imaxes que nos ofrece o ocio televisivo), en realidade non temos unha conciencia profunda ou unha experiencia vivida da cuestión espacial.

Por tanto, o que se pide, retomando o enunciado de Edward Soja, é que sexamos quen de “poñer o espazo en primeiro lugar”, a modo de metodoloxía científica, case como experimento. Para levalo a cabo chega con comprender que os procesos sociais de calquera índole, están constantemente modificando, transformando, destruindo ou producindo lugares. E viceversa. Os enclaves xeográficos determinan, en ocasións, eses mesmos procesos sociais.

Unha situación de colapso dentro dun sistema territorial, prodúcese cando os seus elementos de organización internan comezan a se deteriorar, funcionando de xeito pechado (sen ningún tipo de resorte empático nin colaborativo), perdendo así o equilibrio funcional do mesmo. En consecuencia, aumenta a entropía interna do sistema até que o nivel de desorde tensiona de tal xeito aos elementos que o compoñen que o único modo de subsistencia que lles queda é tratar de sobrevivir pola súa conta á marxe do conxunto. No proceso vaise iniciar un estado de competencia no que só os máis fortes van ser quen de continuar. O derrubamento do sistema é cuestión de tempo porque, dentro de calquera sistema, mesmo os elementos máis fortes precisan dos máis febles para subsistir. Por tanto, o sistema entra en colapso cando os seus elementos esquecen cooperar, traballar polo común, sen atender a supostas “ofertas externas”. Agora ben, por que se inicia ese proceso de deterioro dos elementos do sistema

Cho-Shey dende Ourense a Santo André de Teixido (recollida na obra “Pelerinaxes”) e no que os autores defende una reconciliación da viaxe coas “sensacións da paisaxe e do territorio”, á marxe da lóxica do turismo como experiencia fragmentada e instantánea.

cando convivían nun suposto estado de “equilibrio funcional”? A razón atópase fora do sistema, provén do exterior.


Se cadra a resposta hai que buscala na substitución do sistema territorial tradicional en Galiza (paisaxe de agras) polo actual, que conlevou a transformación do seu vector de organización pasando de ser a produción agrícola a ser a accesibilidade (como quedou recollido no capítulo 5). Este proceso non trouxo consigo a creación do que Harvey denomina un novo capital espacial fixo (fundamentalmente por mor do singular proceso de incorporación da economía e da sociedade galegas ás lóxicas do mercado capitalista¹²⁷), condición necesaria para o sustento das relacións socioeconómicas do capitalismo (que en esencia constitúe a “forza” que opera no sistema territorial actual), operando as lóxicas espaciais do novo modelo sobre as estruturas organizativas do anterior. Este feito deu lugar á aparición de fenómenos moi diversos de desequilibrio do sistema territorial que acabou por perder grande parte da súa complexidade e diversidade, provocando a situación de colapso que neste traballo se ven explicando.

A primeira pregunta que se pode plantexar é: que quere dicir que esa transformación non trouxo consigo a creación dun novo capital espacial fixo? En esencia, pódese explicar do seguinte xeito: pasouse dun sistema territorial tradicional que posuía un modelo de organización coherente que atribuíu a cada elemento unha función con rendibilidade social e unha situación de ausencia de modelo territorial, perdendo a lexibilidade e segregando esa función social, de sorte que só algunhas pezas do sistema territorial (e non a globalidade do mesmo) posúen relevancia xerárquica no suposto de que sexan válida para a mobilidade do capital. O resto dos elementos do sistema simplemente se abandonan.

En calquera caso, cando se fala de capital espacial fixo cómpre recuperar a noción de espazo que se tratou nos primeiros capítulos. Neste sentido, este concepto non se pode entender só como a “estrutura da organización territorial”, senón que convén asumilo de xeito dinámico e, por tanto, introducindo o matiz de que á súa vez, constitúe un produto social. En consecuencia, o capital espacial incide tamén nas formas de pensar, de ocupar e de empregar o espazo. Ou sexa, que trascende a idea de soporte material das relacións humanas (rachando co determinismo ambiental) para introducirse como un elemento máis das súa propia construción social. Noutras palabras, o espazo inflúe tanto nas relacións sociais, como no proceso mesmo da súa produción, que acaba –finalmente- por influír nel construíndoo.

¹²⁷ O paso dunha economía precapitalista de “acumulación primitiva” a outra post-industrial de “acumulación por desposesión”, sen ter atravesado por un sólido proceso de capitalización e industrialización dos sectores económicos do país. Dito proceso deuse en clase de dominación co respecto a un poder central que deseñou una serie de políticas económicas destinadas a someter a Galiza baixo a regulación dunha “colonia interior” (Beiras, 1972). Pero ademais, toda esta construción do aparato económico levouse a cabo en ausencia dunha xestión pública autocentrada nos problemas de carácter interno, o que propiciou a devalo continuo daqueles sectores que poderían ter sido competitivos e tamén a fuga de capitais en forma de tributos.

Imaxe 6.4.: Síntese explicativa da Teoría do Colapso Territorial en Galiza.



Fonte: elaboración propia, 2016

Ese déficit do novo capital espacial fixo que dese lugar a un modelo territorial coherente, dá lugar a unha serie de fenómenos e procesos que houbo que xestionar, máis mal que ben, dende o sector público. Por tanto, do anterior desencadéanse dous tipos de cuestión que se teñen convertido en auténticos problemas de xestión territorial. Por unha banda, aparecen toda unha serie de procesos de adaptación ao territorio dos novos procesos sociais, culturais e económicos. Pola outra, en colusión cos novos estilos de vida (que introduce a chamada posmodernidade), emerxe unha nova construción social do espazo que moitas veces acaba por desnaturalizalo a través de comportamentos artificiais.

En calquera caso, existiron unha serie de factores que xogaron un papel fundamental á hora de determinar algunhas causa concreta para explicar a emerxencia de ambas cuestións:

- a) A xenuína organización histórica do espazo en Galiza: a paisaxe cultural herdada supón o resultado do xeito multiseccular de ocupación social e construción do territorio en base a dúas premisas: a produtividade agrícola como vector de organización interna e a propiedade como o réxime de tenencia dun parcelario que rematou por se converter

nunha realidade extremadamente fragmentada e minifundista. Ambos os dous factores alimentaron unha matriz territorial onde o eido produtivo, inmerso na paisaxe de agras, xogaba o papel protagonista mentres que o casal (o casarío ou aldea) e a rede de camiño, adoptaban unha ubicación solidaria. A desconfiguración desta paisaxe cultural, primeiro pola diseminación do tecido residencial (que pasou a ocupar parcelas que antes eran de uso agrario) e despois pola aparición de grandes infraestruturas de comunicación (e o subseguinte abandono de terras de cultivo e a proliferación de masas forestais), logrou mudar, en boa medida, a fisionomía da cobertura física do territorio, pero non conseguiu transformar aqueles comportamentos antropolóxicos centrados na propiedade privada ou comunal.

- b) A complexa construción antropolóxica e social do país, en combinación coas lóxicas especulativas do capitalismo tardío: en combinación co factor anterior, lonxe de lograr unha transformación antropolóxica e social dunha mentalidade radicalmente asentada na propiedade, a introduce dunha singular lóxica de mercado na economía galega, non fixo máis que profundar nos dereitos lucrativos dunha propiedade moitas veces en desuso. Dito doutro xeito, o valor de cambio incorporado ao solo asentou perfectamente coa lóxica da pequena propiedade, abrindo así o campo para a nutrición dunhas hipotéticas expectativas de lucro que fomentaron á súa vez a corrente especuladora. Esta dinámica que noutros países foi exclusiva de grandes empresas, en Galiza absorbe tamén a calquera propietario, por pequeno que sexa, dando lugar a un aparato territorial case inamobíbel, que pode permanecer intacto e alleo ás lóxicas do mercado. En calquera caso, hai quen poda pensar que este feito favoreceu a medio prazo ao sistema territorial actual, xa que a expectativa de lucro, freou, en boa medida, a dinámica construtiva, preservando o pouco que queda de paisaxe cultural tradicional.
- c) As contradicións entre a propiedade privada e o papel regulador do Estado: seguindo co mesmo fío, a colisión entre os intereses dos axentes propietarios do solo (case toda a poboación galega, por activa ou por pasiva) e os dun poder público que debera garantir o ben común (en teoría), deu lugar a dous tipos de procesos de dirección oposta. Momentos –os menos- nos que o papel regulador do Estado deu lugar a transformacións na forma de pensar dos primeiros cara solucións de reparto e certa idea de coleitividade, como a iniciativa do Banco de Terras ou algúns procesos de propiedade mancomunada como a concentración parcelaria; e momentos –os máis- nos que a xestión pública non fixo máis que regular (dun xeito máis ben laxo) a iniciativa privada, cando non a promocionou (e no fondo dese debate está a “burbulla inmobiliaria”). Esta colisión de intereses aínda ten unha faciana complementaria que se basea na práctica “cultural” do “vai fancendo” ou do “deixar facer” que non fixo máis que afortalar a idea entre os axentes propietarios de poder facer calquera

actuación nos seus dominios. En calquera caso, a introdución de criterios reguladores por parte dos instrumentos de planeamento (naqueles lugares onde existen), veu reordenar ou reeducar aqueles comportamentos, introducindo cuestións como a cesión de terreos ou o reparto de plusvalías.

- d) A ineficacia lexislativa e administrativa e a “xudicialización” da práctica espacial: dentro dese enxambre que é a xestión do territorio en Galiza, e que xa foi citada no capítulo anterior, cómpre traer de novo aquí a incapacidade administrativa que rodeou á esta cuestión. Con amplísimos documentos de Ordenación do Territorio sen a penas aplicación regulamentaria, con leis do solo ineficaces, feble e constantemente modificadas (sobre as que descansaba a propia ordenación e non só a regulación urbanística), con un tratamento do patrimonio que non soubo adaptarse aos tempos e con innúmeros mapas sectoriais cruzados e superpostos; con todo isto, o resultado é unha certa noción de improvisación, que deu lugar (entre outros factores) ao desequilibrio territorial existente pero tamén á perda de contido -e con isto á simplificación ou á redución de complexidade- do territorio mesmo. Neste sentido, resulta de moito interese a revisión de traballos como os de Lois e Aldrey (2010), Pino, Rivas, Sánchez e Pérez (2010) e Lois e Pino (2015).
- e) A perda dunha verdadeira cultura do territorio: se cadra este factor constitúe máis ben unha teima ben intencionada que unha cuestión de calado analítico, pero o certo é que nun país no que a conciencia espacial foi de sempre un elemento de construción social (o territorio en canto “despensa” de recursos), algo que inherentemente “había que protexer” porque proporcionaba sustento (aquí e agora); semella como se os novos estilos de vida posmodernos trouxeran consigo unha perda de noción do espazo, alimentando unha esfera da cuestión moito máis abstracta e en consecuencia, menos “vívida”. Na actualidade, desprazámonos rápida e facilmente, non existen fronteiras, reducimos a distancia a base de teleconferencias, accedemos a bens de consumo importados de calquera lugar do mundo (mesmo de China); noutras palabras temos unha experiencia de vida moito máis xeográfica que hai dous ou tres decenios. Porén, esta magnitude global do espazo, fixo perder, en certa maneira, o contido do local, do próximo e do lugar, que mesmo se veu desprotexido por falta de competitividade. Cando se fala de cultura do territorio, preténdese introducir a reflexión de que estamos diante dun ben escaso, non renovábel, esencial e limitado; un ben que constitúe unha realidade complexa e fráxil (ao mesmo tempo); que posúe valores moi diversos e que ben xestionado pode supoñer un activo económico e social de primeira magintude; e, un ben, no que a cidadanía debe exercer como un axente que garanta a súa protección e desenvolvemento responsábel (tanto dende a óptica individual como dende a esfera colectiva).

O resultado deste proceso é o desencadeamento de toda unha serie de procesos de adaptación ao territorio dos novos xeitos de uso do espazo derivados da transformación do sistema económico e a emerxencia de descoñecidos fenómenos de construción social do mesmo, subseguintes á introdución das lóxicas culturais da sociedade postindustrial. Xa se viron ao longo do presente capítulo toda unha serie de síntomas baixo a denominación de “problemas cardinais”, porén, dende o punto de vista espacial, se cadra cómpre deterse nalgúns puntos centrais. Alén das cuestión que atinxen ao universo urbano (que son tratadas polo miúdo no seguinte apartado e con detemento no seguinte capítulo en torno á cidade de Santiago de Compostela), pode resultar interesante centrarnos agora en catro ou cinco trazos, de xeito certo pero menos profundo, que alimentan o conxunto desta reflexión e que, en esencia, dan lugar a un sistema territorial caracterizado pola redución de complexidade e a simplificación dos procesos que o constrúen.

Estas cuestións gardan relación cos tres pés que compoñen a matriz territorial (á marxe do espazo urbano), isto é: sistema produtivo, sistema de asentamento e sistema viario. Así, en primeiro lugar tratarase a problemática do devalo demográfico, un debate bastante tratado nos últimos decenios en Galiza pero que non está a dar os froitos desexados e, aínda máis, está a padecer a emerxencia deses novos fenómenos comentados. En segundo lugar, outro problema estrutural derivado do singular proceso de incorporación socioeconómica do país á lóxica de mercado como é a incapacidade de transformación do parcelario agrario tan vinculado ao sentido da propiedade. Despois, en conexión directa co sistema produtivo, atenderase aos cambios que se están a detectar na morfoloxía da paisaxe agraria, motivada pola desaparición de terras de cultivo, a súa especialización en sectores competitivos (lácteo e vitivinícola), a ampliación das masas forestais e o abandono. En cuarto lugar, comentarase algunhas reflexións a cerca da xestión da paisaxe edificada e dalgunhas patoloxías como a diseminación extrema ou o denominado “feísmo” (que tamén ten provocado innumerábeis debates). Finalmente, cómpre deixar algún comentario sobre o papel das infraestruturas terrestres en todo este proceso de homoxenización do espazo en Galiza.

Alén dos citados, poderíase tratar tamén a dramática situación pola que atravesamos o medio natural en Galiza (ecocidio) e a crise que padece a sociedade na tentativa por acceder aos recursos enerxéticos e alimentarios básicos, nun país onde a soberanía alimentaria deba estar garantida e que resulta excedentario na obtención de enerxía, procedente da explotación de recursos naturais (hidroeléctrica e eólica). En calquera caso, pódese argumentar o debate facendo referencia a dúas achegas de extraordinaria relevancia. Por unha parte, a publicación no ano 2013 da *Guía para o descenso enerxético* da “Asociación Véspera de Nada por unha Galiza sen petróleo”. Esta obra, na que participan diversos autores, “tenta ser un sinxelo manual que nos axude a repararnos para unhas transformacións a niveis económico, social,

cultural e de modos de vida (...), con efectos en todos os países e para todos os habitantes do planeta, pero que terán diferente forma, alcance e ritmo segundo o lugar e mesmo a clase social”. En segundo lugar, dos diversos e moi dinámicos movementos que a cidadanía ten construído para dar resposta a esta situación, pódese citar aquí un centrado na soberanía alimentaria e nas lóxicas do “lugar”. Trátase do proxecto “Realiméntate” que se ven desenvolvendo no concello de Lalín dende hai anos, baixo o compromiso coa transformación social e ambiental á vez que “apostamos polo reforzo da economía local e alternativa”. Dito proxecto que celebra unhas xornadas no mes de xuño, acolle unha serie de iniciativas vinculadas á recuperación de hortas urbanas e a revitalización do comercio local poñendo en valor o trato directo cos produtores dende a propia praza de abastos.


Imaxe 6.5.- Logos corporativos do Proxecto Ultra-Alimento e Realiméntate



Fonte: Proxecto Realiméntate, 2016

Destaca neste sentido, o Ultra-Alimento (ultramarinos e horta), unha proposta na que conflúen argumentos como a transformación social, a dinamización da economía local ou unha saída alternativa aos momentos da crise actual. Aí figuran produtores ecolóxicos da terra do Deza ou o “Grupo de Consumo Responsable Tarabela”, que tratan de amosar unha oferta que consideran esencial para a sociedade. O modelo do local estrutúrase en distintos conceptos baseado de xeito peculiar no concepto do “alcance dun ben”. Así no chamado KM0 teñen cabida os produtores de horta locais. A medida que a distancia medra os produtos de consumos son distintos repercutindo no prezo e na responsabilidade do consumidor. Deste xeito, o KM40 é o espazo reservado aos lácteos, derivados de produtos naturais e outras materias primas. Trátase de produtores de localidades limítrofes como Forcarei, Melide, Palas de Rei, Monterroso, Vila de Cruces, Sarria, Chantada, A Estrada, Silleda e O Carballiño. A seguir, KM70 representa a distancia da comarca para poder acceder aos produtos do mar. Finalmente, a proposta KMXusto pretende ser o punto de encontro do consumidor que aposte por este tipo de mercado solidario.

Imaxe 6.6.- Proposta de funcionamento do Proxecto Ultra-Alimento




Fonte: Elaboración propia a partir de Proxecto Ultra-Alimento, 2016

Retomando os procesos de adaptación e os fenómenos emerxentes que hoxe se identifican, pódese comprender complementariamente a situación de perda de complexidade á que chegou o sistema territorial actual. En relación co devalo demográfico, cómpre lembrar que non se trata dunha dicusión recente. Xa a comezos do século XXI (vai para 20 anos), autores como Santos Solla (2004) e Aldrey Vázquez (2006), alertaban dunha serie de procesos dramáticos en relación coa poboación galega. O caso é que aquelas proxeccións teñen hoxe apouso na realidade con tres ou catro características fundamentais: o paulatino proceso de avellentamento da poboación deu como resultado que case o 24% é maior de 65 anos, mentres que só o 15,8% pertence aos grupos de idade menores de 18 anos. Isto dá lugar a un índice de envellecemento de case 175 persoas maiores de 65 anos por cada 100 menores de 20. Por outra banda, Galiza segue a perder poboación cun crecemento natural negativo en 2015 (-12.057 persoas), cunha taxa bruta de natalidade de 7,2‰, fronte ao 10,9‰ da taxa bruta de mortalidade. Pero é que ademais, o saldo migratorio foi negativo en 2015 (-774), dando a entender que Galiza non supón unha área de atracción preferente dentro dos fluxos

que se rexistran no sur de Europa. Esta situación non asegura un recambio demográfico, nun sistema no que diminúe o promedio de número de fillos por muller e aumenta a esperanza de vida ao nacer.

Imaxe 6.7.- Evolución do índice de envelhecimento en Galiza (1975-2105)



Fonte : IGE, 2015

Pero ademais, como se verá ao tratar a cuestión urbana, o devalo demográfico deixa a nivel territorial un desequilibrio evidente entre o país urbano e atlántico, con maiores concentración de poboación e máis dinámico, nomeadamente nos espazos periurbanos, e o país rural e interior, onde se detectan bolsas cada vez máis importantes, despoboadas ou case. Deste xeito, segundo o IGE, no ano 2015 as provincias de A Coruña e Pontevedra aportaban máis do 75% da poboación galega e case un millón de persoas residen nas 7 principais cidades (aínda que só medran, e pouco, Pontevedra e Vigo). Por comarcas, só Santiago, A Coruña e Pontevedra gañaron poboación entre 2014 e 2015 e para iso nun volume case imperceptíbel.

En calquera caso, este proceso de concentración de poboación no ámbito das cidades, aínda se pode dramatizar co feito da “fuga de cerebros” ou co do fenómeno da emigración dunha xeración formada con estudos superiores na procura de oportunidades laborais. Por tanto, xa non emigran aquelas capas da sociedade que buscaban traballos de baixo rango (fundamentalmente na construción e na hostalería, aproveitando as zonas máis turísticas da península), senón que agora marcha a mocidade con educación universitaria mudando mesmo o destino cara países europeos e americanos. Este feito, negativo en si mesmo, adquire tintes máis oscuros cando se pensa que os rendementos sociais da educación (que supón un esforzo no investimento público) non van repercutir aquí, polo menos a curto prazo. En “Deficiencias estruturais, emigración interrexional e fuga de cerebros: o caso de Galicia” (2013) sinalábase, por exemplo, que o colectivo emigrante é moi novo. Neste sentido, un 47% ten 29 ou menos anos e un 39% ten unha idade comprendida entre os 30 e os 44 anos. No que se refire ao

xénero e ás cifras totais, o artigo conclúe que se “trata dunha emigración predominantemente masculina (68,49%) e que un 39% dos emigrados posúe bacharelato, un título de formación profesional ou estudos universitarios; e un 36,74%, cando menos, o ensino secundario obrigatorio” (González, F.; Martín, F.; Martín, F., 2013). Finalmente, advírtese que case un 60% da man de obra que sae de Galiza é contratada para traballos cualificados.

No tocante ao parcelario pode ser resultar interesante a análise de, cando menos, tres aspectos. En primeiro lugar as modificacións de tipo nidiamente espaciais que ten sufrido nos últimos decenios. Despois, moi en relación coa anterior, a evolución do réxime de tenencia e a cuestión da propiedade da terra. Finalmente, as transformacións detectadas nos usos do solo. O parcelario pode que sexa a ferramenta máis útil para comprobar o nivel de impacto e adaptación que o sistema económico capitalista ten desenvolvido sobre o territorio. Constitúe unha peza básica da organización do espazo, nomeadamente nos ámbitos rústicos e periurbanos, pero tamén naqueles núcleos de pequeno e mediano tamaño que teñen medrado grazas aos –xa comentados– procesos de urbanización inducida. Pero ademais, o parcelario dá unha idea, a través do concepto de mobilidade de terras, do dinamismo, en termos sociais e económicos, do país.

Neste sentido, a ninguén se lle escapa que o parcelario en Galiza continúa a ser unha realidade moi fragmentada (Corbelle, Enríquez, Ónega e Crecente, 2014), tanto dende o punto de vista espacial como da tenencia. Deste xeito, o que sobrevive é unha organización de milleiros de propietarios de pequenas parcelas que, a pesar dos procesos de concentración e da propia evolución do réxime de propiedade que tende á unificación, segue a ser o fiel reflexo dun sistema minifundista. Un minifundio no que cada vez se dan menos usos agrarios, que a cada paso padece con maior certeza o abandono, e no que, por facelo máis incomprensíbel, sobrevoa a tensión da expectativa monetaria e da especulación, como un factor externo trasladado dende as lóxicas urbanas. En síntese pódese admitir que, “aquele sistema de aproveitamento asentábase nunha estrutura orixinaria altamente minifundista en combinación con amplas superficies comunais que daquela tiñan un aproveitamento directo e complementario” (Ónega, 2015)

Ademais, pódese partir da base que a mobilidade do mercado de compravenda de terra en Galiza é similar á de Europa oriental. Os resultados acadados no traballo *Propiedade, mobilidade da terra e valorización territorial*¹²⁸, confirman a imaxe global dun mercado de

¹²⁸ Trátase dun informe técnico resultado do convenio de colaboración do mesmo nome suscrito entre a Axencia Galega para o Desenvolvemento Rural, a Fundación Juana de Vega e a Universidade de Santiago de Compostela. Foi presentado en setembro de 2014 e a súa autoría corresponde a Eduardo Corbelle Rico, María José Enríquez García, Francisco Ónega López e Rafael Crecente Maseda, todos eles membro do “Laboratorio do territorio - LaboraTe” da USC. Trátase dun “grupo de investigación e docencia integrado por profesores e investigadores de diferentes áreas de coñecemento, onde o territorio en sentido amplo, e especialmente o territorio rural, constitúen o seu principal ámbito de traballo”.


compravenda con niveis de mobilidade especialmente baixos, similares aos referidos na bibliografía para países do este e centro de Europa (Eslovaquia, República Checa, Romanía...). Non obstante, o grao de desagregación espacial da análise permitiu a este estudo detectar diferencias moi importantes entre a metade norte de Galiza, onde se aprecian taxas de transferencia significativamente maiores, e as provincias de Ourense e Pontevedra, onde apenas se rexistran transaccións. Os resultados suxiren que “os maiores niveis de mobilidade están asociados á existencia dun sector agrario potente, pero que só se aprecia un aumento importante da mobilidade cando a importancia territorial das explotacións ou a proporción de poboación dedicada ao sector primario se sitúan nos niveis máis elevados” (Corbelle, Enríquez, Ónega e Crecente, 2014). Pola contra, maiores niveis de absentismo (estimados a través da relación entre número de titulares catastrais e número de habitantes) e tamaños medios de parcela máis reducidos aparecen asociados a menores taxas de transferencia. Tamén se comproba como a mobilidade é menor nos concellos máis despoboados, pero tamén nos máis urbanizados. Por tanto, despoboación e urbanización semellan condicionar á baixa a mobilidade de terras.

O prezo da terra, polo contrario, alcanza valores similares aos de Europa occidental. Se a mobilidade é similar á dos países de Europa oriental e central, o prezo da terra semella comportarse de maneira ben distinta, con valores similares aos de países de Europa occidental como Holanda ou Dinamarca (Corbelle, Enríquez, Ónega e Crecente, 2014). De novo, a análise dos valores desagregados permitiulles detectar diferenzas de prezo moi importantes entre a provincia de Lugo, na que os valores son máis baixos, e o resto do territorio. En particular, os valores de prezo de terra rústica móstranse máis elevados nas Rías Baixas e o entorno das sete cidades, en en xeral “onde a densidade de poboación é máis elevada e a importancia do sector agrario é menor, o que podería ser explicado en parte pola existencia de expectativas de urbanización” (Corbelle, Enríquez, Ónega e Crecente, 2014). Finalmente, a existencia de maiores niveis de absentismo tamén mostra ter influencia no prezo (neste caso para reduci-lo), o que podería ser explicado como consecuencia de maiores custos de transacción asociados ás operacións de venda.

O inicio do século XXI situou a demanda de terra como un dos grandes temas de actualidade global (Corbelle, Enríquez, Ónega e Crecente, 2014). Aínda que pola súa posición periférica no contexto de Europa occidental Galiza non está afectada por procesos de acaparamento de terras, isto non significa que non estea plenamente integrada no engranaxe de interconexións a nivel mundial. Por exemplo, segundo o estudo citado, as explotacións gandeiras de Galiza importan cereais para alimentación animal por valor do 57% dos seus custes totais anuais (Comisión Europea, 2013). Paradoxicamente, esta elevada dependencia do mercado internacional para satisfacer a demanda local de produtos para a alimentación animal ten lugar nun período no que a superficie utilizada polas explotacións agrarias non fixo senón

diminuír durante os últimos decenios, en moitos casos deixando sen cultivar terras de boa calidade agronómica (Corbelle e Crecente, 2014). Así, pódese concluír que “o aumento da superficie ocupada por arborado destinado á produción de madeira, os procesos de urbanización, a intensificación das actividades agropecuarias, ou o simple abandono da terra son distintas facetas da realidade actual do territorio galego que están fortemente relacionadas —obviamente non de xeito exclusivo— coas dinámicas do mercado de terras na comunidade autónoma” (Corbelle, Enríquez, Ónega e Crecente, 2014).

Imaxe 6.8.- Área media de parcela rústica nos municipios de Galicia




Fonte: Crecente et al., 2014

Nun contexto tan diverso, o paradigma da escasa mobilidade do mercado de terras como obstáculo para a reestruturación do sector agrario (López Iglesias, 1996) precisa ser matizado e, sobre todo, analizado con maior detalle para poder diferenciar o que sucede en distintas partes de Galicia. De acordo con este, o mercado de terras en Galicia estaría caracterizado por prezos elevados (en termos absolutos e tamén en comparación coa renda que pode ser xerada pola actividade agraria) e un escaso volume de transaccións. Aínda que existen poucos estudos anteriores, estes parecen indicar que existe correspondencia entre a vitalidade do sector agrario e a mobilidade do mercado a nivel local, ou entre esta última e a proporción de terras en mans de non agricultores.

A forte fragmentación do sistema de propiedade galego, tanto en número de parcelas como en número de propietarios (11.246.646 e 1.631.870, respectivamente, segundo as estatísticas do catastro de parcelas rústicas publicadas pola Dirección General de Catastro, datos de 2013), incrementa substancialmente a complicación do mercado de terras e as dificultades para o estudo do seu funcionamento. A evolución demográfica seguida nos

últimos anos, que concentra progresivamente unha maior proporción da poboación na metade occidental do territorio (Lois e Pino, 2015) mentres as áreas de interior perden habitantes, supón un nivel de dificultade engadida na medida en que fai que cada vez máis titulares de parcelas rústicas residan en localizacións xeográficas afastadas das parcelas das que son titulares (Corbelle, Enríquez, Ónega e Crecente, 2014). Como resultado, son moitos os concellos de Galiza onde o número de titulares catastrais é superior ao número de habitantes tal e como se aprecia na seguinte imaxe.

Imaxe 6.9.- Ratio entre titulares catastrais e habitantes nos municipios de Galicia



Fonte: Crecente et al., 2014

No tocante aos usos dese parcelario, Galiza segue a ser considerada unha rexión agraria no imaxinario colectivo. En parte, tal visión segue a ter fundamento en determinadas variables económicas e demográficas. Así, segundo datos do INE, do IGE e de Eurostat, o peso do sector agrario no conxunto da economía é, comparativamente, maior do que é no conxunto do estado español (4,5% do VEB e 2,8% do VEB respectivamente) e tamén no marco da UE (1,4% do VEB para UE-15 e 1,6% do VEB para EU-28). Do mesmo xeito, a porcentaxe de poboación ocupada na agricultura é un 6.6%, 2,4 puntos máis que no Estado Español e 4 máis que na UE-15. Porén, dende un punto de vista territorial a interpretación cambia considerabelmente e, sobre todo, se se teñen en conta as dinámicas das últimas décadas, non é só unha foto fixa.

Neste sentido, só un 27% do territorio galego é superficie agraria útil (SAU) que está, ademais, principalmente dedicada á alimentación do gando. Así, máis da metade da SAU son pastos (55%) e a gran maioría das terras de cultivo teñen unha orientación forraxeira (40% da SAU), tal e como sinala o Anuario de Estatística Agraria. Evidentemente isto reflexa a forte

especialización gandeira do sector agrario galego, que poderíamos case chamar sector pecuario. Paralelamente a superficie forestal representa unha parte importante da paisaxe. Arredor do 40% do territorio está ocupado por masas arboradas nas que eucalipto e piñeiro foron gañando terreo de forma rápida (Ónega, 2015). Na actualidade estas dúas especies ocupan máis terras que a SAU e superan claramente os 2/3 da foresta. Con todo, o elemento máis reseñábel da ocupación do territorio en Galiza é a importancia que teñen as superficies a matogueira, que superan unha quinta parte do mesmo (21%) e que se relaciona directamente cos procesos de abandono de terras ou dunha diminución drástica na intensidade da xestión das superficies agrícolas e tamén forestais.

Aínda sendo esta unha realidade común noutros países da periferia Europea, especialmente no Leste e Sur, a dimensión que acada na Galiza convérteo nun dos seus principais retos territoriais. Este proceso asóciase á marxinalización de importantes áreas do país, incluídas moitas superficies con boa aptitude agraria, e ó aumento de riscos ambientais entre os que destacan, polo seu impacto e virulencia, os grandes lumes, que xa non se chaman forestais senón territoriais. En resumo, segundo Ónega (2015), “a resultante destes procesos é unha situación paradoxal: mentres partes importantes do territorio con vocación agraria están en situación de abandono ou infrautilización, as explotacións galegas teñen, de media, unha dimensión aínda moi reducida en comparación coa contorna e, ademais, atopan dificultades para incrementar a súa dimensión”.

Un último elemento clave na cuestión do parcelario ten que ver coa perda de biodiversidade, entendida como “o número de poboacións e de especies distintas e diversidade xenética intraespecífica e de interaccións entre as especies e o seu contorno inmediato” (López González, 2010). Neste sentido, a evolución da paisaxe como a temos definido anteriormente e a preservación en Galiza desta biodiversidade non levan nos últimos tempos camiños paralelos. Pola contra, os cambios recentes das paisaxes tradicionais están a contribuír a unha notábel perda da biodiversidade de Galiza, tanto a nivel cualitativo como cuantitativo (López González, 2010). En efecto, os cambios a nivel socioeconómico, víronse acompañados da degradación, homoxeneización e fragmentación desas paisaxes, elementos que tamén contribuíron á perda de biodiversidade no rural galego.

En definitiva, son precisamente estes cambios estruturais, xunto coa especialización no sector lácteo fomentada pola política comunitaria e as transformacións forestais que levaron ao dominio absoluto dos cultivos monoespecíficos do piñeiro e o eucalipto, os que deron orixe á situación actual de perda crecente de diversidade paisaxística e, consecuentemente, á diminución da importante biodiversidade galega, consecuencia das súas privilexiadas características físicas. Na actualidade, a proliferación de prados e eucaliptais en boa parte de Galiza levou a unha crecente uniformización da paisaxe, da que só se salvan algúns dos

espazos naturais protexidos, baixo diferentes figuras de protección, que actúan como garantes da mantenza da calidade da nosa biodiversidade.

Imaxe 6.10.- Cambios na distribución territorial de usos en Galiza (1972-2005)


		1972	1989	2005	% de variación entre as datas extremas consideradas
Cambios no uso derivados da especialización láctea	Terras labradas (Ha.)	444.121	245.978	166.268	- 62'5%
	Prados e pasteiros (Ha.)	243.694	429.063	449.161	84'3%
		1972	1989	1999	
Mudanza da morfoloxía agraria	Nº de parcelas	7.363.641	5.445.081	4.717.093	-35'9%
		1972	1989	2005	
Descenso do nº de explotacións que levou a un continuo abandono	Nº de explotacións agrarias	385.832	358.886	91.813	- 76'2%
		1994	2000	2007	
Aumento da produción da madeira de eucalipto	Produción de eucalipto (m ³)	1.707.175	2.678.069	3.153.000	84'7%
			II Inventario Forestal Nacional (1986-1996)	III Inventario Forestal Nacional (1997-2007)	
Grande expansión dos eucaliptais	Superficie de masas puras de <i>Eucalyptus globulus</i> (Ha.)		39.500	178.000	350%

Fonte: López González, 2010

A substitución das superficies de labradío por prados e pasteiros, a incorporación de grandes superficies de mato ao uso forestal a través de plantacións de especies foráneas, que tamén substituíron nalgúns lugares ao bosque autóctono (cunha máis que cuestionábel política de repoboacións forestais), unha concentración parcelaria mal planificada e executada, que levou á desaparición dunha gran parte do arboredo que salpicaba os nosos campos, ademais da destrución das sebes, a intensificación produtiva, cunha crecente especialización, o abuso no uso de produtos químicos e o emprego de especies e sementes de dubidosa calidade xenética, son, entre outras, ameazas claras á biodiversidade. E tamén, á paisaxe.

Se a isto lle engadimos a contaminación da terra, das augas e do aire, a comercialización de produtos silvestres, a introdución de especies vexetais e animais exóticos, a fragmentación e destrución de hábitats, a canalización de ríos e destrución das súas ribeiras, a drenaxe de marismas e humidais, a construción de infraestruturas, e extensión do fenómeno de urbanización dispersa ou os incendios forestais, todos eles presentes tamén na mudanza da nosa paisaxe rural, o perigo para a nosa biodiversidade faise aínda máis palpábel (López González, 2010).

Imaxe 6.11.- Porcentaxe de superficie forestal, pasteiro e mato en Galiza (2015)



Fonte: elaborado por Marcos Pérez a partir do IGE, 2016


En resumo e por aportar datos da globalidade dos procesos que afectan ao parcelario, lémbrese que, na actualidade o 62% de Galicia é superficie forestal -arborizada, de pasteiro ou mato- e tan só o 23% corresponde a terras de cultivo ou prado, segundo os datos de 2015, publicados polo IGE. A distribución varía notablemente dunhas zonas do país a outras, destacando a preeminencia de terreos forestais nas serras orientais de Lugo, na Mariña, en boa parte da Dorsal Galega, no interior da provincia de Pontevedra e na maior parte da provincia de Ourense.

Pola súa banda, as terras de cultivo e os prados só son maioritarias en concellos como Toques ou Pontecesures, achegándose ao 50% en outros como Tomiño, A Peroxa, Oleiros, Tui e Salvaterra do Miño. Así, case na metade dos concellos galegos este uso representa menos do 20% da súa superficie. No mapa seguinte pódese apreciar como a súa presenza é máis importante en comarcas como a Terra Cha, a Ulloa, Arzúa-Melide, Bergantiños, Ordes e Terra de Soneira, o mesmo que na do Deza, A Limia e no sur da provincia de Lugo.

Complementariamente co anterior, e antes de pasar a outras cuestións, nos últimos anos está a emerxer unha problemática que devén de xeito directo co proceso de transformación dos usos agrarios e forestais. Estámonos a referir á influencia negativa que

sobre o patrimonio cultural (nomeadamente cos xacementos arqueolóxicos), exerce a proliferación masiva de plantacións forestais de crecemento rápido (eucaliptos inmersos na lóxica da súa produtividade empresarial). Esta destrución sistemática de bens patrimoniais, non exclusiva da industria madeireira (péñese nos efectos das grandes infraestruturas), e que está a ser denunciada por distintas organizacións sociais e tamén pola asociacións de profesionais da arqueoloxía, pódese inserir nun debate de maior calado aínda como é a organización da preservación administrativa do patrimonio cultural galego. Unha organización que carece de medios técnicos e recursos humanos e que sobrevive cun evidente déficit de información sobre os bens. Ademais, como acontece no caso da xestión territorial e urbanística, o corpo legislativo que a regula amosa feblezas que foron xa analizadas por diversos autores (Llana e Casal, 1999; Criado, 1999)

Imaxe 6.12.- Porcentaxe de cultivo e prado en Galiza (2015)



Fonte: elaborado por Marcos Pérez a partir do IGE, 2016



Outro dos procesos que garda relación intensa coa adaptación do territorio á lóxica de mercado, céntrase na cuestión do hábitat e da ocupación do solo por parte do tecido residencial. En concreto, semellan relevantes dúas particularidades: por unha banda, a diseminación de vivendas unifamiliares ao longo do territorio e, por outra, as patoloxías que afectan ás contrucións. Ambos os dous fenómenos hai que entendelos como exemplos da adaptación sinalada, dos novos modos de vida que trouxo consigo a sociedade postindustrial

sobre unha estrutura organizativa singular baseada na “querencia polo terruño” e o *laissez-faire* urbanístico.

Efectivamente, cando a partir de 1960 se comeza a ocupar con vivendas, parcelas que antes posuían unha elevada rendibilidade agrícola (terreos fértiles), facíase ben coa intención de capitalizar a renda agraria nun sector (o inmobiliario) de maior valor de cambio, ben polo interese de mellorar as condicións de vida da familia. Este proceso, que se apousetou nas décadas seguintes até a actualidade, fíxose en ausencia de control e sen figuras de planeamento que regulasen a edificabilidade nin os usos. De tal xeito, que as novas construcións asentábanse, con frecuencia, sen nin sequera ter os servizos básicos para a urbanización (electricidade, abastecemento e saneamento e outros).

Imaxe 6.13.- Evolución do tecido edificado en Cambre (1956-2010)







Fonte: elaboración propia a partir de Catastro e INE, 2016

Pero ademais, eran inexistentes os criterios urbanísticos que limitasen o aproveitamento ou as condicións construtivas. En consecuencia, atopamos edificacións que excedían con moito a cualificación de unifamiliar (todo isto sen facer desaparecer a vivenda orixinaria), con varias alturas, tipoloxía de edificación urbana e un baixo óptimo para a localización de diversas actividades; dende as asociadas á industria (por exemplo, garaxe de camiións ou almacéns), ao comercio ou, simplemente, como nave complementaria dos usos agrícolas da casa.

Este proceso lévase a cabo, por unha parte, rompendo co modelo de ocupación do territorio tradicional; isto é, a través de numeroso núcleos de pequeno tamaño de natureza compacta, e, por outra, sen existir unha lóxica común e racional, dando lugar así á coexistencia de edificacións de morfoloxía urbana, convivindo con solares-horta (á espera de seren desenvolvidos urbanisticamente), tanto en traseiras como en parcelas lindeiras. Cando con posterioridade, se van introducindo criterios de planeamento, a maioría dos mesmos, van ser criterios por arriba (establecendo o límite máximo) e, en calquera caso, non teñen en conta cuestións como as cesións ou a necesidade de compactación.

Imaxe 6.14.- Evolución do tecido edificado en Cerceda (1956-2010)



Fonte: elaboración propia a partir de Catastro e INE, 2016

Deste xeito, o escenario resultante é o dun universo produto da urbanización inducida, coa proliferación do que se poderían considerar “edificacións autistas”. Este tipo de construción de baixo máis catro que, á espera de ter continuidade, sobrevive ao tempo

amosando a traseira, ou no peor dos casos, amosando o oco do patio interior. Hoxe en día, existen imaxinativas solucións de “camuflaxe” en distintas vilas e cidades que superaron o modelo do letreiro publicitario e que tratan de paliar esta situación. Ademais, o resultado tamén se deixa notar na inexistencia de reparcelación, de sorte que os edificios asumen a forma da parcela (para levar ao límite o aproveitamento), por angulada ou rocambolesca (en termos mesmo de pendente) que fose a mesma.

Imaxe 6.15.- Paisaxe con “edificacións autistas” en Cerceda



Fonte: elaboración propia, 2016

Complementariamente, unha vez que entran os novos estándares de habitabilidade, que melloran cualitativamente as condicións de vida, tamén se establece unha orde de necesidades de investimento na edificación entre as que non se atopa, en ocasións, a estética. Xurde así o coñecido fenómeno do “feísmo” que deu lugar a diversos e intensos debates. Un concepto que non gusta á maioría de profesionais que reflexionan sobre o territorio pero que ten unha forza discursiva evidente. Casas sen rematar, “reciclaxe” de elementos (portas de ascensor, somieres, bañeiras, entre moitos outros e moi diversos), materiais industriais (uralita ou formigón), acabados surrealistas (cores, valados, portalóns) e, en suma, a mestura de todos eses trazos, dan lugar a ese novo imaxinario que emerxeu nos últimos decenios en Galiza e que aquí se pretende explicar pola inexistencia dese novo capital espacial fixo e do subseguinte proceso de adaptación.

Finalmente, neste non exhaustivo relato de procesos e fenómenos que contribúen a explicar a perda de complexidade do territorio en Galiza, aínda pode ser relevante o papel das

grandes infraestruturas¹²⁹. Semella correcto afirmar que constitúen o exemplo material da “aniquilación do espazo mediante o capital”, ben porque en si mesmas supoñen un “saco sen fondo” de investimentos (concentran os fluxos de capital), ben porque, unha vez rematadas, pasan a transformar a distancia nun elemento subsanábel a través da satisfacción dun custo (de tal xeito que se queremos chegar máis rápido –acurtar a distancia- vai ser máis caro).

Pero ademais, dende o punto de vista territorial, as infraestruturas –nomeadamente as viarias (ferrocarril e autovías) pero tamén as enerxéticas (parques eólicas, minas e centrais eléctricas) e as de telecomunicación (liñas de alta e media tensión, oleodutos ou antenas e repetidores), ademais de supoñer un claro exemplo de acumulación por desposesión, tenden a xerarquizar e segregar o espazo dun xeito radical. Deste xeito, non só confiren maior importancia aos lugares centrais do sistema (centralidades), concentrando alí os recursos (humanos e económicos), senón que contribúen a “desnaturalizar” as actividades humanas, transformando as lóxicas de reprodución social e intensificando as relacións de poder.

O resultado é que a cidadanía acaba por ser un suxeito “non cognoscente” do territorio. Dito doutro xeito, como as infraestruturas só outorgan importancia á centralidade, minusvaloran o itinerario -o percorrido-; con toda a riqueza que posúe. Pero ademais, o espazo convértese, entón, nun mero soporte dos fluxos e das relacións económicas, trasladando ás persoas un descoñecemento absoluto. En consecuencia, vale o exemplo de que un neno, hoxe en día, oríentase mellor nun centro comercial (espazo con menor complexidade, máis homoxéneo e fragmentado) que no monte (espazo con maior resiliencia).

En definitiva, todos estes procesos e fenómenos, que emerxen dun capital espacial fixo xerado que só serve para garantir o fluxo de capital, contribúen a unha dramática perda de complexidade do territorio, en termos de capacidade de sorpresa, de diversidade e de pluralidade de roles. Esta afirmación ten cando menos dúas bases sólidas. Por un lado, a perda de biodiversidade provocada polas agresións ao fráxil medio natural e pola transformación dos usos do solo (que pasaron do policultivo ao dominio do forraxe e do forestal), xunto co paulatino, e cada vez máis dramático, abandono de terras. Por outro, a construción dun territorio menos humanizado, non só como consecuencia do devalo demográfico (que dá lugar

¹²⁹ Vence (2005), ao calor do que foi o denominado “Plan Galicia”, lanzado tras a catástrofe do Prestige, realiza unha interesante análise do papel que xogan as infraestruturas no contexto do desenvolvemento económico. Para el, constitúen elementos que o neoliberalismo “vende” como instrumentos para o crecemento das sociedades e mesmo para a súa calidade democrática e para o seu nivel de benestar. En calquera caso, as infraestruturas non son en si mesmas un mal, e incluso son necesarias para o desprazamento de bens e persoas. O problema está na súa orientación (mesmo ideolóxica) e no obxectivo que perseguen. Neste sentido, Vence distingue entre aquelas que poden ser máis directamente produtivas (capital público produtivo) e outras que poden satisfacer necesidades sociais ou individuais pola vía do consumo (capital público social) e, en todo caso, non se debe esquecer que posúen “efectos externos de alcance espacial variábel dependendo de se son unidades singulares ou fan parte dunha rede” (Vence, 2005).

a un espazo desequilibrado e concentrado e máis simplificado en termos de ocupación), senón tamén como resultado do feble dinamismo das actividades económicas.

O colapso territorial entón xurde desta perda de complexidade do sistema e cumpre ademais con outro aspecto definitivo para admitir o termo. Semella correcto pensar que esta situación, que non se pretende ligar cunha visión apocalíptica, afecta xa ás condicións de vida das persoas no nivel residencial, laboral ou, mesmo socioeducativo e sanitario. Pero ademais, esta situación posúe un tazo de certa irreversibilidade. Retroceder no tempo ao momento no que o territorio era unha realidade lexíbel empregando o imaxinario tradicional resulta unha tarefa improbábel e inabordábel. Porén, existen alternativas e utopías que abren dende o local fendas e “espazos de esperanza”. Neste sentido, empregando as reflexións e ideas que deixou Jose Luis Sampedro, é posíbel (e seguro!, dicía el) iniciar a construción dun novo sistema territorial para volver a ser conscientes -como suxeito social e político- da espacialidade, pero dito proceso ou se leva a cabo con novas ferramentas e instrumentos ou será “misión imposible”.

6.4.- O colapso territorial e a cuestión urbana en Galiza

O peso relativo do fenómeno urbano na construción do relato do colapso obriga a un tratamento singular e particularizado do mesmo. As cidades e os ámbitos máis urbanizados do planeta, como espazos onde a concentración poboacional é máis intensa, constitúen, tal e como se ven explicando, os primeiros elementos do sistema en padecer as consecuencias dos procesos de escaseza de bens primarios a nivel local e global. Por tanto, cómpre analizar dito fenómeno no contexto territorial de Galiza, deténdonos nas súas características estruturais e comprendendo as súas lóxicas, tanto dende a súa xénese como o seu desenvolvemento histórico e a futuro.

Para iso, a obra –completísima- coordinada por Rubén C. Lois (xeógrafo) e Daniel Pino (sociólogo e urbanista) que leva por título *A Galicia Urbana* (Edicións Xerais, 2015), será de grande axuda. Ambos os dous, na conclusión dun traballo de máis de 700 páxinas que convocou a máis de 30 autores, pregúntanse se Galiza rexistrou un proceso de urbanización e, por tanto, se se pode considerar un país “hexemonicamente” urbano. Para eles a resposta é “afirmativa” e o argumentan con cifras, evidencias e ideas. Neste sentido sinalan que “Galicia é unha realidade urbana, cun indubidable peso das cidades na articulación territorial interna e cun rural moi transformado, que xa se define como periferia respecto ás áreas cidadás dominantes” (Lois e Pino, 2015). A base desta conclusión sitúana sobre catro trazos fundamentais, a saber: que as cidades e as áreas urbanas concentran a maior parte da poboación galega; que neses mesmos espazos existe unha localización moi maioritaria dos motores de xeración de riqueza (empresas e actividades) do país; que o territorio urbano

sufriu unha fonda transformación física para acoller unha imbricada rede de dotacións e servizos; e, finalmente, que no seu ámbito se reconece unha mudanza dos estilos de vida que seguen as pautas definidas pola Escola de Chicago (isto é, mobilidade, segmentación de roles, competitividade, secularización, posibilidade de mudanza social ou traballo asalariado) (Lois e Pino, 2015).

Porén, os coordinadores da obra aínda profundan na súa perspectiva, describindo a relación entre “dinámicas de acumulación capitalista e crecemento dos espazos construídos, os edificios e a rede viaria” no territorio galego. Neste sentido apuntan, partindo da idea tradicional do tránsito do valor de uso do solo ao de cambio, que “sen dúbida, un dos efectos máis clásicos da urbanización consistiu en desvalorizar a produción agraria de numerosos terreos, en desprezar a súa utilidade directamente produtiva, trocándoa por un interese monetario” (Lois e Pino, 2015). Deste xeito, esta dinámica determinou o desenvolvemento de circuítos de acumulación do capital en función de parámetros locacionais que xunto coa, ao seu ver, “xeneralización da práctica do planeamento”, se traduciu no que denominan a “artificialización do espazo” (Lois e Pino 2015). Neste proceso, no que incide de xeito directo a compoñente financeira da economía dende finais do século XX na procura de “elevados beneficios a curto prazo”, xogan un papel importante tres esferas moi determinadas: o marco legislativo, con apenas incidencia real no ámbito da ordenación do territorio e cuns instrumentos de planeamento que se limitaron a “acoutar os espazos, fixando liñas de expansión urbanas e establecendo o deseño da cidade do mañá” (Lois e Pino, 2015); o proceso de xudicialización da práctica urbanística, convertendo en case imposible a tramitación, exposición, aprobación e posterior xestión das figuras de planeamento; e, finalmente, a emerxencia dos actores privados como grandes dinamizadores do proceso material de urbanización que, con frecuencia, situou os intereses especulativos de grandes grupos financeiros, empresas, propietarios do solo (grandes e pequenos) e fortunas familiares, nun criterio de primeira orde.

Por tanto, nesta obra, que defende o rostro urbano de Galicia como motor hexemónico das lóxicas territoriais, preséntase o proceso de urbanización do país como unha cuestión de crecemento en termos tanto económicos como sociais, a pesar de que o seu desenvolvemento deu lugar a unha artificialización do espazo. Esta contradición aparente, non resta importancia a tese tradicional de que o urbano/cosmopolita supón riqueza e beneficio; ou sexa, posúe unha connotación case sempre en positivo, fronte a un rural/vilego-auténtico que suscita a idea do atraso tal e como reflicten cando sinalan que “sen dúbida, o rural xa se integrou na Galicia urbana, pero cun papel e unhas lóxicas internas completamente distintas daquel vello complexo agrario hexemónico que tan ben analizaron X. M. Beiras, J. García Fernández e o francés A. Bouhier” (Lois e Pino, 2015).

A contradición de fondo que, se cadra, recolle este tratado (que constitúe un dos de maior importancia na materia da historia das Ciencias Sociais en Galiza) é que ao tempo que recoñece que “sen dúbida, a urbanización (en Galiza) se rexistrou porque o sistema capitalista contemporáneo priorizou as cidades e os espazos urbanos como centros de actividade, xerou unha enorme cantidade de empregos e xustificou a revalorización conxunta do solo”; tamén asume que, nos termos da artificialización do espazo citada, supuxo unha importante “modificación das lóxicas territoriais orixinarias”, acentuada na época contemporánea (Lois e Pino, 2015). É dicir que a mudanza desas lóxicas territoriais de partida non deu lugar a outras igualmente “naturalizantes” (como o eran aquelas) das relacións sociais, senón que, ao entender dos autores, o resultado posúe unha compoñente artificial moi marcado.

Se cadra, pódese atopar algunha explicación para comprender o fondo de ambas lóxicas (urbanización do espazo como un produto artificial), nunha das cuestións centrais deste traballo sobre o colapso territorial: a incapacidade do sistema capitalista de xerar en Galiza un capital espacial fixo. O que si logrou foi adaptar as condicións materiais físicas do territorio ás necesidades do fluxos de capital, persoas e mercadorías (na procura de elevados beneficios a curto prazo). En caso contrario, no caso de que si lograra crealo, non falaríamos de artificialización do espazo, porque o resultado sería un modelo territorial equilibrado e coherente, que acollese no seu seo á complexidade e á diversidade, que fose lexíbel e naturalizante das relacións sociais, que recoñecese a identidade dos lugares e a riqueza do seu medio natural ou que non expulsara nin exterminara o seu principal elemento configurador e principal potencial: a especie humana.

Esta cuestión de relevancia mesmo aparece recollida na achega que Jesús M. González realiza na obra. Para el existen algunhas peculiaridades no proceso de urbanización en Galiza que o fan “sui géneris”. En primeiro lugar detecta un atraso que inflúe nunha menor taxa de poboación urbana en Galiza con respecto á media estatal na actualidade. Na súa opinión, este feito foi resultado dunha “incompleta e desigual industrialización no século XIX e boa parte do XX” que condicionou “un sistema urbano feble e cunha organización do espazo predominantemente rural” até a década de 1960 (González Pérez en Lois e Pino, 2015). De tal xeito que as transformacións a escala intraurbana, de acordo coas teorías e prácticas urbanísticas, tan só se poden detectar con certeza nas urbes máis dináminas da primeira metade do século pasado, isto é: Vigo, A Coruña e, en menor medida, Ferrol. A posterior incorporación da sociedade e economía galegas á lóxica de mercado, deu lugar á urbanización do territorio e a emerxencia da crise no rural. Deste xeito, foise configurando un sistema en desequilibrio entre un litoral atlántico urbanizado e un interior cun perfil máis rural pero tamén entre as cidades reitoras na actualidade (Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela, posteriormente) e o resto de urbes medias e pequenas. Pouco a pouco, o universo urbano de Galiza foise incorporando e adaptando aos procesos de crecemento urbano postfordista dando


lugar a novas tipoloxías e formas de crecemento (nomeadamente periurbanas coa urbanización difusa). Jesús M. González detecta aquí un fenómeno mediante o cal o modelo de cidade compacta “está claramente ameazada”, tanto nas grandes cidades como nas medias e pequenas, xa que “adoptan modelos de desenvolvemento urbano alleos á súa realidade socioterritorial” (González Pérez en Lois e Pino, 2015).

En calquera caso, o estudo deste traballo suscita, en relación coa teoría do colapso territorial, unha serie de cuestións que cómpre cando menos recoller para incorporalas á reflexión que contén *A Galicia Urbana*.

En primeiro lugar, a problemática do profundo desequilibrio territorial. Se ben é certo que as cidades supoñen os espazos que acollen a maior parte da poboación, se ampliamos a escala, pódese observar como esa elevada densidade demográfica concéntrase nunha pequena porcentaxe do territorio de Galiza. En concreto, recollendo datos publicados polo IGE no 2015 o 70% da poboación galega reside en menos de 60 concellos dos 315. Non obstante, esta concentración é, na realidade, aínda maior.

En datas recentes o Instituto Nacional de Estadística (INE) fixo públicas as súas táboas de poboación vinculada baseadas nas cifras do censo de poboación e vivendas de 2011. A través deste indicador, deseñado para "dispoñer dunha mellor estimación da carga real de poboación que soporta un municipio", o INE mide a coñecida popularmente como poboación flotante, isto é, as persoas que teñen ligazón cun concello porque fan a súa vida cotiá nel, xa sexa porque viven alí, porque traballan ou estudan dentro das súas lindes ou porque pasan nel períodos de tempo máis ou menos prolongados ou recorrentes, tales como vacacións ou moitas fins de semana. Esta análise indica que as sete principais cidades galegas son aínda máis grandes do que parecen.

Imaxe 6.16.- Peso da poboación residente e vinculada nas 7 cidades galegas.




Fonte: IGE, 2015

Atendendo ás cifras do censo as sete cidades sumaban en 2011 algo menos dun millón de habitantes. Porén, tendo en conta a poboación vinculada o número increméntase ata case chegar aos 1,4 millóns, o que implica que practicamente o 50% dos 2,8 millóns de persoas censadas en Galicia desenvolven a súa vida cotiá nalgunha delas, mentres que a outra metade se repartiría entre os 307 concellos restantes.

En termos absolutos o maior volume de persoas flotantes atópase en Vigo, que suma 77.937 ás 294.458 que recolle o seu censo. Non obstante, a cidade na que máis pesa a poboación vinculada é en Compostela. A taxa de vinculación -resultado de calcular a porcentaxe de poboación vinculada a respecto da residente- chega na capital galega ata o 176,95, toda vez que case duplica os seus habitantes se son tidas en conta as persoas que non residen pero fan vida alí. Os seus 94.614 son realmente 167.416, o que a converte na terceira cidade do país en poboación, só por tras de Vigo e da Coruña.

A segunda cidade na que máis pesa a poboación vinculada sobre o total é Pontevedra, con 40.000 persoas máis das 82.000 que reflicte o seu censo. A continuación sitúanse A Coruña (98.423), Ferrol (28.644), Ourense (40.842) e Lugo (30.632). A cidade na que menos pesa a poboación vinculada é, precisamente, a que máis ten en termos absolutos, Vigo. Tendo en conta estes datos a única cidade galega que ficaría por baixo das 100.000 persoas entre residentes e vinculadas sería Ferrol, cuxos 71.000 habitantes censados pasan a algo máis de 99.800 coa suma dos 'flotantes'.

Imaxe 6.17.- Estructura da poboación por grande grupos de idade das 7 cidades galegas (2015)




Fonte: IGE, 2015

Pero ademais, a potencia demográfica do universo urbano, considerándoa en estrito sentido, non ofrece moitas fortalezas nin oportunidades. A día de hoxe o recambio poboacional comeza a verse ameazado por unha natalidade menor que a mortalidade (segundo

o INE todas as cidades galegas ofrecen un crecemento vexetativo negativo). Por outra banda, asistimos a unha estrutura demográfica cada vez máis envellecida, onde a maioría da poboación está nos grupos de idade adulta e existen máis persoas maiores de 64 anos que menores de 16. Finalmente, hai que dicir que nos últimos decenios a idade media nas cidades galegas ascendeu un media de 6 anos pasando duns 40 anos en 1998 a máis de 45 no 2015. Fica claro entón que o músculo demográfico de Galiza atópase nos continxentes de poboación vinculada e nas áreas periurbanas das 7 grandes cidades, noemadamente de Vigo, A Coruña e Santiago, e non estritamente no seu seo.

Imaxe 6.18.- Idade media da poboación das 7 cidades galegas (2015)



Fonte: IGE, 2015


Ademais, a poboación galega escora cara ao litoral atlántico e ás cidades, deixando practicamente baleiro o resto do país. Así o veñen amosando as sucesivas edicións do censo e mais do padrón e así o acredita a análise que, parroquia a parroquia, realiza o Instituto Galego de Estatística sobre o grao de urbanización, unha variable definida por Eurostat en 2011, adaptada nese mesmo ano polo IGE á realidade parroquial galega e perfeccionada despois pola oficina estatística da UE. Destas melloras nace a nova clasificación, a GU 2016, que amosa un mapa do país no que o 6,2% do territorio acolle a concentración do 67,7% da poboación.

O IGE marcouse o reto de adaptar a nova metodoloxía europea ás "peculiaridades do asentamento poboacional" de Galicia. Para realizar o estudo dividiu o territorio en celas dun quilómetro cadrado que, cruzándoas cos datos censuais, dá lugar a tres grandes categorías: as zonas densamente poboadas (ZDP), isto é, as cidades; as zonas intermedias (ZIP), que se corresponden coas vilas e a súa contorna, e as zonas pouco poboadas (ZPP), áreas de poboación rurais.

A devandita cuadrícula de celas de 1 quilómetro cadrado, tirada do INE e a información de parroquias do Centro de Estudos do Territorio permitiulle ao IGE identificar os diversos tipos de "conglomerados" nos que se distribúe a poboación galega. Debúxase así un mapa no que as zonas densamente son as parroquias das sete cidades e as zonas intensamente poboadas, as contornas destas e, fóra delas, as áreas do Barbanza e do Salnés, O Morrazo, cinco localidades na Mariña lucense e, no interior, apenas unha decena de núcleos de poboación.

Así, en termos espaciais, se artella unha distribución poboacional no que as zonas densa e intensamente poboadas acollen en menos de 1.900 quilómetros cadrados a vida cotiá de practicamente 1,9 millóns de persoas, atendendo aos datos do censo máis recente, o de 2011. Mentres, nos restantes 27.700 quilómetros cadrados do territorio galego viven pouco máis de 890.000 persoas e, a maioría, en proceso de avellentamento.

Imaxe 6.19.- Mapa dos concellos de Galicia segundo o grao de urbanización (GU 2011)



Os novos datos achegados polo IGE supoñen unha nova achega que demostra o progresivo despoboamento do rural e, de xeito parello á perda xeral de poboación, a concentración da que fica en torno ao Eixo Atlántico. Practicamente a metade da poboación galega desenvolve xa, atendendo á información oficial máis recente, a súa vida ordinaria nas

sete cidades. A consecuencia deste proceso aparecen espazos cada vez amplos do país case ou totalmente despoboados, co que iso implica no contexto da perda de complexidade territorial e no tocante ao paulatino abandono de actividades económicas no rural. Un rural en crise, despoboado e avellentado, que abarca case a totalidade do país, incluíndo algunhas franxas do propio Eixo Atlántico. É dicir, o proceso urbano deu lugar a unha concentración dos efectivos demográficos que en termos espaciais reduce á mínima expresión a ocupación sobre o territorio, debuxando un modelo en desequilibrio extremo.

En segundo lugar, débese cuestionar a existencia nas cidades dos motores de concentración de riqueza, máis polas súas características que pola existencia mesma. Se se parte da base de que a economía galega se caracterizou nos últimos anos por unha perda de competitividade, o certo é que unha parte importante das actividades económicas xeradoras de emprego e de riqueza que hoxe se atopan no universo urbano, coinciden con aqueles sectores que menor valor engadido posúen. Pódese observar como van ser a hostalería e o comercio (en espazos urbanos onde a turistificación cobra unha importancia notábel, xunto coas grandes áreas comerciais), os principais “motores” económicos. Pola contra, tamén é identificábel unha perda paulatina da importancia dos centros de investigación (universidades), unha proliferación de empresas que non posúen a súa residencial fiscal en Galiza e que, en boa medida, están exentas de pagar o IBI, unha diminución da carga de traballo do escaso tecido industrial existente ou unha multiplicación do comercio franquiciado localizado en grandes áreas, xunto coa devalo do tecido do pequeno comercio.

Estas afirmacións poden ser comprobadas na aportación do xeógrafo Alejandro López González, co título de “O impacto da crise nas cidades galegas: o reaxuste do tecido produtivo” na obra dirixida por Lois e Pino (2015). Neste sentido este autor debuxa un “dramático cambio na paisaxe económica que (...) repercute nun pesimismo empresarial manifestado pola caída nas cifras de contratación rexistradas nas oficinas de emprego e, o que é máis revelador, da súa precarización, reflectida na caída xeralizada da taxa de indefinidos, na minguante creación de emprego ou na estabilización dos contratos temporais” (López González en Lois e Pino, 2015). No tocante á demografía empresarial, o autor sinala que se ten pasado dunha situación na que a natalidade superaba amplamente á mortalidade, a outra na que os crecetes peches de empresas pasan por riba dunha escasa creación de novas sociedades. Construción, industria e comercio experimentan taxas de crecemento negativas (en boa medida pola caída da demanda neta), mentres que segundo López González, outras grandes divisións do sector servizos (hostalería e servizos turísticos) “medran o suficiente para acelerar o proceso de terciarización das economías urbanas”, aínda que non son quen de paliar o descenso de emprego e de facturación das principais cidades do país.

Xunto con esta característica do proceso de urbanización en Galiza, resulta necesario salientar a natureza do fenómeno da mobilidade. En esencia, pódese aceptar que, na actualidade, é precisamente a accesibilidade e a mobilidade asociada, o elemento ou vector de organización do espazo. A redución dos tempos de desprazamento, do custo así como o aumento da frecuencia e da calidade dos sistemas de transporte (intermodalidade), constitúen os principais retos para unha Galiza urbana que asume o rural como unha periferia interconectada. En calquera caso, hai que lembrar que o automóbil privado segue a ser o medio máis empregado para a realización dos desprazamentos. Este feito repercute de xeito relevante no mantemento da “economía do petróleo” e fai descansar sobre as infraestruturas de comunicación viaria, a maior parte das preocupacións sobre o territorio (que se converte en soporte físico deses desprazamentos).


Porén, se se atende ao caso concreto das 3 cidades con maior poboación (incluída a vinculada) –Vigo, A Coruña e Santiago–, non será difícil identificar conflitos de saturación nos accesos, a consecuencia dos fluxos de mobilidade obrigada de base diaria. Este problema, que vai acabar converténdose nun dos principais retos do goberno das cidades e, ademais, o principal receptor de investimentos; só se traslada espacialmente a través de importantes actuacións de enxeñaría civil pero non se aborda dende políticas de mobilidade alternativa ao vehículo privado. Deste xeito, por poñer un exemplo concreto, en Compostela houbo quen pensaba que o problema da conxestión do tránsito rodado na rotonda da Galuresa (entrada sur da cidade), ía poder ser resolta coa construción dun túnel de elevados custos e execución complexa. Pois o que fixo finalmente, foi resolvelo en parte pero trasladando o conflito á rotonda anterior, á de Conxo. Entón, houbo que pensar que esa cuestión poderíase resolver con outro túnel, desta vez menos custoso e con menor dificultade na obra. O caso é que unha vez rematado, segue a existir un problema de conxestión para aquel fluxo que toma a dirección da estrada de Ourense e da AP-9, pero ademais, trasladou o problema á rotonda anterior, neste caso á do Milladoiro, onde leva anos contemplándose a construción dun periférico.

En definitiva, a mobilidade que hoxe se detecta nos ámbitos urbanos padece algúns conflitos relativos ao xeito de abordarse dende a xestión política. Ademais de non abrir ningunha vía para deixar de ser relevante no ámbito da “economía do petróleo”, estase a converter no principal epígrafe de gasto nos orzamentos. Como se verá máis adiante, todo ese investimento, na actualidade non está a provocar uns beneficios sociais en harmonía e, por tanto, está a transformar ese esforzo en absolutamente ineficiente.

En terceiro lugar, existen algunhas cuestións conflictivas relativas ao deseño urbano e á transformación física do territorio (á marxe do que xa se acaba de comentar). Neste sentido, o crecemento do feito urbano en Galiza, tal e como recollen Lois e Pino, posúe hoxe uns

lindeiros difusos entre os antigos núcleos e vilas rurais e os espazos de fronteira, que dan lugar a un continuo de edificacións que “se presenta como un dos atributos máis destacados de numerosas comarcas do país” (Lois e Pino, 2015). Ademais, se acudimos ás formas, ás tipoloxías e ás solucións arquitectónicas, pódese concluír que os vectores decisivos á hora de decidir o tipo de pavimento, o mobiliario urbano (luminarias, bancos, lixeiras, fontes), os atributos do espazo públicos (parques infantís e biosaludábeis), os peches das parcelas, os elementos estéticos dos edificios (xanelas, portas e cubertas) e outro tipo de cuestións de deseño, non dependen da regulamentación nin urbanística nin paisaxística (aínda que na actualidade estase comezando a traballar niso), senón que en esencia, responden a criterios empresariais (stock de materiais). Este feito xunto coa aposta polo fomento da construción como ferramenta de fomento económico, dá lugar a uns espazos urbanos cada vez con menos diferenza, máis homoxéneos, cunha baixa resiliencia e apenas serendipia. Centos de cidades medias e pequenas posúe no contexto peninsular, con poucas diferenzas, os mesmo bulevares, case idénticas sinaléticas urbanas, cascos históricos asimilados, centros comerciais xemelgos e periferias urbanas practicamente iguais.

Imaxe 6.20.- O deseño das cidades marítimas: Gijón, A Coruña, Santander e Sansebastián.



Fonte: elaboración propia, varios anos.


Complementariamente, a cidade en Galiza posúe unha serie de patoloxías de tipo social e urbanístico (tratadas xa en A Galicia Urbana) que convén non perder de vista. O fenómeno urbano conleva na actualidade problemas de pobreza e desigualdade social. En determinados enclaves (como Compostela) o acceso á vivenda convértese nunha barreira por mor dos elevados prezos que só é subsanábel a través do parque de infravivendas en réxime de aluguer (aínda existindo un censo considerábel de vivenda baleira). Os desafuzamentos acontecidos nos últimos tempos, neste sentido, xunto coa “dación en pagamento” como solución ao espolio hipotecario, constitúen un síntoma evidente desta problemática. Mentres tanto, en Vigo a elitización do centro e a expulsión dos efectivos de residentes tradicionais é outro elemento a considerar e que está a converter á xentificación nunha das loitas populares de maior impulso na cidade olívica. Pola súa banda, na Coruña, a concentración de grandes infraestruturas comerciais na periferia está a provocar unha crise do tecido do pequeno comercio da cidade. Esta aposta arriscada foi consecuencia do peche de espazos comerciais de recente creación que non puideron soportar a convivencia nunha área que posúe sobreoferta. E finalmente, os barrios populares (constituídos dende os arrabaldes) e os barrios xurdidos nos anos 1960 e 1970 de todas a cada unha das cidades galegas, sofren as consecuencias da aparición de novas centralidades e fican nun estado de deterioro social e urbano (Vite en Compostela, Recimil en Ferrol, O Couto en Ourense ou Palavea en A Coruña, por citar algúns exemplos).

Toda esta situación patolóxica de deterioro (que ten, por suposto, a súa interpretación positiva), contribúe de xeito definitivo para recoller de novo a Lei de Rendementos Decrecentes para establecer a seguinte hipótese: a urbanización en Galiza na actualidade precisa dun impulso importantísimo ao nivel dos investimentos para lograr un rendimento social relevante. Isto débese a que hoxe son tantos e tan complexos os retos que debe afrontar a cidade e a súa xestión que de non contar con investimentos sólidos a penas vai dar lugar a unha transformación notábel. Por exemplo, nos vindeiros anos, co Horizonte 2020, os concellos galegos van poder optar a fondos europeos bastante importantes. A Estratexia Urbana Sustentábel e Integradora (EDUSI) vai deixar 10 millóns de euros en Compostela ou Vigo e 5 millóns en Ribeira ou A Estrada. Despois deles poderán chegar máis fondos a través do Espazo Atlántico ou doutros programas relacionados co universo urbano. En calquera caso, eses instrumentos de financiamento, que, sen dúbida, darán lugar a proxectos de calado territorial e social, semellan que non van ser suficientes nuns espazos urbanos onde os gastos fixos en materia de persoal e de mantemento de servizos básicos, consumen boa parte dos recursos orzamentarios. Avanzarase con proxectos concretos en materia enerxética, relacionados coas TIC e a e-administración, formalizarán novas dotacións urbanas e avanzarase no acceso universal aos servizos, pero o beneficio colectivo a curto e medio prazo será dubidoso. O interrogante podería ser se non estaría mellor investir eses fondos en espazos

onde aínda os rendementos sociais podan ser de maior importancia por pouco que sexa o investimento.

En cuarto lugar, pódense establecer algunhas problemáticas relacionadas cos novos estilos de vida. Un deles, o relacionado coa mobilidade (dependente da economía do petróleo e do uso do vehículo privado), ten algúns trazos destacábeis no contexto urbano, alén dos efectos da conxestión de tráfico. En primeiro lugar, ampliouse de xeito moi contundente a relación xeográfica entre lugar de residencia e lugar de traballo. De tal xeito que se pode admitir que hoxe en día o lugar de traballo xa non significa un criterio definitivo para fixar o lugar de residencia. Serán outros (existencia de vivenda familiar, acceso a vivenda máis asequíbel ou sentimento identitario, entre outras cousas) os criterios que van definir esa relación. Pero ademais, o acceso a un vehículo privado xunto coa redución dos tempos de desprazamento (grazas a melloras das estradas e dos vehículos), está a cambiar o comportamento dalgúns grupos sociais. Por exemplo, os estudantes universitarios (nomeadamente en Compostela) que hai anos escollían vivir na cidade onde estudaban en réxime de alugueiro compartido, pouco a pouco van cambiando a tendencia, sobre todo se o seu lugar de residencia está dentro da grande área de influencia de Compostela que, aos poucos, se vai ampliando (como se verá no seguinte capítulo).

Imaxe 6.21.- Poboación ocupada de 16 e máis anos segundo a rama de actividade en Galiza




Fonte: elaboración propia a partir do IGE, 2015

No tocante a mundo do emprego, en ocasións vincúlase de modo acertado o estilo de vida urbano co emprego asalariado. Tal tipo de ocupacións laborais encádranse ao sector servizos, predominante nas setes grandes cidades e nas súas áreas de influencia. A Administración Pública, o sector sanitario e asistencia, o mundo educativo xunto co subsector comercial e hostaleiro, convértense nos principais grupos de emprego na Galicia urbana. As actividades privadas de tipo empresarial e o emprego autónomo, aínda posuíndo un peso relativo importante, non se achegan aos anteriores. Porén, o problema céntrase na tipoloxía

deses empregos. Se a comezos do século XX falabamos de teletraballo, hoxe a cuestión céntrase na temporalidade, nos “minijobs”, nos salarios minúsculos e nos contratos temporais e a tempo parcial. Traballo asalariado si, pero os sindicatos levan tempo denunciando que a creación deste tipo de emprego, nomeadamente nas cidades, é de baixa calidade e amosa unha importante temporalidade.

En calquera caso, o mundo dos estilos urbanos aínda posúe outras facianas. O certo é que a poboación das cidades adoita posuír un nivel de estudos elevado o que facilita a segmentación de roles e a posibilidade de mudanza social (Lois e Pino, 2015). Porén, esta cuestión adopta en Galiza un significado especial porque ademais dos circuítos culturais globais, na realidade territorial galega existe un trazo identitario de seu en canto a fala e industria cultural propia. Neste sentido, o Consello da Cultura Galega a través de sucesivos informes, o Valedor do Pobo e tamén organizacións como “Músicos ao Vivo” teñen salientado un retroceso no tocante aos hábitos e prácticas de consumo cultural propias. Pero ademais, o IGE ten publicado xunto coa Real Academia Galega e A Mesa pola Normalización Lingüística, que o número dos galego-falantes estase a reducir nas cidades de xeito dramático.

Imaxe 6.22.- Peso relativo da poboación galego-falante nas 7 cidades galegas.



Fonte: IGE, 2015

De tal xeito, dos datos publicados, tírase que Compostela é a urbe galega con maior peso da poboación que sempre fala galego, cun 44% do total. As seguintes son Ourense e Lugo, aínda que a máis de 10 puntos de distancia e aínda máis lonxe sitúase A Coruña, cun 16%, e Pontevedra e Vigo, ambas cun 15%. Atendendo a estes resultados a cidade máis desgaleguizada en termos idiomáticos é Ferrol, non só por amosar a menor porcentaxe de falantes habituais de lingua galega, un 12% do total, senón tamén porque é o espazo urbano no que máis veciñanza di non falar "nunca" galego, un 23% que a sitúa moi por riba da media galega. Tamén están por riba desa media do 11% as cidades da Coruña, Vigo, Pontevedra e

Lugo, mentres que quedan por baixo Ourense (11%) e Compostela (8%). Nas sete cidades o grupo de poboación máis numeroso é o que di falar galego "ás veces".

Todas estas cuestión problemáticas e patoloxías asociadas ao universo urbano de Galiza, dan lugar a unha perda de complexidade do sistema territorial. Se a situación de desequilibrio resulta evidente a tres escalas; rural-urbano, urbano-periurbano e litoral-interior, incrementando as dualidades, a consecuencia máis perversa destes procesos está na homoxeneización dos espazos, na redución da diferenza e, en definitiva, na perda de intensidade do "conflito" urbano. O resultado é que asistimos dende hai decenios á proliferación de "non lugares", á urbanalización, á brandificación e a turistificación como formas de adaptación das cidades á lóxica de mercado imposta polo sistema capitalista. No fondo o problema establécese en que pensamos as cidades para o visitantes máis que para os residentes, imaxinamos grandes investimentos con capacidade para atraer capitais e persoas (Cidade da Cultura) en detrimento de pequenas solucións que melloren a vida cotiá, tendemos a xerarquizar o espazo concentrando a actividade nas centralidades perdendo a conciencia global do territorio, creamos escenarios seguros sen asumir que o fenómeno urbano significa precisamente o contrario (a xestión do conflito) e construímos novos imaxinarios a través dunha lectura "de parte" do decorrer histórico perdendo a identidade do lugar e a riqueza das xentes.

Se cadra esta visión global resultante semella algo distante da realidade urbana de Galiza porque sobrevivimos no convencemento de que o país fica á marxe das dinámicas globais (aínda se respira ar limpo e nos alimentamos de produtos da horta). Porén, como se comprobará no capítulo seguinte, estes procesos levan presentes na sociedade galega dende hai algún tempo. Chegaron para quedarse e aos poucos estanse a converter en hexemónicos e irreversíbeis. Forman parte xa do colapso territorial.

7. PROXECTO URBANO E CAMBIO SOCIAL. DO COLAPSO A RECUPERACIÓN DA CIDADE

7.1.- Corpos urbanos enfermos: acumulación de capital, patoloxías urbanas e emancipación social

Podemos dicir para comenazar que existen -polo menos- dúas visións sobre a cidade que se estenderon nos últimos tempos a través das publicacións especializadas e, tamén, dos medios de comunicación. Ambas as visións constitúen puntos de inflexión no desenvolvemento dos estudos sobre os procesos urbanos e, ambas tamén, semellan vivir unha situación irreconciliábel entre a ortodoxia do método científico e a desposesión académica da experiencia intuitiva sobre a cidade. A vella discusión entre a artesanía e a tecnoloxía segue a día de hoxe vixente. Quizais debamos partir da base de que tecnócratas e planificadores urbanos esquecemos a miúdo quen vai habitar o espazo que ordenamos ou que procesos sociais van vertebrar o espazo que definimos.

Para a comunidade científica, dende a súa aparición, a cidade foi e é motivo de discusión, polémica e debate. Esta é a primeira das visións que debe ser comentada. Unha polémica da que os cidadáns de a pé non tomaron partido até que os métodos de participación apareceron en escena abandeirados pola socialdemocracia europea, sen demasiado éxito. A relación entre cultura urbana -o conxunto de xeitos de vivir en espazos urbanizados- e cultura urbanística -asociada á estruturación das territorialidades urbanas- foi cronicamente problemática. Manuel Delgado, no seu artigo “De la ciudad concebida a la ciudad practicada” (Arquipélago, 2004), insiste con énfase en que mentres os arquitectos urbanistas traballan a partir da pretensión de que determinan o sentido da cidade a través de dispositivos que queren dotar de coherencia a conxuntos espaciais altamente complexos, o labor do urbanista consiste en organizar a quimera política dunha cidade orgánica e tranquila, estabilizada ou, en calquera caso, “sometida a cambios amábeis e pertinentes, protexida pola obcecación dos seus habitantes por facer dela un escenario para o conflito, a salvo dos desasosegos que produce o real” (Delgado, 2004).

A opinión da cidadanía, dos habitantes sen poder de decisión (a pesar da súa participación electoral) é ben distinta. Para eles a cidade foi e segue a ser o lugar da práctica cotiá. O espazo no que se namoran e no que realizan as súas funcións sociais e tamén, a trincheira onde resisten á gambia da rúa, aos ruídos que provoca a noite, á contaminación, aos

malos olores, ás negligencias ou ao infradeseño torpe. Por iso, a cidade foi de sempre un escenario *de e para o* conflito. É admitido que os problemas de desigualdade social no uso e na propiedade do espazo urbano convertéronse nun tema controvertido e moi debatido –a posteriori- por todas as disciplinas das ciencias sociais. Dende as revoltas populares nos arrabaldes dos burgos medievais, pasando polos conflitos de clase rexistrados nas aglomeracións fabrís da cidade industrial até as actuais preocupacións de segregación social, especulación inmobiliaria ou incluso a excesiva elitización dalgunhas áreas; o fenómeno urbano ten protagonizado gran parte dos procesos de emancipación/opresión das clases pobres e desfavorecidas dende o nacemento da modernidade. En suma, pode definirse á cidade como un espazo de conflito.

Pero ao mesmo tempo, a cidade foi de sempre un escenario *para o* conflito. Nela tiveron lugar case todas as reclamacións populares que se lembran. Como centro de poder, o universo urbano xogou sempre un papel determinante no contexto da loita social e política. Se cadra, esta afirmación faise explícita no século XX e a medida que o sistema capitalista afina con maior precisión os seus instrumentos de control xeoestratéxico. Por iso, non resulta estraño que sexa precisamente na era tardocapitalista, cando a cidade aumenta xeometricamente a súa dimensión e incluso pasa a ocupar o denominado espazo ficticio, conseguindo unha esfera fractal, indeterminada e relativa.

En definitiva, semella que en ocasións, ao falar de cidade ou de procesos urbanos, a fraseoloxía e a narrativa dos estudos contemporáneos ofrecen poucas solucións para a dramática situación que padece gran parte da poboación mundial urbana. Toda a súa lóxica de relacións e dialécticas toman un aspecto frívolo. A entropía da cidade constitúe hoxe un trazo moi poderoso e pouco vulnerábel; proba disto son as múltiples doenzas e patoloxías que podemos identificar na actualidade: amnesias e alzheimers, bulimia e obesidade, psicoastenia e alcoholismo. Débese engadir que o doente tampouco resulta dócil e manso, senón que a rebeldía complexa que amosa nas súas formas caóticas convérteo nun obxecto caprichoso, revoltoso e de natureza psicótica, até o punto de ser o propio virus dela mesma.

O labor da maioría das utopías urbanas chamadas espaciais –aquelas que pretendían acceder a unha cidade sustentábel e xusta a través da modificación das súas estruturas espaciais, logo en relación co súa esfera estética- consistía en traballar sobre un espazo esencialmente representado ou concibido oposto ás formas de vida urbana. A súa pretensión era cambiar “o escuro por algo máis claro”, a súa obsesión consistía na lexibilidade do ambiente e das formas da cidade e a súa lóxica era a dunha “ideoloxía que se quere encarnar, que aspira a converterse en operacionalmente eficiente e lograr o milagre da intelixibilidade absoluta” (Delgado, 2004).

Non deixa de ser curioso que arquitectos e deseñadores, na súa “vocación demiúrxica”, se pensen así mesmos como executores dunha misión semidivina de impoñerlle ordes preestablecidas á natureza. A maioría das veces non existe nin o imprevisíbel nin o azaroso, tampouco o socialmente inútil. Simplemente se dá por boa a idea do crecemento ilimitado e do usufruto ilimitado do espazo urbano (Delgado, 2004).

O certo, por contra, é que cando un pon por primeira vez os pés en megacidades como México D.F., Tokio ou Hong-Kong cáese na conta de que todas as coordenadas espazo-temporais coas que medraches, que forman parte da túa natureza específica e do teu simbolismo adquirido, deixan de ser unha referencia fixa, para converterse nunha sensación de profundo desasosego. Un cúmulo de aromas, sensacións, miradas, persoas en tránsito, bonecos e bonecas enmascaradas, manufacturadas para a ocasión. Ao redor, inmensidade e caos, ou se cadra, só unha proba máis do funcionamento da entropía modernista con ganas de que a era postindustrial non acabe coa segunda lei da termodinámica. Tan grande pode chegar a ser o fenómeno urbano que nunca saberemos por que Le Corbusier –e tamén outros- tivo un soño para París. Quen nos seus cabais pensaría que existiría forma humana de poñelo en práctica? E no medio algunhas figuras insurxentes, sufridoras impertérritas da man invisíbel. Miles de edificios como depositados loitando por non vir abaixo. Camiñando polo universo “urMano”, a veces sen rumbo, outras encamiñado cun fin concreto, a maior parte das veces con dirección inexacta no limitado plano que se lle ofrece ao visitante. É de supoñer que John Urry tiña en conta a inmensidade destas cidades cando se propuxo identificar a ollada do turista. Naquela mata encantadora, un, síntese un nanoandroide no espazo. Algo similar ao que deben sentir os montañeiros cando coroan algún 8.000 ou os astronautas cando observan a Terra a través da xanela da nave. Todo fica relativo e indeterminado. E o único que parece real provoca ardor de estómago ou resaca (ao estilo de Nicolas Cage no filme “Leaving Las Vegas”).


As cidades sofren demasiadas malformacións, doenzas e patoloxías. Téñense convertido en verdadeiros corpos enfermos. Doentes con diagnósticos gravísimos, con cadros clínicos complexos e cuxa curación pasa por tratamentos demasiado arriscados, experimentais e custosos como para poñelos en práctica en enfermos en idade avanzada e con risco de non superalos. Como consecuencia, asistimos con frecuencia á vacina rudimentaria, ao remedio caseiro ou, no peor dos casos, aos cuidados paliativos. O virus do mundo urbano contemporáneo pasa en ocasións inadvertido ao ollo do visitante.

En efecto, tal e como sinala Naredo (2010), no marco da globalización, o obxectivo xeralizado do crecemento económico promove “a progresiva explotación e uso masivo da biosfera, a cortiza terrestre, a hidrosfera e a atmosfera, unidos á expansión de asentamentos e infraestruturas, a ritmos moi superiores ao do crecemento demográfico, que están a deixar

pegadas de deterioro territorial evidentes” (Naredo, 2010). Neste sentido, esta autor enmarca entre outras cuestións: a ocupación dos solos de mellor calidade agronómica para usos extractivos, urbano-industriais e implantación de infraestruturas, redución da superficie de bosques e outros ecosistemas naturais con gran diversidade biolóxica e interese paisaxístico, o avance da erosión, os incendios e a perda da cuberta vexetal, entre outras. Todos estes trazos avalan a consideración da especie humana como “patoloxía parasitaria” da biosfera que deteriora, simplifica e devora o complexo armazón de ecosistemas e paisaxes que “chegara a tecer a vida evolucionada na Terra”.

Esta afirmación, que ven a explicar en boa medida a situación do colapso territorial e urbano ao que se está a facer referencia neste estudo, supón unha analoxía entre as patoloxías parasitarias e o comportamento humano na terra e, para Naredo, convértese en isomorfismo cando se concreta esta comparación entre o modelo do melanoma e o da urbanización difusa hoxe imperante en boa parte do mundo urbanizado e do que Galiza non fica á marxe. Naredo cita a Hern (1990) –médico de profesión- para explicalo. Este, identificou unha forte analoxía entre as características que definen os procesos canceríxenos e a incidencia da especie humana sobre o territorio, enumerando as seguintes características das patoloxías canceríxenas: 1- crecemento rápido e incontrolado, 2- indiferenciación das células malignas, 3- metástase en diferentes lugares, 4- invasión e destrución dos tecidos adxacentes. Despois, analizou a relación destas características co reflexo do territorial das tendencias incontroladas do crecemento demográfico e económico, tendo en conta as súas consecuencias destrutivas sobre o patrimonio natural e cultural; a extensión dos modos de vida e de xestión indiferenciados; as metástases que xera a proxección do colonialismo dos Estados, primeiro, e das empresas transnacionais, despois, a través da globalización do comercio, das finanzas e dos media (Naredo, 2010). Para chegar a estas conclusións, Hern apoiouse nas similitudes observadas entre a evolución das manchas tumorais reflectidas nos escáneres e as que recolle a cartografía sobre a ocupación do territorio.

Imaxe 7.1.- Comparación entre unha imaxe tumoral e o crecemento da conurbación de Madrid (imaxe de satélite)



Fonte: elaboración propia a partir de recursos web, 2016.

Para Naredo, estas características ofrecen un paralelismo aínda máis concreto co modelo territorial, urbano e construtivo que se derivan do sistema económico dominante. Obsérvase o seguinte parágrafo (e trátase de trazar liñas de contacto co imaxinario do territorio galego contemporáneo):

“O noso país, pese a contar cunha demografía estábel ou en regresión, ofrece un exemplo modélico do *crecemento rápido e incontrolado* que xeralmente observa o actual modelo de urbanización, coas súas crecentes servidumes territoriais, por extracción de recursos, vertido de residuos e infraestruturas diversas. Ao que se unen os paralelos fenómenos de simplificación extractiva e contaminante dos sistemas agrarios ou abandono e ruderización do medio rural, co conseguinte deterioro do patrimonio natural observado na paisaxe. O trepidante crecemento da urbanización ven esporeado, máis alá da demografía, polo insaciábel afán de lucro de promotores e compradores, animado por un marco institucional que privilexia a adquisición de vivendas como investimento, que situou a noso país á cabeza de Europa en porcentaxe de vivendas secundarias e desocupadas” (Naredo, 2010).

Está preocupación “do virus da especulación inmobiliaria”, resulta constante na obra de Naredo entre o ano 2002 e 2006. De feito Naredo, Carpintero e Marcos (2002, 2004 e 2005) concluían que se estaba a construír un patrimonio inmobiliario sobredimensionado e de escasa calidade, e se estaba orixinando unha burbulla especulativa cuxas dimensións resultaban cada vez máis ameazantes. En paralelo, a ocupación territorial por usos urbano-industriais indirectos seguían, naquela altura, un ritmo expansivo moi superior ao da urbanización directa, contribuindo a situar o crecemento da ocupación total moi por enriba do crecemento demográfico. Velaquí unha lectura espacial premonitoria dun trazos máis relevantes do imaxinario do colapso territorial.

Cadro 7.1.- Analogía entre o melanoma e o actual modelo de urbanización difusa

MELANOMA	URBANIZACIÓN DIFUSA
1- crecemento rápido e incontrolado	1- desenvolvemento urbanístico movido por afáns de lucro ilimitados
2- indiferenciación das células malignas	2- envío de anacos da cidade ou infraestruturas a puntos afastados
3- metástase en diferentes lugares	3- unificación das tipoloxías construtivas
4- invasión e destrución dos tecidos adxacentes	4- destrución dos asentamentos tradicionais e de edificios preexistentes

Fonte: Elaboración propia a partir de Naredo, 2010

O resultado conxunto destas tendencias é a crecente esixencia directa en recursos naturais e territorio (e, por extensión, en xeración de residuos), que acentúan as servidumes indirectas que tal modelo comporta, unidas á evolución simplificadora e esquilante dos propios sistemas agrarios-extractivos, propiciando deste xeito unha perda de complexidade evidente no sistema territorial. Así, segundo Naredo, “o tamaño e a velocidade destas esixencias dan mostras dun comportamento que se revela globalmente degradante, ao

expandirse a maior taxa as servidumes territoriais indirecta que tal modelo comporta”, como son verteduras, actividades extractivas e infraestruturas diversas, que se inclúen baixo a denominación de sistemas xerais (Naredo, 2010). En definitiva, todos estes procesos están a producir, dende esta óptica, un “cambio de fase” no modelo territorial. Esta mudanza fica recollida na seguinte cita de Margalef (2005): “estase a pasar dun mar de ruralidade ou natureza pouco intervida con algúns illotes urbanos, cara un mar metropolitano con enclaves de campo ou natureza cuxo deterioro se trata, en ocasións, de protexer da patoloxía en curso, coa dobre incidencia degradante non só dos sistemas urbanos senón tamén dos sistema agrario-extractivos”.

Mais Naredo aínda identifica outro tipo de conflito espacial sobrevido do modo de acumulación económico capitalista que cómpre ter en conta. Trátase do que denomina as patoloxías competitivas, que “xorden cando o enfrontamento se impón á cooperación e a extracción depredadora á produción renovábel” (Naredo, 2010). Este tipo de doenzas parten da base de que o metabolismo das sociedades industriais e postindustriais caracterízase por non pechar os ciclos materiais e por simplificar ou deteriorar drasticamente a diversidade propia dos ecosistemas naturais para aumentar as extraccións de determinados produtos. Noutras palabras, se se pode admitir que o metabolismo da biosfera pecha o ciclo material, grazas aos procesos de simbiose e reciclaxe que requiren un elevado grado de diversidade biolóxica, as civilizacións que teñen á especie humana na súa cúspide piramidal de depredación planetaria fican rexidas polo principio da competitividade na vida económica. Deste xeito, o instrumental económico non só reduce a toma de información a unha única dimensión, a monetaria, senón que tan só rexistra o custo de extracción e manexo dos recursos naturais, pero non o de reposición, favorecendo así, o crecente deterioro do patrimonio natural (e cultural asociado), que non se ten en consideración no proceso cuantificador. Para Naredo, os froitos desta regra de valoración resgada son “o crecente abastecemento do metabolismo económico con cargo á extracción de recursos da cortiza terrestre e o esquilmo dos derivados da fotosíntese, que vai en detrimento das verdadeiras producións renovábeis” (Naredo, 2010).

Neste sentido, a especie humana non só é quen de esquilmar os recursos naturais (flora e fauna), domesticándoos e producíndoos en cadea se fose necesario, senón que foi quen de estender até límites insospeitados os usos agrarios, urbano-industriais e extractivos, xunto coas infraestruturas e os medios de transporte (o que Naredo chama “servidumes territoriais indirectas” nunha sorte de solución espacial do capital). Naredo recorre á ecoloxía e a obra de Margalef (1992) para explicar esta cuestión co obxectivo de visualizar os efectos do modelo “depredador-presa” nas sociedades urbanizadas. Deste xeito, as asimetrías na xerarquía e capacidade de control que adoitan darse entre o depredador e a presa alcanzan, no caso da especie humana, non só un cambio de escala, senón tamén de dimensión, ao estender o obxecto das capturas ao conxunto dos recursos planetarios, dando pé a modelos territoriais

parasitarios e en colapso. Así, a polarización social e espacial vaise a dar nos distintos ámbitos, non só entre as cidades e o resto do territorio, senón dentro delas porque o modelo “depredador-presa” favorece a tendencia a ordenar o espazo diferenciando entre núcleos atraccións de capitais, poboación e recursos, e áreas de vertido, de apropiación e desposesión. É dicir, os grandes núcleos non só reciben fluxos netos de materiais e enerxía, senón que succionan igualmente tanto a poboación como o aforro dos territorios “presa” que van coincidir cos periféricos ou excéntricos¹³⁰. Por iso a polarización social e espacial chega a escindir tamén os patróns demográficos entre países, entre rexións e entre barrios ricos e pobres. Neste modelo crecentemente polarizado resulta cada vez máis difícil preservar a calidade do novo “mar metropolitano”, coas súas servidumes e infraestruturas, e tamén das áreas máis valoradas, que á súa vez se atopan cada vez máis segregadas e defendidas das bolsas de marxinación. Acentúanse así fronteiras dentro do propio medio urbano, entre “búnkeres” privilexiados (privadopías) e “guetos” marxinados. Conclúe Naredo que a polarización social avanza da man da segregación espacial (e viceversa), “ameazando con romper o espazo de vida colectivo, de liberdade, de apertura e de civismo que no seu día foi ou pretendeu ser a cidade” (Naredo, 2010).

En suma, o que se pretende trasladar coa idea das patoloxías competitivas é que as regras do xogo económico-financeiro reforzan unha orde territorial, despregada tanto a escala global como rexional e local, crecentemente polarizada en núcleos atraccións de recursos, capitais e poboación e áreas de abastecemento e vertedura. A nova ordenación metropolitana resultante resulta fértil en paradoxos, solapándose mercados globais e economías arquipélago, fenómenos de globalización e de exclusión socioeconómica ou de conexión e de fragmentación territorial. Xunto coa dramática consecuencia do desbocado proceso de urbanización difusa (máis ou menos planificada ou espontánea), co seu “mar de redes e servidumes” asociado, e os problemas ecolóxicos e sociais derivados, esta orde territorial polarizada e segregada, dá lugar a un deterioro do medio rural ligado á crise dos sistemas agrarios e os asentamentos tradicionais que convivían de xeito estábel co entorno. Como reacción a ese deterioro xorde unha política de “parques naturais e culturais”, tendentes a musealizar o espazo, que contribúe, en ocasións, non a revitalizar ou reconstruír, senón a desafiuar definitivamente ás persoas, aos núcleos rurais e aos sistemas agrarios tradicionais que mantiveran paisaxes humanizadas á vez que diversos, amábeis e produtivos (Naredo, 2010). Estes instrumentos de xestión, potencian o discurso anterior, rompendo os seculares equilibrios entre produtividade, diversidade, estabilidade que con mellor ou peor fortuna mantiñan os distintos sistemas agrarios no territorio, para substituílos por intervencións

¹³⁰ Deste xeito, os intercambios comerciais e financeiros explican que, ao igual que existe un fluxo de baixa entropía que vai dende a presa cara o depredador, obsérvase un fluxo semellante que vai dende o resto do mundo cara os países ricos. Así, pódese concluír que o desenvolvemento, como ideoloxía, funciona hoxe como un fenómeno posicional, no que os espazos ricos transcenden as posibilidades que lles brindan os seus aforros e recursos (dispoñíbeis a escala planetaria), pero esa lóxica non é posíbel xeneralizala a través de patróns de vida e de comportamento ao resto da poboación mundial (Naredo, 2010).

extractivas ou conservacionistas tan artificialmente forzadas e parcelarias que se revelan globalmente moito máis custosas, se temos en conta o custo espacial, ecolóxico e social e non só o económico. En definitiva, é posíbel observar unha “pinza de deterioro territorial” que parte á vez das incidencias e servidumes do modelo de urbanización imperante e da propia evolución dos sistemas e asentamentos rurais, que a política de conservación de espazos e especies non pode resolver. Todo isto, para Naredo, non fai máis que engordar un indicador que marca a decadencia e o colapso dun sistema: “é a fracción cada vez maior de recursos que reclaman as funcións (e infraestruturas) de transporte, xestión, servizos meramente defensivos e de control administrativo, ideolóxico e policial-militar, á vez que se reduce a fracción de recursos que se plasma en verdadeiras ganancias de información ou de gozo da vida” (Naredo 2010).

Pola súa banda, o arquitecto Juan Díez del Corral (2004) sinala tamén, algunhas doenzas da epiderme estética da cidade na actualidade. As enormes paredes de formigón dun cruce urbano a dous niveis, a mancada ruptura do plano horizontal dunha gran avenida para embocar aos pasos subterráneos, os sinistros espazos que xeran os pasos elevados das autoestradas, os xigantescos cortes nas montañas ou os imponentes noiros sobre os vales e chairas. Semella que estes elementos supoñen máis nada que actores secundarios alleos ás formas e ás olladas, e por tanto tamén alleos á cultura urbana. O infradiseño das superestruturas urbanas (viarias, por exemplo) supón unha excesiva contaminación visual e no fondo agride a natureza propia da nosa experiencia na cidade vivida.

Como determinar, entón, os límites da cidade actual? Até onde chegan as súas formas, os seus tecidos ou as súas redes? Resulta complicado contestar a estas cuestións aínda que decidamos deixar á marxe as visións da cidade postindustrial cos seus matices intanxibles. O certo é que os lindes das actuais rexións urbanas son imposíbeis de definir. No caso de Tokio desde a baía no extremo oriental até as zonas montañosas de Kanto (o que se denomina Tokio-to) a cidade esténdese sobre 65 km. Isto tradúcese na sensación dun auténtico todo “continuum” urbano. México DF, expándese e contráese, convulsiónase e alcanza perto de 80 km. Por iso, este aspecto de sagacidade expansiva, “o seu apetito canino” –poderíase dicir– converte, hoxe en día, a moitas cidades en doentes afectados pola *bulimia*. E non podemos falar unicamente de megacidades; este mal afecta tamén, na súa escala a cidades intermedias do ámbito peninsular.

As complicacións deste tipo de doenza adoitan vir da man dos desequilibrios na alimentación a través de complexas manifestacións psicolóxicas. E é que, a pesar da súa voracidade e do seu excesivo tamaño, as cidades de hoxe son febles e fráxiles. Esta ilusión óptica da que viven maniféstase a través da *psicoastenía*. Consiste fundamentalmente nunha distorsión da realidade consecuencia dun cúmulo de escenificacións persoais que provoca que

as cidades se atopan sen forzas, fráxiles. Por iso a consecuencia é que se produzan procesos de fagotización urbana, xerando acumulacións de capital humano por encima dos 42 millóns de habitantes no caso do gran eixo Tokio-Yokohama.

Habitualmente, a bulimia adoita ir acompañada do proceso inverso e complementario: a *anorexia*. Desde o punto de vista urbano, esta doenza manifestaríase a través da creación de finísimos tecidos que actuarían como disuasorios e vías de escape das acumulacións esaxeradas que provoca a bulimia. Fronte á ausencia de rañaceos de cidades como Los Ángeles, onde nos podemos atopar unha altura media contida de entre seis e quince plantas (debido ao perigo sísmico), cunha paisaxe urbana de edificios encaixados que non deixa lugar ao espazo público, en Tokio constrúense os seus imponentes edificios en solares sempre inferiores a 100m² e mesmo de 20m².

Outro tanto acontece coa *amnesia*, entendida como o proceso mediante o cal unha cidade deixa ser o que foi, perde a súa identidade, desaparece e aparece como por encantamento. Hoxe en día as cidades son borradas varias veces do mapa e volven ser colocadas no mesmo cerco pero con diferente aspecto. É a mesma cidade pero o sangue que corre polas súas veas é outra. Tampouco é mellor ou peor, simplemente é distinta e, en todo caso, ofrece un absoluto desprezo pola súa anatomía anterior case vítima e consecuencia do sopor e do aburrimiento. Subsiste pois o temor de quedar relegada na carreira pola innovación e a sorpresa. Isto fai supoñer que non existen lazos sociais que poidan resistir a estes procesos e daquela os vínculos humanos son derrotados pola individualización da sociedade e a competitividade sagaz dos mercados (Díez del Corral, 2004).

Existe un último conflito/doenza destacábel. Trátase do concepto de *hiperdensidade*. Obviamente, a hiperdensidade non supón unha doenza por si mesma, senón máis ben un agravante. É dicir, empeora a baixa calidade de vida do corpo urbano enfermo. Pódese recorrer para iso ao testemuño de Roman Cybrisky, profesor de Xeografía e Estudos Urbanos na Universidade de California:

“Un tren chega á plataforma tan ategada que as caras vense presionadas contra o vidro interior das portas corredías, e os extremos de abrigos e mochilas que non couberon sobresaen polas fendas. Varios centos, ou máis, dos teus veciños están a esperar para abordalo. Amontóanse na plataforma, moi longo para axustarse á lonxitude dun tren de nove ou dez vagóns, e vanse arremuiñando en grupos de vinte ou máis cada poucos metros onde unha porta vai abrir. O tren detense, as portas deslízanse, e practicamente ninguén se baixa! Case todos, van ao mesmo lugar que ti: ao centro de Tokio. Nos poucos segundos durante os que o tren para, ti e outra vintena de novos viaxeiros empurran cara a dentro, por detrás para non darse de fronte con ninguén directamente, forzando aos que están de pé xunto á porta un pouco cara a adiante” (Cybrisky, 1991).

Entón, a configuración territorial das nosas cidades escápase do entendemento dos individuos complicando a xestión dos recursos e dificultando a análise da lóxica espazo-temporal do funcionamento do sistema. Recoñécense fenómenos sociais perversos que teñen lugar no noso espazo vivido. Philip K. Dick, utiliza o termo *kipple*, para facer referencia ao lixo físico e, ao mesmo tempo, emocional e psíquico que se acumula nas nosas vidas e fogares até case asfixiarnos (Jameson, 2003).

Pola súa banda, Ulrich Beck, continuando coa súa consagrada narrativa do risco, establece unha sorprendente visión acerca das patoloxías urbanas na modernidade reflexiva. O punto de partida sitúao na evidencia -ademais de lugar común- de que a principal doenza é a propia integridade humana, en canto agresiva, devastadora e invasora conciencia de supervivencia nun medio hostil e competitivo. O capital como produto social habita no máis profundo da esencia da humanidade. O sistema capitalista pois, é o campo de cultivo de todas as demais bacterias prexudiciais. A primeira cuestión que pode levar a reflexionar é que a sociedade, a arquitectura, o urbanismo ou, nun sentido máis próximo á xeografía, o territorio, o espazo; a esfera diacrónica no seu conxunto sufriu unha perda de seguridade excepcional. A sensación adquirida de estabilidade que existía sobre estes conceptos durante a modernidade facíao pasar inadvertidos ou, polo menos, eran observados como cuestións normais (mesmo se entendía que podían ser construídos artesanalmente ou comprendidos dunha maneira moi rudimentaria).

Tras a crise de hiperacumulación da década de 1970, detectouse unha profunda mutación na condición e natureza de moitos destes conceptos, e razoabelmente a deriva de respostas detectada levou a converter, no mellor dos casos, a estas prácticas científicas en complicadas plataformas con sofisticadas instrumentacións para manexar conceptos tan abstractos como incompresíbeis. Noutras palabras: “a fractalidade homoxénea das argumentacións confúndese co estado vaporoso dunha realidade ficticia ou da ausencia obxectiva de materialidade (Jameson, 2003).

Neste sentido, o conservadurismo reaccionario que seguiu a determinadas posturas conformistas e acríticas do postmodernismo, terminou por converter ás nosas cidades en verdadeiros obxectos de decisión e de poder. Pódese falar plenamente de politización nun sentido moi concreto, conferíndolle un imaxinario de “loita de clases” no seu interior, co obxectivo último de conquistar e dominar o espazo propio das finanzas e da seguridade. Outrosí, todas e cada unha das coordenadas que estabilizaban dalgunha maneira a civilización na era industrial (a diferenza, a fraternidade, a ilustración ou a liberdade) foron hoxe devastadas pola mesquindade da “guillotina capitalista” e converteu a cultura humana do territorio; ou ben nunha cuestión case incomprensíbel (os seres humanos pasamos a ser

suxeitos “non cognoscentes” do entorno e, por tanto, incapaces de ter un criterio autónomo de escolla); ou ben nunha serie de prácticas exclusivamente políticas (vinculadas á unha clase política de elites). Nesta primeira idea asenta Beck os seus temores sobre a existencia da “cidade do risco”¹³¹.

Efectivamente, a modernidade reflexiva introduce certos aspectos novos, non de todo claros na súa interpretación. Dende o punto de vista da cidade o que se suxire é que a nova sociedade postindustrial, con todas as súas ferramentas e soportes tecnolóxicos, achega unha serie de indefinicións caracterizadas e axustadas polo proceso de individualización reflexiva. É dicir, a visión do mundo urbano é agora múltiple e variada. Xa non é a vontade da comunidade social a que define os espazos senón a vontade individual de cada cidadán. Isto supón unha proliferación incrível de situacións case imposíbel de definir; en consecuencia, existirán tantos procesos urbanos como situacións e percepcións identifique cada un dos individuos que formen parte do sistema. A pregunta é: como ter en conta este novo carácter da cidade tan heteroxéneo como camaleónico nos procesos de planificación e rexeneración urbana?

Para Beck, coa modernidade reflexiva en urbanismo ábrese a posibilidade de destruír creativamente toda unha época; neste caso, a era industrial. E iso, ao seu xuízo, non implica para nada decadencia; senón un cambio na forma do social, para o cal deben desenvolverse novos campos de coñecementos adecuados a esa nova orde. Este proceso foi moi visíbel nas narrativas da ciencias sociais nas últimas décadas. Numerosos e destacados autores (David Harvey, Don Mitchell, Edward Soja, Doreen Massey ou Neil Smith), por exemplo, ocupáronse nos últimos tempos de explicarnos a necesidade de emitir un novo enfoque en xeografía. Pero non só eles, Manuel Castells e o propio Ulrich Beck en socioloxía; Giovanni Arrighi ou Alex Callinicos en economía; Fredrich Jameson en crítica cultural ou Rem Koolhaas e Norman Foster en arquitectura, tamén nos sinalaron as novas dimensións das distintas disciplinas.

Neste sentido, o estudo do funcionamento e da natureza do capital axúdanos a recoñecer novos comportamentos sociais e novas pautas en relación coa comprensión espazo-temporal. O proceso de produción de capital medra através da destrución creativa¹³², crea

¹³¹ Collen polo menos outras dúas cuestións polas que Beck insiste na súa formulación do concepto cidade do risco. Por unha banda, a idea de determinación que se pode aplicar ao propio termo. Trátase dunha inseguridade urbana calculábel e predefinida; asumida mesmo polos defensores do sistema; fronte á noción incalculábel e inexacta do concepto de “perigo”. Subsiste segundo Beck, certo optimismo, pois, baixo este concepto. Doutra, o autor suxire ter en conta a famosa mutación da modernidade simple á modernidade reflexiva; que non baleiraría de substancia a definición dunha posíbel cidade do risco, senón que máis ben existirían varias en función da experiencia, a mirada e a propia natureza de cada individuo (Beck, 2004).

¹³² A “destrución creativa” foi un concepto propio da concepción deseñadora de arquitectos e urbanistas da modernidade a principios do século XX. Para eles era preciso, en moitos casos, destruír aquilo que estivera mal construído para poñer orde e equilibrar vos espazos da cidade. Esta noción contribuía á súa noción totalizadora enmarcada dentro dous grandes modelos teóricos xerais de época.

novas aspiracións e necesidades, explota a capacidade de traballo e o desexo humano, transforma os espazos, acelera o ritmo de vida e produce problemas de hiperacumulación. Todos estes procesos constitúen a base da *nova xeografía* que David Harvey identifica e que se fundamenta na posmodernidade flexíbel fronte á modernidade fordista. É dicir, a importancia que adquiren os fenómenos estético-culturais e políticos, a partir dun cambio nos procesos de produción económica, pódense vincular ao comportamento e á natureza do capital. Por iso, cada vez máis áreas da vida cultural inclúense na lóxica da circulación do capital e do diñeiro porque o capitalismo é expansivo e imperialista, en termos xeográficos.

Por tanto, o que cadaquén desexaría para a súa cidade de orixe ou de pertenza (no caso de ter nacido nunha), consistiría en imaxinar e en reconstruír un tipo de cidade, totalmente afastado do que Harvey denomina en *Ciudades Rebeldes. Del derecho a la ciudad a la revolución urbana* (2013), “o repugnante caos procreado polo frenético capital urbanizador globalizado”. Pode que teña razón cando afirma que a cidade tradicional morreu, asasinada polo desenvolvemento capitalista desenfreado, vítima da súa necesidade insaciábel de dispor de capital sobre acumulado ávido de investimento nun crecemento urbano rápido e ilimitado sen importarlle cales sexan as posíbeis consecuencias sociais, ambientais ou políticas. En calquera caso, ese repugnante caos, deu lugar a alarmantes doenzas urbanas que á súa vez propiciaron a aparición de fendas polas que se alviscan alternativas de ruptura en forma de movementos sociais e veciñais; é dicir, que teñen xurdido principalmente das rúas e dos barrios das cidades enfermas.

O certo é que estamos ideolóxicamente e temporalmente moi lonxe das utopías espaciais da modernidade. Preteudese sinalar ao longo desta Tese de Doutoramento, como a transformación do modo de produción capitalista cara a modelos máis flexíbeis provoca a aparición de procesos perversos dentro das diferentes esferas da vida: a cultura, a sociedade, a política ou o ocio. Na actualidade, o fenómeno urbano fíxose evidente nas nosas vidas e fogares. A cidade converteuse no mellor laboratorio de probas e no escenario ideal para as pretensións de acumulación do sistema. Para moitos autores, como os citados, os resultados tanxíbeis desta evolución supuxeron unha situación caótica, crónica e crítica para as condicións de vida da maioría da poboación do planeta. Porén, neste momento o coñecemento científico debe amosar saídas para os conflitos que asolan á cidadanía; débese mostrar socialmente útil e contribuír a construír novas narrativas, antagónicas á nosa. Entón, cómo albiscar optimismo ou utopía no futuro desenvolvemento do fenómeno urbano, aínda recurriendo á *vontade gramsciana*, cando analizamos de vagar os efectos que desencadea o capitalismo feroz e brutal da globalización?

Máis se cadra, apostar exclusivamente polo coñecemento científico e a xestión política como vangarda e motor de mudanza, pode que sexa un erro historicamente repetido. O reto,

se cadra, pode que sexa outro e, probabelmente, garda relación con tecer un novo proxecto que non posúe poucos nin doados problemas (que suxeitos, que obxectivos, que mecanismos, que estratexias, que instrumentos). Existe unha tensión urbana de milleiros de movementos de persoas espallados polo planeta reclamando o seu dereito á cidade, mais “o problema político reside en como se poden autoorganizar e converterse nunha forza revolucionaria, grupos tan diversos, e parte da nosa tarefa consiste en entender as orixes e a natureza das súas queixas e reclamacións (Harvey, 2013). Mais reivindicar o dereito á cidade en si mesmo supón de feito reclamar un dereito a algo que xa non existe (ou como Harvey di, “se é que algunha vez existiu). En si mesmo, pode que sexa un significante baleiro, xa que por exemplo, as forza do capital, financeiros e promotores, poden reclamálo -e teñen todo o dereito a facelo- ao igual que os “sen teito” ou os “sen papeis”. Para Harvey, inevitabelmente débese afrontar a cuestión de que dereitos deben pevalecer, ao tempo que cómpre recoñecer aquilo que Marx sulñaba en O Capital: “entre dereitos iguais o que decide é a forza”; ou sexa, que a definición de dereito supón en si mesmo obxecto dunha loita que debe acompañar á loita por materializalo (Harvey, 2013).

Por tanto, enfróntanse estes retos, alén do marco ideolóxico, máis como unha cuestión de xestión entre actores e de proxecto urbano en termos sociais e políticos, que como un problema de planificación urbanística e deseño da cidade. Agora ben; que proxecto pode ter a cidade (en sentido amplo do termo) para fortalecer un relato de mudanza social a escala planetaria? Pois un que teña cando menos dúas ideas centrais: que o dereito a cidade non pode significar un fin en si mesmo, senón que debe ser considerado como chanzo intermedio ou vía propicia dun proceso máis ambicioso; e que a cidade segue a ser o escenario ideal como punta de lanza sempre e cando as preocupacións se centren en responder ás reclamacións da vida urbana e non aos desexos da acumulación capital. Harvey exprésao do seguinte xeito:

“Como Lefebvre sabía moi ben polo seu estudo da historia da Comuna de París, o socialismo ou o anarquismo (...), son proxectos imposíbeis de realizar nunha soa cidade. Para as forzas da reacción burguesa resulta demasiado doado rodeala, cortarlle as liñas de abastecemento e rendela de fame, cando non invadila e masacrar aos que se resistan (como aconteceu en París en 1871 ou en Madrid en 1939). Pero iso non significa que teñamos que darlle as costas como incubadora de ideas, ideais e movementos revolucionarios. Só cando a política urbana se concentre na produción e reprodución da vida urbana como proceso fundamental do que xorden impulsos revolucionarios, será posíbel emprender loitas anticapitalistas capaces de transformar radicalmente a vida cotiá. Só cando se entenda que quen constrúen e manteñen a vida urbana teñen un dereito primordial ao que se ten producido, e que unha das súas reivindicacións é o dereito inalienábel a axeitar a cidade aos seus desexos máis íntimos, chegaremos a unha política do urbano que teña sentido” (Harvey, 2013)

7.2.- O proxecto urbano de Compostela: o equilibrio dun oficio poliédrico

O estudo das cidades converteuse nun oficio poliédrico. Nelas mestúranse olladas, escalas, perspectivas, usos, actividades, percepcións, escenificacións, situacións, aromas, sensacións, aventuras, sorpresas e episodios tan diversos que fan do relato urbano unha auténtica amalgama de reflexos, en ocasións impenetrábel e hostil, en ocasións amigábel e accesíbel. Neste sentido, Compostela supón un exemplo paradigmático. Na súa condición de cidade histórica, (“monumental escenario pétreo”, que diría Xerardo Estévez), de lugar de peregrinaxe e de escena cultural, en combinación coa emerxencia dunha face de poder, administrativa e de servizos, posúe unha gran cantidade de virtudes e, tamén, unha lista considerábel de conflitos e patoloxías (por empregar a terminoloxía), que empobrecen a fortaleza das primeiras.

En “Morfología urbana y conflicto social”, Manuel Delgado (2006) sinala que a pretensión, que dende o deseño da cidade adoita defenderse, de que a constitución dende o proxecto dunha morfoloxía urbana determina de xeito automático a actividade social que se vai desenvolver no seu seo, resulta “inxenua e inxustificada”. Para el, “esa sorte de idealismo urbanístico” opera a partir da base de que a forma urbana supón unha especie de sistema conductista que orienta as actuacións humanas a partir de reflexos condicionados dos que a forza motriz é a disposición dos volumes arquitectónicos ou a distribución dos elementos dun espazo público. Por contra, as ciencias sociais teñen demostrado que quen ten sempre a “última palabra” acerca de para que serve e que significa un determinado lugar construído é a morfoloxía social. Admitindo isto, cómpre ao mesmo tempo precisar e recoñecer que as modelizacións urbanas, aínda que non causantes directas, si poderían actuar como “orientadoras” dos feitos que acontecen no seu seo. Esa postura, que establece na forma urbana un factor máis condicionante que determinante, sería coincidente coa de David Harvey, quen entendeu, a pesar de ser un dos máis severos críticos do ambientalismo máis mecanicista e das explicacións culturalistas en xeral, que os estímulos físicos procurados por un medio ambiente proxectado poderían desencadear certas pautas de comportamento ou canto menos predispor a elas, e que unha toma de postura por parte dun grupo humano podería á súa vez depender “dunha determinada configuración dos estímulos existentes nun determinado contexto urbano” (Harvey, 1977).

Deste xeito o que Delgado explica é que as cristalizacións urbanísticas non constitúen un factor neutro –ou neutralizador, como ás veces se insinúa na intención de certos urbanistas, de igual xeito que tampouco son, como se pretendería dende un materialismo naïf, o mero personaxe dobre dunha estrutura social dada. Resultan máis ben ser un factor activo nos mesmos procesos de apropiación de que son obxecto por parte dos habitantes –no caso dos entornos edificados- ou usuarios –no dos espazos públicos-. Así, existe unha modulación

espacial das conductas humanas que desminte que os escenarios sobre os que se desenvolve unha determinada acción vaian a limitarse a ser un transfondo inerte. Ao contrario, “o proscenio xoga un papel activo e tamén activador ou desactivador dos dramas sociais que se representan¹³³” (Delgado, 2006).

Esta cuestión é aplicábel ás diversas olladas e escalas que conforman o proxecto urbano. Olladas de cada un dos individuos e colectivos que compoñen o universo social da cidade e escalas no tocante ao plano de análise xeográfico e espacial. A cidade construída e o seu proxecto vai entón entretecendo grandes operacións de entronque rexional e de intervención paisaxística de amplas unidades, até a sofisticación e a sutileza do deseño de elementos de mobiliario urbano. É o conxunto, o sumatorio de todas as pezas, o que dotan de contido e de discurso á cidade; ou sexa cada unha das singularidades por separado non xustifican unha lectura coherente, por moita excelencia que agochen. Deste xeito, o proxecto urbano debe ter antes que máis uns obxectivos que, como se ten visto, para que teña sentido, debe responder aos intereses e ás reclamacións que conforman as xentes que nutren de vida á cidade antes que favorecer o fluxo de capitais e mercadorías. Esta realidade resulta, en ocasións, contradictoria en cuestións tan relevantes como o mobilidade, a vivenda ou o espazo público. Porén, o crucial é que o debate sobre estas temáticas estea protagonizado pola cidadanía que libremente decidía se prefire unha mobilidade que favoreza o tránsito en grandes contentores viarios, en detrimento dos desprazamentos peonís, en medios colectivos e de base diaria e de proximidade; unha política de rehabilitación de vivenda que favoreza a elitización e a segregación do espazo a través da atracción do investimento privado, en detrimento doutra que garanta o retorno das plusvalías xeradas en forma de beneficio social e espacial; ou unha xestión dos espazos baseada no control e na seguridade como fundamento da convivencia, en detrimento da diversidade, da mixicidade de usos e da riqueza de olladas como ferramenta para a integración.

Dotar de coherencia a un proxecto urbano non é tarefa doada, sobre todo cando existe tal confluencia de actores, demandas e identidades que fai case imposíbel o equilibrio. En calquera caso, a día de hoxe, máis alá da tarefa de planificación urbanística en sentido estricto, ponse de manifesto que a conciliación de todas esas olladas a través dun modelo propio pode que sexa a única vía para tecer precisamente esas voces que reclaman o seu

¹³³ No seu artigo, o que Manuel Delgado sinala a modo de exemplo, é que se ben os polígonos de vivendas dos anos 1950 e 1960 en España, coas súas pobres condicións materiais e construtivas (a pesar da súa importante aposta polo deseño urbano racionalista), provocaron -ou condicionaron- diversos procesos sociais ao longo dos decenios recentes, ese modelo de crecemento urbano albergou reclamacións populares e veciñais que non terían existido de non existir esa configuración urbana. É dicir, os polígonos de vivenda, que acollían polo xeral a grupos sociais de renda baixa, ofrecían unhas condicións de vida que se foron deteriorando até case a creación de “guetos” segregados espacialmente das áreas máis ricas da cidade. Ese feito foi estímulo para a emerxencia de diversas loitas sociais en barrios e cidades dormitorio. Cando o goberno das cidades quixo afrontar este conflito a partir dos anos 1990, fíxoo eliminando esas pezas urbanas que eran a fonte dos problemas, disipando así as fronteiras e as diferenzas e dando lugar a un modelo de cidade, paradoxalmente, máis homoxéneo, que garantizaba un comportamento social máis neutro (Delgado, 2006).

dereito a desenvolver a súa vida cotiá: a das xentes que madrugan e a das “aves nocturnas”, a do pequeno comercio e a do residente, a do turista e a do universitario, a do empresario e a dos sen teito, a dos nenos e a dos anciáns, a dos refuxiados e a das mulleres, a do colectivo LGTB e a das distintas crenzas relixiosas, a dos deportistas e a dos sendentarios, a do precariado e a dos funcionarios, en fin, a de toda amalgama de olladas diversas que nutren o proxecto urbano. Compostela e o seu modelo de cidade é, por tanto, un reto apaixonante, ao tempo que esquecido, ao longo do que levamos de século XXI.

7.2.1.- As distintas escalas da xestión política dunha diversidade de identidades


Tal confluencia de factores urbanos identitarios provoca anomalías nas cuestións estruturais da cidade (demografía, superficie, medio natural, morfoloxía), fai xurdir novos problemas espaciais (xentrificación, turistificación, banalización, infravivenda) e contribúe a agravar conflitos sociais, culturais e económicos (marxinalidade, segregación, homoxeneización). De todas estas cuestións, semella que o nexos común se encontra no principal reto que deben afrontar as cidades poliédricas na actualidade: a xestión política de tal diversidade de identidades. Unha xestión que implica o desenvolvemento de ferramentas e instrumentos de actuación de polo menos catro escalas superpostas que necesariamente precisan dun tratamento coordinado á vez que específico: a territorial, a de cidade, a das pezas urbanas e, finalmente, a universal (cognoscitiva).

O certo é que Compostela como Capital que aglutina boa parte da Administración Autonómica, como centro cultural e relixioso e como centralidade en si mesma de funcións e servizos urbanos, xera unha área de influencia que non é do todo coherente co comportamento interior do municipio. Neste sentido, posúe unha escala territorial que medra paseniño ao compás establecido pola aparición de novas infraestruturas de comunicación, grazas ao empuxe do seu feito metropolitano e pola crecente demanda de servizos por parte da cidadanía non estritamente local.

Así, Santiago de Compostela e os seus municipios adxacentes conforman, segundo as DOT unha “Área Urbana”. Esta figura define a aquelas configuracións socio-territoriais que, sen chegar ao nivel de Rexión Urbana (Vigo-Pontevedra e A Coruña-Ferrol), posúen suficiente complexidade urbana a nivel de fluxos e trama urbana para considerala unha única unidade funcional. Dito documento define da seguinte maneira a área Urbana de Santiago: “trátase da capital político-administrativa, ten un importante potencial de globalización e está situada no centro de gravidade das dúas principais rexións urbanas de Galiza e nunha posición xeográfica tamén moi central en relación ás áreas urbanas de Lugo e Ourense. Conforman unha área urbana en rápida expansión demográfica e cunha clara vocación residencial, aínda que o desenvolvemento empresarial está tamén conseguindo cotas elevadas. Desempeña ademais

unha forte centralidade no sistema de transporte galego, como nodo da rede de autovías, do ferrocarril e do sistema aeroportuario”.

Imaxe 7.2.- Área Urbana de Santiago de Compostela.



Fuente: Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, 2012

Dentro desta área funcional, as DOT recoñecen polo menos os municipios de Ames, Oroso, Teo, Boqueixón, Brión, Vedra e O Pino. O resultado nestes municipios foi un crecemento urbano moi rápido e pouco ordenado sobre uns espazos que, até hai pouco tempo, presentaban trazos tipicamente rurais, o que está a desvirtuar o carácter das periferias da capital, cunha crecente presenza de urbanización lineal seguindo as estradas e áreas intercaladas de urbanización difusa que se superpón ao disperso rural e crea problemas crecentes en canto á adecuación das infraestruturas, á baixa sustentabilidade e ao tratamento da imaxe urbana e da paisaxe. Esta circunstancia fai moi recomendábel, dende o punto de vista da gobernanza, que ditos concellos se agrupen de forma voluntaria para contribuír á planificación territorial conxunta da área urbana, na que se recollan os seus caracteres territoriais específicos e as súas necesidades de planificación e ordenación no tocante ás infraestruturas básicas, a servizos públicos municipais, rede de espazos verdes ou a transporte colectivo.

En realidade, a creación desta Área Urbana ou se se prefire, metropolitana, responde o proceso de desconcentración demográfica que se produce en Santiago desde principios dos anos 1990. Se se analiza a evolución da poboación nos municipios obxecto de estudo, é posible observar como entre 1991 e 2001, os efectivos en Santiago crecen case un 6%, mentres que en Ames (principal expoñente do proceso) fano nun 43,5% (chegando a case 18.000 habitantes). Teo pola súa banda crece nun 15% rozando os 15.000 habitantes. Este proceso non se detivo ata datas moi recentes, continuando durante os primeiros anos do século

XXI e só se viu debilitado cando os efectos da crise fixéronse evidentes no sector inmobiliario.

Cadro 7.2.- Comparativa da evolución demográfica na Área Urbana de Santiago de Compostela 1981-2014.

	1981	1991	%Δ	2001	%Δ	2007	%Δ	2011	%Δ	2014	%Δ
Oroso	3.657	3.779	3,23	5.512	31,44	6.554	15,90	7.174	8,64	7.400	3,05
Ames	9.527	10.011	4,83	17.737	43,56	24.553	27,76	28.852	14,90	29.975	3,75
Boqueixón	5.511	4.230	-30,28	4.266	0,84	4.437	3,85	4.430	-0,16	4.342	-2,03
Brión	6.790	6.375	-6,51	6.292	-1,32	7.087	11,22	7.462	5,03	7.519	0,76
Santiago de Compostela	82.404	87.807	6,15	93.381	5,97	93.712	0,35	95.207	1,57	95.800	0,62
Teo	11.071	12.607	12,18	14.894	15,36	17.441	14,60	18.266	4,52	18.254	-0,07

Fuente: IGE e Padrón de Habitantes.

Este crecemento exponencial da poboación periurbana de Santiago posúe moitos factores explicativos. As DOT suxiren que “as singulares características urbanas de Santiago de Compostela, que esixe condicións moi especiais ao desenvolvemento urbanístico”, provocou “un notábel proceso de densificación urbana supramunicipal, trasladando o crecemento aos municipios próximos á vez que a cidade central experimentaba un certo estancamento na súa poboación”. En efecto, o certo é que tras a aprobación en 1990 do seu PXOM, Santiago apenas reforzou o seu tecido residencial (que unicamente se viu desenvolvido co barrio das Fontiñas). O esforzo centrouse entón no discurso cultural como principal motor da competitividade rexional. Deste xeito, a cidade, aproveitando os grandes eventos como o Xacobeo 93, potenciou as infraestruturas culturais asinadas por arquitectos de reputación internacional o CGAC ou a Facultade de Ciencias da Información, Auditorio de Galicia, Parlamento de Galicia ou Palacio de Congresos e Exposicións. Xunto a iso, desde mediados dos 1990 óptase por reforzar o papel da cidade histórica aprobando en 1997 o Plan Especial do Centro Histórico, co claro obxectivo de preservar a súa riqueza patrimonial e manter o uso residencial cunha política de rehabilitación expansiva. Ademais, reconécese neste período unha clara preocupación pola sustentabilidade urbana, aumentando a superficie de parques e xardíns ou acometendo procesos de peonalización no centro histórico.


Con todo, as importantes reservas de solo residencial que existían no PXOM de 1990 non se desenvolveron até a chegada do século XXI. Para entón, o prezo da vivenda en Compostela era excesivamente alto (escasa oferta, intensa ocupación en aluguer, altos custos da rehabilitación, etc) para novos poboadores que atopaban traballo, sobre todo, na Administración ou para residentes de segunda ou terceira xeración que buscaban emanciparse. En paralelo a este proceso, os municipios próximos desenvolveron unha política urbanística diametralmente distinta. Ames, Teo e Oroso ofrecían vivenda nova a bo prezo nos seus sectores de solo urbanizábel, mesmo sen aplicar normativas urbanísticas. Os demandantes de

vivenda escolleron en boa medida esta oferta a poucos minutos de desprazamento diario que lles solucionaba o problema habitacional nunha contorna natural distinta ao urbano.

Iníciáanse entón unha serie de conflitos asociados. O fundamental é o problema da mobilidade de base diaria, nun contexto no que as infraestruturas de conexión terrestre posúen importantes déficits (aínda moi perceptíbeis hoxe en día). Ademais, o crecemento de núcleos como Bertamiráns, O Milladoiro, Tilos-Montouto-Cacheiras ou Sigüeiro, xunto coa proliferación de urbanizacións residenciais dispersas sobre o territorio, deron lugar a un intenso modelo de ocupación do solo que, ademais resultaba moi custoso e pouco sustentábel.

Cando a finais da década de 1990 o municipio de Santiago comeza a desenvolver as súas bolsas de solo residencial, aflora a necesidade de acometer uns sistemas viarios que soporten a presión de fluxos que xera a área urbana. A creación do periférico e outras medidas (cos túneles de Conxo e A Galuresa, a ampliación da AP-9, os corredores de desconxestionamento cara a Teo, as novas autovías cara a Noia e A Estrada), parece que aínda non son suficientes para solucionar esta problemática, e o peor é que non parece que haxa unha planificación detallada a curto/medio prazo no que a transporte colectivo refírese, nomeadamente a nivel ferroviario, que vaia máis aló da xestión dos autobuses urbanos e metropolitanos.

Imaxe 7.3.- Conexións Exteriores da Área Urbana de Santiago.



Fonte: Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, 2012

Por outra banda, o novo PXOM de Santiago de 2007, semella que non conseguiu frear o proceso de crecemento metropolitano. A pesar das novas bolsas de solo residencial (unidas ás que xa contemplaba a anterior PXOM) e dalgunha exitosa experiencia de oferta de vivenda

pública (e aínda coa crise existente), o prezo da vivenda non baixou substancialmente no municipio, o que implica dificultades para fixar poboación na cidade. Mentres tanto, os núcleos urbanos xerados seguen crescendo. Neles xorden problemas asociados moi localizados relativos a infraestruturas e servizos e, sobre todo, aínda é moi palpábel que a nova paisaxe de urbanización difusa xerada que posúe importante problemas relativos á conectividade e á interconexión de funcións e persoas.


O resultado, en síntese, é unha configuración territorial (considerando unha área urbana formada por Ames, Brión, Oroso, Teo e Santiago, e engadindo os datos de Boqueixón para realizar contraste cos demais dadas as súas características máis rurais) de 165.856 habitantes, mantendo certo equilibrio (cunha leve maior proporción de mulleres) entre ambos os xéneros. Santiago, como centralidade e aínda manténdose por baixo dos 100.000 habitantes, é quen maior volume achega, seguido por Ames con case 30.000 e Teo que se achega aos 20.000. Os municipios de Brión e Oroso establécense na contorna dos 10.000 habitantes, mentres que Boqueixón, como contraposición rural no sistema rolda os 5.000.

Cadro 7.3.- Estructura por idade e sexo da Área Urbana de Santiago de Compostela.

	<16					16-65					>65					TOTAL
	H	%	M	%	Total	H	%	M	%	Total	H	%	M	%	Total	
Ames	2953	9,9	2770	9,2	5723	10241	34,2	10875	36,3	21116	1311	4,4	1825	6,1	3136	29975
Boqueixón	256	5,9	276	6,4	532	1446	33,3	1353	31,2	2799	442	10,2	569	13,1	1011	4342
Brión	575	5,6	586	5,8	1161	2434	23,9	2443	24,0	4877	634	6,2	847	8,3	4147	10185
Oroso	640	8,8	638	8,7	1278	2572	35,2	2518	34,5	5090	456	6,2	476	6,5	932	7300
Teo	1426	7,8	1389	7,6	2815	6231	34,1	6187	33,9	12418	1305	7,1	1716	9,4	3021	18254
Santiago	6554	6,8	6247	6,5	12801	30275	31,6	33692	35,2	63967	7657	8,0	11375	11,9	19032	95800
TOTAL ÁREA	12404	7,5	11906	7,2	24310	53199	32,1	57068	34,4	110267	11805	7,1	16808	10,1	28613	165856

Fonte: IGE, 2013.

Imaxe 7.4.- Estructura por idade e sexo dos municipios de Ames, Boqueixón, Brión, Oroso e Teo.



Fonte: IGE, 2013.

A estrutura por idade e sexos ofrece unha composición con tendencia a que sexan os grupo de idade adulta os máis numerosos, con índices de envellecemento elevados en contornas rurais como Boqueixón ou no caso de Santiago, pero que ven suavizados por empuxe de natalidade que existe en Ames e Teo. Chama a atención neste sentido a importante cifra de maiores de 65 anos que nos atopamos en Brión, o que fai pensar que se trata dun municipio con clara vocación residencial.

Se se pon a atención noutros indicadores, o caso de Ames vai chamar especialmente a atención. Trátase do municipio da Área Urbana con menor media de idade, onde o saldo entre natalidade e mortalidade en 5 puntos favorable aos nacementos (feito que só se dá igualmente en Oroso don o saldo positivo é de 3 puntos). O seu índice de envellecemento (46,5‰) é case dous terzos máis baixo que o de Santiago (120,1‰), mentres que a taxa bruta de nupcialidade é a maior da área.

Cadro 7.4.- Outros indicadores demográficos da Área Urbana de Santiago de Compostela

	Ames	Boqueixón	Brión	Oroso	Teo	Santiago
Idade Media	38,2	45,9	43,6	40,1	42,1	44,1
Taxa bruta de natalidade (‰)	10,7	8,4	10	9,8	8,0	9,0
Taxa bruta de mortalidade (‰)	4,7	11,8	10,2	5,9	9,7	9,6
Índice de envellecemento	46,5	153,7	107,2	67,9	82,8	120,1
Idade media á maternidade	33	34,6	34,1	32,6	33,2	33,5
Número medio de fillos por muller	1,2	1,2	1,2	1,2	1,1	1,1
Taxa bruta de nupcialidade (‰)	5,4	4	2,8	2,9	3,4	3,7

Fonte: IGE, 2013.


As cifras máis discretas corresponden a Boqueixón, que como xa indicamos achega menor dinamismo ao sistema debido ao seu carácter máis rural. Se tomamos como referencia o índice de envellecemento, destaca que os 3 municipios de maior crecemento no proceso de desconcentración demográfica, son os únicos que baixan de 90‰ (Ames, Oroso e Teo). Pola súa banda Santiago achega maior volume demográfico pero cunhas cifras moderadas en canto ao saldo natalidade-mortalidade.

Para rematar con esta análise, se se realiza unha prospección a futuro poderemos ver algunha característica de como evolucionará a poboación. Segundo datos publicados polo Instituto Galego de Estatística, nas súas proxeccións demográficas, a comarca de Santiago terá en 2024, 194.327 habitantes. Noutras palabras, segundo o IGE a poboación incrementará o seu volume en 30.000 efectivos en cuestión de 10 anos. Se se repara na composición por sexo e idades da devandita proxección destacan as seguintes características:

- A esperanza de vida ao nacer aumentará, mostrando efectivos con 100 ou máis anos.

- A maior parte da poboación será adulta (maiores 40 anos).
- A distribución entre homes e mulleres seguirá tendendo ao equilibrio.
- A natalidade sufrirá unha caída dando lugar a unha base moi débil, con certa preeminencia dos homes.

Imaxe 7.5.- Pirámide de poboación da Área Urbana de Santiago de Compostela (Proxección ano 2024)




Fonte: IGE, 2013.

Por outra banda, se tomamos os datos agregados do número de vivendas totais previstas nos plans xerais da área de estudo, atopámonos cunha cifra de 61.607 vivendas. Se a cada unha desas vivendas asignámoslle 2,5 habitantes por fogar (sendo cautos), o número total ascendería a 154.017 novos habitantes. Diso pódese concluír que a pesar das previsións dos plans dos municipios, a realidade mostra unha tendencia á moderación demográfica e ao envellecemento.

Nunha apreciación final, pódese realizar unha reflexión sobre o papel que están a xogar (e poden xogar), as novas conexións exteriores no sistema territorial de Santiago. Aínda que é certo que o documento das DOT foi redactado entre 2005 e 2008, non o é menos que o remate dalgúns corredores abriu novas sinerxias en forma de fluxos que poden chegar a ampliar a área de influencia da Capital. O corredor a Noia, a autovía a Terra de Montes-A Estrada, a autovía do Barbanza e a autoestrada a Lalín, ampliaron a pegada urbana de Santiago e aos poucos pode chegar a xerarse unha auténtica Rexión Metropolitana Central, coa culminación da autovía a Lugo (deixando Arzúa e Melide con mellor conexión) e coa apertura de novas saídas da AP-9 en Sigüeiro-Oroso. Estamos a falar dun ámbito que uniría Compostela cos eixos Arzúa-Melide (leste), Silleda-Lalín (Surlleste), A Estrada-Cuntis (Sur), Padrón-Riveira (Suroeste), Noia-Muros ou Noia-Porto do Son (oeste) e Oroso-Ordes (Norte). Desta forma conformaríase unha segunda ou terceira coroa metropolitana, incorporando a

potencialidade de núcleos que as DOT considera indispensábeis no sistema de conexión urbana de Galicia.

Imaxe 7.6.- Esquema da configuración dunha hipotética Rexión Metropolitana Galiza-Centro




Fonte: elaboración propia, 2016

Ademais, a próxima culminación das liñas de ferrocarril de alta velocidade (TAV) con outras necesarias medidas relacionadas co transporte colectivo en orixe e destino, así como a posible reflexión que se poida realizar sobre o transporte ferroviario de proximidade (aproveitando por exemplo a liña Santiago-Vilagarcía), poderían conferir unha nova identidade e empuxe á Área Metropolitana de Santiago. O certo, como xa se sinalou, é que á influencia que xera Santiago a nivel metropolitano debe sumarse a lóxica rexional e internacional. Como centro administrativo, posúe unha notábel atracción no coñecido Eixo Atlántico, pero como centro de peregrinacións, esperta tamén sinerxias ao longo de rutas de miles de quilómetros. Por outra banda, o seu aeroporto internacional, xera á súa vez importantes fluxos de persoas e mercadorías, aínda que neste caso, a contorna próxima ofrece un escenario de gran competencia entre os aeroportos do noroeste peninsular (incluído Sá Carneiro-Porto).

Neste sentido, no tocante á mobilidade, o crecemento metropolitano da primeira coroa santiaguesa, xunto coa atracción xerada pola cidade como centro administrativo, xeran uns fluxos moi importantes que derivaron nos últimos anos en problemas de conxestión. O uso maioritario do vehículo privado, xunto cun déficit importante no comportamento dos sistemas viarios e a ausencia de planificación conxunta e integrada a nivel comarcal, foron factores de

notábel importancia para que os case 25.000 habitantes que cada día entran en Santiago por cuestións laborais, padezan problemas non só de circulación senón tamén de estacionamento.

Imaxe 7.7.- Fluxos de mobilidade da Área Urbana de Santiago de Compostela



Fonte: elaboración propia a partir do INE.

Por tanto, a mobilidade constitúe un dos máis importantes problemas a nivel metropolitano. Nel colisionan unha serie de problemas vinculados, en primeiro lugar, a unha cultura de mobilidade pouco sustentábel (baseada no uso maioritario do vehículo privado). A isto débese sumar a ausencia de mecanismos de planificación, como por exemplo, unha rede de aparcadoiros disuasorios de borde ou un Plan Integrado en materia de transportes (que incorpore a intermodalidade e os desprazamentos en destino), ademais do déficit en materia de infraestruturas (como viarias -carril bici, sendas peonís- ou ferroviarias -cercanías, tren lixeiro-). Tanto a confusión xerada por un PMUS inexistente ou, cando menos, de conclusións pouco eficientes, como a tardanza á hora de abordar a Estación Intermodal de Compostela, xunto con outras medidas de importancia que aínda non foron solucionadas (pensamos na imposibilidade de acceder camiñando ao núcleo de O Milladoiro dende Compostela e viceversa ou na ausencia case absoluta de carrís-bici na cidade ou as dificultades para atopar aparcadoiro no centro), supoñen exemplos da problemática que estamos a describir.

Deste xeito, agrándanse os tempos de desprazamento, o consumo de combustíbel e a emisión de gases efecto invernadoiro. Pero ademais, crease unha impresión de conxestión constante que se palpa tanto a nivel metropolitano como local (contorna Praza de Galicia). É certo que aos poucos se foron incorporando melloras especialmente no que incumbe ás

infraestruturas e a planificación do transporte colectivo mais, con todo, parece que esta cuestión merece unha reflexión máis ampla e pausada¹³⁴.

En efecto, Compostela non supón unha realidade socioespacial doada de gobernar. Conciliar puntos de vista distintos e intereses, ás veces, contraditorios, que se poden identificar co complexo tecido social e político da cidade e que actúan a diversas escalas en función do seu ámbito de actuación supón unhas tarefa que presenta moitos e moi importantes impedimentos e barreiras. Como viñemos sinalando ao longo desta análise, a cidade de Santiago de Compostela e o conxunto do termo municipal, non constitúe un espazo de simple estudo, senón, ao contrario, na súa natureza interveñen diversos e múltiples factores de modo combinado que contribúen a construír unha contorna complexa, diversa e que posúe numerosas lecturas.

Imaxe 7.8.- Diagrama de actores que operan en el marco competencial en Compostela.



Fuente: elaboración propia, 2016

O feito de que se trate dunha cidade histórica, onde os investimentos en xestión son máis custosos; que se trate da Capital da Comunidade Autónoma de Galicia; que se trate dun importante centro de atracción turístico e económico (na súa escala); que se trate dun lugar central no mapa rexional de servizos públicos (destacando o aeroportuario ou o sanitario); ou que se trate dun imaxinario urbano con repercusión internacional, confiren á cidade un significado a todas as escalas (do local ao global) de difícil xestión se só se teñen en conta os ámbitos competenciais locais. Desde a autonomía municipal, resultaría case imposible abordar algunhas cuestións que exceden a zona de influencia do local, xa que no seu

¹³⁴ Finalmente, resulta necesario facer mención ás limitacións de conexión que existen entre os núcleos máis urbanizados e poboados do sistema con aqueles centros de desenvolvemento económico con maior potencialidade, nomeadamente coas áreas empresariais, pero sobre todo co aeroporto internacional de Lavacolla. Neste sentido hai que lembrar que, segundo datos de AENA, trátase da principal instalación aeroportuaria de Galicia con 2.083.873 viaxeiros en 2014 e 2.095 toneladas de mercadoría.

conxunto, existen peculiaridades que constitúen pezas de intervención de interese público que corresponden a varios niveis competenciais.

A conservación da Catedral, do Casco Monumental ou dos Camiños de Santiago non podería abordarse unicamente desde o local, senón que deben intervir moitas outras capas institucionais, incluíndo aos actores privados (proprietarios, entidades financeiras, fundacións ou calquera outro). Deste xeito, en Compostela conviven unha serie de institucións que, cada unha no seu ámbito, colaboran en maior ou menor grao, na xestión do espazo da cidade no seu conxunto. Algunhas delas, como a Universidade ou a Igrexa actúan desde a escala local e participan na conservación, preservación, recuperación e mantemento de partes representativas do municipio.

Tamén, todo o complexo de institucións supramunicipais participa, ben ofrecendo recursos financeiros con partidas orzamentarias propias ou ben intervindo mediante a acción rehabilitadora edificios de gran valor arquitectónico (sedes institucionais da Xunta, a Deputación, Ministerios, etc). Do mesmo xeito, desde comezos dos anos 1990, a cidade edificou un verdadeiro marco de cooperación institucional, onde traballan en converxencia institucións locais con outras que superan este marco; conferindo novas cotas de decisión e achegando, nalgúns casos, instrumentacións orzamentarias propias con mecanismos de participación.

En consecuencia, a complexidade á que facemos referencia abórdase coa colaboración e cooperación de diversos axentes desde todos os niveis competenciais (A Coroa, o Estado, a Comunidade Autónoma e o Municipio). Cada un, incorporando un esforzo orzamentario, deixan a xestión última á titularidade municipal. Establécense así distintas problemáticas principais de actuación que incumben a materias que non é posible abordar desde o ámbito estritamente local. Emerxe deste xeito a figura do Real Padroado e do Consorcio de Santiago de Compostela (órgano executor), cuxo principal obxectivo é “promover e coordinar todas aquelas accións que deban realizar na cidade as administracións e entidades que o compoñen, dirixidas á preservación e revitalización do Patrimonio Cultural representado pola Cidade de Santiago, nos seus aspectos histórico-artísticos e arquitectónicos, á difusión dos valores europeístas e ao desenvolvemento e potenciación das actividades turísticas e culturais vencelladas ao itinerario xacobeo” (Costa Buján, 2015).


Así, na gobernanza do devandito armazón urbano, puxéronse de manifesto unha serie de cuestións problema. Entre elas podemos identificar os seguintes trazos competenciais:

- **Conservación do patrimonio histórico:** supón un dos temas clásicos da gobernabilidade dos centros e das cidades históricas como Santiago de Compostela. O

que se pretende é establecer un equilibrio lóxico entre as actuacións de protección e conservación do patrimonio arquitectónico, catalogado e con amplo valor artístico e cultural, e as políticas de rexeneración e renovación urbana.

- **Densidade social:** a heteroxeneidade social que nutre ás cidades tradicionalmente e convérteas en verdadeiros colectores de mestizaxe social, é outra das cuestións para resolver na actualidade. A influencia de sectores de poboación desfavorecida xunto con actividades principais de centros turísticos e funcionais onde a produción de imaxes e o márketing urbano conflúen como un activo fundamental, supón un novo marco de tensión en Santiago, onde unha arbitraxe seria e consensuada baseado en políticas de integración pode xogar un papel importante no deseño dos espazos públicos vividos. A iso hai que sumar a problemática xa abordada entre a poboación de feito e a de dereito.
- **Recuperación urbana:** aborda cuestións como o concepto de fronteira, a seguridade urbana e a calidade de vida, a vivenda e a preservación do uso residencial e a convivencia da cidade histórica co resto da cidade. Estes temas supoñen a centralidade da maioría das políticas urbanas en Santiago. En esencia, trátase de (re)pensar o papel propio da cidade e da súa xestión dende o ambiente local cara o contexto global do resto da área Metropolitana. Búscase, en primeiro lugar, equilibrar o conflito entre o funcionamento do público e do privado (buscando as sinerxias de cooperación), axilizando solucións para os problemas directos da cidadanía (dende a tramitación dos expedientes administrativos até a satisfacción de servizos urbanos básicos). Por outro lado, no nivel interno das pezas centrais que compoñen a cidade, trátase de suavizar a percepción da cidadanía entre o paso dunha cidade polifuncional (ensanche) cara a unha cidade tradicional e pouco vivida (améndoa), ou cara ás áreas de expansión periurbana (barrios).

Imaxe 7.9.- Esquema das principais cuestións-problema en Santiago de Compostela



Fonte: elaboración propia, 2016


- **Turismo:** neste apartado os grandes temas de xestión e retos de acción futura, a tratar polas políticas públicas céntranse na tematización (a creación dun imaxinario turístico urbano estritamente vinculado á “cidade santuario”, en detrimento da multiplicidade de olladas e a diversidade de propostas), a banalización (o empobrecemento da calidade do espazo da cidade dende a sinalética até o mobiliario e outras cuestións de índole estético que, no fondo, provocan problemas de interpretación), o monocultivo turístico (a emerxencia do uso hosteñeiro e hoteleiro como grande nicho de crecemento económico, paliado na actualidade cunha moratoria que ten delimitado parte da cidade como área saturada) ou a especialización comercial (nomeadamente de produtos de baixa calidade que responden a unha demanda global). Así e todo, existen outras problemáticas como a medición da calidade dos servizos turísticos (mesmo garantindo a legalidade dos mesmos e denunciando determinadas economías sumerxidas), o control dos prezos (co obxectivo de garantir o acceso e correxir algunhas derivas inflacionarias provocadas pola masificación e estacionalización), a diversificación (conseguir unha diversidade real de propostas, olladas e ofertas complementarias cun significado acorde á realidade da cidade) ou a implantación de novas tecnoloxías (no camiño da onda “smart”, a realidade aumentada e as canles de divulgación internacional) a favor da promoción turístico-económica das cidades históricas debe quedar protexida por marcos de actuación que reflexionen a partir do ben común e do público.
- **Mobilidade:** garantir os espazos públicos peonís, en converxencia coas necesidades dos usos residenciais e comerciais, é un dos grandes retos das cidades. De seu, estes espazos acollen grandes fluxos de mobilidade tanto rodada como do montón. Por iso, liderar campañas de uso racional do transporte e o tránsito particular pode converterse nunha peza crave para comprender os novos espazos urbanos. Ao mesmo tempo, un fin principal debe ser a axilidade nos desprazamentos. Para iso debemos contar con todos os medios, incluso o transporte persoal, se o seu emprego directo pode significar o desconxestionamento doutras áreas de aparente masificación na mobilidade.
- **Ambiente urbano:** por último, controlar os graves procesos de degradación e contaminación que as actividades humanas-urbanas (concentración demográfica, actividade urbano-industrial, mobilidade e tráfico) provocan e xeran no ambiente. A xestión dos RSU, a contaminación acústica e visual ou a localización de verteduras (gaseosos, líquidos e sólidos) no universo urbano das cidades debe centrar outro tipo de actuacións.

A composición social das cidades e os territorios, na actualidade, é cada vez máis complexa e diversa. Tradicionalmente, o padrón de habitantes e o censo retratábanos de maneira bastante exacta a estrutura socioeconómica dun ámbito concreto: lugar de residencia,

lugar de traballo e acceso a servizos eran un espazo coincidente. Con todo, as complexas construcións culturais, os novos modos de vida, o versátil e cambiante (en ocasións inaccesíbel) mercado inmobiliario, a creación de centralidades diversas e heteroxéneas entre outros factores, obrigan a que á hora de analizar os comportamentos das comunidades humanas realícense exercicios e ensaios “multicapa” nos que inciden numerosos matices, variábeis e causas.

Neste sentido, pódese analizar a composición social do municipio de Santiago de Compostela tendo en conta este complexo entramado de redes e de fluxos. Os actores que interveñen na estrutura do municipio son diversos; comezando polos residentes -tanto rurais como urbanos-; a numerosa achega de traballadores (tanto no sector público como no privado) que residen (sen aparecer nos censos) ou non na cidade (mobilidade laboral obrigada de base diaria), o complexo conxunto de comerciantes, hostaleiros e empresarios en xeral que abastecen de servizos tanto ao residente como ao traballador ou ao turista; a bolsa de estudantes universitarios -sempre importante en Compostela- ou o cada vez maior número de visitantes e turistas que acoden á cidade.

Imaxe 7.10.- Diagrama da composición social da cidade de Santiago de Compostela



Fonte: elaboración propia, 2016

A imaxe de Compostela como cidade aberta, capital cultural, centro de peregrinacións, espazo universal de encontro e convivencia, realidade universitaria e innovadora, dá lugar a unha interpretación que se axusta bastante á realidade, e que merece ser fomentada. Estes cinco grupos (residentes, traballadores, empresarios, universitarios e turistas), por tanto, compoñen o tecido social da cidade, e se entenden aquí, como non excluíntes¹³⁵:

- Por **residentes** entendemos aquelas persoas con residencia “fixa” en Santiago. É dicir, aquela poboación empadroada ou non, que vive e realiza as súas funcións vitais na cidade. As características globais da poboación de dereito ou empadroada pódense resumir do seguinte xeito: poboación por baixo do 100 mil habitantes con pequena preeminencia de mulleres, saldo vexetativo negativo, elevado índice de envellecemento, tamaño medio do fogar en diminución e, sobre todo, a detección dun importante desfasamento entre poboación de dereito e de feito. Este último feito vai ser unha constante a ter en conta no presente apartado.

En efecto, aínda que difícil de concretar, existe un número de persoas que viven en Santiago (a maior parte en réxime de aluguer), pero que non aparecen contabilizadas nas estatísticas poboacionais. Adoitan ser traballadores por conta allea con ocupacións temporais (mesmo de tempada vinculadas ao turismo). Tamén se dá o caso de persoas que, non ocupadas, trasladan a súa residencia á cidade por tratarse dun fenómeno urbano con gran capacidade de atracción.

Os residentes deben ser a maior e primeira preocupación da xestión pública dunha realidade social. Constitúen -eles e as súas actividades- o motor e a base sobre a que se asentán todas as demais esferas que compoñen a complexidade e diversidade urbana. Entre esas necesidades están, entre outras, as seguintes:


- Acceso á vivenda digna en condicións de calidade estandarizadas (confort climático, ascensores, eficiencia enerxética, etc).
- Accesibilidade universal e mobilidade fluída e sustentable
- Acceso aos servizos públicos e outros servizos terciarios
- Vías de participación cidadá e comunicación coa administración
- Seguridade cidadá e xestión ambiental (servizo de limpeza, recollida e tratamento de RSU, etc).

¹³⁵ Esta clasificación dos distintos actores que se poden identificar en Compostela, baséase no emprego do concepto de “espacialidade”. Dito termo constrúese en base a dúas ideas centrais; por una banda, o xeito de empregar o espazo que cada grupo posúe (confé ríndolle un significado) e, pola outra, na existencia dunha serie de ferramentas para a decisión e a xestión sobre o espazo. Por tanto, cando separamos aos empresarios dos traballadores, entendemos que existe unha diferenza clara entre os intereses de ambos os dous colectivos, que se fai explícita, por exemplo, nas actuacións dos sindicatos en resposta as iniciativas da “patronal”. En calquera caso, este esquema de análise posúe unha natureza “aberta”, no sentido en que pode servir para este estudo, pero non supón un intento de síntese global.

- Xestión democrática dos espazos públicos e uso e goce de zonas verdes de espaxemento.
- Establecer o número de **traballadores** -por conta allea ou propia- de calquera municipio é complexo. Existen algunhas trabas para acometer esa tarefa: traballo sumerxido, temporalidade, inexactitude das estatísticas, entre outras. Con todo, recorrendo ao Instituto Galego de Estatística, podemos aceptar que en Santiago existen 40.810 persoas ocupadas con lugar de afiliación á Seguridade Social no municipio. Isto non quere dicir que non haxa máis persoas traballando na cidade. Ao contrario, hai moito máis pero a súa alta estatística atópase no lugar no que figure a alta na Seguridade Social. Por tanto, é lóxico pensar que en Santiago traballan persoas que figuran nas estatísticas doutros lugares como Vigo, A Coruña, Madrid, etc. En conclusión, o número de traballadores que forman parte da composición social de Santiago excede con moito ao dato oficial e en todo caso é complicado sabelo con exactitude.

Por outra banda, sabemos que a Santiago vén moita xente para traballar tanto ao sector privado, pero sobre todo á administración. Tendo en conta só o sector público, estamos a falar duns 12.500 traballadores (Xunta, Deputación, Concello, Universidade, Policía, Xulgado, Facenda, etc). No seguinte cadro é posible observar o peso relativo de cada sector; Xunta, Sergas e Corpos de Seguridade do Estado son os máis importantes:

Imaxe 7.11.- Peso relativo das institucións do sector público no mercado de traballo de Santiago.



Fonte: INEGA, 2014


Ademais, sabemos que, segundo datos dunha explotación realizada “ad hoc” en 2008 da enquisa de mobilidade que contén o Censo de Poboación e Vivenda realizada polo INE, en Santiago o número de traballadores que “entran” a traballar ascende a 24.608.

Segundo un estudo do INEGA no que se estimaba o número de traballadores do sector público que proceden de fóra de Santiago de Compostela, é posible dicir, que dos case 12.500 traballadores sinalados, case a metade -6.143 persoas- procedía de fóra da cidade.

En conclusión, dos 24.608 traballadores que o INE sinalaba como procedentes dun municipio diferente de Santiago, algo máis de 6.000 traballarían no sector público e o resto -contorna aos 18.000- no sector privado.

- Durante o curso 2012-1013 houbo 23.835 **estudantes universitarios** matriculados na Universidade de Santiago de Compostela en titulacións de 1º e 2º ciclo, así como en Graos. Deles, 19.561, é dicir o 82%, cursaron os seus estudos no Campus de Santiago. Ademais, aos estudantes xa citados, hai que sumar outros 1.412 matriculados en titulacións oficiais de posgrao non interuniversitarias que tamén acudían aos centros universitarios da cidade. En total eran 20.973 estudantes. Como se aprecia na seguinte figura, aínda que o número de estudantes en Santiago segue sendo o máis importante dos campus existentes nas tres universidades galegas, o feito é que desde o curso 2010-2011 a tendencia no número de alumnos matriculados é negativa, supoñendo un descenso de case 2.000 persoas.

Imaxe 7.12.- Evolución del número de matrículas universitarias en el Campus de Santiago-USC.



Fonte: Xerencia USC, 2014

Este descenso pódese explicar dende múltiples factores: os efectos da crise económica e a subida das taxas académicas, a complexidade dun mercado laboral que non asegura saídas fiables para titulados universitarios, a carestía de afrontar un curso universitario lonxe do fogar familiar ou o tránsito acontecido nos estudos universitarios dende as antigas “licenciaturas” aos novos “graos”, que dalgún xeito fixo descender a matrícula, fan que aos poucos algúns mozos expóñanse outro tipo de estudos. En todo caso,

quedan afastados os tempos nos que Compostela concentraba 35 ou 40 mil estudantes nos seus pisos e residencias universitarias.

Cadro 7.5.- Evolución del número de matrículas universitarias en la USC.

	2009-10			2010-11			2011-12			2012-13		
Titulacións oficiais de 1º e 2º ciclo	17.945	79,09	22.690	13.796	78,16	17.650	9.565	77,21	12.388	6.089	78,17	7.789
Graos	2.860	91,40	3.129	7.024	86,58	8.113	10.492	85,66	12.248	13.472	83,96	16.046
Mestrados Oficiais	998	75,84	1.316	1.410	80,76	1.746	1.347	81,05	1.662	1.412	82,28	1.716
POP non interuniversitarios	37	100,0	37	1	100,0	1	-	-	-	-	-	-
Total	21.840	80,38	27.172	22.231	80,81	27.510	21.404	81,39	26.298	20.973	82,08	25.551

Fonte: Xerencia USC, 2014

Resulta complicado estimar cantos deles viven na cidade ao longo do curso, xa que os hábitos cambiaron moito nos últimos lustros, e aínda que hai un par de décadas era posíbel admitir que a inmensa maioría buscaba piso de aluguer ou residencia, hoxe en día, a nova organización académica e a evolución dos sistemas de transporte (xunto cos gastos que carrega o vivir en Compostela durante os anos universitarios), converten esa afirmación en dubidosa.

En todo caso, os universitarios seguen sendo un continxente importantísimo da composición social da cidade. En primeiro lugar, confírenlle ese relato xuvenil e transgresor, pero ademais, supoñen un importante “input” económico. Do comportamento deste grupo social dependen moitas políticas públicas a desenvolver no futuro. Neste sentido, parecen constatabeis as seguintes “novas” pautas e tendencias de comportamento:

- En tempos de crise, os estudantes universitarios escollen titulacións que estean localizadas en áreas próximas á súa casa familiar. Iso permítelles realizar un movemento diario pendular e non incorporarse ao mercado inmobiliario da cidade. Se temos en conta que na actualidade, os sistemas de transporte sen ser óptimos evolucionaron de maneira notable e que o gasto cuantificado de desprazamento a Compostela, mesmo en vehículo privado, é moitas veces inferior ao ocasionado por un traslado de residencia durante o curso escolar. A iso contribúen algúns cambios na organización académica, xa que cos novos plans de estudo atopámonos só catro días de docencia ou concentración da mesma en horario de mañá ou de tarde.
- O estudantado actual combina, cada vez con máis frecuencia, os seus estudos con traballos ocasionais ou a tempo parcial que lles axudan a incorporarse antes ao mercado laboral e contribuír a pagar os seus estudos. Este tipo de

traballos búscanos no seu lugar de procedencia e non en Santiago, o que se suma ao devandito no anterior epígrafe.

- Ás zonas de ocupación tradicionais dos estudantes en Santiago (Ensanche e Centro histórico), hai que sumar nos últimos anos dúas bolsas complementarias: os novos barrios periurbanos próximos a infraestruturas universitarias de recente edificación (Avenida de Ferrol, Avenida de Barcelona ou Santa Marta) e algúns barrios tradicionais que achegan aos universitarios a realidades populares onde se poden atopar alugueres a menos prezo en espazos con maior concentración de actividades (Sar, San Pedro, San Lourenzo ou Vista Alegre).

Sexa como for, o descenso do número de estudantes universitarios unido á nova tendencia de realizar movementos pendulares no canto de trasladar a súa residencia durante o curso, é unha mala noticia para a cidade, xa que se trata dun continxente que supón unha masa social crítica que contribúe a aumentar a complexidade urbana e a enriquecer o tecido comercial da cidade.

- Os pequenos comerciantes, os hostaleiros e as PEMES forman a columna vertebral do grupo social dos **empresarios**. É certo que existen algunhas importantes empresas na cidade (caso de FINSA, TELEVÉS ou BLUSENS) e que nos últimos tempos xurdiron grandes centros comerciais e espazos especializados que aglutinan unha boa parte da actividade económica (caso de HIPERCOR, AS CANCELAS, DECATLHON ou LEROY MERLIN). Con todo, en Compostela aínda subsiste (non sen problemas) un dinámico grupo de emprendedores e negocios tradicionais que conforman unha verdadeira malla de sustento da cidade.

Se atendemos ás seguintes táboas, podemos afirmar que a pesar da lixeira caída nos últimos anos (motivada a maior parte das veces pola crise económica e a aparición dos centros comerciais sinalados) o sector servizos segue tendo unha excepcional importancia na cidade, seguido do sector da construción que resiste con dificultades.

Cadro 7.6.- Número de empresas en Santiago por rama de actividade.

	2008	2013
Industria e enerxía	511	479
Construción	1162	995
Servizos	8421	7961
Total	10094	9435

Fonte: Observatorio Municipal, 2014

Ademais, son as pequenas empresas as que predominan na cidade; aquelas que posúen entre 0 e 2 traballadores e que case sempre se aglutinan baixo a forma xurídica de persoa física. En segunda posición atopámonos con outro tipo de empresas que adoitan ter entre 5 e 10 empregados e que se agrupan como sociedades de responsabilidade limitada.

Cadro 7.7.- Número de empresas en Santiago por forma xurídica.

Persoas físicas	5340	4436
Sociedades anónimas	263	228
Sociedades de responsabilidade limitada	3177	3325
Sociedades cooperativas	60	61
Outras	1254	1385
Total	10094	9435

Fonte: Observatorio Municipal, 2014

Este sector da composición social posúe unha perspectiva distinta e complementaria da cidade. Para eles, obrigados á satisfacción do cliente e á calidade do servizo, as cuestións de loxística, de abastecemento e saneamento, de reparto, de sinalización ou de marca son cuestións cruciais, xunto con garantir unha correcta ordenación dos espazos comerciais, dotándoos das infraestruturas necesarias. Finalmente, queremos advertir ao mesmo tempo, que este sector, en ocasións, debe afrontar un proceso de modernización, especialización e profesionalización co que non acaba de sintonizar correctamente.

- O último gran grupo que se presenta como parte da composición social da cidade son os **turistas**. Trátase dun conxunto moi heteroxéneo que, nos últimos tempos, converteuse nun dos principais motores da economía local. Con todo, a ausencia de estatísticas veraces que os cuantifique e os caracterice, fai que para presentalos se empreguen perfís, máis ou menos, de viaxeiros (con pernoita) e visitantes (sen pernoita).


Por iso, as únicas listaxes fiábeis neste campo proceden de enquisas que dependen da xentileza do turista, rexistros nos establecementos hostaleiros regrados (e hai que ter en conta que moitos establecementos non pasan datos, outros non están dados de alta para a actividade), outro tipo de listaxes facilitadas por dársenas de autobuses e Oficinas Turísticas ou o inventario máis ou menos fiable de “Compostelas” expedidas pola Oficina do Peregrino. Sexa como for, é complexo poder recoller cantos -entre viaxeiros e visitantes- acoden anualmente ao municipio por motivos turísticos (tendo en conta ademais a multitude de motivacións e tendencias que se abriron neste campo

nos últimos anos e que van desde o turismo relixioso ao cultural, pasando polo de congresos, de eventos, gastronómico, etc).

Neste sentido, a intensa estacionalidade da actividade turística, o papel dos operadores de turismo que van convertendo á cidade nun destino puntual (mentres aloxan aos seus clientes nas Rías Baixas ou noutras áreas próximas) e algún que outro déficit existente na calidade do servizo, supoñen trabas a unha actividade turística que permita sistematizar cálculos e caracterizar fielmente os perfís.

En todo caso, atendendo aos datos dispoñibles, na seguinte figura presentamos o número de viaxeiros que realizaron pernoita na cidade nos últimos 5 anos, con especial mención ao ano 2010 por tratarse da celebración do máis próximo Ano Santo. A tendencia mostra que desde entón (superáronse os 700.000 viaxeiros), o número baixou considerablemente pero aos poucos foise recuperando terreo ata o ano pasado (2014) que se rexistraron máis de 620.000 viaxeiros.

Imaxe 7.13.- Evolución do número de viaxeros con pernoctación en Santiago.



Fuente: Observatorio Municipal, 2014

Neste aspecto -e complementariamente- fai falta destacar que a cidade recibiu máis de 2.500.000 peregrinos nos últimos anos, e coincidindo co Ano Santo Compostelán supéranse as cifras de 7.500.000 de visitantes. Así, o número de peregrinos que selaron a súa “Compostela” nas oficinas do peregrino en agosto de 2014 foi de 51.219 en total.

Constátase así que a natureza turística de Santiago é intensamente estacional e sobre todo de curta duración, onde a visitas (pensemos nos autobuses de visitantes procedente do Norte de Portugal que cada verán ou período de tempada alta recalán na Dársena de Xoán XXIII) son numerosísimas pero a pegada ou incidencia das mesmas resulta moderada.

Aínda presentamos na seguinte táboa algúns datos máis para coñecer o comportamento deste grupo social en relación á infraestrutura turística existente. Na

comparativa de ocupación nos establecementos hostaleiros entre os meses de febreiro (tempada baixa) e agosto (mes de excelencia turística), obsérvase o comportamento estacional ao que facemos referencia. Ademais, tendo en conta o Ano Santo 2010 como referencia, obsérvase como xa a cifra de agosto de 2014 superou á daquel ano.

Cadro 7.8.- Evolución das cifras de ocupación turística en Santiago (distintos anos).

	feb-05	ago-05	feb-08	ago-08	feb-10	ago-10	ago-14	feb-15
% Habitacións ocupadas	37,6	73,21	41,54	67,54	43,91	80,41	69,16	28,4
% Plazas ocupadas	29,6	72,59	32,07	63,37	36,18	75,93	68,13	22,96
% Plazas ocupadas Fin de Semana	31,99	74,07	35,6	65,47	39,38	78,41	70,19	28,72
Viajeros en establecimientos hoteleros	21.880	86.229	27.182	74.338	30.867	93.815	94.767	21.404

Fuente: Observatorio Municipal, 2014

Con esta caracterización, conclúese que as necesidades deste grupo social na cidade son bastante distintas das dos anteriores grupos pero non opostas, senón complementarias. Os turistas buscan espazos de excelencia, seguros, cunha elevada calidade ambiental e estética da paisaxe, ben ordenados e sinalados (onde non se perdan nin teñan que “pensar moito”).

En ocasións, este modelo de cidade menospreza as necesidades residenciais, esaxerando o uso hoteleiro ou hostaleiro e/ou os baixos comerciais dedicados ao turismo en substitución do comercio de proximidade e de abastecemento da poboación local.

Como foi constatábel até aquí, Compostela é hoxe unha realidade poliédrica que contén diversas pezas e unha multiplicidade de actores e olladas que, á súa vez, materializan unha longa lista de demandas e coidados. Agora ben, como se chegou até esta situación? Cales foron os principais fitos para a consolidación desa realidade espacial e social?

7.2.2.- A evolución sociohistórica da consolidación urbanística de Compostela (1980-2016)

Compostela –cidade e área urbana- padeceu un proceso de urbanización con ritmos distintos dende finais dos anos 1980 a pesares dos esforzos por regulamentar o crecemento da cidade. Esta realidade desembocou en importantes problemas de xestión e patoloxías urbanas. Os principais instrumentos de planeamento da cidade nestes decenios foron o PXOU de 1989, o PECH de 1997 e o actual PXOM aprobado en 2006 e que está agora a ser desenvolvido. A actual situación, que se podería definir como de “colapso urbano”, devén do errático desenvolvemento do primeiro dos plans que, por outra banda, a nivel teórico supuxo un avance cualitativo importante para a cidade (non esquezamos que a cidade herdada na década

dos 1980 era unha realidade urbana raquítica con importantes eivas en relación aos espazos públicos, aos equipamentos e as infraestruturas).

Podemos falar de dúas fases distintas nese desenvolvemento errático do PXOU de 1989:

- A primeira iría de 1989 a 1999/2000: sería a fase do “urbanismo cultural”. O contexto do Xacobeo 93 abre unha etapa de profunda transformación dos equipamentos culturais da cidade. Os xestores de Compostela cren necesario apostar pola construción de contedores de ocio e cultura que permitan á cidade competir territorialmente coas ofertas doutras grandes cidades (caso de Sevilla coa Expo ou Barcelona coas Olimpíadas). Deste xeito, van proliferar unha serie de iniciativas que se transforman en infraestruturas de tipo dotacional: Auditorio, Pazo de Congresos, CGAC e Bonaval, remodelación de Xoán XXIII, Facultade de Xornalismo, Multiusos de Sar e San Lázaro etc. Trátase dun “urbanismo espectáculo” moi custoso orzamentariamente que impulsa á cidade cara premios e galardóns e a sitúa dentro do selecto grupo de cidades culturais. Este tempo estivo perfectamente engrasado con numerosos actos e conmemoracións: o quinto centenario da USC, dous Xacobeos, festivais internacionais, exposicións de ámbito mundial (Gallaecia Fulget, Galicia no tempo)...etc. Compostela transformou a súa esfera cognoscitiva chegando a ser capital cultural europea no 2000. Ademais, este modelo era perfecto para unha cidade sen notabeis sectores de economía productiva que vivía do corpo de funcionarios da Xunta, do Hospital Xeral e da Universidade, xunto co sector servizos. (Neste contexto virá despois o proxecto da Cidade da Cultura no Gaiás).

Porén, a pesar de iniciativas que si tiveron resultados naturalizantes das relacións sociais como a peonalización ou os procesos de rehabilitación do casco histórico, os indicadores estruturais e os saldos demográficos da cidade amosaban unha realidade ben distinta. En todo este tempo, agás o polígono de vivendas das Fontiñas (que foi esgotado deseguida), non existiu unha soa iniciativa relacionada coa ampliación do parque residencial. Isto provocou consecuencias nefastas para a realidade local e comarcal: o crecemento periurbano dos concellos limítrofes (que operaban sen regulación urbanística estricta), a saída de continxentes poboacionais cara eses mesmos centros suburbanos, o estancamento demográfico que aínda hoxe padece a cidade, a aparición da especulación urbanística e a carestía da vivenda ou a acentuación dos conflitos de clase (expulsión das clases populares do centro, marxinalización de barrios).

Por outro lado, esta política urbanística que se manifestaba en ocasións banal, precisaba aínda doutro resorte importante, o despregue dunha rede de control xeoestratéxico. Velaquí o cerne da ordenanza municipal de videovixianza en Compostela a partires de 1999 que foi culminada máis tarde coa ordenanza sobre ruidos. Só con ollar o incremento que durante este período sufriron as partidas orzamentarias en relación á seguridade e ao control (case do 100%) en contraposición con outras partidas relacionadas cos servizos sociais (cuxo incremento non chegou ao 15%), serve para decatarnos do proceso involutivo en relación ás liberdades colectivas nos espazos públicos.

- A segunda etapa que chega até hoxe pretendeu paliar os problemas de xestión xerados na anterior etapa. No 1999, coa chegada de Bugallo á Alcaldía, sobrevive unha cidade desbordada cun serio problema no desfase entre a poboación de dereito e a de feito. Compostela ten orzamento e xestiona para non máis de 100.000 habitantes pero é contendor diario de máis de 150.000 (non digamos en época estival ou Ano Santo). O epicentro da urbe vive allea aos problemas reais da cidade. O tránsito rodado colapsa a cidade os días de semana e o parque residencial previsto no PXOU estaba sen desenvolver. A cidade está tecnicamente en quebra económica co modelo de xestión urbanística anterior. Ademais, atópase estancada demograficamente e os fluxos dende os núcleos durmitorio agobian o contexto comarcal urbano sen ningún tipo de transporte público mancomunado nin coordinado.

Por enriba, a cidade atópase limitada xeográficamente. A construción do periférico non solucionou a mobilidade exterior e acentuou os problemas na Galuresa. A estación do tren e a liña férrea marca –aínda hoxe- unha fronteira dificilmente permeábel. E polo oeste a cidade non medra polas limitacións físicas do Monte Pedroso condenando o seu desenvolvemento ao corredor interfluvial.

O concello decide entón comezar a facer caixa desenvolvendo todo o parque residencial previsto: Conxo, Pontepedriña, Salgueirños, San Lázaro, O Romáño, Castiñeiriño, Volta do Castro ou Amio. En todos os barrios comezan a agromar promocións que non consiguen abaratar o prezo da vivenda e que poñen en evidencia outros problemas: o mal estado de moitos edificios do Ensanche (coa cada vez maior vivenda baleira), a falta de planificación do centro e os problemas de mobilidade e tránsito público urbano.

A reglón seguido non se paralizou o modelo anterior senón que se foi consolidando co traslado do Hospital Clínico, o cinturón verde de parques e a proliferación de hoteis de luxo. Pola contra, esta etapa foi a do abandono absoluto do rural compostelano,

nomeadamente polo norte. Isto foi acompañado dunha serie de reformas impopulares no Ensanche cun deseño urbano que procuraba a ampliación do espazo para os viandantes, a supresión de prazas de aparcamento en superficie e o sentido único de monocarril xunto cunha rede de aparcadoiros soterrados públicos (o que a simple vista semella un grande avance pero que na práctica quebrou moitas dinámicas positivas anteriores evidenciadas na vitalidade de rúas como a Nova de Abaixo). Foi o chamado modelo “Brañas Boulevard”. A culminación desta liña de reformas foi a transformación da Praza Roxa e do Parque de Ramírez que, alén de consideracións propias, é posíbel que non goce da aprobación da cidadanía.

O saldo que podemos destacar é o seguinte. Compostela hoxe é unha cidade aparentemente “saneada” que posúe unha sonda de espazo amábel, verde e sustentábel. Un espazo de excelencia, poderíase dicir. Porén, subsiste un problema de xestión anárquica, fundamentalmente relacionada coa mobilidade e o transporte público e que devén nun conflito urbanístico. Dende o Camiño Novo até a Porta do Camiño, a través das rúas Rosalía de Castro, Xoan Carlos I, Senra e Virxe da Cerca, estrutúrase o groso do tráfico da cidade nun itinerario de dobre sentido sen apenas ancho de vía (non digamos beirarrúas) que se bifurca logo cara San Caetano ou Concheiros. Este colapso diario acaba por condenar ao Ensanche a un conflito urbanístico inmanente e continuo. Agardemos ver o que sucede coa remodelación da Praza de Galiza. O resultado é unha cidade de contrastes: cómoda para o camiñante (nalgúns áreas) –sobre todo para o visitante- e chea de obstáculos para o conductor. A maior vantaxe competitiva que hoxe posúe Compostela está na súa dimensión: trátase dun contexto aínda abordábel. Débese aproveitar esta cualidade para o futuro.

En efecto, a designación de Santiago de Compostela como sede das institucións autonómicas, no ano 1982 supuxo un fito que veu engadir á tradicional dinámica da cidade, determinada pola súa singularidade monumental, condición de capital espiritual e meta de peregrinos, cidade universitaria e símbolo de cultura, civilización e progreso, a necesidade de afrontar novos retos, particularmente en relación coa prestación de servizos públicos, así como coa implantación de dotacións e equipamentos, directamente determinados pola presenza das institucións autonómicas no termo municipal. Fronte a importancia destes acontecementos, os instrumentos de planeamento elaborados para levar a cabo o desenvolvemento urbano e político da cidade foron da man e tiveron como principal estandarte a planificación urbanística. A estrutura de gobernanza e o marco competencial que se define ao corpo administrativo da cidade acompañaron e arrouparon “ad hoc” a estratexia de desenvolvemento urbano que propuxo a planificación urbanística.

Deste xeito, a cidade accedeu, a comezos dos anos 1980, á condición de capital política e administrativa da recentemente constituída Comunidade Autónoma de Galicia. A

finais daquela década presentaba as condicións para perfilar un proxecto urbano capaz de facer dela un polo de centralidade rexional dentro do sistema urbano galego, apoiado na idea de profundar no referente rexional que no plano institucional representa a condición política de Capital de Galicia e no potencial de internacionalización que significaba o seu extraordinario patrimonio cultural, logo das declaracións como Patrimonio Mundial da Cidade Histórica en 1985 e como Primeiro Itinerario Cultural Europeo do Camiño de Santiago en 1987. Para levar a cabo o desenvolvemento do proxecto urbano, as principais ferramentas que se utilizan son o Plan Xeral de Ordenación Urbana (inicio de redacción 1988, aprobado en 1990) e o Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica (inicio de redacción en 1988 e aprobado en 1997).

A primeira delas, o Plan Xeral de 1990, céntrase en catro grandes eixos temáticos dirixidos cara o recoñecemento de Santiago como Capital de Galicia, o potencial do patrimonio cultural, a Universidade de Santiago de Compostela como gran centro de innovación e transferencia tecnolóxica e o desenvolvemento do sector servizos. Apoiando estes catro eixos danse unhas circunstancias que posibilitan a xeración dunha estratexia integrada de desenvolvemento urbano:

- A área asiste a unha expansión do sistema de servizos cunha importante concentración de emprego terciario
- Certos recoñecementos internacionais sitúan a Santiago no mapa europeo e global: a cidade histórica de Santiago de Compostela foi declarada en 1985 Patrimonio Cultural da Humanidade pola UNESCO; o Camiño Francés a Santiago de Compostela foi incluído na lista do Patrimonio Mundial da Unesco no ano 1993 e en 1997 recibiu por parte do Consello de Europa o recoñecemento de Primeiro Itinerario Cultural Europeo.
- Neste período prodúcese a nivel nacional un impulso das políticas urbanas que posibilitan o desenvolvemento de infraestruturas de comunicacións.
- A estrutura de gobernanza non só centra os seus esforzos en solucionar problemas de índole local, supralocal e rexional senón que tamén se expoñen actuacións a escala estatal e internacional.

Neste sentido, os retos do Plan Xeral de 1990 centráronse en alcanzar o nivel de servizos que permita o desenvolvemento das actividades propias da Capitalidade, xerar novas políticas de fixación de residentes, consolidar a función simbólica e representativa da Capital, potenciando os seus elementos característicos, os seus nichos de oportunidade (a Universidade, o turismo, o patrimonio cultural e o sector terciario, nomeadamente), achegar Santiago a Europa a través do potencial cultural e do poder atractivo que lle achega o Camiño de Santiago e consolidar, nas redes nacionais e internacionais, ofertas culturais, artísticas e

científicas de forma integrada. Seguíronse así, unha serie de liñas de actuación dende a aprobación do Plan Xeral de 1990 que se poden resumir nas seguintes propostas:

- Propostas de acabado formal e urbanístico da cidade.
- Acompañamento e complementariedade do Plan Xeral e do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica como elementos chave dunha estratexia integral de crecemento da cidade.
- Compatibilizar a centralidade do tecido do centro histórico coa descentralización de servizos que potenciasen outros barrios da cidade.
- Trazar novas infraestruturas de comunicación que permitan recuperar a calidade espacial do centro urbano e trasladar percorridos tanxenciais á periferia.
- Rematar a cidade compacta naquelas partes que sufrían discontinuidades.
- Priorizar actuacións de creación de tecido residencial que acollera os novos requirimentos residenciais.
- Fortalecer o desenvolvemento dos Campus Universitarios.

Un dos aspectos fundamentais para a posta en práctica con éxito deste proxecto integral para a cidade foi a aposta pola complementariedade entre o Plan Xeral e o Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica coa mellora dunha actuacións propostas por cada un deles como a creación de infraestruturas básicas de comunicación e definición de accesos (nova entrada á cidade: Avenida de Xoán XXIII), o traslado de dotacións desde o centro a zonas de mellor accesibilidade (CHUS, Estadio Municipal de San Lázaro, Multiusos de Sar, entre outros), as actuacións nos Campus Universitarios Norte e Sur así como a creación do novo parque universitario, o desenvolvemento e culminación do Plan Parcial do Polígono das Fontiñas, a definición de pezas de entrada á cidade polo Camiño Francés, as actuacións de remate do tecido urbano avaladas pola experiencia de profesionais de recoñecido prestixio (Centro Galego de Arte Contemporánea e Parque de Bonaval) ou as políticas de rehabilitación da Cidade Histórica.

Nesta singular visión, protagonizada un por un equipo de goberno máis ou menos cohesionado, a xestión e desenvolvemento do Plan Xeral de 1990 levouse a cabo non só apoiado na estrutura local de gobernanza senón en estruturas superiores e mesmo en entes creados especificamente para a consecución dos obxectivos que o plan propón e que se materializaron na creación do Real Padroado da Cidade de Santiago de Compostela en 1991, e do seu órgano executor, o Consorcio da Cidade de Santiago, en 1992 e na aprobación do Estatuto de Capitalidade en 2002, que lle confire un réxime xurídico especial. Finalmente, aprobado o Plan Xeral de 1990, estando en redacción o Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica, a cidade aproveita en 1993 o baleiro deixado polas olimpíadas de Barcelona 92 e da Exposición Universal Sevilla 92 para deseñar un programa

de actividades que non só permite a execución das actuacións que propón o documento senón que consegue o compromiso de axentes públicos e privados para o seu desenvolvemento tanto a escala rexional como estatal.

Cómpre reiterar que entre os elementos planificados que se conseguen executar derivados da programación do Plan de 1990 destaca a conclusión do sistema xeral viario básico proposto e da rede xeral de grandes equipamentos, o traslado do Campo de Fútbol e do Hospital Xeral así como a construción de equipamentos culturais na contorna do Centro Histórico (Auditorio de Galicia, Centro Galego de Arte Contemporánea, Museo das Peregrinacións e Museo Diocesano), a localización de actividades dotacionais no centro histórico e a rexeneración do propio centro histórico apoiado nas políticas de rehabilitación de vivendas e de recuperación do comercio ou o desenvolvemento de contedores de actividade terciaria: Mercagalicia, Área Central, Centro Comercial Compostela.

No artigo Juan Luís Dalda (1999), “A Planificación Urbanística como instrumento articulador dunha política integrada de desenvolvemento dunha centralidade rexional”, faise un repaso a toda esta estratexia de desenvolvemento da Cidade Santiago de Compostela a través do Plan Xeral de 1990 e do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica. No mesmo artigo faise unha síntese dos obxectivos alcanzados:

- O desenvolvemento da estratexia de planificación consolidou a Santiago de Compostela como cidade central a nivel rexional, nacional e internacional.
- Converteuse en destino de viaxe de fluxos de visitantes de diversa orixe e condición.
- Alcanzou un nivel de infraestruturas de recepción que lle permitiu responder eficientemente ás máis variadas demandas.
- Produciuse unha importante diversificación da base económica local.
- Acadouse unha mellora substancial da calidade ambiental e da calidade de vida na cidade, cunha transformación urbanística coidadosa que permitiu un reequilibrio funcional e material das periferias urbanas.
- Púxose en marcha un potente proceso de rehabilitación residencial, de restauración do patrimonio construído e de recuperación urbana da Cidade Histórica.
- A cidade incorporouse a diversas redes e circuítos internacionais en ámbitos tan diversos como a produción cultural ou o intercambio universitario.
- A cidade propiciou achegas á creación artística, cultural e técnica en campos tan variados como a arquitectura, o urbanismo, a música ou a creación plástica, que enriqueceu o seu patrimonio cultural.

Ollando ao pasado e aos logros obtidos polo desenvolvemento das políticas e das estratexias precedentes poderase aprender cales son os elementos chave para definir unha

estratexia integrada de desenvolvemento urbano sustentable cara o futuro. O Plan Xeral do 1990 puxo de manifesto que a planificación urbanística supón un instrumento necesario pero non suficiente para definir o desenvolvemento urbano. Neste sentido, a cidade creceu e desenvolveuse de forma conxunta grazas á complementariedade de dous instrumentos de planificación, o Plan Xeral e o Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica, cunha estratexia de xestión integral de desenvolvemento urbano; isto é, levando a cabo un proxecto de cidade. Debido a que a escala de actuación excedía o propiamente local foi necesario xerar unha estrutura de gobernanza que transcendera o ámbito municipal para conseguir os obxectivos propostos a escala metropolitana. Esta estrutura de gobernanza definiuse tamén como peza indispensable na estratexia de desenvolvemento da área urbana de Santiago de Compostela. A Universidade, a Capitalidade, a Cultura e o Patrimonio foron elementos de oportunidade do modelo urbano da cidade Santiago de Compostela e, en consecuencia, da súa contorna metropolitana.

No ano 2007, aprobouse unha nova figura de planeamento xeral para a cidade: o Plan Xeral de Ordenación Municipal. Redáctase cun carácter continuista con respecto ao de 1990 e co plan anterior executado na súa maioría xunto coa entrada en vigor da nova lexislación do solo autonómica (a Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia), fíxose necesario a redacción dun novo instrumento urbanístico de planificación xeral. Para entender a estratexia do Plan Xeral do 2007 debemos ter en conta a conxuntura económica do momento no que se inician os traballos de redacción. Os anos precedentes á elaboración deste novo plan xeral móstranse como de gran crecemento económico, sendo unha das súas características principais o “boom inmobiliario”, o que leva que se centren os esforzos na creación de bolsas de solo residencial. As políticas do Estado e a economía envórcase no sector da construción e o desenvolvemento de novos barrios residenciais centra as políticas urbanísticas como instrumento de promoción económica. Neste sentido, os logros acadados pola estratexia que definira o Plan Xeral de 1990 son agora os puntos de partida das propostas do novo plan.

En calquera caso preséntase, no momento da redacción do novo plan, unha serie de oportunidades e problemas a resolver como dar solución á demanda de vivenda, coa intención de fixar poboación en Santiago, e procurando a continuidade dos novos tecidos coa cidade existente, asegurando un crecemento compacto da mesma, seguir a fortalecer o tecido empresarial, articular dunha vez por todas as grandes infraestruturas de comunicación, favorecer a presenza da Capitalidade na estrutura urbana, continuar as políticas de recuperación da Cidade Histórica ou estruturar o sistema de asentamentos residenciais no perímetro da urbe e reforzar a relación coa área urbana ou comarca. Pódese dicir entón que o Plan Xeral de 2007, cuxa redacción arrinca nun período de expansión da economía e de demanda de residencia, servizos e dotacións, preséntase como un documento moi ambicioso

que propón como retos non só a culminación do anterior plan senón que introduce novos elementos na planificación dende unha perspectiva ambiental e de preservación dos recursos naturais.


Así, as liñas de actuación do Plan Xeral de 2007 oriéntanse en diversas e complexas direccións: creación dunha política estábel de vivenda (EMUVISA), fixación de tecido empresarial, asegurar a articulación das grandes infraestruturas de comunicación, procurar unha cidade compacta na medida do posíbel, establecer reservas de solo dotacionais que reforzasen a Capitalidade, ampliar a área de influencia da Universidade, continuar coas políticas de recuperación da Cidade Histórica (incidindo no uso residencial), consolidar os sistemas ambientais na contorna da cidade (parques e xardíns), potenciar o sistema dos denominados núcleos territoriais ou fortalecer a relación coa área comarcal, coa área urbana e o Eixo Atlántico.

Neste punto tamén é necesario contextualizar o momento económico tras a aprobación do Plan Xeral do 2007. A crise económica que, dende 2008, sofre a nivel sistémico boa parte de Europa, mostrou que non soamente está a ser unha crise económica “cunha específica e explosiva burbulla inmobiliaria que provocou a maior crise económica en España” (Navarro e Torres, 2012) , senón tamén se manifesta como unha crise social, institucional, territorial e política. Esta cuestión entronca abruptamente cunha das principais liñas de actuación do Plan Xeral do 2007, por cuestións conxunturais e estruturais evidentes, xa que centra principalmente a súa estratexia na xeración de vivenda para lograr dous grandes obxectivos: atender á crecente demanda de vivenda derivada da Capitalidade con políticas de vivenda pública e captar a fixación de poboación no municipio. Para iso prevé grandes desenvolvementos de vivenda (algúns xa previstos no planeamento anterior), cunha capacidade residencial de 38.071 unidades novas. Velaquí unha das principais cuestións problema da xestión urbanística da cidade, nunha realidade supramunicipal extraordinariamente competitiva en materia de acceso á vivenda.

No momento en que o Plan debe executarse, unha vez aprobado en 2007, as expectativas caen provocadas tanto polo desencadeamento da crise inmobiliaria como pola presión competitiva dos concellos limítrofes que seguen a ofrecer vivenda a prezos máis asequíbeis, con calidades habitacionais estandarizadas, pero agora cunha rede viaria moi mellorada. Coincidindo coa crise económica e financeira, os crecementos residenciais que se expoñen no planeamento da cidade levan unhas cargas asociadas de urbanización e xeración de dotacións que fan da maioría dos ámbitos de desenvolvemento produtos de mercado de vivenda pouco apetecíbeis para as empresas promotoras ou directamente inviábeis. Doutra banda, aínda que as iniciativas de desenvolvemento e xestión de solo a través da empresa municipal de vivenda e solo EMUVISSA foron numerosas até a súa desaparición en 2012, o

nivel do execución do Plan Xeral foi mínimo non chegando a xestionarse varios solos que tiñan o seu plan de desenvolvemento aprobado e quedando outros en fase de tramitación urbanística. Por tanto, pódese concluír que a aposta do Plan de 2007 polo desenvolvemento dos solos residenciais foi, polos diversos motivos expostos, foi unha estratexia tardía ou extemporánea que de terse producido 10 anos antes, probabelmente tería producido outras consecuencias.

Imaxe 7.14.- Evolución do parque residencial en Santiago de Compostela (1980-2015)



Fonte: Plan Xerais de 1990 e 2007 e elaboración propia, 2016

Hai que ter en conta que os desenvolvementos urbanos que se conclúen derivan de ámbitos xa contemplados no Plan Xeral de 1990. A maioría destas actuacións localízanse, sobre todo, na zona sur (estrada de Noia), ou se realizan sobre solos urbanos non consolidados, en zonas de oportunidade debido á súa centralidade. As únicas actuacións destacadas do período 2007-2015, que, ademais, non posúen unha natureza residencial, son a

inauguración parcial da Cidade da Cultura, xa iniciada en 2001, e o Parque empresarial da Sionlla e ningunha destas dúas actuacións derivan da planificación do Plan Xeral do 2007.

Así do que se planifica no Plan Xeral do 2007 pouco ou case nada se desenvolve. As causas que a priori se destacan para que non se cumpra a planificación por etapas prevista por este Plan son, entre outras, as que seguen:

- A data de aprobación do Plan Xeral vixente coincide co inicio da crise económica e financeira.
- O modelo de desenvolvemento urbano que expón do Plan é excesivamente expansivo e optimista de creación de tecido urbano, co obxectivo posto na fixación de residentes para evitar que a poboación se sitúe nos municipios contiguos, como ocorreu na etapa anterior.
- Os solos de desenvolvemento previstos no Plan vixente soportan grandes cargas relacionadas coa execución de conexións externas (viario e infraestruturas) e de sistemas xerais.
- A estratexia de desenvolvemento urbano céntrase nos seus límites municipais e non se expón unha crítica da estrutura de gobernanza necesaria xa para dar solución aos barrios residenciais creados cara ao sur, sobre todo nos termos municipais de Ames, Teo e Brión, pero totalmente vinculados funcionalmente á cidade de Santiago.
- Finalmente, cómpre lembrar que durante o último quinquenio 2010-2015 o mercado de vivenda é reducido. Con todo en Santiago de Compostela os prezos mantéñense elevados non sufrindo unha caída excesiva do prezo de venda de inmobles. Doutra banda apenas existiu financiamento (ao contrario librouse unha importante “cruzada de desafuzamentos” por parte dun sector bancario en crise) e iso retardou a recuperación do mercado inmobiliario, deixando operacións sen executar ou só semiexecutadas.

En calquera caso pódense establecer algúns trazos xenéricos que nutren a situación de colapso urbano da cidade na actualidade:

- A. Un urbanismo pouco sustentábel: a ausencia de modelo:** aínda que polo xeral en urbanismo resulta moi complexo responder categoricamente ás “yes/no questions”, para analizar se o urbanismo de Compostela seguiu uns parámetros de sustentabilidade, probabelmente habería que dar primeiro a discusión sobre o que entendemos por “urbanismo sustentábel”, que en esencia constitúe un *oximorom*. Sobre se realmente é posíbel ou se existe nalgures. Neste sentido, é de supor que a literatura divulgativa da socialdemocracia (coaligada co neoliberalismo) ten unha responsabilidade importante na proliferación destes conceptos no contexto da

posmodernidade. Do que se ten publicado recentemente, é aceptado que o urbanismo é necesariamente sustentábel, do mesmo xeito que a que a economía (ou acaso existe outra economía que non sexa a sustentábel sen tratar de non confundir economía con acumulación de capital/riqueza ou sistema financeiro?). Conviría repasar algunha cousa de Teoría do Urbanismo para o explicar. Limitaremonos a dicir que o que hai é ausencia de urbanismo ou de modelo urbanístico. O urbanismo ou a urbanística xurde precisamente para outorgar sustentabilidade e coherencia aos procesos de crecemento das cidades.

En todo caso, podemos entender a cuestión do xeito seguinte: o crecemento urbano de Compostela ou a súa evolución recente foi respectuosa co ambiente, coa natureza? Xerou riqueza sen deturpar o tecido social? Entón pódese dicir que a ausencia de modelo urbanístico dos últimos tempos está a provocar moitos problemas en relación con esas temáticas. Logo a resposta sería non. Non semella que xestión do urbanismo en Compostela teña no seu día a día unha consciencia de respecto pola contorna natural ou social da cidade. Primeiro, porque hoxe o urbanismo, en estricto senso, redúcese a cuestións formais, legais e de dereito da propiedade e xestionano axentes acostumados a informar expedientes disciplinarios. Segundo, porque non existe un modelo ou planificación conxunta contando coa cidadanía a modo de mesa de participación. Iso non quita que non vivamos sen polución e que non se vexa “verde” en todos os recantos da cidade.

Por exemplo, temos insistido ao longo deste estudo no problema do colapso e da mobilidade. Como apostar, nunha realidade periurbana como a de Compostela, por outro modelo de transporte urbano colectivo e público?. Se realmente existise un modelo teríase ponderado a posibilidade dun tren lixeiro de proximidade cara os concellos máis poboados do sur (Teo e Ames-Brion) antes que tirar liñas de alta capacidade que acaban por contribuir ao tránsito rodado individual en automóbil. Nos últimos anos, deuse unha feble aposta pola bici dentro da cidade, que semella voluntarista e sen contido estratéxico. Non é un proxecto planificado senón boas intencións (case electoralistas) porque non vai acompañado de ningunha iniciativa de transformación infraestrutural ou normativa, agás o que pon estrictamente o PXOU.

- B. Un crecemento urbano esclerótico con repercusión na vida na cidade:** podería ser suxerente establecer criterios para un crecemento da cidade menos agresivo co entorno e coas formas de vida da cidade. Porén, o PXOU vixente ten previsto a construción de 30.000 vivendas novas (xa comezou o proceso de promoción de moitas). Se tomamos por bo que o tamaño medio da unidade familiar en Compostela, que segundo o dato do censo de 2001 rondaba os 3,2 habitantes por fogar (tendo en conta que se pode ver

algo reducido no 2011 con probabilidade), isto quere dicir que a poboación en Compostela vaise ver incrementada de xeito notábel, ou polo menos, o PXOU prevé ese incremento.

En contraposición, se se estuda o documento en cuestión non se observa ningún estudo serio sobre o estado do parque de vivenda baleira. O único dato referido é o do censo de 2001 (7.015 vivendas sen ocupar). Se se repara, pola contra, na evolución do parque de vivendas das cidades europeas nos últimos 50 anos semella posíbel consensuar que un dos problemas centrais aséntase na proliferación de vivendas balerías no sector central. En Compostela, que ademais é unha cidade onde o aluguer temporal é unha práctica moi habitual debido á chegada da comunidade universitaria (que por certo se ve mermada cada ano), existen varias áreas onde esta temática esta a ser xa un conflito: algunhas rúas do Ensanche Sur, o contexto da rúa Quiroga Palacios e moitos tramos da Avenida de Lugo e Rodríguez de Viguri, os polígonos de vivenda do tardofranquismo, o núcleo vello de Pontepedriña, etc... Neste sentido, contribuiría un estudo sobre a vivenda baleira e os seus xeitos de reutilización en detrimento da construción masiva de novos edificios a un medre menos agresivo co entorno e coas formas de vida na cidade? Semella que si.

Dalgún xeito, tense esquecido que a principal función dunha cidade vivida é a residencial, loxicamente xunto con outras complementarias, nomeadamente a comercial e a de ocio. Unha vez que en Compostela o dereito a unha vivenda digna en moitas áreas ten ficado en entredito (pola carestía da vivenda e a existencia do fenómeno da infravivenda e o infraaluguer), os xestores dirixiron os seus esforzos a dar acobillo a unha función adicional: a turística. A turistificación, no sentido máis pobre da palabra, pode ser o elemento que mellor exprese o fracaso relativo da xestión en Compostela. Pensar estruturas para os visitantes, ofrecerlles unha paisaxe banal (corredores ausentes de identidade), ceder aos poderes económicos parte do patrimonio cultural formou parte das iniciativas do goberno municipal no último decenio. Este fenómeno de masas chega a poñer en risco, máis alá do anecdótico, escenarios da cidade real como o tecido do pequeno comercio (que só sobrevive grazas a axudas), as festas populares ou a vida propia do barrios.

A alternativa semella que está, para moitos autores, centrada noutro concepto de espazo público distinto. Lugares para o encontro cun deseño urbano que propicie o intercambio e non a individualización (cada vez son máis comúns bancos públicos unipersoais). Se é certo que o sector turístico merece un espazo máis na retícula urbana non o é menos que as demandas veciñais deben ser satisfeitas. Nunha cidade con modelo urbanístico definido o chamado “botellón” non sería un conflito (tal e

como se define) senón un eslabón máis dentro das funcións que debe conciliar e assimilar o *civitas*. A convivencia forzosa (soportar no canto de conciliar) na cidade é a trampa posmoderna para combater a diferenza e dentro dela as liberdades colectivas (Améndola, 1994). Pode ser que esteamos moi lonxe dunha idea moderna de cidade, cando se trataba dun espazo “para o” e “de conflito”, que xurdía del mesmo. Chegamos, pola contra, a criminalización dos usos sociais do espazo, idea que entronca co que Harvey proclama cando defende o concepto lefevbreriano de “dereito á cidade”.

Neste sentido semella recomendábel revisar o concepto de “serendipity” que pode entenderse como “atopar o que non se busca ou como resultado do azar que establece conexións imprevistas entre as persoas e entre elas e os feitos”. Pode que resulte ser unha idea que garda unha relación moi intensa coas ideas de Guy Debord e os situacionistas que alimentaban o seu comportamento a través da búsqueda de situacións distintas e sucesivas, sen repetición. Supón unha predisposición a observar, aprender, relacionar(se). Para que isto poda producirse o medio, a cidade, debe ser densa e diversa. Un lugar onde os suxeitos perciban feitos que non forman parte dos seus traballos ou vidas cotiás. Onde haxa marxe de incertidume e probabilidade de sorpresa ou azar. A pregunta sería, hai algo disto en Compostela? Coido que empezan a xurdir evidencias para dicir que cada día menos. Tal vez a cidadanía de Compostela aínda non percibe esta transformación involutiva porque existen resortes que paralizan e alienan esta análise (por exemplo, gózase dunha boa rede de parques e xardíns, alén das propias instalacións universitarias). En todo caso, cara aí é cara onde tiran os tempos e non está de máis estar previstos.

- C. Os puntos de maior conflito: barrios e fronteiras:** historicamente, os barrios da cidade foron os que sustentaron demográfica e socialmente á cidade. Fronte a perda absoluta de identidade do centro (Cidade Vella e Ensanche) a vida dos barrios permitíu manter tradicións e festas, e tamén pautas de comportamento cidadá. Isto é contradictorio con cal foi o seu tratamento específico dentro do planeamento. Podemos dicir que até 2005 a xestión urbanística da cidade centrouse na recuperación paisaxística do centro e na expansión de novas periferias. Nese ano aprobouse un estudo previo (socioeconómico e urbanístico) para solicitar unha Área de Rehabilitación Integral (ARI) no barrio de Vista Alegre, concretamente no polígono de vivendas. Detrás del, viñeron A Pontepedriña (Grupo Compostela e Cardenal Quiroga Palacios) e A Almaciga (que acabou por se converter o programa Santiago Urbana Norte). Estes avances foron posibles grazas á transformación que sufriu a Concellaría de Rehabilitación e de Casco Histórico que até entón tan só xestionaba o entorno do PECH (Plan Especial). O Plan de Vivenda 2005-2008 propiciou que esa

concellaría asumise tamén a recuperación dos barrios grazas a aparición no texto das ARI. A partir de entón os barrios, que até entón eran tratados case como “contentores de votos”, comezaron a ter algo máis que dicir na política urbanística de Compostela.

O principal conflito que xurdíu na definición das demandas dos barrios gardaba relación co seu entronque dentro da construción das novas periferias. Nalgúns casos existía un grande risco de *guettización* provocado polo efecto fronteira desas áreas. Compostela atopábase, naquel momento, con barrios moi degradados dende o punto de vista das infraestruturas e dos equipamentos. Nada ten que ver esta situación con conflitos sociais relacionados coa inseguridade (cousa que si era perceptíbel nos barrios de mediados de 1980, polo menos no imaxinario da miña xeración). Era a degradación da paisaxe urbana con edificios que se viñan abaixo o que máis preocupaba. Con censos moi envellecidos e sen elevadores dábanse situacións límite (maiores que non saían da casa en semanas). Neste sentido, a presión exercida polas asociacións veciñais foi un detonante básico, o que demostra que a pesar das condicións urbanas e espaciais o dinamismo do tecido asociativo continuaba intacto.

A polémica dos barrios aínda segue activa. Neles cohabita, en ocasións, un profundo sentir rural sobre un sustrato urbano asimilado. En Compostela todo o mundo ten “aldea”, o que responde a que moitos composteláns fixéronse da cidade. A identidade de Compostela segue ligada a “hortas e galiñeiros” en moitos dos seus barrios. A transición urbano-rural forma parte do universo pero non como un conflito senón como unha cuestión doméstica.

Se facemos unha comparación entre as ortofotos de barrios como Conxo dos anos 1980 e 1990 coas actuais o fenómeno de crecemento é moi salientábel visualmente. Pasamos dunha realidade de vivendas unifamiliares con hortas asociadas a unha paisaxe de bloques en altura de estrutura reticular. Porén, non semella correcto considerar o cerne do problema na transición urbano-rural senón na asimilación urbana dunha socioloxía rural. Noutras palabras, a evolución da cidade nestas áreas foi, en certo modo, tan só unha máscara sobre a paisaxe urbana: ten forma e deseño de cidade pero aínda que se queira non é cidade consolidada e mantén as estruturas xenuinas.

En consecuencia, a conservación da estrutura tradicional dos barrios e as mudanzas da súa morfoloxía urbanística xunto co seu perfil social foi unha constante. Por unha banda, a chegada de novos habitantes procedentes do centro aos barrios rompen as dinámicas populares e non se integran no contexto social. Un factor importante deste feito é que as novas periferias están a crecer cunha carga importante de vivenda

protexida ou prezo concertado, polo que, a procura de vivenda a prezo asequíbel produce unha ocupación moi diversa tamén nos barrios que mesmo, como resulta comprensíbel, chega a non se integrar na súa vida. Resulta curioso sinalar que nestes barrios urbanos da periferia non é doado atopar habitantes procedentes do barrio xenuíno a non ser realoxados.

Pola outra, neste tipo de crecementos urbanos sempre existen “danos colaterais” que en esencia se traducen en viscosos procesos expropiatorios. Realmente, o que se acaba por producir é unha nova organización espacial do entorno, aniquilando o sistema habitacional anterior (coas sinerxias organizativas de seu) e suplantada por unha ocupación da que saen gañando só promotores e xestores, e en menor intensidade, os novos residentes.

D. O urbanismo comercial, simulacro e nova urbanización: as grandes áreas comerciais serven ao urbanismo convencional para cubrir varios obxectivos. O primeiro financiar as arcas municipais despois de dar licenzas, pagamento de cánones e outras xestións. Segundo reurbanizar unha área desocupada, incluíndo espazos cedidos para equipamentos e dotacións. Terceiro revitalizar e encarecer urbanisticamente unha área degradada. Isto acontece en Compostela con algunhas superficies comerciais.

Outra cuestión é o “pataleo” do tecido do pequeno comercio compostelán. Coido que se trabucan no sentido das súas protestas. Se se dirixisen con esa virulencia aportando os argumentos aos que me referín terían maior credibilidade. En troques apelan á competencia desleal e a aniquilación do mercado miúdo. Teñen parte de razón. Pero tamén habería que analizar a calidade e a profesionalidade dos seus servizos, a modernización implementada e as evolucións competitivas. Coido que se deixaron levar pola dinámica banal do negocio doado e por fin viron que o seu negocio está no día a día. Analicemos algún establecemento do Casco Histórico adicado á alimentación e comparemos os seus prezos cos dos barrios ou os do Ensache...son “prezos turista” ou son “prezos residente”? Velaquí a contradicción.

Chamamos coloquialmente “urbanizacións” a eses conglomerados consoantes e pechados que ocupan os espazos pericentrais dende hai xa varios lustros. Todos seguen unha estrutura similar e todos provocan a mesma apatía homoxeneizadora e individualizante. Moitos ollan colmeas nese tipo de organizacións residenciais. Precisamente cando antes fixen mención á perda ou deturpación da función residencial do centro da cidade, o proceso antagónico e complementario é a aparición destas bolsas de vivenda. Sen dúbida, que este é un dos aspectos máis característicos do

proceso de urbanización comarcal en Compostela, xunto co crecemento abraiante de núcleos periurbanos próximos. Detrás da proliferación destes conxuntos aillados coa falsa etiqueta de “selectos” (esa idea de privacidade supón unha das súas atraccións máis notabeis), subsiste, para algúns, o discurso demagóxico da procura dunha urbanización difusa e unha pretendida volta ao mundo rural e a contacto coa natureza (obviando problemas como o mobilidade ou a dependencia do transporte privado). Semella que os motivos da súa aparición teñen máis que ver cun movemento centrífugo provocado pola carestía do solo e da vivenda en Compostela e responde principalmente a intereses urbanísticos de promotores e concellos.

Por outra banda, sobre todo ao comezo, as “urbanizacións” provocaron unha chea de problemas xenéricos. Moitas delas xurdiron sen estaren intergradadas no planeamento producindo anomalías nos servizos de abastecemento e saneamento ou nos sistemas xerais. Moitas veces a súa edificación supuxo unha agresión ao sistema de ocupación tradicional do espazo desnaturalizando as relacións sociais e dando lugar a problemas relacionados co ambiente e coas infraestruturas (enchentas, incendios ou sobrecarga de redes). Por outra, está o seu terríbel deseño tanto planimétrico como constructivo. O primeiro consecuencia dunha pretendida liñalidade ortogonal marcada pola sucesión adosada de parcelas ou edificacións. O segundo resultado do modelo constructivo actual fundamentado no emprego de materias en stock para abaratar custos. Existiu pouca reflexión no tocante á paisaxe xerada. Non digamos sobre o modelo de ocupación residencial.

Con este panorama, a cuestión é doada de respostar. A diferenza de pezas constructivas aparentemente similares relacionadas co urbanismo europeo obreiro moderno, onde si existía un fío conductor –un vínculo– entre os ocupantes (traballadores das fábricas de Essen ou Dortmund), este tipo de urbanizacións favorecen o aillamento e a individualización porque non están sustentadas sobre esa necesaria fricción social. Loxicamente, a automatización dos comportamentos e a ausencia de azar (todo é demasiado previsíbel) provoca que sexan espazos susceptíbeis de ser dominados e controlados (algo parecido debeu pensar Haussmann cando decidiu abrir en París grandes avenidas arrasando coa planimetría do París do Segundo Imperio, cheo de ruelas e praciñas para “erguer barricadas e planificar emboscadas”).

No caso de Compostela non se pode ser tan categóricos. Neste caso constitúe máis un problema de crecemento urbano desmesurado e sen planificar que social, aínda que si posúen o carácter individualizante. A vulgar pola estrutura social dalgunhas, conseguiron converterse en contentores residenciais da clase media e alta nos vales do Sur (A Mahía e Ulla) e da clase media nos sectores máis ao norte. Porén, agás

excepcións moi contadas estamos lonxe de panoramas selectivos aos que fai mención David Harvey coas “privadopías” e as “burguetopías”. Existen poucos casos que incorporen ao seu modelo procesos de acumulación por desposesión (como a apropiación privada de conxuntos naturais ou patrimoniais) ou sofisticados sistemas de seguridade. É dicir, semella, en calquera caso, que aínda non se ten chegado ao extremo das imaxes que teñen deixado varios filmes norteamericanos como “El show de Truman” ou “Eduardo Manostijeras” por citar dúas coñecidas.

En todo caso, cómpre ser moi críticos con estes conxuntos residencias tanto polo que significan socialmente como polos conflitos que xeneran en relación ao planeamento, ao deseño urbano e á paisaxe que provocan e, sobre todo, ao modelo ocupacional que fomentan. Neste sentido, a comarca de Compostela non está exenta destes problemas.

7.2.3.- O músculo do proxecto urbano en Compostela: a cidade histórica

Se tratamos de comprender o espazo urbano da cidade histórica, entón, como certeza, poderíamos dicir que constitúe un lugar de encontro, de contato e de converxencia. Con frecuencia, esquécese desde os modelos de xestión que a cidade histórica é ante todo un espazo de urbano de uso residencial. Polo tanto, os problemas específicos e xerais dos centros históricos deben ser abordados baixo o rigor que establece o benestar dos principais actores da cidade –isto é, os propios residentes– alén da idiosincrasia turística ou cultural propia dos emplazamentos urbanos con patrimonio.

Como punto de partida, diremos que a cidade histórica supón un espazo urbano fráxil por motivos internos e externos: ás súas características morfolóxicas, sociodemográficas, debemos engadir a presión externa en forma de especialización funcional do territorio (aproveitamentos turísticos ou de ocio e intereses inmobiliarios entre outros).

Podemos, así e todo, recorrer a unha catalogación da cidade histórica clásica en relación a tres criterios de caracterización tirados do traballo de Emilio Martínez (2001):

- A) Desde o punto de vista *morfolóxico* representa o que en termos urbanísticos denominamos unha estrutura de espazos rematada fronte á periferia que viría a ser unha estrutura de volumes ou sólidos inacabada (trátase de deseños en damero ou de formas xeométricas caprichosas e irregulares). Neste sentido, debemos comentar tamén a peculiaridade de certos accesorios como a iluminación urbana-nocturna, o mobiliario urbano, a existencia de numerosas prazas, os procesos de peonalización, os materiais construtivos (a pedra –nomeadamente o granito no noroeste peninsular– fronte ao cemento e o formigón) ou o propio adonquinado ou a configuración do chan.

Estes elementos contribúen a distinguir e diferenciar o universo do espazo urbano da cidade histórica, identificándoo do resto. Outro grande elemento sería por suposto o patrimonio artístico e arquitectónico ou a beleza estética da propia configuración urbana.

- B) Se atendemos ás *tipoloxías construtivas* o centro histórico resulta un espazo moi rico e diversificado. As diferentes sociedades que pasaron por el ao longo da súa historia (nomeadamente a esencia dos tres poderes fácticos da época premoderna –isto é, Igrexa, nobreza e universidade-) deixaron a súa pegada dando lugar a un conxunto heteroxeneo e variado pero sen estridencias. Os procesos de xustaposición –tan recorrentes con trauma da postmodernidade- ou substitución foron parte da normalidade da compresión espazo-temporal da cidade. A periferia –en troques- presenta certa pobreza estilística (deixando a un lado se se quer as importantes intervencións resultado da arquitectura contemporánea), é repetitiva e impersonal pois a súa produción responde aos intereses mercantilistas do propio mercado inmobiliario (xerador de vez de stocks e de concepcións estéticas). Aliás, podemos destacar que sobre o plano supoñen construción de tipoloxías baixa, polo normal de até tres alturas.
- C) Por último, fronte a *multi/pluri-funcionalidade* da cidade histórica (mesmo cando por motivos de convivencia co resto da cidade perdeu algunha das súas características xeráruquicas na análise territorial), a periferia desenvólvese e deséñase con vocación *mono-funcional*. Isto dá lugar a situación de inestabilidade e falta de equilibrio, e o que resulta peor, ao xurdimento de disfuncións urbanas que rematan por converterse en conflitos sociais. Para os modelos de xestión urbanos supón un repto adecuar esta falta de complementariedade, iniciando procesos de re-equilibrio e integración entre as partes do fenómeno urbano a posteriori. O urbanismo moderno (en termos de actualidade), tal e como se ven practicando, asigna a cada sector unha función específica e a cada espazo un prezo: logo, filtra usos e ocupantes. O principio da especialización do solo revestido teoricamente como zonificación polo urbanismo progresista, responde ao fenómeno da exclusión (Harvey, 2004). Dita especialización extendeuse paulatinamente cara a cidade histórica; porén, este sector segue a conservar unha certa heteroxeneidade nos usos do solo e nos seus ocupantes. É certo que esta vitalidade funcional está a ser cada vez menor, mais suficiente como para asegurar un fluxo de usuarios de todo tipo que unidos á variedade de grupos sociais *resistentes* conforma unha paisaxe rica na que a experiencia cosmopolita tipicamente urbana atopa alí o seu acomodo natural (Martínez, 2001).

A cidade histórica, aliás, é tamén a memoria da cidade por enteiro. Hoxe supón un verdadeiro reclamo para moitos grupos sociais que procuran un lugar de asentamento

dinámico e activo. Neste sentido, nos centros urbanos históricos danse, polo menos, dous tipos de fenómeno de interacción construtiva. A personalidade das cidades históricas confórmase a través dunha arquitectura –no sentido non material ou estético, senón ideolóxico ou se se quer social- que é á vez un produto histórico e social. Identifícanse pois, dúas dialécticas de converxencia. Por unha banda, a cidade histórica como escenario entre grupos sociais e modos de vivir a cidade; pola outra, a cidade como unha construción xenuína con características heteroxeneas. Como veremos, ambos os procesos van formar parte dun mesmo conxunto global, que se vislumbra como unha territorialidade urbana-humana non alineante e, polo tanto, consciente.

Neste sentido, resulta interesante introducir a definición actual do espazo urbano da cidade histórica nas coordenadas espazo-temporais da posmodernidade. A cultura, pensemos en termos de cultura urbana, inmersa na lóxica do capitalismo tardío, converteuse cando menos nunha das súas noicións, nunha mercancía máis de produción (Constenla, 2002). Porén, esta idea non debe facernos crer que o cultural na posmodernidade trascende unicamente polos procesos perversos que desencadea, senón que a súa transformación debe entenderse tamén en sentido positivo. Deste modo, xurdiron infinidade de novas culturas –xeitos de percibir o territorio- que, como tendencias sociais poseen unha representación espacial na cidade histórica; é dicir, recoñecéronse mutacións estético-culturais importantes que deron lugar a novas, diversas e heteroxéneas xeografías culturais, entendidas como formas de uso de disfrute do espazo urbano. Estas novas xeografías culturais gardan íntima relación coas diferentes prácticas ideolóxicas que se manifestan fortemente na posmodernidade. Deste modo, o feminismo e o ecoloxismo, o movemento okupa e o movemento de gays e lesbianas, o pacifismo e o antimilitarismo e, incluso, o nacionalismo e o independentismo, adquiren unha determinada manifestación espacial provocada polo uso dun territorio concreto.

É polo tanto, esta dialéctica de contrastes entre o espazo urbano percibido e o vivido o que caracteriza á cidade histórica como un escenario. Non podemos esquecer que a propia natureza morfolóxica e estrutural dos centros históricos os converte en verdadeiros lugares de esparcemento, se nos referimos a manifestacións culturais, sociais ou políticas. Noutras palabras, o laboratorio social –en termos de percepción do espazo urbano- converteu á cidade histórica nun macrocomplexo de usos urbanos heteroxeneos e, aliás, alén do tránsito rodado ou das actividades contaminantes; supón por iso, un espazo de liberdade no uso social.

Lembremos que a cidade histórica ofrece innúmeras solucións espaciais ao libre uso urbano dos grupos sociais, en función da súa caprichosa estrutura; desde amplas prazas abertas até pequenísimos recantos cheos de misticismo e recollemento. Pero tamén intervén a xestión. A peonalización deu lugar a un proceso individual e colectivo de importante

multiplicación dos usos; desde os nenos até a terceira idade. Existe, mesmo, unha idea romántica do aluguer na cidade histórica, aínda en condicións precarias.

Porén, o multifuncionalismo e a concepción da cidade histórica como un espazo urbano de encontro –entre a mestizaxe ben entendida e a marxinalización do sistema, digamos- deu lugar a unha serie de problemas de índole sobre todo ocupacional e habitacional. Neste sentido, o imaxinario social dótalles dunha identidade marxinal, problemática, conflitiva, en moitos casos delictiva, ou mesmo relacionada co tránsito de drogas a pequena escala; unha imaxe distorsionada con respecto á realidade pois en moitos casos esa construción mental non provén dunha análise empírica ou simplemente da experiencia. Esta determinada visión da cidade histórica, fai que exista unha especie de *topofobia* –ou urbofobia- (Martínez, 2001) vinculada ao principio de exclusión (da outredade, do diferente, do extranxeiro ou do inmigrante). Maniféstase este proceso, tanto no uso en termos despectivos (por parte da poboación ou dos medios de comunicación local), como da ausencia de límites ou recoñecemento de sectores nos mapas cognitivos dos habitantes da cidade: impónselle unha condena. Estas representacións, unha vez traducidas en actitudes e opinións, comprometen as posibilidades de desenvolvemento social e urbano destes sectores e da súa poboación.

Como se manifestan na cidade histórica estes procesos de exclusión? Existen moitos exemplos para o caso. Collamos o analizado polo xeógrafo David Harvey na súa obra *Espacios de Esperanza* (2003). En Baltimore as políticas oficiais da cidade histórica oriéntanse cara a supresión e o afastamento das actividades marxinais xeradas pola sistema capitalista. Varias actuacións demostran esta afirmación. A xestión das vivendas baleiras¹³⁶, propiciando a súa demolición, pretende expulsar aos pobres e á clase marxinal fóra da cidade. Existe tamén a pretensión de trasladar ao extrarradio urbán a todos os centros de cociña económica de Baltimore, historicamente localizados no centro. Para iso, destaca a construción dun edificio novo situado nun barrio empobrecido (tras o penitenciario da cidade) donado por un multimillonario local a cociña económica coñecida como "Our Daily Bread" (Nosso Pan de Cada Día). A antiga sé deste centro de caridade que alimentaba a unhas 900 persoas ao día na súa localización anterior propiciaba a "libre" circulación de pobres polo centro da cidade, situación que "potenciaba a delincuencia, devaluaba a propiedade inmobiliaria e retrasaba a reurbanización" (Harvey, 2003). Ademais, o solar no que se situaba dito centro de beneficencia constituía un activo potencial para a especulación inmobiliaria.

¹³⁶ Segundo as observacións de David Harvey, inmersas no tratamento exhaustivo que realiza das condicións de vida urbana en Baltimore, recollidas no capítulo 8 baixo o título "Los espacios de utopía" da obra *Espacios de Esperanza* (2003), en 1970 había 7 000 casas vacías, na súa maior parte abandonadas, na actualidade existen unhas 40 000 vivendas nestas condicións dun parque total dunhas 300 000. O autor denuncia o alto número de *homelessness* localizado na cidade que contrasta con esta situación de desamparo de edificios enteiros e non só iso, senón que contrasta coa política municipal da cidade que se orientou cara a unha demolición a grande escala. En Baltimore derribáronse 4 000 casas entre 1996 e 1999 e están planeadas outras 11 000 demolicións (Harvey, 2003).

Porén, non son éstas, os procesos de exclusión en relación á marxinalización, as únicas experiencias de segregación social que podemos enumerar neste traballo. Os condicionantes políticos dos diferentes grupos sociais foron tamén unha evidencia dentro do concepto de cidade histórica como escenario; desde as mobilizacións e manifestacións dos sindicatos traballadores até ás protestas e reivindicacións de grupos gays e lesbianas, mulleres maltradas ou toda unha serie de accións contestarias que podemos imaxinar, teñen configuración e soporte espacial –en definitiva na cidade histórica.

Cadro 7.9.- Problemática-tipo das cidades históricas

Poboación e estrutura social	Perda de efectivos (valdeiramento demográfico) Expulsión de grupos sociais Procesos de invasión-sucesión Avellentamento Segregación de áreas e exclusión social (áreas étnicas, áreas problema, estigmatización de sectores sociais e urbanos) Aburguesamento ou gentrificación (selectivo)
Usos do solo	Escaseza de zonas verdes Déficit dotacional Equipamentos estandarizados Equipamentos de función metropolitana no local Desaparición de usos residencial e de servizos comunitarios Terciarización selectiva Perda de vitalidade funcional Decreemento e desaparición de fontes de emprego tradicional (comercio, artesanado, industria urbana) Transformación cuantitativa e cualitativa da estrutura comercial
Edificación e vivenda	Inadecuación a novos usos e formas familiares Obsolescencia, vellez e degradación Alto número de vivendas valeiras Vivendas en estado de ruína Sustitución de edificios residenciais por modernos inmobles de oficinas e despachos profesionais en áreas seleccionadas Condicionantes de tipo histórico-cultural e tipolóxico
Estrutura urbana	Texido urbano inadecuado e pouco esponxoso Forma e tamaño do parcelario Variacións do prezo do solo (incremento absoluto e relativo)
Tránsito	Problemas de estacionamento Conxestión Polución e contaminación acústica Difícil equilibrio entre tránsito peatonal e Motorizado

Fonte: Gavira, 1985; Zárate, 1991; Martínez, 2001 e elaboración propia

Neste sentido, a cidade histórica foi de sempre un escenario *de* conflito. Os problemas de desigualdade social no uso e na propiedade do espazo urbano convertéronse nun tema controvertido e moi debatido –como é sabido- por todas as disciplinas das ciencias sociais. Desde as revoltas populares nos arrabaldos dos burgos medievais, pasando polos conflitos de clase rexistrados nas aglomeracións fabriles da cidade industrial até as actuais preocupacións de segregación social, especulación inmobiliaria ou mesmo excesiva

elitización de algunhas áreas; o fenómeno urbano protagonizou grande parte dos procesos de emancipación/opresión das clases pobres desde o nacemento da modernidade.

Ao mesmo tempo, a cidade histórica foi de sempre un escenario *para* o conflito. Nela tiveron lugar case todas as reclamacións populares que se recordan. Como centro de poder, o universo urbano xogou sempre un papel determinante no contexto da loita social e política. Quizáis, esta afirmación faise explícita no século XX e a medida que o sistema capitalista afina con maior precisión os seus instrumentos de control xeoestratéxico. Por iso, non extraña que sexa precisamente na era tardocapitalista, cando a cidade histórica aumenta xeométricamente a súa dimensión e mesmo pasa a ocupar o denominado espazo ficticio, acadando unha esfera fractal, indeterminada e relativa.

Na cidade histórica de Los Angeles, tivo lugar en 1992 a máis violenta e devastadora das revoltas populares que tiveron lugar en Estados Unidos no século XX. Coñecida como a “Justice Riot¹³⁷” o seu lema foi “no justice, no peace” (“se non hai xustiza, non hai paz”). A cidade e as rúas foron tomadas por entre 50.000 e 200.000 persoas para saquear e incendiar centos de establecementos comerciais, todo seguindo un movemento centrífugo que foi desde o centro histórico cara os suburbios (García Vázquez, 2004). Na obra *Ciudad de hojaldre* (2004), o arquitecto Carlos García Vázquez narra as novas tendencias que están a tomar as cidades cara os retos do novo século. Preséntase o exemplo de Los Ángeles como o paradigma de cidade dual; un espazo urbano cunha ampla caracterización mediática que contribúe á súa eclosión económica desde finais da década dos 1970.

En 2004 foi ano santo –ano xacobeo– en Santiago de Compostela. Esta cidade modificou as súas estruturas urbanas con impresionantes procesos culturais, sociais e económicos. O importante fluxo que supuxo o incremento do que denominamos industria cultural –coa súa dobre esfera, a económica e a cultural– deu lugar á transformación estética e ideolóxica da cidade. O 15 de marzo de 2001, sobre as 19h, o ex-Reitor da USC –Darío Villanueva– autoriza, baixo tensións políticas, a entrada dos antidisturbios policiais nas dependencias do Colexio de San Xerome, actual sé do reitorado universitario. Nel, desde pola mañana, un grupo de estudantes pechárase en sinal de protesta contra a LOU (Ley Orgánica de Universidades). Como é sabido, a entrada dos efectivos policiais nas instalacións universitarias supón unha vulneración absoluta dun dos principios básicos da democracia, sendo ésta, unha das escasas ocasións que ocorren estes incidentes após o remate da ditadura franquista. Estes altercados saldáronse con varios detidos, máis dunha ducia de estudantes

¹³⁷ Estes altercados tiveron lugar como resposta á absolución xudicial dos policías que apalearon brutalmente a Rodney King, un cidadán negro detido por conducir –supostamente– en estado ebrio.

procesados e cunha salvaxe carga policial polas rúas da cidade¹³⁸. No mesmo ano, en Compostela, producíronse até unha ducia de cargas policiais inxustificadas (con varios feridos e graves disturbios). Foi un ano cargado de tensión; o Estado español ocupou a presidencia da UE e en Compostela celebrouse un Consello de Ministros; Manuel Fraga revalidou a súa maioría absoluta e o celebrou coa habitual “gaiteirada” e as mobilizacións estudiantís contra a LOU provocaron que o colectivo universitario se mantivera durante máis de dous meses en folga, convertindo a esta cidade na vangarda da revolta contra esta lei no Estado español.

Non todas as cidades históricas están a ser afectadas por estes procesos –nin os de segregación ou exclusión por marxinalidade nin por conflitos políticos, sociais ou de clase-. Ademais, unha das súas características é a súa heteroxeneidade (como xa dixemos). Existen áreas deterioradas e outras atractivas e recuperables onde se levaron a cabo operacións de renovación selectiva. Os procesos de renovación urbana contribuíron á expulsión da poboación tradicional. Segundo Emilio Martínez (2001), recorrendo aos ecólogos de Chicago, podemos observar aquí fenómenos de invasión-sucesión, tanto no funcional como no social. Na maior parte dos casos –cando non existen políticas locais públicas concretas con medidas habitacionais de recuperación do uso residencial, isto é; da pervivencia da vivenda-, as edificacións que se construíron (enténdase tamén que se rehabilitaran ou que se recuperaran) foron destinadas ben a oficinas, ben a pequenas vivendas para demandantes de alto nivel adquisitivo. Entón, existe un proceso de terciarización do uso do solo; en consecuencia, a tendencia á monofuncionalidade do seu espazo só vulnerada pola percepción dos usos sociais, e ademais, unha progresiva elitización dalgúns sectores do centro.

Algúns destes conflitos, que caracterizan á cidade histórica como un escenario, comezaron a manifestarse moi cedo. O desenvolvemento da cidade evidenciábase cando nos os provocaba. En todo caso, non podemos perder a perspectiva temporal –que tamén é social e ideolóxica- que edificou as cidades históricas nas últimas décadas.

A segunda das dialécticas que propoñemos sobre a cidade histórica responde á propia interacción entre os habitantes –desde residentes até turistas e visitantes- e a materialidade do espazo urbano. Podemos partir da base de que cada uso social sobre o entramado (rúas e mazás), edifica un espazo específico alén da propia materialidade. Atopámonos no centro do debate entre os conceptos do espazo urbano vivido e o percibido. Marx considerou que a problemática da dialéctica hegeliana trasladada á cidade, para o caso á cidade histórica, soluciónase volcando e invertindo os dous *bloques erráticos* da función; entón a realidade pasaba a ser o resultado dunha materialidade específica alén da nosa percepción, e distinguía

¹³⁸ Naquela tarde grisácea compostelana, o Reitor, ao mesmo tempo que autorizaba a entrada da policía no seu despacho, ordeaba -por mandato expreso- pechar todas as facultades próximas ao lugar das cargas (nomeadamente a Facultade de Xeografía e Historia e a de Medicina situadas na propia cidade histórica). Foi este un mecanismo de recorte de liberdades e dereitos ao impedir que o estudiantado buscara acubillo e protección.

pois o material da estrutura –modo de produción- da innúmera secuencia de distorsións da percepción en forma de superestrutura –ideoloxía-.

Esta cuestión, propia da filosofía da ciencia, vai ser moi importante á hora de distinguir aqueles usos que van vertebrar a configuración do espazo urbano da cidade histórica daqueles que a deturpan, que a vulneran ou que quebran a territorialidade humana en canto unha forma de comportamento espacial, un acto de intencionalidade, unha estratexia con tendencia a afetar, influír ou controlar á xente e aos recursos dunha área através do seu control territorial; ou á contra, un acto por inxerir no territorio –neste caso á cidade histórica- un papel vertebrador das relacións sociais e polo tanto, que regulan e ofrecen a posibilidade de xerar un espazo urbano sen presión social, naturalizante, heteroxéneo en formas e homoxéneo en sentido, aliás de xenuíno.

Independentemente da dualidade á que facemos referencia, entón sabendo que a sensación de espazo percibido pode levarnos a un erro de análise, podemos aceptar que a arquitectura xenuína da cidade histórica conxeniou nun mesmo espazo elemental (en canto á estrutura e morfoloxía urbana) “o lugar onde se produce a mercancía, onde se consume, onde se reproduce a forza de traballo e onde se difunde o código social de convivencia” (A. Álvarez Mora e F. Roch, 1980). Apartir de aquí é que podemos establecer o xurdimento da cidade histórica como un espazo urbano de converxencia, plurifuncionalidade e complexidade de usos.

Entón, como identificar as diferentes construcións do espazo urbano vivido da cidade histórica? E o que resulta máis importante, como distinguir aquelas que afortalan a identidade dos colectivos sociais daquelas que vulneran o sentido e o significado do territorio da cidade? Este propósito de distinción supón se cadra un repto moito máis dificultoso, se temos en conta a multiplicación de olladas que ofrece o universo urbano no capitalismo tardío. Tampouco plantexamos aquí un debate entre o adecuado ou non das formas que acada o espazo en función do uso social soportado. Trátase de integrar nos modelos de xestión dos centros históricos apartados que acepten a especificidade territorial humana de cada área da cidade. Entón, poderemos rehabilitar e renovar a cidade histórica combatindo abertamente os procesos de elitización (distopías burguesas) e segregación urbana (desde o zoning até a renda de situación), pero tamén outros que teñen que ver co medo e a seguridade cidadá ou o libre uso dos espazos públicos.

Como temos visto, e ademais resulta unha evidencia, existen unha serie de rasgos que caracterizan á cidade histórica, diferenciándoa do resto do universo urbano. De todas as especificidades quixemos centrarnos naquelas que supoñen conflitos ou transformacións de orde social, funcional ou morfolóxica (baldeiramento demográfico, envellecemento da

poboación, terciarización do espazo, deterioro ambiental ou formación de áreas problema), xa que constitúen o grupo no que como xestores, máis debemos coñecer e tratar nos planos de recuperación e reforma. Ademais, todo este conxunto de rasgos ten demostrado ser un claro condimento de influencia que marca fortemente a idiosincrasia do espazo urbano. Tanto as virtudes como os problemas da cidade histórica condúcennos a pensar que o tratamento urbanístico e social destas pezas, debe ser necesariamente singular en canto parte moi específicas do entramado e á vez recollido en plantexamentos globais. Polo tanto, a problemática da cidade histórica non pode contemplarse como algo independente dos factores e procesos que impulsaron o enorme desenvolvemento das cidades nas últimas décadas. Pódese dicir, que nun primeiro momento identifícase un proceso de crecemento económico que conleva en principio a concentración de forzas produtivas na cidade até polo menos a crise de sobreacumulación dos anos 1970 (Harvey, 1989). Isto dá lugar á extensión da produción capitalista ao espazo (Lefebvre, 1974) a través de procesos de concentración e dispersión primeiro –anos 1980-, e de competencia interterritorial despois –anos 1990- (Castells; Soja, 1989 e Harvey, 1989), facendo del unha mercancía máis do sistema. Nunha segunda fase de evolución, recoñecido o capitalismo tardío e inmersos no denominado xiro cultural postmoderno, atopámonos procesos inversos que axudan a deconstruír o discurso anterior (xustapoñendo e desmontando os metarrelatos anteriores da modernidade), dando lugar de paso a unha suma de efectos que conleva unha maior presión sobre o espazo urbano: a descentralización dos procesos de traballo e de produción; a concentración de tarefas de xestión e de dirección; o descenso demográfico; a mobilidade interior da poboación; as pautas culturais de consumo de bens e servizos urbanos; a crecemente inmigración ou os procesos de flexibilización económica ou de turistificación do espazo histórico.

Moitos autores (todos os citados e algúns outros como F. Jameson, N. Smith ou D. Massey) teñen defendido, que a problemática da cidade histórica –e en xeral de calquera peza da cidade, mesmo ela mesma- débese inscribir dentro da división económica e social do espazo, no que ñe a tradución espacial da nova división internacional do traballo e das desigualdades sociais. O espazo –tamén o urbano- constitúe un produto social, e como tal, está densamente influído polo propio modo de produción.

No seu traballo, Emilio Marínez (2001) propón unha interesante tipoloxía de cidade histórica en base a unha serie de criterios socioxeográficos. A funcionalidade constitúe un dos criterios máis importantes á hora de facer unha definición da cidade histórica. Ao comezo xa vimos, como estes espazos adoitando ter unha pernalidade multi-funcional fronte á especialización espacial da periferia ou dos barrios edificación contemporánea. Este aspecto presentaba unha clasificación xerárquica específica que se facía explícita á hora de analizar o espazo vivido. Xa Troitiño Vinuesa na súa obra *Cascos antigos e centros históricos: problemas, políticas y dinámicas urbanas* (1992), sinala que seguindo o patrón da

funcionalidade poden distinguirse tres tipos de relación espacial entre os centros históricos e o resto da cidade:

- a) Centros históricos que deixaron de ser o centro urbano a nivel económico funcional mais que conservan a centralidade simbólica ou funcional (Cuenca, Cáceres, Zaragoza, Barcelona ou Oviedo).
- b) Centros históricos onde o histórico e o funcional manteñen diversos niveis de imbricación conservando elementos de centralidade (Madrid, Valladolid, Segovia, León, Guadalajara, Salamanca ou Ávila).
- c) Centros históricos que continúan a ser o centro funcional da cidade actual (Toledo, Santiago de Compostela, Teruel ou Plasencia).


Agora a cuestión que podemos facernos é a seguinte; que papel xogaron nos últimos anos os modelos de xestión urbana nas cidades históricas, e en que medida foron as causantes deste tipo de relacións xerárquicas entre partes da cidade? Podemos establecer unha dúbida razoábel. Semella correcto afirmar que naquelas cidades onde as políticas de xestión urbana estiveron moi centradas desde os primeiros 1980, na recuperación integral dos centros históricos –isto é, desde o acceso á vivenda até a rehabilitación do espazo público- atópanse hoxe no terceiro dos grupos que sinala Troitiño, sobre todo, se esas políticas non estiveron unicamente dirixidas á recuperación do patrimonio.

O patrimonio, a súa protección e promoción, é sen dúbida una das liñas discursivas máis importantes do feito urbano e metropolitano de Santiago de Compostela. A cuestión do coidado dos bens culturais foi incorporada á axenda política municipal en datas moi recentes (no contexto do plan urbanístico), aínda que é certo que existen figuras de xestión e protección desde hai xa décadas. Con todo, se atendemos aos catálogos que aparecen nos distintos plans municipais poderemos comprobar, como aqueles máis recentes, incorporan prospeccións máis exhaustivas que aqueloutros aprobados (con excepcións), sen ir máis lonxe na década de 1990.

Esta tendencia á protección e á catalogación dos bens culturais foi consecuencia da importancia que posúen non só como atributos histórico-territoriais da sociedade, senón como actores importantes para o desenvolvemento económico de calquera rexión, debido ao seu gran poder de atracción de visitantes e á captación de fondos que requiren. Neste sentido, Santiago de Compostela converteuse no maior centro patrimonial de Galicia e unha referencia mundial na súa xestión, como testemuñan os diferentes premios que a cidade atesoura. Os Camiños de Santiago, a Catedral, o casco monumental e os numerosos bens existentes (tanto culturais como naturais) compoñen un amplo catálogo, ao que hai que sumar a tradición oral e inmaterial. Destacados organismos internacionais como a UNESCO, recoñeceron todo este

valor e trataron de protexelo e promocionalo. O gran risco de banalización, turistificación ou tematización debería preocupar nas futuras estratexias, non só porque supón unha minusvaloración do catálogo de bens, senón polos efectos sociais e económicos que xera (xentrificación, segregación, especulación, etc).

Imaxe 7.15.- O tratamento urbanístico da cidade histórica en Santiago de Compostela.



Fonte: PECH, 1997

Indubidabelmente Santiago de Compostela asenta as súas directrices de crecemento estratéxico na súa magnitude metropolitana e no seu poder de atracción internacional, o que lle confire unha marcada centralidade a escala rexional. Complementariamente, e sen subtraerlle potencia a esta perspectiva, existen unha serie de atributos urbanos de “ámbito local e significación global” desde os cales leva decenios construíndo unha identidade chave no proceso de desenvolvemento territorial da cidade. Esas pezas urbanas están circunscritas á marcada personalidade do Casco Monumental, entendido en sentido estrito como a “améndoa” medieval, á que se unen unha serie de espazos e itinerarios verdes de

importantísimo valor ecolóxico e ambiental, entretecendo unha malla de barrios populares (antigos arrabaldes) dispostos, case sempre, sobre a pegada do Camiño de Santiago.

Deste xeito, a unidade recollida desde 1997 no Plan Especial de protección e rehabilitación dá cidade histórica de Santiago de Compostela (PECH), queda definida pola unión coherente de pezas diversas que teñen o seu epicentro na cidade amurallada para expandirse despois cara a Sar (polo Sur), San Lourenzo (polo norte), San Pedro (polo sueste), entre outros; englobando á súa vez rexuvenecidas hortas monacais como os parques de Bonaval e Belvís, e parques de tradición clasicista e modernista como a Alameda.

Confórmase así a imaxe da Cidade Histórica compostelá. Sumatorio de épocas e usos sociais e que outorga ao conxunto urbano boa parte da súa idiosincrasia. A peza no seu conxunto, recoñecida como Patrimonio Mundial da Humanidade en 1985, posúe un ámbito azul de protección, que os actuais instrumentos de plan respectan e integran na súa normativa. Con todo, na actualidade, esta peza xestionada con éxito internacional, tanto polo propio PECH como polos esforzos en políticas públicas de rehabilitación de vivendas lanzadas desde o Consorcio de Santiago e a Oficina de Rehabilitación, presenta certos déficits que serán necesario abordar na presente análise, co fin de trazar liñas estratéxicas de crecemento sustentable tamén para a Cidade Histórica.

Na denominada améndoa medieval conviven unha serie de usos sociais non sempre en réxime de conciliación. O PECH do 1997 establece como uso principal o residencial recollendo todas as recomendacións emitidas desde a Unión Europea: perseguíase un casco vivido. Con todo, o paulatino crecemento de actividades vinculadas ao lecer e ao turismo de masas, foron transformando a realidade desta peza que, aínda que se resiste, está a converterse nun espazo envellecido e deshabitado (dende o punto de vista residencial). Os altos prezos de adquisición de vivendas (moitas veces sen rehabilitar), xunto coa dificultades para incorporarse aos novos estándares de confort residencial en materia de mobilidade (lembramos que o Casco Monumental está peonalizado parcialmente no seu conxunto), accesibilidade (ausencia de ascensores), confort climático e enerxía, abastecemento e saneamento, acceso ás novas tecnoloxías ou servizos urbanos (recollida de RSU), contribúen a que cada sexa máis difícil fixar poboación neste ámbito.

Doutra banda, a turistificación do casco, coa elevadísima cociente de establecementos hostaleiros localizados no casco antigo xunto coa proliferación dun comercio de baixa calidade, dan lugar a un monocultivo urbano excesivamente centrado no discurso de “cidade santuario”. Deste xeito, algunhas das patoloxías detectadas que esta análise debe recoller son:

- Desigual crecemento entre a cidade construída nos límites da cidade histórica, tanto desde o punto de vista social, como urbanístico.
- Inadecuación dos actuais instrumentos de xestión á realidade socioeconómica.
- Elevado custo da xestión e mantemento da realidade urbana da Cidade Histórica.
- Inexistencia de canles de participación pública nos procesos decisorios, así como dificultades administrativas para a obtención de licenzas.
- Perda paulatina de poboación de dereito, xunto cun acelerado proceso de envellecemento demográfico.
- Problemas para fixar nova poboación fronte ao déficit de servizos públicos e o elevado custo.
- Aumento do número de vivenda baleira (establecida no ano 2010 na contorna do 10%), da infravivenda e do número de expedientes de edificacións ruinosos.
- Aumento do número de baixos comerciais sen uso e en notábel estado de deterioro (a recente suspensión legislativa dos contratos de “renda antiga” é moi patente).
- Proliferación de establecementos comerciais de baixa calidade xunto o monocultivo da actividade turística en ocasións de baixa cualificación.

Máis aló dos barrios xa sinalados que forman parte da Cidade Histórica (aos que tamén facemos mención neste apartado), como urbe medieval, Compostela é debedora das súas arrabaldes. As portas da muralla dan lugar a itinerarios que unían pequenos núcleos coas hortas dos distintos conventos e mosteiros extramuros. Deste xeito, fóronse conformando barrios populares como os xa nomeados de Sar, San Pedro e San Lourenzo, pero tamén outros tan xenuíños como Almaciga, Vista Alegre, Vite, San Lázaro, Amio, Aríns, O Castiñeiríño, Pontepedriña, Conxo (que chegou a ser municipio), Santa Marta, entre algúns outros máis afastados como Ou Romáño, Figueiras, Casas Novas ou Labacolla (por citar só algúns).

O certo é que a convivencia destes barrios co resto da cidade (Ensanche+Casco Monumental), que nos leva a outra escala intermedia das múltiples que Compostela barrios de descoido e excesiva potenciación de esforzos nas pezas centrais da cidade. A aparición de novas periferias non fixo máis que poñer en evidencia os conflitos urbanos existentes nos límites da cidade e nas marxes de unión cos seus barrios. Así, desde as políticas de vivenda establecéronse unha serie de medidas que datan dos anos 2000 a través das Áreas de Rehabilitación Integral (ARI). Até hoxe, os polígonos de vivenda de Vista Alegre e Pontepedriña contan cunha Memoria-Programa que tamén foi redactada (non tramitada aínda) para A Almaciga e Vite.

Este instrumento, xunto con algunhas liñas de traballo do proxecto Urbana Norte, tentaron paliar algunhas das patoloxías que hoxe se poden identificar nos barrios da cidade e que no futuro deberán ser afrontadas xa non dende ARIs (figura desaparecida) senón dende

ARRUs (Áreas de Renovación e Rehabilitación Urbana). Todos eses conflitos de convivencia urbana descenden das dificultades que mostrou o proceso de crecemento experimentado pola cidade desde mediados dos anos 1990 para integrar aos seus barrios e incorporalos á “excelencia” do resto da paisaxe urbana. Así, entre os problemas que hoxe se poden detectar destacan:


- Deterioro das edificacións en materia de accesibilidade, enerxía e confort climático.
- Problemas de conectividade co resto da cidade e mobilidade tanto interna como externa.
- Accesos a servizos urbanos deficitario con escaso nivel de investimento orzamentario.
- Problemas puntuais de convivencia social e seguridade veciñal.
- Envellecemento poboacional e redución do tamaño da unidade familiar fronte ao crecemento das novas centralidades periurbanas.
- Falta de recursos para potenciar o atractivo dos barrios e a súa identidade popular.
- Existencia de infravivenda e elevado número de vivenda baleira.

O certo é que todo o catálogo de bens que posúe a cidade histórica de Compostela e que son visitados anualmente por miles de persoas de todo o mundo require unha serie de coidados pormenorizados. Para o devandito empeño xorden tres problemáticas que deben ser abordadas con rigor: o modelo de xestión, o financiamento e a complexidade competencial.

- O **modelo de xestión** do patrimonio debe decidir que tipo de rol pode xogar o mesmo en conxunto do discurso da cidade. Durante a década dos 1990 e nos comezos do século XXI, o patrimonio foi tratado como un factor importante para o crecemento económico e social da cidade. Con todo, non era o único senón que se complementaba con outras liñas de desenvolvemento que ían desde o apoio ás microculturas ou as políticas de innovación e investigación. O conxunto daba lugar a unha gran diversidade e sobre todo a non monopolizar o modelo da cidade sobre a base do patrimonio. Pola contra, nos últimos anos, a perda de capacidade de liderado xunto aos efectos da crise, deron paso á creación da marca “cidade santuario”. A Catedral, como epicentro do sistema, converteuse no principal motor xa non só da economía senón tamén da imaxe da cidade, dando lugar á perda de diversidade e á consabida banalización do espazo (coa proliferación de negocios turísticos de escasa calidade, por exemplo).
- O **financiamento** supón o elo máis importante -xunto co liderado político- para levar a cabo as iniciativas planificadas. O custo de mantemento e posta en valor dunha cidade histórica supón un esforzo moi importante para as administracións locais. A pesar das institucións e organismos que apoian a conservación e promoción dos bens culturais, o certo é que sempre son fondos escasos e con criterios arbitrarios de repartición. Por

exemplo, se atendemos ao orzamento do que dispoñía o Consorcio de Santiago para o ano 2014, este ascendía a 9.717.471,05 euros . Desda cantidade, a metade foi destinada ao Programa de Dinamización Turístico-Cultural da cidade, fundamentalmente centrada no desenvolvemento da Real Filharmonía de Galicia. Con todo, só o 34,69%, ou sexa 3.370.196,84 de euros, foron destinados a actuacións en edificacións de titularidade privada . A esta última partida, hai que restarlle 1.427.379 euros para a continuación do proxecto de restauración das Torres da Catedral, é dicir, algo máis do 40%.

Imaxe 7.16.- Orzamento do Consorcio de Santiago para o ano 2014.



Fonte: Consorcio de Santiago e elaboración propia 2016.

- A **complexidade competencial** (xa analizada con anterioridade) debe deixar claro cales son os axentes (públicos e privados) que deben liderar o proceso de conservación e promoción do patrimonio. O certo é que Administracións Públicas (Estado, Xunta, Deputación ou Concello), organismos e institucións (Dioceses, Arcebispado ou Universidade), entidades privadas e fundacións, así como outro tipo de actores mixtos (empresas públicas, Consorcio, etc), viñeron xogando un papel proactivo neste sentido. Con todo, o actual estado de conservación dalgúns bens (véxase algunha Facultade Universitaria ou algunha Basílica) merecen maior coordinación para unha actuación conxunta neste sentido.

Finalmente, é necesario dicir, que en Compostela existen moitos máis elementos que deben ser postos en valor e que aínda son invisíbeis tanto ao residente como ao visitante. Os esforzos deben ser repartidos e dirixidos tamén a visibilizar este outro patrimonio relacionado con xardíns interiores, exposicións, fondos bibliotecarios ou tradición inmaterial.

En calquera caso, na cuestión concreta de Compostela, e unha vez repasados algúns trazos da súa evolución histórica e social dende o punto de vista urbanístico, a continuación

preséntanse de modo sintético algunhas das patoloxías que agocha a cidade histórica e tamén, para rematar algunhas suxerencias de actuación futura (aproveitando o proceso de redacción dunha nova figura de planificación urbanística pero sobre todo o primeiro Plan de Xestión):

A. PATOLOLOXÍAS:

1.- Unha cidade sen discurso: o carácter que Santiago de Compostela posuía nas últimas décadas como centro de difusión de ideas, universal e cun marcado carácter cosmopolita (seguindo a concepción europeísta e integradora), debeuse, en boa medida, ao papel que desenvolvía a súa cidade histórica como pólo dinamizador do seu imaxinario urbano. O recoñecemento internacional das súas políticas de rehabilitación de vivenda e o intenso esforzo pola conservación do patrimonio víanse reforzadas pola acción activa de diversas institucións que impulsaban iniciativas socioecómicas e culturais sobre un cenario de excelencia. Compostela sufriu un admirábel proceso de recuperación das súas estruturas funcionais e físicas, polo menos en adaptación á súa limitada densidade demográfica e ao seu comportamento social.

Hoxe, por diversos motivos entre os que podemos destacar a intensa crise económica e os seus efectos sobre a xestión local xunto cunha normativa urbanística que se ben ofreceu froitos importantes nos temas relativos á peatonalización e á posta en valor do patrimonio edificado, non foi quen de adaptarse de todo ás mudanzas nas tendencias sociais da ocupación do espazo, a cidade padece unha "volta atrás" na súa identidade refuxiándose, a pesar dos importantes esforzos de distanciamento realizados por algunhas plataformas cidadás, na imaxe de cidade santuario enaltecida por certa banalización dos usos comerciais, hostaleiros e de ocio.

Loxicamente, este feito é matizábel e puntualizábel. Non obstante, Santiago necesita atopar de novo o seu relato e "empoderarse" a través das súas cualidades máis destacabeis dende o seu centro histórico, até o valor potencial do seu rural. Este discurso non debe redactarse, como dicimos, á marxe do entorno territorial e ambiental que contribúe a enriquecer a diversidade urbana, nin tampouco das dinámicas sociodemográficas, culturais e económicas que son, en definitiva, as verdadeiras forzas que alimentan a complexidade da urbe.

2.- Unha poboación estancada: a cidade mantense dende hai varios lustros a poucos miles de superar os 100 mil habitantes. Xunto a un intenso proceso de metropolitanización (tal vez consecuencia dun irregular crecemento dos desenvolvementos residenciais durante finais dos 1980 e principios dos 1990 e a

certas disfuncións operadas no ámbito do mercado da vivenda), atopámonos cunha situación de paulatino envellecemento poboacional e unha diminución do tamaño medio dos fogares, que se nota con maior intensidade no centro histórico e xa comeza a observarse no denominado ensanche). O factor humano -a existencia de masa crítica- é indispensable para calquera reformulación urbana en termos de desenvolvemento equilibrado e crecemento coherente. Debemos pensar nunha cidade vivida, onde convivan en harmonía os distintos usos sociais e onde sexan compatíbeis a conservación do patrimonio coas lóxicas condicións de vida adaptadas aos tempos.

Xunto con esta patoloxía, cómpre reparar a disfunción –xa comentada- que cohabita na cidade entre a poboación de feito e a de dereito. Este asunto provoca anomalías na xestión de diversos servizos de utilidade pública e fica certamente expresado no déficit relativo ás necesidades orzamentarias.

3.- Un tecido comercial en declive: as últimas aparicións na cidade de grandes áreas comerciais periféricas teñen contribuído á paulatina perda de importancia dun tecido comercial que de por si ten mostrado historicamente certa resistencia á renovación das súas estruturas e do seu modelo de negocio. Á marxe da superlativa contribución do Mercado de Abastos (que ninguén discute, máis como centro turístico que como centro efectivo de compra-venda ao por menor), o comercio da cidade, e máis nomeadamente do casco histórico e dalgúns barrios, ten comezado un proceso de abandono (que é visíbel no aumento do número de baixos baleiros) e, o que resulta peor, de substitución dos antigos establecementos por outros que non responde a lóxicas locais e non son como se supón que unha cidade como Compostela deba promover.

4.- O turismo non pode ser a única solución: a proliferación nos últimos anos de hoteis e establecementos hostaleiros cun marcado carácter patrimonial e de excelencia (certamente no entorno da cidade histórica), non pode ser a única vía de solución que semella ser proposta. En primeiro lugar, porque se trata dun “nicho” de mercado en constante oscilación (reforzado, por certo, en tempo de crise por tratarse dun mercado turístico próximo, diverso e asumíbel), pero tamén porque xera estruturas económicas que, en certa medida contribúen a ese discurso "santuario" establecido e que ademais son estritamente estacionais.

Por outro lado, a lóxica dominante do turismo de masas e de baixa calidade está a deixar unha pegada nada satisfactoria na imaxe urbana, provocando un perfil de negocio de moi baixa repercusión.

5.- A hipertensión da mobilidade: a cidade, dende o punto de vista da mobilidade e a accesibilidade (e en consecuencia, dende a sustentabilidade) atópase en mans dunha ausencia absoluta de análise de necesidades e de fluxos (inexistencia de PMUS), pero tamén limitada por certos déficits infraestruturais (periférico inacabado, por exemplo) e de deseño urbano nalgúns espazos nucleares (Praza de Galiza, Xan Carlos I, Barrio de San Pedro, etc). Xunto a isto, a mellorábel xestión do transporte público que adoce dunha dimensión incoherente dos servizos (en especial o tamaño dos autobuses) con respecto á realidade urbana e as tendencias humanas de mobilidade aínda lonxe dos estándares europeos (quizais porque non existiu un proceso serio de formación) en usos alternativos, repercute directamente sobre o ámbito do PE-1, xa que o converte en peza singular e central deste complexo sistema. A elevada densidade de equipamentos deste sector, xunto coa presenza da principal arteria de comunicación N-S (do Camiño Novo a San Caetano), converten este ámbito no epicentro da conxestión urbana. Até o momento as políticas e iniciativas dirixidas ao de transporte público, mobilidade alternativa ou espazos de aparcadoiro, non parecen ter o éxito esperado.

6.- Unha gobernanza complexa: o ámbito do PE-1 viuse sometido á xestión conxunta (e en ocasións confusa) de diversos actores. Poderíamos citar tres axentes principais: Administración nas súas diferentes escalas, Igrexa e Universidade; xunto cun novo que regula pero si intervén: o factor privado. Este modelo de gobernanza precisa dun elevado grao de coordinación que en ocasións foi débil. Iso contribuíu a certa falta de liderado e, o que podería ser peor, a certas contradicións. Aínda así, a aparición do Consorcio e posteriormente da Oficina Municipal de Rehabilitación, foron iniciativas que trataron de paliar esta deficiencia.

7.- Unha normativa, en ocasións, demasiado ríxida: os obxectivos de conservación do patrimonio e recuperación do parque residencial edificado que contemplaba o PECH de 1997 foron alcanzados grazas a unha normativa baseada en ordenanzas de aplicación que restrinxían usos, trámites e materiais dun modo, en ocasións, pouco entendido por unha boa parte da poboación que reclamaba unha normativa algo máis laxa que facilitase a chegada de novos residentes e a proliferación dos negocios. É un feito que a cidade histórica alcanzou un desenvolvemento exitoso grazas ao plan citado, pero non é menos certo que necesita a enfrontarse a retos para os que, quizais, non está do todo adaptado: modernización enerxética, condicións de habitabilidade, novos usos comerciais, xestión dos espazos públicos ou necesidades diarias da poboación residente.

8.- A propiedade como "fondo de pensións": en certa medida, unha das consecuencias do PECH de 1997 (non buscada intencionalmente) foi a de implantar a idea de que "quen posúe unha propiedade" no seu ámbito, "posuía riqueza nas expectativas xeradas". Cómpre ser conscientes de que este extremo é delicado nun contexto estatal que garante o dereito á propiedade privada. Ao mesmo tempo, non é menos certo, que esas "expectativas xeradas" dificultan a dinamización do mercado residencial, facendo aparecer en ocasións situacións de vivenda baleira, infravivenda, infra-aluguer ou de ruína. Ademais, facilitou a consabida aparición de certos procesos de elitización residencial (que hoxe están case desaparecidos pola falta de dinamismo do mercado) baseados na substitución da poboación que tradicionalmente ocupaba os casco históricos, por outra de maior nivel adquisitivo.

B. SUXERENCIAS DE ACTUACIÓN

1.- Contexto territorial: semella necesario destacar a importancia do encaixe da cidade histórica (ámbito do PE) dentro do sistema territorial que define o interfluvio (Sar-Sarela) que a empraza. É necesario determinar as relacións que existen entre o desenvolvemento das políticas urbanas e patrimoniais que se concentran no ámbito de estudo e as dinámicas socioambientales que se localizan sobre o territorio. Traballamos un ámbito especial que inflúe directamente sobre, polo menos tres niveles:

- a nivel paisaxístico sobre un contexto orográfico e forestal inmediato (Pedroso, Monte Viso),
- a nivel económico sobre unha realidade agrogandeira en activo (vales da Mahía, Ulla, Tambre),
- a nivel asentacional sobre a organización do viario e o diseminado do rural santiagués (Aríns, Figueiras, Laraño).

2.- Mapa do estado e ocupación da vivenda: a capacidade que teña o novo PE de acoller poboación residente e revitalizar o parque residencial, será un dos indicadores que marque o seu nivel de éxito. Para iso parece necesario coñecer cal é a situación de partida realizando, polo menos, algunhas dirixidas a:

- Estimar o desfasamento entre os efectivos censados ou empadroados (poboación de dereito) e o número de residentes reais. Para eles haberá que cruzar fontes oficiais co Padrón de Habitantes, o rexistro do IBI ou as solicitudes de permiso de paso e parada, cun traballo de campo exhaustivo.

- Determinar da maneira máis precisa posible a porcentaxe de vivenda baleira ou dispoñible e comprender as diversas causas desa situación para buscar medidas de dinamización. Nos últimos tempos falouse moito dalgunhas iniciativas de carácter fiscal que penalicen a vivenda baleira. Haberá que saber primeiro cales son as causas de que unha vivenda se atope nese estado, xa que moitas veces non responde a que o propietario se negue a darlle un uso senón á falta de recursos ou de ofertas.
- Establecer e localizar bolsas de vivendas en mal estado ou ruinosas que poden xerar problemas sociais ou riscos en determinadas situacións ambientais. Será necesario coordinarse cos servizos sociais do concello e con outros servizos como Protección Civil ou Policía para cruzar datos.

3.- Mobilidade e accesibilidade urbana: o ámbito do PE-1 (ou as súas inmediacións) concentra boa parte dos equipamentos públicos da cidade (colexios, universidade, deportivos, casa do concello, fundacións, museos, etc?), un número importante de espazos verdes (Bonaval, Belvís, Alameda, Corredor do Sarela, etc..), constitúe en si mesmo o centro de lecer e esparexemento da cidade e alberga grn número de eventos. Estamos diante dun espazo de elevada complexidade que se converte en lugar de destino ou de paso obrigado tanto para poboación residente, poboación laboral ou turistas. Neste sentido, parece necesario coñecer algunhas das pautas da mobilidade e da accesibilidade:

- Localizar e coñecer os principais puntos de atracción para establecer itinerarios, nodos e fronteiras (Lynch).
- Analizar as dificultades de accesibilidade (barreiras arquitectónicas) nos puntos máis importantes de actividade humana (edificios singulares, mercado, entradas).
- Determinar os hábitos de mobilidade urbana con especial atención ao transporte público e/ou alternativo (carrís bici, peóns); tendo en conta o uso masivo do transporte privado.
- Estudar a función dos espazos de estacionamento de vehículos, determinando a influencia dos aparcadoiros disuasorios ou de bordo, analizando o funcionamento dos aparcadoiros centrais (Praza de Galicia, San Clemente, Galeras, Xoan XIII, La Salle e Belvís), detectando bolsas de aparcadoiro irregular e ponderar as consecuencias de establecer cambios nas zonas de aparcadoiro regulado (azuis e verdes) así como atender ás necesidades da poboación residente.

4.- Limitacións e fronteiras da cidade histórica: a cidade histórica (entendida como a améndoa e os seus principais barrios periurbanos) posúe un imaxinario que determina os seus límites dunha maneira moi concisa. Esas fronteiras inciden na percepción da poboación en relación ás diferenzas de usos e comportamentos que

son permisíbeis nunha contorna con respecto a outra. Talvez, unha mostra deste feito foi o proceso de peonalización que provoca un imaxinario de espaxamento ao casco antigo (sentido estrito) con respecto aos seus barrios. Pero ademais, parece necesario determinar aquelas pezas urbanas que contribúen a construír ese imaxinario fronteirizo, tanto arterias de circulación como elementos edificados que impiden o fluxo de sinerxias na cidade.

Imaxe 7.17.- Limitacións e fronteiras da cidade histórica en Santiago de Compostela.



Fonte: elaboración propia, 2016

Ademais será necesario establecer aneis a diferentes escalas dende a vía do tren (primeiro elemento que contribúe a dotar á cidade de “extramuros” até as portas da cidade histórica e as fachadas da Catedral). Neste sentido, outro aspecto importante é a desigualdade topográfica que se manifesta en Compostela de maneira abrupta e que a converte nunha cidade pouco adaptábel a novas tendencias de usos e comportamentos.

5.- Relacións campo-cidade, fluxos de proximidade e ambiente urbano: sen realizar un discurso pretendidamente determinista e incidindo nas ideas recollidas na primeira proposta, o ámbito do PE-1 posúe un contexto natural e ambiental

facilmente reconocible. Sobre ese contexto exerce unha influencia que é necesario analizar a través de distintos fluxos que acaban por enriquecer o ambiente urbano. Entre eses fluxos, que debemos recoñecer e estudar a súa función, podemos destacar:

- O circuíto da augas pluviais (que limpan as rúas recollendo diversos materiais) desde as cotas máis altas (Almáciga) ata as hortas periurbanas da cidade seguindo canles preexistentes.
- O comercio de produtos de proximidade que abastece fundamentalmente ao Mercado de Abastos pero tamén a toda unha rede de pequenos de establecementos que atopamos en todos os barrios da cidade (San Lorenzo, San Pedro, Sar, etc?).
- A gran malla verde de parques ou paseos que circunvala a cidade histórica e que se integra coa estrutura de hortas herdanza dos arrabaldes medievais.

6.- Bases para novas ordenanzas (materiais construtivos e usos): unha das cuestións máis problemáticas do actual documento que regula urbanisticamente o ámbito do PE-1, vén definida polas determinacións estipuladas para a compatibilidade de usos comerciais e residenciais, así como os materiais e acabados exteriores que deben ser tidos en conta á hora de levar a cabo unha reforma ou rehabilitación.

Neste sentido, a crítica máis común foi que ditas determinacións limitan con frecuencia a implantación novos establecementos ou residentes xa que, dun lado, non se adaptan ás necesidades que na actualidade demandan as actividades comerciais e, doutro, fan costosísima calquera tipo de intervención. Así, parece necesario que o novo texto contemple unha reflexión nesta materia, chegando a un equilibrio entre o necesario esforzo de conservación do patrimonio edificado e a non menos necesaria posta ao día dos condicionamentos de adaptación da realidade urbana á demanda de actividades e residentes.

7.- Xestión do patrimonio arqueolóxico: entre os numerosos trámites que se acumulan á hora de acometer calquera intervención sobre un ámbito especial, posibelmente os que teñen que ver cos informes arqueolóxicos son os menos entendidos pola veciñanza e os que máis atrasan as operacións de reforma. A día de hoxe, é posíbel afirmar que existen datos suficientes como para considerar que coñecemos a potencialidade arqueolóxica do subsolo de Santiago de Compostela.

Dando este extremo por válido, parece que será necesario considerar unha regulación integral do tratamento do devandito patrimonio que, por unha banda, asegure a súa conservación, e por outro, logre alixeirar a tramitación e os informes

desta materia. Para iso, será útil o establecer unha zonificación do PE-1, en función dos datos establecidos, que permitan ponderar distintos graos de intervención, desde a escavación ou prospección intensiva, ata o control e seguimento en obra.

8.- Paisaxe e imaxe urbana: o PXOM de Santiago de Compostela contempla unha ordenanza para a protección daqueles ámbitos que posúen certa relevancia paisaxística en dúas direccións; ben porque desde eles existe unha calidade visual da cidade elevada; ben porque conforman unha unidade paisaxística relevante. Existen ademais unha serie de leiras singulares (recollidas tamén en ordenanza) que xunto co seu valor paisaxístico conservan unha herdanza histórica importante na cidade (por exemplo, a Leira do Espiño posúe liña visual directa co Pórtico dá Gloria).

Semella necesario seguir unha medida similar para a redacción do novo instrumento de plan especial do PE-1 que mellore a súa aplicabilidade nos aspectos prácticos. Para iso, será necesario establecer os principais fitos de recoñecemento sobre a paisaxe e a partir de “tirar” liñas de referencia visual que sirvan para controlar volumetrías, usos e calquera tipo de atributo que poden degenerar o valor paisaxístico ou a imaxe urbana.

9.- Servizos básicos urbanos: neste apartado recóllense algunhas reflexións sobre distintos actos urbanísticos na cidade que poden chegar a ser incompatíbeis nun momento determinado ou cuxo servizo é mellorábel, entre outros: abastecemento e saneamento, redes de telecomunicacións, recollida de RSU, carga e descarga, redes de enerxía ou alumado público.

Todos estes servizos urbanos deben ser revisados con detemento, poñendo en valor en primeiro lugar, a natureza de cidade histórica, a súa morfoloxía e a súa estrutura; e en segundo lugar, a función que cada peza da cidade exerce en cada momento do día. É frecuente que a carga e descarga se realice en prazas como Praterías á mesma hora que grupos de turistas ocupan o escenario urbano; é practicamente imposible darse un paseo nocturno pola cidade e non atoparse cos camiións (non dimensionados) de recollida de lixo entrando marcha atrás na rúa da Raíña; é usual que se acometan obras en distintas rúas da cidade para cada un dos servizos que poboan o subsolo (unha obra por cada servizo no canto de establecer unha necesaria coordinación que abarataría custos e tempos); ou aínda non se realizou unha reflexión seria por dar solución á madeja de cable que nutre as fachadas dos edificios cruzándose entre elas e dando, en ocasións, unha imaxe de instalación temporal.

10.- Prácticas de gobernanza: o ámbito do PE-1 constitúe unha peza de complexa xestión. Parece que as ferramentas dedicadas á mesma non son do todo eficientes para solucionar determinados conflitos que acaban obtendo solucións xudiciais ou de control e seguridade (videovigilancia). Hoxe en día, a participación cidadá e a arbitrase son fórmulas moi estendidas nas boas prácticas de gobernanza urbana. Son expostas como un servizo público onde a administración competente confire a responsabilidade da xestión á poboación a través, por exemplo, de consellos de barrio; ou onde actúa exclusivamente como “xuíz de paz” entre posturas atopadas (por exemplo, entre arrendadores e arrendatarios).

Ademais, parece necesario, por outra banda, identificar cales son os axentes que actúan sobre a xestión da cidade histórica e outorgarlles un papel definido nunha organización colexiada e solidaria, marcando límites á súa acción pero tamén conferindo responsabilidades nas diversas materias que se desenvolven sobre o universo urbano.

Santiago de Compostela merece que a xestión do seu centro neurálxico posúa unha serie de ferramentas adaptadas á súa realidade, non quedando ao xuízo de decisións arbitrarias.

7.3.- A necesidade de (re)imaxinar un proxecto para cidade

David Harvey (2007 e 2013) ten sinalado en numerosas ocasións que para crear novos espazos urbanos de vida en común, que posúan unha esfera pública con participación democrática activa, cómpre “remontar a enorme onda de privatización que foi o mantra dun neoliberalismo destrutivo”. Na súa opinión (que non é moi distinta da de Rosa Luxemburgo ou da de Jane Jacobs), hoxe habitamos unha sociedade na que os dereitos inalienábeis á propiedade privada e ás ganancias impóñense sobre calquera outra concepción de dereitos inalienábeis que poda existir individual ou colectivamente. Isto é así porque a nosa sociedade está dominada pola acumulación de capital no marco dun mercado de intercambios na que as persoas non somos máis que consumidores a crédito. Este proceso social depende dunha determinada construción xurídica dos dereitos individuais. Vivir baixo o capitalismo supón aceptar ou someterse a un conxunto de dereitos necesarios para a acumulación ilimitada de capital. Porén, a existencia de dereitos inalienábeis á propiedade privada e aos beneficios pode acarrear consecuencias negativas, incluso mortais (péñese na privatización da sanidade).

O dereito á cidade non é simplemente o dereito de acceso ao que xa existe, senón o dereito a cambialo a partir de anhelos máis profundos. Necesitamos estar seguros de que é posíbel vivir coas novas creacións (un problema para calquera planificador, arquitecto ou

pensador utópico). Pero, como sinala Harvey, “o dereito a refacérmolos a nós mesmos creando un entorno urbano cualitativamente diferente é o máis preciado de todos os dereitos humanos” (Harvey, 2013). Por contra, o tolecido ritmo e as caóticas formas de urbanización ao longo e ancho do planeta fan difícil poder reflexionar sobre a natureza desta tarefa. A cidade non foi nunca un lugar harmónico, libre de confusión, conflitos ou violencia. A calma e o civismo constitúen a excepción, e non a norma, na historia urbana. En calquera caso, “o que de verdade interesa é se os resultados son creativos o destructivos” (Harvey, 2013). Normalmente son ambas cousas: a cidade supón o escenario histórico da destrución creativa, e, ao mesmo tempo, tamén ten demostrado ser unha forma social notabelmente elástica, duradeira e innovadora.

Neste sentido, sería útil partir da base de que a cuestión de que tipo de cidade queremos non pode divorciarse da cuestión de que tipo de persoas queremos ser, que tipo de relacións sociais buscamos, que relacións coa natureza mantemos, que estilo de vida desexamos ou que valores estéticos temos. Por iso, calquera actuación, por minúscula que sexa, levada a cabo sobre a cidade, debe ser reflexionada na dirección de dilucidar cales son os intereses que finalmente favorece. Se resulta unha medida que, antes ben, continúa a dar a acobillo á acumulación de capital, ben a través de vliudar dereitos inalienábeis da propiedade privada, ben a través da desposesión da natureza e do deterioro ambiental; ou se pola contra, resulta unha iniciativa que emerxe do ben común e, por tanto, racha coa lóxica anterior, aínda que xenere certo tipo de conflitos asumibeis. Neste sentido, cómpre profundizar nun determinado tipo de medidas que, aínda que en aparencia faciliten a vida das persoas (facendo os itinerarios en vehículo privado máis curtos e áxules e favorecendo espazos de aparcamento), poden, no fondo, estar a incidir sobre o estilo de vida que, dalgún xeito, marca o ritmo dos fluxos de capital, mercadorís e persoas.

Por exemplo, cando se instalan en determinadas rúas de Compostela unha serie de “paneis luminosos” para dar conta de certa información sobre o tráfico (que no fondo só informan sobre o número de prazas baleiras nos aparcadoiros da cidade), esta iniciativa posúe distintos significados, non sempre positivos, que cómpre prever. Dende o punto vista da mobilidade, en primeiro lugar, pódese pensar que a súa instalación facilita unha información ao conductor que mellora os itinerarios e acaba por desconxestionar certas rutas ao dirimir onde se pode estacionar o vehículo con máis celeridade e facilidade. Así e todo, dita información non fai máis que regular o tránsito dos autos privados pero, aínda que poda facilitar á vez o tránsito do transporte colectivo, non o disuade senón que acaba por promocionalo. Isto, en consecuencia, incide sobre un estilo de vida nada axeitado para a realidade xeosocial de Compostela e comarca. En segundo lugar, facilitar información sobre as prazas vacantes nos aparcadoiros resulta unha medida moi acaída para a recadación de diñeiro ben sexa en dotacións de titularidade pública, ben en réxime de concesión e, en

calquera caso, resta importancia á rede de aparcadoiros disuasorios que se ven deseñando na cidade dende hai uns anos. Pero ademais, ditos “paneis luminosos” posúen unha serie de atributos espaciais que se deben ter en conta. Por unha banda, o importante impacto paisaxístico á escala peonil coa consecuente rotura de liñas visuais, que se acentúa cando o panel está iluminado en tonalidade azul (canto máis no caso da imaxe, na rúa Galeras, na marxe oeste da cidade histórica e dende onde fican preservadas determinadas perspectivas dirixidas á fachada da catedral na praza do Obradoiro). Por outra, a notábel desproporción volumétrica con respecto á sección da rúa (vía bidireccional cun carril por sentido). Porén, se cadra o máis grave, é a asimilación desta rúa de Galeras como un gran contendor de fluxos de tráfico do sector suroeste da cidade, dando así solución a un conflito de carácter xeral que debера ser acometido a través, en todo caso, do (re)deseño do sistema xeral viario da cidade.

Imaxe 7.18.- Panel de información de tráfico na rúa Galeras (Compostela).



Fonte: elaboración propia, 2017.


Por tanto, como se acaba de comprobar, calquera pequena actuación sobre a cidade favorece, antes que máis, a uns determinados intereses por moita actividade cosmética que se queira incorporar. Por iso, lonxe de ocorrencias, todas as iniciativas que se tomen en consideración deben estar integradas nun proxecto urbano que (re)imagine un modelo de cidade para logo ser executado. Un proxecto participado por todos os axentes sociais que convirta á cidadanía en corresponsábel e que deixe moi claro a que intereses e a que dereitos

obedece. Velaquí poda que estea unha das cuestións cruciais do desenvolvemento do mundo urbano contemporáneo e que en Compostela adquire unha materialización paradigmática.

Compostela entrou no século XXI resistindo cun proxecto imaxinado na década de 1990 e que, por determinados motivos xa comentados, non logrou ser renovado. Pouco a pouco ese modelo foise esgotando até chegar ao punto actual; na encrucillada de non saber cara onde se dirixe á cidade que palpita con virulencia entre as diversas escalas de influencia, dando lugar ás consabidas patoloxías (incluída o éxito dos fluxos turísticos). Se cadra, o único intento serio por atribuírlle un carácter singular á cidade foi a “Estratexia Verde” que xurdíu ao calor dos obradoiros de traballo da desaparecida Aula de Recuperación Urbana e Rehabilitación da USC e apoiada polo Consorcio de Santiago¹³⁹. En calquera caso, dita iniciativa non obtivo nin o apoio institucional nin cidadá necesario.

Imaxe 7.19.- Exemplo de tratamento cartográfico da Estratexia Verde en Compostela.

Análise da estrutura verde: aplicación do plano verde. Consorcio de Santiago de Compostela, xaneiro 2010



Fonte: Consorcio de Santiago, 2010

Cando Francesco Tonucci fala da “cidade dos nenos” (levada a cabo con éxito en Pontevedra) ou se tomamos como exemplo calquera das diversas propostas que existen para deseñar a cidade dende a perspectiva de xénero, no fondo estanse a fomentar actitudes sociais

¹³⁹ Ideada polo arquitecto Albert Cuchí, a estratexia verde para Santiago foi un instrumento que pretendía facer posíbel unha visión integrada dende os espazos verdes cara ao resto da cidade. Pretendía achegar criterios para o deseño e xestión deses espazos e, sobre todo, promover a intervención sobre os demais espazos urbanos de Santiago na dirección dun necesario cambio sostenibilista.

e políticas que, dalgún xeito, vense favorecidas polo tipo de entorno creado. Por exemplo, en sentido contrario, vivir nunha urbanización privada nas áreas residenciais conduce a determinados xeitos de pensar sobre en que debería consistir a vida diaria, bastante distintos daquelas que xurden de vivir no casco monumental. Por iso é fundamental establecer nun proxecto de cidade o tipo de obxectivos que permitan acadar unha sociedade máis xusta e un universo urbano máis acorde co tipo de persoas que queremos ser.

Imaxe 7.20.- A cidade dos nenos por Frato.



Fonte: *Cuando los niños dicen basta!!*, 2005

En definitiva, débese imaxinar, por tanto, unha cidade máis inclusiva, aínda que sempre conflictiva, baseada non só nunha xerarquización diferente dos dereitos senón tamén en diferentes prácticas políticas e económicas. Tal e como sinala Harvey, “se o noso mundo urbano ten sido imaxinado e logo feito, pode ser (re)imaxinado e (re)feito” (Harvey, 2013).



8. A EMERXENCIA DO ESPACIAL VEN DENDE ABAIXO


“Pero os universitarios esquecemos a miúdo o papel desempeñado pola sensibilidade que xorde das rúas ao noso redor, polo inevitábel sentimento de perda provocado polas demolicións que nos embarga cando barrios enteiros resultan remodelados ou xorden aparentemente da nada *grands ensembles*, xunto coa excitación ou a irritación de manifestacións nas rúas por isto ou por aquilo, a esperanza que esperta cando grupos de inmigrantes traen de novo a vida a un barrio (...), ou a desesperanza que brota da abatida angustia da marxinação, a represión policial e a mocidade perdida sen remedio no puro aburrimiento do crecente desemprego e o abandono en suburbios moribundos que acaban por se converter en focos de disturbios e rebeldía”. David Harvey (“La Icaria de Henri Lefbvre”, *Ciudades Rebeldes*, 2013)

8.1.- A xente, a cidade e os programas políticos: na procura de entendemento

Cando a veciñanza do barrio de Galeras en Compostela foi quen de organizarse a finais do ano 2013 para facer fronte común até paralizar un proxecto de rotonda de circulación viaria sobre uns terreos públicos cualificados como “zona verde” que gozaba do beneplácito da corporación municipal daquel momento, conseguiron non só poñer os intereses do ben común por enriba de calquera outros, senón que lograron situar o “discurso espacial” no eixo mesmo da axenda política a escala local. Non foi a primeira vez que movementos cívicos da cidade se erixiron en vangarda popular desta cuestión ao poñer en primeiro plano as súas reclamacións de base urbanística e ambiental. A propia veciñanza de Galeras xa o fixera meses antes ao frear o intento de “pelotazo especulativo” que rodeaba ao caso da recualificación dos terreos da Finca do Espiño. Pero non só. No corazón mesmo do ámbito do tan premiado Plan Especial de Casco Histórico de Santiago de Compostela (cuxa aprobación definitiva data de 1997), as persoas do barrio de San Pedro levan lustros pelexando por conquistar un necesario Plan de Mobilidade Sustentábel que consiga facer máis habitábel a súa contorna próxima. Tras anos de plans fracasados, boas palabras por parte dos distintos gobernos locais e innúmeras reformas do pavimento e remodelación de mobiliario (de dubidosa solución estética), aínda hoxe segue esta cuestión sen resolver e só parcialmente recentemente acábase de instaurar unha “experiencia piloto” para a regulación do tránsito como paso previo á peonalización. Outras plataformas sociais de nova creación están a lanzar verdadeiras ondas de magnitude imparábel facendo unha labor encomiábel de recuperación de tradicións, de festas, de nomes, de historias e de lugares. É o caso da veciñanza do barrio de Santa Clara-Espírito Santo, que agora andan centrados na proposta dunha solución a modo de

pasarela que resolva o efecto fronteira que sobre esta zona exerce a Avenida Xoán XXII e abra o barrio ao espazo verde público do Polígono de Vite.

Imaxe 8.1.- Bosquexo da solución proposta pola veciñanza para abrir o barrio de Santa Clara ao parque de Vite



Fonte: AAVV As Marías.

Estes exemplos, non son senón a exemplificación en Compostela dunha cuestión que ven quedando patente dende hai décadas en diversos lugares do mundo. A introdución da cuestión espacial nas axendas políticas (a todas as escalas) está a chegar dende abaixo, dende as reclamacións de colectivos, asociacións e movementos que entenderon que para conquistar uns estándares de vida máis confortábeis, as condicións materiais de organización territorial que existen na súa contorna próxima deben ter unha calidade e unha coherencia mínima que respondese á súa vida cotiá. É por iso, que a xestión dos espazos públicos, o acceso aos servizos mínimos de abastecemento e saneamento ou o desenvolvemento de actuacións na cidade que non teñan en conta os intereses do ben común, son na actualidade chanzos básicos da súa acción de loita.

Esta realidade, que non é nova pero agora emerxe con forza, como sinalamos, pon de manifesto, porén, algunhas cuestións sobre as que paga a pena lanzar unha reflexión de fondo. En primeiro lugar, o feito de que diante deste potente vector de abaixo cara arriba que emana das reclamacións populares e de base, poñendo “o espazo en primeiro lugar”, o mundo da academia (salvo contadas meritorias excepcións) e dos programas políticos convencionais, permaneceron pasivos nas décadas recentes e só agora, cando o problema é inevitábel de afrontar, semellan realizar pequenos chiscos de boa acollida.

O caso da academia xa foi tratado no capítulo 4 deste traballo, así que cómpre centrarse no mundo dos programas políticos convencionais que propuxeron os partidos, sindicatos e organizacións nos tempos recentes. Para facer este exercicio, pode resultar interesante que se faga primeiro unha distinción práctica para o caso que nos ocupa. Sen querer minusvalorar a existencia dunha diferenza real aínda establecida entre forzas políticas chamadas de esquerda e de dereita, neste caso, é evidente que a actuación de moitas delas en temas relacionados co urbanismo e a ordenación territorial tivo, salvo matices, características homólogas e resultados (mesmo no eido da corrupción) similares. Por tanto, propoñamos aquí unha outra distinción entre partidos, sindicatos e organizacións políticas que enmarcan os seus principios ideolóxicos na continuidade do actual sistema de representación institucional baixo a forma que toma a organización do Estado (monarquía parlamentaria) e aquelas outras, que dende hai uns anos, ollan na crise financeira que irrumpe con virulencia a finais da década dos 2000, unha crise sistémica de maior calado e que se expresan, no eido político, no que é coñecido como a “descomposición do proceso de segunda restauración borbónica”.

No primeiro grupo, cohabitan as chamadas forzas do “sistema bipartidista” (en amplo sentido, isto é incluíndo as “marcas brancas”) defendendo posicións conservadoras, neoliberais, demócrata-cristiás e socialdemócratas. Mentres que no segundo, a cohabitación é aínda maior, xa que a súa plasmación teórica e práctica constitúe unha amalgama moi diversa e plural de voces, procedencias ideolóxicas e militancias. Propoñemos neste caso unha denominación común: “organizacións rupturistas” ou de ruptura.

En todo caso, as actitudes dun e doutro grupo aquí expostas fronte a aparición da cuestión espacial nas axendas políticas foi máis ou menos similar salvo casos contados: puxéronse “a rebufo”. Esta práctica non é sempre negativa, cando se fai dende a postura de respecto polas reclamacións de base. É dicir, cando as organizacións políticas non se queren apropiariar do discurso dos movementos sociais e asumen coherente e honestamente que o seu, é un papel de “correa de transmisión” (canle de comunicación) entre a política real (a que emerxe da cidadanía) e a política institucional (a que se dá en plenos, parlamentos, cámaras e cortes).

Porén, cando este exercicio de poñerse “a rebufo” faise co obxecto de sacar rédito electoral (deixarse ver) e non hai unha vontade de fondo por asumir ese papel de transparencia e de servizo cara a cidadanía, entón xurde unha cuestión relevante que é común aos dous grupos de organizacións políticas, pero que se cadra, é máis grave no eido das “rupturistas”. Cómpre dicila explicitamente: púxose de manifesto a incapacidade de ter inserido o territorio e a cuestión espacial, como un vector de análise social de entidade propia, nos idearios políticos contemporáneos; cuestión moito máis dramática, como veremos, no campo da esquerda real.

Para dar cumprida visión do que estamos a dicir, tomemos o exemplo do ideario e da práctica dunha corrente política como a do nacionalismo galego, que non é sospeitosa de facer parte do “sistema bipartidista” senón que asume como un principio básico da súa acción política o proceso de “emancipación social e nacional” en favor das clases desfavorecidas e no exercicio da súa soberanía.

Hai que contextualizar a actuación política do nacionalismo galego, tendo en conta que dende 1982, o principal instrumento foi o Bloque Nacionalista Galego (ano da súa fundación), que partiu dunha situación moi marxinal até que a finais da década dos 1990 consegue ser a segunda forza política de Galiza e entrar no goberno local en 6 das 7 grandes cidades. Ademais, no ano 2005, a pesar dunha importante perda de votos, accede ao executivo da Xunta de Galiza, no que permanece unha lexislatura¹⁴⁰. É dicir, trátase dunha organización (a pesar de voces autocríticas, críticas e disidentes) que se sitúa fora do sistema de dominación imperante, que adopta un modelo innovador ao constituírse nunha fronte ampla de adscrición individual (que no ideolóxico vai dende posicións liberais progresistas até comunistas), con participación directa da militancia nas decisións (unha persoa, un voto) e con órganos de dirección colexiada (dende os Consellos Locais e Comarcais até a Portavocía Nacional). Por outra banda, insírese e é herdeira da tradición política do galeguismo que emerxe nas primeiras décadas do século XX da man dos irmáns Vilar Ponte e do Seminario de Estudos Galegos. Esta cuestión como veremos despois, non é nin superficial nin para a galería, xa que vai poñer enriba da mesa algunhas contradicións e paradoxos.

Dende a década dos 1980 até a actualidade, ao nacionalismo galego tocoulle traballar politicamente nun país no que a cuestión espacial como categoría de análise social propia, permaneceu nun segundo plano ou implícita. Expliquémonos: é certo que existían, existiron e existen unha cantidade innumerábel de problemáticas espalladas ao longo do territorio de Galiza, porén o fío condutor das mesmas nunca era “espacial” por si só (como un elemento máis dunha vida xusta, en igualdade e liberdade), senón que respondía a motivacións de índole económica, política, social, cultural, patrimonial ou ambiental antes que propiamente espacial. Noutras verbas, loitábase contra a planta de Celulosa na Ría de Pontevedra, contra Alúmina-Aluminio, contra o trazado de distintas infraestruturas de comunicación, contra a instalación de parques eólicos e a ampliación de portos, entre outras moitas, sempre dende unha lóxica que non era estritamente territorial. Pola contra, o territorio foi comprendido, a

¹⁴⁰ Para coñecer máis pódense consultar: *A nación incesante. Conversas con Xosé Manuel Beiras* (Sotelo Blanco, 1989), *A estrela na palabra. Novas conversas con Xosé Manuel Beiras* (Laivento, 2006), *A nación galega existe. Conversas con Francisco Rodríguez* (A Nosa Terra, 2006), *Vontade de Nación. Unha conversa con Anxo Quintana* (Difusora, 2008). Tamén de forma novelada: *Asasinato no Consello Nacional* (Galaxia, 2010).

maioría das veces, como un mero soporte para o desenvolvemento das distintas políticas sectoriais a todas as escalas.

Esta idea de territorio no eido do nacionalismo galego (e non só) é consecuencia, como quedou patente, da mesma hexemonía que no cerne da Teoría Social Crítica (como fonte da que emerxe a práctica política da esquerda real contemporánea) exerceron a economía, a historia e, en tempos máis recentes, a ciencia política e a socioloxía (estas dúas últimas acabaron por mudar algunhas tradicións das dúas primeiras). Esta cuestión foi xa tratada no capítulo 4 ao paso das aportacións de Henri Lefebvre e Michel Foucault como “cartógrafos da modernidade” e doutras como as de David Harvey e Gionvanni Arrighi como “cartógrafos do capital”. Porén, cómpre caer no paradoxo sobre o tratamento que se lle confire ao territorio dentro dunha corrente de pensamento como o nacionalismo galego que tivo na cuestión espacial unha das súas principais pezas de montaxe.

Efectivamente, xa dende a época do Seminario de Estudos Galegos, o territorio, ben a través dos estudos xeográficos impulsados por Otero Pedrayo, ben a través do incansábel traballo de recompilación etnográfica realizada por Xaquín Lourenzo, foi unha cuestión indispensable, non por se tratar dun mero soporte para actividades humanas e económicas, senón pola súa importancia indispensable para a construción social e identitaria. Décadas despois o Obradoiro de Estudos de Sargadelos da man de Antón Fraguas (discípulo de Otero Pedrayo) e de Isaac Díaz Pardo pero tamén coa aparición dun grupo de novos arquitectos vinculados ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, como Gallego Jorreto ou César Portela, tentaron continuar coa tarefa iniciada nos anos 1920. En paralelo, as loitas populares a través das que se organizaban os movementos de antifranquistas na Galiza dos anos 1960, arremuiñábanse contra os encoros que Fenosa ía realizar en Entrecastelo ou nas Encobras, contra a xestión do monte comunal e a desaparición de diversos lugares de importancia ambiental. Finalmente, algúns colaboradores do Museo do Pobo Galego, vinculados algúns deles a “Revista Terra” como Augusto Pérez Alberti ou Xosé M. Souto, ambos os dous xeógrafos, tamén tentaron conquistar unha posición “central” para o espazo na configuración dun discurso crítico nas Ciencias Sociais en Galiza.

Todo este percorrer, do que o nacionalismo galego non foi alleo, non foi suficiente, porén, para que fose recollido na súa acción política que, por outra banda, xogou un papel certo xerando un discurso nido e distintivo noutros temas como a lectura da estrutura económica dende as asimetrías centro-periferia e a teoría da colonia interior, a necesidade de impulsar unha nova historiografía na que se reflexase a construción histórica e social do país como unha nación sen estado, a cuestión lingüística como vector de diferenciación identitaria ou a preservación patrimonio cultural e natural entendido como símbolo dunha paisaxe diferenciadora en vías de extinción. Porén, non se comprendeu a potencia explicativa que

agochaba o feito de situar o “espazo en primeiro lugar” que era, por outra parte, indispensábel para conseguir mellores resultados nas cuestións anteriores. A defensa dos sectores produtivos propios e da clase traballadora (economía), o impulso dun metarrelato do pasado novo (historia), o pulo polo idioma propio (lingüística) e a posta en escena da riqueza etnográfica e ambiental, fíxose case sempre dende unha perspectiva estritamente historicista e economicista, cando a sociedade (tamén a galega) cada vez vivía máis instalada nunha experiencia diacrónica e, por tanto, os cambios sociais e culturais se desenvolvían a través dunha comprensión que era certamente a da coordenada temporal, pero tamén, e esta era a novidade, a da coordenada espacial. Ben é certo que a procedencia académica e disciplinar dos líderes máis visíbeis do nacionalismo galego contemporáneo, limitou por unha banda o prisma de olladas, pero tamén enriqueceu as escollidas.

A consecuencia máis importante desta ausencia do espazo como una categoría de análise explícita é que deu pé a unha asimilación e homologación dos discursos políticos, independentemente de se fan parte do “sistema bipartidista” ou das “organizacions rupturistas”. Se se pon por exemplo a aprobación das Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) aprobadas definitivamente no ano 2011, obsérvase como existe un certo consenso á hora da plasmación espacial das mesmas. Existen diverxencias ideolóxicas de fondo e mesmo diferenzas salvábeis na forma, pero a síntese territorial goza amplo entendemento: configuración de dúas grandes rexións metropolitanas (Vigo-Pontevedra e A Coruña-Ferrol) xunto a tres importantes áreas urbanas (Santiago de Compostela, Ourense e Lugo), creación dun sistema de vilas intermedias como centros de desenvolvemento, aparición dunha rede de asentamentos de reequilibrio, impulso de corredores de conexión terrestre con especial atención ao transporte metropolitano, protección dos espazos non urbanizabeis nomeadamente os de espacial protección, consolidación e compactación dos núcleos rurais e contención da diseminación residencial, redistribución de actividades económicas na procura de maior complexidade, promoción da cooperación no sistema portuario e aeroportuario ou reactivación dos espazos de xeración de riqueza agraria. Todas estas ideas, recollidas dun ou doutro xeito nas DOT, foron parcialmente aceptadas por todas as opcións políticas con representación parlamentaria no momento da súa aprobación, a pesar dos matices e do sentido do voto rexistrado no trámite.

Este proceso de asimilación e homologación dos discursos políticos de base territorial responde a varias razóns. A fundamental é que ningún deles foi quen de situar o espazo nese primeiro lugar do que falamos e o reduciron a mero soporte. No caso do nacionalismo galego contemporáneo, pola súa procedencia ideolóxica, se cadra, resulta menos comprensíbel, xa que só foi quen de recoller en parte o legado académico das décadas anteriores. Deste xeito, viviu sempre das “rendas” que lle ofrecía unha lectura resgada do mesmo e que estaban

baseadas nunhas poucas máximas que, sen deixar de ser certas, merecen unha necesaria actualización:

- O territorio galego posúe uns atributos de especial valor natural e cultural que é necesario protexer como un principio máis da diferenciación de Galiza como realidade nacional.
- A actual organización territorial de Galiza en provincias e concellos non se axusta á realidade do país e sería máis apropiado potenciar as bisbarras e parroquias como verdadeiras unidades básicas de vertebración.
- Tradicionalmente, Galiza sufriu unha espoliación histórica dos seus recursos naturais e culturais, que fixo perder parte da súa riqueza paisaxística e patrimonial.
- Non existiu nunca por parte dos sucesivos gobernos autonómicos unha preocupación estrutural pola “fisionomía do territorio” entendida como a construción dunha paisaxe cultural, permitindo deste xeito a proliferación de desastres de diversa índole estética.
- As infraestruturas de comunicación terrestre chegaron de xeito tardío e sen un proceso de planificación serio e rigoroso elaborado previamente.
- O corpo legislativo de regulación urbanística desenvolveuse de xeito errático e tardío e sempre facilitando o lucro especulativo fronte ao ben común.
- Nunca na historia recente de Galiza foi potenciado adecuadamente o valor intrínseco que o país posúe para o seu desenvolvemento turístico (Camiño de Santiago-Rías Baixas-Ribeira Sacra) e cando se fixo, realizáronse políticas abusivas e sen ter en conta o tecido de base local.

Estes poucos puntos poden servir para sintetizar os enfoques aos que foi reducida, sempre de xeito implícito, a cuestión espacial no ideario político do nacionalismo contemporáneo (1982-2012) -e por extensión das “organizacións rupturistas” que actualmente operan- e nos que dalgún modo o territorio foi entendido como mero soporte baixo tres enfoques:

1.- O enfoque político-administrativo: unha das preocupacións constantes, recollida en diversos textos e programas políticos do nacionalismo galego contemporáneo, foi o problema da suplantación das unidades xenuínas de organización territorial do país (bisbarras e parroquias), por outras pensadas para a unificación de realidades totalmente opostas á galega (provincia e concellos). Efeitivamente, a existencia de 4 provincias e 315 concellos –que no inicio da problemática sempre foi explicada como materia histórica- foi sempre unha cuestión de enfrontamento, porén a razón, a maioría das veces residía en cuestións da xestión dos órganos de goberno de cada unidade (deputacións e gobernos locais) e non na mudanza que a existencia de tal organización de gobernanza provocaba nas lóxicas

de construción social do territorio. De feito, só en situacións contadas, cando o nacionalismo puido xestionar esas institucións, tratou de baleiralas de contido en detrimento da creación doutras que se adaptasen mellor ao seu pensamento (comarcas propiamente ditas e consellos de barrio nos ámbitos urbanos). En todo caso, mesmo neste enfoque, cando se defende dende o punto de vista da “eficiencia e eficacia” e dende o “achegamento” do goberno á cidadanía existe certo consenso, tal e como se reflicta en diversas obras que versan sobre esta cuestión reclamando unha reorganización do “mapa” de Galiza e que son subscribas por autores de procedencias ideolóxicas moi heteroxéneas (Rodríguez González, 2004).

2.- O enfoque das políticas sectoriais: se cadra este enfoque tivo un preeminencia máis importante que os restantes durante a década de 1980 e principios dos 1990. A existencia de conflitos políticos e económicos de diversa índole espallados por todo o país, obrigaba a centrarse neles dun xeito concreto. Así, a política industrial (reconversión naval, instalación de novas industrias, mineiría, etc.), a política enerxética (hidroeléctricas, parques eólicos, etc.), a política agrogandeira (xestión da terra e da auga, as axudas ao mundo agrario, etc.), a política pesqueira (, a política forestal ()), a política financeira, a política da vivenda e do solo, a política comercial, a política turística e patrimonial, en definitiva todas as políticas sectoriais foron o centro do discurso político do nacionalismo galego durante eses anos con certa base espacial implícita. Todas elas xunto coas ramificacións desencadeadas da política europea e do reparto dos fondos comunitarios.

3.- O enfoque ambiental: o ambientalismo e o ecoloxismo, como movementos fortemente vinculados á protección do patrimonio natural, mantiveron de sempre un contacto moi intenso co nacionalismo galego, que non en balde, nunca ocultou a existencia de organizacións como ADEGA. Así, a aposta por un modelo de desenvolvemento ecoloxicamente sustentábel e socialmente xusto, por un modelo de desenvolvemento sen destrución ambiental que reduza as desigualdades dentro de cada país e entre países ou a interpretación de que a diversidade biolóxica ten o seu reflexo na diversidade cultural e que ámbalas dúas deben ser preservadas foron liñas de actuación estratéxicas. Do mesmo xeito, defender o equilibrio ecolóxico de Galiza, tanto na súa fauna e a súa flora como no ambiente que a sustenta; velar porque en Galiza se aseguren as condicións idóneas, obxectivas e ambientais para o desenvolvemento integral da poboación; ou protexer o patrimonio e a cultura galegas, como expresión da interacción secular entre o territorio e os seus habitantes, foron liñas de actuación constantes da práctica política do nacionalismo galego contemporáneo.

A pesar de todo o sinalado anteriormente, a hexemonía historicista e economicista que se deu no eido da construción da Teoría Social Crítica non foi a única razón para explicar a asimilación e homologación dos distintos discursos políticos. Tampouco explica só esta cuestión o feito de que o nacionalismo galego contemporáneo, e por extensión as “organizacions rupturistas”, non fose quen de recoller toda a potencia explicativa que descendía do legado da tradición galeguista en relación ao espazo, nin que o tratamento que se lle conferira fora o de “mero soporte”. Existen outras razóns que teñen que ver coa antropoloxía social e cultural, coa natureza da propiedade da terra e co déficit de gobernanza que posúen características senlleiras en Galiza.

Son moitos os autores que dende o campo da historia contemporánea e do dereito administrativo teñen explicado a complexa natureza da propiedade da terra. Sexa como for, a construción desa realidade social supuxo unha barreira difícil de solventar para a configuración dun discurso alternativo que puxese o espazo en primeiro lugar. É unha realidade constatábel que mesmo hoxe a propiedade da terra atópase moi fragmentada en Galiza. A esa realidade contribuíu o papel xogado historicamente polo *foro* como institución e a tardía mecanización do campo, ambos factores inmersos no que se coñece como a construción da matriz territorial consecuencia do sistema produtivo tradicional. Pódese admitir que a maior parte das persoas en Galiza son propietarias ou copropietarias dunha retícula de terra, mesmo en propiedade horizontal, en réxime directo ou a través de vínculos familiares. E isto, ademais da orixinalidade, supón atrancos en moitas direccións. Porque cando falamos deste tema, estamos a poñer enriba da mesa a propiedade privada; un dos dereitos básicos e principios máis blindados do Estado-Nación da modernidade. Mais, en que pode afectar esta cuestión á dificultade da emerxencia dun discurso político de base espacial?

Para responder a esta pregunta cómpre recurrir á Teoría do Valor de Marx, e sobre todo, á relectura espacial que dela leva facendo David Harvey polo menos dende hai tres decenios. A terra sometida ás leis da libre competencia establecidas polo sistema capitalista convértese nun ben de intercambio comercial que lonxe de estar monopolizado, na Galiza atópase, como acabamos de sinalar, distribuído entre multitude de propietarios e con réximes de propiedade e dereitos moi diversos. Porén, a terra como ben en si mesmo, posúe un valor fundamentalmente establecido polo seu valor de uso, é dicir, pola riqueza xerada polo uso que se lle dea, ben sexa como terra de cultivo, como eido de forraxe, como parcela forestal ou como solar (Lois e Pino, 2015). É certo que en función do uso, aparece sen querelo un valor de cambio, xa que se pode establecer un beneficio futuro en función do uso que se vaia desenvolver (pensem que o prezo do millo non é o mesmo que o da madeira, aínda que a segunda non dá nin unha colleita anual pero conleva menos adicación) . Por tanto, na lóxica do sistema capitalista, a terra adquire un valor de cambio moito máis interesante para investidores e especuladores que o propio valor de uso (péñese se nesa terra se atopa

wolframio ou se está permitido edificar sobre ela). Agora ben, quen determina o uso permitido de cada unha das parcelas? Pois fundamentalmente a natureza xurídica do solo establecida a nivel lexislativo pola Lei do Solo e a nivel operacional polo planeamento. En consecuencia, a pesar das leis da man invisíbel do capitalismo, é o poder público quen arbitra e determina sobre as expectativas económicas que a terra pode xerar a futuro.

Por tanto, o que existe é unha propiedade da terra extremadamente atomizada (afortunadamente con escasa mobilidade como xa temos visto) sobre a que operan unha serie de determinacións vinculantes que regulan o seu valor. Na maioría dos países occidentais, e nomeadamente naqueles que rexistraron maiores índices de presión inmobiliaria e/ou depositaron na construción boa parte do seu crecemento económico futuro (como é o caso), o habitual é que a lexislación sobre o solo “acompañe” ou favoreza ás necesidades do sistema capitalista co obxecto e regular os mercados e, deste xeito, a fluctuación dos prezos pero, sobre todo, tamén o comportamento dos propietarios das fontes de riqueza (terra, traballo e capital). Como dicimos, na maioría. Xa que existen excepcións como o caso que nos ocupa nos que o comportamento dos actores propietarios non foi acorde ás políticas desenvolvidas.

A configuración histórica do reparto da propiedade da terra vese aínda amplificada por unha serie de lóxicas relacionadas coa antropoloxía cultural e social que, en ocasións, chegan a contradicir as directrices fundamentais do funcionamento do sistema capitalista (poñamos por caso a práctica moi estendida durante decenios de “construír a casa na miña leira” ou o “apego ao terriño” que da lugar, entre outras varibeis, a unha mobilidade laboral de base diaria extraordinaria). En efecto, se temos en conta a teoría fundamental de Harvey, sería correcto afirmar que a actual fase do capitalismo (aínda en crise sistémica) debera ter xerado un capital espacial fixo que garantizase a súa pervivencia e desenvolvemento. Lonxe de xerar ese capital espacial novo, non foi quen de “quebrar” co anterior, iniciando como mal menor un proceso de adaptación. Deste xeito, aparecen os crecementos espontáneos con edificacións inacabadas ou autistas que posúen a mesma forma que a parcela (que provén dunha lóxica agraria), xurdindo unha estraña convivencia entre pezas de baixo e seis alturas xunto a hortas con aproveitamento inmobiliario sen desenvolver.

Se cadra a excesiva mutabilidade do contexto legal no eido urbanístico (sucesivos cambios de lei), a ineficacia e lentitude dos planeamentos (aínda hoxe só unha pequena porcentaxe dos concellos posúe un planeamento adaptado) e a inexistencia dunha política real da ordenación do territorio (Lei 9/1995 está sen desenvolver), contribuíron de xeito notábel, a que o comportamento dos propietarios da terra non se regularizase en función das esixencias do mercado. Pero en todo caso, existe unha confluencia de motivacións entre as que as de tipo antropolóxico xogan un papel moi importante (Lois e Pino, 2015).

Para o tema que nos ocupa, a construción dun discurso político alternativo de base espacial, este insólito contubernio entre a teoría do valor, a propiedade da terra, a herdanza histórica e os comportamentos socioculturais, ofrece un campo de cultivo idóneo para as políticas “intervencionistas” e a arbitrase pública coas que a socialdemocracia e parte da esquerda tradicional sempre se sentiu cómoda. Porén, neste caso, converteuse nun problema de complexísima solución tanto máis cando os tempos os marca o calendario electoral. A multiplicidade de intereses, sometidos nos últimos tempos a unha sospeita continua (e atinada) de corruptelas diversas, xunto co enfangado camiño polo que transitan as políticas urbanísticas, puxeron de manifesto un elemento máis que contribúe á dificultade de xerar un discurso: a case inexistente xestión na práctica da planificación territorial e, moitas veces como consecuencia, a xudicialización da mesma.

En calquera caso, e tratando de ser xustos, o certo é que existen exemplos de prácticas políticas de base territorial, paisaxística e urbanística que teñen marcado a diferenza. Tendo en conta o ciclo económico de cada caso, hai que recoñecer que a maioría das cidades galegas rexistraron un proceso de mellora cualitativa importantísima que se materializou a finais da década de 1990, grazas en boa medida ao programa de goberno implementado. Compostela, como se veu; Ferrol, coa recuperación do barrio da Magdalena; e, sobre todo, Pontevedra, co seu extraordinario proceso de peatonalización e recuperación urbana, son os exemplos máis singulares. Ademais, este proceso foi acompañado pola “revolta das vilas”, exemplificada por cabeceiras como Allariz, Monforte de Lemos ou Oleiros, cada unha no seu contexto (Rodríguez González, 1999 e 2004), que demostraron que xunto a un proxecto urbano compría ter un programa político participado e xestionado que acompañase as iniciativas transformación e mudanza.

8.2.- A modo de resumo: espazo, capital e país

Imaxínade por un momento, que nos atopamos nun dos máis dunha ducia de restaurantes turcos que hoxe existen en Compostela. Imaxínade, concretamente, que vos atopades no máis próximo da catedral de Compostela. A través da súa xanela, pódese ver a Berenguela. A catedral, centro de peregrinación secular de millares de católicos. Hoxe mercadoría da industria cultural para o turismo de todas as razas, etnias, relixións e xéneros. E tamén a Berenguela. Símbolo da ocupación árabe no Reino da Galiza. Roubada con sacrilexio polos seguidores musulmáns de Alá, encabezados polo Almanzor, co mesmo sacrilexio co que o modo de produción capitalista trata agora o conxunto arquitectónico e histórico da catedral, confundindo os ritos sagrados co recreo turístico e sen contido. Continuamos no restaurante turco, e entre bocado ao kebab e ollar á Berenguela, ollamos na televisión do establecemento as imaxes da crise de refuxiados de Siria ou o constante bombardeo sobre Alepo grazas ao sinal da CNN+. Ti, que viñas paseando pola rúa, á espera de atopar un lugar

na paisaxe urbana para poder ler un anaco, de repente reparas na contradición que supón este contexto. Todo agrandado polo segundo tomo do *Capital* pousado sobre a mesa.

Doutra parte, tratade de elaborar unha cartografía mundial tan rigorosa como sexa posíbel, sabendo que Wall Street continua a ser a institución central no sistema mundo e, porén, en torno do 40% das accións e transaccións que alí cotizan corresponden a estranxeiros, e a metade da débeda estadounidense está en mans da China e do Xapón. O capital —os seus mecanismos, a súa lóxica e o seu proceso de acumulación— non ten patria, mais supón o máis eficaz dos factores que vertebran a configuración histórico-xeográfica das nosas sociedades.

Se quixésemos realizar con éxito unha xeografía do capitalismo ou, dito doutro xeito, analizar a economía espacial, teríamos que partir da base de que o proceso de acumulación de capital aparece como algo perpetuamente expansionista e, por tanto, permanente fuxidío de calquera xénero de equilibrio. Por exemplo, o importante para comprendermos o funcionamento do sistema é a posibilidade de mover dun lugar a outro mercadorías, capacidade produtiva, persoas e diñeiro, para o que foron e son decisivas as condicións que prevalecen nas industrias do transporte e das comunicacións. É sabido que, durante toda a historia do capitalismo, as innovacións tecnolóxicas nese campo alteraron espectacularmente as condicións de espacialidade (a fricción da distancia, da que Harvey fala), xerando todo tipo de inestabilidades na economía espacial do capitalismo. O que Marx denominou “a aniquilación do espazo mediante o tempo” (consoante ao rexistro histórico-xeográfico do capitalismo), que podería ser hoxe substituído pola “aniquilación do espazo mediante o capital” (con toda a responsabilidade dos anos 1980) —moi en relación coa relectura elaborada hai un tempo por Marshall Berman—, materialízase no impulso para a redución ou eliminación das barreiras espaciais, xunto cos impulsos igualmente incesantes cara á aceleración da rotación do capital. Entón, dando isto por válido, a redución nos custos (excepto no transporte de persoas) e a duración do desprazamento demostráronse como necesidades imperiosas do modo de produción capitalista. Logo, a súa espacialidade posúe unha tendencia cara a mundialización intrínseca e, en conclusión, a evolución do panorama xeográfico da economía neoliberal está a ser impulsada sen demora por unha case continua compresión espazo-temporal.

Dito doutro xeito, a paisaxe xeográfica da actividade capitalista está a ser atravesada por contradicións e tensións que a converten nunha natureza perpetuamente inestábel. As tensións entre competencia e monopolio, entre a concentración e dispersión, entre dinamismo e inercia, entre diversas escalas de actividade derivan, todas elas, dos denominados procesos moleculares de acumulación de capital no espazo e no tempo, e todos eles se insiren na lóxica expansionista xeral dun sistema económico no que domina a acumulación incesante de capital

e a procura interminábel de lucro. Isto dá lugar á pretensión de xerar unha envolvente xeográfica favorábel ás actividades capitalistas nun lugar e momento determinados, tan só para ter algo que destruír e ter que edificar un contexto (tamén sociocultural, non só arquitectónico) totalmente diferente nun momento posterior, sen poder saciar nunca a súa perpetua sede de acumulación. Deste xeito, vaise escribindo a historia da destrución creativa na envolvente da xeografía histórica real da acumulación de capital.

Partindo destes imaxinarios inestábeis e contraditorios (xeografía da contradición e dialéctica da dúbida), poderíase facer neste final unha diserción sobre as relacións que existen hoxe entre o espazo, como categoría de análise social, e o capitalismo co obxectivo de recoller algunhas ideas a modo de síntese de todo que se ten comentado con anterioridade. Dúas cuestións, polo menos, que fan referencia á cartografía e á xeografía nesta temática de actualidade.

Primeiro. A longa supervivencia do capitalismo supón un fenómeno fundamente estudado pola literatura marxista nas últimas décadas. Porén, as explicacións ofrecidas presentan conflitos de engranaxe epistemolóxica e non deixan pechada por completo a problemática. Tanto Lenin como R. Luxemburgo —esta última co seu fascinante traballo sobre o proceso de acumulación de capital— aínda que por distintas razóns e empregando argumentacións diferentes, consideraron que o imperialismo (ou certo xeito de produción e utilización do espazo global) era a resposta ao enigma da longa supremacía do capitalismo (aínda que en ambos os casos parece que esa solución era finita e, por tanto, cargada das súas propias contradicións terminais). A socioloxía, coa contribución de H. Lefebvre a través da idea de que o capitalismo sobrevive grazas à produción de espazo, pensou que dera coa clave para responder á cuestión. Pola súa banda, a xeografía crítica ou radical ten repetido desde a década de 1960 que o espazo é un produto social. Que significa isto realmente? Ou noutro senso, que pode proporcionar, que importancia ten a espacialidade, como categoría de análise, para o debate social da emancipación das clases desfavorecidas do sistema?¹⁴¹

¹⁴¹ Xa temos insistido suficiente en que durante décadas, a xeografía foi considerada a irmá pobre das ciencias sociais. En ocasións, o ostracismo social e académico mesmo lle outorgaba un papel reducido ao campo estrito do campo das humanidades e do conecemento xeral, descritivo e universalista. Con todo, o territorio e a cartografía —como expresión visual/material do mesmo— (a pesar dos avances nos campos do SIX ou da teledetección) continua a ser considerado como un soporte das relacións socioeconómicas. O propio X. M. Beiras, no seu *Por unha Galiza liberada* (1984), concretamente no traballo “Miseria da ciencia económica rexional” advirte que “via de regra, o pensamento económico teorizaba á marxe das coordenadas espaciais da realidade obxecto da pesquisa” e continua, “na economía aplicada (...) rara vez se prestaba atención ao facto de as fontes estatísticas subministrarem magnitudes relativas a fenómenos localizados, que quase sempre varían se muda o espazo a que se referem”. Eis a cuestión chave. O espazo constitúe unha categoría de análise en si mesma, superadora das concepcións descritivas e corolóxicas, que confire puntos de apoio concretos para comprender a lóxica do capitalismo e enriquece a argumentación do materialismo dialéctico, sendo histórico, mais tamém xeográfico. A falsedade parcial de moitas das teorías económicas que partían da base dese xeito de determinismo, radica precisamente na desterritorialización da súa proposta conceptual/epistemolóxica. O propio Beiras refire aquela vella idea da “chaira isotrópica” com certa ironía,

No ano 1982, na obra *The Limits to Capital*, David Harvey propón a teoría dunha solución espacial das contradicións internas da acumulación de capital e das crises que xera. O núcleo desa argumentación, derivada teoricamente da reformulación da teoría marxiana da caída tendencial da taxa de lucro, refírese a unha tendencia crónica do capitalismo para as crises de sobreacumulación. Estas crises maniféstanse tipicamente como excesos de capital (mercadorías, diñeiro ou capacidade produtiva) e de forza de traballo, sen que pareza existir ningún medio de os xestionar dun xeito rendíbel para levar a cabo tarefas socialmente úteis¹⁴². Entón, dado que o núcleo da dificultade para asimilar o exceso de capital reside na ausencia de oportunidades rendíbeis de investimento; o problema económico fundamental (a diferenza do social e político) ten que ver co capital propiamente dito. En consecuencia, que xeitos encontramos para evitarmos a desvalorización, establecendo formas rendíbeis de absorción de exceso de capital? A expansión xeográfica e a reorganización espacial ofrecen esa posibilidade, que non se pode separar, porén, de dilacións temporais nas que o exceso de capital é investido en proxectos a longo prazo que tardan moitos anos en retornar o seu valor á circulación mediante a actividade produtiva que promoven. A expansión xeográfica supón con frecuencia investimentos en infraestruturas materiais e sociais de longa duración (en redes de transporte e comunicacións ou no ensino e na investigación) e, alén disto, a produción e a reconfiguración das relacións espaciais proporcionan unha potente panca para mitigar, se non resolver, a tendencia ao xurdimento de crises no capitalismo¹⁴³. “A lóxica imperialista do capitalismo (á diferenza da territorial) debe ser entendida no contexto da procura de solucións espaciais para o conflito do exceso de capital” (Harvey, 2003). É por iso que é no exceso de capital, mais que no de forza de traballo, no que debe centrarse e concentrarse a atención analítica.

En todo o caso, a referencia que cómpre ofrecer para comprender a relación entre a necesidade de implementar a concepción diacrónica para percibir o funcionamento do modo de produción capitalista, centrase no traballo do David Harvey. O problema está en que a maioría dos autores marxistas non presta ningunha atención ás

un lugar onde os condicionantes xeográficos non existen e, por tanto, non inflúen no desenvolvemento do pensamento económico a través de modelos, teorías e leis infalíbeis. “Deste xeito, cobraba certa veracidade a afirmación de Henri Guittom de que os economistas construían un mundo *pontiforme*, ou, segundo a feliz expresión de Walter Isard, *a wonderland of no spatial dimensions*, un país das marabillas sen dimensións espaciais” (Beiras, 1984).

¹⁴² O exemplo máis ilustrativo e obvio que propón Harvey sucedeu durante a depresión en escala mundial dos 1930, cando o emprego da capacidade existente caeu a un mínimo histórico, as mercadorías existentes non se podían vender e o desemprego chegou a cotas xamais iguais. Aquilo conduciu á desvalorización e, nalgúns casos, até a destrución de exceso de capital, ao tempo que os traballadores sobrantes ficaban reducidos a unha situación miserábel (Harvey, 2003).

¹⁴³ Deste modo, durante a década dos 1930, o goberno estadounidense tratou de responder ao problema da sobreacumulación emprendendo obras públicas orientadas para o futuro en lugares até entón subdesenvolvidos, coa clara intención de reducir o exceso de capital e de forza de traballo entón existentes (Harvey, 1982 e 2003).

cuestións espaciais e só centran os seus esforzos na análise e coñecemento da *producción*. Así e todo, semella necesario pensar no funcionamento do mundo a partir dos instrumentos de ordenamento territorial: os procesos a través dos que o capital xera paisaxes, as cidades como lugares nos que se dirimen conflitos sociopolíticos e a súa cidadanía como arquitecta do futuro urbano. Neste sentido, a virtude de unir xeografía, historia, economía e política, e fronte ás versións espaciais da *tese do esgotamento*, está na contribución fundamental que supón o concepto de “acumulación por desposesión”: unha renovada dinámica de agresión á propiedade colectiva fundamentada en privatizacións que habilitan a acumulación de capital e desprazan, no desenvolvemento territorial, os dereitos colectivos por dereitos individuais de propiedade e lucro.

En conclusión, a relación entre xeografía e marxismo establécese a partir da necesidade que existe por comprender as situacións de conflito que se dan en lugares determinados –nese contexto– aquí, en Bogotá ou onde quer que sexa. Depois hai que tratar de comprender as forzas que crearon esa situación, quen estivo a cargo desa construción, como a elaborou e cales son as consecuencias de ter disposto ese ambiente tal como é. Para a xeografía crítica, isto supón a peza chave. Parece dubidosa a opinión que defende que o axente da historia (suxeito histórico) sexa a fábrica proletaria. Tal vez a mutación implique tamén unha espacialización do concepto. Debemos pensar, antes, na combinación e as alianzas entre os barrios, os movementos sociais en materia de vivenda, saúde e educación, e os movementos da clase traballadora, hoxe precariado. O marxismo nunca fixo xeografía. Nunca entendeu os desenvolvementos xeográficos nin as cidades. Cando os “marxistas” tiveron e xestionaron poder, non souberon que facer co desenvolvemento xeográfico desigual. Temos atravesado no último século –un período de enormes transformacións– dunha urbanización que pasou do 7% ao 60% da poboación mundial, e os marxistas actuaron como se esa enorme mudanza dinámica da poboación en toda a organización da superficie da Terra non marcara ningunha diferenza. Así e todo, sería falso dicir que o marxismo e a xeografía non conxugan olladas atinados para a análise e a diagnose da realidade.

E segundo. O espazo é un produto social. Pódese admitir que os comportamentos e os procesos sociais -individuais e colectivos- inflúen directamente sobre a configuración e a lóxica espacial dos territorios. Esta afirmación responde ao dominio e á hexemonía exercida ao longo do tempo, no contexto das ciencias sociais, pola socioloxía, mais sobre todo, pola historia. Deste xeito, o espazo constitúe unha construción que responde a unha serie de criterios de carácter social -estilo(s) de vida, percepción ou educación-. Por contra, fronte a esta formulación, existe outra

que sitúa a importancia sobre os elementos espaciais na configuración dos territorios e das sociedades. Neste senso, é doado identificar que, fronte à metodoloxía socioloxista que define ao territorio como unha construción social, existe outra que entende a sociedade como unha construción territorial. Noutras palabras, a través dunha construción natural, liberadora e consciente do espazo, poderemos configurar marcos territoriais que tendan ao equilibrio das relacións sociais e ao crecemento económico integral, equitativo e converxente, así como á protección do feito diferencial das minorías, de calquera índole.

Esta idea toma corpo pragmático na vertebración espacial da Galiza. Na construción social do mapa do País, debe influír de xeito notábel unha condición similar de aquilo que supón o concepto de identidade territorial. Joan Nogué (1998) entende que "a transferencia do sentimento de identidade do grupo para o territorio" recolle un fenómeno histórico de humanización do espazo. En todo o caso, até existir unha vocación institucional de xestionar os recursos do territorio, a lóxica espacial do noroeste atlántico ibérico, entendeuse como unha consecuencia directa do termo de identidade territorial, en canto proceso mediante o que unha comunidade social diferenciada confire carácter a un territorio a través dun xeito xenuíno de ocupación e humanización do espazo vivido. Eis o vector fundamental que debería servir para trazar os mapas.

En todo o caso, se atendermos á historia, existen precedentes de modificación dos límites político-administrativos do territorio que dan para pensar. Non é lugar nin momento de os recordarmos aquí; porén, pódense expor, cando menos dous trazos:

1. Se cadra, cómpre observar devagar dous feitos que tenden a homoxeneizar os comportamentos espazo-temporais no modo de habitar o territorio na Galiza. Por un lado, o territorio pasou de ser aquilo do que a poboación tiña consciencia global, a se converter nalgo que se parece descoñecer, obxecto de inevitábel e permanente degradación e, producíndose tal cousa en compañía do esbaecemento dos recursos. No sistema territorial, estase a sufrir o efecto combinado de máis du “desastre”: unha urbanización anárquica e irracional do litoral e do sistema de asentamentos; unha especialización produtiva esaxerada e, as mais das veces, pouco meditada (explotacións pecuarias de vacún ou repoboacións forestais xeneralizadas de nula diversidade); un duro control dos recursos financeiros por parte dun sistema alleo ás necesidades reais do País; unha miopía política por parte dos responsábeis públicos, excesivamente preocupados por contentaren ao centro do sistema de poder, esquecendo exercer as competencias que lles son exclusivas a partir da división autonómica; así como unha cegueira permanente entre os profesionais da xeografía,

incapaces (tanto estes como os anteriores) durante décadas de combater os riscos negativos dun sistema doente e convalescente, e hoxe, en colapso .

2. Tal vez cumpra analizar, para comprender a identidade territorial homoxénea de Galiza, o xeito multiseccular de habitar o espazo, con independencia do poder político establecido, e que se ve reflectido en construcións político-administrativas de condición histórico-xeográfica. Neste senso, ninguén pode negar a existencia e importancia da “freguesía portuguesa” ou da bisbarra galega na vertebración das realidades territoriais e sociais. De aquí pódese concluír que o territorio non é algo que nos ven dado ou imposto, senón que se constrúe, que se fai e que se delimita en función dos comportamentos cívico-sociais diferenciados entre eles, mais homoxéneos en si mesmos. Este segundo factor debe ser comprendido partindo do concepto de territorialidade humana. De novo Joan Nogué (1998) recorre a Sack (1986) para presentar unha noción precisa deste termo. Así, a territorialidade humana sería unha forma de comportamento espacial, un acto de intencionalidade, unha estratexia co tendencia para afectar, influír ou controlar as persoas e os recursos dunha área, a través do seu control territorial. Fronte á situación de control tributario, fiscal ou militar exercido polos poderes políticos do Estado, a territorialidade converteuse no único feito diferencial, levado a cabo mediante unha humanización do territorio xenuína. Deste xeito, o territorio elevouse a un grao de coñecemento popular, algo do que a poboación tiña consciencia global e local, e, alén de máis, era comprendido como un elemento propio e identitario.

No caso da Galiza, ademais, esta transformación supuxo unha grave ameaza contra un dos principais feitos diferenciais. O territorio, a Terra –nun sentido mais amplo-, conforma un dos principais elementos de construción identitaria. Para a doutrina nacionalista na Galiza, o espazo natural vivido garda unha forte relación coa idea esencial da existencia dunha consciencia de identidade colectiva diferenciada con vocación espontánea¹⁴⁴. Coa chegada dos estados democráticos, a situación non mudou en profundidade. O territorio continua baixo un control e unha xestión desnaturalizadora, principalmente porque non se comprende a identidade territorial homoxénea no noroeste atlántico ibérico, mais tamén porque as divisións administrativas do espazo, ben como a construción de infraestruturas viarias, teñen un interese centralizador, preocupante para os territorios periféricos.

¹⁴⁴ No *Sempre en Galiza*, Castelao recorre a unha concepción singular do termo de nación. Neste senso, admite que non existe nacionalidade sen territorio propio, ou nas súas palabras, “Para nós, os galegos, a Terra (así, con maiúscula) é a Galiza. O que nos xunta nunha comunidade espiritual é, principalmente, o amor á Terra. E cando dicimos –a nosa Terra- queremos dicir –a nosa Nación-. A Terra é a Matria” (*Sempre en Galiza*, 1943).

Ilegalizar un mapa, como plasmación visual e gráfica de comportamentos sociais e culturais lexítimos de comunidades humanas que temos comentado, supón, ao tempo, perseguir olladas diferentes sobre a lóxica espazo-temporal, criminalizar distintos usos e xeitos de ocupar o espazo, por en cuestión a organización territorial multiseccular dunha comunidade e lanzar unha ofensiva contra unha das liñas de flotación do xurdimento e aparición da consciencia espontánea colectiva na Galiza: a Terra, con maiúscula, que debuxara Castelao no *Sempre en Galiza*. Alén disto, a persecución aberta volta a ser unha deturpación das regras do xogo e unha explicitación das diferentes medidas que subsisten de control e dominación. En canto opinábel, a división territorial non pode constituír unha realidade inmutábel nin inamobíbel.

Sendo así, na actualidade, na Galiza existe unha división espacial non vertebrada na realidade do País, reflectida no mapa político administrativo da actual Comunidade Autónoma da Galiza e, o que é peor, unha estrutura alienante para o individuo e que combate directamente a construción da identidade territorial colectiva. É mester que a cidadanía entenda que non se pode continuar co proceso de drástico deterioro do seu máis estimado patrimonio: o territorio, –elemento conformador esencial dos sinais de identidade. Neste senso, como cidadanía do común, libres e conscientes do xeito xenuíno de habitar e usar o territorio, debería acoller co agrado e agarimo aquelas propostas que traten de naturalizar as relacións sociais sobre o espazo.

Neste sentido, pódese admitir que aquelas cuestións que afectan á supervivencia da especie humana como a renovación demográfica, o abastecemento de recursos enerxéticos e alimentarios ou calquera das políticas sectoriais que afectan ao modo de vida dunha comunidade, non poden ser entendidas á marxe do sistema social e territorial no que teñen lugar. Dito sistema, como se veu ao longo deste estudo, muda en función dos procesos de expansión e contracción do sistema económico. Por tanto, a economía de mercado marca o ritmo ao que se despregan os procesos sociais e territoriais que alimentan ás consideracións básicas da vida cotiá das persoas. Se isto é así, cómpre que se entenda que na regulación económica actual, e “morta a fábrica” (como diría Harvey, se cadra, agás na China), vivimos nun país no que a inmensa maioría da poboación fai parte dunha bolsa de “consumidores a crédito” que se distribúe en pequenos mercados de traballos en torno a tres áreas máis ou menos urbanizadas. Consumidores de produtos de importación (mesmo os alimentarios) que nutren a súa capacidade económica no sector do traballo asalariado, nomeadamente no sector servizos, dando lugar a unha paisaxe urbana de precarización sen precedentes.

Esta realidade socioeconómica, inmersa na teoría do colapso, faise irreversible e insustentábel e, en consecuencia, tremendamente complexa de xestionar a través das diferentes políticas públicas que se coñecen dende a segunda guerra mundial. Por iso, é

conveniente pensar que igual que o país actual nada ten que ver co que imaxinaran os precursores galeguistas de principios do século XX, agora estamos nunha situación na que se cadra non merece demasiado a pena seguir a tratar de dirixir o seu rumbo cara a singularidade do pasado senón que, por contra, sería desexábel comezar a pensar no país posíbel e probábel para o que resta do século XXI. Sen hipotecas pero apuntalando aquelas áreas que podan ser útiles no proceso; isto é, os espazos urbanos e periurbanos e algunhas pequenas illas que permanecen con vida no rural. Como é que queremos vivir, con que organización territorial, que tipo de sociedade queremos ser, con que regulación xurídica e económica ou que papel queremos xogar a outras escalas; e todo isto, sen caer na deriva utópica idealista.






9. CONCLUSIÓNS

O obxectivo central do presente traballo foi desenvolver unha reflexión para o territorio galego atendendo en primeiro termo á súa condición espacial. Aínda que esta cuestión pode resultar confusa, xa que se pode pensar que todas as reflexións sobre o territorio levan implícita a compoñente espacial, na primeira parte do documento tense analizado como, con frecuencia, os estudos realizados mesmo no seo da ciencia xeográfica centraban as súas investigacións en elementos de índole histórico, económico, político, social ou cultural, sen poñer de manifesto que o espazo influía sobre eles ao tempo que era construído por eles. Mesmo que as relacións espaciais, en sentido explícito, contribuían a producir o espazo xunto coas sociais. Neste sentido, sobrepoñerse á dobre hexemonía que nas ciencias sociais xogaron o economicismo e o historicismo, e facelo no ámbito galego, para enriquecer o conxunto da Teoría Social Crítica, cunha reflexión orixinal que emerxera da compoñente espacial en primeiro lugar, foi unha preocupación permanente.

Imaxe 9.1.- Constelación teórica e epistemolóxica da Teoría do Colapso Territorial



Fonte: elaboración propia, 2016

En consecuencia, a reflexión sobre a natureza do espazo como concepto básico para a análise da realidade social, xunto coa preocupación pola construción dun discurso que fixera explícita a condición espacial no seo das ciencias sociais, foron liñas de traballo recollidas - como un enorme reto- dos traballos de dous autores imprescindíbeis para comprender a orixe teórica e epistemolóxica desta achega: David Harvey e Edward Soja. Ambos xeógrafos moi recoñecidos, ambos integrantes da xeografía radical crítica, ambos anglonorteamericanos; o primeiro, principal representante da tradición marxista en xeografía e, o segundo, protagonizando unha lectura posmoderna que o levou a poñer en tela de xuízo as conclusións do primeiro. Como se sinalou na introdución, non se tratou de tomar partido por unha corrente ou por outra, práctica por outro lado frecuente no ambiente cientista, senón que a intención foi complementar na medida do posíbel as riquezas e as potencialidades de ambos discursos, asumindo de vez as súas feblezas, que tamén as teñen.

En calquera caso, as ideas e os conceptos desenvolvidos pola xeografía radical, nomeadamente o traballo de Harvey, atoparon un fabuloso campo de debate e posta en escena dentro da Teoría Social Crítica. Deste xeito, as transformacións que dende finais do século XX se veñen analizando e que afectan á economía e á esfera do cultural, e por extensión ao conxunto da sociedade, adquiriron novas interpretacións coa aceptación do lente espacial ou do “xiro espacial”, por empregar a proposta de Soja. Moitos autores que fan parte da constelación epistemolóxica da Teoría do Colapso Territorial, deron en concluír que as mudanzas que estaba a sufrir a vida social (en múltiples ámbitos), posuían unha compoñente espacial que superaba a estritamente temporal. Por tanto, non se trataba só de procesos comprensíbeis dende unha órbita sincrónica, senón que despregaban con moita intensidade unha diacrónica. A desaparición das fronteiras, a perda de poder do Estado-nación, os fluxos de capital, mercadorías e persoas, as guerras, os movementos migratorios, os procesos de urbanización, a división internacional do traballo, as agresións ambientais, entre moitas outras cuestións non eran senón “solucións espaciais” propias da evolución do sistema capitalista. Por tanto, a Teoría Social Crítica, partindo de conceptos que xa estaban en Marx, en Lenin ou en Rosa Luxemburgo, aportou “carta de natureza” á compoñente espacial á hora de construír o metarrelato interpretativo da sociedade contemporánea. Noutras palabras, contribuíu definitivamente a situar ao espazo, como categoría de análise, á altura de calquera outra no contexto da ciencias sociais.

Por tanto, a construción da Teoría do Colapso Territorial parte do emprego, antes que máis do lente espacial en contacto intenso co pensamento da Teoría Social Crítica. Posteriormente, para o seu desenvolvemento e aplicación, empréganse de modo complementario ferramentas e instrumentos que chegan dende o campo da ecoloxía e da Teoría Xeral de Sistemas e que axudan as comprender as relacións espaciais en primeiro

termo. Entón o territorio vai constituír un sistema aberto, en constante transformación e con intensos procesos de intercambio de enerxía. Un sistema fráxil que tende a posuír un elevado nivel de entropía e de resiliencia. No caso galego, este corpo sistémico -diverso e complexo- que está construído por unha matriz (esqueleto) de organización interna resultado da confluencia dinámica de múltiples factores e que se poden sintetizar en tres pés que funcionan (ou funcionaron) de xeito solidario e empático: o espazo produtivo, o sistema de asentamentos e a rede viaria.

Neste sentido, foi clave atopar un concepto que aglutinase toda a carga teórica exposta e que, dalgún xeito, ilustrara ou materializara o imaxinario no que se estaba a traballar. Ese concepto foi o de colapso; primeiramente, introducido por Jared Diamond e analizado recentemente por Carlos Taibo, no máis amplo sentido do mesmo. O colapso funciona aquí, non no sentido de caos terminal ao estilo de Wallerstein ou de ensoño apocalíptico sistémico, como unha categoría que aglutinaba as patoloxías da sociedade contemporánea nunha terminoloxía comprensíbel e mesurada. E facíao porque está ligado a tres compoñentes moi específicas e vinculadas con toda a conceptualización teórica do traballo, isto é: dependía do nivel de complexidade dun sistema, estaba en permanente contacto cunha área territorial determinada e era o resultado de múltiples factores sociais, económicos, culturais e políticos. Noutras palabras, o colapso presentouse como a “solución espacial” do sistema en Galiza.

Finalmente, comprender o funcionamento, a natureza e a estrutura do sistema territorial de Galiza foi outro dos ambiciosos obxectivos deste traballo. Para iso empregouse unha parte destacábel das investigacións elaboradas polas ciencias sociais en Galiza (economía, historia, ciencia política, arquitectura, antropoloxía ou socioloxía). Porén, o peso discursivo de maior pegada foi recollido dos traballos producidos nos últimos decenios pola xeografía galega e que deron as pautas claves para comprender os procesos e os fenómenos espaciais que nutren a teoría do colapso. Así, están presentes algunhas das reflexións publicadas en temas como a cuestión demográfica, a crise do rural, os procesos de urbanización, o papel das infraestruturas e outras determinantes arestas como a cultural e a política. Ademais, toda esta síntese de conceptos e factores establecéronse no presente traballo empregando a ferramenta da “dualidade”, co obxectivo de realizar un enfoque complementario entre o urbano e o rural, o interior e o litoral ou cidades grandes fronte ás medianas e pequenas.

E neste sentido, o ámbito urbano, o universo das cidades, semellaba o máis relevante para comprobar e comprender os procesos que se estaban a analizar. A cidade como laboratorio de comprobación do colapso territorial. Non en balde, tal e como lembra Harvey os procesos de urbanización son a mostra máis evidente da acumulación de capital e, por tanto, os espazos onde con maior detalle se observa a creación do capital espacial que facilita

os fluxos de capital, mercadorías e persoas. Pero ademais, a cidade, que historicamente concentrou as loitas sociais máis representativas dos movementos de emancipación social e política (dende a Comuna de París até o 15-M en Madrid), e o denominado “dereito á cidade” –concepto desenvolvido por Henri Lefebvre-, supón tamén unha das vías máis certas e sólidas que a cidadanía ten hoxe para materializar reclamacións concretas. O urbano, a pesar do pouco interese que suscitou na Teoría Social Crítica até datas moi recentes e aínda que non pode ser considerado un fin en si mesmo, pode que sexa o relato máis importante, hoxe en día, para ir conquistando un cambio de modelo a un nivel máis global (Harvey, 2013).

Por iso, os capítulos dedicados á cuestión urbana e as reflexións concretas tiradas do exemplo de Santiago de Compostela como campo de estudo, supoñen non só un elemento clave para a constatación da teoría do colapso (polo que ten que ver cos procesos de acumulación de capital ficticio e polas consecuencias sociais, políticas e ambientais que rodean aos procesos de urbanización), senón tamén o roteiro que deixa entrever heterotopías (prácticas urbanas) que van abrindo fendas no sistema (utopías) e que son o primeiro paso para unha transformación completa do modelo de relacións sociais e espaciais. Se cadra, Compostela non permite ollar a simple vista as patoloxías urbanas que o imaxinario do colapso traslada; se cadra pola natureza da propia cidade (polo seu tamaño, pola súa monumentalidade ou polo modo que temos de observala), se cadra porque a intensidade coa que se presentan esas patoloxías semella ser aínda baixa. Pero, sexa como for, o certo é que existen unha serie de custosos problemas que a cidade debe afrontar na súa xestión diaria e que conviven nun escenario proclive á turistificación e á banalización. Ademais, en calquera caso, Compostela está a ser escenario de procesos emancipatorios de grande importancia, ben autoxestionados e autoorganizados en distintos barrios, ben liderados, non sen conflito, polo goberno municipal. Movementos da cidadanía que están a reclamar cotas de decisión e que están conseguindo aos poucos, logros non imaxinábeis hai uns anos. Só por isto último, xa merece a pena incluír estas reflexións no traballo. Acaso se non existise conflito urbano (ben social, ben espacial), existiría esa dinámica veciñal que reclama unha mellor xestión dos espazos públicos, da mobilidade, da xestión urbanística ou dos servizos básicos?

En calquera caso a pregunta final debera ser; despois de todo o estudado, de todas as achegas analizadas, **pódese afirmar que o sistema territorial galego se atopa nunha situación de colapso?** Se cadra para responder esta pregunta, atendendo á definición mesma do colapso, habería que responder primeiro a estoutra, **padeceu o sistema territorial galego un perda de complexidade suficiente para que se poda concluír que se atopa en colapso?** E, aínda máis, resulta reversíbel esta situación? Pódese solucionar a curto prazo con ferramentas de xestión de escala diversa e ámbito sectorial?

A nosa resposta é que, efectivamente, o sistema territorial galego atópase en estado de colapso. Chegou a este estado por unha dramática perda de complexidade como resultado da implantación da lóxica de mercado e a adopción de novos estilos de vida postindustriais. Unha lóxica capitalista que atopou no sistema territorial tradicional elementos que propiciaron a súa expansión (como a cuestión da propiedade da terra) e que debido ao seu singular despregue en Galiza, non foi acompañada da xeración dun novo capital espacial fixo que conferira coherencia ao territorio. En suma, o colapso territorial supón, como xa se dixo, a “solución espacial” do despregue do sistema capitalista no territorio en Galiza.

Neste sentido, as transformacións que padeceu o sistema territorial galego só axudaron a adaptalo ás demandas do sistema económico, nomeadamente preparándoo para facilitar o fluxo de capital, desencadeando unha serie de fenómenos e procesos que desnaturalizaron as relacións sociais sobre o espazo, tensionaron as diferentes partes que compoñían a matriz de organización interna e deron por construír unha realidade artificial pouco lexíbel e simplificada. Neste traballo quixéronse presentar unha serie de problemáticas que contribúen a comprender o calado de ditos procesos. En primeiro termo, as agresións cara o medio natural e patrimonial que trae consigo a propia sociedade postindustrial e que teñen que ver coas industrias contaminantes (megamineiría, mercadorías perigosas, enerxías non renovábeis, entre outras), coas grandes infraestruturas de comunicación ou co propio proceso de urbanización. En segundo lugar, a cuestión demográfica que na actualidade derivou en tres ou catro trazos; o desequilibrio da distribución da poboación sobre o territorio, o enquistado proceso de avellentamento (con crecementos vexetativos xa negativos), a incapacidade de atraer novos continxentes migratorios ou a perda de efectivos mozos e cualificados que marchan na procura de oportunidades. Posteriormente, outra cuestión importante estivo relacionada coa natureza do parcelario, que segue a ser unha realidade moi fragmentada tanto en termos espaciais como de propiedade, que non se acaba de incorporar a unha lóxica da mobilidade de terras dinámica (debido, entre outras cousas, á especulación e ao contexto demográfico) e que está a padecer un alarmante proceso de homoxeneización de usos. Este asunto entronca coa situación de crise na que se atopa instalado o mundo rural, despoboado, abandonado e sen un roteiro de reflexión e actividade que permita pensar nunha recuperación a curto prazo. As infraestruturas, como exemplo máis enérxico da aniquilación do espazo mediante o capital, xogan un papel moi relevante na construción do relato do colapso, porque contribúen de xeito decisivo a segregar e xerarquizarse o territorio e, por se fora pouco, a través dos novos fluxos de mobilidade (que transformaron por completo os factores de localización residencial e empresarial), estase a converter á cidadanía nun suxeito “non cognoscente” do seu territorio e da súa paisaxe. Finalmente, a cidade e os procesos de urbanización constituíron o elemento máis importante deste esquema. Por ser os espazos máis dinámicos económica e socialmente, por ser os centros de poder e os principais espazos de acumulación de capital, por concentrar a maior parte das problemáticas sociais, políticas e ambientais, por

ser corpos con múltiples patoloxías e porque son tamén os organismos que recollen e alimentan a maior parte dos movementos de emancipación. Por todo iso e porque constitúen o laboratorio de probas, xa que a elas chegan cunha intensidade máis potente as ondas do cambio social, as cidades configuran o centro do sistema e, en consecuencia tamén, o escenario principal do colapso territorial.

Un apartado transversal á globalidade da problemática estudada, estivo relacionada coa práctica lexislativa e reguladora dos procesos territoriais e urbanísticos. Neste sentido, os instrumentos de ordenación e planificación do territorio e as ferramentas de planeamento urbanístico, xunto con toda a lista de iniciativas sectoriais (que contribuíron a dificultar a preservación do espazo e o seu desenvolvemento coherente), deron lugar a un escenario laxo e rocambolesco, onde o “vai facendo” foi práctica constante. Ademais, facilitaron na maioría dos casos o acceso ao solo (e ás plusvalías) por parte das iniciativas de capital privado, sen establecer un réxime regulamentario de obtención de beneficios sociais. A pesar de que nos últimos anos os debates e as discusións neste campo están mostrar preocupacións e intentos de acometer esta problemática dun xeito crítico, o panorama semella lonxe de estar resolto.

A pesar de que a complexidade dun territorio é unha cuestión medíbel quantitativamente a través de indicadores e que, por tanto, podería ser un exercicio asumíbel dende o momento que existan datos e microdatos dispoñíbeis, a intención deste traballo foi evidenciar a súa perda no sistema territorial a través de aspectos cualitativos que levan decenios a ser alimentados por diversos autores en Galiza. De toda esa nutricia corrente de estudos, destacan dúas cuestións que van axudar a concluír definitivamente que o sistema territorial galego padeceu unha perda de complexidade dun nivel tan elevado que pode levar a asumir o estado de colapso. En primeiro lugar, o territorio galego é hoxe unha realidade menos humanizada e vai camiño de deixar de estalo definitivamente. En segundo lugar, o territorio galego é hoxe unha realidade menos biodiversa e vai camiño de ser homoxénea ou, no peor dos casos, de estar abandonada. Ambos os dous trazos tentaron ser comprobados ao longo do traballo, aproveitando diversos traballos que ofrecen datos concretos que axudan a respaldar estas cuestións que aquí se presentan como evidencias. Probabelmente, poderá ser preciso profundar no futuro nalgunhas, pero do que se trataba aquí era de construír unha liña discursiva coherente capaz de aglutinar baixo o lente espacial todos eses “síntomas” que se estaban a detectar a nivel analítico e de diagnose. O que se ofrece aquí é, por tanto, unha sorte de prognose.

Pero ademais, a situación á que chegou o territorio de Galiza posúe dúas circunstancias complementarias que permiten consolidar, máis se cadra, a idea do colapso. Por unha banda, que o proceso de perda de complexidade semella irreversible, nos termos dunha hipotética recuperación do sistema territorial tradicional. Pola outra, que a xestión dun

territorio con menor complexidade semella, á súa vez, insustentábel en termos de xestión e investimento público (sobre todo de continuar cunha sorte de xestión de corte ben neoliberal ben keynesiana). Neste sentido, a situación á que se chegou caracterízase pola súa natureza terminal ou cando menos crónica; se se ten en conta que unha parte do territorio -a rural- se atopa practicamente aniquilada, e outra -a urbana- posúe cada vez menos vizo na creación de actividade. Ademais, cómpre poñer en relevancia unha serie de lóxicas implantadas (fundamentalmente relativas á lóxica da acumulación de capital) que non axudan para nada á reconstrución dos trazos espaciais identitarios, xunto coa incapacidade de dirixir unha cantidade axeitada de esforzos á xestión (cando nin sequera están a ser xestionados en función dos intereses das maiorías, nin tampouco por institucións cun réxime de autogoberno e soberanía acaídos). A día de hoxe, todo indica que eses esforzos serían imposíbeis de cuantificar nunha programación orzamentaria sensata a medio prazo e, polo demais, imposíbeis de conseguir.

Porén, cómpre deixar constancia con claridade que a idea de colapso que se manexa neste traballo posúe unha natureza dinámica, de proceso. Por tanto, o seu despregue non se produce con harmonía espazo-temporal, senón que como se dunha patoloxía oncolóxica se tratase, primeiro afecta a algúns elementos do sistema para ir sufrindo despois unha paulatina metástase. Neste sentido, ao contrario do que se poda pensar, afecta antes de máis, a aqueles eslabóns máis febles que teñen soportado durante decenios un maior espolio e desatención, nomeadamente o medio rural. Aqueles espazos que resisten mellor, aínda que sexa só en aparencia, coinciden cos que posúen unha maior concentración de actividade e densidade poboacional; as cidades e o seu medio rural próximo. Esta resulta unha característica singular do colapso territorial en Galiza, moi ao contrario dunha idea catastrófica de “hecatombe” planetaria que afectaría en primeiro lugar ás grandes concentracións urbanas. Porén, o característico proceso de desenvolvemento económico padecido, xunto cunhas lóxicas antropolóxicas e políticas especialmente nocivas, teñen dibuxado unha xeografía do colapso igualmente peculiar. En calquera caso, semella que será a biosfera terrestre e mariña -o País-, con toda a súa riqueza, en ausencia dunha potencia antrópica devastadora e baixo unha regulación respectuosa e coherente, a depositaria dunha folla de ruta alternativa ao relato actual de colapso.

En conclusión, estamos diante dun sistema territorial que na Galiza, posúe unha serie de trazos que contribuíron a unha perda de complexidade constatábel en termos globais de humanización e biodiversidade. A condición deste proceso semella, á súa vez, irreversible e profundamente insustentábel, así como inabordable dende o punto de vista da xestión se o que se persegue é mudar radicalmente a situación. Chegouse até aquí a base de receitas espoliadoras de recursos de toda índole que primaban o crecemento económico continuo en detrimento da contención, sen reparar nas consecuencias espaciais, sociais, culturais e

ambientais do proceso. Se cadra é o momento de reflexionar sobre a aplicación de novas receitas que non estean centradas na competición e o consumo indiscriminado.

En todo caso, o colapso territorial debe ser interpretado tamén como unha oportunidade. E por iso no presente traballo quíxose deixar constancia de experiencias en positivo que, asumindo os trazos dramáticos da sociedade actual, están a construír “espazos de esperanza”. Trátase de procesos sociais que emerxen dende abaixo, a maioría das veces de xeito autoxestionado e con escasas estruturas, e que ademais presentan un debuxo horizontal e participativo. Movementos veciñais que aglutinan a unha parte consciente da cidadanía e que establecen a súa axenda en base a problemáticas cunha lóxica local. Cuestións “problema” que afectan á súa práctica cotiá e que posúen unha compoñente espacial incuestionábel. Aos poucos foron quen de resituar nas reclamacións populares os conflitos sobre vivenda, mobilidade, xestión de residuos, barreiras arquitectónicas, deseño urbano, seguridade, convivencia ou espazos públicos. E non só iso, senón que lograron que as axendas políticas dos partidos políticos tiveran que ir incorporando estas cuestións. Dalgún xeito, foron temas que fixeron explícito, e aínda o fan, a desconexión entre as organizacións políticas convencionais e o conxunto da cidadanía.

Por tanto, o colapso territorial entendido como oportunidade pode ser útil para establecer rutas alternativas encamiñadas a construír “algo novo”. Este sistema, lembra Jose Luis Sampedro (2009), non é eterno e caerá como “caeu Constantinopla” e, en consecuencia, “outro mundo é seguro” e non só posíbel. En calquera caso, ese novo modelo de convivencia espacial, social, cultural e económico, haberá que construílo empregando, á súa vez, ferramentas novas, tal e como ilustraba Sampedro. No caso que nos ocupa, o da cuestión territorial, iniciar un proceso mediante o que sexamos quen de dotar de contido e significado ao territorio, ou sexa de incrementar a súa complexidade e diversidade, semella unha tarefa dificilmente abordábel no marco de xestión actual. Modificar o marco lexislativo, redactar novos grandes documentos en materia de ordenación territorial ou implementar medidas sectoriais a través de novos plans e ferramentas de dinamización, semellan impulsos “curtopracistas”, consecuencia da ciclotimia electoral, que tan só servirán para paliar o declive dunha situación, que por outro lado, semella crónica. Se cadra, resulta moito máis esperanzador atender a eses procesos de base local que emerxen dende abaixo e comezar a tecer redes de cooperación con agullas e fíos novos, e non con aquelas que serviron precisamente para o contrario; favorecer a amplificar os procesos de acumulación de capital con todos os fenómenos subordinados de deterioro e desigualdade coñecidos.

Finalmente, cómpre deixar constancia dunha cuestión que tamén foi relevante. Este traballo pretendeu contribuír a construír un relato social dende o pensamento xeográfico, nomeadamente no contexto galego. A ciencia xeográfica, preocupada nos últimos anos por

buscar o seu papel no contexto das ciencias sociais, despregou toda unha rica multiplicidade de estudos dirixidos a analizar distintas lóxicas sectoriais de construción social do territorio. A tal fin, xogaron e están a xogar un papel indispensable as novas tecnoloxías de información xeográfica, capaces de integrar a compoñente multifactorial do espazo, a través de procesos analíticos complexos. Porén, este traballo ven reclamar unha xeografía que sexa quen de poñer en valor a súa singular ollada até o punto de facer “abalar” as estruturas do resto de ciencias irmás. Esta reclamación devén de dúas ideas centrais que se fixeron explícitas nestas páxinas, ou iso pensamos. Por unha banda, a importancia da natureza complexa e nutricia do lente espacial na produción das relacións sociais, máis alá da súa concepción como soporte material do conxunto do sistema social e económico. Un lente que foi esquecido mesmo pola propia xeografía. Por outra, a necesidade de construír unha ollada holística, integradora e tendente a sistematizar a complexidade da sociedade precisamente poñendo en primeiro lugar o espazo. Esta necesidade –urxente-, de ser satisfeita, será un paso definitivo para sacar á disciplina do “gueto”, mostrándose como unha ciencia socialmente útil.

Tras a proclamación posmoderna da morte dos metarrelatos e das grandes teorías de interpretación da sociedade, nunha época de profundas e aceleradas mudanzas dunha economía flexíbel e fuxidía, na que a historia semella non poder escribirse porque o seu fío condutor perdeu o seu pulso, na que a diferenza e a outredade fragmentan as olladas e as sensacións facendo case imposible a distinción entre o real e o imaxinario, na que a estética (desterrada a ética) domina a mensaxe e a reprodución social e na que a simple supervivencia baixo a dominación de novos xeitos de explotación, do medo extremo e do estado líquido dos simulacros financeiro-militares, semella que a condición humana que adquire unha relevancia material é a xeográfica, que -aínda así- modificou radicalmente a súa natureza para volverse unha experiencia ciclotímica e xustaposta. Por iso, se cadra, pode que sexa o lente espacial –o espazo-, aplicado como categoría de análise en si mesmo, quen confira novas interpretacións e ofrezca respostas globais para prover(nos) dun proxecto de cambio social revolucionario cara un sistema máis xusto e máis fraterno.

Compostela, 5 de maio de 2017.



10. BIBLIOGRAFÍA

ADORNO, T. N. e HORKHEIMER, M.: *Dialéctica de la Ilustración: fragmentos filosóficos*. Editorial Trotta, Madrid, 1994.

ALBET, A. (2001): "¿Regiones singulares y regiones sin lugares? Reconsiderando el estudio de lo regional y lo local en el contexto de la geografía postmoderna". *Boletín de la AGE* (32), pp.35-53

ALDREY VÁZQUEZ, J. A. (2006): *A poboación galega: 1900-2005: cambio demográfico e implicacións territoriais*. Ir Indo Edicións, Vigo.

ALFONSO, I. (ed): *La historia rural de las sociedades medievales europeas*, PUV, Valencia.

ÁLVAREZ MORA, A. e ROCH, F. (1980): *Los centros urbanos: hacia la recuperación popular de la ciudad*. Nuestra Cultura, Madrid.

AMENDOLA, G.: *La città postmoderna. Magie e paure della metropoli contemporanea*. Laterza & Figli Spa, Roma-Bari, 1997.

AMIN, S. (1988): *La desconexión: hacia un sistema mundial policéntrico*. Iepala Editorial, Madrid.

ANDERSON, P. (1998): *The Origins of Postmodernity*. Verso, Londres.

- (2000): "Renovaciones". páxs. 5-20. *New Left Review*, *Socializar el bienestar, socializar la economía*. nº 2, Akal Edicións. Madrid.

- (2003): "Internacionalismo". En *New left review*, nº14, Edicións Akal, Madrid.

ARENDT, H. ([1960] 2006): *Los orígenes del totalitarismo*. Alianza Editorial, Madrid.

ARRIGHI, G. (1979): *La geometría del imperialismo*. Siglo XXI, Mexico.

- (2009): *Adam Smith en Pekin. Orígenes y fundamentos del siglo XXI*. Akal, Madrid.

ARRIGHI, G. e HARVEY, D. (1999): *El largo siglo XX. Dinero y poder en los orígenes de nuestra época*. Akal, Madrid.

- BADIE, B. (1995): *La fin des territoires*. Fayard, París.
- BARTHES, R. (2002): *Variaciones sobre la literatura*, Paidós, Barcelona.
- BAUDRILLARD, J. (1983): *Las estrategias fatales*. Editorial Anagrama, Barcelona.
- BAUMAN, Z.: *Comunidad, en busca de seguridad en un mundo hostil*. Siglo XXI, Madrid 2003.
- BECK, U.; GIDDENS, A. e LASH, S. (2001): *Modernización reflexiva. Política, tradición y estética en el orden social moderno*, Alianza Editorial, Madrid.
- BEIRAS, X.M. (1972): *O atraso económico de Galicia*. Editorial Galaxia, Vigo
- (1984): *Por unha Galiza Liberada*. Edicións Xerais, Vigo.
- (2008): *Por unha Galiza Liberada e novos ensaios*. Espiral Maior, Santiago de Compostela.
- (2013): *Exhortación á desobediencia*. Laivento Edicións, Santiago de Compostela.
- BENACH, N. e ALBET, A. (2010): *Edward W. Soja. La perspectiva postmoderna de un geógrafo radical*. Icaria, Barcelona
- BENACH, N. (2012): *Richard Peet. Geografía contra el neoliberalismo*. Icaria, Barcelona
- BERAMENDI, X. (2007): *De provincia a nación: Historia do galeguismo político*. Edicións Xerais, Vigo.
- BERMAN, M. (1988): *Todo lo sólido se esbanece en el aire*. Siglo XXI, Madrid. (Or. *All that is solid melts into air*, 1982).
- (2002): *Aventuras marxistas*, Siglo XXI, Madrid.
- BLACKBURN, R. (2000): "Reforma de las pensiones, capitalismo gris y socialismo complejo". *New Left Review, Socializar el bienestar, socializar la economía*. nº 2, Akal Edicións. Madrid.
- BORON, A. A. (2003): *Imperio & imperialismo: una lectura crítica de Michael Hardt y Antonio Negri*. El viejo topo, Madrid.
- BORDIEU, P. (1989): *O poder simbólico*. Bertrand Brasil, Río de Janeiro.

BOSQUE MAUREL, J. ; ORTEGA ALBA, F. (1995): *Comentario de textos geográficos*, Oikos-Tau, Barcelona.

BOUHIER, A (2001): *Ensayo geográfico de análisis e interpretación de un viejo complejo agrario*, Xunta de Galicia (Or. 1979)

BRENNER, R. e GLICK, M. (2003): "La Escuela de la Regulación: teoría e historia". En *New left review*, nº21, Edicións Akal, Madrid.

BUDGEN, S. (2000): "Un nuevo espíritu del capitalismo". *New Left Review, Socializar el bienestar, socializar la economía*. nº 2, Akal Edicións. Madrid.

BUSQUETS, J. e CORTINA, A. (2008): *Manual de gestión del paisaje*, Editorial Ariel, Barcelona.

BUNGE, W. (1962): *Theoretical Geography*. Lund Studies in Geography Series C: General and Mathematical Geography. Lund, Sweden: Gleerup.

BUTLER, J.(2000): "El marxismo y lo meramente cultural". *New Left Review*, pp.109-123.

CALLINICOS, A. (1989): *Against Postmodernism*, Basil Blackwell, London.)Tradución ao galego [2003]: *Contra a postmodernidade*. Laiovento Edicións, Santiago de Compostela).

CAMAGNI, R. (2005): *Economía urbana*. Antoni Bosch, Barcelona

CAPEL, H. (1981): *Filosofía y Ciencia en la Geografía contemporánea*, Barcanova, Barcelona.

CAPELLÁ, H. e LOIS, R. C. (2002): "Geografía cultural: la gran desconocida". *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, nº 34, AGE, Madrid.

CARMONA, X e NADAL, J.(2005): *El empeño industrial de Galicia. 250 años de historia, 1750-2000*. Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña.

CASTELAO, A.D. (1980): *Sempre na Galiza*. Akal Editor, Madrid, 1980.

CASTELLS, M. ([1972] 1974): *La cuestión urbana*. Siglo XXI, Madrid.

- (1998): *La era de la información. Economía sociedad y cultura. Vol.2: El poder de la identidad*. Alianza Editorial, Madri

- CASTORIADIS, C. (2006): *Una sociedad a la deriva. Entrevistas y debates (1974-1997)*. Katz Editores, Madrid.
- CASTRO NOGUEIRA, L. (1997): *La risa del espacio. El imaginario espacio-temporal en la cultura contemporánea: una reflexión sociológica*. Tecnos, Madrid.
- CASTRO NOGUEIRA, L. e OSSORNO, M. H. (1986): *Ensayo general para un ballet anarquista*. Ediciones Libertarias, Madrid.
- (1991): *Tiempos modernos*. Caja de Ahorros General, Granada.
- CASSEN, B.; HOANG-NGOC, L.; IMBERT, P.(coords.) (1999): *Attac contre la dictature des marchés*, París, Syllepse.
- CHAMBERLAIN, E. (1933): *The Theory of Monopolistic Competition.: A Re-orientation of the Theory of Value*, Harvard University Press, Boston.
- CHOMSKY, N. (2000): "Poder en el escenario global". En *New left review*, nº 0, Akal Edicións. Madrid.
- CHORLEY, R. (1975): *Nuevas tendencias en geografía*. Instituto de Estudios de la Administración Local, Madrid.
- CLAVAL, P. (1973 [1981]): *Evolución de la Geografía Humana*, Oikos-Tau, Barcelona.
- (1978): *La nueva geografía*. Oikos-Tau, Barcelona.
- CLUA, A. e ZUSMAN, P. (2002): "Más que palabras: otros mundos. Por una geografía cultural crítica". *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, nº 34, AGE, Madrid.
- COLINO SUEIRAS, X. e PÉREZ TOURIÑO, E. (1983): *Economía campesina e capital. A evolución da agricultura galega 1960-1980*. Editorial Galaxia, Vigo.
- CONSTENLA, X. (2002): "Geografía cultural y geografía de la industria cultural en la posmodernidad flexible". *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, nº 34, AGE, Madrid.
- (2003a) "Un joven geógrafo leyendo a Marx: la dialéctica de la duda". *Actas de la XXVI Trovda de Joves Geografs*, Universitat de Girona, Girona.
- (2003b) "La condición de la geografía: una aproximación a la obra geográfica de David Harvey". *Actas del XVI Congreso de la Asociación de Geógrafos Españoles, Documents*

d'Analisi Geogràfica, nº 44, Universitat Autònoma de Barcelona, Universitat de Girona, Barcelona.

- (2010): *(re)Imaxinando o universo urbano. Unha visión sobre as cidades na posmodernidade. De Baltimore a Santiago de Compostela*. Laiovento Edicións, Santiago de Compostela.

CONSTENLA, X. e GONZÁLEZ, D. (2010): “La urbanización del paisaje cultural agrario en Galicia. Morfogénesis de un modelo territorial improvisado”, en Actas del VI Congreso Internacional de Ordenación del Territorio (VI CIOT).

CORCUFF, Ph. (1995): *Les nouvelles sociologies. La réalité sociale en construction*.

CORBELLE, E. e CRECENTE, R. (2014): “Urbanización, forestación y abandono. Cambios recientes en el paisaje de Galicia, 1985-2005”. En *Revista Galega de Economía*, vol. 23, nº 1, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela

CORBELLE, E., ENRÍQUEZ, M. J., ÓNEGA, F., e CRECENTE, R. (2014): *Propiedade, mobilidade da terra e valorización territorial*. Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.

COSGROVE, D. (1984): *Social formation and symbolic landscapes*, Londres, Croom Helm.
- (2002): «Observando la naturaleza: el paisaje y el sentido europeo de la vista», *Boletín de la AGE*, nº 34, Madrid.

COSTA BUJÁN, P. (2015): *La ciudad heredada*. Consorcio de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.

CRANG, M., e THRIFT, N. (2000 [2003]): *Thinking Space*, Londres/N. York, Routledge

CRECENTE, R. (2009): *Parroquias e planificación territorial*, en AAVV (2009): *A parroquia en Galicia. Pasado presente y futuro*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

CRIADO BOADO, F. (1999): *Del terreno al espacio: planteamientos y perspectivas para la arqueología del paisaje*. Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.

CYBRISWKY, R. (1991): *Tokvo-The Changing Profile of an Urban Giant*, Belhaven Press, Londres.

DALDA, J.L. (1991): “La larga fase de aldea”, en GONZÁLEZ-CEBRIÁN TELLO, J. (ed.): “Documentos de Reflexión Urbanística”, nº 3, Departamento de Proyectos arquitectónicos y urbanismo de la ETSAC, Ourense.

- (2009): “Identidade e Ordenación do Territorio”, en *Revista Galega de Educación*, nº 44, Nova Escola Galega, Santiago de Compostela.

DALDA, J.L., DOCAMPO, J. e HARGUINDEY, J. (2005): *Cidade difusa en Galicia*, Xunta de Galicia.

DAVIS, M. (2000): "Urbanismo mágico: los latinos inventan la gran ciudad estadounidense". En *New left review*, nº3, Edicións Akal, Madrid.

- (2007): *Ciudades muertas*. Ecología, catástrofe y revuelta. Traficantes de sueños, Madrid.

- (2014): *Planeta de Ciudades Miseria*. Edicións Akal, Madrid.

DEAR, M. (1988): “The postmodern challenge: reconstructing human geography”, *Transactions of the Institute of British Geographers* NS, 13.

- (1991) “Review of The Condition of Postmodernity”, *Annals of Association of American Geographers*, vol. 81, nº 3.

- (2000): *The Postmodern Urban Condition*, Malden/Oxford, Blackwell.

- (2001): “The postmodern Turn”, en C. MINCA (Ed.): *Postmodern Geography. Theory and Praxis*, Oxford, Blackwell.

DEBORD, G. (2005): *La sociedad del espectáculo*. Pre-Textos, Valencia. (Or. *La société du spectacle*, 1967).

DELGADO, M. (2005): “De la ciudad concebida a la ciudad practicada”. En *Revista Arquipélago: Crisis y Reinención de la ciudad contemporánea*, nº62, Editorial Arquipélago, Barcelona.

- (2006): Morfología urbana y conflicto social. En BERGALLI, R. e RIVAS BEIRAS, I. (Coords.): *Emergencias urbanas*. Anthropos Editorial, Barcelona.

DE LLANO, P. (1996): *Arquitectura popular en Galicia. Razón e Construcción*. COAG, Santiago de Compostela.

DIAMOND, J. (2006): *Colapso: por qué unas sociedades perduran y otras desaparecen*. Debate, Barcelona.

DÍEZ DEL CORRAL, J. (2004): “Superestructuras de infradiseño y otras miserias”. En *Revista Arquipélago: Crisis y Reinención de la ciudad contemporánea*, nº62, Editorial Arquipélago, Barcelona.

DOCTOROW, E. L. (1996): *Ragtime*. Muchnick Editores, Barcelona. Trad.: M^a. J. Rodellar.

DOLLFUS, O. (1976): *El análisis geográfico*. Oikos-Tau, Barcelona.

DOMÉNECH, A. (2004): *El eclipse de la fraternidad. Una revisión republicana de la tradición socialista*. Editorial Crítica, Barcelona.

DUBERT, I. (2002): *Del campo a la ciudad. Migraciones, familia y espacio urbano en la historia de Galicia, 1708-1924*. Nigra, Vigo.

DUBY, G. (1978): *Hombres y estructuras en la Edad Media*. Siglo XXI, Madrid (Or. 1973)
- (2009): *Guerreros y campesinos. Desarrollo inicial de la economía europea, 500-1200*. Siglo XXI, Madrid (Or. 1973)

DUNCAN, J. (1990): *The city as text: the politics of landscape interpretation in the Kandyan Kingdom*. Cambridge. University Press, Cambridge.

EAGLETON, T. (2001): *La idea de cultura: una mirada política sobre los conflictos culturales*. Barcelona, Paidós, 207 pp.

ESTEFANÍA, J. (2007): *La larga marcha. Medio siglo de política (económica) entre la historia y la memoria*. Península, Madrid

FANON, F. (1961): *Los condenados de la tierra*. Fondo de Cultura Económica, México.

FARIÑA TOJO, J. (1980): *Los asentamientos rurales en Galicia*. Instituto de Estudios de Administración Local, Madrid.

FERRÁS SEXTO, C. (1993): *Contraurbanización, suburbanización y cambio rural en la Europa Atlántica: estudio comparado de Galicia e Irlanda 1970-1990*. Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.

- (1996): *Cambio rural na Europa Atlántica: os casos de Irlanda e Galicia, 1970-1990*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

FERNÁNDEZ, X. e LÓPEZ, E. (2000): *Estrutura Económica de Galiza*. Laivento Edicións, Santiago de Compostela.

- FIELDHOUSE, J., OCRAN, A. (1998): “Jameson’s Folly: Architecture, Postmodernism and the Cultural (Para)logic of late capitalism”, *Space and Culture*.
- FISCHBACH, F. (2012): *Marx: releer El Capital*. Akal, Pensamiento Crítico, Madrid.
- FOSTER, H. (ed.) (1985): *La Postmodernidad*. Kairós, Barcelona.
- FOUCAULT, M. (1969): *La arqueología del saber*. Siglo XXI, Madrid.
- (1975) (1984): *Vigilar y castigar*. Siglo XXI, Madrid.
 - (1978): *The History of Sexuality. Volume I: An Introduction*. Éditions Gallimard, París. (Traducción castelán [2006]: *Historia de la sexualidad I: la voluntad del saber*. Siglo XXI, Madrid).
 - (1980): “Questions on Geography”. En GORDON, C. (coord.): *Power/Knowledge: Selected Interviews and Other Writings 1972-1977*. Colin Gordon, Edinburgo.
 - (1986): “Of Other Spaces”. En Revista *Diacritics*, nº 16, The Johns Hopkins University Press, Baltimore.
 - (2004): *Seguridad, Territorio, Población: Curso del Collège de France (1977-1978)*. Fondo de Cultura Económica, Buenos Aires.
- GALEANO, E. (1998): *Patas Arriba. La escuela del Mundo al revés*. Siglo XXI, Madrid.
- GALLEGO DUEÑAS, F. J. (2015): “Cartografías y geografías del secreto: el secreto como espacio-tiempo social”. En *Revista Intersticios*, vol 9, Madrid.
- GARCÍA BALLESTEROS, A. (coord.) (1986): *Geografía y marxismo*, Editorial de la Universidad Complutense de Madrid, Madrid.
- GARCÍA BELLIDO, J. (2005): “Por una liberalización del paradigma urbanístico español (III): el tsunami urbanístico que arrasará el territorio”, en *Ciudad y territorio: Estudios territoriales*, nº 144, Ministerio de Vivienda, Madrid.
- GARCÍA BELLIDO, J. e GONZÁLEZ TAMARIT, L. (1979): *Para comprender la ciudad: claves sobre los procesos de producción del espacio*. Nuestra Cultura, Madrid.
- GARCÍA DE CORTÁZAR, J. A. (1988): *Historia de España dirigida por Miguel Artola. La época medieval*. Alianza, Madrid.

GARCÍA DE CORTÁZAR, J.A. e MARTÍNEZ SOPENA, P. (2008): “Los estudios sobre historia rural de la sociedad medieval hispano cristiana”, en Alfonso, I. (ed): *La historia rural de las sociedades medievales europeas*, PUV, Valencia.

GARCÍA FERNÁNDEZ, J. (1975): *Organización del espacio y economía rural en la España atlántica*. Siglo XXI, Madrid.

- (1988): *Sociedad y organización tradicional del espacio en Asturias*, Editorial Silverio Cañada, Gijón.

GARCÍA RAMÓN, M. D. (1977): “La Geografía Radical Anglosajona”. *Documents d'Anàlisi Metodològica en Geografia*, Universitat Autònoma de Barcelona, Barcelona.

- (1985): *Teoría y Método en la Geografía Humana anglosajona*, Editorial Ariel, Barcelona.

- (2006): “Enfoques críticos y práctica de la geografía en España. Balance de tres décadas (1974-2004)”, *Documents d'Anàlisi Geogràfica*, nº 45, Universitat Autònoma de Barcelona, Universitat de Girona, Barcelona.

GARCÍA VÁZQUEZ, C. G. (2004): *Ciudad de hojaldre: visiones urbanas del siglo XXI*. Editorial Gustavo Gili, Barcelona.

GIDDENS, A.: *The Constitution of Society: outline of the theory of structuralism*. Oxford University Press, Oxford, 1984.

GLICK, T. F. (1994): “La nueva geografía”, en *La Geografía hoy: textos, historia y documentación*. ANTHROPOS-suplementos, Barcelona.

GREGORY, D. (1978): *Ideology, Science and Human Geography*. Oxford University Press, Oxford.

- (1994): *Geographical Imaginations*, Cambridge (MA) y Oxford, Blackwell.

GREGORY, D. e URRY, J. (eds.) (1985): *Social relations and Spatial structures*. Blackwell, Londres.

GÓMEZ MENDOZA, J. (2002): “Disidencia y geografía en España”, *Documents d'Anàlisi Geogràfica*, nº 40, Universitat Autònoma de Barcelona, Universitat de Girona, 2002.

GÓMEZ MENDOZA, J., MUÑOZ JIMÉNEZ, J. e ORTEGA CANTERO, N. (1982): *El pensamiento geográfico. Estudio interpretativo y antología de textos (De Humboldt a las tendencias radicales)*. Alianza Universidad Textos, Madrid.

GONZÁLEZ, D. (2010): “A evolución do modelo territorial en Galicia. Unha interpretación económica e espacial”. En *Revista da Escola Galega de Administración Pública*, nº 41, EGAP, Santiago de Compostela.

GONZÁLEZ-CEBRIÁN TELLO, J. (2009): *Intervención sobre el medio rural en Galicia: una aproximación a su realidad territorial*, Departamento de Proyectos Arquitectónicos y Urbanismo, ETSAC, Ourense.

GONZÁLEZ, F., MARTÍN, F. e MARTÍN, F. (2013): “Deficiencias estruturais, emigración interrexional e fuga de cerebros: o caso de Galicia”. En *Revista Galega de Economía*, vol 22 – nº 2, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.

GONZÁLEZ PÉREZ, J. M. (2015): “O proceso recente de urbanización (séculos XIX-XXI): da cidade compacta da industrialización á cidade difusa da metropolitanización”. En LOIS, R. C. e PINO, D. (coords.) (2015): *A Galicia Urbana*. Editorial Xerais, Vigo.

GOONEWARDENA, K. (2004): «Urban Space and Political Consciousness», *Review of Radical Political Economics*, 36

GOULD, P. (1987): “Pensamiento sobre la geografía”. *Geocrítica*, año XII, nº 68, Universitat de Barcelona, Barcelona.

GRUPO ADUAR (Florencio Zoido; Sofía de la Vega; Guillermo Morales; Rafael Mas e Rubén C. Lois) (2000): *Diccionario de geografía urbana, urbanismo y ordenación del territorio*. Grupo Aduar, Editorial Ariel, Barcelona.

HARAWAY, D. J. (1991): "Manifiesto para ciborgs: ciencia, tecnología y feminismo socialista a finales del siglo XX", en *Ciencia, cyborgs y mujeres. La reinención de la naturaleza*, Cátedra, Madrid.

HABERMAS, J. (1989): “Modernidad: un proyecto incompleto”, en CASULLO, N. (ed.), *El debate modernidad posmodernidad*, Puntosur, Buenos Aires,

HAESBAERT, R. (2004): *El mito de la desterritorialización. Del fin de los territorios a la multiterritorialidad*. Siglo XXI, Madrid.

HARDT, M. e NEGRI, A. (1999): *Empire*, Harward University Press, Harward.

- HARVEY, D. (1969): *Explanation in Geography*. (Traducción castellano [1983]: *Teorías leyes y modelos en Geografía*. Alianza Editorial, Madrid)
- (1973): *Social Justice and the City*. Oxford, Blackwell. (Traducción castellano [1977]: *Urbanismo y desigualdad social*, Siglo XXI, Madrid).
 - (1981): "La solución espacial: Hegel, Von Thunen y Marx". En Revista *Antipode*, Willie-Blackwell, Hoboken, New Jersey.
 - (1985): *The Limits to Capital*. Oxford, Blackwell. (Traducción castellano [1990]: *Los límites del capital y la teoría marxista*. Fondo de Cultura Económica, México).
 - (1989): *The Urban Experience*. Oxford, Basil Blackwell.
 - (1989): *The Condition of Postmodernity: an enquiry into the origins of cultural change*. Oxford, Blackwell. (Traducción castellano [1998]: *La condición de la postmodernidad: investigación sobre los orígenes del cambio cultural*. Amorrortu Editores, Buenos Aires).
 - (1996): "Acumulación flexible, prácticas espaciales e clases sociais". En PETSIMERIS, P. (dir.): *As redes urbanas: unha nova xeografía das cidades*. Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.
 - (1996): *Justice, nature and the Geography of Difference*, Blackwell, Oxford.
 - (1998): "Espais d'insurrecció". En *Subcultura i homogeneïtzació*, Fundació Antoni Tàpies, Barcelona.
 - (1998): *Spaces of Hope*. Edinburg University Press, Edimburg. (Traducción castellano [2007]: *Espacios de esperanza*. Akal, Cuestiones de Antagonismo, Madrid).
 - (1999): "Los espacios de utopía (I)". Revista *Mientras tanto*, nº 75, otoño, Fundación Giulia Adinolfi--Manuel Sacristán e Icaria Editorial, Barcelona.
 - (2000): "Los espacios de utopía (II)". Revista *Mientras tanto*, nº 76, invierno, Fundación Giulia Adinolfi--Manuel Sacristán e Icaria Editorial, Barcelona.
 - (2000): "Reinventar la Geografía", *New left Review*, nº 5, noviembre-diciembre, Akal, Barcelona.
 - (2001): *Spaces of Capital*. Edinburg University Press, Edimburg. (Traducción castellano [2007]: *Espacios del Capital: hacia una geografía crítica*. Akal, Cuestiones de Antagonismo, Madrid).
 - (2002): "Memories and Desires". En *Geographical Voices*, Syracuse University Press, Syracuse.
 - (2003): *The new imperialism*. Oxford University Press, Oxford. (Traducción castellano [2004]: *El nuevo imperialismo*. Akal, Cuestiones de Antagonismo, Madrid).
 - (2006): *Spaces of Global Capitalism*. Oxford, University Press, Oxford.
 - (2009): *Cosmopolitanism and the Geographies of Freedom*. Oxford, University Press, Oxford.
 - (2010): *The Enigma of Capital and the Crises of Capitalism*. Oxford, University Press, Oxford. (Traducción castelán [2012]: *El enigma del capital y las crisis del capitalismo*. Akal, Cuestiones de Antagonismo, Madrid).

- (2012): *Rebel Cities. From the Right to the City to the Urban Revolution*. Verso Books, New York. (Traducción castellano [2013]: *Ciudades Rebeldes. Del derecho a la ciudad a la revolución urbana*. Akal, Pensamiento Crítico, Madrid)

HERN, W. M. (1990): "Why are so many of us? Description and diagnosis of a planetary ecopatological process". En *Population and Environment. A Journal of Interdisciplinary Studies*, nº 16.

HOBBSAWM, E. (1998): *La era del capital, 1848-1875*. Crítica, Barcelona.

- (2003): *La era de la revolución, 1789-1848*. Crítica, Barcelona.

INDOVINA, F. (Coord.). *La ciudad de baja densidad: lógicas, gestión y contención*. Barcelona: Diputación de Barcelona, 2007.

INNERATY, D. (2004): *La sociedad invisible*. Espasa Libros, Madrid.

ISARD, W. (1956): *Location and Space-economy; a General Theory Relating to Industrial Location, Market Areas, Land Use, Trade, and Urban Structure*. Cambridge: Published jointly by the Technology Press of Massachusetts Institute of Technology and Wiley

JABLONSKI, (2005): "Mass extinctions and macroevolution". En *Paleobiology*, nº 31, Paleontological Society.

JACOBS, J. (1985): *Las ciudades y la riqueza de las naciones*. Editorial Ariel, Barcelona.

JAMESON, F. (1991): *El posmodernismo o la lógica cultural del capitalismo avanzado*. Paidós, Barcelona. (Or. *Postmodernism, or, The cultural Logic of Late Capitalism*, 1984).

- (1996): *Teoría de la postmodernidad*. Editorial Trotta, Madrid.

- (2000): "Arquitectura, idealismo y especulación inmobiliaria". En *New left review*, nº 0, enero/febrero, Ediciones Akal, Madrid.

- (2001): *Las semillas del tiempo*. Manantial, Madrid.

- (2003): "La ciudad futura". En *New left review*, nº21, xullo/agosto, Edicións Akal, Madrid.

- (2012): *El postmodernismo revisado*. Abada Editores, Madrid.

JAMESON, F. y ZIZEK, S.: *Estudios culturales. Reflexiones sobre el multiculturalismo*. Paidós, Barcelona, 1998.

JAPPE, A. (1993): *Guy Debord*, Anagrama, Barcelona.

- JONHSON, J.H. (1974): *Geografía Urbana*. Oikos-Tau, Barcelona.
- JOHNSTON, R. J. et alt (eds.): *Diccionario Akal de Geografía Humana*, 2000, Akal, Madrid.
- KENNEDY, P. M. ([1995] 2006): *Auge y caída de las grandes potencias*. Debolsillo, Madrid.
- KEUCHEYAN, R. (2013): *Hemisferio izquierda. Un mapa de los nuevos pensamientos críticos*. Siglo XXI, Madrid.
- KIRBY, K. (1996): “Re: Mapping Subjectivity. Cartographic vision and the limits of politics”, en N. Duncan (Ed.) *BodySpace*. Londres e Nova York, Routledge.
- KNEALE, J. (1998): “Landscapes, Texts and Scriptural Imperialism”, www.geog.sussex.ac.uk/grc/ResearchPapers/Paper33.pdf
- LAGOPOULOS, A. P. (1993): «Postmodernism, geography, and the social semiotics of space», *Environment and Planning D: Society and Space*, 11
- LECHTE, J. (2000): *50 pensadores contemporáneos esenciales*. Ediciones Cátedra, Madrid.
- LEFEBVRE, H. (1970): *La révolution urbaine Paris*. Gallimard, Collection Idées. (Traducción: *La Revolución Urbana*; Madrid: Alianza Editorial, 1972).
- (1972): *El pensamiento marxista y la ciudad*. Ediciones Coyoacan, México.
- (1974): *La production de l'espace*, Anthropos, París. (Traducción: *La producción del espacio*. Capitán Swing, Madrid, 2013).
- LIZANCOS, P. (2005): *A casa contemporánea en Galicia*. COAG, Santiago de Compostela.
- LLANA, C. e CASAL, R. (1999): "Acerca de la protección de los bienes arqueológicos no incluidos en el inventario general del Patrimonio cultural de Galicia". En *Gallaecia*, nº 18, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.
- LLOVET, J. (2011): *Adios a la Universidad. El eclipse de la humanidades*. Galaxia Gutenberg, Barcelona.
- LOIS GONZÁLEZ, R. C. (1993): “Problemas para a delimitación dos espazos urbanos e rurais”, en Asociación Galega de Historiadores, *Concepcións espaciais e estratexias territoriais na Historia de Galicia*, Santiago de Compostela.
- (1996): “As transformacións socioeconómicas e espaciais recentes nas antigas comunidades

- campesiñas”, en RODRÍGUEZ CASAL, A. (Coord.): *Humanitas. Estudos en Homenaxe ó Prof. Dr. Carlos Alonso del Real*. Vols. I e II. Universidade de Santiago de Compostela.
- (1999a): “El geógrafo urbano frente a la crisis actual”. En III Coloquio de Xeografía Urbana da AGE, Biblioteca Virtual Universal.
- (1999b): “Revitalización económica y desarrollo urbano reciente de Santiago de Compostela. Análisis de un proceso”, en CAMPESINO FERNÁNDEZ, A.J. (Coord.): *Comercio, turismo y cambios funcionales en las ciudades españolas patrimonio de la humanidad*. Cámara Oficial de Comercio e Industria de Cáceres. Cáceres.
- (2004): “Estructura territorial de Galicia”, en RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R. (Dir.): *Os concellos galegos para o século XXI. Análise dunha reestructuración do territorio e o goberno local*. IDEGA-Universidade de Santiago. Santiago de Compostela.
- (2012): “De la ciudad a la postmetrópoli”. En GÓMEZ-MONTERO, J., BISCHOFF, C. J. e ABUÍN, A.: *Ciudades Europeas: imaginarios culturales ante la globalización*. Ludwig, Kiel.
- LOIS GONZÁLEZ, R. C. e ALDREY VÁZQUEZ, J. A. (2010): “El problemático recorrido de la ordenación del territorio en Galicia”. *Cuadernos Geográficos. El estado de la Ordenación del Territorio en España*, Universidad de Granada.
- LOIS, R. C. (coord.), GONZÁLEZ, J. M, e ESCUDERO, L. A. (2012): *Los espacios urbanos. El estudio geográfico de la ciudad y la urbanización*. Siglo XXI, Madrid.
- LOIS, R. C. e MIRAMONTES, A. (eds.) (2014): *Reflexiones sobre las ciudades y el sistema urbano en tiempos de crisis*. Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.
- LOIS GONZÁLEZ, R. C. e PAZOS OTÓN, M. (coords.) (2010): “Territorio. Unha interpretación actual desde a xeografía”. *Informe Galicia 2010*. Atlántica de Información e Comunicación de Galicia E Tempos Novos. Santiago.
- LOIS, R. C. e PINO, D. (coords.) (2015): *A Galicia Urbana*. Editorial Xerais, Vigo.
- LÓPEZ FACAL, X. (2010): “O perfil da economía galega, una proposta de descrición cifrada”, en VV.AA, *Informe Galicia 2010*. Atlántica, Santiago de Compostela.
- LÓPEZ GONZÁLEZ, A. (2015): “O impacto da crise nas cidades galegas: a readaptación do tecido produtivo”. En LOIS, R. C. e PINO, D. (coords.) (2015): *A Galicia Urbana*. Editorial Xerais, Vigo.

LÓPEZ GONZÁLEZ, F. J. (2010): "A paisaxe e a biodiversidade". En *Cerna: Revista galega de ecoloxía e medio ambiente*, nº 62, ADEGA, Santiago de Compostela

LÓPEZ TRIGAL, L. (1985): "Las fases del pensamiento geográfico siguiendo como base el esquema de Olavi Granö". En *Estudios Humanísticos. Geografía, Historia y Arte*, nº 7, Universidad de León, León.

LORENZO, M. (2007): "Galicia en liquidación: heridas no mapa antropológico". En *Grial: revista galega de cultura*, nº 176, Editorial Galaxia, Vigo.

LÖSCH, A. (1954): *The Economics of Location*. Yale University Press, New Haven.

LUXEMBURG, R. (1912): *La acumulación del capital. Estudio sobre la interpretación económica del imperialismo*. Edicions Internacionals Sedov.

LYOTARD, J. F. (1984): *The postmodern condition*, Blackwell, Manchester.

- (2001): *La posmodernidad: explicada a los niños*. Gadisa Editorial, Barcelona.

MANDEL, E. (1972): *El capitalismo tardío*. Edicións Era, Mexico.

MARGALEF, R. (1991): *Teoría de los sistemas ecológicos*. Universidad de Barcelona, Barcelona.

- (1992): *Planeta azul, planeta verde*. Prensa Científica SA. Barcelona.

- (1995): "La ecología, entre la vida real y la física teórica". En *Investigación y Ciencia*, Madrid.

- (2005): "Acelerada inversión en la topología de los sistemas epicontinentales humanizados". En GUTIÉRREZ, A. e NAREDO, J. M.: *La incidencia de la especie humana sobre la faz de la tierra (1955-2005)*, Universidad de Granada, Granada.

MARTÍ GILABERT, F. (2003): *La desamortización española*. Rialp, Madrid

MARTÍNEZ, E. (2001). "Centros históricos en perspectiva. Observaciones sociológicas al análisis y la planificación territorial". En *Revista Catalana de Sociología*, nº14, Barcelona.

MARX, K. (1998) (1848): *O manifesto comunista*. Abrente Editora, Santiago de Compostela.

- (2000) (1863): *El capital*. 8 vols., Akal, Madrid.

McANANAY, P. e YOFFE, N. (Dirs.) (2010): *Questioning Collapse. Human Resilience, Ecological Vulnerability and the Aftermath of Empire*. Cambridge University, Cambridge.

McNEILL, J. (2000): *Something new under the sun: An environmental History of the Twentieth-Century World*. W. W. Northon&Company, New York.

MESEJO GONZÁLEZ, C. (1990): “Crónica dunha cuasi década: a Sociedade Galega de Xeografía. Das primeiras xornadas de didáctica da xeografía a reforma que nos ven”. en *Terra*, núm. 3, Santiago, Sociedade Galega de Xeografía.

MINCA, C. (Ed.) (2001): *Postmodern Geography. Theory and Praxis*, Oxford, Blackwell.

MÓDENES, J. A. (2007): “Movilidad espacial. Uso temporal del territorio y poblaciones vinculadas”. En *Actas del X Congreso de la Población Española: “Migraciones, movilidad y territorio”*. Centre D’Estudis Demogràfics, Barcelona.

MUÑOZ, F. (2010): *Urbanización. Paisajes comunes, lugares globales*. Editorial Gustavo Gili e Observatori de la Urbanització, Barcelona.

NÁRDIZ ORTIZ, C. (1992): *El territorio y los caminos en Galicia*. Colegio de Ingenieros de Caminos, Canales y Puertos; Xunta de Galicia

- (2008): *La construcción de los bordes de las carreteras en Galicia*. Universidad de A Coruña; Xunta de Galicia, Santiago de Compostela

NAREDO, J.M. (2004): *La evolución de la agricultura en España (1940-2000)*. Universidad de Granada

- (2010): *Raíces económicas del deterioro ecológico y social. Más allá de los dogmas*. Akal, Siglo XXI, Madrid.

NAREDO, J. M., CARPINTERO, O. e MARCOS, C. (2002): “Los aspectos patrimoniales en la coyuntura económica actual: nuevos datos e instrumentos de análisis”. En *Cuadernos de Información Económica*, nº 186, Fundación de las Cajas de Ahorro, Madrid.

- (2004): “Hacia un equilibrio menos vulnerable”. En *Bolsa de Madrid*, nº 127, Sociedad Rectora de la Bolsa de Valores de Madrid, Madrid.

- (2005): “El patrimonio en vivienda y su distribución regional”. En *Cuadernos de Información Económica*, nº 186, Fundación de las Cajas de Ahorro, Madrid.

NEGRI, A. (2003): *Del retorno. Abecedario biopolítico*. Debate, Barcelona.

NELLO, O (ed.) (2003): *Aquí no! Els conflictes territorials a Catalunya*. Empúries, Barcelona

NIEMEIER, G. (1945): “Tipos de población rural en Galicia”. En *Estudios Geográficos*, CSIC, nº 19, Madrid.

NOGUÉ, J. (1998): *Nacionalismo y territorio*. Editorial Milenio, Lleida.

NOGUÉ, J. e ROMERO, J. (Eds.) (2006): *Las otra geografías*. Tirant lo Blanch, Madrid.

ÓNEGA LÓPEZ, F. (2015): “Terra e Territorio na Galiza: o movemento que agocha o inmóvil”. En *Cultivar-Cadernos de Análise e Prospectiva*; vol 2, IFAP, Ministério da Agricultura e do Mar, Lisboa.

ORTEGA VALCÁRCEL, J. (2000): *Los horizontes de la Geografía*, Editorial Ariel, Barcelona.

OTERO PEDRAYO, R. (1928): *Os camiños da vida*. Editorial Nós, Santiago de Compostela.
- (1954): *Ensaio sobor da paisaxe galega*. Editorial Galaxia, Vigo.

PAQUOT, T., YOUNÈS, C. (Dir.) (2009): *Le territoire des philosophes. Lieu et espace dans la pensée au XXe siècle*, París, La Découverte.

PEET, R. (1977): *Radical Geography: Alternative Viewpoints on Contemporary Social Issues*. Methuen Publishing, London.
- (1998): *Modern Geographical Thought*. Blackwell, Oxford.

PÈLASCH, A., SORIANO J. M., e TULLA, A. F. (2008): “Paisajes agrarios”, en BUSQUETS, J. e CORTINA, A. (2008): *Manual de gestión del paisaje*, Editorial Ariel, Barcelona.

PEÑÍN, A. (2006): *Urbanismo y crisis. Hacia un nuevo planeamiento general*. Ediciones Generales de la Construcción, Valencia.

PÉREZ ALBERTI, A. (1979): *Xeografía de Galicia*. Editorial Santillana, Madrid.

PETSIMERIS, P. (dir.) (1996): *As redes urbanas: unha nova xeografía das cidades*. Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.

PINO, D. *et al* (2010): *Apuntamentos sobre a problemática da ordenación do territorio en Galiza*. IGEA

PINO, D.; BARROS RIVAS, X.; SÁNCHEZ, E.; PÉREZ, M. 2010. “Apuntamentos sobre a problemática da ordenación do territorio en Galicia”, *Revista do Instituto Galego de Estudos Europeos e Autonómicos*, IGEA, nº2, Santiago de Compostela.

PINO, D. e PORTELA, C. (2000): “A Galiza entendida como síntese do rural e o urbano: apontamentos para um debate necessário”. En *Para unha Galiza independente*. Abrente Editora, Santiago de Compostela.

PIÑEIRA, M. J. e SANTOS, X. M. (coords.) (2011): *Xeografía de Galicia*. Editorial Xerais, Vigo.

PRECEDO LEDO, A. (1995): *Geografía humana de Galicia*. Oikos-Tau, Barcelona

PRESEDO GARAZO, A. (2008): *A fidalguía galega. Estudos sobre a reprodución social dos fidalgos na Galicia Moderna*. Lóstrego Edicións, Vigo.

PRIGOGINE, I. (1983): *¿Tan sólo una ilusión? Una exploración del caos al orden*. Tusquets, Barcelona.

PUENTE LOZANO, P. (2009): “Lugar, narratividad y conocimiento geográfico”, en FERIA, J. M., GARCÍA, A. e OJEDA, J. (Eds.). *Territorios, sociedades y políticas*, Universidad Pablo de Olavide-AGE, Sevilla.

- (2011): “La reconstrucción de los enfoques críticos contemporáneos y el rol del espacio. Una visión desde la Geografía”, *Documents D'Anàlisi Geogràfica*, Universitat Autònoma de Barcelona, Barcelona.

QUANI, M. (1979): *La construcción de la geografía humana*. Oikos-Tau, Madrid.

QUESADA, S. (1978): “La Teoría de los Sistemas y la Geografía Humana”. En *Geocrítica*, año III, nº 17, Universidad de Barcelona, Barcelona.

RACINE, J. B. (1978): “Discurso geográfico y discurso ideológico: perspectivas epistemológicas”. *Geocrítica*, año III, número 13, Barcelona.

RALLO ROMERO, A. (ed.) (2003): *Un mundo para todos: otra globalización es posible*. Editorial Icaria, Colección Más Madera, Barcelona.

RECLÚS, E. (1980): *La geografía al servicio de la vida*. Colección Nadir, Barcelona.

RODRÍGUEZ, L. e LEÓNIDAS, J. (2011): “Teorías de la Complejidad y Ciencias Sociales. Nuevas estrategias epistemológicas y metodológicas”. En *Nómadas. Revista Crítica de Ciencias Sociales y Jurídicas*, nº 30, Universidad Complutense de Madrid, Madrid.

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R. (1999): *De aldeas a ciudades*. Ir indo, Vigo
- (dir.) (2004): *Os concellos galegos para o século XXI. Análise duna reestructuración do territorio e do goberno local*, Universidade de Santiago de Compostela, IDEGA, Santiago de Compostela.

ROMERO, J. (2009): *Geopolítica y gobierno del territorio en España*. Tirant lo Blanch, Valencia

ROSE, M. (2006): “Gathering ‘dreams of presence’: a project for the cultural landscape”, *Environment and Planning D: Society and Space*, 24.

RUEDA, S. (1995): *Ecología urbana. Barcelona i la seva regió metropolitana com a referents*. Beta, Barcelona.

SACK, R. D. (1986): *Human territoriality. Its theory and history*. Cambridge University Press, Cambridge.

SAID, E. W. (2001): *Cultura e imperialismo*. Editorial Anagrama, Barcelona.

SÁNCHEZ HERNÁNDEZ, J.L. (2003): *Naturaleza, localización y sociedad. Tres enfoques para la geografía económica*. Universidad de Salamanca, Salamanca.

SAMPEDRO, J.L. (2009): *Economía humanista : algo más que cifras*, Debate, Madrid.

SANTOS, M. (1990): *Por una Geografía nueva*, Espasa Universidad, Madrid.

- (1996): *Metamorfosis del espacio habitado*, Oikos-Tau, Barcelona.

SANTOS SOLLA, X. M. (1999): “Xeografía e Nacionalismo en Galicia”, en: *Profesor Joan Vilà Valentí. El seu mestratge en la geografia universitaria*. Universitat de Barcelona, Barcelona.

- (2002): "Espacios disidentes en los procesos de ordenación territorial". *Documents d'Anàlisi Geogràfica*, nº 40, Universitat Autònoma de Barcelona, Universitat de Girona, Barcelona.

- (2004): “A poboación galega, algo máis que unha crise demográfica”. En *Grial: revista galega de cultura*, nº 162, Editorial Galaxia, Vigo.

SASSOON, D. (2002): "Acerca de los mercados culturales". En *New left review*, nº17, novembro/diciembre, Edicións Akal, Madrid.

SCHWARZ, R. (2002): "Ciudad de Dios". En *New left review*, nº12, xaneiro/febreiro, Edicións Akal, Madrid.

SELFA CLEMENTE, J. I. (2002): "Los espacios de la cultura en las políticas de transformación urbana de la ciudad neoliberal". *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, nº 34, Madrid.

SERVINGE, P. e STEVENS, R. (2015): *Comment tout peut s'effondrer*. Seuil, París.

SIMONSEN, K. (2004). «Differential Spaces of Critical Geography». *Geoforum*.

SMITH, N. e KATZ, C. (2000): *Globalización: transformaciones urbanas, precarización social y discriminación de género*. Universidad de La Laguna, La Laguna.

SOJA, E. (1989): *Postmodern geographies : the reassertion of space in critical social theory*, Londres, Verso.

- (1996): *Thirdspace. Journeys to Los Angeles and Other Real-and-Imagined Places*, Malden, Oxford: Blackwell.

- (1997): «Six Discourses on the Postmetropolis», en S. Westwood y J. Williams (Eds.): *Imagining Cities. Scripts, Signs, Memory*. Londres y Nueva York, Routledge.

- (2000 [2008]): *Postmetrópolis. Estudios críticos sobre las ciudades y las regiones*, Traficantes de Sueños, Madrid.

- (2005): "Mesogeografías: sobre los efectos generativos de las aglomeraciones urbanas". En Benach, N. y Albet, A. (2010): *Edward W. Soja. La perspectiva postmoderna de un geógrafo radical*. Icaria, Barcelona.

- (2006): «Cityscapes as cityspaces», en C. Lindner (Ed.): *Urban Space and Cityscapes. Perspectives from modern and contemporary culture*. Londres y Nueva York, Routledge.

SOLÁ MORALES, M. (1997): *Las formas del crecimiento urbano*. UPC, Barcelona.

SOURY, P. (1971): *El marxismo después de Marx*. Ediciones Península, Barcelona.

SOUSA SANTOS, B. (2008): *Reinventar la democracia, reinventar el estado*. Editorial Sequitur, Madrid.

SOUTO GONZÁLEZ, X. M. (1983): "Por un ensino crítico: a Xeografía da Percepción e do comportamento" en *Terra*, núm. 1, Santiago, Sociedade Galega de Xeografía.
- (1988): *A Xeografía humana*, Vigo, Galaxia.

STONOR, F. (2001): *La Cía y la guerra fría cultural*. Editorial Debate, Madrid.

TAIBO, C. (2010): *Decrecimiento, crise, capitalismo*. Estaleiro Editora, Porto.
- (2016): *Colapso. Capitalismo terminal, transición ecosocial, ecofascismo*. Editorial La Catarata, Madrid.

TAINTER, J. A. (2006): *The Collapse of Complex Societies*. Cambridge University Press, New York & Cambridge.

TAYLOR, P. J. (1977): "El debate cuantitativo en la Geografía Británica". *Geocrítica*, año I, número 10, Barcelona.

TAYLOR, V. E. e WINQUIST, Ch. E. (2002): *Enciclopedia del posmodernismo*. Editorial Síntesis, Madrid.

TERÁN, F. de (1999): *Historia del urbanismo en España III. Siglos XIX-XX*. Ediciones Cátedra, Madrid.

TORRES LÓPEZ, J. (2000): *Economía política*. Pirámide, Madrid

TORRES LUNA, M^a. P. de e LOIS GONZÁLEZ, R. C. (1999): "Lectura geográfica de los espacios rurales y el mundo campesino en Galicia. Estado de la cuestión". En *Profesor Joan Vilà Valentí. El seu mestratge en la geografia universitaria*. Universitat de Barcelona, Barcelona.

TROITIÑO VINUESA, M. A. (1992): *Cascos antiguos e centros históricos: problemas, políticas y dinámicas urbanas*. Centro de Publicaciones, Ministerio de Obras Públicas y Transportes, Madrid.

UNWIN, T. (1995): *El lugar de la Geografía*, Cátedra, Madrid.

VENCE, X. (2005): *O fracaso neoliberal en Galiza. Reconstruír a sociedade e o país*. Promocións Culturais Galegas, Vigo.

- (Dir.) (2007): *As necesidades empresariais de solo produtivo en Galicia 2006-2015 e programas de actuacións estratéxicas en solos produtivos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Instituto Galego de Vivenda e Solo.

VILLARES, R. (1982): *La propiedad de la tierra en Galicia 1500-1936*. Siglo XXI, Madrid.
- (2004): *Historia de Galicia*. Galaxia, Vigo.

VIRILIO, P. (1988): *Estética de la desaparición*. Anagrama, Barcelona.

WALLERSTEIN, I. (1979): *El moderno sistema mundial*. Siglo XXI, Madrid.
- (2012): *El capitalismo histórico*. Siglo XXI de España, Madrid

WILLIAMS, R. (1997): *Marxism and Literature*. Oxford University Press, Oxford.

WOLF, E.(1987): *Europa y la gente sin historia*. Fondo de Cultura Económica, México, (Or. 1982).

ZIZEK, S. (2003): *Ideología. Un mapa de la cuestión*. Fondo de Cultura Económica, Buenos Aires

ZUSMAN, P. (2011): "Reseña de Edward Soja. La perspectiva postmoderna de un geógrafo universal de BENACH, n. y ALBET, A.". En *Investigaciones geográficas*, nº 74, Instituto Interuniversitario de Geografía, Universidad de Alicante, Alicante.